serie informes anuais / 26

A Economía Galega

Informe 2011

novagalicia banco

fundación novacaixagalicia

A Economía Galega

Informe 2011

novagalicia banco

fundación novacaixagalicia

A Economía Galega

Informe 2011

novagalicia banco

fundación novacaixagalicia

Este informe realizouse coa colaboración do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela

Fundación Novacaixagalicia - Claudio San Martín, 2012

Deseño e produción: uqui **IIIII** cebra
Imprime: Alva Gráfica

ISSN: 2171-8830
Depósito legal: C 1832-2011

Equipo realizador

Dirección

Alberto Meixide Vecino

Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA

Membros

Juan J. Ares Fernández ■ Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA

Roberto Bande Ramudo ■ Universidade de Santiago de Compostela

Adrián Blanco Estévez ■ Economista

Cristina Calvo Santos ■ Economista

Manuel Fernández Grela ■ Universidade de Santiago de Compostela

Aureliano García González-Llanos ■ Economista

Xan López Facal ■ Economista

Edelmiro López Iglesias ■ Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA

Dolores Martínez Martínez ■ Fundación Novacaixagalicia

Fidel Martínez Roget ■ Universidade de Santiago de Compostela

Luis Otero González ■ Universidade de Santiago de Compostela

Xulio X. Pardellas de Blas ■ Universidade de Vigo

Miguel Pousa Hernández ■ Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA

Bernardo Valdés Paços ■ Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Anxo Vázquez Taín ■ Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Vilas Fernández ■ Universidade de Santiago de Compostela

Colaborador

Manuel López Sande

Versión galega

Ana Suárez Piñeiro

Índice

13 *Presentación*

15 **Introdución**

37 **I. Mercado de traballo**

46 Actividade
50 Ocupación
62 Desemprego
68 Prezos e salarios

71 **II. Agricultura**

73 Algúns acontecementos relevantes en 2011
85 Os datos do censo agrario de 2009; balance da dinámica estrutural da agricultura galega nas décadas recentes
92 As tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2010)
101 A conxuntura do sector en 2011: unha visión global
107 Evolución da produción
114 Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores
117 Poboación ocupada
119 Consumos intermedios
124 Amortizacións (consumo de capital fixo)
126 Censos gandeiros

135 **III. Pesca e marisqueo**

137 **III.1. Pesca**
137 Introdución
138 Avaliación de impactos en Galicia das opcións da reforma da PPC
141 Frota pesqueira
148 Produción pesqueira
150 Xestión e conxuntura das pesqueiras de interese para a frota galega
156 A proposta comunitaria para a reforma da Política Pesqueira Comunitaria

159 **III.2. Marisqueo**
159 Introdución. As modificacións na Lei de Pesca
160 A campaña marisqueira 2010. Normativa
161 Resultados da campaña

173 **IV. Industria**

175 **IV.1. A industria galega**
175 O comportamento da industria galega en 2010 e 2011
202 Crónica sectorial
248 O investimento estranxeiro declarado no *Rexistro de Investimentos* en Galicia
255 O investimento galego no exterior declarado no *Rexistro de Investimentos*

265 **IV.2. A política industrial**
265 A incidencia da política rexional comunitaria en 2011
275 A política da Administración central aplicada en Galicia
290 A política industrial da Administración autonómica

317 **V. Construción**

319 Introdución
324 Vivenda
337 Demanda pública de obras

341 **VI. Servizos**

343 Introdución
350 Turismo
379 Os transportes
395 O comercio

407 **VII. Sector financeiro**

409 O contexto exterior do sistema bancario galego en 2011
412 A evolución do sector bancario galego en 2011
416 O comportamento dos grupos bancarios galegos no ano 2011
417 Os intermediarios financeiros non bancarios

437 **VIII. Sector público**

439 Introdución
439 O sector público autonómico galego
485 O sector público local galego
489 O sector público estatal en Galicia

Presentación

Na edición anterior do informe anual de *A Economía Galega* comezabamos celebrando o vinte e cinco aniversario desta publicación, xa senlleira, para o eido da economía en Galicia. Logo dun cuarto de século achegando anualmente estudos en que se constataba o crecemento notable da nosa economía, tivemos que presentar un dos números máis complicados da historia deste anuario, posto que nel se describía, como no podía ser doutro xeito, a complexa conxuntura económica do país.

Os datos que se recollen logo de valorar o comportamento dos diferentes axentes implicados na mesta rede económica e financeira, tanto en Galicia como en España, permiten que os colaboradores deste novo número de *A Economía Galega* acheguen, a partir das súas conclusións, as posibles derivas dos sectores produtivos en Galicia. Resulta rechamante comprobar como, hoxe en día e por causas de todos coñecidas, os informes relativos á economía causan un forte impacto no conxunto da sociedade. As previsións de tipo financeiro xa non atinxen en exclusiva a un grupo minoritario, senón que os balances bancarios ou o comportamento dos investimentos na Bolsa pasaron a ser, desde o ano 2008, informacións prioritarias para o público xeral, mergullado desde esa data nas diferentes mareas provocadas polas inestabilidades financeiras que se veñen constatando desde crise das chamadas hipotecas *subprime.* A terminoloxía económica, patrimonio case exclusivo dos coñecedores desta materia, forma parte hoxe en día da linguaxe que adoito se sente nos medios de comunicación xenéricos, non xa só nos especializados. Os cambios que a sociedade veu experimentando nestes últimos catro anos co gallo da crise económica a nivel mundial merecen, sen dúbida, ser estudados, pois implican mudanzas sociolóxicas relevantes con ramificacións en todas as ordes da vida cotiá. Así, por exemplo, estase comprobando, a raíz das diferentes enquisas encargadas polos organismos estatais e autonómicos, como as principais preocupacións da cidadanía están centradas en cuestións de tipo financeiro e económico.

Pola súa banda, Galicia asentou nos últimos vinte e cinco anos unha serie de cambios estruturais que implican unha variación drástica de modelo con respecto ao que presentaba a finais dos anos oitenta. Por sectores, houbo un abandono extraordinario no primario, posto que tanto a gandería, como a agricultura e mais a pesca viron reducido por dez o seu capital humano, deixando de ser, xa que logo, o sector fundamental tocante aos niveis económico e ocupacional. Resulta importante destacar que a falta de estabilidade no crecemento dos sectores produtivos galegos supón unha diminución, como era previsible, da demanda laboral e, polo tanto, un aumento das taxas de

desemprego, aínda que ao longo de 2011 estas foron inferiores ás da media do Estado. No entanto, o declive demográfico de Galicia provoca que o seu número de habitantes sexa, hoxe en día, lixeiramente inferior ao de hai vinte e cinco anos, reflectindo un dato preocupante que parece indicar a permanencia desta liña descendente que pouco pode contribuír a mellorar as capacidades produtivas do país.

Como cada ano, o informe quere achegar unha fonte de información económica que poida ser empregada para a valoración de tendencias e a consideración de previsións. A partir dos resultados obtidos no pasado ano, os especialistas nas diversas áreas económico-financeiras que participan nesta publicación ofrecen as conclusións a que son conducidos tras unha análise minuciosa de todos os datos que nas páxinas a seguir se recollen.

Nun momento en que as disciplinas ligadas á economía acaparan gran parte do interese dos medios e da poboación, Novacaixagalicia quere poñer ao alcance das persoas interesadas esta nova edición do informe da economía galega para seguir cumprindo cos seus obxectivos fundacionais de promover a difusión do coñecemento e da cultura en Galicia. Tras todos estes anos de firme compromiso con estes principios, é unha honra achegar o número vinte e seis de *A Economía Galega*.

Fundación Novacaixagalicia

Introdución

Economía internacional

En 2011 a economía mundial desacelerou o seu crecemento económico ata o 3,9% desde o 5,3% do ano anterior, segundo o FMI (Fondo Monetario Internacional). O menor ritmo de actividade económica evidencia a persistencia de importantes vulnerabilidades que se arrastran desde o comezo da crise no ano 2008, e que impiden un relanzamento sólido e sostido da actividade económica no mundo. Do mesmo xeito que nos anos anteriores, resulta necesario destacar a dualidade no comportamento das distintas rexións económicas, e a acentuación do diferencial de crecemento entre os países OCDE e os países emerxentes e en desenvolvemento. As dificultades económicas afectaron principalmente á primeira economía do mundo, a Eurozona, e, en menor medida, a Estados Unidos. Os países emerxentes e en desenvolvemento, malia que desaceleraron suavemente as súas taxas de crecemento, continuaron sendo o motor económico global.

A Eurozona foi o principal foco de inestabilidade económica no mundo, en maior medida aínda que en 2010. O *default* de Grecia, Irlanda e Portugal e os preocupantes problemas que están atravesando as economías de Italia e España, en contraposición á robustez mostrada por Alemaña, poñen de manifesto a existencia dunha área monetaria con graves desequilibrios e cunha arquitectura institucional insuficiente. Pese a que a débeda pública e externa da Eurozona é inferior á de Estados Unidos ou Xapón, a ausencia dunha maior integración fiscal na UEM (Unión Económica e Monetaria) conduciu a que os mercados teñan seleccionado e diferenciado os países europeos que queren seguir financiando, quedando excluídos en certa medida os do sur de Europa por diferentes motivos sobradamente coñecidos. Neste complicado contexto, as medidas heterodoxas aplicadas polo Banco Central Europeo (BCE) en 2011, como a «barra libre» de liquidez ás entidades financeiras, a compra de bonos de países periféricos ou a redución do tipo de referencia ata o 1% (despois de subilo ata o 1,5% a mediados de ano), permitiron a Italia e España refinanciar a súa débeda pública nos mercados non sen certas complicacións.

No pasado ano a Eurozona avanzou un 1,4% (1,6% a Unión Europea), 5 décimas menos que en 2010, sendo a rexión económica mundial que rexistrou un menor crecemento económico, fóra de Xapón que se contraeu un 0,7% como resultado das consecuencias económicas do terremoto. As catro grandes economías da área rexistraron ritmos de crecemento desiguais: Alemaña (3,1%), Francia (1,7%), España (0,7%) e Italia (0,4%). O comportamento económico da Eurozona foi de máis a menos, o

avance foise esgotando conforme avanzaba o ano, e as principais economías da área contraéronse no último trimestre de 2011, debido á debilidade no consumo interno, á forte caída do investimento e ao axuste fiscal. Durante o presente exercicio a situación seguiu deteriorándose e en 2012 España, como se comentará máis adiante, converteuse no principal foco de tensión da economía europea.

Ao longo de 2011 produciuse un acendido debate nos círculos políticos e económicos europeos sobre a utilidade do agresivo axuste fiscal esixido por Bruxelas aos países membros, debido aos seus efectos negativos sobre o crecemento, e, xa que logo, sobre a capacidade de xerar ingresos fiscais. Cabe destacar que os países intervidos, así como Italia e España, levaron a cabo os fortes axustes esixidos pola Unión Europea, sendo a principal consecuencia un empeoramento do consumo, un incremento das taxas de paro e unha forte caída da recadación impositiva que danou severamente a capacidade de crecemento, o que, á súa vez, deixa estes países nunha situación máis vulnerable ante os mercados. En todo caso, a corrente que se aplicou na Eurozona en 2011 imposta por Alemaña, partidaria da ortodoxia, podería ser suavizada trala vitoria de François Hollande nas eleccións presidenciais francesas en maio de 2012.

En canto ás economías europeas en dificultades, Grecia (-6,9% segundo o FMI en 2011) continúa sendo a que se enfronta a maiores problemas e na que o custo social da crise resulta máis evidente. O segundo tramo de axuda ao país –que se viu acompañado dunha quita nominal nos bonos superior ao 50%– foi aprobado logo de longos e complicados debates parlamentarios, que implicaron novos recortes sobre o danado Estado de benestar grego. De continuar este proceso, Grecia podería alcanzar un nivel de débeda pública de «só» o 120% en 2020. Pola súa banda, a economía irlandesa retornou, catro anos despois, a taxas positivas de crecemento (0,7%) en 2011, o cal resulta significativo tendo en conta que se produciu nun contexto de forte axuste fiscal. A economía portuguesa, pola súa banda, logo de alcanzar un crecemento significativo en 2010, contraeuse un 1,5% en 2011. Portugal avanzou nas reformas estruturais (sobre todo no mercado laboral) e no axuste fiscal, incluíndo relevantes privatizacións, e actualmente se debate no país a necesidade dun segundo préstamo de rescate en 2013. Para rematar, Italia creceu un 0,4%, e, pese a gañar credibilidade co cambio de Goberno e coas reformas emprendidas, sitúase na primeira liña de debate dos mercados e prevese que caia novamente en recesión en 2012.

En Estados Unidos a actividade económica foi algo máis robusta que na Eurozona, e rexistrou un crecemento do 1,7%, o que en todo caso supón unha desaceleración desde o 3% correspondente a 2010. A economía norteamericana continúa realizando o seu proceso de axuste e o crecemento da actividade industrial, aínda que moderado, parece sólido. Desde o comezo da crise o sector financeiro *se desapalancó* por un monto próximo aos 3 billóns de dólares e o sector privado creou 4 millóns de postos de traballo. Pese a estes datos, o ritmo de crecemento está sendo menor do esperado, debido principalmente a que o desemprego continúa elevado (por riba do 8%), a que existe unha notoria falta de confianza por parte dos consumidores, a que o mercado inmobiliario segue paralizado, á caída da actividade económica en Europa e ao axuste fiscal que segue aos acordos de débeda tomados no Congreso. Para os próximos dous

anos estímase que a economía estadounidense creza por riba do 2%, o que continuaría ensanchando o seu *gap* de crecemento coa Eurozona.

En 2011, a crise económica nos países avanzados conduciu a unha aceleración do proceso de desprazamento do poder económico cara ás economías emerxentes, que concentraron o 85% do crecemento global. O dinamismo mostrado polo conxunto destas economías foi, con todo, menor que no ano anterior e os principais países reduciron o seu ritmo de crecemento. Pese a un contorno exterior complicado, no cal as economías altamente integradas coa Unión Europea seguirán desacelerando o seu crecemento, a solidez do cadro macroeconómico, a puxanza da demanda interna e os elevados prezos das materias primas levarán a estes países a continuar sendo o motor da economía mundial en 2012.

Asia emerxente avanzou un 7,8%, desde un 9,7% no ano anterior, pese ao cal continuou sendo, por undécimo ano consecutivo, a rexión económica de maior crecemento económico no mundo. O menor dinamismo mostrado pola actividade económica conduciu –xunto coa caída no prezo dos alimentos– a unha moderación das presións inflacionistas na maioría dos países, o que abre unha maior marxe de manobra para políticas fiscais e monetarias expansivas no curto prazo. En China, do mesmo xeito que no resto de países da rexión, a economía se desacelerou levemente polo impacto da conxuntura económica exterior pero mantivo unha certa robustez polo avance da demanda e polo investimento interno. Doutra banda, cabe destacar que o incremento da aver-

Gráfico 1.

Taxa de variación do PIB (en %)



sión ao risco predominante en 2011 provocou a saída de capitais e unha tendencia á depreciación das principais moedas da rexión, en especial a rupia india, o que tamén podería favorecer o crecemento a curto prazo vía exportacións dos dous países.

América Latina, pola súa banda, tamén viu reducir o seu crecemento económico, desde o 6,2% en 2010 ata o 4,5% en 2011, debido á menor entrada de capitais na rexión e ao impacto da crise europea, principal socio comercial e investidor da rexión. Non obstante, o cambio de réxime macroeconómico nos principais países da área, as acertadas políticas de inclusión social, as novas relacións comerciais e financeiras sur-sur e a enorme confianza empresarial sobre o futuro de países como Brasil, Colombia, Perú ou Chile, xeraron un grande avance en termos de renda e benestar na rexión durante os últimos anos. As economías emerxentes, con Asia e América Latina á cabeza, concentraban en 2011 un 36,2% da actividade económica no mundo, 16 puntos porcentuais máis que no ano 2000.

Gráfico 2.

Evolución do peso relativo do PIB por grandes territorios na economía mundial



O comercio mundial avanzou, segundo o FMI, un 5,8% en 2011, o que significa unha forte desaceleración despois do crecemento do 12,9% rexistrado en 2010, no que parecía que as operacións comerciais superaran definitivamente a crise económica. As exportacións creceron de xeito moderado en todas as rexións económicas mundiais excepto en Xapón (debido aos efectos do terremoto) e en África (debido ao conflito en Libia), e mostraron un maior dinamismo en China (9%) que nas economías avanzadas (6% Norteamérica e 5% Europa). As mercancías comportáronse mellor que os servizos, aínda que os dous rexistraron un lixeiro crecemento, e cabe destacar que o incremento no prezo das materias primas impulsou o volume exportador nas economías emerxentes, que concentraron un 47% das exportacións totais.

O Investimento Estranxeiro Directo (IED), pola contra, avanzou un 17%, ata os 1,5 billóns de dólares, recuperando os niveis anteriores á crise. O IED recibido incrementouse tanto en economías avanzadas como en desenvolvemento, malia que o volume de investimento nestas últimas foi o máis elevado desde que existe a serie histórica. O investimento rexistrado polos países OCDE debeuse principalmente a grandes operacións de fusión e adquisición e non a operacións novas ou de reinvestimento, polo que apenas se rexistrou un incremento de capacidade instalada nin de emprego por esta vía. Entre as economías emerxentes cabe destacar unha maior tendencia investidora cara a América Latina, que captou un 34% máis de IED que no ano anterior, fronte a Asia, rexión na que os fluxos de investimento avanzaron un 11%.

Respecto das previsións para 2012, o FMI prevé unha desaceleración de 4 décimas da economía mundial, ata o 3,5%, para chegar a un crecemento do 4,1% en 2013. A consolidación fiscal, a ausencia de confianza por parte dos axentes económicos e a persistencia na vulnerabilidade no sector financeiro levarán as economías avanzadas a un crecemento de tan só un 1,4% en 2012, ascendendo ata o 2% en 2013. O FMI tamén prevé un 2012 moi complicado para a Eurozona, que se contraería un 0,3% en 2012 para retornar a un leve crecemento do 0,9% en 2013. As economías emerxentes e en desenvolvemento, pola súa banda, avanzarían un 5,7% en 2012 e un 6% en 2013, empuxadas polos seus dous grandes motores, China (8,2% en 2012 e 8,8% en 2013) e India (6,9% en 2012 e 7,3% en 2013).

Economía española

A evolución da economía española durante o ano 2011 estivo caracterizada pola incapacidade para retomar unha senda de crecemento económico sostido como consecuencia da débil demanda nas economías avanzadas, da persistencia dos problemas nos mercados financeiros e, sobre todo, dos problemas económicos propios, que parecen ter empeorado desde que comezase a crise. Entre estes últimos, afectaron particularmente ao crecemento económico o estancamento da demanda interna privada, a lentitude no proceso de *desapalancamiento* do sector financeiro, o proceso de consolidación fiscal, a taxa de paro e a deterioración da confianza económica internacional, o que perpetuou as dificultades para captar financiamento desde o exterior.

O crecemento económico dun 0,7% en 2011 podería facer pensar que se trata do inicio da recuperación económica, xa que se produce logo da contracción en 2010 (-0,1%) e 2009 (-3,7%). Con todo, a evolución trimestral evidencia que o desempeño económico se foi debilitando a partir da segunda metade de 2011, confirmándose esa senda descendente co dato do primeiro trimestre de 2012. Ademais, o ritmo de crecemento económico do pasado ano estivo de maneira significativa por debaixo da media da Eurozona, que avanzou un 1,4%, ou de Estados Unidos, cuxa economía creceu un 1,7%, o que amplía o diferencial de crecemento (e renda) de España coas economías avanzadas.

A evolución do PIB polo lado da demanda reflicte unha menor demanda privada interna, debido principalmente á caída no investimento (-5,5%) e á contracción do gasto público (-2,2%), non compensado polo consumo dos fogares (-0,1%). O principal aspecto positivo é que o sector exterior continuou rexistrando unha achega positiva ao PIB, que en 2011 alcanzou os 2 puntos porcentuais, debido á recuperación mostrada polas exportacións (9%) e á debilidade importadora (-0,1%). Respecto do sector público cabe destacar que o axuste iniciado polo Goberno do Partido Socialista tivo continuidade a partir de que o Partido Popular chegase ao Goberno. O proceso de consolidación fiscal tomou unha enorme relevancia, ao constituír o principal compromiso adquirido polo Executivo español ante a Unión Europea. Neste sentido cabe

destacar que o conxunto das administracións públicas pechou 2011 cun déficit do 8,5%, o que supón un desvío adicional respecto do anunciado polo Goberno, e que se produciu principalmente debido á caída na recadación fiscal e ao menor compromiso coa consolidación fiscal dalgunhas comunidades autónomas e concellos. Con estes datos, España foi o terceiro país da Unión Europea con maior déficit, só por detrás de Irlanda e Grecia.

Polo lado da oferta cabe destacar un leve avance de todas as ramas de actividade, a excepción do sector construtor, aínda que os principais sectores económicos foron de máis a menos, mostrando claros signos de debilidade conforme avanzaba o ano. O sector servizos avanzou un 1,1%, cun comportamento similar entre servizos de mercado e de non mercado, e a industria un 1,9%, crecemento baseado exclusivamente no comportamento positivo da industria manufactureira. O sector construtor contraeuse un 3,8%, debido á escaseza da obra civil en marcha e á continuación no axuste do sector residencial. Resulta particularmente significativa a caída observada en investimento en bens de equipo a finais de 2011, que tivo continuidade a principios de 2012, e que constitúe un indicador inequívoco da escasa disposición dos empresarios a levar a cabo novos proxectos de investimento debido á escaseza de financiamento e ás deterioradas expectativas empresariais.

Á marxe das medidas relativas ao axuste fiscal, o Goberno socialista antes e o Goberno do Partido Popular desde a súa toma de posesión, continuaron levando a

Gráfico 3.

Taxa de variación do PIB por compoñentes da demanda en España (en %)



cabo diversas reformas estruturais, sendo as máis relevantes as que afectan ao sistema financeiro e ao mercado laboral. Respecto do primeiro, sucedéronse numerosas reformas co obxectivo de reducir a estrutura excesiva do sector, de reforzar o capital e a credibilidade das entidades despois do estalido da burbulla inmobiliaria, e de apoiar o regreso do crédito a empresas e familias. Tal e como comentamos na edición anterior deste *Informe*, en 2009 o Goberno central creou o FROB (Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria) co obxectivo principal de capitalizar entidades en dificultades e mellorar a percepción exterior das mesmas (e por extensión da economía española) e favorecer o regreso da captación de financiamento por xunto. A principal consecuencia da reforma financeira ata o momento é unha vaga de fusións no sector de caixas de aforro que reduciu o número de entidades de 45 a 15. Así mesmo, aprovisionouse o sistema financeiro con 105.000 millóns de euros adicionais[1] para alcanzar os novos requisitos de *core capital* establecidos na reforma financeira. Esta capitalización adicional realizouse segundo un escenario no que se contemplan unhas depreciacións do 80% no valor do chan, un 65% nas promocións e un 35% para pisos terminados.

Esta primeira reforma logrou certa redución do tamaño do sector financeiro pero os seus resultados foron escasos no regreso do crédito polo miúdo e na mellora da percepción dos mercados exteriores respecto da valoración dos activos inmobiliarios e crédito promotor nos balances das entidades financeiras españolas. A principios de 2012 aprobouse un Real Decreto co obxectivo de impulsar unha nova ola de fusións e integracións, pero os avances esperados no ámbito de crédito e valoración de potenciais perdas son limitados. No mes de maio de 2012 o Goberno aprobou novos requisitos de capital ao sistema financeiro, que elevan os saneamentos esixidos ata un 45% para o crédito promotor sen garantía hipotecaria, o 22% para o crédito promotor con garantías sen terminar e o 7% para a promoción terminada. As entidades que non poidan facer fronte a este saneamento poderán recibir diñeiro público ao 10%. Así mesmo, tal e como reclamaba a Unión Europea, o Goberno encargou a dúas entidades independentes unha valoración do total dos activos problemáticos asociados ao ladrillo nas entidades financeiras españolas. No escenario económico máis adverso estimaron entre 51.000 e 62.000 millóns de euros as necesidades de recapitalización da banca española.

En canto ao mercado de traballo, a reforma laboral aprobada polo Goberno socialista en setembro de 2010 non conseguiu o seu obxectivo de frear unha masiva destrución de emprego e a taxa de paro aumentou ata o 22,8% en 2011. A reforma, que pretendía facilitar o descolgue dos convenios colectivos, incentivar a mobilidade xeográfica e funcional, evitar a alta taxa de temporalidade e flexibilizar as causas de extinción de contrato e a súa indemnización, entre outros, apenas obtivo resultados. O cambio regulamentario non foi suficiente para modificar a dinámica imposta polo ciclo económico. A economía española creceu ao 0,7% (moi por debaixo do crecemento necesario para crear emprego neto en España) e foi incapaz de absorber os centos de miles de traballadores procedentes do sector da construción.

[1] Cálculos do Goberno.

O Goberno do Partido Popular, tres meses logo de chegar ao poder, en febreiro de 2012, aprobou unha nova reforma laboral, máis agresiva que a levada a cabo polo Goberno anterior e que abre a porta a un profundo cambio nas relacións laborais empresario-traballador en España. O empresario poderá acollerse a un despedimento obxectivo de traballadores por «a diminución persistente do seu nivel de ingresos ou vendas» e «en todo caso entenderase que a diminución é persistente se se produce durante tres trimestres consecutivos». A empresa tamén pode acollerse a causas económicas, produtivas, técnicas ou organizativas para modificar as condicións dos traballadores de xeito unilateral, á marxe de calquera convenio colectivo asinado con anterioridade. Outras medidas incluídas na reforma son a eliminación da indemnización de 45 días por ano traballado e a súa substitución por 33 días, a eliminación de que a autoridade administrativa teña que autorizar o ERE (Expediente de Regulación de Emprego) ou a fin da *ultraactividade* dos convenios colectivos. Do mesmo xeito que coa reforma anterior, parece complicado que un cambio regulamentario poida desencadear unha modificación na dinámica actual do mercado laboral en España. Máis ben, a creación de emprego neto parece pasar por un regreso a taxas de crecemento robustas e sostidas no tempo, así como pola volta ao crédito ás peme e familias. No primeiro trimestre de 2012 a EPA (*Encuesta de Población Activa*) indicaba que a taxa de paro alcanzou o 24,4% da poboación activa, o que equivale a 5.639.000 persoas. En tan só catro anos a evolución do indicador avanzou desde un 8,6% a finais de 2008 ata un 24,4% a principios de 2012, no que supón a manifestación máis evidente dos custos sociais da crise económica.

Tanto o recorte no gasto público como as medidas estruturais que o novo Goberno tomou ata a data foron recibidas polos mercados cun reponte da inestabilidade, manifestada principalmente a través do incremento da prima de risco, a elevada volatilidade da Bolsa española e a dificultade tanto do Goberno como das entidades financeiras para captar financiamento no exterior. Os inversores estranxeiros continúan penalizando a España por tres problemas fundamentais, sobre os cales o Goberno ten unha marxe de actuación moi limitada. O primeiro é a débeda adquirida durante os anos de bonanza; a este respecto cabe recordar que o principal problema de débeda en España non é de carácter público, senón privado, polo que forzosamente o axuste debe realizarse a través dun lento proceso de *desapalancamiento* dos axentes privados. En segundo lugar, o elevado endebedamento de familias e empresas, unido á ausencia de financiamento desde o exterior e ao axuste fiscal, limita enormemente a capacidade de crecemento da economía española para os próximos anos, sendo este un dos aspectos críticos na toma de decisións dos inversores exteriores. En terceiro lugar, os mercados están penalizando enormemente o sistema financeiro español debido ás perdas que poderían derivarse dos activos inmobiliarios e do crédito promotor nos balances das entidades.

Neste contexto, nos primeiros meses de 2012 o mundo económico e financeiro comezou a abrir a porta á posibilidade de que España non poida asumir os seus compromisos de débeda pública e incorra en *default*. A confianza dos axentes económicos sobre a evolución da economía española deteriorouse a gran velocidade no

primeiro trimestre de 2012, consolidando un círculo vicioso (desconfianza-ausencia de financiamento-menor crecemento-desconfianza) extremadamente difícil de superar. Así, a situación económica de España foise deteriorando a medida que avanzaba 2012 e no mes de xuño o Goberno viuse obrigado a solicitar un rescate para o seu sistema financeiro por un máximo de 100.000 millóns de euros a través dunha liña de crédito branda concedida por Europa. Ao peche deste *Informe* aínda non se coñecían os detalles da axuda europea, pero a iniciativa non conseguira rebaixar as tensións nos mercados de débeda pública e a prima de risco a mediados de xuño situábase nos 542 puntos básicos respecto ao bono alemán, nivel máximo desde a entrada de España no euro. Ademais, a axencia Moodys rebaixaba tres niveis o bono español ata Baa3, a só un nivel do «bono lixo».

Cadro núm. 1

Panel de previsións de variación do PIB en España (en %)

	2012	2013
FMI (abril 2012)	-1,8	0,1
OCDE (maio 2012)	0,3	1,3
Unión Europea (maio 2012)	-1,0	-0,3
Goberno (maio 2012)	-1,7	0,2
Banco de España (xaneiro 2012)	-1,5	0,2

Fonte: *Fundación de las Cajas de Ahorros*, FUNCAS.

No primeiro trimestre de 2012 a economía española volveu entrar en recesión, ao encadear dous trimestres consecutivos de caída do PIB, só tres anos logo da última crise económica. Ademais, a contracción nos primeiros tres meses de 2012, de 0,4%, foi superior á do último trimestre de 2011 (-0,3%). Este comportamento económico na entrada do ano atópase en liña con todas as previsións efectuadas por distintos departamento de análise económica de institucións financeiras, que indican que a economía española rexistrará unha notable caída da actividade económica ao longo de todo 2012. A Comisión Europea sinalou que a economía española caerá un 1% no presente exercicio, mentres que o FMI foi máis aló ao sinalar unha contracción do 1,8%, mentres que o Banco de España prevé un decrecemento do 1,5%. Nesta mesma liña FUNCAS conta cunha contracción do 1,7% para 2012 e do 1,5% para 2013.

Economía galega

Galicia partía nunha posición lixeiramente máis favorable que outras comunidades autónomas españolas para afrontar a crise no ano 2009 debido ao seu menor endebedamento privado e exposición ao sector inmobiliario, e a unha taxa de paro que chegou a estar 4 puntos por debaixo da media española. Con todo, a economía galega, que se comportou mellor que a española en termos de crecemento durante os cinco últimos anos, avanzou un 0,5% en 2011, 2 décimas menos que o conxunto do Estado. A súa evolución ao longo do ano tamén foi negativa, iniciándoo cun 0,8% de crecemento no primeiro trimestre pero desacelerándose ata avanzar un 0,3% no cuarto trimestre. Galicia foi a quinta comunidade autónoma cun peor desempeño

Gráfico 4.

Taxa de variación do PIB (en %) **e valor do PIB per cápita**



no que a crecemento económico se refire. As tres comunidades autónomas que creceron máis que a media da Unión Europea foron Illas Canarias, Illas Baleares (as dúas cun 1,8%) e Navarra, cun 1,5%. País Vasco, Madrid e Cataluña avanzaron 1,3%, 0,9% e 0,8% respectivamente, mentres que a única comunidade autónoma en recesión foi Estremadura (-0,3%).

Tal e como sinalamos en edicións anteriores deste *Informe*, a renda per cápita galega experimentou un proceso de converxencia co resto de España durante a última década que a levou a pechar gran parte do *gap* existente en termos de benestar con outras comunidades autónomas españolas. Esta evolución veu explicada, por unha banda, polos diferenciais positivos de crecemento económico da segunda metade da década e, pola outra, pola dinámica demográfica, cunha perda de poboación relativa de Galicia con respecto de España. A finais de 2011, a renda per cápita situábase en 21.112 euros, fronte aos 20.709 euros de 2010, deténdose o proceso de converxencia co conxunto do Estado, que retrocede unha décima (representando o 90,7% da renda media española).

Os principais indicadores do mercado de traballo galego continuaron deteriorándose durante o ano 2011. A taxa de desemprego acadou o 17,4% da poboación activa, 2 puntos máis que no ano anterior e 4 puntos menos que a media española. Os datos da Seguridade Social indican unha afiliación total en Galicia de 985.725 persoas, o nivel máis baixo desde 2005, malia que o descenso foi maior no réxime xeral que no de

Gráfico 5.

Taxa de variación do PIB (en %). Ano 2011



autónomos. Os resultados provinciais do desemprego son fortemente heteroxéneos, sendo Pontevedra a provincia con maior taxa de desemprego (20,9%) e onde máis crece (2 puntos porcentuais), e Lugo a provincia con menor taxa (12%, a terceira menor de todas as provincias españolas) e a que rexistra o menor incremento (1,1 puntos porcentuais).

A evolución da demanda agregada reflectíu o empeoramento do mercado laboral, a escaseza de financiamento ao consumo e a deterioración da confianza dos fogares no futuro da economía conforme se aproximaba o final do ano. O consumo privado dos fogares retrocedeu un 1,9%, moito máis que o -0,1% do conxunto dos fogares españois. O gasto público contraeuse un 1,1% respecto de 2010, como resultado do proceso de consolidación fiscal, no que supón o primeiro ano de contracción despois de varios anos de comportamento expansivo. O déficit público galego foi de 1,6% do PIB en 2011, sendo a segunda comunidade autónoma cun menor déficit, logo de Madrid. A maior contracción produciuse, do mesmo xeito que nos anos anteriores, na FBCF (-4,2%), aínda que foi menor que en 2009 e 2010. As exportacións, polo seu lado, avanzaron un 4,4%, desacelerándose fortemente desde o 7,1% de 2010, e quedando afastadas do avance do 9% rexistrado pola economía española. Con todo, a achega do sector exterior galego ao crecemento foi maior que en 2010 (5,1% fronte ao 4,7% en 2010), debido á contracción rexistrada polas importacións dun 0,7%.

Se analizamos a estrutura económica de Galicia por grandes sectores de actividade desde o comezo da crise no ano 2008 ata 2011 observamos un considerable cambio. As industrias manufactureiras e, en especial, a construción descenderon na súa achega ao PIB galego, quedando nun 13,5% e 11,9% sobre o total respectivamente. No seu lugar, apréciase un avance no peso do comercio e doutros servizos (21,1% sobre total), así como da Administración pública (17,1%) e, en menor medida, das actividades agrícolas (4,5%). O sector industrial comezou o primeiro trimestre de 2012 con novas caídas de actividade e peches empresariais, de tal xeito que a economía galega acumulaba 19 meses de descenso do Índice de Produción Industrial (IPI).

O sector primario galego avanzou un 2,1% en 2011, desacelerándose desde o 3,1% do 2010. No sector agrícola, a pesar do crecemento da produción, o encarecemento dos consumos intermedios provocou unha caída dos ingresos netos dun 2,2%. Esta porcentaxe foi máis moderada que a española (-5,9%) pero estivo lonxe dos positivos resultados da evolución da agricultura na Unión Europea (3,9%). Por ramas

Cadro núm. 2

Taxa de variación do PIB e dos compoñentes da demanda (en %)

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia						
Consumo dos fogares	4,8	2,7	-0,5	-3,1	-1,8	-1,9
Gasto AA. PP. e ISFLSF	3,6	4,2	5,2	4,7	0,2	-1,1
FBCF	8,5	2,3	-5,1	-10,0	-6,2	-4,2
Exportacións	10,2	5,9	-5,4	-11,3	7,1	4,4
Importacións	10,0	3,5	-7,6	-9,9	2,4	-0,7
PIB	4,2	4,0	1,7	-3,1	0,1	0,5
España						
Consumo dos fogares	4,0	3,5	-0,6	-4,4	0,7	-0,1
Gasto AA. PP. e ISFLSF	4,6	5,6	5,9	3,7	0,2	-2,2
FBCF	7,1	4,5	-4,7	-16,6	-6,3	-5,1
Exportacións	6,7	6,7	-1,0	-10,4	13,5	9,0
Importacións	10,2	8,0	-5,2	-17,2	8,9	-0,1
PIB	4,1	3,5	0,9	-3,7	-0,1	0,7

Fonte: INE e IGE.

de actividade, o avance foi superior nas vexetais (5,1%) fronte ás gandeiras (1,3%). Por produtos medrou a produción de froitas (2,5%) e hortalizas (10,2%), e sobre todo o viño (65,7%), mentres que, pola contra, se reduciu a produción de cereais (-22,1%), patacas (-16,4%) e millo forraxeiro (-9,8%). E no ámbito gandeiro resulta particularmente positivo o avance da produción láctea (3,3%).

O INE publicou o Censo Agrario 2009 (o último fora en 1999), o que nos permite analizar as tendencias a longo prazo do sector agrario galego. Nesa data existían en Galicia 81.000 explotacións, só un 66% das censadas dez anos antes. Porén, apréciase un reforzamento das explotacións de maior tamaño –dez ou máis hectáreas– que se triplicaron desde o primeiro Censo de 1982. Produciuse, por unha banda, un proceso de desaparición de explotacións e, pola outra, un aumento na concentración das mesmas. O Censo tamén reflicte un forte descenso do total do solo galego dedicado a actividades agrarias, que ao final de 2009 constituía só un 31% do total e un volume de man de obra traballando nas ramas agrícolas que descendeu un 70% desde 1982 ata 2009.

A evolución da **pesca galega** en 2011 foi positiva debido en esencia ao aumento nas posibilidades de pesca. As vendas de produtos pesqueiros frescos (peixe e marisco) caeron no pasado ano, se ben alcanzaron un prezo medio de 2,45 euros por quilogramo, un 6% máis que en 2010. Os principais portos para peixe conxelado continuaron sendo Vigo (referente mundial en conxelados), Marín, Vilagarcía de Arousa e Ribeira. Para 2012, os incrementos nas cotas de pesca, como a do fletán ata o 4% e a do bacallau do 15% (na cota en Noruega), permiten ser moderadamente optimistas. Por

outra parte, a reforma da Política Pesqueira Comunitaria (PPC) presentou novidades moi importantes que afectarán nos próximos anos ao sector pesqueiro galego. Neste sentido destaca que Galicia é a rexión europea máis beneficiada polo Fondo Europeo da Pesca (FEP), recibindo cerca de 500 millóns de euros no período 2007-2013. Este volume representa case a metade destes fondos europeos, que son dedicados a actividades tales como acuicultura, industria transformadora, desprazamentos de frota ou comercialización.

A **actividade industrial** continuou o período de crise no que se encontra desde 2008. No pasado ano o VEB (Valor Engadido Bruto) industrial caeu un 2%,[2] e a mediados de 2012 non se albiscaban síntomas de recuperación. O indicador de confianza empresarial elaborado polo IGE amosa un forte empeoramento na segunda parte de 2011, volvendo a niveis de 2009. Nesta enquisa, os empresarios sitúan no centro das súas preocupacións os problemas de tesourería e de acceso ao crédito. O IPI (Índice de Produción Industrial) descendeu un 7,1% en 2011 debido a unha caída na produción de case todas as ramas industriais. En 5 das 26 ramas industriais rexistrouse unha actividade positiva, entre as que destacan, polo seu peso na economía galega, a fabricación de vehículos, a metalurxia e a alimentación e fabricación de bebidas. Entre as caídas, aquelas que máis deprimiron a actividade industrial galega foron material de transporte (sector naval), madeira, téxtil e confección.

Cadro núm. 3

Taxa de variación do PIB e dos compoñentes da oferta (en %)

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia						
Agricultura e pesca	4,3	-4,6	1,5	-2,1	3,1	2,1
Enerxía	4,0	-1,2	-6,7	-3,2	3,5	-3,1
Industria	7,4	4,4	-2,3	-13,7	-0,5	-2,0
Construción	2,8	1,5	1,0	-5,6	-5,8	-2,8
Sevizos de mercado	4,4	6,2	2,8	-1,4	0,7	1,4
Servizos de non mercado	3,9	4,6	5,3	4,4	0,6	1,3
PIB	4,2	4,0	1,7	-3,1	0,1	0,5
España						
Agricultura e pesca	5,5	7,0	-2,7	-1,4	-1,1	0,6
Enerxía e Industria	1,7	0,5	-1,7	-10,9	0,6	1,9
Construción	5,0	1,8	-0,2	-8,0	-7,8	-3,8
Sevizos de mercado	4,6	5,0	2,2	-0,9	1,4	1,1
Servizos de non mercado	3,8	4,5	5,1	2,9	1,6	1,0
PIB	4,1	3,5	0,9	-3,7	-0,1	0,7

Fonte: INE e IGE.

[2] Segundo o avance da Contabilidade Trimestral de Galicia, base 2005.

O **sector das rochas e o granito** rexistrou un incremento das exportacións do 15% nos tres primeiros trimestres do pasado ano, o que non compensa a difícil situación dun sector que pasa por dificultades debido á menores marxes de comercialización. Francia e Alemaña foron os principais compradores de granito e lousa galegos. No subsector de cemento destaca a adquisición, a finais de 2010 por parte dos grupos brasileiros Camargo Correa e Votorantim de Cementos de Portugal (Cimpor), empresa foránea cunha importante sede en Galicia (Corporación del Noroeste). O resultado desta OPA podería desencadear importantes cambios no sector do cemento en Galicia.

No que respecta ao **sector da madeira**, en 2011 rexistrouse un forte incremento das cortas o que confirma o carácter de activo de reserva que ten a superficie arborada para os seus propietarios. En canto á evolución da primeira transformación, que en Galicia é o subsector máis relevante, cómpre indicar que aumentou a facturación con respecto aos anos precedentes, aínda que as cifras quedan lonxe das alcanzadas en 2007. No referente á celulosa, apreciouse un mercado débil cos conseguintes efectos adversos para ENCE.

Pola súa vez, o **sector metalúrxico** estivo, como nos anos anteriores, concentrado na actividade da norteamericana Alcoa na produción de aluminio nas plantas da Coruña e de San Cibrao e na fabricación de ferroaliaxes por parte de Ferroatlántica en Cee. No primeiro caso, destaca que 1,5 dos 18 millóns de toneladas de aluminio que produce Alcoa no mundo saen da fábrica de San Cibrao. No ano 2012, a caída dos prezos do aluminio levou a empresa norteamericana a facer públicos recortes nas plantas españolas, que ascenderon a 93.000 toneladas/ano no caso da Coruña. Por outro lado, a caldeirería porriñesa Censa, comprada a comezos de 2011 polo conglomerado industrial chinés CITIC (China International Trust and Investment Company), anunciou a construción dunha nave que pretende converter este centro na referencia para o servizo do continente africano e americano.

A **construción naval** continúa sendo un dos principais afectados pola crise económica e os estaleiros galegos, que concentran un 42% da actividade total dos estaleiros españois, están atravesando momentos moi complicados. A confluencia de diversos factores, como a contracción da demanda de buques, a eliminación do *Tax Lease*, a maior competitividade procedente doutros países e a situación económica dalgúns estaleiros provocaron unha menor actividade. Non obstante, a mediados de 2011 anunciouse que os estaleiros galegos fabricarán 14 buques remolcadores para a multinacional mexicana Pemex, un pedido que supón unha excelente noticia para o futuro do sector a curto prazo, e que implica 247 millóns de investimento para Galicia e a creación de 2.500 postos de traballo.

Os datos publicados polo Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) en 2011 sinalan a importancia do **sector da automoción** en Galicia: representa o 12% do PIB e o 26% das exportacións, factura 7.000 millóns de euros e dá traballo a 19.300 persoas. A facturación conxunta no pasado ano das empresas participantes do CEAGA foi de 7.000 millóns de euros, cun volume de investimento de 525 millóns de euros respecto aos 218 millóns do ano anterior. En 2010 a forte contracción da demanda en Europa, destino do 85% das vendas totais da industria de española, afectou

á produción de vehículos en todas as fábricas españolas. PSA reduciu a súa previsión inicial de fabricación de vehículos para 2012 a 355.000 vehículos desde os 323.000 de 2011, no que activou un ERE de 40 días. Como consecuencia, outras empresas dependentes de PSA e integradas no *cluster* da automoción reduciron a súa produción e anunciaron regulacións de emprego para 2012. Con todo, se ben é certo que empresas como Copo Ibérica, Faurecia, Viza ou Denso adoptaron estratexias defensivas, cabe destacar que CEAGA continuou crecendo ata alcanzar, en 2011, as 91 empresas.

A actividade do **sector téxtil** galego vén caracterizada polo forte crecemento do grupo Inditex e pola deterioración xeral do resto das compañías. Inditex declarou un avance dos beneficios do 12%, un incremento da facturación do 10% e a contratación de 9.300 novos empregados. A elevada diversificación xeográfica e forte penetración en mercados emerxentes permitiron á firma de Arteixo incrementar as vendas a pesar da caída da demanda nacional. En 2011 o mercado español concentraba un 25% da facturación do grupo, mentres que Asia xa alcanzaba o 18%. Pola contra, outros grupos galegos tiveron peores resultados. O grupo Adolfo Domínguez declarou perdas de 9,7 millóns de euros en 2011, case o dobre que o ano anterior. Salienta o feito de que a finais de 2010 naceu o Cluster Téxtil Galego no que conflúen as dúas maiores asociacións téxtiles de Galicia, Atexga e Cointega, que agrupan 230 empresas.

Os **sectores construtor e inmobiliario** experimentaron por terceiro ano consecutivo unha contracción da actividade e todos os indicadores de referencia rexistraron fortes caídas. Polo lado da oferta, iniciáronse 3.836 vivendas novas –o peor dato da serie histórica– e 942 vivendas protexidas (68% menos que en 2010). Os arquitectos só asinaron 8.900 certificacións de fin de obra (-56%). Polo lado da demanda, o final das axudas fiscais de 2010 provocou o regreso a unha senda baixista. Só houbo 16.011 transaccións (-38%) e firmáronse 21.782 hipotecas (-32%). As boas novas son que o prezo continuou o seu proceso de axuste e descendeu un 5%, o que provocou un descenso da cantidade de meses que unha familia galega ten que dedicar á compra da vivenda. Ademais, o *stock* de inmobles libres deixou de medrar pola maior caída da oferta que da demanda, e a licitación de obra pública en Galicia contraeuse menos que a media española, pasando a ser a terceira comunidade autónoma con máis gasto en licitación de obra pública per cápita (561 euros).

As **ramas enerxéticas,** que en 2010 rexistraran un avance significativo da actividade, volveron contraerse en 2011 nun 3,1%. A actualidade enerxética estivo marcada polas distribucións de licenzas para promover parques eólicos. O axuste levado a cabo no sector público provocou a paralización das novas iniciativas de fomento das enerxías renovables, suprimíndose as primas e os procedementos de asignación en toda España. Esta paralización está afectando moi negativamente tanto ás empresas nacidas arredor das subministracións eólicas como aos fabricantes de equipos aeroxeradores.

O **sector servizos** representaba, a finais de 2011, o 62% do PIB galego e xeraba o 68% dos postos de traballo. Segundo o IGE, o VEB no terciario medrou un 1,4%, sendo as actividades profesionais a rama de actividade cun mellor comportamento (1,7%), mentres que as actividades artísticas, recreativas e outros servizos (-0,9%) foi a que

rexistrou a evolución máis negativa. Os servizos perderon 11.500 empregos no pasado ano, unha perda menor, en termos proporcionais, que a que se produciu en España. É importante sinalar que no mes de outubro de 2011 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 7/2011 relativa ao turismo.

A análise da evolución do **turismo** en Galicia en 2011 está condicionada polos resultados alcanzados en 2010, ano Xacobeo. Así, nun exercicio, 2011, positivo para o turismo tanto a nivel internacional como para España, as estadías descenderon un 12,7%, en Galicia ata os 7,1 millóns, sendo a comunidade autónoma que rexistrou unha das maiores caída e a que máis peso perdeu como destino dos turistas españois. Os resultados son tamén inferiores aos anos anteriores ao Xacobeo e víronse acompañados por descensos tanto no número de noites por viaxeiro como nos ingresos por noite hoteleira. Con todo, Galicia continúa sendo un dos destinos nacionais máis destacados, por detrás de Andalucía, Valencia, Cataluña, Madrid, Canarias e Baleares. O comportamento por provincias galegas foi desigual. Mantívose a concentración, posto que A Coruña e Pontevedra foron as que acolleron tres de cada catro viaxeiros. Como consecuencia da crise, nos últimos anos asistimos a unha maior preferencia polas viaxes de curta distancia, de xeito que se incrementou o turismo nacional fronte ao estranxeiro. Na actividade turística cómpre salientar o número de cruceiros que atracaron nos portos galegos. O pasado ano foron 213, con 395.000 pasaxeiros a bordo, un 27% máis que en 2010.

No sector do transporte, no **tráfico aéreo** sobresae o bo comportamento do aeroporto de Santiago de Compostela, que compensou os descensos nas outras dúas terminais, se ben os tres aeroportos galegos rexistraron un balance económico negativo e non formaron parte dos dez aeroportos españois con beneficios en 2011. A perda conxunta das tres terminais ascendeu a 23 millóns de euros. En total foron empregadas por 4,4 millóns de persoas, un 2% máis que en 2010, concentrándose o 55% en Lavacolla. Alvedro perdeu 88.000 pasaxeiros e Peinador 117.000. Pola contra, o aeroporto vigués rexistrou unha mellor evolución no tráfico de mercadorías (26%), seguido polo coruñés (2,9%) e o compostelán (-9%). Pola súa vez, o **tráfico portuario** creceu un 2,4% no conxunto dos portos galegos de interese xeral. O trafico medrou en Ferrol-San Cibrao e en Vilagarcía e descendeu na Coruña, Marín-Pontevedra e Vigo. En 2012, a posta en marcha da autoestrada do mar Alxeciras-Vigo-Saint Nazaire podería incrementar notablemente o tráfico desde este porto do sur de Galicia.

O **sector bancario** galego caracterizouse, ao igual que o sector bancario español, pola contracción do tamaño dos balances, as restricións ao crédito e un descenso xeral da actividade. A finais de 2010 materializouse a fusión entre Caixagalicia e Caixanova e creouse como resultado unha nova entidade co nome de Novacaixagalicia (NCG), que traspasou o seu negocio financeiro a NCG Banco, tal e como estableceu a *Ley de Cajas de Ahorro* aprobada en xullo de 2010. No outono de 2011, o Banco de España pasou a investir na entidade e controlar o 93% do seu capital a través do FROB. Tamén no outono o Banco Pastor foi absorbido polo Banco Popular, despois dos problemas mostrados pola entidade galega nos tests de estrés. Como resultado, ao final de 2011 o sector bancario galego atopábase altamente concentrado, co 90% do negocio en mans de

cinco entidades: Novagalicia Banco, Banco Popular, Santander, BBVA e Caixabank. Os anos 2012 e 2013 serán decisivos para coñecer o que acontece con Novagalicia Banco cando o FROB saia do seu capital.

Por outro lado, a negativa evolución dos mercados de renda variable, a elevada volatilidade dos activo financeiros e, en xeral, o clima de gran desconfianza na situación económica provocaron que os fondos de investimento en España continuasen perdendo patrimonio en 2011. A única excepción foron os fondos garantidos de renda fixa, que creceron un 33% ao actuar como refuxio. A situación dos fondos de capital risco tamén foi marcadamente negativa e o volume dos fondos captados e investidos por estas compañías reduciuse un 25% e un 8% respectivamente en relación co ano anterior. Os fondos galegos (XesGalicia, GesCaixa, Netaccede, Vigo e Unirisco) realizaron 26 operacións por un volume de case 14 millóns de euros, o que supón tan só un 1,1% do total español.

No que ás e**xportacións** se refire, a maior taxa de apertura da economía galega en comparación con outras comunidades autónomas favorece un maior crecemento nun contexto caracterizado pola atonía da demanda interna. O valor das exportacións de mercancías galegas ao exterior medrou un 17,6% por riba do incremento do 14,8% para o conxunto do Estado. As vendas galegas ao exterior atopan, non obstante, unha barreira cara a un maior crecemento debido á dobre diversificación, xeográfica e sectorial, que caracteriza o patrón exportador. Cabe recordar que, en 2011, máis dun 70% das exportacións teñen como destino a Unión Europea –6,5 puntos porcentuais máis que o conxunto de España–, o que restrinxe o aproveitamento das oportunidades inherentes ao relanzamento dos países emerxentes e, á súa vez, expón o sector exterior galego ás incertezas sobre o futuro da economía europea, que será a rexión mundial que menos creza nos próximos anos. En todo caso, cabe sinalar que durante os últimos anos se avanzou lixeiramente na diversificación xeográfica do patrón exportador, apoiándose nas diversas políticas públicas, así como pola estratexia levada a cabo por parte de numerosas empresas galegas de introducirse en mercados como China ou Brasil.

Gráfico 6.

Distribución do valor das exportacións galegas por grandes territorios (en %)



En 2011 Galicia situouse como a sexta comunidade autónoma máis exportadora, do mesmo xeito que en 2010, por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco. Francia foi o principal destino das exportacións con case un terzo da totalidade, seguida de Portugal e Italia. Os principais mercados

emerxentes para os produtos e servizos galegos foron, de igual maneira que en 2010, Marrocos (2,2% do valor exportado total), Alxeria, Turquía, Polonia, Rusia e Brasil. Os principais produtos exportados veñen reflectir a elevada concentración sectorial e empresarial das vendas galegas ao exterior, cos vehículos a motor e as pezas de vestir respondendo dun 48% sobre o total. Outros produtos competitivos nos mercados exteriores son combustibles, peixes, conservas, barcos, madeira e aluminio.

As compras galegas de bens ao exterior medraron, en valor, un 2,4% en 2011 e eleváronse ata algo máis de 14.000 millóns de euros. Se comparamos este volume coas exportacións, obtemos un saldo exterior positivo para o comercio galego de máis de 3.500 millóns de euros. Na orixe das importacións galegas é determinante a procedencia dos combustibles minerais. Así, xunto a provedores europeos como Francia (automoción) ou Portugal (produtos diversos), destacan México, Rusia ou Reino Unido.

O pasado ano resultou positivo no que a chegada de investimentos directos a Galicia se refire, ascendendo a 276 millóns de euros, volume que supón un 483,5% máis que o ano anterior e o mellor rexistro investidor desde 2004. Este investimento estivo practicamente concentrado en só catro países: Portugal (32% do total), Reino Unido (30%), China (19,5%) e Luxemburgo (13,1%). Estes datos recollen dous investimentos de empresas portuguesas no sector de produtos minerais e servizos financeiros, a toma de participación dunha empresa británica nunha empresa galega do sector do aluminio e a contabilización do investimento de CITIC (China International Trust and Investment Company), o maior conglomerado industrial chinés, en Gándara Censa. Ademais, a presenza de empresas chinesas en Galicia podería incrementarse de confirmarse a chegada do grupo Beijin 3E, dedicado á xeración de enerxía mediante a reciclaxe de hidrocarburos, no Porto Exterior da Coruña (investimento anunciado a mediados de 2012).

O investimento exterior das empresas galegas, pola contra, caeu un 50%, ata os 402,5 millóns de euros, o que supuxo o peor rexistro investidor desde 2003. Practicamente, a metade dese investimento (191 millóns de euros) responde á ampliación de capital do grupo Inditex na súa filial en Bélxica. O resto de destinos está constituído por un grupo heteroxéneo de países –no que destaca a ausencia dos grandes mercados europeos–, cunha forte presenza de países centroamericanos: Panamá (15,7% do total), Estados Unidos (10,4%), Chile (4,7%), Malta (3,3%), Nicaragua (2,8%), Serbia (2,7%) e Guatemala (2,6%). Estes investimentos reflicten en gran parte a actividade exterior do grupo Inditex, xunto coas operacións de empresas galegas pertencentes aos sectores de servizos técnicos de arquitectura e enxeñería, pesca e acuicultura, e construción de edificios.

Os índices do IGE mostran unha perda de competitividade das exportacións galegas tanto fronte á UE-27 como á OCDE, xa sexa medidos coa evolución do IPC (Índice de Prezos ao Consumo), como co IPRI (Índice de Prezos Industriais) ou co IVU (Índice de Valor Unitario das Exportacións). A evolución deste último índice, que incorpora unha medición máis axustada da competitividade exterior, resulta particularmente negativa. Galicia viña perdendo competitividade fronte ao resto da UE-27 desde o ano 2005 de xeito gradual –unha tendencia só alterada en 2010– e parece

Cadro núm. 4

IPC 2011 (% de variación). Media anual

	Galicia	España
Alimentos e bebidas non alcohólicas	2,6	2,1
Bebidas alcohólicas e tabaco	9,4	10,2
Vestido e calzado	0,2	0,3
Vivenda	9,0	7,2
Enxoval	1,2	1,1
Medicina	-0,9	-1,3
Transporte	7,7	8,0
Comunicacións	-0,8	-0,8
Ocio e cultura	-0,1	-0,1
Ensino	2,2	2,4
Hoteis, cafés e restaurantes	2,0	1,6
Outros	2,5	2,9
Índice xeral	**3,4**	**3,2**

Fonte: INE.

que esta tendencia tivo continuidade ao longo de 2011. Non obstante, se medimos a competitividade a través de CLU (Custos Laborais Unitarios), pese a que aínda non se dispón de información para todos os meses de 2011, apréciase unha ganancia de competitividade tanto fronte á UE-27 como á OCDE, sen dúbida froito da moderación salarial pactada entre patronal e sindicatos e da menor presión inflacionista sobre os salarios ante a débil actividade económica.

En Galicia o IPC[3] en 2011 medrou un 3,4%, 2 décimas máis que a media nacional, o que supón un avance significativo tendo en conta o 1,9% en 2010 e o -0,6% de 2009. Este dato prodúcese pese a que en Galicia os custos laborais anuais avanzan un 0,7%, 1,1 puntos porcentuais menos que a media española, quedando en 2.416 euros por traballador e mes.[4] Os sectores máis inflacionistas en Galicia foron Bebidas Alcohólicas e Tabaco (9,4%), Vivenda (9%) e Transporte (7,7%). Pola contra, Medicina (-0,9%), Comunicacións (-0,8%) e Ocio e Cultura (-0,1%) rexistraron descensos de prezos.

Para rematar, cabe salientar que no primeiro trimestre de 2012, segundo as estimacións do IGE, a economía galega rexistrou, en termos interanuais, unha contracción de 5 décimas no PIB. Polo lado da demanda agregada destacan o descenso do consumo (-2,1%) e especialmente da FBC (-5,7%). Por ramas de actividade, tanto agricultura como pesca e servizos rexistraron lixeiros avances, mentres que construción (-3%) e industria (-4,8%) continuaron a súa senda descendente nos tres primeiros meses do presente exercicio.

[3] Medido como variación das medias anuais (INE).

[4] *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* (INE).

I. Mercado de traballo

O ano 2011 caracterizouse polo afondamento na deterioración xeral dos principais indicadores do mercado de traballo que comezara en 2007, e que durante as diferentes fases da recesión implicou unha perda continua de empregos co correspondente aumento do desemprego. Segundo os datos procedentes da *Encuesta de Población Activa* elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE), a ocupación no conxunto da economía española caeu na media do ano en 351.900 (1,9%), mentres que a poboación activa aumentou lixeiramente en 14.700 (0,1%), o que provocou un novo incremento do desemprego de 366.600 (7,9%), acadándose a cifra de 5 millóns de desempregados. Esta evolución supuxo, polo tanto, unha certa suavización na taxa de destrución de emprego respecto ao ano anterior (do -2,1% ao -1,9%) ao tempo que o desemprego moderou o ritmo de crecemento en comparación cos anos anteriores, especialmente 2010, no que aumentara un 11,6%. Por outra banda, en termos interanuais a aparente melloría relativa na evolución do emprego que se rexistrara ao longo de 2010 (suavizaron na súa taxa de diminución) continuou na primeira metade do ano (con taxas nos dous primeiros trimestres do -1,3% e do -0,9%, respectivamente). Non obstante, o agravamento da crise de débeda soberana e o afondamento da recesión provocou que a segunda metade do ano fose acompañada dunha nova aceleración na destrución de emprego, con taxas do -2,1% e -3,3% no terceiro e cuarto trimestre respectivamente. A atonía no comportamento da poboación activa (que medrou só un 0,2% no primeiro trimestre, un 0,1% no segundo e terceiro e caeu un 0,1% no último) axudou a que o desemprego, logo de dous trimestres con taxas de variación cada vez máis reducidas (6,4% e 4,1% respectivamente), retomase un novo pulo no seu crecemento no terceiro (8,8%), retornando a taxas de dous díxitos no último trimestre (12,3%). En definitiva, esta primeira descrición da evolución do mercado de traballo en España ao longo de 2011 apunta cara a un empeoramento xeral dos principais indicadores respecto ao ano precedente, no que as cifras parecían indicar un certo cambio de fase na recesión.

Dentro desta evolución xeral, Galicia presentou certos aspectos diferenciados, en especial respecto ao desemprego. A poboación activa medrou en 10.300 (cun crecemento 7 décimas superior ao nacional, un 0,8%), ao tempo que a ocupación caía en 17.700, seguindo un ritmo similar ao do conxunto do Estado (-1,6% fronte ao -1,9%). Esta evolución da actividade e do emprego supuxo que o paro aumentase en Galicia en 28.000, cunha taxa de variación que case duplicou a nacional (14% fronte ao 7,9%). Dúas características adicionais do mercado de traballo galego estarían relacionadas cos inactivos e coa compoñente demográfica. Así, en relación cos primeiros, en Galicia produciuse unha caída do 1,5%, mentres no conxunto de España permaneceron cons-

tantes. Este dato indicaría que, polo de agora, o desemprego de longa duración non está a desembocar en fenómenos de desánimo, que fan abandonar aos traballadores os procesos de busca de emprego. Por outra banda, respecto á compoñente demográfica, mentres en España a poboación total permaneceu practicamente constante (un leve crecemento de 18.200) en Galicia rexistrouse unha caída de 6.400, un 0,3%.

En termos trimestrais, os aumentos da actividade foron maiores no segundo e cuarto trimestre (1,2% e 1,3% respectivamente), mentres no primeiro o aumento foi máis moderado (0,7%) para permanecer constante no terceiro. A ocupación, pola súa banda, suavizou o ritmo de caída fronte ao ano precedente, aínda que imitou en parte o comportamento do conxunto nacional: taxas negativas cada vez máis reducidas na primeira metade do ano (-1,5% e -0,2% no primeiro e segundo trimestre), para acelerar de novo a redución do emprego na segunda metade (-2,8% e -1,8% no terceiro e cuarto trimestre respectivamente). Como consecuencia desta tendencia, o desemprego amosou taxas de variación moi elevadas ao longo de todo o ano, especialmente na segunda metade, acadando o 16% e o 18,1% no terceiro e cuarto trimestre respectivamente, que contrastan coas máis moderadas do primeiro (12,9%) e do segundo (8,8%). En calquera caso, en cada un dos trimestres o crecemento do desemprego foi sempre moi superior ao conxunto nacional.

Por sexos rexistráronse evolucións diverxentes nos principais indicadores. Así, a actividade masculina caía en 3.800 (0,5%), mentres a feminina aumentaba en 14.100 (2,4%), indicando porén dinámicas completamente diferentes. A caída na ocupación agregada agachou unha forte disparidade por sexos, xa que na súa práctica totalidade (17.400) afectou aos homes (2,9%), mentres que no caso das mulleres tan só se reduciu en 300, un 0,1%. Este feito coincide co acontecido no conxunto nacional, no que a caída agregada do emprego en 351.900 se repartiu de forma desigual entre homes (298.600) e mulleres (53.300). Aínda así, o aumento do desemprego seguiu afectando de xeito similar aos dous grupos, ao igual que aconteceu en España. No grupo masculino o paro creceu en 13.600 (13,2%), mentres que no feminino o fixo en 14.400 (14,8%). Tamén é salientable a diferenza que se rexistrou no comportamento dos inactivos por sexos: se no caso dos homes o grupo aumentou en 700 (0,2%), no das mulleres reduciuse fortemente en 17.300 (2,7%).

A taxa de actividade[1] situouse no conxunto do ano no 55,2%, 6 décimas por riba da rexistrada en 2010, e 4,8 puntos por debaixo da media nacional, que se mantivo constante no 60%. Como é habitual, houbo fortes diferenzas no comportamento por sexos, xa que no grupo masculino a taxa se reduciu en 2 décimas ata acadar o 61,7%, mentres no feminino aumentou en 1,3 puntos, situándose no 49,2%. Esta evolución contrasta coa rexistrada no conxunto nacional, no que a taxa masculina se reduciu máis (6 décimas, alcanzando o 67,5%) e a feminina medrou menos (7 décimas, ata o 52,9%), acurtándose, polo tanto, de xeito moi lixeiro os diferenciais existentes respecto da media agregada: para o conxunto dos traballadores dito diferencial redúcese en

[1] A taxa de actividade defínese como a *ratio* entre a poboación activa e a poboación en idade de traballar multiplicada por 100.

Cadro núm. 1

Balance do mercado de traballo segundo sexo (en miles de persoas)

	2010	2011					2012
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	I trim.
Galicia							
Homes	712,5	702,4	700,8	712,1	699,3	703,7	700,7
Activos	703,7	700,7	700,0	702,0	696,7	699,9	698,9
Ocupados	600,8	583,8	588,4	587,4	574,1	583,4	560,1
Parados	102,9	116,9	111,7	114,5	122,6	116,4	138,7
Inactivos	434,7	436,1	435,5	433,1	436,6	435,3	433,2
Mulleres	605,2	595,3	594,7	601,9	597,3	597,3	606,5
Activos	597,3	606,5	610,9	611,6	616,5	611,4	617,2
Ocupados	499,9	496,8	503,0	499,6	498,8	499,6	490,3
Parados	97,4	109,7	107,9	112,0	117,7	111,8	126,9
Inactivos	647,8	637,2	631,1	630,0	623,5	630,5	621,5
Total	1.317,4	1.297,7	1.295,4	1.314,0	1.296,6	1.300,9	1.307,2
Activos	1.300,9	1.307,2	1.310,9	1.313,5	1.313,3	1.311,2	1.316,0
Ocupados	1.100,7	1.080,7	1.091,4	1.087,0	1.072,9	1.083,0	1.050,5
Parados	200,3	226,5	219,6	226,5	240,4	228,3	265,6
Inactivos	1.082,4	1.073,3	1.066,5	1.063,1	1.060,1	1.065,8	1.054,7
España							
Homes							
Activos	12.819,2	12.694,0	12.675,0	12.708,0	12.645,7	12.680,7	12.551,1
Ocupados	10.289,9	10.059,0	10.066,8	10.034,0	9.805,6	9.991,4	9.527,3
Parados	2.529,3	2.635,0	2.608,1	2.674,0	2.840,1	2.689,3	3.023,8
Inactivos	6.010,4	6.132,6	6.119,8	6.080,3	6.145,6	6.119,6	6.222,3
Mulleres							
Activos	10.269,7	10.367,9	10.461,8	10.426,6	10.435,5	10.423,0	10.521,6
Ocupados	8.166,6	8.092,7	8.236,2	8.122,2	8.001,9	8.113,3	7.905,9
Parados	2.103,1	2.275,2	2.225,6	2.304,4	2.433,6	2.309,7	2.615,7
Inactivos	9.379,8	9.317,6	9.224,7	9.272,8	9.281,4	9.274,1	9.198,6
Total							
Activos	23.088,9	23.061,8	23.136,7	23.134,6	23.081,2	23.103,6	23.072,8
Ocupados	18.456,5	18.151,7	18.303,0	18.156,3	17.807,5	18.104,6	17.433,2
Parados	4.632,4	4.910,2	4.833,7	4.978,3	5.273,6	4.999,0	5.639,5
Inactivos	15.390,2	15.450,2	15.344,5	15.353,2	15.427,0	15.393,7	15.420,9

[Continúa]

Cadro núm. 1 (continuación)

Balance do mercado de traballo segundo sexo (en %)

	% variación 2011	Taxa de variación interanual (en %)				
		2011				2012
		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	I trim.
Galicia						
Homes						
Activos	-0,5	-0,2	-0,1	-1,4	-0,4	-0,3
Ocupados	-2,9	-2,7	-1,6	-4,1	-3,2	-4,1
Parados	13,2	14,2	8,3	14,8	15,3	18,6
Inactivos	0,2	-0,2	-0,5	1,7	-0,4	-0,7
Mulleres						
Activos	2,4	1,9	2,7	1,6	3,2	1,8
Ocupados	-0,1	-0,1	1,4	-1,3	-0,3	-1,3
Parados	14,8	11,7	9,3	17,2	21,1	15,7
Inactivos	-2,7	-2,0	-3,0	-2,0	-3,7	-2,5
Total						
Activos	0,8	0,7	1,2	0,0	1,3	0,7
Ocupados	-1,6	-1,5	-0,2	-2,8	-1,8	-2,8
Parados	14,0	12,9	8,8	16,0	18,1	17,3
Inactivos	-1,5	-1,3	-1,9	-0,6	-2,3	-1,7
España						
Homes						
Activos	-1,1	-0,8	-1,5	-1,2	-0,9	-1,1
Ocupados	-2,9	-1,8	-2,6	-3,3	-4,0	-5,3
Parados	6,3	3,2	2,8	7,8	11,6	14,8
Inactivos	1,8	1,6	2,8	1,8	1,1	1,5
Mulleres						
Activos	1,5	1,5	2,1	1,6	0,8	1,5
Ocupados	-0,7	-0,8	1,1	-0,6	-2,4	-2,3
Parados	9,8	10,5	5,6	10,0	13,1	15,0
Inactivos	-1,1	-1,0	-1,8	-1,3	-0,5	-1,3
Total						
Activos	0,1	0,2	0,1	0,1	-0,1	0,0
Ocupados	-1,9	-1,3	-0,9	-2,1	-3,3	-4,0
Parados	7,9	6,4	4,1	8,8	12,3	14,9
Inactivos	0,0	0,0	0,0	-0,1	0,1	-0,2

Fonte: INE, *Encuesta de Población Activa.*

6 décimas ata situarse nos 4,9 puntos, cunha evolución similar por sexos (5 décimas de redución no caso dos homes, ata os 5,8 puntos; 6 décimas para as mulleres, ata os 3,7 puntos), o que segue a indicar unha maior proximidade da actividade feminina respecto da media nacional que a masculina. En termos interanuais houbo importantes disparidades por sexos: no caso dos homes a taxa permaneceu practicamente constante en todos os trimestres excepto no terceiro, cunha caída de 7 décimas. No caso das mulleres, pola contra, a variación na taxa foi positiva durante todo o ano, especialmente no segundo (1,4 puntos) e cuarto trimestre (1,7 puntos), mentres no primeiro e terceiro as variacións foron máis suaves (1 punto e 9 décimas respectivamente).

A taxa de emprego[2] reduciuse en 6 décimas, acadando o 45,6%, unha evolución similar á media nacional (que se reduciu en 9 décimas ata o 47%). Por sexos, a taxa caeu de xeito notable no caso dos homes (1,4 puntos) ata o 51,4%, mentres que a feminina creceu unha décima ata o 40,2%, o que representa unha evolución distinta respecto ao conxunto do Estado, no que caeu en 4 décimas. A variación na masculina, en cambio, foi similar á galega (caída de 1,5 puntos). De calquera xeito, o diferencial entre as taxas galegas e as españolas reduciuse lixeiramente (3 décimas para o conxunto dos traballadores, 1 décima para os homes e 4 décimas para as mulleres), malia que ditos diferenciais son menores que os existentes no caso da actividade ou o desemprego. En termos interanuais a taxa reduciuse en todos os trimestres (excepto o segundo, no que permaneceu constante debido a unha diminución da masculina e un aumento da feminina de igual magnitude, 7 décimas), como consecuencia do comportamento masculino. Así, as caídas no primeiro e cuarto trimestres son debidas a reducións nas taxas deste grupo de 1,3 puntos e 1,5 puntos respectivamente, mentres a feminina aumentaba nunha décima no primeiro e permanecía constante no cuarto. A caída que se rexistra no terceiro trimestre (1,2 puntos) reflicte reducións respectivas da taxa dos homes (2,1 puntos) e das mulleres (4 décimas).

A taxa de desemprego[3] foi o indicador que reflectiu con maior intensidade o empeoramento xeral do mercado de traballo, acadando o 17,4% da poboación activa, 2 puntos máis que no ano precedente, aínda que foi 4,2 puntos inferior á media nacional, reducíndose o diferencial entre as dúas en tan só 4 décimas. Non houbo un impacto significativamente diferente por sexos, con aumentos en 2 puntos tanto na taxa masculina coma na feminina, situándose respectivamente no 16,6% e o 18,3%. Este dato supón que a taxa correspondente aos homes foi 4,6 puntos menor que a correspondente taxa nacional, mentres que no caso das mulleres a distancia foi de 3,9 puntos (reducións nos diferenciais de 5 e 3 décimas respectivamente). En termos interanuais, as maiores variacións déronse na segunda metade do ano, con aumentos de 2,4 e 2,6 puntos no terceiro e cuarto trimestre respectivamente, aínda que no resto

[2] A taxa de emprego defínese como a *ratio* entre a poboación ocupada e a poboación en idade de traballar (ou potencialmente activa) multiplicada por 100.

[3] A taxa de desemprego defínese como a *ratio* entre a poboación desempregada e a poboación activa multiplicada por 100.

do ano a taxa non deixou de medrar (1,9 puntos no primeiro trimestre e 1,2 puntos no segundo). Ademais, e en liña co sinalado anteriormente, o comportamento por sexos non foi moi diferente, se ben nos dous primeiros trimestres a taxa feminina creceu por debaixo da masculina (1,6 e 2,1 no primeiro, 1,1 fronte a un 1,2 no segundo) para inverterse a tendencia na segunda metade do ano (2,4 fronte a un 2,3 no terceiro e 2,8 fronte a un 2,4 no último). Esta tendencia reflicte, por un lado, que a recesión segue a incrementar a taxa de desemprego, reducíndose o diferencial respecto da media nacional, que marcara un máximo en 2009, con 6 puntos de distancia; por outra banda, a intensidade no crecemento da taxa de desemprego suavizouse respecto do ano precedente, o que pode estar indicando que a fase máis crítica da recesión xa ten pasado.

A análise de fontes estatísticas alternativas á EPA permite completar esta descrición xeral do comportamento do mercado de traballo durante o ano 2011. Así, os datos de afiliación ao sistema de Seguridade Social proporcionados polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social* (*Ministerio de Trabajo e Inmigración* antes do cambio de goberno de novembro de 2011) indican que na media do ano a afiliación se situou en 985.725 traballadores, o que supón unha caída de 26.700 respecto a 2010, un 2,6% (a EPA estima unha caída da ocupación do 1,6%). Este dato implica que a serie de medias anuais atopa o seu valor máis baixo desde 2005, claramente por debaixo do millón de afiliados en alta. Por réximes, o xeral experimentou un descenso do 3% (22.300), mentres que o de autónomos moderou a súa caída respecto á experimentada en 2010, cunha variación do -1,8%. En termos interanuais, a caída da afiliación foise acelerando ao longo do ano, pasando de taxas arredor do -2,2% nos cinco primeiros meses do ano (-2,2% en xaneiro e abril, -2,3% en marzo, -2,4% en febreiro e maio), a taxas próximas ao 3% no último terzo do ano (-2,9% en outubro e -3,1% en novembro e decembro). Esta variación foi especialmente máis intensa no réxime xeral, que pasou de reducións do 2,2% no mes de xaneiro ata o -3,8% en decembro. No caso do réxime especial de autónomos ocorre o contrario, xa que moderou a súa caída, desde o -2,7% de febreiro ata o -1,4% de decembro. Por último, o réxime especial do mar segue a rexistrar caídas (na media do ano un 1,9%), o que supón unha década completa de taxas de variación negativas e indica o declive do sector dentro da economía galega.

En definitiva, esta primeira imaxe da evolución do mercado de traballo en Galicia durante o ano 2011 amosa que os efectos da recesión seguen a manifestarse plenamente na evolución dos principais indicadores, en especial no tocante á destrución de emprego (aínda que se moderou a súa taxa de variación respecto ao ano anterior) e ao crecemento do desemprego. Ademais, despois dun período no que o mercado de traballo reflectía un ciclo desfasado respecto da media nacional, en 2011 as respectivas dinámicas foron moito máis similares. As perspectivas de cara ao ano 2012 non son alentadoras debido aos axustes fiscais que o goberno do Estado e da comunidade autónoma están a realizar para poder cumprir cos obxectivos de déficit, polo que a evolución do mercado de traballo nacional, e o galego en particular, será previsiblemente máis negativa que en 2011. Ao recorte no gasto público haberá que engadir a falta de confianza, que afecta de cheo aos principais compoñentes da demanda agregada (consumo e investimento), o que non axudará como motor de creación de emprego.

Gráfico 1.

Traballadores afiliados á Seguridade Social en alta laboral



Queda por determinar se a incerteza respecto ao futuro pode incrementar o aforro por motivo precaución de familias e empresas, o que pode contraer aínda máis a demanda e, polo tanto, provocar nova destrución de emprego. A reforma do mercado de traballo aprobada no mes de marzo de 2012 facilita o despedimento por motivos económicos, o que pode animar as empresas, que aínda non o fixeron, a axustar o tamaño óptimo dos seus cadros de persoal.

Os datos da EPA correspondentes ao primeiro trimestre de 2012 indican un agravamento profundo da recesión, con fortes caídas da ocupación (30.200 respecto ao primeiro trimestre de 2011, -2,8%) e novos aumentos do desemprego (39.100, 17,3%). Por sexos, a redución na ocupación afectou con máis intensidade aos homes (23.700, 4,1%), malia que o grupo feminino tamén experimentou unha diminución apreciable (6.500, 1,3%). Ao igual que acontecera ao longo de 2011, o aumento no desemprego foi máis homoxéneo, con subidas para homes e mulleres de 21.800 (18,6%) e 17.200 (15,7%) respectivamente. En calquera caso, esta dinámica amosa diferenzas respecto á nacional, xa que a ocupación cae menos en Galicia (-2,8% fronte a un -4%), pero o desemprego aumenta máis (17,3% fronte a un 14,9%). Esta situación débese á diferente evolución da actividade, que en España permanece constante mentres en Galicia aumenta nun 0,7%. A consecuencia máis visible desta evolución é a elevada taxa de desemprego, tanto en Galicia como no conxunto nacional, que alcanzan máximos históricos na serie actual do INE. En España a taxa situouse no 24,4% (aumento de 3,2 puntos respecto ao primeiro trimestre de 2011), cunha desagregación por sexos moi

similar (24,1% para os homes, 24,9% para as mulleres). Galicia, pola súa banda, experimentou un aumento en termos interanuais de 2,9 puntos ata acadar o 20,2%, sen grandes diferenzas por sexos (19,9% no caso dos homes, 20,6% no das mulleres).

Actividade

O número total de activos durante o ano aumentou en 10.300 (variación do 0,8%), o que supuxo un cambio respecto a 2010 (no que caera un 1,2%) e o retorno ao patrón de comportamento previo a dito ano, con avances continuos desde 2005. Por sexos, rexistráronse disparidades notables, xa que mentres o grupo masculino reduciu a súa participación en 3.800 (-0,5%), o feminino aumentou de xeito considerable, en 14.100 (2,4%). En termos interanuais, no caso dos homes rexistráronse taxas de variación negativas en todos os trimestres, con caídas maiores na segunda parte do ano (-1,4% e -0,4% no terceiro e cuarto trimestre respectivamente) que na primeira (-0,2% e -0,1% no primeiro e segundo). No grupo feminino, pola contra, os aumentos foron a pauta durante todos os trimestres, con variacións especialmente importantes no segundo (2,7%) e no cuarto (3,2%). O feito de que se producise un avance tan notable na actividade feminina pode estar relacionado co feito de que moitas mulleres que permanecían na inactividade teñan pasado a buscar de forma activa emprego, ante a situación de recesión e aumento do desemprego, para compensar a caída de ingresos nas unidades familiares. Esta hipótese gaña forza ao analizar a evolución da composición da actividade por sexos e grupos de idade.

O único grupo que reduciu a participación no mercado laboral foi o de 16 a 24 anos, que caeu un 8,2% (7.800 activos menos), mentres que o grupo de 25 a 54 e o de máis de 55 aumentaron respectivamente en 1,1% e 3,5%. É dicir, foi o comportamento dos máis novos no mercado de traballo o que determinou a evolución agregada da actividade. A forte caída neste grupo (que se engade á de 2010 do 12,6%) resulta moi preocupante, por canto pode estar a indicar a saída da poboación cara a outras rexións ou países ante as escasas probabilidades de atopar emprego en Galicia. Non obstante, esta redución foi diminuíndo a súa intensidade ao longo do ano, pasando dunha taxa do -9,7% no primeiro trimestre, a taxas do -7,6%, -7,9% e -7,7% nos restantes, situándose, polo tanto, por debaixo das taxas rexistradas no ano precedente, superiores ao 10%. No resto de grupos de idade a evolución, como comentamos, foi positiva, en particular no grupo de maiores de 55, no que as taxas oscilaron entre o 2,9% do terceiro trimestre e o 4,7% do segundo, mentres que o grupo central tivo un comportamento menos dinámico, con taxas entre o 0,2% do terceiro trimestre ata o 1,7% do último.

A evolución por sexos matiza este resultado, xa que o bo comportamento dos grupos de idade correspondentes aos maiores de 25 anos se debe á evolución do segmento feminino. Así, no grupo de 25 a 54 anos a taxa de variación da actividade

Cadro núm. 2

Poboación activa por sexo e grupos de idade en Galicia (en miles de persoas)

	2010	2011				2012
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	I trim.
Homes							
De 16 a 24 anos	53,2	50,0	49,5	50,8	47,2	49,4	45,1
De 25 a 54 anos	550,4	552,3	550,4	552,0	550,2	551,2	550,5
De 55 e máis anos	100,1	98,3	100,1	99,1	99,4	99,2	103,3
Total	**703,7**	**700,7**	**700,0**	**702,0**	**696,7**	**699,9**	**698,9**
Mulleres							
De 16 a 24 anos	41,7	37,4	36,3	40,0	37,2	37,7	39,4
De 25 a 54 anos	478,8	487,3	490,8	485,6	495,2	489,7	490,8
De 55 e máis anos	76,8	81,8	83,7	86,0	84,2	83,9	87,0
Total	**597,3**	**606,5**	**610,9**	**611,6**	**616,5**	**611,4**	**617,2**
Total							
De 16 a 24 anos	94,9	87,4	85,8	90,8	84,4	87,1	84,5
De 25 a 54 anos	1.029,2	1.039,7	1.041,4	1.037,6	1.045,2	1.041,0	1.041,2
De 55 e máis anos	176,9	180,1	183,8	185,1	183,6	183,2	190,3
Total	**1.300,9**	**1.307,2**	**1.310,9**	**1.313,5**	**1.313,3**	**1.311,2**	**1.316,0**

	Variación 2011-2010		Taxa de variación 2012- 2011 (I trim.)
	Absoluta (miles)	%	%
Homes			
De 16 a 24 anos	-3,8	-7,1	-9,8
De 25 a 54 anos	0,8	0,1	-0,3
De 55 e máis anos	-0,8	-0,8	5,1
Total	**-3,8**	**-0,5**	**-0,3**
Mulleres			
De 16 a 24 anos	-4,0	-9,6	5,3
De 25 a 54 anos	10,9	2,3	0,7
De 55 e máis anos	7,1	9,3	6,4
Total	**14,1**	**2,4**	**1,8**
Total			
De 16 a 24 anos	-7,8	-8,2	-3,3
De 25 a 54 anos	11,8	1,1	0,1
De 55 e máis anos	6,3	3,5	5,7
Total	**10,3**	**0,8**	**0,7**

Fonte: INE, *Encuesta de Población Activa.*

feminina foi do 2,3%, mentres a masculina foi de 0,1%. No grupo de maiores de 55, as mulleres aumentaron a participación nun 9,3%, mentres os homes a reduciron nun 0,8%. Este dato reforza a hipótese proposta relativa a unha incorporación das mulleres ao mercado laboral ante o aumento do desemprego, na busca de complementos ás rendas laborais nas familias. O feito de que sexan as mulleres de máis idade as que con máis intensidade teñen incrementado a súa participación indica que este tipo de patróns de comportamento poden estar a darse no mercado de traballo galego. A análise do grupo dos máis novos ofrece resultados por sexos opostos aos descritos ata agora. Mentres a actividade masculina se reduce fortemente (-7,1%), a taxa de variación das mulleres é aínda maior (-9,6%), o que pode estar indicando ou ben unha maior predisposición cara á formación nun contexto de elevado desemprego xuvenil, ou ben unha maior propensión á mobilidade cara a outros mercados laborais.

A taxa de actividade, como resultado desta evolución, aumentou levemente en 6 décimas, ata acadar o 55,2% na media do ano, o que deixou o diferencial respecto ao conxunto español en 4,9 puntos menos. Non obstante, a desagregación por sexos e grupos de idade amosa fortes contrastes. A taxa dos máis novos (16 a 24 anos) situouse no 38,8% (1,9 puntos de caída respecto a 2010), con fortes disparidades por

Cadro núm. 3

Taxas de actividade por sexo e grupos de idade. Ano 2011

	Galicia		España		
	%	Variación diferencial 2011-2010	%	Variación diferencial 2011-2010	Diferencial España-Galicia
Homes					
De 16 a 24 anos	43,2	-1,6	46,7	-3,0	-3,5
De 25 a 54 anos	90,6	0,6	92,6	0,1	-1,9
De 55 e máis anos	24,1	-0,5	28,5	-0,3	-4,5
Total	**61,7**	**-0,2**	**67,5**	**-0,6**	**-5,8**
Mulleres					
De 16 a 24 anos	34,3	-2,1	43,1	-0,9	-8,9
De 25 a 54 anos	80,2	2,2	79,3	1,0	0,8
De 55 e máis anos	16,1	1,2	16,5	1,2	-0,3
Total	**49,2**	**1,3**	**52,9**	**0,7**	**-3,7**
Total					
De 16 a 24 anos	38,8	-1,9	44,9	-1,9	-6,1
De 25 a 54 anos	85,4	1,4	86,0	0,5	-0,7
De 55 e máis anos	19,6	0,5	21,9	0,5	-2,3
Total	**55,2**	**0,6**	**60,0**	**0,0**	**-4,9**

Fonte: INE, *Encuesta de Población Activa.*

Gráfico 2.

Taxas de actividade relativas por comunidades autónomas (en %). Ano 2011



Nota: A taxa relativa calcúlase como a taxa da comunidade autónoma sobre a nacional menos a unidade.

Gráfico 3.

Taxas de actividade por sexo (en %)



sexos: a taxa masculina foi do 43,2% (1,6 puntos menos), mentres a feminina acadou o 34,3% (2,1 puntos menos). Ademais, respecto á media nacional, malia que para os dous grupos a participación é inferior á española, o segmento masculino está máis próximo ao conxunto do Estado que o feminino, xa que os correspondentes diferenciais se situaron en 3,5 e 8,9 puntos respectivamente. Pola súa banda, o grupo central de idade incrementou a taxa en 1,4 puntos, ata o 85,4%, 7 décimas por debaixo da taxa nacional. Por sexos, a taxa masculina foi 10 puntos superior á feminina (90,6% e 80,2% respectivamente), aínda que esta última medrou máis que a dos homes (2,2 puntos fronte a 6 décimas). En calquera caso, a taxa feminina volveu situarse por riba da media española (8 décimas), mentres a masculina está 1,9 puntos por debaixo. No grupo de idade máis avanzada (55 e máis anos) de novo atopamos un maior dinamismo nas mulleres que nos homes, a pesar de que a taxa destes últimos segue a ser máis elevada (24,1% fronte ao 16,1%). No grupo masculino a taxa reduciuse en 5 décimas, mentres no feminino aumentou en 1,2 puntos, o que deixa un saldo neto de 5 décimas de avance para o conxunto, cunha taxa media do 19,6%, 2,3 puntos máis reducida que a nacional.

A evolución da actividade en Galicia ao longo de 2011 permitiulle mellorar lixeiramente a súa posición relativa na clasificación de taxas de actividade por comunidades autónomas, pasando do posto 16 ao 15, malia que se mantén afastada das rexións que tradicionalmente ocupan os primeiros postos, Baleares, a Comunidade de Madrid ou Cataluña, todas elas con taxas superiores ao 63%, moi por riba do 55,2% rexistrado en Galicia.

Ocupación

A incidencia da recesión sobre a evolución da ocupación total en Galicia manifestouse nunha nova caída do emprego, pero suavizando a dinámica respecto ao ano precedente. Así, se en 2010 a poboación ocupada caera nun 4,4%, en 2011 dita diminución foi de 17.700, un -1,6%. Deste xeito, o número total de traballadores ocupados sitúase lixeiramente por riba do millón (1.083.000). Esta evolución foi máis intensa na segunda metade do ano, na que as caídas foron do -2,8% no terceiro trimestre e do -1,8% no cuarto. Nos dous primeiros, pola contra, parecía albiscarse unha certa mellora na evolución deste indicador, por canto a taxa de variación interanual pasaba do -1,5% do primeiro trimestre ao -0,2% do segundo. Por outra banda, o comportamento por sexos foi moi diferente; de feito, a caída na ocupación débese case exclusivamente ao grupo masculino (17.400 ocupados menos, 2,9%), mentres que a dinámica da ocupación feminina foi moito máis favorable, cunha leve diminución de tan só 300, un 0,1%. O grupo de idade que máis fortemente se viu afectado pola redución no emprego foi o de 25 a 54 anos, con 13.700 ocupados menos (1,6%), aínda que a variación relativa máis intensa, ao igual que acontecera en 2010, deuse no grupo dos máis novos (-11,3%), cunha caída en termos absolutos de 6.900. O grupo de maiores de 55 anos foi o único que logrou amosar unha variación positiva, con 2.900 ocupados máis, un 1,8%. Non obstante, a desagregación desta evolución por sexos indica que as disparidades entre grupos foron moito maiores. Así, no caso dos mozos, a caída foi máis intensa nos homes (4.400, -12,7%) que nas mulleres (2.500, -9,4%). No grupo de 25 a 54 anos ocorre algo similar, con reducións do emprego masculino de 10.800 (-2,3%) e no feminino de 2.800 (-0,7%). A evolución positiva no grupo superior de idade debeuse ao forte aumento do emprego no segmento feminino (5.000, un 7,2% máis) que compensou, en parte, a caída de 2.100 (2,3%) dos homes.

A evolución trimestral da ocupación por sexos e grupos de idade tamén amosa fortes diferenzas. Así, no grupo de homes entre 16 e 24 anos produciuse unha aceleración no ritmo de caída do emprego, pasando do -9,9% do primeiro trimestre ao -16,1% do último. No caso das mulleres, pola contra, o ritmo vaise suavizando, desde o -25,2% do primeiro trimestre ata o -2,4% do último, chegando incluso a medrar a ocupación do grupo no terceiro (5,5%). No caso do grupo entre 25 e 54 anos, as taxas de variación no segmento masculino non seguiron un patrón definido, e oscilaron entre o -1,1% do segundo trimestre e o -3,2% do terceiro. En cambio, no caso das mulleres rexistráronse taxas de variación positivas na primeira metade do ano (0,6% e 1,3% nos dous primeiros trimestres), cunha caída apreciable no terceiro trimestre (-3,6%) e unha posterior suavización en dita caída no último (-1%). No grupo de maiores de 55 anos, as maiores reducións para os homes producíronse no primeiro (-3,5%) e terceiro (-4,7%) trimestre, cunha dinámica máis estable nos outros dous (-0,7% no segundo e -0,1% no último); no caso das mulleres os maiores incrementos déronse no segundo (7,9%) e terceiro (9,5%) trimestre, aínda que as variacións no primeiro (6,7%) e cuarto (4,8%) tamén foron apreciables.

Cadro núm. 4

Poboación ocupada por sexo e grupos de idade en Galicia (en miles de persoas)

	2010	2011					2012
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	I trim.
Homes							
De 16 a 24 anos	34,9	29,9	30,2	33,6	28,2	30,5	26,0
De 25 a 54 anos	474,8	465,4	468,4	464,8	457,4	464,0	443,3
De 55 e máis anos	91,0	88,5	89,8	88,9	88,6	89,0	90,9
Total	**600,8**	**583,8**	**588,4**	**587,4**	**574,1**	**583,4**	**560,1**
Mulleres							
De 16 a 24 anos	26,4	21,4	23,2	27,0	24,1	23,9	23,1
De 25 a 54 anos	403,6	403,3	404,3	395,5	400,1	400,8	391,4
De 55 e máis anos	69,8	72,1	75,5	77,1	74,7	74,9	75,9
Total	**499,9**	**496,8**	**503,0**	**499,6**	**498,8**	**499,6**	**490,3**
Total							
De 16 a 24 anos	61,3	51,3	53,3	60,7	52,2	54,4	49,1
De 25 a 54 anos	878,5	868,7	872,7	860,3	857,4	864,8	834,6
De 55 e máis anos	160,9	160,6	165,3	166,0	163,2	163,8	166,9
Total	**1.100,7**	**1.080,7**	**1.091,4**	**1.087,0**	**1.072,9**	**1.083,0**	**1.050,5**

	Variación 2011-2010		Taxa de variación 2012- 2011 (I trim.)
	Absoluta (miles)	%	%
Homes			
De 16 a 24 anos	-4,4	-12,7	-13,0
De 25 a 54 anos	-10,8	-2,3	-4,7
De 55 e máis anos	-2,1	-2,3	2,7
Total	**-17,4**	**-2,9**	**-4,1**
Mulleres			
De 16 a 24 anos	-2,5	-9,4	7,9
De 25 a 54 anos	-2,8	-0,7	-3,0
De 55 e máis anos	5,0	7,2	5,3
Total	**-0,3**	**-0,1**	**-1,3**
Total			
De 16 a 24 anos	-6,9	-11,3	-4,3
De 25 a 54 anos	-13,7	-1,6	-3,9
De 55 e máis anos	2,9	1,8	3,9
Total	**-17,7**	**-1,6**	**-2,8**

Fonte: INE, *Encuesta de Población Activa.*

A taxa de emprego para o conxunto da economía galega situouse na media do ano no 45,6%, 6 décimas por debaixo da rexistrada en 2010, e 1,5 puntos por debaixo da media nacional (que se reduciu en 9 décimas). Por tanto, Galicia exhibiu unha redución na taxa superior á media nacional, que, en todo caso, agacha fortes diverxencias na evolución por grupos de idade e por sexo. Así, o grupo de idade cunha maior taxa (e unha maior estabilidade na mesma) foi o grupo central (25 a 54 anos), cunha redución de 8 décimas ata acadar o 70,9%. Esta variación estivo en liña coa rexistrada a nivel nacional (9 décimas de caída) e deixou a galega 2,3 puntos por riba daquela. Con todo, a análise por sexos matiza este resultado: a taxa masculina caeu en 1,4 puntos ata o 76,3%, mentres a feminina se reduciu tan só nunha décima, ata o 65,6%. Estas variacións foron similares ás rexistradas no conxunto de España (-1,3 puntos no caso dos homes, -0,5 puntos no das mulleres). Como resultado, os respectivos diferenciais respecto da media nacional foron positivos, se ben maiores para o caso das mulleres (2,9 puntos) que no dos homes (1,8 puntos). A taxa do grupo de 16 a 24 anos experimentou unha forte caída de 2 puntos como consecuencia da dinámica do emprego anteriormente descrita, ata chegar ao 24,3%. No caso dos homes, a redución foi maior que no das mulleres (-2,8 e -1,3 puntos respectivamente), o que deixou as taxas destes grupos no 26,7% e 21,7% respectivamente. Ademais, se ben a taxa galega do grupo está moi próxima á media nacional (2 décimas superior), isto débese a que o diferencial positivo a favor da taxa masculina galega (2,5 puntos) compensa case por completo o diferencial negativo da feminina (2,2 puntos). En calquera caso, as caídas que se produciron foron claramente inferiores á media nacional (4,1 puntos para os homes, 2,5 puntos para as mulleres). No caso do grupo de maiores de 55 anos atopamos, coma en anos anteriores, as menores taxas e as máis estables. Así, para o conxunto dos traballadores a taxa medrou nunha décima ata o 17,5%, aumento inferior ao rexistrado para o mesmo grupo no conxunto nacional (3 décimas). Por sexos, a caída de 7 décimas no grupo masculino foi acompañada dun aumento de 9 décimas no feminino, aínda que as taxas dos primeiros son claramente superiores ás das mulleres (21,5% e 14,4% respectivamente). De novo atopamos diferenzas por sexo nos diferenciais respecto a España, xa que a taxa masculina galega foi inferior en 2,8 puntos á nacional, mentres a feminina foi superior en 2 décimas.

Gráfico 4.

Taxas de emprego por sexos (en %)



A distribución por comunidades autónomas das taxas de emprego experimentou pequenos cambios ao longo do ano, con comunidades que mudaron a súa posición na clasificación en función das mesmas. Galicia foi unha delas, pasando desde a sexta posición pola cola ata a sétima, pero moi afastada das comunidades autónomas que lideran esta clasificación, a Comunidade de Madrid (53,4%), Navarra (52,5%) ou o País Vasco (51,4%). De feito, a distancia respecto destas tres comunidades é maior que a distancia que separa Galicia das rexións con menores taxas de emprego, como Estremadura (40,8%) ou Andalucía (40,9%).

Gráfico 5.

Taxas de emprego relativas por comunidades autónomas
(en %). Ano 2011



Nota: A taxa relativa calcúlase como a taxa da comunidade autónoma sobre a nacional menos a unidade.

A análise da evolución da ocupación por sectores económicos indica que as caídas no emprego déronse nos sectores primario (3.500 ocupados menos, -4%) e, sobre todo, na construción (caída de 13.900, -13,2%), que se engade ás reducións rexistradas en anos anteriores. Así, desde 2008 o sector acumula unha diminución de 42.700, un 36,5% do total de ocupación perdida. O sector de servizos amosou un comportamento máis suave, cunha leve caída de 4.200 (-0,6%), mentres a industria foi o único sector capaz de rematar o ano con taxas de variación positivas (2,3%), o que representou 3.900 ocupados máis.[4] Este dato rompe coa evolución dos últimos anos, caracterizada por unha caída xeneralizada do emprego en todos os sectores. Por outra banda, a redución do sector agrario non fai máis que continuar a tendencia secular cara á perda de importancia do sector, e indica que non está a actuar como refuxio ante as caídas na ocupación dos outros sectores. Ademais, esta dinámica contrasta en parte coa rexistrada a nivel nacional, na que as reducións afectaron a todos os sectores (incluída a industria). Así, o sector primario experimentou unha diminución de 32.800 (-4,1%, moi similar á taxa de va-

[4] O aparente bo comportamento do sector industrial ao longo de 2011 que describe a EPA debe, non obstante, ser tomado con moita cautela, pois indicadores alternativos amosan unha evolución máis negativa. Así, tanto os datos de afiliación á Seguridade Social coma os de Contabilidade Rexional Trimestral sinalan unha caída da ocupación do sector: a afiliación contraeuse no sector nun 5% no conxunto do ano, mentres a ocupación estimada pola Contabilidade Trimestral do IGE caeu un 4,4% entre 2010 e 2011. Esta diverxencia entre as fontes estatísticas pode deberse ao diferente modo de imputación das diversas actividades realizadas polas empresas ás ramas de actividade en cada unha das operacións estatísticas.

riación galega), a industria de 55.300 (-2,1%) e a construción de 257.900 (-15,6%), mentres que os servizos mantiveron practicamente constante a ocupación (caída de 5.900). Estes datos indican que o axuste no sector da construción aínda non se ten completado e non permiten ser optimistas respecto ao futuro. O actual goberno da nación está fortemente comprometido coa estabilidade orzamentaria e co equilibrio das finanzas públicas, polo que impuxo un forte paquete de recortes no gasto, que afectará ao investimento público en infraestruturas. A débil situación da demanda privada de actividades de construción fai prever, polo tanto, que o emprego do sector se verá comprometido por esta política de axuste.

Por outra banda, os datos da EPA indican que o proceso de destrución de emprego foi irregular no transcurso do ano. Así, a taxa de variación interanual no primeiro trimestre foi do -1,5%, caendo ao -0,2% no segundo, para volverse acelerar ata o -2,8% no terceiro e rematar o ano cunha taxa do -1,8% no cuarto. Isto vai na liña do acontecido no conxunto español, no que, mentres a primeira metade do ano parecía rexistrar unha moderación na caída do emprego (taxas do -1,3% e do -0,9% nos dous primeiros trimestres respectivamente), na segunda metade produciuse unha nova aceleración deste proceso (-2,1% e -3,3% no terceiro e cuarto trimestre respectivamente). Ademais, a desagregación por sectores da dinámica anual sinala importantes diferenzas. O sector primario acelerou o ritmo de destrución de emprego ao longo do ano (pasando incluso dunha taxa positiva do 1,2% no primeiro trimestre ata o -8% do último, con taxas do -3,5% e -5,3% nos trimestres centrais). A industria, pola contra, se ben comezou o ano cunha taxa negativa no primeiro trimestre (-0,6%), foi capaz de comezar a crear emprego no segundo (2,8%) para afianzar este proceso no terceiro (3,7%) e cuarto (3,3%). A construción, en cambio, presentou fortes taxas de variación negativas ao longo de todo o ano, en especial na segunda metade, con taxas de -16% e do -14,9% no terceiro e cuarto trimestres respectivamente, mentres que as taxas da primeira metade foron lixeiramente máis moderadas (-12,3% no primeiro, -9,6% no segundo). Os servizos, por último, rexistraron taxas de variación trimestrais que non seguiron unha tendencia definida, movéndose entre a variación positiva do segundo trimestre (0,8%) ata a caída do -2,2% no terceiro.

Como consecuencia desta dinámica a composición do emprego por sectores económicos segue a estar caracterizada por un forte peso dos servizos sobre o total (67,7%), seguido de industria (16,2%), construción (8,4%) e sector primario (7,7%). Estas porcentaxes amosan unha composición sectorial diferente da española, na que os servizos teñen un maior peso (74%) e a industria representa o 14,1% do total, mentres a construción achega o 7,7% do emprego total e o sector primario o 4,2%. Ademais, cabe salientar que as variacións descritas na ocupación sectorial non modificaron substancialmente a distribución respecto a 2010, con dous sectores que aumentan a participación relativa (a industria en 6 décimas e os servizos en 7) e outros dous que reducen a súa, de maneira particular a construción, cunha caída de 1,1 puntos (polo que o sector primario reduciu a súa importancia no emprego total en 2 décimas). Non obstante, esta análise da composición sectorial do emprego pode estar condicionada pola importancia do sector primario en Galicia, explicada polo tradicional peso

Gráfico 6.

Estrutura sectorial do emprego en Galicia (en %). Ano 2011



da agricultura, así como pola inclusión do sector pesqueiro dentro do primario. Para poder illar desta análise o efecto do sector primario procedemos a detallar a composición do emprego non agrario. Así, a industria en Galicia representou o 17,6% do total, a construción o 9,1% e os servizos o 73,3%. Se comparamos estas cifras coas correspondentes nacionais atopamos que as diferenzas descritas anteriormente se manteñen, xa que o peso dos respectivos sectores para o conxunto nacional foi do 14,7% para a industria, do 8% para a construción e do 77,2% para os servizos.

Por provincias, Pontevedra foi a máis afectada pola caída na ocupación, con 9.100 empregados menos, un 2,5%. Esta dinámica debeuse a caídas xeneralizadas en todos os sectores produtivos, cuantitativamente máis elevadas na construción (3.300, 10,6%) e na industria (3.200, 4,4%), malia que a redución no sector primario (1.300, 5,8%) tamén foi importante en termos relativos. Os servizos tiveron un comportamento máis estable, cunha lixeira caída de 1.400, o que supuxo un 0,6% de variación. Cabe salientar que esta provincia é a única que non foi capaz de aumentar o emprego no sector industrial. As dúas provincias do interior sufriron retrocesos na ocupación importantes, pero menos intensas que as de Pontevedra. Así, Lugo experimentou unha redución de 3.100 (2,2%) e Ourense de 1.800 (1,6%). Ademais, a dinámica sectorial nestas dúas provincias presentou características semellantes: tanto en Lugo coma en Ourense a ocupación na industria medrou de xeito relevante (1.800 en Lugo, 12,2%; 1.300 en Ourense, 7,3%); nas dúas provincias a caída no sector da construción foi claramente inferior á media galega (200 ocupados menos en Lugo, -1,4%, 900 ocupados menos en Ourense, -7,4%); e nos servizos, aínda que se produciron reducións nas dúas, estas foron maiores en Ourense (1.700, -2,2%) que en Lugo (1.100, -1,3%). A destrución de emprego agrario afectou, non obstante, con maior intensidade a Lugo, cunha caída de 3.600, un 12,7%, a maior caída relativa de toda Galicia. En Ourense, en cambio, a redución foi de 500 ocupados, un 6% menos. A Coruña rompeu coa evolución rexistrada no ano precedente, no que liderara a destrución de emprego en Galicia, e rematou o ano con tan só 3.600 ocupados menos, un 0,8% de redución, a menor variación das catro provincias. Ademais, por sectores, experimentou avances no sector primario (2.000, 7,5%, sendo a única provincia que xerou emprego neto no sector) e na industria (4.000, 6%, 900 ocupados máis que Lugo e Ourense xuntas). A caída na construción, pola contra, foi a máis intensa das rexistradas nas provincias galegas (9.600, 20%, máis do dobre que a destrución de emprego nas outras tres provincias xuntas). Por último, os servizos perderon tan só 100 ocupados, o que deixa o emprego no sector practicamente constante.

Cadro núm. 5

Ocupación por sectores económicos e provincias (en miles de persoas)

	2010	2011					Variación 2011-2010	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	Absoluta	%
A Coruña								
Agricultura	26,8	27,1	27,1	30,3	30,6	28,8	2,0	7,5
Industria	66,6	67,5	70,0	73,0	71,7	70,6	4,0	6,0
Construción	48,0	42,4	40,5	36,5	34,1	38,4	-9,6	-20,0
Servizos	332,9	334,3	329,3	330,0	337,7	332,8	-0,1	0,0
Non-agrario	447,4	444,2	439,8	439,5	443,5	441,8	-5,7	-1,3
Total	**474,2**	**471,3**	**466,8**	**469,9**	**474,0**	**470,5**	**-3,6**	**-0,8**
Lugo								
Agricultura	28,6	26,4	26,0	24,2	23,4	25,0	-3,6	-12,7
Industria	14,8	14,7	18,0	18,0	15,6	16,6	1,8	12,2
Construción	14,3	14,4	14,0	13,7	14,1	14,1	-0,2	-1,4
Servizos	83,3	81,3	81,1	83,2	83,1	82,2	-1,1	-1,3
Non-agrario	112,3	110,4	113,1	114,9	112,8	112,8	0,5	0,4
Total	**141,0**	**136,8**	**139,2**	**139,2**	**136,1**	**137,8**	**-3,1**	**-2,2**
Ourense								
Agricultura	8,8	9,3	8,8	8,7	6,3	8,3	-0,5	-6,0
Industria	17,8	18,4	19,6	19,7	18,5	19,1	1,3	7,3
Construción	12,5	12,0	12,1	11,3	10,7	11,5	-0,9	-7,4
Servizos	76,8	74,3	75,7	74,1	76,1	75,1	-1,7	-2,2
Non-agrario	107,0	104,7	107,4	105,1	105,3	105,6	-1,3	-1,2
Total	**115,7**	**114,0**	**116,3**	**113,7**	**111,6**	**113,9**	**-1,8**	**-1,6**
Pontevedra								
Agricultura	22,4	20,8	21,2	22,5	19,9	21,1	-1,3	-5,8
Industria	72,6	70,3	71,1	68,9	67,1	69,4	-3,2	-4,4
Construción	30,7	26,2	27,1	28,7	27,6	27,4	-3,3	-10,6
Servizos	244,3	241,2	249,7	244,0	236,6	242,9	-1,4	-0,6
Non-agrario	347,6	337,7	347,9	341,6	331,3	339,6	-7,9	-2,3
Total	**369,9**	**358,5**	**369,1**	**364,1**	**351,3**	**360,8**	**-9,1**	**-2,5**
Galicia								
Agricultura	86,6	83,6	83,1	85,7	80,2	83,2	-3,4	-4,0
Industria	171,7	170,9	178,7	179,6	172,9	175,5	3,8	2,2
Construción	105,3	95,0	93,7	90,2	86,5	91,4	-14,0	-13,2
Servizos	737,2	731,1	735,8	731,3	733,5	732,9	-4,3	-0,6
Non-agrario	1.014,2	997,0	1.008,2	1.001,1	992,9	999,8	-14,4	-1,4
Total	**1.100,7**	**1.080,6**	**1.091,4**	**1.086,9**	**1.073,0**	**1.083,0**	**-17,7**	**-1,6**

Fonte: INE, *Encuesta de Población Activa.*

Esta evolución permitiu que se modificase o peso relativo da ocupación por sectores e provincias. Así, A Coruña incrementou o peso do emprego no sector agrario sobre o total galego en 3,7 puntos ata o 34,6% do total, a costa das reducións experimentadas nas outras provincias, especialmente Lugo, que reduce a súa participación en 3 puntos, mantendo aínda unha porcentaxe do 30,1% do total. Asemade, a provincia da Coruña tamén incrementou o peso na ocupación industrial (1,4 puntos, ata o 40,2% do total), sobre todo a costa de Pontevedra, que a reduciu en 2,8 puntos. En calquera caso, estas dúas provincias manteñen un peso relativo moi importante no conxunto dos sectores produtivos. Así, a ocupación conxunta na industria representa o 79,7% do total galego, a da construción o 72% e a dos servizos o 78,5%.

A composición sectorial do emprego nas diferentes provincias non experimentou cambios importantes. Así, Lugo segue a caracterizarse como a provincia cun maior peso do sector primario (18,1%), a pesar da caída de 1,8 puntos nesta porcentaxe. Nas outras provincias o sector varía entre o 5,8% de Pontevedra ata o 7,3% de Ourense. Estas últimas, pola súa parte, emerxen como as provincias con maior peso do emprego industrial sobre o total provincial (19,2% en Pontevedra, 16,7% en Ourense), mentres

Gráfico 7.

Distribución sectorial do emprego por provincias. Ano 2011



na Coruña e en Lugo as porcentaxes son máis reducidas (15% e 12% respectivamente). A construción ten un peso relativamente máis elevado nas provincias do interior (10,2% en Lugo, 10,1% en Ourense) que nas da franxa atlántica (8,2% na Coruña e 7,6% en Pontevedra). Os servizos, por último, son menos importantes en Lugo (59,6%) e Ourense (65,9%), mentres que en Pontevedra (67,3%) e na Coruña (70,7%) a súa relevancia é maior.

O ano 2011 modificou a dinámica da ocupación por niveis educativos respecto á que se rexistrara en 2010, no que todos os grupos presentaran variacións negativas, en particular os de educación máis elevada. A caída da ocupación centrouse case exclusivamente no grupo de educación secundaria de primeira etapa, cunha redución de 30.300 (8%), así como no grupo de analfabetos e educación primaria, que diminuíu en 3.000 (2,9%). Cabe destacar que o primeiro destes dous grupos fora o que menos afectado se vira en 2010 (-0,8%). Os outros dous grupos compensaron con variacións positivas estas dinámicas, limitando por tanto a caída na ocupación total. O grupo de educación secundaria aumentou o emprego en 9.000 (3,9% de avance), mentres o de educación superior o fixo en 6.700, un 1,7%. Estes datos indican que durante o ano se foron rexistrando evolucións diverxentes en canto á estrutura educativa da poboación, cun avance importante nos grupos de educación máis avanzada. A desagregación por sexos non modifica substancialmente esta imaxe xeral, aínda que achega certos matices. No caso dos analfabetos e educación primaria, mentres no grupo dos homes a ocupación cae en 6.900 (11,7%), no das mulleres aumenta en 3.800 (8,7%). O descenso no emprego dos traballadores con educación secundaria de primeira etapa non foi moi diferente (16.900 no caso dos homes, un 7,5% menos; 13.500 no das mulleres, un 8,7% menos), mentres nos de segunda etapa os avances foron claramente maiores para o segmento feminino (8.200, un 8,2% fronte a 800, un 0,6% no masculino). Por último, o aumento na ocupación no grupo de educación superior favoreceu máis os homes (5.500, 2,9%) que ás mulleres (1.100, 0,6%). Con isto, a composición da ocupación total por niveis educativos modificouse lixeiramente. Do total de ocupados, o 9,1% (unha décima menos que en 2010) eran analfabetos ou tiñan estudios primarios; a educación secundaria representou o 54,3% do total (32,3% a de primeira etapa, 2,2 puntos menos, e 22% a de segunda etapa, 1,2 puntos máis) e o grupo de educación superior incrementou a súa participación no total en 1,2 puntos, ata acadar o 36,6% do total.

A redución na ocupación centrouse, case en exclusiva, no colectivo de asalariados, ao contrario do sucedido en 2010, no que fora o colectivo de traballadores por conta propia o que sufrira un importante descenso. Os datos da EPA indican que dos 17.700 ocupados menos, 15.300 (o 86,5%) foron asalariados, o que supuxo unha caída do 1,8%, mentres que o colectivo de traballadores por conta propia descendeu en 2.300 (1%). Dentro dos asalariados, os do sector público aumentaron en 1.600 (0,8%), mentres os do sector privado diminuíron en 16.900 (2,5%). Ademais houbo importantes diferenzas por sexos. Así, os traballadores por conta propia masculinos caeron en 2.800 (2%), pero nas mulleres produciuse un avance de 500, un 0,5%. No caso dos asalariados, se a redución no grupo dos homes foi de 14.500 (3,2%), no das mulleres

foi de tan só 800 (0,2%). Dentro deste último grupo, o avance no emprego público concentrouse nos homes (2.200, 2,5% de aumento), xa que o grupo feminino viu reducir o seu tamaño en 600, un 0,6%. Deste xeito, a taxa de asalarización (porcentaxe de asalariados sobre o total de ocupados) da economía galega durante o ano 2011 experimentou variacións moi pequenas respecto á de 2010, acadando para o total de traballadores o 78,3%, unha décima por debaixo da do ano precedente. Por sexos, a taxa masculina foi 2 décimas inferior, situándose no 76,5%, mentres que no caso das mulleres a caída foi dunha décima, ata o 80,4%. Este datos indican unha maior propensión ao uso de canles alternativas ao emprego por conta allea no caso dos homes, aínda que o feito de que o número de mulleres que se decidiron polo traballo por conta propia teña aumentado pode indicar un certo cambio de actitude respecto ao autoemprego como saída profesional nun contexto recesivo.

Dentro do grupo de asalariados producíronse caídas importantes nos contratos temporais (7.100 menos, 3,3%), mentres que a redución na ocupación indefinida foi menor en termos relativos (8.300 ocupados menos, 1,3%). Este dato indica que a

Cadro núm. 6

Ocupación segundo nivel educativo en Galicia (en miles de persoas)

	2010	2011					Variación 2011-2010	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	Absoluta	%
Homes								
Analfabetos e estudos primarios	58,4	51,9	52,7	53,6	48,0	51,6	-6,9	-11,7
Educación secundaria. Primeira etapa	225,7	210,5	212,3	210,2	202,2	208,8	-16,9	-7,5
Educación secundaria. Segunda etapa	129,0	131,5	127,7	130,0	130,0	129,8	0,8	0,6
Educación superior	187,8	190,0	195,7	193,6	193,9	193,3	5,5	2,9
Total	**600,8**	**583,8**	**588,4**	**587,4**	**574,1**	**583,4**	**-17,4**	**-2,9**
Mulleres								
Analfabetos e estudos primarios	43,4	47,0	49,3	48,2	44,2	47,2	3,8	8,7
Educación secundaria. Primeira etapa	154,3	141,6	141,2	139,2	141,4	140,9	-13,5	-8,7
Educación secundaria. Segunda etapa	100,4	104,4	108,6	110,4	110,8	108,6	8,2	8,2
Educación superior	201,8	204,0	203,8	201,8	202,3	203,0	1,1	0,6
Total	**499,9**	**496,8**	**503,0**	**499,6**	**498,8**	**499,6**	**-0,3**	**-0,1**
Total								
Analfabetos e estudos primarios	101,7	98,8	102,1	101,8	92,2	98,7	-3,0	-2,9
Educación secundaria. Primeira etapa	380,0	352,1	353,5	349,5	343,7	349,7	-30,3	-8,0
Educación secundaria. Segunda etapa	229,3	235,8	236,3	240,3	240,7	238,3	9,0	3,9
Educación superior	389,7	394,0	399,5	395,4	396,3	396,3	6,7	1,7
Total	**1.100,7**	**1.080,7**	**1.091,4**	**1.087,0**	**1.072,9**	**1.083,0**	**-17,7**	**-1,6**

Fonte: IGE, *Encuesta de Población Activa.*

recesión segue a destruír o emprego menos protexido, o temporal, de xeito que as empresas están a axustar o tamaño óptimo dos seus cadros de persoal a través da non renovación dos contratos temporais (os custos de despedimento dos traballadores temporais son os mesmos que os dos traballadores indefinidos). A menor caída do emprego indefinido (lixeiramente inferior á do ano precedente, que fora do -1,8%) indica que as empresas están a manter nos cadros de persoal traballadores con contratos deste tipo, ben sexa como forma de evitar os custos de despedimento asociados aos mesmos, ben como forma de reter traballadores importantes para a empresa á espera de que mellore a situación xeral da economía. A reforma laboral aprobada polo novo goberno en febreiro de 2011 introduciu novos supostos baixo os que poder aplicar menores indemnizacións ao despido (por exemplo, debido a causas económicas), e flexibilizou os trámites administrativos para aplicar expedientes de regulación de emprego. Se a partir da entrada en vigor desta reforma se observa unha caída importante no emprego indefinido, gañará peso a hipótese de que as empresas teñen cadros de persoal sobredimensionados debido aos elevados custos de despedimento. Se, pola contra, non hai cambios substanciais na dinámica da ocupación indefinida, deberemos concluír que as empresas manteñen os traballadores máis valiosos á espera de melloras na conxuntura, coa finalidade de non ter que investir en formación específica dos novos empregados cando se produzan as contratacións. En todo caso, serán os datos da EPA de 2012 os que confirmen estas hipóteses.

A evolución da ocupación por tipos de contrato deixou a taxa de temporalidade (porcentaxe de traballadores con contrato temporal sobre o total de asalariados) no 24,7%, 4 décimas menos que en 2010. Por sexos, a taxa masculina foi do 22,4% (taxa idéntica á de 2010) e a feminina do 27,3% (9 décimas máis).

A análise de fontes estatísticas alternativas á EPA complementa a descrición da evolución da ocupación en 2011. Unha destas fontes é a *Estadística de Contratos*, elaborada polo Sistema Público de Empleo Estatal (SISPE), que informa sobre o total de contratos asinados ao longo do ano, en función dos diferentes tipos de contratación dispoñibles para os empresarios. A cifra total de contratos ascendeu a 646.286, un 1% menos que en 2010. Como sucede habitualmente, a inmensa maioría foron temporais (601.013, o 93%, tan só un 0,3% menos que no ano precedente), mentres que os indefinidos ascenderon a tan só 28.479, un 12,3% menos. Polo tanto, estes datos entran en certa contradición cos presentados pola EPA, xa que indican unha estabilización da contratación temporal e unha forte caída da indefinida. En 2010 o goberno da nación introducira unha reforma laboral que, entre outros obxectivos, buscaba o fomento da contratación indefinida, esencialmente a través da universalización dos colectivos aos que se lles podía aplicar o contrato de fomento da contratación indefinida, que presenta uns custos de despedimento por causas obxectivas declarado improcedente inferiores ao contrato indefinido ordinario (33 días por ano traballado en lugar de 45). En consecuencia sería de esperar que esta modalidade de contratación experimentase un certo reponte. Non obstante, os datos do SISPE indican unha certa irracionalidade por parte dos contratadores, por canto o contrato indefinido ordinario segue a ser a opción maioritariamente elixida para formalizar a relación laboral, representando o 74,5% do

total. Ademais, o contrato de fomento da contratación indefinida sofre unha caída respecto a 2010 do 24,2%, fronte a unha redución do 7,8% no contrato indefinido ordinario. En canto á evolución dos contratos temporais, houbo fortes diferenzas por tipo de contrato. Así, os de obra ou servizo experimentaron unha redución do 3,1%, que pode ser debida ás restricións introducidas na reforma de 2010, que implicaba un establecemento dun límite máximo de tres anos (ou catro se o fixaba o convenio colectivo) para a duración máxima do contrato, de xeito que transcorrido dito límite o contrato pasaría a considerarse como indefinido. Asemade, os contratos eventuais e de interinidade experimentaron un avance do 1,9% e 1,7% respectivamente, que case compensan a caída no de obra ou servizo. Respecto aos contratos de inserción, malia que experimentaron notables taxas de variación, a súa importancia no total de contratos é moi reducida: o de substitución aumentou un 20% e o de xubilación parcial un 15,8%, pero só representan o 0,2% e o 0,3% do total de temporais, respectivamente. A dinámica dos contratos formativos é máis preocupante, xa que adoitan representar

Cadro núm. 7

Contratos rexistrados segundo tipo en Galicia

	Núm. de contratos			% variación	
	2009	2010	2011	2010-2009	2011-2010
Indefinidos					
Ordinarios	25.843	23.015	21.231	-10,9	-7,8
Fomento do emprego	11.048	8.964	6.797	-18,9	-24,2
Discapacitados	577	481	451	-16,6	-6,2
Total indefinidos	**37.468**	**32.460**	**28.479**	**-13,4**	**-12,3**
Temporais					
Obra ou servizo	243.293	238.815	231.453	-1,8	-3,1
Eventuais por circunstancias da produción	257.125	267.187	272.147	3,9	1,9
Interinidade	80.822	84.388	85.853	4,4	1,7
Discapacitados	846	915	913	8,2	-0,2
Inserción					
Substitución	1.654	906	1.087	-45,2	20,0
Xubilación parcial	1.890	1.346	1.558	-28,8	15,8
Substitución por xubilación aos 64 anos	90	95	102	5,6	7,4
Temporais formativos					
■ Prácticas	3.427	3.141	3.028	-8,3	-3,6
■ Formación	6.650	6.020	4.872	-9,5	-19,1
Total temporais	**595.797**	**602.813**	**601.013**	**1,2**	**-0,3**
Outros	**20.292**	**17.799**	**16.794**	**-12,3**	**-5,6**
Total contratos	**653.557**	**653.072**	**646.286**	**-0,1**	**-1,0**

Fonte: SISPE, *Estadística de Contratos.*

a vía de entrada ao mercado laboral dos máis novos, unha vez rematada a súa etapa formativa. Así, o de prácticas caeu un 3,6%, mentres o de formación o fixo nun 19,1%.

Por sectores económicos, e consonte á estrutura produtiva galega, a maior parte dos contratos (81%) foron asinados nos servizos, seguidos de industria (8,4%) e construción (7,3%), representando, polo tanto, a contratación no sector primario o 3,3% do total. Ademais, houbo certas diferenzas provinciais neste reparto. Así, Ourense presentou un menor peso na contratación nos servizos (78,9%) e unha porcentaxe maior na industria (10,6%). Lugo, pola súa vez, tivo un maior peso do sector primario (6,2%) e menor na industria (5,2%). De todos os xeitos, dado que a inmensa maioría dos contratos iniciais foron asinados na Coruña e en Pontevedra (82% do total), o comportamento destas dúas provincias determinou o resultado agregado en termos de reparto da contratación por sectores.

Desemprego

O reflexo último da evolución conxunta de poboación activa e da ocupación é o desemprego. Desde o inicio da recesión actual as cifras de desemprego non deixaron de medrar, e 2011 non foi unha excepción nesa dinámica, xa que rematou con 28.000 parados máis, acadando unha media de 228.300, cunha variación do 14%, aínda que supuxo unha moderación no ritmo de crecemento respecto a 2010, no que a taxa fora do 20,7%. Ademais, tal e como sucedera no ano precedente, a taxa de variación en Galicia foi moi superior á media nacional (7,9%), o que indica que Galicia está a experimentar aínda parte do axuste que a economía española rexistrou en 2009 e 2010. A incidencia por sexos, por outra banda, afástase do acontecido en termos de actividade e ocupación, por canto os dous grupos se viron afectados dun xeito similar. Así, no caso dos homes o crecemento foi de 13.600 (13,2%), mentres que no das mulleres foi de 14.400 (14,8%), o que deixa as medias anuais respectivas en 116.400 e 111.800, é dicir, un reparto bastante equitativo do número total de desempregados. A ocupación feminina rematou o ano practicamente no mesmo nivel que no exercicio anterior, polo que o aumento do desemprego se debeu ao avance da poboación activa en 14.100. É dicir, o desemprego aumentou practicamente na mesma contía na que o fixo a poboación activa. En cambio, no caso dos homes, a forte caída da ocupación de 17.400, unida a un leve descenso da actividade (3.800) suavizou o impacto total sobre o desemprego. En termos trimestrais, o crecemento do paro foi importante ao longo de todo o ano, con taxas de variación que oscilaron entre o 12,9% no primeiro trimestre, o 8,8% no segundo, o 16% no terceiro e o 18,1% no cuarto. Por sexos, a variación foi menor para as mulleres no primeiro trimestre (11,7% fronte o 14,2% dos homes), pero a partir do segundo a taxa foi claramente superior (9,3% fronte ao 8,3% no segundo, 17,2% e 14,8% no terceiro e 21,1% e 15,3% no último).

Outro aspecto a sinalar é o diferente impacto por grupos de idade e sexo. O grupo dos máis novos, que se viu especialmente afectado pola destrución de emprego, non

Cadro núm. 8

Desempregados por sexo e grupos de idade en Galicia (en miles de persoas)

	2010	2011				2012
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	I trim.
Homes							
De 16 a 24 anos	18,3	20,1	19,3	17,2	19,1	18,9	19,1
De 25 a 54 anos	75,6	86,9	82,0	87,2	92,7	87,2	107,2
De 55 e máis anos	9,1	9,8	10,4	10,2	10,8	10,3	12,4
Total	**102,9**	**116,9**	**111,7**	**114,5**	**122,6**	**116,4**	**138,7**
Mulleres							
De 16 a 24 anos	15,3	16,0	13,2	12,9	13,1	13,8	16,3
De 25 a 54 anos	75,1	84,0	86,5	90,2	95,2	89,0	99,5
De 55 e máis anos	7,0	9,7	8,2	8,9	9,5	9,1	11,0
Total	**97,4**	**109,7**	**107,9**	**112,0**	**117,7**	**111,8**	**126,9**
Total							
De 16 a 24 anos	33,6	36,1	32,5	30,1	32,2	32,7	35,4
De 25 a 54 anos	150,7	170,9	168,5	177,3	187,8	176,1	206,7
De 55 e máis anos	16,0	19,5	18,5	19,1	20,3	19,4	23,4
Total	**200,3**	**226,5**	**219,6**	**226,5**	**240,4**	**228,3**	**265,6**

	Variación 2010-2011		Taxa de variación 2011-2012 (I trim.)
	Absoluta (miles)	%	%
Homes			
De 16 a 24 anos	0,6	3,4	-5,0
De 25 a 54 anos	11,7	15,4	23,4
De 55 e máis anos	1,3	13,8	26,5
Total	**13,6**	**13,2**	**18,6**
Mulleres			
De 16 a 24 anos	-1,5	-10,0	1,9
De 25 a 54 anos	13,9	18,5	18,5
De 55 e máis anos	2,1	30,1	13,4
Total	**14,4**	**14,8**	**15,7**
Total			
De 16 a 24 anos	-0,9	-2,6	-1,9
De 25 a 54 anos	25,5	16,9	20,9
De 55 e máis anos	3,3	20,7	20,0
Total	**28,0**	**14,0**	**17,3**

Fonte: INE, *Encuesta de Población Activa.*

experimenta, con todo, un aumento apreciable no desemprego. De feito, no agregado rexistrou unha caída de 2,6 puntos, debido á redución dun 10% do paro no segmento feminino, que compensou o avance do 3,4% no grupo masculino. Este sorprendente feito pode deberse a tres causas. En primeiro lugar pode resultar dun simple efecto demográfico: o impacto da caída da ocupación no grupo de 16 a 24 anos non tería un elevado reflexo no desemprego porque parte destes traballadores se desprazaron ao seguinte tramo de idade (25 a 54 anos). Non obstante, esta hipótese non é válida, xa que os datos da EPA indican que o grupo de idade de 16 a 24 se reduciu en 8.800, pero o seguinte tramo de idade (25 a 54) tamén se reduciu en 6.200. A segunda hipótese sería que estes mozos deixaron o mercado laboral ante as malas perspectivas para mellorar o seu nivel formativo, ou ben, debido ao efecto desánimo, simplemente abandonan o mercado laboral. Nos dous casos estas decisións traduciríanse nun aumento significativo dos inactivos neste grupo de idade que, con todo, non reflicten os datos da EPA. Segundo esta fonte estatística, os inactivos deste grupo reducíronse en 1.000, polo que esta hipótese tampouco se verifica. A explicación a este fenómeno ten que vir polo abandono de Galicia por parte destes mozos na procura de mellores oportunidades laborais fóra da comunidade, o que pode condicionar o proceso de recuperación económica (unha vez se inicie), por canto o perfil da mocidade que emigra actualmente está asociado a maiores niveis formativos e educativos.

A evolución da taxa de desemprego foi, en consecuencia, moi negativa, cun aumento de 2 puntos ata acadar o 17,4%, aínda lonxe da media nacional, que acadou o 21,6%, 1,6 puntos máis que en 2010. Isto supuxo que o diferencial entre as dúas economías se reducise lixeiramente, ata situarse nos 4,2 puntos, 4 décimas menos que no ano precedente. As diferenzas por sexo, porén, son significativas. Así, malia que as taxas dos homes e das mulleres aumentaron en igual contía (2 puntos), a feminina é claramente superior á masculina (18,3% fronte ao 16,6%). Por grupos de idade, a taxa medrou en todos os tramos, cun menor avance no de 55 e máis anos (1,5 puntos de variación, ata situarse no 10,6%, a máis reducida de todos os segmentos de idade). Ademais, a evolución por sexos neste grupo foi homoxénea, cun aumento lixeiramente maior no caso das mulleres (1,8 puntos) que no dos homes (1,4 puntos), deixando as taxas no 10,8% e 10,4% respectivamente. A taxa dos mozos, pola contra, creceu 2,2 puntos, e acadou o 37,6%, aínda moi por debaixo da media nacional do grupo (46,5%). Por sexos, a incidencia do desemprego foi maior entre os homes, cun aumento de 3,9 puntos, ata o 38,4%, mentres que a taxa feminina permaneceu constante no 36,6%. O grupo central de idade, pola súa banda, experimentou o maior aumento (2,3 puntos), superior ao rexistrado no conxunto nacional (1,6 puntos), a pesar de que a taxa galega do grupo (16,9%) é 3,3 puntos inferior á nacional (20,2%). Por sexos, as mulleres experimentaron aumentos lixeiramente superiores (2,5 puntos, ata o 18,2%) que os homes (2,1 puntos, ata o 15,8%). En calquera caso, verifícase que para cada grupo de idade ou sexo as taxas nacionais foron sistematicamente superiores, o que indica unha menor incidencia relativa do desemprego no mercado laboral galego, aínda que nos dous casos son taxas o suficientemente elevadas como para indicar un mal funcionamento do mercado de traballo.

Gráfico 8.

Taxas de desemprego relativas por comunidades autónomas (en %). Ano 2011



Nota: A taxa relativa calcúlase como a taxa da comunidade autónoma sobre a nacional menos a unidade.

Gráfico 9.

Taxas de desemprego por sexos (en %)



A pesar deste mellor comportamento relativo da taxa de desemprego respecto da media nacional, Galicia empeorou a súa posición na clasificación por comunidades autónomas en función das taxas de paro. Así, se en 2010 Galicia se situaba como sexta rexión con menor taxa, en 2011 descende dúas posicións, lonxe das comunidades que encabezan dita clasificación, País Vasco (12%) e Navarra (12,9%).

A dinámica provincial da taxa de desemprego tamén foi diversa. Pontevedra é a provincia onde acada o maior valor (20,9%, moi próxima á media nacional), e onde máis crece respecto a 2010 (2 puntos). Ourense presentou unha taxa do 18% (cun aumento de 1,4 puntos) seguida da Coruña (16%, con 2 puntos de crecemento). Lugo, en cambio, presenta unha taxa moi reducida (12%, a terceira máis baixa de todas as provincias españolas), sendo, ademais, a que rexistra un menor incremento (1,1 puntos).

A análise do desemprego en función da súa duración amosa resultados preocupantes de cara ao futuro máis inmediato, por canto se está a incrementar de maneira significativa o número de desempregados de longa duración. Os datos da EPA indican que case a metade dos parados galegos (46,8%) levan nesa situación máis dun ano. Ademais, a porcentaxe de desempregados que permanecen nesa situación máis de dous anos é do 22,7%, 5 puntos máis que en 2010. Neste contexto, e tendo en conta que a duración media das prestacións por desemprego se sitúa arredor do ano e medio, este dato indica o risco de que moitos destes traballadores, unha vez esgotadas as súas prestacións por desemprego, se vexan abocados a unha situación de exclusión social. Por outra banda, a porcentaxe de traballadores de-

Gráfico 10.

Distribución do desemprego por tempo de busca



sempregados que levan nesa situación menos de seis meses é elevada (31,9%), aínda que lixeiramente máis reducida que en 2010 (33,7%). Este dato pode estar indicando que o ritmo de incorporación ao desemprego se está a reducir respecto a anos precedentes, e que os desempregados, a medida que vai pasando o tempo e non atopan traballo, vanse desprazando na clasificación cara a tramos superiores.

A estrutura do desemprego por niveis educativos non sufriu grandes modificacións respecto a anos precedentes, de xeito que os traballadores con estudos de educación secundaria de primeira etapa e os universitarios son os que representan maiores participacións no desemprego total, en especial o primeiro grupo (40,8% e 24,3% respectivamente). Os parados con educación secundaria de segunda etapa representaban o 22,7% do total, mentres que, paradoxalmente, os traballadores con menores niveis educativos representan a porcentaxe máis baixa (12,2%), dato que reflicte un desaxuste importante no mercado de traballo, por canto este último grupo é teoricamente o que debería presentar un menor grao de empregabilidade. Ademais, por sexos rexistráronse fortes disparidades, xa que mentres no grupo dos homes os desempregados con educación secundaria de primeira etapa representaban o 46,1%, no das mulleres foi do 35,4%. A situación dos universitarios é oposta: o 29% das mulleres desempregadas tiñan estudios superiores, reducíndose esta porcentaxe ata o 19,8% no caso dos homes. Pola contra, na educación secundaria de segunda etapa e na educación primaria as diferenzas non foron tan relevantes (20,9% e 13% respectivamente para os homes, 24,5% e 11,2% nas mulleres). En definitiva, estes datos resultan

Gráfico 11.

Evolución mensual do paro rexistrado en Galicia



preocupantes posto que indican que o segmento de poboación potencialmente máis produtivo é precisamente o máis castigado polo desemprego. A maior predisposición á mobilidade por parte dos segmentos de educación superior pode deixar a economía galega sen un potencial de crecemento importante cando se produza o cambio de ciclo económico.

Os datos de desemprego rexistrado, proporcionados polo SISPE, complementan a información aportada pola EPA, aínda que se debe ter en conta que estas dúas fontes estatísticas non son comparables, por canto a metodoloxía, o obxecto de estudo ou a periodicidade son diferentes. De calquera xeito, os datos do SISPE indican un aumento do desemprego rexistrado de 150.086 na media do ano 2011, un 6,7%, acadando a cifra de 241.323 desempregados. Polo tanto, esta fonte estatística marca a mesma tendencia de aumento do paro que a EPA. Ademais, os datos indican unha aceleración no ritmo de crecemento ao longo do ano, con taxas de variación interanuais inferiores ao 6% na primeira metade do ano, para ir aumentando as mesmas ata acadar taxas do 9,4% e do 8,8% nos meses de novembro e decembro respectivamente. Os sectores económicos nos que máis creceu o desemprego foron a construción (aumento do 10,3%, con 3.694 parados máis) e a agricultura, cunha variación do 6,2% e 375 parados máis. A industria e os servizos amosaron taxas lixeiramente máis baixas (6% e 5,8% respectivamente). Por provincias, en Lugo rexistrouse a maior variación relativa (8,5%), con 1.846 desempregados adicionais. En Pontevedra o aumento tamén foi importante (7,6%, 6.802 parados), mentres que A Coruña (5,8% e 5.263 desempre-

gados) e Ourense (4,7% e 1.201 desempregados máis) tiveron dinámicas máis suaves. Por sexos, e en liña co indicado pola EPA, o desemprego aumentou máis no caso dos homes (8,9%) que no das mulleres (4,8%), aínda que na distribución do desemprego por sexos o colectivo feminino se viu afectado en maior medida (53% do total). Por grupos de idade, o desemprego reduciuse en 1.085 (un 4,9%) no de 16 a 24 anos, mentres que os grupos de 25 a 54, e especialmente o de maiores de 55, experimentaron notables aumentos (7,7% e 8,9% respectivamente). Ademais, nestes dous últimos grupos houbo diferenzas na desagregación por sexos, cunha evolución moito máis negativa no caso dos homes (aumentos do 10,6% e do 11,3% respectivamente, mentres que no caso das mulleres os incrementos foron do 5,3% e 6,7% respectivamente).

Prezos e salarios

A evolución xeral do nivel de prezos en Galicia durante 2011 confirmou o cambio de tendencia que se rexistrara en 2010, ano no que se disiparan os riscos dunha caída xeneralizada do nivel de prezos. En 2011 a taxa de variación do Índice de Prezos ao Consumo (IPC), calculado polo INE, foi do 3,4% para a media do ano, 1,1 puntos superior á de 2010. Neste sentido, unha vez afastado o risco da deflación, no contexto recesivo que caracteriza a conxuntura económica actual, os traballadores non estiveron dispostos a perder poder adquisitivo, polo que aliñaron as súas peticións salariais coa evolución efectiva dos prezos. Así, a *Estadística de Convenios Colectivos*, publicada polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social,* indica que para o conxunto de convenios asinados no ano 2011 a media do aumento salarial pactado foi do 3,3%, unha décima por debaixo da inflación efectiva. As diferenzas habituais en función do ámbito de aplicación do convenio tamén se deron en 2011. Polo común os convenios de empresa acordan aumentos salariais menores que os de ámbito superior, debido, por unha banda, a que neste ámbito de negociación os sindicatos internalizan os efectos sobre o emprego da propia empresa de esixir salarios excesivamente elevados (maiores custos que poden dar lugar a perdas de competitividade, que farían perder á empresa parte da súa demanda coa correspondente destrución de emprego). Por outra banda, neste tipo de negociación, máis directa entre os representantes dos traballadores e a empresa, pódense tratar de xeito máis sinxelo condicións laborais non directamente ligadas ao salario, como vacacións, horarios, comedores de empresa, etc. Estes beneficios veñen normalmente acompañados de menores esixencias salariais por parte dos traballadores. Así, no conxunto do ano, neste ámbito de negociación o aumento salarial pactado foi do 2,1%, mentres que nos convenios de ámbito superior (provincial, sectorial, rexional ou incluso nacional) o aumento salarial pactado foi do 3,5%, é dicir, unha décima por riba da taxa de inflación. En febreiro de 2012 o goberno de España aprobou reformas no sistema de negociación colectiva que teñen como obxectivo primordial a descentralización da negociación, co argumento presentado anteriormente de que é nese ámbito onde se logra unha maior moderación salarial.

Gráfico 12.

Taxa de variación interanual do IPC e do incremento salarial pactado por tipo de convenio (en %) **en Galicia**



A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral*, publicada polo INE, proporciona unha imaxe máis detallada dos custos laborais aos que se enfrontan as empresas, así como da composición dos mesmos. O custo total no ano 2011 situouse en 2.265,3 euros, un 0,6% máis que no ano precedente. Desagregando os custos polos seus compoñentes, os custos salariais totais aumentaron un 0,4%, mentres que os outros custos creceron nun 1,3%, en particular os custos por percepcións non salariais, que experimentaron un avance do 5,6%. Non obstante, esta evolución está a agochar fortes diferenzas por sectores económicos. Así, na industria, o incremento do custo total foi do 1,5%, ata os 2.479,6 euros por traballador, consecuencia do avance nos custos salariais do 1,1% e do aumento nos custos por percepcións non salariais do 2,7%. Ademais deuse unha notable caída nas subvencións e bonificacións da Seguridade Social do 8%. A construción reflectiu o forte ciclo recesivo que está a experimentar cunha caída dos custos totais do 1,6%, resultado dunha redución substancial dos custos salariais (1,8%), mentres os custos por percepcións non salariais aumentaron lixeiramente nun 0,6%. Nos servizos, os custos totais aumentaron levemente (0,9%) debido a un avance moi tenue nos custos salariais (0,6%) e nos custos por percepcións non salariais (8,1%). Nestes dous últimos sectores produtivos non se rexistraron caídas na partida de subvencións e bonificacións da Seguridade Social, con avances respectivos do 1,8% e 4,5%.

Cadro núm. 9

Custo laboral por traballador, sector de actividade e compoñentes do custo (en euros)

	2010	2011					Variación 2011-2010	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	Absoluta	%
Industria								
Custo total	2.443,3	2.358,2	2.483,1	2.364,2	2.712,9	2.479,6	36,3	1,5
Custo salarial total	1.801,7	1.685,5	1.813,9	1.726,8	2.057,2	1.820,9	19,1	1,1
Custo salarial ordinario	1.528,6	1.533,8	1.561,9	1.546,6	1.551,9	1.548,5	20,0	1,3
Outros custos	641,6	672,7	669,2	637,4	655,8	658,8	17,2	2,7
Custo por percepcións non-salariais	81,7	101,6	98,3	69,0	94,5	90,8	9,2	11,2
Custo por cotizacións obrigatorias	587,7	594,8	595,5	592,3	591,3	593,5	5,8	1,0
Subvencións e bonificacións da S. Social	27,8	23,7	24,6	23,9	29,9	25,5	-2,2	-8,0
Construción								
Custo total	2.388,3	2.226,0	2.461,3	2.260,6	2.452,8	2.350,2	-38,1	-1,6
Custo salarial total	1.656,8	1.493,3	1.729,5	1.535,6	1.748,3	1.626,7	-30,1	-1,8
Custo salarial ordinario	1.461,0	1.400,0	1.441,1	1.400,2	1.376,9	1.404,6	-56,5	-3,9
Outros custos	731,5	732,8	731,9	725,0	704,5	723,5	-8,0	-1,1
Custo por percepcións non-salariais	155,2	159,2	157,4	149,6	158,3	156,1	0,9	0,6
Custo por cotizacións obrigatorias	594,2	588,2	590,3	589,5	574,1	585,6	-8,6	-1,4
Subvencións e bonificacións da S. Social	17,8	14,7	15,9	14,2	27,9	18,2	0,3	1,8
Servizos								
Custo total	2.174,9	2.088,7	2.192,5	2.169,4	2.331,5	2.195,5	20,6	0,9
Custo salarial total	1.625,4	1.525,7	1.649,9	1.607,0	1.755,3	1.634,5	9,0	0,6
Custo salarial ordinario	1.410,3	1.392,3	1.424,8	1.458,8	1.424,3	1.425,1	14,8	1,0
Outros custos	549,5	563,0	542,7	562,4	576,2	561,1	11,6	2,1
Custo por percepcións non-salariais	76,1	90,2	63,7	73,5	101,6	82,2	6,2	8,1
Custo por cotizacións obrigatorias	490,4	488,6	495,5	506,3	496,2	496,6	6,2	1,3
Subvencións e bonificacións da S. Social	17,0	15,7	16,5	17,4	21,6	17,8	0,8	4,5
Total								
Custo total	2.251,3	2.155,0	2.274,0	2.215,8	2.416,5	2.265,3	14,0	0,6
Custo salarial total	1.663,2	1.553,6	1.688,9	1.623,3	1.813,1	1.669,7	6,6	0,4
Custo salarial ordinario	1.439,1	1.420,6	1.452,6	1.470,2	1.444,6	1.447,0	7,9	0,6
Outros custos	588,2	601,4	585,1	592,5	603,4	595,6	7,4	1,3
Custo por percepcións non-salariais	86,2	99,3	79,3	79,9	105,5	91,0	4,8	5,6
Custo por cotizacións obrigatorias	521,2	519,3	523,8	530,9	521,8	523,9	2,7	0,5
Subvencións e bonificacións da S. Social	19,2	17,2	18,0	18,3	23,8	19,3	0,1	0,6

Fonte: INE, *Encuesta Trimestral de Costes Laborales.*

II. Agricultura

Algúns acontecementos relevantes en 2011

O novo ciclo alcista dos prezos internacionais das «commodities» agrarias

No anterior *Informe* analizamos a forte volatilidade que veu afectando no último lustro aos prezos das principais *commodities* agrarias nos mercados internacionais. Tras a alza de finais de 2007 e comezos de 2008, seguida dunha abrupta caída en 2009, nos últimos meses de 2010 e inicios de 2011 producírase un novo incremento.

A evolución ao longo de 2011 e comezos de 2102 mostra que, a pesar dunha lixeira redución, o índice de prezos dos alimentos da FAO permaneceu durante todo o último ano nun nivel próximo aos máximos alcanzados en febreiro-abril de 2011 e por riba das cifras rexistradas a mediados de 2008, no pico da anterior fase alcista (gráfico 1). Dos catro grupos de produtos[1] representados no gráfico 1, os cereais e as graxas e aceites experimentaron o maior crecemento no último ano e medio. Nesta segunda burbulla as cotizacións dos produtos lácteos non alcanzaron os niveis de finais de 2007, mentres a carne superou eses niveis e semella manter unha tendencia á alza máis sostida no tempo.

As dúas fortes alzas dos prezos internacionais rexistradas desde 2007 supuxeron unha ameaza para a seguridade alimentaria, especialmente nos países con maior dependencia das importacións de alimentos e con niveis de renda per cápita máis baixos. No seu informe de 2011 sobre a inseguridade alimentaria no mundo, a propia FAO afirma, referíndose á alza de prezos de 2007, que «los países más expuestos a las fluctuaciones de los precios en los mercados internacionales eran en general los países pobres importadores de alimentos: disponían de escasas reservas y recursos presupuestarios insuficientes para adquirir alimentos a precios altos; tampoco tenían la opción de imponer restricciones a las exportaciones. Estos países fueron los principales perjudicados por la crisis ya que los precios internos de los alimentos básicos aumentaron considerablemente en sus mercados».[2]

Nese mesmo informe recoñécese que as previsións son que no futuro os prezos sigan sendo elevados e volátiles. Segundo a FAO son varios os factores que están

[1] O índice da FAO está composto por cinco grupos de produtos; o quinto é o do azucre, que non representamos pola súa menor incidencia desde unha óptica galega.

[2] FAO (2011): *El estado de la inseguridad alimentaria en el mundo 2011*, FAO, Roma.

Gráfico 1.

Índices da FAO sobre prezos dos alimentos

Evolución en termos reais; índices base 2002-2004 = 100



detrás do incremento dos prezos. Entre eles inclúe factores de carácter estrutural que están empuxando a unha alza a medio prazo dos prezos dos alimentos: especialmente, a existencia dunha demanda a nivel mundial que crece a taxas superiores á oferta, debido non só ao aumento da poboación senón tamén ás modificacións nos patróns de consumo alimentario, ligadas ao crecemento económico nos países emerxentes; tamén a tendencia á alza do prezo do petróleo, que repercute nun incremento dos custos de produción, ou o baixo investimento no sector agrario nas últimas décadas que deu lugar a unha retardación do incremento da produción. A eses factores estruturais a FAO une outros de carácter conxuntural, que están en boa medida na orixe das alzas bruscas que se produciron no último lustro. Entre eles están as perturbacións meteorolóxicas que afectaron a algúns dos grandes produtores a nivel mundial. Sobre este particular hai que ter en conta que a demanda de alimentos é moi inelástica en relación aos prezos, o que provoca que pequenas variacións da oferta orixinen movementos máis importantes nos prezos (a coñecida «Lei de King»).

Sinalamos no *Informe 2010* que entre os factores que poden estar na orixe das recentes burbullas nos prezos agrarios internacionais hai dous que suscitan especial controversia: por unha banda, a especulación nos mercados de alimentos por parte de determinados investidores; e, pola outra, o impacto da crecente demanda de materias primas agrarias para a produción de agrocarburantes. No seu documento sobre a in-

seguridade alimentaria antes citado, a FAO recoñece a contribución dos dous factores na alza de finais de 2007 e comezos de 2008:

- As políticas dirixidas a promover a utilización de agrocarburantes, que aumentaron a demanda de millo e aceites vexetais.
- O aumento da demanda nos mercados de futuros de produtos básicos, como consecuencia da especulación e da diversificación das carteiras de investimentos.

Sobre o último aspecto cómpre engadir que os membros do G-20, aínda sen recoñecer explicitamente que a especulación nos mercados financeiros pode ser unha das causas da alza dos prezos dos alimentos, asumiron na súa reunión de novembro de 2010 a necesidade de mellorar a información e a transparencia nos mercados de futuros e mercados extrabolsistas, así como promover a adopción de normas adecuadas para mellorar as súas funcións económicas.[3]

O elevado nivel de prezos das materias primas agrarias nos mercados internacionais tamén se está deixando sentir en Galicia. Como é evidente, a diferenza dos países máis empobrecidos, non se trata aquí dunha crise que poña en perigo o acceso dunha parte da poboación á alimentación. No caso galego a principal consecuencia estana sufrindo as explotacións gandeiras debido ao encarecemento dos alimentos para o gando. No gráfico 2 obsérvase o forte incremento nos prezos dos pensos para o gando vacún, tanto de leite como de carne, que caracteriza o último quinquenio. Tras o pico de mediados de 2008, practicamente coincidente no tempo coa alza nas cotizacións internacionais de cereais e aceites e graxas (oleaxinosas), a mediados de 2011 o prezo dos pensos para o vacún de leite marcou un novo máximo e nos destinados ao vacún de carne o seu nivel aproximouse ao máximo de 2008 (gráfico 2). Estas alzas no custo dos pensos en España e en Galicia viñeron precedidas nos meses inmediatamente anteriores de subas importantes das cotizacións de cereais e oleaxinosas nos mercados internacionais.

Gráfico 2.

Evolución dos prezos dos concentrados para vacún de carne e vacún de leite en España. Índices base xaneiro 2006 = 100



O prezo dos pensos ten unha notable repercusión na rendibilidade das explotacións gandeiras galegas, en especial nas da gandería sen terras (porcino, aves, coellos) e nas de leite, ao ser a compra de alimentos a principal partida de gastos. Así, por

[3] FAO (2011): *Perspectivas Alimentarias. Análisis de los mercados mundiales,* FAO, Roma.

exemplo, segundo os datos máis recentes do programa de xestión de explotacións de vacún de leite da Consellería do Medio Rural, en 2008 a compra de alimentos para o gando representaba o 44% dos custos totais destas explotacións.

A alza dos prezos agrarios nos mercados internacionais, e en concreto os das materias primas para a alimentación do gando, non só deixa sentir os seus efectos a nivel microeconómico, incrementando os custos das explotacións, senón que tamén está dando lugar a un forte aumento da factura das importacións. No gráfico 3 obsérvase como o valor das importacións galegas de millo (procedentes de fóra do Estado) experimentou un espectacular incremento nos últimos anos, concentrándose este en dous momentos: en 2007-2008, coincidindo coa primeira burbulla nos mercados mundiais, e agora en 2011 acompañando a nova alza das cotizacións internacionais. Con todo, hai que matizar que o feito de que entre 2005 e 2011 o valor destas importacións se multiplicase por 6, e que en particular de 2010 a 2011 o fixese por 2,4, non se debe só á elevación dos prezos senón que tamén se explica en parte por un incremento dos volumes en termos físicos. E cómpre ter en conta que non todas esas importacións teñen como destino o complexo agroalimentario, en particular as industrias de alimentación animal, xa que unha parte seguramente crecente vai para outros usos, como a produción de biocombustibles.

Gráfico 3.

Evolución do valor das importacións galegas de millo procedentes de fóra de España. Millóns de euros



En definitiva, as sucesivas reformas da PAC, coa paulatina eliminación dos mecanismos de intervención nos mercados agroalimentarios comunitarios e a crecente apertura aos mercados internacionais, están facendo que a inestabilidade estrutural que afecta aos mercados mundiais se traslade cada vez en maior medida ao interior da Unión Europea. Deste xeito, a volatilidade dos prezos estase convertendo nun condicionante de primeira orde da viabilidade das explotacións agrarias. Para moitas das explotacións, na UE e tamén en Galicia, o problema nos anos recentes xa non é só o nivel de ingresos senón a inseguridade crecente sobre a súa evolución a curto prazo, que fai moi difícil calquera planificación da actividade e, en especial, dos investimentos.

A Política Agraria Común (PAC) para o período 2014-2020: contido das propostas lexislativas da Comisión Europea (presentadas en outubro de 2011)

No anterior *Informe* demos conta da presentación en novembro de 2010 da Comunicación da Comisión Europea[4] que abría oficialmente o debate sobre a Política Agraria Común (PAC) para o período 2014-2020. Un ano despois, en outubro de 2011, a Comisión fixo públicas as propostas lexislativas[5] nas que se concretan as reformas que se pretenden aprobar. Dos tres escenarios que se contemplaban na Comunicación inicial, a Comisión Europea opta polo escenario intermedio, como era previsible, desbotando tanto o continuísta como o dunha reforma radical (que suporía na práctica o inicio dun desmantelamento desta política).

Dada a relevancia que isto ten para o futuro a medio prazo do sector agrario e o complexo agroalimentario galego, imos resumir os principais elementos desas propostas, agrupándoos en catro apartados: orzamento previsto para a PAC, regulación dos mercados, axudas directas á renda e política de desenvolvemento rural.

En todo caso, convén ter claro que polo momento se trata só de propostas da Comisión. A aprobación final dos textos lexislativos corresponderá ao Consello Europeo (os representantes dos Estados membros) e ao Parlamento Europeo; institución esta última que, en aplicación do Tratado de Lisboa, asume por vez primeira nesta materia unha capacidade de codecisión. Neste sentido, a experiencia pasada mostra que entre os textos aprobados e as propostas regulamentarias da Comisión non adoita haber xiros radicais, pero foron habituais os cambios na busca do consenso, cambios que poden ter repercusións importantes para determinados sectores ou rexións. Nesta ocasión, ademais, as incertezas sobre o contido final da reforma vense ampliadas debido a dous elementos novos:

1. A capacidade de codecisión por parte do Parlamento Europeo, que obrigará o Consello a alcanzar acordos e equilibrios co lexislativo comunitario.

2. A crise económica e as incertezas xeradas no proceso de construción europea, que poden afectar á planificación orzamentaria plurianual da Unión Europea e, en consecuencia, aos fondos dispoñibles para a PAC.

A proposta de orzamento da PAC para o período 2014-2020

De acordo coa proposta de cadro financeiro plurianual para a UE presentada en xuño de 2011,[6] uns meses antes de facerse públicas as propostas relativas á PAC, a

[4] Comisión Europea (2010): *La PAC en el horizonte de 2020: Responder a los retos futuros en el ámbito territorial, de los recursos naturales y alimentario,* COM (2010) 672 final, Bruxelas, 18 de novembro de 2010.

[5] As propostas lexislativas da Comisión poden consultarse na web: *http://ec.europa.eu/agriculture/cap-post-2013/legal-proposals*

[6] Comisión Europea (2011): *Un orzamento para a Europa 2020*, COM (2011) 500 final, Bruxelas, 29 de xuño de 2011.

Comisión contempla manter o orzamento global da PAC para o período 2014-2020 conxelado nos niveis de 2013 en termos correntes. Serían 317,2 mil millóns de euros para o primeiro piar (medidas de mercado e pagos directos) e 101,2 mil millóns para o segundo piar (política de desenvolvemento rural) no conxunto dos 7 anos. En euros constantes de 2011, segundo os cálculos dos propios organismos comunitarios, o orzamento ascendería a 281,8 mil millóns de euros para o primeiro piar e 89,9 mil millóns para o segundo, o que implica unha redución superior ao 10% en termos reais respecto ao actual período de perspectivas financeiras (2007-2013).

Con todo, convén ter en conta que as propostas para o período 2014-2020 recollen, ademais dos citados capítulos de gasto específicos da PAC, algúns fondos novos relacionados con agricultura-alimentación, polo que, computando estes, a caída sería algo menor. Estes fondos adicionais son: 4.500 millóns de euros para I+D, 2.200 para seguridade alimentaria, 2.500 para axuda alimentar aos máis desfavorecidos, 3.500 destinados a unha nova reserva para crises no sector agrario e 2.500 millóns para o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización.

En calquera caso, a proposta orzamentaria implica unha significativa perda de peso da PAC no conxunto de gastos da Unión Europea, prolongando deste xeito a tendencia das últimas décadas: se en 2013 está previsto que a PAC absorba preto do 40% do orzamento comunitario, en 2020 esa porcentaxe moveríase arredor do 33%.

No que se refire aos fondos para axudas directas do primeiro piar da PAC, asumindo a necesidade de corrixir as fortes diferenzas actuais no importe das axudas por hectárea entre uns Estados e outros, a Comisión propón unha certa redistribución entre Estados. Esta redistribución beneficiaría os países con pagamentos directos por hectárea inferiores ao 90% da media da UE-27, que verían como esa diferenza se corrixe nun terzo; sendo isto financiado por un recorte dos fondos naqueles Estados cun nivel de pagamentos por hectárea superior á media da Unión Europea.

Aplicada esa (modesta) redistribución, a proposta da Comisión recolle o volume de fondos que sería asignado a cada Estado para as axudas directas do primeiro piar da PAC. Para España a dotación situaríase entre os 4.934,91 millóns de euros en 2014 e os 4.988,38 en 2017 e anos seguintes; cantidade lixeiramente inferior ao nivel actual. En concreto, segundo os datos do Fondo Español de Garantía Agraria, as axudas directas aos agricultores do primeiro piar da PAC no exercicio 2010 ascenderon en España a 5.133,84 millóns de euros.[7] Aínda tendo en conta que no límite citado para o período 2014-2020 non están incluídas todas as axudas, estariamos falando en principio dunha diminución do volume de fondos superior aos 100 millóns de euros en 2014 respecto a 2010.

[7] FEGA (2011*): Informe de actividad 2010. Campaña 2009-10*, *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino*, Madrid.

Regulación dos mercados

No ámbito da regulación dos mercados as propostas da Comisión Europea, en liña coas ideas recollidas na súa Comunicación de 2010, manteñen o eixe central sobre o que xiraron as reformas da PAC das últimas dúas décadas: a liberalización dos mercados agrarios. Unicamente se contempla reforzar a capacidade de intervención pública con medidas excepcionais en caso de significativas perturbacións do mercado.

Con todo a Comisión é consciente dalgúns dos problemas xerados nos mercados agroalimentarios comunitarios nos anos recentes, como a crecente volatilidade ou os desequilibrios ao longo da cadea de produción-transformación-distribución-consumo. Para enfrontar estes problemas pon a énfase na mellora do funcionamento da cadea alimentaria e no reforzamento do poder negociador dos agricultores; confiando así na capacidade de autorregulación dos axentes de cada sector para afrontar un contexto de mercados liberalizados. Neste sentido propón ampliar a gama de produtos para os que poden recoñecerse organizacións de produtores e interprofesionais.

No caso concreto do sector lácteo os textos normativos da reforma recollen a disposición, recentemente aprobada nun regulamento específico, de que os Estados poidan converter en obrigatorios os contratos por escrito de compravenda do leite, e de que as organizacións de produtores poidan negociar os termos deses contratos, incluído o prezo, respectando en calquera caso as normas sobre a libre concorrencia. Lembremos ao respecto que, como expuxemos no *Informe 2010*, a comezos de abril de 2011 o Goberno español aprobara o Real Decreto 460/2011, no que establecía a obrigatoriedade da celebración de contratos no sector lácteo e recoñecía a posibilidade de que as organizacións de produtores negocien os contratos en nome dos seus socios, pero deixando a aplicación efectiva deses aspectos a expensas da modificación da normativa comunitaria. Pois ben, tras un dilatado período de discusión, o regulamento comunitario referido ás relacións contractuais no sector do leite[8] vén de ser publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 30 de marzo de 2012, polo que este decreto español pasa a ser de plena aplicación na campaña láctea 2012-2013.

Na liña de apoiar a autorregulación por parte dos propios produtores, as propostas para a PAC 2014-2020 recollen tamén, como novidades dentro da política de desenvolvemento rural, a posibilidade de financiar a creación de agrupamentos de produtores e distintas medidas relacionadas coa xestión de riscos (seguros de colleita, de animais e de plantas; fondos mutualistas para doenzas de animais e de plantas e para incidentes ambientais). No mesmo sentido, os fondos de desenvolvemento rural poderán financiar a creación de instrumentos de estabilización de rendas, é dicir, fondos mutualistas para compensar os agricultores que sufran unha diminución acentuada da súa renda. En todo caso, a aplicación destas medidas e a súa concreción, como sucede con todas as do segundo piar da PAC, queda a expensas do que decida para o seu territorio cada Estado membro.

[8] Regulamento (CE) 261/2012 do Parlamento e do Consello de 14 de marzo de 2012, que modifica o Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello no que afecta ás relacións contractuais no sector do leite e dos produtos lácteos.

Por último, no ámbito da regulación dos mercados, desde a óptica galega non podemos deixar de sinalar que a proposta da Comisión confirma a campaña 2014-2015 como a última na que estará en vigor o réxime de cotas lácteas. Está por ver o impacto que a eliminación das cotas terá sobre o sector en Galicia, aínda que dúas cousas parecen claras: como indican todos os estudos, o previsible é que se orixine un aumento da produción na UE coa conseguinte baixa dos prezos; e as explotacións galegas van afrontar esa liberalización desde unha situación de desvantaxe competitiva fronte a outros países e rexións, debido, sobre todo, a un tamaño medio moi inferior ao comunitario, ao elevado endebedamento que arrastran parte delas e ao nivel relativamente baixo de axudas directas do que parten. Pola contra, a gran baza coa que contan a medio prazo é o importante potencial para reducir os custos de produción, na medida en que se orienten cara a modelos produtivos baseados nos recursos forraxeiros e menos dependentes das compras de alimentos para o gando. Pero esta orientación esixiría nos próximos anos unha forte ampliación da base territorial das explotacións, a través da mobilización de superficies actualmente abandonadas.

Axudas directas á renda do primeiro piar

As maiores novidades das propostas da Comisión están, sen dúbida, nas axudas directas do primeiro piar da PAC, capítulo que representa na actualidade a maior partida, con moita diferenza, do orzamento agrario da Unión Europea.

O actual réxime de axudas directas, en particular o pagamento único, desaparecerá no período 2014-2020. En concreto, a proposta da Comisión é que os dereitos obtidos ao abeiro do réxime do pagamento único caduquen o 31 de decembro de 2013. No seu lugar porase en marcha un novo esquema de axudas directas con distintos compoñentes, uns de aplicación obrigatoria para os Estados e outros optativos; deixando unha ampla marxe a cada país para decidir a súa aplicación concreta e o reparto dos fondos.

A continuación sintetízanse os diversos tipos de axudas que integran o esquema proposto pola Comisión Europea.

1. Axudas directas de aplicación obrigatoria en todos os Estados membros.

a) Pagamento de base. Os Estados deben destinar unha parte da súa dotación a unha axuda directa por hectárea denominada pagamento de base, que vén ser o herdeiro do antigo pagamento único pero coa obriga de tender a uniformar a súa contía por hectárea, prescindindo dos dereitos históricos.

A proposta da Comisión non fixa a porcentaxe dos fondos que debe destinarse a este pagamento, senón que sería o remanente que quede despois de descontar o que se dedique ás outras axudas. En calquera caso, vai ser a partida máis importante, absorbendo como mínimo o 43% dos fondos cos que conta cada Estado para as axudas directas do primeiro piar.

Os pagamentos de base deberán solicitarse, segundo a proposta da Comisión, ata o 15 de maio de 2014, podendo facelo os agricultores que en 2011 tivesen activado polo menos un dereito de pagamento único e tamén outros sen este tipo

de dereitos que se dedicasen exclusivamente a viño, horta ou froitas. O número de dereitos do novo pagamento atribuídos a cada solicitante será igual ás hectáreas elixibles que declare para 2014.

Partindo desa asignación de dereitos, a principal novidade dos pagamentos de base é que a súa contía por hectárea tenderá a uniformarse para todos os produtores a nivel estatal ou rexional, segundo decida cada país. En concreto, a contía da axuda para cada dereito calcularase cada ano dividindo o límite máximo establecido para estes pagamentos a nivel estatal ou rexional entre o número de dereitos atribuídos. Isto pode dar lugar a cambios importantes respecto ás axudas percibidas actualmente no caso dos Estados, como España, nos que o pagamento único foi asignado en función dos dereitos históricos de cada produtor. Por este motivo, co fin de posibilitar unha adaptación gradual, inicialmente os dereitos uniformes por hectárea poden limitarse ao 40% dos fondos desta axuda, distribuíndose a suma restante entre os agricultores cuxos dereitos de pagamento de base sexan inferiores aos dereitos de pagamento único que tiñan a 31 de decembro de 2013. Os dereitos tenderán a aproximarse gradualmente ao valor medio, de tal xeito que a partir do exercicio 2019, como máximo, todos os dereitos nun Estado ou rexión terán o mesmo valor unitario.

Como indicamos, cada Estado pode optar por aplicar un pagamento de base uniforme para todo o seu territorio ou ben facelo a nivel rexional. Neste segundo caso, os fondos deberán repartirse de acordo con criterios obxectivos entre as rexións definidas de acordo á estrutura institucional do Estado ou a características agronómicas, económicas ou ao potencial agrario do territorio.

b) Pagamento de ecoloxización ou verde (greening). Cada Estado deberá destinar a este pagamento o 30% dos fondos da PAC asignados para axudas directas. Consiste nunha axuda anual por hectárea cuxo importe se obtén dividindo os fondos reservados para esta axuda entre o número de hectáreas elixibles, as mesmas que as do pagamento de base. A rexionalización do pagamento de base suporía a rexionalización desta axuda. Para poder cobrar esta axuda as explotacións deben cumprir un dos tres seguintes requisitos: i) ter tres cultivos diferentes, debendo ocupar cada un deses cultivos polo menos o 5% das terras e o cultivo principal non exceder do 70% das mesmas; ii) manter os prados permanentes declarados en 2014; iii) dedicar cando menos o 7% da superficie elixible, excluíndo os prados permanentes, a usos ecolóxicos (barbeito, socalcos, elementos paisaxísticos, faixas de protección, etc.). Os produtores de agricultura ecolóxica están exentos de cumprir estas condicións.

É importante precisar que eses requisitos teñen na proposta da Comisión carácter obrigatorio. É dicir, non só dan dereito a cobrar a axuda por ecoloxización senón que son obrigatorios para percibir o pagamento de base.

c) Pagamento para a instalación dos agricultores novos. Para esta axuda os Estados poden reservar como máximo o 2% do seu teito de pagamentos directos. Consiste nunha axuda anual para os agricultores que se instalan por vez primeira ou que o

fixesen no período de cinco anos anterior á primeira solicitude do pagamento de base e que teñan menos de 40 anos. Esta axuda cobraríase como máximo durante cinco anos, consistindo nun incremento do 25% no valor medio dos dereitos de axuda do agricultor, ata un número máximo de dereitos (que no caso español é de 25).

d) *Réxime simplificado para os pequenos agricultores*. A posta en marcha desta axuda é obrigatoria para os Estados, pero de carácter voluntario para os produtores, e se un produtor opta por acollerse a ese réxime este pagamento substitúe o resto de axudas. A contía da axuda oscilará entre un mínimo de 500 e un máximo de 1.000 euros anuais, á marxe das hectáreas que teña o produtor. Os que se acollan non teñen que cumprir as condicións do *greening*. Os Estados poden destinar un máximo do 10% do seu teito de pagamentos directos a esta axuda.

2. Axudas directas de aplicación optativa polos Estados membros.

a) *Pagamento para os agricultores en zonas con condicionantes naturais específicos*. Os Estados poden reservar ata o 5% das axudas para os agricultores de zonas de montaña, con condicionantes naturais significativos ou con outros condicionantes específicos. Este pagamento pode establecerse a nivel estatal ou rexionalizarse, e consiste nunha axuda anual por hectárea calculada dividindo os fondos reservados para este fin entre as hectáreas elixibles.

b) *Réximes de apoio asociado á produción*. Trátase de axudas vinculadas ao mantemento da produción en determinados sectores (leite, carne de bovino, cereais, ovino-cabrún, etc.). Os Estados poden destinar a elas un máximo do 5% ou do 10% do seu teito de pagamentos directos segundo os casos (en España o 10%). As axudas consistirán nun pagamento anual baseado en superficies e rendementos fixos ou no número de animais, e será cada Estado o que decida os produtos ou sectores concretos nos que as aplica.

No novo esquema de axudas directas o concepto de hectárea elixible ten un papel central, dado que se tende a igualar a contía cobrada por hectárea a nivel estatal ou rexional. En consecuencia, as diferenzas na axuda por explotación van depender principalmente do número de hectáreas elixibles que declare cada produtor. Neste sentido, a definición da Comisión é bastante laxa, establecendo como hectárea elixible calquera superficie agraria utilizada para unha actividade agraria, coas seguintes anotacións:

1. Actividade agraria: produción animal ou cultivo de produtos agrícolas; manutención da superficie nun Estado que a torne adecuada para o pastoreo ou cultivo; realización dun mínimo de actividades a definir polo Estado membro.

2. Superficie agraria: calquera superficie de terras arables, prados permanentes ou cultivos permanentes (incluíndo nestes os viveiros e as plantacións forestais de rotación curta).

En relación coas axudas directas, a Comisión formula finalmente outras dúas propostas relevantes:

1. Para poder cobrar as axudas haberá que ser *agricultor activo*; cambio en principio interesante, pero pendente de precisar a súa definición.

2. O volume máximo de axudas por agricultor limitaríase do seguinte xeito: recortaríanse o 20% as axudas entre 150.000 e 200.000 euros; o 40% entre 200.000 e 250.000 euros; o 70% entre 250.000 e 300.000 euros; e o 100% por riba de 300.000 euros. Os recursos procedentes desta redución das axudas permanecerán no mesmo Estado membro no que se produciu o recorte e destinaranse ás medidas do segundo piar da PAC. A actual modulación das axudas (aos pagamentos por riba de 5.000 euros) desaparecería a partir de 2014.

Política de desenvolvemento rural

Como acontece na actualidade, o segundo piar da PAC vai manter no período 2014-2020 importantes diferenzas co primeiro piar (a política de mercados e axudas directas) en canto á súa instrumentación: a política de desenvolvemento rural seguirase aplicando a través de plans plurianuais, cun enfoque contractual (programas acordados entre cada Estado e a Comisión Europea, partindo da normativa comunitaria) e un réxime de cofinanciamento (o custo das medidas é cofinanciado por fondos europeos, o FEADER, e recursos aportados polo Estado membro –en España tanto a Administración central como as comunidades autónomas). Partindo dese esquema, as novidades céntranse en dous aspectos: o marco para a elaboración dos programas de desenvolvemento rural e as medidas concretas que se poden incluír nestes programas.

No que se refire ao marco dos programas de desenvolvemento rural, a primeira novidade é que cada Estado deberá comezar por elaborar un Marco Estratéxico Común para o conxunto dos fondos plurianuais da Unión Europea, establecendo aí os obxectivos globais e as prioridades asignadas a cada fondo: FEADER (Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural), FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), FSE (Fondo Social Europeo), FEMP (Fondo Europeo Marítimo e da Pesca) e Fondo de Cohesión. Será nese contexto onde posteriormente se concretarán os programas de actuación de cada fondo. Con esta medida trátase de mellorar a coordinación entre as políticas financiadas polos distintos fondos, corrixindo un dos principais problemas detectados no actual período 2007-2013: a relativa desconexión sobre todo entre a programación dos Fondos Estruturais e a correspondente ao desenvolvemento rural (FEADER) e aos fondos pesqueiros (o actual FEP).

Ademais, no relativo á estrutura dos programas de desenvolvemento rural, a Comisión propón un esquema máis flexible, de tal xeito que a ordenación en eixes e medidas vixente no período 2007-2013, que se revelou bastante ríxida, sería substituída por unha ordenación dos programas arredor de prioridades, deixando unha ampla autonomía para que os Estados ou rexións decidan as medidas que consideran máis adecuadas para alcanzar esas prioridades. Esta autonomía unicamente terá dous límites cuantitativos: cada programa deberá destinar como mínimo o 25% dos fondos FEADER a accións relacionadas coa xestión de terras e o cambio climático, e o 5% ás accións con enfoque Leader.

No novo período, ao igual que acontece no actual (2007-2013), cada Estado poderá decidir se opta por unha programación a nivel estatal (un único Programa de Desenvolvemento Rural) ou ben a nivel rexional; modelo este último que foi o adoptado en España no actual período, onde existe un Programa de Desenvolvemento Rural para cada comunidade autónoma con certos elementos comúns establecidos no Marco Nacional de Desenvolvemento Rural.

As prioridades arredor das cales se terán que ordenar as medidas incluídas neses programas no período 2014-2020 son seis: fomentar a transferencia de coñecementos e a innovación; mellorar a competitividade da agricultura e a viabilidade das explotacións; promover a mellora da organización da cadea alimentaria e a xestión de riscos na agricultura; restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas que dependen da agricultura e da silvicultura; promover a utilización eficiente dos recursos e apoiar a transición a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático; e promover a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais. Ademais, resulta interesante a posibilidade que se introduce de establecer, dentro de cada Programa de Desenvolvemento Rural, subprogramas temáticos en dominios que se consideren de especial importancia, particularmente os referidos ao apoio a agricultores novos, pequenas explotacións, zonas de montaña e creación de circuítos de comercialización curtos; podendo, así mesmo, deseñar subprogramas para impulsar a reestruturación de sectores importantes no desenvolvemento de zonas rurais específicas.

No que respecta ás medidas dispoñibles para incluír nos programas de desenvolvemento rural, prodúcese unha notable redución do seu número: dunhas 40 existentes no actual período 2007-2013 pasaríase a menos de 20 en 2014-2020. Isto derívase en parte da eliminación dalgunha delas, a de cesamento anticipado de agricultores por exemplo, pero sobre todo débese á integración nun único epígrafe de medidas antes separadas; sendo de sinalar tamén a introdución de novas medidas, especialmente nos ámbitos da mellora do funcionamento da cadea alimentaria e na xestión de riscos por parte dos agricultores.

Relevante e interesante é tamén a novidade que se vai producir nos actuais programas Leader: a Comisión Europea propón estender este tipo de programas máis alá do ámbito rural, de tal modo que no período 2014-2020 os grupos Leader poderían xestionar, ademais das sumas asignadas nos programas de desenvolvemento rural, recursos procedentes dos restantes fondos incluídos no Marco Estratéxico Común (FEDER, FSE, FC e FEMP).

En todo caso, partindo dunha normativa europea que contén avances interesantes, o impacto en Galicia da política de desenvolvemento rural da Unión Europea no período 2014-2020 vai depender de dous elementos: o financiamento dispoñible e o contido concreto do Programa de Desenvolvemento Rural que elaboren as autoridades estatais e autonómicas; as dúas cuestións pendentes de definir. En concreto, no que respecta ao volume de fondos do FEADER, a diferenza do que acontece coas axudas directas do primeiro piar, a Comisión non fai unha proposta de distribución por Estados, polo que se descoñece a cantidade que corresponderá a España. E despois quedaría aínda por decidir o volume de cofinanciamento que van achegar tanto a Administración central como a Xunta de Galicia.

Os datos do censo agrario de 2009; balance da dinámica estrutural da agricultura galega nas décadas recentes

O INE publicou recentemente os resultados do Censo Agrario de 2009, o que permite actualizar a imaxe sobre a situación estrutural da agricultura galega. A comparación con anteriores censos (1982, 1989 e 1999) debería posibilitar tamén unha análise da evolución das explotacións agrarias ao longo das últimas tres décadas, pero o importante cambio na metodoloxía utilizada polo INE no censo de 2009 en comparación cos anteriores dificulta esta tarefa. Concretamente, os tres censos precedentes, ao igual que todos os realizados desde 1962, tomaban como universo o conxunto das explotacións agrarias, partindo dunha definición moi ampla de «explotación»; pola contra, no de 2009 o ámbito restrinxiuse ás explotacións que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Contar cando menos con 1 ha de SAU (cultivos e pastos).
- Ter cando menos 0,2 ha de hortalizas, flores e plantas ornamentais ao aire libre ou en abrigo baixo, ou dedicadas a froiteiras de regadío ou viveiros.
- Ter polo menos 0,1 ha de hortalizas en invernadoiro ou de flores e plantas ornamentais en invernadoiro.
- Contar cando menos con 0,5 ha dedicada a tabaco, lúpulo ou algodón.
- Ter 1 ou máis Unidades Gandeiras e unha Produción Estándar Total (PET) igual ou superior a 0,75 Unidades de Dimensión Europea.

Para poder comparar os datos e analizar a evolución estrutural da agricultura galega nas últimas décadas, tivemos que efectuar unha elaboración orixinal a partir da información de base dos censos anteriores. Así, utilizando os microdatos dos censos de 1982, 1989 e 1999, filtramos estes para adaptalos á definición de explotación empregada no Censo Agrario de 2009. Con todo, subsiste un pequeno problema, debido a que nos censos precedentes os resultados económicos das explotacións estaban referidos á Marxe Bruta Total, mentres que no de 2009 ese concepto foi substituído pola Produción Estándar Total (PET).[9] Deste xeito, para filtrar as explotacións nos censos anteriores (e aplicar en concreto o último dos criterios citados) hai que utilizar a MBT en vez da PET, o que imposibilita unha comparación perfecta. Aínda así, tendo en conta o efecto das outras variables de filtrado consideradas, a desviación que pode introducir resultaría insignificante, polo que na práctica os datos que se ofrecen a continuación poden considerarse homoxéneos.

Máis grave é outro problema derivado da substitución da MBT pola PET no último censo, que impide poder coñecer a evolución na última década das explotacións por estratos de dimensión económica e fai imposible tamén analizar a evolución por orien-

[9] A PET refírese ao valor da produción, mentres na MBT ao valor da produción se restaban certos custos directos inherentes e esa produción.

tacións técnico-económicas[10] (OTE), unha vez que nos censos anteriores se utilizaba a MBT para realizar esa clasificación e en 2009 se emprega a PET. Polo tanto, nestes aspectos, dimensión económica e OTE, hai que limitarse a ofrecer unha visión estática da situación da agricultura galega en 2009.

Comezando polas cifras máis xerais, o Censo Agrario de 2009 contabiliza en Galicia unhas 81.000 explotacións, o que supón aproximadamente 2/3 das que había dez anos antes e pouco máis de 1/3 das existentes en 1982, nas vésperas da integración

Cadro núm. 1

Evolución de número, superficie total e superficie agraria utilizada (SAU) das explotacións por estratos de tamaño en Galicia (datos de superficie en hectáreas)

		SAU/Explotación		
		< 10 ha	**> = 10 ha**	**Total**
1982	Núm. de explotacións	226.849	6.511	233.360
	Superficie total	1.126.923	237.822	1.364.745
	SAU	504.363	112.422	616.785
1989	Núm. de explotacións	161.059	9.723	170.782
	Superficie total	914.232	333.119	1.247.351
	SAU	431.162	192.646	623.808
1999	Núm. de explotacións	101.449	16.903	118.352
	Superficie total	628.945	525.125	1.154.070
	SAU	301.067	356.063	657.130
2009	Núm. de explotacións	62.836	18.338	81.174
	Superficie total	325.672	589.181	914.853
	SAU	170.341	477.257	647.598
Variación 1989-1982	Núm. de explotacións	-65.790	3.212	-62.578
	Superficie total	-212.691	95.296	-117.395
	SAU	-73.201	80.224	7.023
Variación 1999-1989	Núm. de explotacións	-59.610	7.180	-52.430
	Superficie total	-285.287	192.006	-93.281
	SAU	-130.095	163.417	33.322
Variación 2009-1999	Núm. de explotacións	-38.613	1.435	-37.178
	Superficie total	-303.273	64.056	-239.217
	SAU	-130.726	121.194	-9.532
Variación 2009-1982	Núm. de explotacións	-164.013	11.827	-152.186
	Superficie total	-801.251	351.359	-449.892
	SAU	-334.022	364.835	30.813

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Microdatos de Censos Agrarios.*

[10] A orientación técnico-económica (OTE) defínese en función da participación da produción estándar de cada actividade respecto á produción estándar total da explotación.

europea, cando o seu número ascendía a 233.360 (cadro 1). Polo tanto, nos tres últimos decenios (1982-2009) desapareceron uns 2/3 das explotacións, o que implica un ritmo medio anual do -3,8%. Esta taxa é moi elevada, malia que supón unha caída notablemente inferior á experimentada no mesmo período pola poboación ocupada no sector agrario.

A desaparición de explotacións concentrouse nas de menor dimensión e acompañouse dun reforzamento dos estratos de maior tamaño. Así, en 2009 o número de explotacións con menos de 10 hectáreas de SAU era só o 28% das existentes en 1982, mentres que as explotacións con 10 ou máis hectáreas case se triplicaron nese período. Con todo, a pesar dese intenso proceso de desaparición e concentración, en 2009 máis das 3/4 partes das unidades produtivas seguían estando por debaixo das 10 hectáreas de SAU (cadro 1).

O proceso de desaparición de explotacións foi acompañado dunha importante contracción da superficie total integrada nas unidades produtivas (esta reduciuse no período 1982-2009 en 450.000 hectáreas, 1/3 do seu volume inicial); asemade aumentaba de forma lixeira a SAU, os terreos de cultivos e pastos (de 617.000 a 648.000 ha) (cadro 1). Deste xeito, foise reducindo cada vez máis a parte do territorio galego integrada en explotacións agrarias e xestionada polos agricultores, facendo que esta se limite en 2009 a unhas 915.000 hectáreas, só o 31% da superficie de Galicia. Non obstante, de maneira simultánea aumentou a porcentaxe da superficie das explotacións utilizada para cultivos e pastos, a *ratio* SAU/Superficie total censada. Móstrase así un proceso dobre: o retroceso da «fronteira» das explotacións e a súa desvinculación cada vez maior das terras de monte e a crecente intensificación produtiva nesa limitada base territorial.

Como nota adicional, hai que sinalar que no último período intercensal (1999-2009) asistimos a unha forte aceleración da caída da superficie total das explotacións, asociado ao inicio dun descenso tamén da SAU. Esta situación parece suxerir un agravamento das tendencias antes sinaladas.

En todo caso, a intensa reestruturación fixo que a SAU se fose concentrando cada vez máis nas explotacións de maior dimensión: en 2009 aquelas con máis de 10 hectáreas, que son menos de 1/4 do total, concentran case as 3/4 da SAU, cando en 1982 estas unidades, que no contexto galego podemos cualificar de medianas ou grandes, unicamente xestionaban o 18% das terras de cultivos e pastos (cadro 1).

O intenso proceso de reestruturación fixo que a SAU media por explotación se triplicase en Galicia nas tres últimas décadas, pasando de tan só 2,64 ha en 1982 a 7,98 en 2009 (cadro 2). A pesar diso, esa superficie media continúa estando hoxe moi por debaixo da que se rexistra en España e na Unión Europea, e sen que a distancia se acurtase de maneira apreciable nos decenios recentes, a pesar da intensidade moito maior que alcanzou en Galicia a desaparición de unidades produtivas.

Cadro núm. 2

Evolución da SAU media por explotación en Galicia

	1982	1989	1999	2009
SAU/Explotación (ha)	2,64	3,65	5,55	7,98

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Microdatos de Censos Agrarios.*

Cadro núm. 3

Nivel e determinantes da produción por explotación agraria en Galicia e España. Ano 2009

	Galicia	España	Índices Galicia (media España = 100)
Produción estándar total (PET)/Explotación (euros)	26.818	34.525	77,7
Compoñente estrutural SAU/Explotación (ha)	7,98	24,00	33,2
Compoñente intensificación PET/ha de SAU (euros)	3.362	1.439	233,7

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Microdatos de Censos Agrarios.*

A reducida base territorial constitúe o factor básico que segue lastrando na actualidade a produtividade e os resultados económicos das explotacións na agricultura galega, malia que os datos do Censo Agrario de 2009 mostran unha mellora da súa posición relativa no contexto estatal. A pesar da mellora, segundo este Censo a Produción Estándar Total (PET)/Explotación limítase en Galicia ao 77,6% da media española. Este dato débese integramente á reducida SAU/Explotación, só 1/3 da española (7,98 fronte a 24 ha); en tanto que a compoñente intensificación, a produción obtida por unidade de superficie (PET/ha de SAU), alcanza en Galicia un nivel que multiplica por 2,3 a media estatal (cadro 3).

Afondando no proceso de desaparición e concentración de explotacións rexistrado nas tres últimas décadas, no gráfico 4 pódese observar como co paso do tempo se foi elevando continuamente o límite de viabilidade das unidades produtivas na agricultura galega. Así, nos anos oitenta (1982-1989) a desaparición afectaba case exclusivamente ás explotacións menores de 5 hectáreas de SAU, aumentando o seu número en todos os intervalos por riba de 10 hectáreas, particularmente no de 10-15 hectáreas. Na década dos noventa o proceso de desaparición estendeuse xa a todos os grupos por debaixo de 10 hectáreas, mentres que os segmentos máis expansivos pasaban a ser os de 20 a 50 ha e, sobre todo, o de 30-50 hectáreas. Finalmente, no primeiro decenio deste século (1999-2009) diminúe a cifra de explotacións por debaixo de 20 hectáreas, e o crecemento concéntrase nas situadas por

Gráfico 4.

Taxas anuais de variación do número de explotacións por estratos de tamaño en Galicia. Período 1982-2009



Cadro núm. 4

Evolución do volume de man de obra nas explotacións agrarias en Galicia

Tamaño das explotacións	Número de Unidades de Traballo Ano (UTA)				Taxa de variación acumulativa anual
SAU/Explotación	1982	1989	1999	2009	2009-1982 (%)
< 10 ha	274.790	180.468	111.701	58.461	-5,6
> = 10 ha	13.919	19.093	33.004	28.972	2,8
Total	**288.709**	**199.561**	**144.704**	**87.433**	**-4,3**

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Microdatos de Censos Agrarios.*

riba de 30 hectáreas, alcanzando as taxas máis elevadas no grupo de 50 e máis hectáreas (gráfico 4).

O volume de man de obra na agricultura galega, medido en Unidades de Traballo Ano (UTA), reduciuse no conxunto do período 1982-2009 nun 70%, a unha taxa acumulativa anual do 4,3% (cadro 4). Unha caída moi intensa, pero menor da que indican os datos da *Encuesta de Población Activa* (EPA) para o número de ocupados no sector (ver máis adiante: cadro 14). Se comparamos os datos estatísticos, obsérvase que na primeira metade dos oitenta a cifra de ocupados agrarios da EPA multiplicaba por 1,5 os traballadores equivalentes a tempo completo que contabilizaba o Censo Agrario; mentres, na actualidade esa relación se inverteu, e así o Censo Agrario de 2009 computa 87.400 UTA no sector fronte aos 67.000 ocupados agrarios da EPA. Estes datos suxiren dúas conclusións: parte do axuste sufrido pola poboación ocupada na agricultura galega durante as últimas décadas correspondeuse co abandono do sector por parte de persoas que tiñan xa unha dedicación limitada ao traballo agrario (principalmente persoas de idade avanzada); e na actualidade ten que existir un número significativo de persoas que, sen ter a súa actividade principal na agricultura, achegan traballo ás explotacións.

Gráfico 5.

Porcentaxe de man de obra asalariada (UTAs asalariadas/UTAs totais) **segundo a SAU das explotacións en Galicia.** Ano 2009



No que respecta á composición desa man de obra, os datos do Censo Agrario de 2009 mostran que segue manténdose un forte predominio dos traballadores familiares, limitándose o peso dos asalariados ao 10,3% das UTA. Non obstante, nas

explotacións de mediana e gran dimensión a importancia da man de obra asalariada é moito maior, e crece co tamaño: nas de 30-50 ha achega case o 30% do traballo, e nas maiores de 50 ha a porcentaxe ascende ao 55%, polo que predominan xa os asalariados fixos ou temporais (gráfico 5). Este dato chama a atención sobre un feito non suficientemente salientado: no segmento de explotacións máis *profesional* da agricultura galega a man de obra familiar foi perdendo importancia, facendo que o persoal contratado desenvolva hoxe en día un papel fundamental.

Finalmente, nos gráficos 6 e 7 resúmense dous aspectos esenciais da estrutura actual das explotacións en Galicia segundo o Censo Agrario de 2009: a distribución por estratos de dimensión económica e por orientacións produtivas.

O gráfico 6 recolle a distribución das explotacións por intervalos de dimensión económica e o peso de cada estrato nas principais variables do sector: volume de traballo (UTA), SAU, unidades gandeiras (UG) e produción (PET). A dimensión económica refírese á Produción Estándar Total (PET) e está expresada en Unidades de Dimensión Europea (UDE), sendo 1 UDE = 1.200 euros.

A imaxe agregada do sector continúa estando dominada pola existencia dun elevado número de pequenas explotacións, pero estas, sendo moi importantes en termos sociais, ocupan unha parte bastante limitada do territorio e teñen un peso produtivo case irrelevante. Concretamente, as explotacións cun *output* anual inferior a 4 UDE

Gráfico 6.

Peso relativo das explotacións agrarias por estratos de dimensión económica en Galicia. Ano 2009



(4.800 euros) son a metade do total (41.200 sobre un total de 81.200) e nelas está 1/3 da man de obra (UTA), pero só ocupan o 15% das terras de cultivos e pastos (SAU), contan co 3,1% da cabana gandeira (UG) e xeran o 3,8% da produción agraria (PET). Se a ese grupo unimos o de 4-8 UDE obtemos que as explotacións cunha produción anual inferior a 8 UDE (9.600 euros) son os 2/3 do total e concentran a metade do emprego; pero tan só contan con algo menos do 25% da SAU e co 7% do censo gandeiro, achegando o 8% da produción (gráfico 6).

No extremo contrario constátase a progresiva consolidación dun segmento de explotacións medianas e grandes (para os parámetros galegos), moi minoritarias en número, pero que son as que desenvolven xa o papel fundamental na xestión do territorio e sobre todo na xeración do *output* do sector, configurándose cada vez máis como o «núcleo duro» da agricultura galega, do que vai depender o seu futuro produtivo. Este «núcleo duro» pode identificarse coas explotacións que en 2009 obteñen unha PET igual ou superior a 12 UDE (14.400 euros). Trátase dunhas 22.000 explotacións, pouco máis de 1/4 do total (27,2%), nas que está o 41,6% da man de obra agraria, pero que concentran máis dos 2/3 da SAU (67,8%) e o 90% das unidades gandeiras, e o que constitúe o dato máis relevante: achegan o 90% (exactamente o 89,4%) da produción agraria (gráfico 6). Este conxunto, que podemos identificar co segmento máis *profesional* da nosa agricultura, concéntrase esencialmente nas ramas bovinas e,

Gráfico 7.

Distribución da superficie (SAU) e da produción (PET) segundo a orientación produtiva das explotacións en Galicia. Porcentaxe sobre o total de explotacións. Ano 2009



sobre todo, no sector lácteo: algo máis da metade das explotacións que alcanzan as 12 UDE pertencen á Orientación Técnico-Económica (OTE) bovino de leite, case o 20% son de bovino de carne e un 5% bovinas mixtas; totalizando así arredor dun 75% de explotacións bovinas.

No gráfico 7 recóllese a distribución da SAU e da PET segundo a orientación produtiva das explotacións. As explotacións gandeiras concentran a maior parte da SAU e da produción. Destacan neste sentido as explotacións lácteas, que ocupan 1/3 das terras de cultivos e pastos e aportan o 44% do valor da produción. As explotacións especializadas no vacún de carne teñen tamén un importante peso na ocupación do territorio (27,7%), mentres que en termos de PET a súa contribución é moito menor (9,5%); o que indica o carácter moito máis extensivo destas unidades produtivas. A situación contraria dáse nas explotacións de porcino e aves: dados os sistemas produtivos imperantes nestas ramas, propios da gandería sen terras, estas só ocupan o 1,1% da SAU pero xeran o 23,6% do *output* agrario (gráfico 7). Globalmente, as explotacións gandeiras concentran os 2/3 da SAU e supoñen o 80% da PET.

As explotacións especializadas nas producións vexetais teñen moita menos relevancia, tanto en termos de produción como na ocupación do territorio. Destacan pola súa contribución á PET a horticultura e as raíces e tubérculos (patacas), seguidas da viticultura; pero entre esas tres orientacións non chegan ao 9% da PET da agricultura galega. No que respecta á SAU son as raíces e tubérculos, a viticultura e os cereais as orientacións cun maior peso. Non obstante, o conxunto das explotacións especializadas nesas producións máis as hortícolas, en suma aquelas cunha especialización agrícola, só ocupan o 6% da SAU. Finalmente, as unidades pertencentes a orientacións técnico-económicas non especializadas, a pesar do seu retroceso nas décadas recentes, ocupan aínda case o 30% da SAU, se ben só achegan o 12% do valor da produción (gráfico 7). Trátase na súa maioría de explotacións de pequena dimensión, cun papel produtivo cada vez menor pero que conservan un notable peso social porque acollen o 42% da man de obra agraria.

As tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2010)

Despois de varios anos sen actualizar esta información, a Consellería do Medio Rural e do Mar[11] vén de publicar recentemente (abril de 2012) as estimacións das Contas Económicas da Agricultura galega correspondentes aos exercicios 2006, 2007

[11] Dados os sucesivos cambios na denominación desta Consellería ao longo das décadas recentes, para simplificar en todo o texto (e tamén nos cadros e gráficos) emprégase o nome actual: Consellería do Medio Rural e do Mar (CMRM). De igual xeito, para o Ministerio competente en materia agraria utilízase a súa denominación vixente (desde finais de 2011): *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* (MAGRAMA).

e 2008.[12] Deste xeito, contamos cunha serie estatística das macromagnitudes do sector en metodoloxía SEC-95 (ou, o que é o mesmo, metodoloxía CEA-97, Contas Económicas da Agricultura 1997) para o período 1990-2008. Non obstante, esta aparece integrada en realidade por dúas series distintas, que presentan importantes discrepancias nos valores e, polo tanto, problemas de enlace: a serie publicada polo Ministerio de Agricultura para o decenio 1990-2000 e as estimacións anuais da Consellería para o período 2000-2008.

A partir destes datos ofrécese un balance posto ao día sobre as tendencias a medio prazo do sector no período 1990-2008, actualizando, ademais, o diagnóstico para os anos 2009 e 2010 segundo as nosas propias estimacións sobre a renda agraria.[13] Procúrase así resumir a dinámica da agricultura galega nas dúas últimas décadas, co fin de contextualizar a análise posterior sobre a súa conxuntura en 2011.

Tendencias globais no período 1990-2008

No cadro 5 recóllese a evolución das macromagnitudes do sector agrario galego en euros correntes no período 1990-2008, e no cadro 6 figuran as principais macromagnitudes en termos reais, así como a produtividade do traballo e a renda por ocupado. A primeira vista pode observarse a importante ruptura entre os datos do Ministerio para o decenio 1990-2000 e os da Consellería para 2000-2008. Por este motivo, ante a ausencia dun criterio sólido para enlazar as dúas series,[14] imos referirnos separadamente ás dúas décadas, para establecer finalmente algunhas conclusións globais.

De acordo coa serie elaborada polo *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* (MAGRAMA), a dinámica do sector agrario galego no decenio 1990-2000 aparece definida por tres notas[15] (cadro 6):

[12] Estas estimacións poden encontrarse na páxina web da Consellería, no enderezo: *http://www.medioruralemar.xunta.es/institucional/estatisticas/anuario_de_estatistica_agraria/#contas.*

[13] Para 2009 e 2010 non contamos aínda con ningún cálculo oficial das Contas Económicas da Agricultura galega.

[14] Caben neste aspecto dúas opcións: enlazar directamente as dúas series a partir das cifras para o ano que teñen en común, 2000 (que é o que viñemos facendo en *Informes* anteriores); ou ben xogar para o enlace con medias, por exemplo trianuais, o que levaría a suavizar a caída tan brusca da produción e da renda agraria que mostran os datos do Ministerio para os anos finais da década dos noventa.

[15] Convén lembrar que todos os datos se refiren á rama «Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionadas» (estando pois excluída a silvicultura), e que a produción e o VEB están expresados a prezos básicos (suma dos prezos ao produtor máis as subvencións ligadas directamente aos produtos, «subvencións aos produtos»).

Cadro núm. 5

Evolución das macromagnitudes agrarias en Galicia (metodoloxía SEC-95)
(valores correntes, en millóns de euros). Período 1990-2008*

	(A) Produción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) Valor engadido bruto a prezos básicos	(D) Amortizacións (consumo de capital fixo)	(E) Outras subvencións á produción	(F) Outros impostos sobre a produción	(C-D+E-F) Renda agraria (VENcf)
1. Datos publicados polo Ministerio de Agricultura							
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8
1991	1.601,5	511,9	1.089,6	173,4	22,2	1,6	936,8
1992	1.436,1	489,3	946,8	181,0	7,4	3,1	770,1
1993	1.478,8	485,7	993,1	192,8	19,1	2,5	816,9
1994	1.856,8	512,2	1.344,6	213,9	13,1	2,1	1.141,7
1995	2.006,2	531,3	1.475,0	227,7	14,0	1,1	1.260,2
1996	1.946,0	554,2	1.391,8	249,2	16,6	2,0	1.157,1
1997	1.787,4	624,8	1.162,6	273,7	16,0	0,0	904,9
1998	1.852,0	591,0	1.261,0	267,6	16,3	0,0	1.009,7
1999	1.707,7	700,4	1.007,3	272,0	18,4	0,0	753,6
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1
2. Estimacións da Consellería do Medio Rural e do Mar							
2000	1.820,3	668,7	1.151,6	226,0	76,9	2,8	999,7
2001	1.998,2	715,5	1.272,8	273,0	92,9	10,5	1.092,2
2002	2.048,2	801,4	1.246,7	285,5	92,0	3,6	1.049,7
2003	2.106,9	903,8	1.203,1	274,9	113,1	4,3	1.037,1
2004	2.153,5	937,0	1.216,5	268,8	120,3	3,8	1.064,2
2005	2.124,6	952,3	1.172,4	250,3	127,4	3,9	1.045,6
2006	2.383,0	1.010,9	1.372,0	354,9	228,2	4,0	1.241,3
2007	2.680,4	1.050,4	1.630,0	397,5	228,4	5,0	1.455,9
2008	2.728,8	1.084,6	1.644,2	407,0	197,0	6,8	1.427,4
Variación (en %)							
2000-1990	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4
2008-2000	49,9	62,2	42,8	80,1	156,3	145,3	42,8
Tendencias na agricultura española (variación en %)							
2000-1990	49,2	52,5	47,3	41,5	347,2	164,5	54,1
2008-2000	14,6	39,2	0,1	73,6	299,8	61,7	8,6

* Rama *Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados.*

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* (MAGRAMA): *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000* e *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2011.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar: *Macromagnitudes agrarias 2000-2005* e *Contas Económicas da Agricultura 2006-2008.*

Cadro núm. 6

Evolución das principais macromagnitudes en termos reais, da produtividade do traballo e da renda por ocupado no sector agrario galego. Período 1990-2008

	Macromagnitudes agrarias (millóns de euros de 1995)*			Poboación ocupada agraria (miles)	Produtividade do traballo e renda unitaria (miles de euros de 1995)	
	Produción agraria	VEB prezos básicos	Renda agraria		Produtividade do traballo[1]	Renda por ocupado[2]
1. Datos publicados polo Ministerio de Agricultura						
1990	1.767,6	1.185,5	1.030,8	292,4	4,1	3,5
1991	1.941,4	1.362,2	1.138,7	260,2	5,2	4,4
1992	1.906,6	1.362,9	887,3	239,2	5,7	3,7
1993	1.842,2	1.321,8	898,9	240,5	5,5	3,7
1994	1.937,8	1.399,8	1.195,4	221,1	6,3	5,4
1995	2.006,2	1.475,0	1.260,2	223,9	6,6	5,6
1996	2.038,8	1.504,6	1.118,0	203,2	7,4	5,5
1997	1.848,3	1.265,2	858,0	168,3	7,5	5,1
1998	1.868,1	1.311,3	939,0	152,7	8,6	6,2
1999	1.746,4	1.085,2	683,8	139,3	7,8	4,9
2000	1.613,7	913,2	545,6	140,0	6,5	3,9
2. Estimacións da Consellería do Medio Rural e do Mar						
2000	1.776,3	1.182,1	878,1	140,0	8,4	6,3
2001	1.862,9	1.238,8	926,9	124,1	10,0	7,5
2002	2.015,5	1.335,7	858,2	112,8	11,8	7,6
2003	1.961,6	1.213,6	828,8	106,6	11,4	7,8
2004	1.975,6	1.239,8	823,3	101,8	12,2	8,1
2005	2.021,9	1.279,5	782,8	89,8	14,2	8,7
2006	2.179,8	1.414,8	897,6	83,0	17,0	10,8
2007	2.214,9	1.484,5	1.027,4	76,0	19,5	13,5
2008	2.198,9	1.548,1	966,5	69,8	22,2	13,8
Variación 2000 / 1990 (en %)						
Galicia	-8,7	-23,0	-47,1	-52,1	60,9	10,5
España	21,1	24,2	6,4	-33,4	86,4	59,7
Variación 2008/2000 (en %)						
Galicia	23,8	31,0	10,1	-50,1	162,7	120,8
España	-3,5	-3,6	-16,3	-20,1	20,5	4,7

* A produción agraria está deflactada polo *Índice de Prezos Percibidos*. O VEB en termos reais constitúe o saldo entre o volume da produción agraria (deflactada polo Índice de *Prezos Percibidos*) e o dos consumos intermedios (deflactados polo *Índice de Prezos Pagados*). Finalmente, a renda agraria está deflactada polo IPC galego.

[1] VEB (real)/Ocupado.

[2] Renda agraria (en euros constantes)/Ocupado.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* (MAGRAMA): *Evolución de las macromagnitudes agrarias. regionales 1990-2000* e *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2011*.
- Consellería do Medio Rural e do Mar: *Macromagnitudes agrarias 2000-2005* e *Contas Económicas da Agricultura 2006-2008*.
- INE, *Encuesta de Población Activa;* IGE: *Enquisa de Poboación Activa.*

a. O volume da produción agraria sufriu unha caída próxima ao 10% (-8,7%); o que, unido ao aumento dos consumos intermedios, orixinou un descenso moito maior do VEB en termos reais[16] (-23%).

b. Esa notable contracción do *output* acompañouse dunha diminución moito máis acusada da renda agraria: expresada en moeda constante esta reduciuse practicamente á metade (-47,1%). A explicación está, sobre todo, no comportamento desfavorable dos prezos, xunto coa importante alza das amortizacións, a carga que supón o consumo do capital fixo. O resultado, reiteramos, foi que a importante contracción do VEB (-23%) se acompañou dunha caída moito máis intensa da renda (-47,1%).

c. Esa evolución sumamente negativa da produción e da renda agregada provocou que, a pesar do fortísimo axuste demográfico que rexistrou o sector, a produtividade do traballo só mellorase de forma modesta e a renda por ocupado permanecese practicamente estancada. En concreto, o aumento da produtividade do traballo (VEB/Ocupado) limitouse ao 60,9%; unhas ganancias de produtividade que foron absorbidas na súa case totalidade pola deterioración dos prezos, facendo que a renda media por ocupado só crecese nun 10,5%.

O balance sumamente desfavorable para a década dos noventa que se deriva destes datos acentúase ao comparar esa dinámica coa do conxunto da agricultura española (cadro 6):

- Fronte á caída da produción na agricultura galega, esta experimentou en España unha importante expansión. De igual maneira, a fortísima contracción que sufriu en Galicia a renda agraria contrasta co seu moderado incremento no conxunto do Estado (6,4%), polo que Galicia viu reducida á metade a súa participación na renda agraria española: do 5,8% en 1990 ao 2,9% en 2000.
- Esta situación provocou que, a pesar da intensidade moito maior que alcanzou o descenso da poboación ocupada no agro galego (-52,1% fronte a -33,4%), tanto a produtividade do traballo como, sobre todo, a renda por ocupado rexistrasen no caso galego un crecemento moito menor, polo que se deteriorou o seu nivel relativo, afastándose aínda máis da media estatal. Concretamente, o aumento da renda agraria por ocupado foi en Galicia 6 veces menor do constatado en España (10,5% fronte a 59,7%).

Despois desas tendencias tan negativas na década dos noventa, a dinámica do sector experimentou, segundo os datos da Consellería, unha nidia mellora no primeiro decenio do presente século; mellora que se constata xa desde comezos do decenio, pero que se viu consolidada sobre todo polos resultados sumamente favorables que mostran para o trienio 2006-2008 as estimacións publicadas recentemente. Ademais, a mellora na agricultura galega coincide cunha tendencia totalmente oposta, un acu-

[16] A partir de aquí, a menos que se indique o contrario, os comentarios refírense ás macromagnitudes en termos reais. A forma exacta na que estas foron obtidas aparece especificada no cadro 6.

Gráfico 8.

Evolución da produción, da renda e da renda por ocupado no sector agrario galego. Evolución en termos reais; índices: base 1990 = 100



sado empeoramento das principais macromagnitudes, no conxunto da agricultura española; polo que na década dos 2000 o sector pasa a ter en Galicia un comportamento moito mellor que no Estado.

A continuación resumimos a dinámica das principais variables do sector agrario galego no período 2000-2008 (cadro 6 e gráfico 8):

1. O volume da produción agraria incrementouse neses oito anos nun 23,8%, o que, unido á moderación no uso de *inputs* intermedios, posibilitou un crecemento maior do VEB en termos reais (31%). Prodúcese, pois, unha expansión significativa do *output*, que permitiu máis que compensar a contracción sufrida no decenio anterior.

2. Esa expansión do *output* fixo posible que, a pesar da deterioración dos prezos relativos dos produtos agrarios (cun descenso dos prezos percibidos en euros constantes e un empeoramento da relación Prezos Percibidos/Prezos Pagados; ver máis adiante: cadro 13), a renda agregada da agricultura galega experimentase un moderado aumento en euros constantes (10,1%), despois da acusada caída dos anos noventa.

3. Dado que simultaneamente proseguiu o intenso axuste do volume de man de obra (a poboación ocupada agraria reduciuse en Galicia á metade entre 2000 e 2008), o resultado foi un incremento máis que notable da produtividade do traballo: o VEB/Ocupado creceu un 162,7% (noutras palabras, multiplicouse por 2,6) nos oito anos. E, aínda que parte desas ganancias de produtividade continuaron sendo absorbidas polo empeoramento dos prezos, tamén a renda media por ocupado rexistrou unha mellora considerable: aumentou nun 120,8%, multiplicándose pois por 2,2.

Os datos mostran, en suma, unha dinámica claramente positiva neste período, que resulta máis salientable por coincidir cunha evolución totalmente oposta a nivel español. Despois do seu comportamento favorable na década anterior, no período 2000-2008 o sector agrario sufriu en España unha lixeira contracción tanto da produción (-3,5%) como do VEB (-3,6%), o que arrastrou un descenso máis apreciable da renda agregada (-16,3%). Se engadimos a moderada diminución da man de obra, o resultado foi un aumento moi débil, moito menor que no decenio precedente, da produtividade do traballo (20,5%), e un práctico estancamento da renda por ocupado (esta só aumentou nun 4,7% nos oito anos) (cadro 6).

Polo tanto, na década dos 2000 inverteuse por completo a dinámica relativa do sector agrario galego no contexto estatal. Fronte á acusada deterioración da súa posición relativa nos anos noventa, no período 2000-2008 a agricultura presenta un comportamento das variables agregadas moito mellor, o que lle permitiu recuperar parte do peso perdido na produción e na renda agraria de España. E, dada a intensidade moito maior que seguiu alcanzando aquí a caída da man de obra, tanto a produtividade media por traballador como a renda por ocupado experimentaron un crecemento moito máis vigoroso (162,7% fronte a 20,5% na produtividade; 120,8% fronte a 4,7% na renda unitaria). Esta situación posibilitou unha converxencia significativa destes índices coas correspondentes medias estatais (cadro 6).

Os gráficos 8 e 9 mostran de forma plástica o marcado contraste no comportamento do sector agrario galego entre as dúas últimas décadas: no primeiro gráfico para os indicadores máis relevantes da agricultura galega (produción, renda e renda por ocupado) e no segundo para a evolución comparada con España da renda e da renda por ocupado. Fixándonos neste último gráfico pódese ver que (gráfico 9):

- A participación de Galicia na renda agraria española, despois de descender do 5,8% en 1990 ao 2,9% en 2000, aumenta de modo case continuo no período 2000-2008, pasando do 4,7% ao 6,2%.
- O nivel relativo da renda agraria por ocupado permaneceu aproximadamente estancado, arredor do 30% da media española, durante a década dos noventa, mentres que no último decenio ese nivel máis que se duplicou, ascendendo do 32,5% da media estatal en 2000 ao 68,5% en 2008.

En definitiva, está fóra de toda dúbida e aparece avalado por toda a información estatística, a existencia dunha dinámica moi diferente, case totalmente contraposta, do sector agrario galego nas dúas últimas décadas. En cambio, resulta máis complexo, dada a ruptura entre as series estatísticas 1990-2000 e 2000-2008, establecer con seguridade o saldo ou balance global para o conxunto do período 1990-2008. Neste aspecto caben dúas lecturas posibles dos datos (gráficos 8 e 9):

- A primeira consiste en tomar as dúas series estatísticas tal como foron publicadas e asumir implicitamente que a do Ministerio magnifica a caída da produción e da renda nos anos finais da década dos noventa (o

Gráfico 9.

Evolución do peso de Galicia na renda agraria española e do nivel relativo da renda por ocupado na agricultura galega
Período 1990-2008. Series do MAGRAMA (1990-2000) e Consellería (2000-2008)



que nos levaría a enlazar os datos de 1998 desa serie cos de 2000 da Consellería; ver o gráfico 8). Neste caso obtemos que no conxunto do período 1990-2008 a produción agraria aumentou en Galicia nun 24,4% e a renda agraria diminuíu lixeiramente (-6,2%); e, dado que a poboación ocupada se reduciu a menos de 1/4 do seu volume inicial, a renda por ocupado teríase multiplicado por 4 nos dezaoito anos (gráfico 8). Visto no contexto estatal, Galicia rexistraría en 2008 un peso na renda agraria española (6,2%) similar ao de principios dos noventa e o nivel relativo da renda por ocupado tería ascendido do 27,7% da media da agricultura española en 1990 ao 68,5% en 2008 (gráfico 9).

- A outra lectura posible é a que resulta se enlazamos as dúas series a partir dos seus valores no ano 2000, asumindo neste caso que as cifras da Consellería sobreestiman a produción e a renda do sector (ou, a recíproca: que a serie do Ministerio subestima en todos os anos esas variables).[17] Procedendo así obtemos un balance global para o período 1990-2008 bastante menos positivo, pero que aínda así resulta menos sombrío do que suxerían ata agora os datos (antes de incorporar a información dos anos 2006-2008). En concreto: a produción agraria tería aumentado neses 18 anos nun 13,4%; a renda agraria presentaría un balance moito máis negativo, cunha caída do 41,8%, e a renda por ocupado teríase multiplicado por 2,4. Na evolución comparada coa agricultura española, o peso de Galicia na renda agraria de España tería baixado do 9,4% en 1990 ao 6,2% en 2008 e a converxencia da renda por ocupado seguiría dándose, pero con menor forza: este índice tería pasado do 44,6% da media española en 1990 ao 68,5% en 2008.

As distintas etapas dentro do período 1990-2008

Máis alá do contraste entre as dúas décadas, constátase a existencia dentro do período 1990-2008 de catro etapas claramente diferenciadas na dinámica do sector agrario galego (gráficos 8 e 9):

- A primeira metade dos noventa (1991-1995) caracterizouse por unha significativa alza da renda do sector (22,3% nos cinco anos) que, dada a diminución da man de obra, se traduciu nun aumento moito maior da renda por ocupado (59,7%). Ademais, esa dinámica foi máis favorable que en España, de tal xeito que o sector agrario galego experimentou unha moderada converxencia da renda por ocupado.
- A evolución modificouse por completo no quinquenio 1996-2000: nestes anos a renda agraria sufriu unha forte e continua diminución, que provocou que, a pesar da redución da man de obra, a renda por ocupado diminuíse, o que se traduciu tamén nun empeoramento do seu nivel relativo respecto á media española.
- Despois desa recesión, a dinámica do sector presenta signos de mellora no quinquenio 2001-2005: a renda agregada seguiu baixando pero a un ritmo moito

[17] Isto implica que, por exemplo, no gráfico 8 habería que «baixar» as curvas do período 2000-2008 ou subir as de 1990-2000 ata enlazar as dúas no ano 2000.

menor; o que, unido ao rápido descenso da poboación ocupada, posibilitou unha recuperación da renda por traballador (39,6%) e unha moderada converxencia desta coa media estatal.

- A cuarta etapa correspóndese co trienio 2006-2008. Nestes anos, e sobre todo en 2006 e 2007, a mellora moderada do quinquenio anterior deixou paso a unha dinámica moito máis favorable, a máis positiva das dúas últimas décadas: a renda agraria rexistrou un incremento no trienio do 23,6%, que lle permitiu medrar á renda por ocupado case nun 60%; aumentos moi por riba dos constatados na agricultura española. Desta maneira elevouse de maneira significativa o peso de Galicia na renda agraria española (do 4,5% ao 6,2%) e produciuse unha vigorosa converxencia da renda por ocupado (do 47,5% ao 68,5% da media estatal).

Polo tanto, o balance para o conxunto do período 1990-2008 aparece ensombrecido, sobre todo pola dinámica moi desfavorable da segunda metade dos noventa, mentres que na primeira metade dese decenio e na maior parte da década dos 2000 (especialmente no trienio 2006-2008) presenta un comportamento máis positivo.

Actualización para os anos 2009-2010

As estimacións propias que elaboramos para os anos 2009 e 2010, que aparecen resumidas no cadro 7 e no gráfico 10, permiten actualizar a imaxe sobre as tendencias a medio prazo do sector, completando a serie para o período 1990-2010. Pois ben, estes cálculos, que deben tomarse con precaución en espera de dispoñer de cifras oficiais, apuntan a que:

- A dinámica moi positiva do bienio 2006-2007 freouse en 2008, facendo que neste ano asistíramos xa a unha caída da renda agregada da agricultura galega. Non obstante, esta caída foi menor que a constatada na Unión Europea e sobre todo, en España; o que, unido á redución intensa que seguía rexistrando a man de obra, posibilitou que a renda por ocupado aumentase lixeiramente, fronte ao seu descenso a nivel español e comunitario.

- Nos anos 2009 e 2010, en cambio, o sector agrario galego pasa a rexistrar un comportamento desfavorable e peor que o español (o que non sucedía, dous anos seguidos, desde finais dos noventa). En concreto, a crise de rendas iniciada a nivel comunitario en 2008, que nese ano afectara de modo bastante moderado ao agro galego, acentuouse notablemente en 2009 no que o sector sufriu unha caída tanto da renda global como da renda por ocupado máis intensa que en España. Ademais, a recuperación que ten lugar en 2010 presenta na agricultura galega unha magnitude moi débil no contexto español, e aínda máis se o comparamos coa media da Unión Europea (cadro 7 e gráfico 10).

O resultado é que no bienio 2009-2010 o sector agrario sufriu globalmente en Galicia un descenso da renda agregada e mesmo da renda por ocupado (nos dous casos a caída de 2009 é moi superior á recuperación de 2010) e viu deteriorarse neses dous

indicadores a súa posición relativa no contexto español. Esta situación non altera no substancial o diagnóstico sobre as tendencias a medio prazo, malia que empeora algo os resultados xa expostos para o período 1990-2008.

A conxuntura do sector en 2011: unha visión global

Evolución na Unión Europea e en España

No *Informe* anterior demos conta da inflexión ou cambio de conxuntura que se produciu na agricultura europea en 2010: despois da forte caída sufrida en 2008 e 2009 (-4,3% e -10%, respectivamente), a renda agraria real por unidade de traballo (UTA) experimentou na UE-27 unha importante recuperación. Deste xeito, segundo os datos máis recentes, a renda global do sector medrou en 2010 un 10,9%, o que unido á continuación do descenso da man de obra (-1,5%) orixinou un incremento da renda por UTA do 12,6%. Pois ben, esa recuperación dos ingresos dos agricultores proseguiu en 2011, pero a un ritmo máis débil. De acordo coas estimacións iniciais de Eurostat,[18] o volume da renda agraria en euros constantes medrou nun 3,9% (menos da metade que o exercicio anterior). Por esta razón, a pesar de acelerarse a diminución da man de obra (ata -2,7%), o crecemento da renda UTA situouse no 6,7%, ascenso importante pero que reduce case á metade o constatado en 2010 (cadro 7 e gráfico 10).

En calquera caso, o feito máis salientable é que os ingresos dos agricultores europeos encadearon o segundo ano de nidia recuperación, que permitiu xa compensar aproximadamente a deterioración sufrida no bienio 2008-2009. O resultado é que en 2011 a renda agregada do sector recupera case, en euros constantes, o nivel previo a esa crise. E a renda por UTA na UE-27 sitúase un 3,2% por riba da de 2007, acumulando no conxunto do período 2000-2011 un aumento do 24,9%, unha mellora non espectacular pero si apreciable (gráfico 11).

O citado incremento da renda por UTA no conxunto da UE-27 (6,7% en 2011) esconde, porén, unha dinámica moi desigual nos 27 Estados membros. Este indicador aumentou en 19 dos 27 países, pero en magnitudes que van desde o crecemento superior ao 40% en Romanía e Hungría ata o 2,1% en Suecia e o 1,4% en Chipre. Polo xeral, déronse os incrementos máis fortes (por riba do 20%) nos novos Estados membros da Europa Oriental, mentres, no outro extremo, 8 Estados sufriron unha caída da renda agraria por UTA en contías que van desde o -1,5% de España e o -2,6% de Francia, ata descensos superiores ao 20% en Malta e Bélxica (coa única excepción de Malta, estes 8 países pertencen á UE-15, os antigos Estados membros).

[18] Para esta análise empréganse os datos ofrecidos polas seguintes publicacións:

— Eurostat: *Communiqué de presse 194/2011*, 20 de decembro de 2011.

— Comisión Europea, *L'agriculture dans l'Union Européenne. Informations statistiques et économiques 2011*, marzo 2012.

Cadro núm. 7

Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario en Galicia, España e na Unión Europea
Cifras referidas á metodoloxía SEC-95; taxas de variación anual en %

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia												
Renda agraria[1]	-20,2	5,6	-7,4	-3,4	-0,7	-4,9	14,7	14,5	-5,9	-10,8*	2,4*	-2,2*
Man de obra (ocupados)	0,5	-11,3	-9,1	-5,5	-4,5	-11,7	-7,6	-8,4	-8,2	-4,1	-1,4	-2,6
Renda/Ocupado	-20,6	19,1	1,9	2,2	4,0	7,7	24,1	25,0	2,4	-7,0*	3,9*	0,4*
España												
Renda agraria[1]	3,4	7,6	-5,9	8,2	-7,2	-13,0	-4,8	10,6	-14,0	-7,4	6,9	-5,9
Man de obra (UTA)	-1,0	-0,3	-2,7	-4,4	0,9	-1,5	-0,4	-1,5	-5,3	-3,9	-1,3	-4,5
Renda/UTA	4,4	7,9	-3,2	13,1	-8,0	-11,7	-4,5	12,4	-9,2	-3,7	8,3	-1,5
Unión Europea[2]												
Renda agraria[1]	0,5	2,4	-8,8	-0,2	-0,5	-8,6	1,8	4,8	-6,3	-12,4	10,9	3,9
Man de obra (UTA)	-2,3	-1,6	-2,9	-2,3	-1,7	-2,2	-1,6	-5,5	-2,1	-2,3	-1,5	-2,7
Renda/UTA	2,8	4,1	-6,0	2,1	1,1	-6,3	3,3	10,4	-4,3	-10,0	12,6	6,7

[1] VENcf en moeda constante.
[2] Ata 2006 UE-15; desde 2007 UE-27.
* Estimacións propias.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- Eurostat, *Economic Accounts for Agriculture.*
- MAGRAMA, *Cuentas económicas de la agricultura.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar: *Macromagnitudes agrarias 2000-2005* e *Contas Económicas da Agricultura 2006-2008.*
- INE, *Encuesta de Población Activa.*

Neste sentido, dous feitos no comportamento recente da agricultura europea merecen ser salientados:

- O primeiro é a crecente volatilidade da dinámica temporal da renda agraria; fenómeno que aparece ilustrado polas fortes caídas de 2008 e 2009 e polas importantes alzas de 2010 e 2011, cunhas oscilacións de moita maior entidade das que se daban anteriormente (gráfico 10). Detrás disto está, como é evidente, a crecente volatilidade dos prezos, tanto dos produtos agrarios como dos insumos utilizados polos agricultores. Como consecuencia desta situación, para unha parte cada vez maior das explotacións europeas o problema xa non é só o nivel de ingresos senón a inestabilidade deses ingresos, coas dificultades conseguintes na planificación da actividade.
- O segundo fenómeno a destacar son as fortísimas diferenzas constatadas nos últimos anos na evolución da renda agraria por países. Como acabamos de ver, en 2011 o abano foi desde incrementos da renda por UTA superiores ao 40% ata caídas por riba do 20%. As diferenzas na especialización agraria pero tamén no grao de articulación e organización interna dos mercados e da cadea alimentaria, nun contexto de crecente volatilidade dos mercados mundiais, están posiblemen-

Gráfico 10.

Taxa de variación anual da renda agraria por ocupado en termos reais (%)



te na orixe deses enormes contrastes na conxuntura por países.

A mellora da renda agraria que se constata na Unión Europea nos dous últimos anos ten a súa orixe principal no comportamento favorable dos prezos. En 2008 e 2009 estes sufriran un acusado empeoramento, debido no primeiro exercicio ao forte encarecemento dos consumos intermedios e no segundo á caída dos prezos percibidos polos agricultores. Pois ben, rompendo con esa dinámica negativa, tanto en 2010 como en 2011 asistimos a unha importante alza, unha recuperación, dos prezos percibidos polos agricultores, a taxas claramente por riba do deflactor do PIB, do que se derivou un aumento significativo deses prezos en termos reais (5,5% e 5,7%, respectivamente). A diferenza entre estes dous últimos anos, e a causa de que o crecemento da renda agraria fose en 2011 inferior á metade do de 2010, radica de modo principal no comportamento dos prezos dos insumos. En 2010 a alza dos prezos percibidos acompañouse dunha notable moderación dos prezos pagados (só aumentaron nun 1,1% en termos reais), de tal modo que o resultado foi non só unha mellora dos prezos reais dos produtos agrarios (5,5%) senón tamén da relación real de intercambio dos agricultores, a *ratio* Prezos percibidos/Prezos pagados (4,4%). Mentres, en 2011, proseguindo a un ritmo similar o aumento dos prezos reais dos produtos agrarios (5,7%), a novidade foi o importante reponte no custo unitario dos insumos (9,2%); o saldo seguiu sendo unha dinámica dos prezos globalmente favorable, pero moi atenuada pola deterioración da relación real de intercambio.

Centrándonos en 2011, podemos resumir así o balance do exercicio: o volume da produción agraria rexistrou un lixeiro incremento (1,4%), similar nas ramas vexetais e nas gandeiras. Dado o práctico estancamento do volume, das cantidades físicas, de consumos intermedios (0,5%), orixinouse un crecemento máis significativo do VEB real (2,3%); finalmente, o comportamento moderadamente favorable dos prezos (pola citada alza dos prezos percibidos, compensada en parte polo encarecemento dos insumos) posibilitou que o aumento da renda agraria se situase no 3,9%. Comparado con 2010, mellorou a dinámica produtiva do sector e mantívose o ritmo de incremento dos prezos percibidos; pero esta dinámica viuse contrarrestada pola alza do custo dos *inputs*.

A agricultura española viña dunha dinámica nos anos inmediatamente anteriores claramente peor que a media europea, posto que sufriu en 2008-2009 unha caída da renda agregada e da renda por UTA algo máis forte, seguida dunha recuperación en

2010 moito menos vigorosa que na UE-27 (cadro 7 e gráfico 10). En concreto, a renda agraria global rexistrou en España en 2010 un incremento en euros constantes do 6,9% (fronte ao 10,9% na UE-27); este dato, unido á diminución da man de obra (-1,3%), deu como resultado un crecemento da renda por UTA do 8,3% (12,6% na UE-27). De feito, o aumento deste último indicador non só estivo ese ano por debaixo da media comunitaria senón que se situou entre os de menor magnitude de todos os Estados membros, sendo moi inferior ao constatado en 17 dos 27 países da Unión Europea.

Gráfico 11.

Evolución da renda agraria por ocupado en termos reais
(índices: base 2000 = 100)



Pois ben, esa dinámica desfavorable en termos comparativos acentuouse en 2011, ao producirse unha nova caída tanto da renda total como da renda unitaria e interromperse así a recuperación do ano anterior. En concreto, a segunda estimación publicada polo MAGRAMA,[19] que despois nutre as cifras de Eurostat, indica que a renda global da agricultura española sufriu en 2011 unha caída do 5,9%, en contraste co aumento do 3,9% na UE-27; e, a pesar de acelerarse a redución da man de obra no sector (-4,5%), iso provocou un empeoramento tamén da renda por UTA (-1,5%) fronte ao seu aumento na UE-27 (6,7%) (cadro 7 e gráfico 10). Deste modo, España está entre os 8 Estados membros que rexistraron un descenso deste indicador.

O resultado é que, mentres a nivel comunitario a renda agraria por traballador superou xa os niveis previos á crise de 2008-2009, en España esta sitúase en 2011 un 9% por debaixo da de 2007. Este dato enmárcase ademais nunhas tendencias a medio prazo claramente desfavorables en termos comparativos: no conxunto do período 2000-2011, ao mesmo tempo que a renda por UTA aumentaba na UE-27 nun 24,9%, en España diminuíu nun 7,2% (gráfico 11).

Centrándonos na conxuntura en 2011, podemos resumir así a dinámica da agricultura española e as súas diferenzas coas tendencias na Unión Europea:[20]

[19] MAGRAMA, *Renta agraria año 2011. Segunda estimación.* Xaneiro 2012.

[20] MAGRAMA, *Renta agraria año 2011. Segunda estimación.* Xaneiro 2012.

– Comisión Europea, *L'agriculture dans l'Union Européenne. Informations statistiques et économiques 2011*, marzo 2012.

- O sector rexistrou en España un crecemento do volume da produción agraria claramente por riba da media comunitaria (2,7%, fronte a 1,4%), contribuíndo a esa maior expansión tanto as ramas vexetais como as gandeiras. E iso acompañouse ademais dunha redución das cantidades utilizadas de *inputs* intermedios (-1,9%), fronte á súa estabilidade na Unión Europea (0,5%). De tal xeito, o VEB real do sector (a diferenza entre produción e consumos intermedios) duplicou o crecemento medio europeo (4,9%, fronte a 2,3%).
- A dinámica máis positiva no plano produtivo foi, porén, totalmente anulada polo comportamento moito máis desfavorable dos prezos: os prezos percibidos polos agricultores en España mantivéronse estancados en termos reais (0,3%), en aberto contraste coa súa alza a nivel europeo (5,7%); pola súa vez, o incremento do custo unitario dos *inputs* (14,4%) superou amplamente a media comunitaria (9,2%), provocando así unha fortísima deterioración da relación real de intercambio.
- En conxunto, a evolución máis positiva do *output* foi máis que contrarrestada polo comportamento moi desfavorable dos prezos. O resultado final foi o xa sinalado: unha forte contracción da renda agregada (-5,9%) que fixo baixar mesmo a renda por UTA (-1,5%), en contraste co seu crecemento na Unión Europea.

A dinámica do sector agrario galego en 2011

En Galicia non contamos polo momento con ningunha estimación oficial das Contas Económicas do sector agrario en 2011,[21] polo que non é posible coñecer coa mesma precisión o balance do exercicio. Non obstante, a información dispoñible, especialmente a referida á dinámica das principais producións e dos prezos percibidos e pagados, permite construír unha aproximación relativamente sólida.

Como nota previa hai que sinalar que, de acordo cos datos dispoñibles, a agricultura galega participou nos anos inmediatamente anteriores das tendencias a nivel europeo e español que acabamos de resumir: a caída da renda en 2008 e 2009, e a recuperación en 2010. Pero fixoo con importantes especificidades: o descenso da renda agregada en 2008 foi aquí bastante moderado, e iso, unido á intensa caída da man de obra, posibilitou que a renda por ocupado rexistrase un aumento fronte á súa redución en España e na Unión Europea; en cambio, a caída dos ingresos acelerouse moito no agro galego en 2009, ata alcanzar unha magnitude similar ou superior aos espazos do contorno; finalmente, a recuperación dos ingresos dos agricultores en 2010 foi en Galicia sumamente débil, tanto no contexto europeo como no español. Concretamente, para este último ano as informacións máis recentes obrigan a corrixir á baixa as cifras adiantadas no *Informe* anterior, levando ás seguintes estimacións revisa-

[21] Para os anos máis recentes (2009-2011) só existen datos (do IGE e do INE) sobre a evolución do VEB do conxunto das ramas agraria e pesqueira que, ademais de limitarse a esa variable, non son directamente utilizables aos nosos efectos ao incluír tamén a pesca, que en Galicia achega arredor do 35% do VEB do sector primario.

das: o crecemento da renda da agricultura galega limitouse en 2010 ao 2,4%, menos de 1/4 do constatado na Unión Europea e arredor de 1/3 da media española; iso provocou que o incremento da renda por ocupado fose só do 3,9%, fronte ao 8,3% en España e o 12,6% na UE-27 (cadro7 e gráfico 10). En suma, a crise de rendas que se iniciou na agricultura europea en 2008, debido ao deterioro dos prezos, repercutiu inicialmente en Galicia cunha relativa moderación, pero esa crise acentuouse de maneira notable en 2009 e deu paso a unha recuperación en 2010 moi débil en termos comparativos.

Con ese contexto de fondo, a información coa que contamos apunta a que, de modo similar ao sucedido en España, a recuperación de 2010 non tivo continuidade en 2011. Segundo as nosas estimacións, neste ano a renda agregada do sector agrario galego sufriu unha caída do 2,2%, máis moderada que en España (-5,9%) pero que contrasta coa variación positiva na UE-27 (3,9%). Dada a diminución que continuou experimentando a man de obra, o resultado foi un estancamento da renda por ocupado (0,4%); unha evolución algo menos desfavorable que a española (-1,5%), pero moito peor que a europea (6,7%) (cadro 7 e gráfico 10).

A consecuencia é que, se nos fixamos nas tendencias a medio prazo, a agricultura galega, ao contrario que a da Unión Europea, continúa sen recuperarse da crise de rendas sufrida en 2008 e sobre todo en 2009: a renda por ocupado en 2011 está por debaixo do nivel alcanzado en 2007. Desta maneira, a dinámica positiva que se constataba desde comezos da década dos 2000, e especialmente no bienio 2006-2007, deixou paso no conxunto dos últimos tres anos (2009-2011) a un estancamento ou redución dos ingresos medios por agricultor (gráfico 11).

Centrándonos na conxuntura do sector en 2011, esta aparece definida en Galicia por uns trazos similares aos sinalados a nivel español (malia que con cifras concretas algo menos negativas):

- Crecemento apreciable, claramente por riba da media europea, da produción e do VEB real.
- Comportamento, en cambio, desfavorable dos prezos (ao contrario que na Unión Europea), ao confluír unha estabilidade dos prezos percibidos en euros constantes cunha acusada alza do custo unitario dos insumos.
- A dinámica desfavorable dos prezos provocou que, a pesar do aumento da produción, a renda agraria, o volume dos ingresos netos do sector, sufrise unha caída.

Comparado con 2010, a principal novidade, que explica a deterioración na evolución da renda, é o forte encarecemento que volveron experimentar os consumos intermedios despois da relativa moderación destes custos o exercicio anterior.

Con algo máis de detalle, podemos resumir así a dinámica do sector agrario galego en 2011:

- O volume de produción experimentou un crecemento significativo (que estimamos no 2,5%), debido principalmente á produción vexetal (5,1%), aínda que tamén medrou de forma modesta o *output* gandeiro (1,3%). Dado o estancamento aproximado do volume dos consumos intermedios (-0,5%), esa expansión da

Cadro núm. 8

Variación real do VEB a prezos básicos das ramas agraria e pesqueira (Taxas de crecemento interanuais en %)
(datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario)

	Galicia	España
2008	-6,4	-2,1
2009	-2,1	1,0
2010	3,1	-1,1
2011	2,1	0,6
I trimestre	1,8	1,1
II trimestre	1,9	0,5
III trimestre	1,6	0,4
IV trimestre	3,3	0,3

Fonte: IGE e INE.

produción trouxo asociado un crecemento máis apreciable (en torno ao 4,5%) do VEB real a prezos básicos. Neste punto os nosos cálculos están en sintonía coas contas económicas trimestrais do IGE, aínda que estas estiman para o VEB das ramas agraria e pesqueira un crecemento máis modesto: 2,1% (cadro 8).

- A expansión do *output* acompañouse dunha alza dos prezos percibidos en termos nominais, pero nunha contía (3,4%) igual á suba do IPC, polo que o nivel deses prezos en euros constantes permaneceu estancado. Dado que ao mesmo tempo tivo lugar unha elevación moi forte dos prezos pagados polos insumos (13,3%), o saldo neste aspecto foi unha dinámica global dos prezos claramente desfavorable para os agricultores galegos, ao confluír un estancamento dos prezos percibidos en termos reais cun notable empeoramento da relación real de intercambio, a *ratio* Prezos percibidos/Prezos pagados.
- O resultado final é o que xa indicamos: unha caída da renda agraria en euros constantes que estimamos no 2,2%.

Evolución da produción

Estrutura da produción agraria

No cadro 9 recollemos a evolución da estrutura da Produción Agraria en Galicia no período 1990-2008, incorporando aquí os datos que veñen de ser publicados nas Contas Económicas da Agricultura dos anos 2006 a 2008. O máis salientable é que nestes anos se viu reforzada aínda máis a especialización gandeira do agro galego: as ramas animais pasaron de achegar o 65% do valor da produción agraria en 2005 ao 66,6% en 2008, superando pois os 2/3 do total, mentres se reduciu o peso económico da produción vexetal, os cultivos, do 31% ao 28,7%; e, finalmente, aumentou de forma lixeira (do 4% ao 4,7%) o que corresponde aos servizos e ás actividades secundarias non agrarias.

Se descendemos a unha análise por produtos, cabe apuntar varias notas adicionais sobre as tendencias recentes (cadro 9):

- O leite consolídase como a principal liña de especialización do noso sector agrario, de tal xeito que en 2008 achega o 30,8% do *output* do sector, case a metade

de toda a produción gandeira e máis que o conxunto dos cultivos. Pero tamén as producións cárnicas viron reforzado nos últimos anos o seu peso económico, en especial as tres máis importantes: o bovino, que en 2008 supón o 15,8% da produción agraria, o porcino (7,5%) e as aves (9%).

■ No que se refire á produción vexetal, o máis salientable é a moderada diminución do peso relativo da práctica totalidade dos cultivos; cunha excepción clara: as hortalizas que, co 10,3% do valor da produción agraria en 2008, se consolidan como o grupo de cultivos cun maior peso económico.

Cadro núm. 9

Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia en comparación con España
(valores correntes a prezos básicos). Período 1990-2008

A) Millóns de euros

	Galicia						España	% Galicia/España
	1990	2000	2005	2006	2007	2008	2008	2008
Produción vexetal	**517,6**	**546,8**	**665,8**	**703,4**	**811,7**	**783,4**	**25.756,5**	**3,0**
Cereais	17,8	49,9	51,8	44,0	45,0	38,7	4.234,7	0,9
Plantas industriais[1]	14,1	3,6	7,9	3,9	15,5	18,7	875,1	2,1
Plantas forraxeiras	125,0	115,0	105,2	82,2	91,2	102,4	742,9	13,8
Hortalizas[2]	106,2	141,1	161,6	187,4	243,9	282,2	8.088,1	3,5
Patacas	154,9	65,6	120,6	137,9	95,5	94,6	488,9	19,4
Froitas[3]	53,4	96,8	157,0	176,5	223,1	161,7	7.025,2	2,3
Viño e mosto	41,3	64,5	57,4	67,9	81,5	57,5	1.020,1	5,6
Outros	4,9	10,4	4,2	3,6	16,0	27,5	3.281,5	0,8
Produción animal	**908,2**	**1.095,1**	**1.398,1**	**1.564,1**	**1.748,0**	**1.816,5**	**14.161,6**	**12,8**
Carne e gando	*475,5*	*474,8*	*677,8*	*853,6*	*864,9*	*914,8*	*10.071,7*	*9,1*
Bovino	239,1	189,8	323,9	485,7	458,0	432,1	2.196,2	19,7
Porcino	102,4	88,3	133,0	141,7	172,9	203,8	4.663,3	4,4
Equino	2,1	0,1	2,7	0,8	1,1	0,8	78,6	1,0
Ovino e caprino	15,5	8,5	7,6	7,3	8,2	5,2	1.036,0	0,5
Aves	102,1	155,3	190,5	194,8	202,0	246,0	1.901,1	12,9
Coellos e outros	14,3	32,7	20,2	23,3	22,7	26,8	196,5	13,6
Produtos animais	*432,7*	*620,3*	*720,3*	*710,5*	*883,1*	*901,7*	*4.089,9*	*22,0*
Leite	353,8	533,1	660,8	658,1	825,3	841,0	3.004,6	28,0
Ovos	74,7	49,7	53,8	47,4	54,6	57,5	990,2	5,8
Outros	4,2	37,5	5,7	4,9	3,2	3,1	95,1	3,3
Servizos e actividades secundarias non agrarias	**45,0**	**11,8**	**86,9**	**115,5**	**120,7**	**128,9**	**1.671,2**	**7,7**
Produción rama agraria	**1.470,8**	**1.653,7**	**2.150,8**	**2.383,0**	**2.680,4**	**2.728,8**	**41.589,3**	**6,6**

[Continúa]

Cadro núm. 9 (continuación)

Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia en comparación con España
(valores correntes a prezos básicos). Período 1990-2008

B) Estrutura en %

	Galicia						España	Indices de especialización de Galicia*
	1990	2000	2005	2006	2007	2008	2008	2008
Produción vexetal	**35,2**	**33,1**	**31,0**	**29,5**	**30,3**	**28,7**	**61,9**	**0,5**
Cereais	1,2	3,0	2,4	1,8	1,7	1,4	10,2	0,1
Plantas industriais[1]	1,0	0,2	0,4	0,2	0,6	0,7	2,1	0,3
Plantas forraxeiras	8,5	7,0	4,9	3,4	3,4	3,8	1,8	2,1
Hortalizas[2]	7,2	8,5	7,5	7,9	9,1	10,3	19,4	0,5
Patacas	10,5	4,0	5,6	5,8	3,6	3,5	1,2	2,9
Froitas[3]	3,6	5,9	7,3	7,4	8,3	5,9	16,9	0,4
Viño e mosto	2,8	3,9	2,7	2,8	3,0	2,1	2,5	0,9
Outros	0,3	0,6	0,2	0,2	0,6	1,0	7,9	0,1
Produción animal	**61,8**	**66,2**	**65,0**	**65,6**	**65,2**	**66,6**	**34,1**	**2,0**
Carne e gando	*32,3*	*28,7*	*31,5*	*35,8*	*32,3*	*33,5*	*24,2*	*1,4*
Bovino	16,3	11,5	15,1	20,4	17,1	15,8	5,3	3,0
Porcino	7,0	5,3	6,2	5,9	6,5	7,5	11,2	0,7
Equino	0,1	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	0,2	0,2
Ovino e caprino	1,1	0,5	0,4	0,3	0,3	0,2	2,5	0,1
Aves	6,9	9,4	8,9	8,2	7,5	9,0	4,6	2,0
Coellos e outros	1,0	2,0	0,9	1,0	0,8	1,0	0,5	2,1
Produtos animais	*29,4*	*37,5*	*33,5*	*29,8*	*32,9*	*33,0*	*9,8*	*3,4*
Leite	24,1	32,2	30,7	27,6	30,8	30,8	7,2	4,3
Ovos	5,1	3,0	2,5	2,0	2,0	2,1	2,4	0,9
Outros	0,3	2,3	0,3	0,2	0,1	0,1	0,2	0,5
Servizos e actividades secundarias non agrarias	**3,1**	**0,7**	**4,0**	**4,8**	**4,5**	**4,7**	**4,0**	**1,2**
Produción rama agraria	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**1,0**

[1] Inclúe: remolacha, tabaco, algodón, xirasol e tamén as leguminosas en gran.
[2] Inclúe flores e plantas de viveiro.
[3] Inclúe: froitas frescas, cítricos e uvas.
* Relación entre o peso relativo de cada produción en Galicia e o que ten en España.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAGRAMA: *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000* e *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2011.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar: *Macromagnitudes agrarias 2000-2005* e *Contas Económicas da Agricultura 2006-2008.*

No mesmo cadro 9 podemos comprobar a notable especificidade que, con estes últimos datos, segue presentando a especialización do sector agrario galego no contexto español:

- Fronte á nidia orientación gandeira do agro galego, o sector en España caracterízase por un acusado predominio agrícola: a produción vexetal achega (con cifras de 2008) o 61,9% do *output*. Iso correspóndese cun menor peso económico en Galicia da maioría dos cultivos; de feito, os únicos que teñen aquí un peso maior que en España (índices de especialización superiores a 1) son as plantas forraxeiras e as patacas.
- No que respecta ás producións animais, o seu peso moito maior en Galicia débese esencialmente ao leite (30,8% da produción agraria, fronte ao 7,2% en España), que é tamén o produto no que presenta unha maior especialización en termos relativos (4,3). As ramas cárnicas, cunha contribución global 9,3 puntos superior en Galicia, agochan situacións moi diversas por especies: peso moito maior no caso galego do bovino (o triplo da media española) e das aves (o dobre), e desespecialización relativa, pola contra, no porcino e no ovino-caprino.

Partindo desa estrutura da Produción Agraria, imos examinar a evolución rexistrada en 2011 polas principais producións agrícolas e gandeiras.

Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Segundo os datos provisionais de Eurostat, a campaña agrícola 2011 saldouse na UE-27 cun moderado incremento da produción vexetal (1,7%), que en España foi máis significativo (2,8%), apoiado sobre todo na expansión das colleitas de cereais e plantas industriais.

Para Galicia os *Avances de superficies y producciones de cultivos* do *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* (MAGRAMA)[22] mostran un comportamento moi dispar das diversas producións. No lado negativo destaca a redución da colleita de cereais (-22,1%), concentrada no trigo e no centeo, e tamén a de patacas (-16,4%) e a de millo forraxeiro (-9,8%). Mentres, aumentou a produción de froitas (2,5%), hortalizas (10,2%) e, sobre todo, de viño. Para este último cultivo os datos do MAGRAMA, que como sempre reiteramos constitúen avances e deben ser tomados con cautela, indican unha colleita superior nun 65,7% á de 2010 (cadro 10).

Ponderando esas taxas de variación co peso económico dos diversos cultivos obtemos, como imaxe provisional en espera de dispoñer de datos definitivos, un crecemento global da produción vexetal do 5,1%, cifra que cómpre valorar moi positivamente, posto que supera con folgura o aumento rexistrado tanto en España como na UE-27.

[22] MAGRAMA: *Avances de superficies y producciones de cultivos.* Cadernos mensuais.

http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/agricultura/avances-superciies-producciones-agricolas/

Cadro núm. 10

Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia*

Produción (miles de toneladas)						
	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Cereais en gran	199,5	185,9	186,2	199,9	224,4	174,8
■ Trigo	71,5	84,4	81,0	50,2	75,2	33,8
■ Centeo	12,3	15,0	17,7	17,2	21,1	8,3
■ Millo	115,7	86,5	87,5	132,5	128,1	132,7
Leguminosas en gran	6,3	2,7	3,5	3,5	2,6	2,6
Patacas	433,0	372,8	290,1	537,1	467,1	390,7
Millo forraxeiro	2.175,5	2.157,2	2.177,7	2.528,3	2.589,3	2.334,9
Hortalizas	193,2	273,5	316,0	352,0	282,5	311,3
■ Col e repolo	56,8	64,5	65,4	80,6	88,9	83,0
■ Leituga	13,4	19,0	15,7	24,4	20,1	19,1
■ Tomate	33,6	69,2	86,7	103,3	71,4	85,6
■ Pemento	22,8	37,5	39,1	46,8	35,5	64,0
■ Cebola	39,7	50,1	71,9	40,4	26,6	25,2
■ Feixón verde	26,9	33,2	37,2	56,5	40,0	34,4
Froitas	142,8	147,2	123,3	140,6	171,8	176,1
■ Mazá para sidra	83,2	87,7	60,3	66,3	89,3	82,3
■ Mazá de mesa	40,6	48,7	52,7	61,9	69,9	81,2
■ Pera	19,0	10,8	10,3	12,4	12,6	12,6
Viño (en miles de hl)	1.599,8	1.880,1	1.018,0	887,7	904,8	1.499,6
Taxas de variación anual (en %)						
		2007/06	2008/07	2009/08	2010/09	2011/10
Cereais en gran		-6,8	0,2	7,3	12,3	-22,1
■ Trigo		18,0	-4,0	-38,1	49,8	-55,1
■ Centeo		22,0	18,0	-2,8	22,7	-60,7
■ Millo		-25,2	1,2	51,4	-3,3	3,6
Leguminosas en gran		-57,1	29,6	0,0	-25,7	0,0
Patacas		-13,9	-22,2	85,1	-13,0	-16,4
Millo forraxeiro		-0,8	1,0	16,1	2,4	-9,8
Hortalizas		41,6	15,5	11,4	-19,7	10,2
■ Col e repolo		13,6	1,4	23,2	10,3	-6,6
■ Leituga		41,8	-17,4	55,4	-17,6	-5,0
■ Tomate		106,0	25,3	19,1	-30,9	19,9
■ Pemento		64,5	4,3	19,7	-24,1	80,3
■ Cebola		26,2	43,5	-43,8	-34,2	-5,3
■ Feixón verde		23,4	12,0	51,9	-29,2	-14,0

[Continúa] ▶

Cadro núm. 10 (continuación)

Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia*

Taxas de variación anual (en %)					
	2007/06	2008/07	2009/08	2010/09	2011/10
Froitas	3,1	-16,2	14,0	22,2	2,5
■ Mazá para sidra	5,4	-31,2	10,0	34,7	-7,8
■ Mazá de mesa	20,0	8,3	17,5	12,9	16,2
■ Pera	-43,2	-4,6	20,4	1,6	0,0
Viño (en miles de hl)	17,5	-45,9	-12,8	1,9	65,7

* Os datos de 2010 son provisionais e os de 2011 constitúen avances.

Fonte: MAGRAMA, *Anuario de estadística* e *Avances de superficies y producciones agrícolas.*

Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

No ámbito gandeiro o ano 2011 caracterizouse na UE-27 por un crecemento moi moderado da produción (1,1%), en tanto que para España as estimacións das contas económicas do sector sitúan ese crecemento nunha taxa sensiblemente superior (2,8%). Nos dous espazos esta situación é resultado dun aumento xeneralizado de practicamente todas as ramas gandeiras, coa única excepción dos ovos, sobresaíndo a expansión das producións cárnicas, sobre todo porcino e aves.

En Galicia o principal feito a destacar, no lado positivo, foi a continuación, a un importante ritmo, do crecemento da produción láctea. Despois da caída temporal que sufriu en 2009, coincidindo co derrubamento do prezo pagado aos gandeiros, esta produción retomou a súa expansión en 2010, cun incremento que a *Estadística láctea anual* do MAGRAMA[23] cuantifica no 1,5%. Para 2011 non foron publicadas aínda as cifras por comunidades autónomas desa fonte, pero os datos sobre as entregas de leite á industria declaradas oficialmente ao FEGA (a efectos do sistema de cotas) apuntan a que proseguiu o aumento a un ritmo similar. En concreto, na campaña láctea 2011-2012 (de abril 2011 a marzo de 2012) as entregas á industria creceron en Galicia nun 3,3%, taxa similar á que indica esta fonte para a campaña anterior (3,7%) e que está por riba da media española (3,1%). Deste xeito, despois dun freo temporal en 2009, nos dous últimos anos a produción láctea galega volve aumentar, e tamén o seu peso no total español.

Non obstante, o incremento da produción láctea tan só se acompañou dunha dinámica favorable da carne de bovino (+4,1%) e dos coellos (3,6%), mentres se deu unha contracción no resto das ramas cárnicas. Tomando os datos da *Encuesta de sacrificio*

[23] MAGRAMA, *Estadística láctea anual.*
http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/ganaderia/estadistica-industrias-lacteas/estadistica-lactea-anual/

de ganado,[24] destaca a forte caída dos sacrificios no porcino (-7%), sobre todo porque vén prolongar o descenso rexistrado nos dous anos anteriores e se deu nun contexto de expansión desta rama en España. Tamén se reduciu a produción de carne de aves (-3,6%) e, malia que se trate de especies cun peso pequeno, o mesmo sucedeu no ovino (-4,3%) e no caprino (-11,4%) (cadro 11).

Cadro núm. 11

Evolución das principais producións gandeiras en volume en Galicia

	Volume de produción en cada ano						
	1985	1995	2005	2008	2009	2010	2011 *
Leite de vaca[1]	1.644,5	2.110,7	2.258,1	2.308,7	2.303,9	2.337,6	2.413,8
Carne de vacún[2]	52,5	65,6	96,1	89,8	85,9	88,4	92,0
Carne de porcino[2]	85,6	75,6	101,6	103,1	93,9	78,5	73,0
Carne de ave[2]	92,6	111,0	163,4	186,3	177,2	175,4	169,2
Carne de ovino[2]	0,9	0,4	0,6	0,4	0,4	0,4	0,4
Carne de caprino[2]	0,3	0,3	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Carne de coello[2]	10,1	4,7	6,7	10,9	11,0	11,9	12,3
Ovos[3]	122,5	74,3	58,9	56,7	55,7	53,3	-

	Taxas de variación acumulativa anual (%)						% variación	Galicia/ España (%)	
	1995/1985	2005/1995	2008/2005	2009/2008	2010/2009	2011/2010	2011*/1985	1985	2011*
Leite de vaca	2,5	0,7	0,7	-0,2	1,5	3,3	46,8	26,9	37,9
Carne de vacún	2,3	3,9	-2,2	-4,4	2,9	4,1	75,2	13,1	15,2
Carne de porcino	-1,2	3,0	0,5	-8,9	-16,4	-7,0	-14,7	7,4	2,1
Carne de ave	1,8	3,9	4,5	-4,9	-1,0	-3,6	82,7	11,4	12,2
Carne de ovino	-7,8	3,4	-9,1	0,5	-5,5	-4,3	-57,7	0,7	0,3
Carne de caprino	-1,6	-5,3	-11,1	-10,6	-15,1	-11,4	-76,7	3,7	0,7
Carne de coello	-7,3	3,6	17,5	1,3	7,6	3,6	21,9	12,9	18,3
Ovos	-4,9	-2,3	-1,3	-1,7	-4,3		-56,5	13,9	4,8

* Para os ovos o período é 1985-2010. A produción de leite en 2011 é unha estimación a partir dos datos sobre as entregas oficiais declaradas.
[1] Millóns de litros; [2] Miles de toneladas; [3] Millóns de ducias.

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAGRAMA, *Anuario de Estadística, Boletín Mensual de Estadística, Encuesta Mensual de Sacrificio de Ganado e Encuesta Láctea.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar, *Anuario de Estatística Agraria.*

[24] MAGRAMA, *Encuesta de sacrificio de ganado.*
http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/ganaderia/encuestas-sacrificio-ganado/

En conxunto, a caída que sufriron a maioría das ramas cárnicas contrarrestou en boa medida o aumento das producións bovinas, de xeito que o resultado foi un crecemento moi modesto do *output* gandeiro. De feito, se ponderamos as taxas de variación que figuran no cadro 11 co peso económico de cada rama (datos do cadro 9), obtemos un incremento global do *output* gandeiro do 1,3%, similar á media europea pero claramente por debaixo do que se deu en España.

En definitiva, a dinámica produtiva do sector agrario galego estivo definida en 2011 polo importante aumento da produción agrícola (5,1%) e polo crecemento moito máis modesto da gandeira ou animal (1,3%), o que deu como resultado un incremento do *output* global do sector agrario que estimamos no 2,5%.

Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores

O moderado aumento da produción acompañouse en 2011 dun comportamento dos prezos globalmente desfavorable para os agricultores galegos, debido á confluencia dun incremento dos prezos percibidos idéntico ao do IPC (3,4%), e polo tanto a estabilidade deses prezos en euros constantes, cunha forte alza dos prezos pagados (13,3%).

Dentro dos prezos percibidos a alza foi maior no ámbito gandeiro (7,5%), debido á elevación das cotizacións nas ramas cárnicas, mentres que o prezo do leite só mellorou de forma moi modesta (4%). Os prezos agrícolas rexistraron en conxunto un aumento similar ao IPC (4,1%), se ben con comportamentos moi dispares duns a outros cultivos: importante alza no prezo dos cereais e dos cultivos forraxeiros, fronte á pronunciada caída nas patacas e hortalizas (cadro 12).

En conxunto, como xa sinalamos, o índice xeral de prezos percibidos polos agricultores galegos rexistrou un aumento do 3,4% en termos nominais, o que implicou unha variación nula en termos reais, da relación Prezos percibidos/IPC. Pero este dato, que podería indicar unha evolución aceptable, acompañouse dun fortísimo incremento dos prezos pagados (13,3%). Este encarecemento dos insumos provo-

Gráfico 12.

Evolución das relacións de prezos dos agricultores galegos
(índices: base 1985 = 100)



Cadro núm. 12

Porcentaxe de variación dos prezos percibidos e pagados polos agricultores

	2007/2006	2008/2007	2009/2008	2010/2009	2011/2010
A. Prezos percibidos*					
Produtos agrícolas	*13,6*	*1,8*	*-21,2*	*21,5*	*4,1*
Cereais	42,6	-1,3	-24,8	14,3	26,1
Leguminosas	20,1	7,5	-0,7	-12,6	6,1
Patacas	-8,8	-7,1	-35,7	70,3	-17,5
Cítricos	18,0	37,8	-18,4	15,1	-20,5
Froitas non-cítricas	14,9	8,1	-14,6	7,1	-1,1
Hortalizas	8,2	0,3	-10,3	22,0	-23,7
Viño e subprodutos	8,8	10,3	-24,9	6,4	13,3
Flores e plantas ornamentais	19,9	-6,7	18,3	-4,1	-4,0
Cultivos forraxeiros	12,6	34,3	-13,3	-20,1	19,9
Produtos animais	*9,6*	*3,2*	*-9,0*	*-2,5*	*7,5*
Leite	16,0	6,9	-19,0	-0,8	4,0
Carne e gando bovino	-0,7	-1,6	2,7	-3,5	7,9
Carne e gando porcino	-9,4	4,5	-4,0	4,3	7,2
Carne e gando aviar	12,4	-2,9	-1,5	-4,2	18,2
Carne e gando ovino	-4,0	3,6	4,6	-2,1	11,1
Carne e gando caprino	0,5	-5,9	-1,7	-3,3	9,0
Carne e gando coellos	-16,4	22,0	0,1	-3,1	8,4
Ovos	23,2	0,8	7,6	-17,4	5,4
Produtos forestais	*0,4*	*1,3*	*-7,9*	*1,6*	*1,7*
Índice xeral de prezos percibidos	**10,7**	**2,5**	**-12,2**	**4,0**	**3,4**
B. Prezos pagados**					
Sementes selectas e pés	5,9	5,7	-2,7	-6,2	5,8
Alimentos para o gando	14,3	15,4	-16,0	3,2	15,4
Fertilizantes	9,4	64,9	-17,1	-11,8	21,4
Enerxía e lubricantes	2,1	20,3	-20,4	19,5	19,2
Protección fitopatolóxica	1,8	6,0	3,1	0,2	-0,5
Tratamentos zoosanitarios	3,2	4,0	2,8	0,2	0,0
Conservación e reparación de maquinaria	-0,8	8,5	4,6	0,4	1,7
Conservación e reparación de edificios	3,9	5,4	4,4	1,8	2,2
Índice xeral de prezos pagados	**8,8**	**15,9**	**-13,1**	**4,2**	**13,3**

* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España, e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura da produción agraria galega.

** Evolución dos prezos dos diversos *inputs* correntes no conxunto de España, e variación do *Índice xeral de prezos pagados* que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura dos consumos intermedios da nosa agricultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAGRAMA, *Precios percibidos, pagados y salarios agrarios.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar, *Anuario de Estatística Agraria.*

Cadro núm. 13

Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos

	Índice xeral de prezos percibidos[1]	Índice xeral de prezos pagados[1]	IPC	Prezos percibidos/ Prezos pagados	Prezos percibidos/ IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1986	110,5	102,7	109,1	107,5	101,2
1987	113,1	103,2	115,2	109,5	98,1
1988	119,2	104,4	121,2	114,2	98,4
1989	132,6	105,8	130,0	125,4	102,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1991	127,2	110,4	146,7	115,2	86,7
1992	116,2	112,5	154,7	103,3	75,1
1993	123,8	116,6	162,0	106,1	76,4
1994	147,8	118,9	170,3	124,2	86,8
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
1996	147,2	129,6	184,5	113,5	79,8
1997	149,1	133,9	188,0	111,4	79,3
1998	152,9	132,6	191,7	115,3	79,8
1999	150,8	132,4	196,5	113,9	76,7
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2001	165,4	143,3	210,1	115,5	78,7
2002	156,7	147,3	218,0	106,4	71,9
2003	165,6	151,0	223,1	109,7	74,3
2004	168,1	159,1	230,4	105,6	73,0
2005	162,0	160,3	238,1	101,1	68,1
2006	168,6	165,1	246,5	102,1	68,4
2007	186,6	179,7	252,6	103,9	73,9
2008	191,4	208,2	263,3	91,9	72,7
2009	168,0	180,9	261,7	92,8	64,2
2010	174,8	188,5	266,7	92,7	65,5
2011	180,7	213,6	275,7	84,6	65,5
% variación					
2007/2006	10,7	8,8	2,5	1,7	8,0
2008/2007	2,5	15,9	4,2	-11,5	-1,6
2009/2008	-12,2	-13,1	-0,6	1,0	-11,7
2010/2009	4,0	4,2	1,9	-0,1	2,1
2011/2010	3,4	13,3	3,4	-8,8	0,0

[1] Para os anos 1985-1987 tomamos os índices correspondentes a Galicia, tal como foron elaborados no *Informe 1988*. Para os anos posteriores os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputarlle os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IDEGA: *A economía galega. Informe 1988* e *Informe 1991-1992.*
- MAGRAMA, *Precios percibidos, pagados y salarios agrarios.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar, *Anuario de estatística agraria.*
- INE.

cou unha acusada deterioración da relación real de intercambio dos agricultores: a *ratio* Prezos percibidos/Prezos pagados sufriu unha caída do 8,8% (cadro 13 e gráfico 12). Tres foron os insumos que concentraron ese encarecemento e o conseguinte impacto negativo sobre a renda dos agricultores: os alimentos para o gando (15,4%), os fertilizantes (21,4%) e a enerxía (19,2%) (cadro 12).

Poboación ocupada

Dentro dunha tendencia a longo prazo caracterizada polo intenso axuste demográfico na agricultura galega, a actual crise económica está provocando un freo temporal dese proceso, inflexión que se constata desde 2009 e que continuou de forma clara en 2011. Concretamente, despois de reducirse a unha taxa media acumulativa anual do 8,6% durante a longa fase de expansión económica de 1995-2007 (o que multiplicaba por 6 a taxa rexistrada en España), o número de ocupados no sector agrario galego seguiu diminuíndo aínda a un ritmo similar (-8,2%) en 2008, primeiro ano da crise. Pero en 2009 esa taxa baixou xa á metade (-4,1%) e en 2010 o descenso limitouse ao 1,4%. Pois ben, os datos da EPA correspondentes a 2011 mostran a continuación da caída a un ritmo similar (-2,6%). Deste xeito, nos catro anos transcorridos desde o inicio da crise (2008-2011) a poboación ocupada no sector diminuíu a unha taxa media anual do 4,1%, que é menos da metade da constatada na fase de expansión (cadro 14 e gráfico 13).

Gráfico 13.

Evolución da poboación ocupada no sector agrario
(índices: base 1985 = 100)



Os datos recentes corroboran o que cabería prever, de acordo co que viñemos sinalando en *Informes* anteriores: o acusado empeoramento do mercado de traballo derivado da crise económica, ao reducírense drasticamente as oportunidades de emprego noutras actividades, está facendo que se freen ou cesen totalmente os transvasamentos procedentes da agricultura, e mesmo pode estar orixinando que algunhas explotacións agrarias absorban persoas que perderon o seu traballo noutros sectores. Se, a pesar desta situación, continúa diminuíndo a poboación ocupada na agricultura, a razón está nos factores demográficos: o elevado envellecemento desta poboación fai que cada ano se xubilen un número de agricultores moi superior ás novas entradas potenciais de persoas no sector. De feito, a taxa de diminución

Cadro núm. 14

Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e España (medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985 = 100)	Número (miles)	Índices (1985 = 100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1986	373,1	89,9	1.638,4	89,5
1987	354,2	85,3	1.612,3	88,1
1988	355,4	85,6	1.591,3	87,0
1989	330,2	79,5	1.496,2	81,8
1990	292,4	70,4	1.391,2	76,0
1991	260,2	62,7	1.251,7	68,4
1992	239,2	57,6	1.167,1	63,8
1993	240,5	57,9	1.107,8	60,5
1994	221,1	53,3	1.072,2	58,6
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
1996	203,2	48,9	1.015,8	55,5
1997	168,3	40,5	1.021,1	55,8
1998	152,7	36,8	1.026,5	56,1
1999	139,3	33,5	989,5	54,1
2000	140,0	33,7	964,6	52,7
2001	124,1	29,9	981,8	53,7
2002	112,8	27,2	940,7	51,4
2003	106,6	25,7	942,9	51,5
2004	101,8	24,5	937,6	51,2
2005	89,8	21,6	940,6	51,4
2006	83,0	20,0	893,0	48,8
2007	76,0	18,3	873,4	47,7
2008	69,8	16,8	771,1	42,1
2009	67,0	16,1	743,6	40,6
2010	66,0	15,9	755,3	41,3
2011	64,3	15,5	725,9	39,7
Taxas de variación media acumulativa anual (en %)				
1992/1985	-7,6		-6,2	
1995/1992	-2,2		-3,8	
2007/1995	-8,6		-1,4	
2011/2007	-4,1		-4,5	
% variación anual na etapa máis recente				
2008/2007	-8,2		-11,7	
2009/2008	-4,1		-3,6	
2010/2009	-1,4		1,6	
2011/2010	-2,6		-3,9	

Fonte:
- INE: *Encuesta de Población Activa.*
- IGE: *Enquisa de Poboación Activa en Galicia* e *Contas Económicas.*

Cadro núm. 15

Distribución por idades da poboación ocupada no sector agrario (agricultura, gandería, caza e silvicultura) en Galicia no IV trimestre de cada ano (en miles de persoas)

	2009			2011		
Idade	**Homes**	**Mulleres**	**Total**	**Homes**	**Mulleres**	**Total**
16 a 24 anos	2,3	0,6	2,9	2,1	0,1	2,2
25 a 34	5,5	2,9	8,4	6,0	3,4	9,4
35 a 44	6,5	7,2	13,7	5,8	7,0	12,8
45 a 54	8,8	10,4	19,2	7,1	8,8	15,9
55 e máis	9,3	11,7	21,0	8,4	11,7	20,1
Total	**32,4**	**32,9**	**65,2**	**29,4**	**31,0**	**60,3**
	% variación 2011/2009			Distribución porcentual 2011		
Idade	**Homes**	**Mulleres**	**Total**	**Homes**	**Mulleres**	**Total**
16 a 24 anos	-8,7	-83,3	-24,1	7,1	0,3	3,6
25 a 34	9,1	17,2	11,9	20,4	11,0	15,6
35 a 44	-10,8	-2,8	-6,6	19,7	22,6	21,2
45 a 54	-19,3	-15,4	-17,2	24,1	28,4	26,4
55 e máis	-9,7	0,0	-4,3	28,6	37,7	33,3
Total	**-9,3**	**-5,8**	**-7,5**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE, *Enquisa de Poboación Activa.*

media do último cuadrienio (4,1%) é, de maneira aproximada, a que se estima que orixinan eses fluxos demográficos, polo que os transvasamentos sectoriais están totalmente paralizados.

No cadro 15 podemos ver con maior detalle a evolución da poboación ocupada agraria por sexos e idades nos dous últimos anos, entre o cuarto trimestre de 2009 e 2011. A pesar de que estas cifras deben tomarse con suma cautela, posto que a fiabilidade das estimacións da EPA (ao tratarse dunha enquisa) se reduce ao descender a unha maior desagregación, obsérvanse algúns feitos que corroboran a interpretación anterior, sobre todo un: a estabilización total nestes dous anos do número de ocupados entre 25 e 44 anos, idades nas que se concentran habitualmente os transvasamentos sectoriais a outras actividades, e en concreto o aumento da man de obra agraria no intervalo de 25-34 anos (cadro 15).

Consumos intermedios

A publicación pola Consellería do Medio Rural e do Mar das Contas Económicas da Agricultura para os anos 2006-2008 permítenos actualizar a análise sobre o volume e a composición dos consumos intermedios do sector agrario galego, incorporando

ademais uns exercicios (2007 e 2008) nos que se iniciou o acusado encarecemento deses insumos que caracteriza a dinámica recente do sector.

No cadro 16 recollemos a serie estatística resultante coa incorporación deses datos, a evolución anual dos consumos intermedios da agricultura galega de 1990 a 2008. Tomando as cifras en euros correntes podemos observar que a magnitude dos consumos intermedios experimentou un notable incremento no decenio 1990-2000, en especial no trienio 1998-2000, prolongándose ese forte crecemento nos tres primeiros anos da década seguinte. Mentres, no último quinquenio da serie, 2003-2008, o seu crecemento moderouse de modo significativo. Na evolución a prezos constantes o máis salientable é a importante expansión do volume destes insumos nos anos finais da década dos noventa e comezos dos 2000 (exactamente de 1998 a 2003), o que indica que neste período o aumento do diñeiro destinado polos agricultores á compra de insumos se debeu tanto á elevación moderada dos seus prezos como ao incremento das cantidades utilizadas. Posteriormente o seu volume tendeu a estabilizarse nos anos 2004-2006 e na etapa máis recente, 2007-2008, coincidindo co seu acusado encarecemento, asistimos a unha clara contracción do volume dos *inputs* correntes empregados polo sector agrario galego (cadro 16).

A expansión dos consumos intermedios, unida á forte contracción sufrida neses anos pola produción agraria, fixo que no trienio 1998-2000 tivese lugar un incremento espectacular da *ratio* Consumos intermedios/Produción agraria, tanto en termos reais (o volume de *inputs* utilizados para obter unha unidade de *output*) como en euros correntes (a parte do valor da produción que os agricultores necesitan destinar á compra de insumos). Este incremento, segundo os datos da Consellería, prolongouse ata mediados da década de 2000. As tendencias modifícanse de forma notable no período máis recente, sendo dous os feitos a salientar:

- O primeiro é o importante descenso desa *ratio* a prezos constantes: despois de alcanzar o seu máximo en 2003, este reduciuse en 8,5 puntos entre 2003 e 2008, unha caída que se concentra no trienio 2006-2008. Este dato apunta a unha racionalización no uso dos *inputs* de fóra do sector; ou, noutras palabras, unha mellora da produtividade dos insumos correntes utilizados pola agricultura galega, posto que se incrementa a contía da produción obtida por unidade de *inputs*.
- Esa redución en termos físicos acompañouse, con todo, dun notable encarecemento dos insumos e dunha deterioración da relación Prezos percibidos/Prezos pagados (cadro 13). De aí deriva que o descenso da *ratio* Consumos intermedios/Produción agraria en termos reais, isto é, o volume de *inputs* por unidade de *output*, se acompañara dunha diminución moito menor desa *ratio* a prezos correntes (a parte do valor da produción que os agricultores necesitan destinar á compra de insumos). Concretamente, no período 2003-2008 mentres que a *ratio* a prezos constantes baixou en 8,5 puntos (do 38,1% ao 29,6%), en termos correntes unicamente o fixo en 3,2 puntos (do 42,9% ao 39,7%) (cadro 16).

A evolución dese índice en Galicia difire notablemente da que se constata no conxunto da agricultura española. Nos quince anos que van de 1990 a 2005 a *ratio* a

Cadro núm. 16

Evolución dos consumos intermedios da agricultura galega e da «ratio Consumos intermedios/Produción agraria»; comparación con España e coa Unión Europea

	Consumos intermedios (en millóns de euros)		Consumos intermedios/ Produción agraria (%)	
	A prezos correntes	A prezos constantes de 1995[1]	A prezos correntes	A prezos constantes de 1995[1]
1. Datos publicados polo Ministerio de Agricultura				
1990	505,0	582,1	34,3	32,9
1991	511,9	579,2	32,0	29,8
1992	489,3	543,7	34,1	28,5
1993	485,7	520,4	32,8	28,2
1994	512,2	538,1	27,6	27,8
1995	531,3	531,3	26,5	26,5
1996	554,2	534,2	28,5	26,2
1997	624,8	583,1	35,0	31,5
1998	591,0	556,8	31,9	29,8
1999	700,4	661,2	41,0	37,9
2000	788,3	700,5	47,7	43,4
2. Estimacións da Consellería do Medio Rural e do Mar				
2000	668,7	594,3	36,7	33,5
2001	715,5	624,1	35,8	33,5
2002	801,4	679,8	39,1	33,7
2003	903,8	748,0	42,9	38,1
2004	937,0	735,8	43,5	37,2
2005	952,3	742,5	44,8	36,7
2006	1.010,9	765,0	42,4	35,1
2007	1.050,4	730,4	39,2	33,0
2008	1.084,6	650,8	39,7	29,6
España				
1990	8.834,6		36,3	
2005	15.062,2		38,0	
2006	15.598,3		42,0	
2007	17.320,3		40,8	
2008	18.741,8		45,1	
UE-27				
2008	228.898,0		60,0	

[1] Consumos intermedios deflactados polo índice de prezos pagados polos agricultores, e produción agraria polo índice de prezos percibidos.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* (MAGRAMA): *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000* e *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2011.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar: *Macromagnitudes agrarias 2000-2005* e *Contas Económicas da Agricultura 2006-2008.*
- EU-DG Agriculture: *Agriculture in the European Union-Statistical and Economic Information.*

prezos correntes elevouse de maneira significativa no agro galego, mentres que permanecía aproximadamente estable no Estado. Desta maneira, a agricultura galega pasou de rexistrar un valor lixeiramente inferior á media estatal a superar esta con folgura en 2005. A orixe desa dinámica contraposta estaba, en esencia, na diverxente evolución da produción, e indicaba que, mentres a produtividade dos *inputs* intermedios se mantiña na agricultura española aproximadamente estable, no agro galego sufría un acusado empeoramento. As tendencias invértense por completo na etapa máis recente, a partir de 2005: a *ratio* cae na agricultura galega, expresando a citada racionalización no emprego de *inputs* intermedios; en España, pola contra, alimentado en boa medida polo forte encarecemento dos insumos, ese índice experimenta unha acusada alza. O resultado é que en 2008, últimos datos dispoñibles para Galicia, a relación Consumos intermedios/Produción agraria se sitúa no agro galego nun nivel en euros correntes (39,7%) 5,4 puntos por debaixo da media estatal (45,1%); un nivel baixo ou moderado no contexto europeo, posto que a media na UE-27 alcanza o 60% (cadro 16).

Respecto á composición dos consumos intermedios, o máis salientable é o elevado peso que teñen no agro galego as compras de alimentos para o gando, que nos anos recentes supoñen máis do 55% do desembolso total. Ademais, ese peso relativo tendeu a aumentar de 1990 a 2005, aínda que se estabiliza nos últimos anos (cadro 17).

Os capítulos relacionados coa maquinaria (enerxía e lubricantes, mantemento de maquinaria) absorben en 2008 preto dunha cuarta parte do valor dos consumos intermedios. Cómpre sinalar que a partida de enerxía, tradicionalmente a segunda en importancia, perdeu a partir de 2005 peso relativo. Este dato, dado o acusado encarecemento dos combustibles neses anos, suxire unha importante redución ou racionalización no uso deste insumo. En cambio, os altos índices de mecanización alcanzados no agro galego fan que o epígrafe de reparación e mantemento da maquinaria sexa un dos que máis creceu no período 2000-2008, ata converterse neste último ano no segundo en importancia, superando o de enerxía e lubricantes. O capítulo de servizos agrarios non aparece desagregado na publicación das contas de 2007 e 2008, polo que entendemos que se englobou no apartado de «Outros». Precisamente, este epígrafe é o que creceu a un ritmo maior entre 2000 e 2008, superando neste último ano os gastos veterinarios. Este forte crecemento pode deberse en parte aos servizos agrarios e estar relacionado coa crecente externalización por parte das explotacións de determinadas tarefas dos procesos produtivos (cadro 17).

A composición dos consumos intermedios do sector agrario galego é significativamente distinta da que se constata na agricultura española e na europea, centrándose as diferenzas nun aspecto: os dous capítulos cun maior peso no caso galego (pensos e mantemento da maquinaria), que absorben en conxunto os 2/3 do total, nos espazos do contorno supoñen unha porcentaxe moito menor, 40,6% en España e 44,3% na UE-27. Respecto aos pensos, resulta ata certo punto lóxica a súa maior relevancia en Galicia se a comparamos coa media española, dado o maior peso das orientacións gandeiras no agro galego. Non obstante, non resulta tan lóxica a diferenza de máis de 15 puntos que existe no peso relativo destes insumos entre Galicia e a Unión Europea, tendo en conta que as producións gandeiras supoñen nos dous casos unha porcentaxe similar da produción agraria.

En conxunto, a estrutura dos consumos intermedios pon de relevo dous dos retos de futuro para a agricultura galega, máis aínda se temos en conta o contexto derivado das reformas da Política Agraria Común e a evolución dos prezos dos *inputs* enerxéticos:

Cadro núm. 17

Evolución da composición dos consumos intermedios da agricultura galega

Datos referidos á metodoloxía SEC-95

A. Millóns de euros correntes

							% variación	
	1990	2000	2005	2006	2007	2008	2000/1990	2008/2000
Sementes e plantóns	27,5	24,1	15,8	33,2	42,9	30,1	-12,1	24,6
Enerxía e lubricantes	61,6	104,8	142,7	127,6	118,0	120,8	70,1	15,3
Fertilizantes e emendas	27,9	47,7	32,8	30,4	41,8	38,2	71,1	-20,0
Produtos fitosanitarios	11,8	22,7	9,4	17,9	18,6	22,5	91,4	-0,6
Gastos veterinarios	24,2	47,5	53,2	52,7	52,1	56,9	96,5	19,6
Pensos	249,5	404,6	544,7	574,4	593,7	602,2	62,2	48,8
Mantemento de maquinaria	57,4	88,4	110,8	105,0	114,2	124,3	53,9	40,6
Mantemento de edificios	31,9	36,4	34,3	34,7	26,2	28,4	13,9	-22,0
Servizos agrarios	4,3	9,6	0,0	15,4	0,0	0,0	125,0	-100,0
Outros bens e servizos	8,9	2,4	8,6	19,8	42,9	61,3	-72,6	2.411,4
Total consumos intermedios	**505,0**	**788,3**	**952,3**	**1.010,9**	**1.050,4**	**1.084,6**	**56,1**	**37,6**

B. Estrutura en %

	Galicia						España 2008	UE-27 2008
	1990	2000	2005	2006	2007	2008		
Sementes e plantóns	5,4	3,1	1,7	3,3	4,1	2,8	6,6	4,8
Enerxía e lubricantes	12,2	13,3	15,0	12,6	11,2	11,1	22,3	11,8
Fertilizantes e emendas	5,5	6,1	3,4	3,0	4,0	3,5	5,2	8,8
Produtos fitosanitarios	2,3	2,9	1,0	1,8	1,8	2,1	3,9	4,5
Gastos veterinarios	4,8	6,0	5,6	5,2	5,0	5,2	1,7	2,6
Pensos	49,4	51,3	57,2	56,8	56,5	55,5	37,7	38,9
Mantemento de maquinaria	11,4	11,2	11,6	10,4	10,9	11,5	2,9	5,4
Mantemento de edificios	6,3	4,6	3,6	3,4	2,5	2,6	0,9	1,8
Servizos agrarios	0,8	1,2	0,0	1,5	0,0	0,0	10,3	6,4
Outros bens e servizos	1,8	0,3	0,9	2,0	4,1	5,6	8,5	15,0
Total consumos intermedios	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAGRAMA: *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar: *Macromagnitudes agrarias 2000-2005* e *Contas Económicas da Agricultura 2006-2008.*
- EU-DG Agriculture: *Agriculture in the European Union-Statistical and Economic Information.*

- A necesidade de ampliar e mellorar a base territorial das explotacións, en particular as de bovino, co fin de reducir a súa dependencia da compra de alimentos para o gando.
- A conveniencia desde o punto de vista económico de aplicar medidas que permitan racionalizar o uso da maquinaria, co fin de mellorar a eficiencia destes bens de capital.

Amortizacións (consumo de capital fixo)

No cadro 18 recollemos a evolución das amortizacións do capital fixo do sector agrario galego no período 1990-2008, no primeiro decenio segundo a serie de macromagnitudes do Ministerio e entre 2000 e 2008 de acordo á Consellería do Medio Rural e do Mar. Centrándonos nas tendencias desde comezos do presente século, obsérvase un forte incremento desta partida: o seu valor aumentou no período 2000-2008 nun 80%, acelerando o crecemento constatado na década dos noventa. Esta situación provocou que se elevase tamén de forma practicamente continua a carga relativa que supoñen as amortizacións, o consumo do capital fixo, para a renda do sector. En concreto, a *ratio* Amortizacións/VEB, que indica a parte da renda bruta que os agricultores deben destinar a cubrir o desgaste dos bens de capital fixo, pasou do 19,6% en 2000 ao 24,8% en 2008. O resultado é que na actualidade este índice

Cadro núm. 18

Evolución das amortizacións no sector agrario galego. Período 1990-2008

	Amortizacións (en millóns de euros correntes)	Amortizacións/ VEB a prezos básicos (%)
1. Datos publicados polo Ministerio de Agricultura		
1990	181,2	18,8
1991	173,4	15,9
1992	181,0	19,1
1993	192,8	19,4
1994	213,9	15,9
1995	227,7	15,4
1996	249,2	17,9
1997	273,7	23,5
1998	267,6	21,2
1999	272,0	27,0
2000	266,1	30,8

[Continúa]

Cadro núm. 18 (continuación)

Evolución das amortizacións no sector agrario galego. Período 1990-2008

	Amortizacións (en millóns de euros correntes)	Amortizacións/ VEB a prezos básicos (%)
2. Estimacións da Consellería do Medio Rural e do Mar		
2000	226,0	19,6
2001	273,0	21,4
2002	285,5	22,9
2003	274,9	22,8
2004	268,8	22,1
2005	250,3	21,4
2006	354,9	25,9
2007	397,5	24,4
2008	407,0	24,8
España 2008	4.820,0	21,1
UE-27 2008	55.271,9	36,0

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- MAGRAMA: *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000.*
- Consellería do Medio Rural e do Mar: *Macromagnitudes agrarias 2000-2005* e *Contas Económicas da Agricultura 2006-2008.*
- EU-DG Agriculture: *Agriculture in the European Union-Statistical and Economic Information.*

supera a media da agricultura española (21,1%), se ben está por debaixo do da agricultura comunitaria (36%) (cadro 18).

Como se sinalou en anteriores *Informes*, ese peso crecente das amortizacións hai que relacionalo co elevado esforzo investidor realizado nas últimas décadas polas explotacións galegas, así como coa baixa eficiencia no uso destes bens de capital. De feito, a relación VEB/Amortizacións (a inversa da *ratio* comentada) constitúe un indicador groseiro da produtividade dos bens de capital fixo e, como se desprende do cadro 18, sufriu un acusado empeoramento no último decenio. No cálculo das amortizacións téñense en conta tres tipos de bens de capital: maquinaria, construcións e plantacións. No caso galego as amortizacións da maquinaria representan o 89% do total, e só os tractores supoñen máis da metade. Polo tanto, é no forte e pouco racional investimento en maquinaria, debido en boa medida ás deficiencias da base territorial das explotacións que dificultan o uso eficiente destes bens de capital, onde hai que buscar a orixe esencial da elevada carga que supoñen para os agricultores galegos as amortizacións.

Censos gandeiros

Gando bovino: evolución do censo e do número de explotacións

A publicación por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar dos datos de 2010 do *Rexistro de bovino* confirma a imaxe de estabilidade no rabaño de vacas a partir de 2006, tras a forte caída dos anos anteriores especialmente nas vacas de carne. Despois desa caída, nos últimos catro anos o número total de vacas mantense estable grazas a que o leve incremento das vacas de carne compensa a lixeira diminución das de leite. Acompañando esa estabilización do censo de animais, no cuadrienio 2007-2010 asistimos tamén a un freo no ritmo de desaparición de explotacións bovinas en comparación coa primeira parte da década (cadro 19).

Os datos das *Encuestas ganaderas* publicados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) confirman a imaxe de estabilidade entre 2006 e 2010 tanto do número de vacas como do total de animais bovinos. Non obstante, os datos desta fonte para 2011 mostran unha evolución que, de confirmarse, resultaría preocupante: unha redución de máis do 10% no número de vacas respecto ao ano anterior, afectando a caída tanto ás vacas de carne como ás de leite (cadro 20 e gráfico 14).

O peso do rabaño galego de vacas no conxunto do Estado mantívose relativamente estable, cunha lixeira tendencia á alza, entre 2006 e 2010. Con todo, a evolución varía en función da orientación produtiva. Nas vacas de leite prodúcese un claro incremento

Cadro núm. 19

Evolución do número de explotacións con vacas e do censo de vacas por tipos en Galicia. Período 2000-2010

	Número de explotacións con vacas (miles)	Número de vacas (miles)			Número de vacas/ Explotación
		Total	De muxidura	Que non se moxen	
2000	73,4	699,3	447,4	251,9	9,5
2001-2002	63,4	754,5	508,2	246,3	11,9
2006	47,2	557,7	340,4	217,3	11,8
2007	44,2	555,0	337,0	218,0	12,6
2008	41,9	561,1	339,4	221,7	13,4
2009	40,6	555,5	334,8	220,6	13,7
2010	38,7	553,4	328,6	224,8	14,3
Taxas de variación acumulativa anual (%)					
2010/2000	-6,2	-2,3	-3,0	-1,1	4,1
2006/2000	-7,1	-3,7	-4,5	-2,4	3,7
2010/2006	-4,8	-0,2	-0,9	0,9	4,8

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar, *Rexistro de Explotacións de Bovino.*

do peso de Galicia, que reafirma unha tendencia que vén de máis lonxe no tempo. Mentres, pola contra, nas vacas de carne na primeira década deste século o rabaño galego perdeu claramente peso no total español (cadro 20).

A estabilización do censo bovino nos anos 2006-2010 acompañouse dun importante freo da desaparición de explotacións, de maneira que o ritmo anual deste proceso baixou do 7,1% no período 2000-2006 ao 4,8% en 2006-2010. Pode que a positiva conxuntura do sector lácteo en 2007 e 2008 explique en parte esta evolución,

Cadro núm. 20

Evolución do censo de gando bovino en Galicia

A. Número (miles de cabezas)								
	1987	**1995**	**2000**	**2006**	**2008**	**2009***	**2010***	**2011***
Total bovinos	980,1	953,9	1.016,4	924,8	985,2	950,9	949,8	947,1
Vacas	704,5	624,8	666,5	571,5	589,7	562,7	571,3	510,1
Vacas que nunca se moxen	101,9	178,8	234,1	183,4	225,9	224,3	200,1	181,3
Vacas de muxidura	602,6	446,0	432,3	388,2	363,7	338,4	371,2	328,8
Frisonas	388,3	383,5	417,7	383,4	357,3	333,5	344,3	
Principais «ratios» (%)								
Vacas/Total bovinos	71,9	65,5	65,6	61,8	59,9	59,2	60,1	53,9
Vacas de muxidura/ Total vacas	85,5	71,4	64,9	67,9	61,7	60,1	65,0	64,5
Frisonas/Vacas de muxidura	64,4	86,0	96,6	98,8	98,2	98,6	92,8	
Frisonas/Total vacas	55,1	61,4	62,7	67,1	60,6	59,3	60,3	
B. Índices (base 1987 = 100)								
		1995	**2000**	**2006**	**2008**	**2009**	**2010**	**2011**
Total bovinos		97,3	103,7	94,4	100,5	97,0	99,6	93,2
Vacas		88,7	94,6	81,1	83,7	79,9	91,4	76,5
Vacas que nunca se moxen		175,4	229,7	179,9	221,6	220,0	111,9	77,4
Vacas de muxidura		74,0	71,7	64,4	60,4	56,2	83,2	76,1
Frisonas		98,8	107,6	98,7	92,0	85,9	89,8	
C. Galicia/España (%)								
	1987	**1995**	**2000**	**2006**	**2008**	**2009**	**2010**	**2011**
Total bovinos	19,2	17,3	16,5	14,4	16,4	15,6	15,6	15,7
Vacas	25,1	22,1	22,1	19,8	20,8	19,9	20,7	18,7
Vacas que nunca se moxen	10,0	11,7	12,5	9,6	11,6	11,2	10,4	9,6
Vacas de muxidura	33,6	34,5	37,9	39,5	40,9	40,9	43,9	39,3
Frisonas	28,6	33,3	38,4	40,3	41,1	40,8	42,5	

* Os datos de 2009 e 2010 corresponden ao mes de novembro e os de 2011 a maio; nos demais anos son os de decembro.

Fonte: MARM, *Anuario de Estadística* e *Encuestas anaderas*.

ao retardar a desaparición de unidades produtivas e facer que estas prolongasen a vida útil das vacas para aproveitar a suba dos prezos. Para os anos posteriores é probable que a crise económica, ao reducir as posibilidades de encontrar emprego fóra da agricultura, estea contribuíndo desde 2008 a frear a desaparición de explotacións.

En calquera caso, aínda que a menor ritmo, nos últimos anos continúa reducíndose a cifra de explotacións bovinas. Esta redución segue concentrándose principalmente nas de menor dimensión, aquelas con menos de 10 vacas, malia que, tomando o período 2003-2010 constátase unha caída da cifra de unidades produtivas en case todos os estratos de tamaño (cadro 21). Neste sentido, ao igual que viamos para o total de explotacións nos datos dos censos agrarios, na rama bovina constátase tamén unha elevación continua do *limiar de viabilidade* co paso do tempo, e en concreto nos anos recentes: se ata 2008 aumentaba o número de explotacións en todos os intervalos con 30 ou máis vacas, de 2008 a 2010 unicamente se incrementan aquelas que teñen 50 e máis vacas, e no último ano inclusive o estrato de maior dimensión, 100 ou máis vacas, sofre unha leve redución no número de explotacións.

Gráfico 14.

Evolución do censo de gando bovino en Galicia (miles de cabezas)



O dispar ritmo de desaparición de explotacións en función do tamaño fixo que se fose acentuando o peso produtivo dos estratos de maior dimensión. Como resultado, en 2010 as explotacións con 30 ou máis vacas, apenas o 13% do total, concentraban preto da metade das vacas; en particular, aquelas con 50 ou máis vacas, sendo só o 4,4%, tiñan 1/4 do rabaño. No extremo contrario, seguiamos encontrando ese ano máis da metade das explotacións bovinas existentes en Galicia con menos de 10 vacas, pero estas posuían só o 14% dos animais (cadro 21).

O proceso de desaparición e concentración, que nos datos anteriores viamos para o conxunto de explotacións bovinas (de leite e carne), é especialmente intenso no sector lácteo, dado que o vacún de carne, como se sinalou en *Informes* anteriores, veu desenvolvendo un certo papel de «refuxio» para as explotacións que abandonan o leite. Desta maneira, en 2010 as explotacións con menos de 10 vacas xa contan unicamente co 6,1% das vacas de leite, e as menores de 20 só suman o 20% destes animais; mentres, o 60% das vacas lácteas están en explotacións con 30 ou máis cabezas e, en concreto, as de 50 e máis cabezas concentran máis de 1/3 dos animais (gráfico 15).

A evolución das explotacións con cota láctea confirma o intenso proceso de desaparición e concentración nesta rama. Entre a campaña 2005-2006 e a 2010-2011,

Cadro núm. 21

Evolución da estrutura dimensional das explotacións de bovino en Galicia

Período 2003-2010

A. Evolución

Tamaño (número de vacas)	Núm. de explotacións (miles)			Núm. de vacas (miles)		
	2003	2010	Taxa de variación anual (%)	2003	2010	Taxa de variación anual (%)
1-9	40,5	21,7	-8,5	130,3	79,8	-6,8
10-19	10,6	7,7	-4,6	147,4	107,0	-4,5
20-29	5,6	4,2	-4,0	133,1	100,7	-3,9
30-49	4,6	3,5	-4,1	174,0	129,2	-4,2
50-99	1,9	1,5	-4,0	123,7	94,5	-3,8
> = 100	0,3	0,3	0,0	42,3	42,2	-0,0
< 30	56,7	33,6	-7,2	410,7	287,6	-5,0
> = 30	6,8	5,2	-3,9	340,0	265,9	-3,5
Total	**63,5**	**38,7**	**-6,8**	**750,7**	**553,4**	**-4,3**

B. Distribución porcentual

Tamaño (número de vacas)	Explotacións		Vacas	
	2003	2010	2003	2010
1-9	63,7	56,0	17,4	14,4
10-19	16,7	19,8	19,6	19,3
20-29	8,7	10,8	17,7	18,2
30-49	7,3	8,9	23,2	23,3
50-99	3,0	3,7	16,5	17,1
> = 100	0,5	0,7	5,6	7,6
< 30	89,2	86,6	54,7	52,0
> = 30	10,8	13,4	45,3	48,0
Total	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE, *Rexistro de Bovino.*

abandonaron a produción láctea case unha cuarta parte das unidades produtivas, sobre todo nos estratos cunha menor cota ata superar o 35% nos intervalos inferiores. No extremo contrario, só aumentou o número de explotacións no estrato superior, por riba dos 300.000 kg de cota, de tal xeito que este pasou de supoñer o 9% das explotacións con cota en 2005-2006 ao 18% en 2010-2011 (gráfico 16). Máis salientable resulta aínda a concentración cada vez maior da cota nese estrato superior: na campaña 2010-2011 as explotacións con máis de 300.000 kg de cota concentraban o 55% da cota total, cando cinco anos antes esta porcentaxe estaba no 35% (gráfico 17).

Gráfico 15.

Distribución das vacas de leite segundo o tamaño das explotacións en Galicia



Gráfico 16.

Distribución das explotacións lácteas por estratos de cota en Galicia



Gráfico 17.

Distribución da cota láctea por estratos (cota por explotación) en Galicia



Desta maneira, a estrutura do sector lácteo galego estase orientando cada vez máis nos anos recentes cara a ese estrato de maior dimensión: segundo cifras da campaña 2010-2011, encontrabamos aquí 2.283 explotacións que concentraban xa máis cota que as 10.432 restantes.

Gando ovino e caprino

Se para a elaboración do *Informe* anterior unicamente puidemos contar con novos datos das *Encuestas ganaderas* do MAGRAMA, este ano, ademais desa fonte, dispoñemos tamén das cifras fornecidas pola Consellería do Medio Rural e Mar referidas a 2010 e 2011. Como xa se apuntou, as cifras das dúas fontes foron aproximándose pero manteñen diferenzas significativas (cadro 22). Prescindindo desas diferenzas, as dúas fontes coinciden en que nos últimos anos prosegue a redución do número de ovellas que se vén observando en Galicia desde mediados da década de 2000. Esta evolución, segundo a Consellería, continuou en 2011 cunha caída do 5%, ano no que diminuíu además o número medio de ovellas por explotación, rompendo a tendencia anterior. No que se refire ao censo de cabrún, moito menos importante, o número de cabezas mantense estable entre 2007 e 2011, se ben con certos altibaixos anuais. Nos dous casos, ovino e cabrún, Galicia posúe un peso case irrelevante no total do Estado, apenas o 1,3% do censo español de ovino e o 1,7% do de cabrún (cadro 22).

Cadro núm. 22

Evolución do censo de gando ovino e caprino en Galicia

A. Datos do rexistro de ovino e cabrún	2007	2008	2009	2010	2011
Ovino					
Núm. de explotacións (miles)	23,65	22,99	22,29	21,08	20,47
Núm. de cabezas (miles)	236,22	233,73	225,88	222,25	211,20
Cabezas/Explotación	10,0	10,2	10,1	10,5	10,3
Caprino					
Núm. de explotacións (miles)	5,61	5,59	5,52	5,70	5,77
Núm. de cabezas (miles)	43,72	46,42	44,27	43,48	43,99
Cabezas/Explotación	7,8	8,3	8,0	7,6	7,6

B. Datos das enquisas gandeiras do MARM (decembro de cada ano)	1987	1992	2000	2006	2007	2008	2009*	2010*
Ovino								
Núm. de cabezas (miles)	150,87	206,23	313,37	325,92	276,30	265,15	264,53	234,10
% do censo español	0,7	0,8	1,3	1,5	1,2	1,3	1,3	1,3
Caprino								
Núm. de cabezas (miles)	73,82	54,85	46,17	59,76	52,90	52,79	53,56	48,10
% do censo español	2,6	1,9	1,6	2,0	1,8	1,8	1,8	1,7

* Os datos de 2009 e 2010 corresponden a novembro.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Consellería do Medio Rural e do Mar, *Rexistro de Ovino e Cabrún.*
- MAGRAMA, *Anuario de Estadística* e *Encuestas ganaderas.*

Este sector está composto, na súa inmensa maioría, por explotacións cun pequeno rabaño de ovellas ou cabras, e que carecen de carácter profesional. En 2011 só 353 explotacións, o 1,5% do total, tiñan 100 cabezas ou máis; en tanto que máis dos 3/4 das explotacións non alcanzaba as 10 cabezas. Nunha análise temporal tampouco se observa un incremento do peso das unidades de maior dimensión, que indique unha progresiva profesionalización do sector. Estamos así ante un conxunto de explotacións que, na súa inmensa maioría, non teñen no gando ovino nin cabrún a súa principal fonte de ingresos senón unha renda complementaria ou ben unha produción para o autoconsumo.

Gando porcino

Despois da caída sufrida en 2010, as cifras de 2011 amosan unha recuperación tanto dos efectivos totais como do número de porcos de cebo e de porcas reprodutoras. En todo caso, o feito máis salientable é que, co forte incremento rexistrado en 2009, nos tres últimos anos o censo galego de porcino se mantén en cifras moi superiores

ás do período 2000-2008 (cadro 23). Este incremento no número de animais fixo que o rabaño galego gañase importancia relativa no conxunto do Estado, pasando de porcentaxes que roldaban o 3% a moverse por riba do 4% nos tres últimos anos (cadro 23).

Cadro núm. 23

Evolución do censo de gando porcino en Galicia (abril de cada ano)

	1987	1997	2007	2008	2009*	2010*	2011*
Miles de cabezas							
Porcos da ceba	436,0	239,6	201,9	308,6	443,7	401,9	418,4
Porcas reprodutoras	182,8	121,8	95,6	83,0	114,0	97,8	113,3
Total	**1.589,9**	**1.013,7**	**799,0**	**821,9**	**1.174,5**	**1.034,3**	**1.055,9**
Índices (base 1987 = 100)							
Porcos da ceba	-	55,0	46,3	70,8	101,8	92,2	96,0
Porcas reprodutoras	-	66,6	52,3	45,4	62,4	53,5	62,0
Total	**-**	**63,8**	**50,3**	**51,7**	**73,9**	**65,1**	**66,4**
Galicia/España (%)							
Porcos da ceba	8,5	3,7	1,9	3,1	4,2	4,3	4,2
Porcas reprodutoras	9,2	5,7	3,5	3,3	4,6	3,9	4,7
Total	**9,8**	**5,4**	**3,0**	**3,3**	**4,5**	**4,2**	**4,1**

* Os resultados de 2009, 2010 e 2011 corresponden ao mes de maio.

Fonte: MAGRAMA, *Anuario de Estadística* e Encuestas ganaderas.

III. Pesca e marisqueo

III. Pesca e marisqueo

III.1. Pesca

Introdución

O ano 2011 foi un ano con novidades moi importantes para o sector pesqueiro galego. As máis destacadas son a presentación das propostas por parte da Comisión Europea para a reforma da Política Pesqueira Comunitaria (PPC) e para o novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). A importancia destas propostas é vital para Galicia, que segue manténdose como a rexión pesqueira máis importante na Unión Europea (UE-27). Por esta razón neste *Informe*, á parte de abordar a evolución recente da frota e a produción pesqueira de Galicia, trátanse polo miúdo os acontecementos máis destacables ao longo do ano 2011, en particular os puntos claves das mencionadas propostas e como poden afectar ao sector pesqueiro galego.

Por outra banda, 2011 foi un bo ano para a pesca galega grazas ao aumento das posibilidades de pesca, tal como se sinalou no apartado de conxuntura deste *Informe*, e á moderación dos prezos do carburante.

De acordo cos datos amosados no cadro 1, o 42% das embarcacións pesqueiras españolas teñen o seu porto base en Galicia, o que representa arredor do 10% da capacidade pesqueira medida en tonelaxe do conxunto da UE. Galicia ten máis frota que o primeiro produtor pesqueiro da Unión Europea, Dinamarca. De feito, a tonelaxe da frota galega é maior que a de varios países europeos de tradición pesqueira da UE como Portugal e Irlanda. A produción pesqueira galega equivale en valor ao 57% da produción española e ao 15% da produción da UE.

Galicia é a rexión europea máis beneficiada polo actual Fondo Europeo da Pesca (FEP). Galicia xestiona en torno a 500 millóns de euros en fondos estruturais para o sector pesqueiro durante o período 2007-2013. Esta transferencia a Galicia representa o 48% dos fondos estruturais da pesca asignados a España. Estes fondos están a cofinanciar numerosas actuacións no sector pesqueiro galego (despezamentos de frota, acuicultura, industria transformadora, instalacións portuarias, accións de comercialización e medidas socioeconómicas). No apartado de xestión e conxuntura deste *Informe* presentamos as principais medidas na proposta do novo fondo FEMP.

Neste escenario, a concentración da actividade pesqueira no litoral galego fai que o peso relativo deste sector no conxunto do Produto Interior Bruto sexa moi elevado en comparación coas economías do noso contorno e converte Galicia na rexión europea máis beneficiada ou afectada polas decisións que se tomen na inminente reforma da PPC.

A Comisión Europea presentou en 2011, acompañando as súas propostas, a avaliación de impactos de diferentes opcións para reformar a PPC. Esa avaliación utilizou unha análise bioeconómica (son ferramentas que modelan de forma conxunta

Cadro núm. 1

Dimensión do sector pesqueiro galego en relación co español e coa UE-27. Ano 2011[1]

	UE-27	España	Galicia	% Galicia/ España	% Galicia/ UE-27
Frota[2]					
Núm. de barcos	84.728	11.143	4.679	42,0	5,5
Capacidade (miles de GT)	1.837	440	177	40,2	9,6
Potencia motor (miles de kw)	6.716	980	316	32,2	4,7
Produción					
Valor dos desembarques (millóns de euros)	6.687	1.734	995	57,4	14,9
Consumo[3]					
Quilogramos por persoa e ano	24,5	44,4	57,6		
Renda[4]					
Valor engadido da pesca e acuicultura/PIB (%)	0,05	0,20	1,27		

[1] *Facts and Figures on the Common Fisheries Policy, 2012*. Comisión Europea.
[2] Na frota non se consideran os buques auxiliares de cultivos mariños.
[3] Consumo per cápita = subministración dispoñible de produtos pesqueiros por persoa e ano.
[4] No peso relativo do sector respecto do PIB considéranse conxuntamente pesca e acuicultura.
Fonte: Elaboración propia a partir da Comisión Europea, INE, IGE e Consellería do Medio Rural e do Mar.

a dinámica de crecemento da biomasa das poboacións pesqueiras e os resultados económicos dos buques pesqueiros) para proxectar a evolución das pesqueiras e da industria pesqueira europea nos próximos dez anos, en termos de indicadores biolóxicos, económicos e sociais. Estas proxeccións foron feitas tanto a nivel global como para as catro rexións máis dependentes da pesca na Unión Europea (Galicia, Sicilia, Bretaña e Escocia). A continuación presentamos os resultados das proxeccións de indicadores sociais e económicos das diferentes opcións para a reforma da PPC en relación co sector pesqueiro galego.

Avaliación de impactos en Galicia das opcións da reforma da PPC

A avaliación de impactos da reforma da PPC presenta unha análise con modelos bioeconómicos das seguintes tres opcións de política pesqueira.

Opción 1: Acadar sostibilidade ambiental nun período temporal flexible a fin de asegurar un balance entre os aspectos ambientais, económicos e sociais. Esta opción defínese polos seguintes aspectos:

a) Reducir o esforzo pesqueiro (capacidade pesqueira da frota) ata acadar o FMRS (mortalidade por pesca ao nivel de máximo rendemento sostible) o antes posible

para os *stocks* (ou poboacións) pesqueiros da Unión Europea. A redución estará limitada a unha caída máxima interanual do TAC do -25%. Os *stocks* pesqueiros poden alcanzar o FMRS máis tarde de 2015 pero non máis lonxe de 2020.

b) Uso de dereitos individuais transferibles (ITR) que serán a ferramenta contra o exceso de capacidade da frota. Os ITR serán obrigatorios para a frota industrial e voluntarios para a frota artesanal. Aplicaranse nun período de catro anos, e a posibilidade de transferencia só será posible dentro de cada Estado membro.

c) As subvencións para a frota desaparecerán (o equivalente ao eixe 1 no actual FEP).

Opción 2, ou opción «radical»: Consiste en acadar sostibilidade ambiental sen permitir ningunha flexibilidade temporal para suavizar os impactos sociais da redución do esforzo pesqueiro. Esta opción defínese polos seguintes aspectos:

a) Acadar o FMRS en 2015 para os *stocks* pesqueiros da Unión Europea sen ningunha flexibilidade temporal.

b) O uso de dereitos individuais transferibles (ITR) será a ferramenta contra o exceso de capacidade coas mesmas condicións que as definidas na opción 1.

c) Eliminación gradual dos acordos pesqueiros.

Cadro núm. 2

Proxeccións para os anos 2017 e 2022, con base en diferentes opcións de reforma da PPC para a frota pesqueira galega

Indicador		VEB (millóns euros)	Ingresos totais / Ingresos punto morto	Marxe de beneficios netos %	Retorno do investimento %	Emprego	Valor engadido por empregado (euros)	Salario medio por empregado (euros)
Referencia por ano		188	1,06	-0,04	-0,01	8.936	21.053	18.492
Status Quo	**2012**	191	1,07	-0,01	0,00	8.789	21.777	18.159
	2017	202	1,09	0,02	0,01	8.737	23.115	18.557
	2022	222	1,13	0,05	0,02	8.252	26.942	20.574
Opción 1	**2012**	190	1,07	-0,01	0,00	8.654	21.901	18.316
	2017	303	1,20	0,11	0,06	7.630	39.660	28.134
	2022	357	1,25	0,16	0,10	7.016	50.853	34.806
Opción 2	**2012**	180	1,07	-0,02	-0,01	8.422	21.356	18.027
	2017	248	1,17	0,08	0,04	7.504	33.088	24.229
	2022	296	1,22	0,13	0,07	6.918	42.787	29.955
Opción 3	**2012**	189	1,07	-0,01	0,00	8.654	21.889	18.310
	2017	257	1,17	0,09	0,04	7.640	33.687	24.616
	2022	306	1,22	0,13	0,08	7.010	43.622	30.597

Fonte: Elaboración propia con base en Comisión Europea, *Impact Assessment of the CFP Reform, Environmental, Economic, Social and Governance Impacts of the ALTERNATIVE OPTIONS Scenario of the 2012 CFP Revision Specific Results for 4 Case Studies Brittany, Galicia, Scotland and Sicily.*

Cadro núm. 3

Proxeccións para a Opción 1 con relación a diferentes segmentos da frota pesqueira galega

	2012				2017					2022				
Indicador	Ingresos (millóns)	VEB (millóns)	Ingresos totais/ Ingresos punto morto	Marxe de beneficios netos %	Ingresos (millóns)	VEB (millóns)	Ingresos totais/ Ingresos punto morto	Marxe de beneficios netos %	Retorno do investimento %	Ingresos (millóns)	VEB (millóns)	Ingresos totais/ Ingresos punto morto	Marxe de beneficios netos %	Retorno do investimento %
Arrastreiros 12-24 metros	60	12	0,93	-0,26	71	33	1,11	-0,02	-0,05	81	48	1,22	0,09	0,26
Palangreiros 12-24 metros	10	6	1,21	0,11	12	8	1,35	0,20	0,06	16	13	1,47	0,28	0,11
Arrastreiros demersal 12-24 metros	42	24	1,15	0,08	57	39	1,25	0,17	0,21	57	41	1,28	0,19	0,28
Frota artesanal 0-12 metros	4	2	1,21	0,12	4	3	1,31	0,20	0,38	6	5	1,41	0,26	0,71
Palangreiros 24-40 metros	57	26	0,99	-0,08	50	27	1,01	-0,06	-0,03	59	40	1,08	0,01	0,01
Arrastreiros de 24-40 metros	59	17	0,92	-0,19	61	31	1,01	-0,07	-0,04	67	42	1,07	0,01	0,00
Frota artesanal polivalente 0-12 metros	122	77	1,47	0,29	148	104	1,59	0,35	0,29	148	106	1,61	0,35	0,30
Palangreiro máis de 40 metros	29	2	0,81	-0,34	35	12	0,92	-0,17	-0,02	35	15	0,95	-0,12	-0,02
Arrastreiros de máis de 40 metros do caladoiro de Atlántico Sur	46	14	1,06	0,01	55	28	1,27	0,18	0,09	55	31	1,34	0,23	0,14
Arrastreiros de máis de 40 metros do caladoiro de NAFO	25	9	0,96	-0,11	30	16	1,05	0,00	0,00	30	17	1,07	0,03	0,01
Total Galicia	**454**	**189**	**1,07**	**-0,01**	**523**	**301**	**1,20**	**0,11**	**0,06**	**554**	**358**	**1,25**	**0,16**	**0,10**
Incremento sobre 2012-Galicia					0,15	0,60	0,12	0,12	0,06	0,22	0,88	0,17	0,17	0,10
Total Unión Europea					**5.108**	**3.029**	**1,27**	**0,15**	**0,12**	**5.561**	**3.657**	**1,31**	**0,18**	**0,18**
Incremento sobre 2012-Unión Europea					0,14	0,58	0,10	0,10	0,09	0,24	0,90	0,13	0,13	0,15

Fonte: Elaboración propia con base en Comisión Europea, *Impact Assessment of the CFP Reform, Environmental, Economic, Social and Governance Impacts of the ALTERNATIVE OPTIONS Scenario of the 2012 CFP Revision Specific Results for 4 Case Studies Brittany, Galicia, Scotland and Sicily.*

Finalmente, a **opción 3** trata de minimizar os impactos sociais combinando máis flexibilidade e elementos das opcións anteriores.

Tal como vemos no cadro 2, a opción 1 e a que xera un maior crecemento do Valor Engadido Bruto (VEB). Nesta opción o VEB do sector pesqueiro galego en 2022 superará nun 88% o valor que foi estimado para 2012. Ademais, a opción 1 produce un maior incremento no VEB por empregado. Non resulta estraño que a avaliación de impacto da reforma da PPC presente a opción 1 como a mellor opción de política pesqueira e sexa, por tanto, a preferida para desenvolver a proposta da reforma.

Dado o interese desta opción como a preferida para a futura reforma, presentamos no cadro 3 as proxeccións para un conxunto representativo das diferentes frotas galegas. Segundo o modelo bioeconómico da opción 1, todas as frotas galegas analizadas operarán con beneficios en 2022, excepto a frota de palangreiros de máis de 40 metros (palangreiros de grande altura). Comparando as proxeccións en 2022 para a frota galega coas proxeccións para o conxunto da frota da Unión Europea, os resultados amosan tendencias parellas. A frota galega terá un maior incremento relativo nos indicadores marxe de beneficios e no cociente ingresos totais entre ingresos no nivel de punto morto,[1] aínda que a evolución relativa será lixeiramente menos favorable para a pesca galega nos outros indicadores.

A continuación abordamos a evolución recente dos datos de maior relevancia referidos á frota e á produción pesqueira de Galicia nos últimos tres anos, para, posteriormente, tratar polo miúdo a conxuntura e os acontecementos máis destacables vividos polos distintos segmentos representativos da frota ao longo de 2011.

Frota pesqueira

A frota pesqueira galega ten como características máis destacables unha gran diversificación en canto a artes de pesca e especies obxectivo, e un enorme radio de acción, que acada case todos os caladoiros importantes do mundo, de tal xeito que gran parte da pesca desembarcada procede de caladoiros afastados en terceiros países. A frota galega estaba composta de 4.679 unidades en abril de 2012, tal como se reflicte no cadro 4.

Diferéncianse tres grandes grupos de embarcacións en función do tipo de caladoiro no que desenvolven a súa actividade, segundo sexa este máis ou menos próximo aos portos de orixe. En primeiro lugar, a frota do caladoiro nacional, que pesca habitualmente en augas próximas do Cantábrico e do Atlántico (o grupo máis numeroso con

[1] No estudo orixinal pon «Total revenue/Revenue at break even point», que traducimos como cociente de ingresos totais entre ingresos no nivel de punto morto. Pensamos que os ingresos no nivel de punto morto son o nivel de produción –neste caso para o agregado de barcos da frota– no que os ingresos obtidos igualan os custos totais ou tamén o nivel de produción pesqueira no que os beneficios son 0.

Cadro núm. 4

Frota pesqueira en Galicia. Datos de abril de 2012

	Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)					
Arrastre	84	11.912	18.815	38.393	28.554
Artes menores	4.100	10.234	8.844	97.660	71.819
Cerco	153	4.626	5.986	32.613	23.984
Palangre de fondo	27	923	1.356	5.345	3.942
Palangre de superficie	58	6.828	12.477	24.029	17.671
Rascle	3	84	89	350	257
Volanta	35	1.100	2.042	6.076	4.668
Total	**4.460**	**35.707**	**49.610**	**204.467**	**150.896**
Pesqueira comunitaria (altura)					
NEAFC < 100 TRBs	5	393	752	1.917	1.410
NEAFC arrastre	42	8.440	14.043	25.475	18.934
NEAFC palangre de fondo	45	7.695	12.907	26.210	19.575
Portugal	3	407	625	1.267	932
Total	**95**	**16.934**	**28.327**	**54.869**	**40.851**
Pesqueira internacional (grande altura)					
Bacallaeiros	5	3.662	5.652	12.604	8.987
Cerco	3	5.543	8.002	13.505	9.946
Conxeladores	18	13.447	21.379	34.719	24.297
NAFO conxeladores	18	12.333	20.708	27.054	19.900
Palangre de superficie	79	16.296	29.145	52.191	38.849
Total	**123**	**51.281**	**84.885**	**140.072**	**101.979**
Total xeral	**4.678**	**103.923**	**162.822**	**399.408**	**293.726**
Acuicultura/Auxiliar bateas	**1.255**				

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage*).

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

4.460 embarcacións censadas, o 95% da frota galega); a continuación, os buques de altura, que habitualmente pescan en augas doutros países da Unión Europea; e a frota de grande altura que opera en augas internacionais e de terceiros países (supón menos do 3% dos buques rexistrados en portos galegos pero o 52% da tonelaxe do total da frota galega).

A distribución da frota de Galicia non é uniforme ao longo da súa costa. Existe certa especialización e concentración de tipos de frota por portos e zonas costeiras. Deste xeito, a frota de grande altura concéntrase na zona I (ría de Vigo), que reúne o 45% de toda a tonelaxe da frota galega con só o 17% do número de barcos. A frota

de grande altura está composta polos buques de maiores dimensións, capacidade pesqueira e incorporación tecnolóxica. A súa actividade depende da existencia de acordos pesqueiros con terceiros países e con organizacións internacionais pesqueiras nas que participa a Unión Europea. No apartado de conxuntura veremos que as cotas para 2012 se manteñen ou medran para esta frota, asegurando o mantemento do emprego pesqueiro no porto de Vigo e na comarca do Morrazo.

Os barcos de maior porte son os cerqueiros conxeladores dedicados principalmente á captura de túnidos. Os arrastreiros conxeladores operan sobre todo nas zonas do Atlántico Noroeste (NAFO), Atlántico Suroeste (incluíndo as Malvinas), Senegal e Mauritania; capturan fletán negro, raias, camarón, pescadas, luras, etc.; e concentran os seus desembarques no porto de Vigo.

Por último, dentro da frota de grande altura debemos mencionar o numeroso segmento de palangre de superficie, embarcacións especializadas en especies como o peixe espada, túnidos e escualos, que tamén se concentra no porto de Vigo. A estabilidade nos TAC (totais admisibles de captura) para 2012 para esta frota asegura o mantemento de emprego e actividade nos portos da Guarda e de Vigo.

Cadro núm. 5

Frota pesqueira na zona I (ría de Vigo). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre	Bacallaeiros	3	2.303	3.732	7.104	5.224
	Conxeladores	10	6.717	11.059	17.597	12.941
	NAFO conxeladores	16	11.112	18.673	23.866	17.551
Cerco		1	1.582	2.082	2.941	2.163
Palangre de superficie		60	11.324	20.201	38.015	27.956
Pesqueira comunitaria (altura)						
Arrastre	NEAFC arrastre	22	4.438	7.134	13.210	9.715
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre		1	120	201	360	265
Artes menores		603	1.429	1.065	16.330	12.009
Cerco		32	746	957	6.653	4.893
Palangre de superficie		41	4.703	8.564	17.206	12.653
Enmallada	Rascle	1	40	41	230	169
Totais		**790**	**44.514**	**73.708**	**143.511**	**105.538**
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		100				

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage*).

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

A zona II alberga o 8% da frota galega tanto en tonelaxe como en número de barcos. Aquí están operativas 3 unidades que traballan en augas de xurisdición portuguesa (con base no porto de Marín) e varios barcos conxeladores de grande altura (frota de NAFO).

Cadro núm. 6

Frota pesqueira na zona II (ría de Pontevedra). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre	Conxeladores	5	3.409	5.600	8.568	6.301
	NAFO conxeladores	2	1.101	2.035	3.194	2.349
Palangre de superficie		1	234	627	488	359
Pesqueira comunitaria (altura)						
Arrastre	NEAFC arrastre	4	725	1.185	1.936	1.424
	Portugal	3	407	625	1.267	932
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre		10	1.258	1.980	3.681	2.707
Artes menores		355	1.023	804	11.094	8.158
Palangre de fondo		13	230	291	1.950	1.434
Totais		393	8.386	13.146	32.177	**23.663**
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		88				

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage)*.

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

A zona III concentra o grupo de frota da zona denominada Cantábrico-Noroeste ou Caladoiro nacional. De feito, nesta zona teñen o seu porto base o 38% dos barcos galegos. A frota de Cantábrico-Noroeste pesca nas augas marítimas próximas ás costas de Galicia. Trátase da frota máis numerosa en Galicia, con embarcacións de pesca e marisqueo, aínda que de pequeno porte. Por tipo de actividade, a maioría encádrase dentro do grupo de artes menores, que operan principalmente en augas interiores das rías ou en zonas moi próximas á costa, sobre todo con artes de nasas, liñas ou mallado. Os arrastreiros de litoral teñen os seus portos base maioritariamente na ría de Arousa, en particular no porto de Ribeira.

As zonas IV, V e VI representan o 13%, 3% e 6% respectivamente do número de barcos galegos, malia que en termos de tonelaxe non superan xuntas o 6% do total da frota galega. O seu peso especifico é pequeno no contexto da capacidade pesqueira galega, pero a súa importancia social para varias comunidades costeiras está fóra de toda dúbida. A maioría da frota nestas zonas pertence ao grupo de artes menores.

A zona VII acolle o 7% da frota galega tanto en tonelaxe como en número de barcos, con frota de grande altura, altura e caladoiro nacional. É unha das zonas, en particular o porto da Coruña, que máis redución de frota ten sufrido nos últimos anos.

Cadro núm. 7

Frota pesqueira na zona III (ría de Arousa). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre	Conxeladores	3	3.321	4.720	7.554	5.555
Cerco		2	3983,1	5920	10584	7783,47
Palangre de superficie		6	1.106	2.289	3.244	2.386
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	5	861,52	1672	3354	2466,53
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre		34	4.931	7.599	16.600	12.208
Artes menores		1.684	3.159	2.510	30.625	22.521
Cerco		33	1.013	1.567	7.026	5.167
Palangre de fondo		1	22	56	120	88
Totais		**1.768**	**18.397**	**26.333**	**79.107**	**58.175**
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		872				

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage)*.

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 8

Frota pesqueira na zona IV (ría de Muros). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)					
Arrastre	9	1.173	1.927	3.274	2.408
Artes menores	576	1.127	946	8.622	6.341
Cerco	21	802	1.008	4.893	3.599
Totais	**606**	**3.103**	**3.880**	**16.789**	**12.347**
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares	27				

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage)*.

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 9

Frota pesqueira na zona V (Fisterra). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo	NEAFC < 100 TRB	1	83	163	442	325,05
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Artes menores		146	678	741	5.485	4.034
Palangre de fondo		2	23	45	193	142
Enmallada	Á liña	2	53	79	283	208
Totais		**151**	**836**	**1.028**	**6.403**	**4.709**
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		2				

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage)*.

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 10

Frota pesqueira na zona VI (Costa da Morte). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre		3	467	655	1.320	971
Artes menores		249	978	1.055	8.948	6.580
Cerco		22	694	774	4.822	3.546
Palangre de fondo		11	532	683	2.803	2.061
Enmallada	Á liña	12	424	714	1.923	1.414
Totais		**297**	**3.096**	**3.881**	**19.815**	**14.572**
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		1				

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage)*.

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

A zona VIII, correspondente á ría de Cedeira, alberga tan só un 3% en número de barcos e o 1% en tonelaxe. Os seus barcos practican a pesca de artes menores e palangre de fondo.

Os portos da zona IX, e especialmente os portos de Celeiro e Burela, concentran a frota de altura que opera en augas do Atlántico Noroeste (área NEAFC), área coñecida como Gran Sol. Esta é unha das frotas máis importantes de Galicia. Os arrastreiros de altura dedícanse, ante todo, á captura de pescada, peixe sapo, rapante e cigala,

Cadro núm. 11

Frota pesqueira na zona VII (A Coruña-Ferrol). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre	Bacallaeiros	2	1.330	1.920	5.110	3.758
Palangre de superficie		5	1.421	2.306	3.946	2.902
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	1	205	344	570	419
Arrastre	NEAFC arrastre	7	1.632	2.538	5.286	3.887
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre		9	1.314	2.188	4.413	3.245
Artes menores		290	860	742	8.225	6.049
Cerco		19	534	615	3.517	2.587
Palangre de fondo		1	19	29	120	88
Totais		**334**	**7.316**	**10.682**	**31.187**	**22.935**
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		165				

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage)*.

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 12

Frota pesqueira na zona VIII (Cedeira). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	1	106	123	450	331
	NEAFC < 100 TRB	1	50	95	402	296
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Artes menores		97	349	308	3.076	2.262
Cerco		4	176	264	1.265	930
Palangre de fondo		8	232	380	1.506	1.108
Enmallada	Rascle	2	44	48	120	88
	Á liña	17	456	901	2.934	2.158
Totais		**130**	**1.414**	**2.118**	**9.753**	**7.173**

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage)*.

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 13

Frota pesqueira na zona IX (Mariña lucense). Datos de abril de 2012

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Núm. de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (kW)
Pesqueira internacional (grande altura)						
Palangre de superficie		7	2.190	3.712	6.999	5.147
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	39	6.522	10.768	21.836	16.058
	NEAFC <100 TRB	3	260	494	1.073	789
Arrastre	NEAFC arrastre	9	1.803	3.200	6.020	4.427
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre		18	2.650	4.267	8.745	6.431
Artes menores		99	620	671	5.145	3.784
Cerco		9	430	509	2.486	1.828
Palangre de fondo		4	95	164	603	444
Palangre de superficie		17	2.125	3.913	6.823	5.018
Enmallada	Á liña	4	166	348	936	688
Totais		**209**	**16.861**	**28.046**	**60.666**	**44.614**

* Tonelaxe bruta (*Gross Tonnage*).

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros.* Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

que desembarcan de maneira maioritaria en Celeiro, Burela e Vigo. Resulta interesante destacar que esta frota opera cun sistema de dereitos individuais transferibles, en liña coa nova proposta de reforma da PPC.

Produción pesqueira

A produción total do sector pesqueiro extractivo galego é difícil de determinar con exactitude, debido á gran cantidade de puntos de descarga e venda, non sempre baixo a mesma xurisdición.

A pesca fresca (peixe e marisco) poxada nas lonxas galegas durante 2011 foi de 183.501 toneladas e supuxo o terceiro maior rexistro de produción desde 1998 (cadro 14). En termos monetarios, os desembarques en 2011 acadaron unha cotización media de 2,59 euros por quilogramo, cun valor anual total de 474,8 millóns de euros. Os prezos medios da pesca fresca creceron un 6% en relación con 2010.

As vendas de produtos pesqueiros frescos nas lonxas e centros de venda autorizados caracterizouse con respecto ao ano anterior por un descenso xeneralizado nas cantidades vendidas e por un incremento apreciable en canto ao valor adquirido na

Cadro núm. 14

Evolución da pesca fresca vendida nas lonxas galegas

	Toneladas	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
1998	178.106	359.956	2,02
1999	156.282	368.593	2,36
2000	145.302	350.969	2,42
2001	142.871	354.862	2,48
2002	128.029	329.124	2,57
2003	124.680	335.071	2,69
2004	149.733	383.441	2,56
2005	158.625	403.151	2,54
2006	169.327	432.726	2,56
2007	172.249	463.430	2,69
2008	173.569	451.323	2,60
2009	195.785	422.373	2,16
2010	187.395	458.381	2,45
2011	183.501	474.847	2,59

Fonte: elaboración propia a partir de:
- Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de Produción Pesqueira.
- Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

primeira venda. Deste xeito, a comparativa entre 2010 e 2011 mes a mes foi positiva a favor da facturación en 2010 en todos os meses agás nos meses de xaneiro, febreiro, agosto e novembro, e como resultado aparecen esas 3.894 toneladas de diferencial negativo.

No cadro 15 amósase a evolución mensual das vendas de peixes e mariscos frescos nas lonxas galegas durante os anos 2010 e 2011. Os meses que rexistraron maior produción foron setembro en 2010 e agosto en 2011, mentres que xaneiro foi o mes con menor produción. Decembro presentou os prezos medios de primeira venda máximos, moi por riba dos prezos medios doutros meses. A forte demanda e menor oferta en inverno, en especial no período de Nadal, explican o máximo de prezos en decembro.

O peixe conxelado é desembarcado sobre todo nos portos de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa e Ribeira, ben pola frota pesqueira conxeladora (galega, de empresas pesqueiras mixtas ou de embarcacións abandeiradas noutros países), ben por buques mercantes e portacontedores. O porto de Vigo é o máis representativo de Galicia en volume de peixe conxelado comercializado, constituíndo un dos puntos de referencia a nivel mundial. O ano 2011 supuxo un bo rexistro na cantidade de pesca conxelada neste porto. Esta produción provén na súa maior parte das empresas mixtas galegas que operan en terceiros países.

Cadro núm. 15

Peixe fresco comercializado en primeira venda en Galicia

	Cantidade (tm)	Valor (miles de euros)	Prezo (euros/kg)
2010			
Xaneiro	10.349,0	30.996	3,00
Febreiro	13.766,7	29.489	2,14
Marzo	19.081,3	41.280	2,16
Abril	14.053,6	34.812	2,48
Maio	15.103,5	32.759	2,17
Xuño	17.219,6	38.237	2,22
Xullo	18.649,9	42.209	2,26
Agosto	17.213,2	40.788	2,37
Setembro	19.919,3	38.783	1,95
Outubro	14.918,0	37.011	2,48
Novembro	14.655,0	40.079	2,73
Decembro	12.369,7	51.737	4,18
2011			
Xaneiro	11.530,5	33.480	2,90
Febreiro	14.508,1	32.901	2,27
Marzo	17.835,0	44.761	2,51
Abril	13.842,8	32.740	2,37
Maio	13.677,8	33.078	2,42
Xuño	16.036,5	37.137	2,32
Xullo	16.966,4	41.677	2,46
Agosto	18.699,7	44.162	2,36
Setembro	18.280,0	40.919	2,24
Outubro	14.802,6	39.276	2,65
Novembro	15.090,6	42.816	2,84
Decembro	12.231,3	51.899	4,24

Fonte: Elaboración propia a partir de:
- Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de Produción Pesqueira.
- Plataforma Tecnolóxica da Pesca (*http://www.pescadegalicia.com*).

Xestión e conxuntura das pesqueiras de interese para a frota galega

Frota de grande altura

Na frota de grande altura con pavillón comunitario destacan, dentro do sector pesqueiro galego, por unha banda, o segmento de arrastreiros conxeladores e, por outra, o de palangreiros de superficie conxeladores. Como se indicaba na descrición

da frota, estes segmentos agrupan os barcos máis tecnolóxicos e de maior capacidade da frota pesqueira galega.

Os informes científicos confirmaron unha recuperación do bacallau. Como se pode ver no cadro 16, para o ano 2012 aprobouse un incremento de cotas do 4,2% para o bacallau nas zonas I e IIb, o *stock* máis importante para as frotas de grande altura española e galega. Ademais, aprobouse un incremento do 15,4% da cota de bacallau en augas de Noruega. Pola contra, as cotas para o fletán e a raia foron menores. En resumo, os valores dos incrementos de cota superan as reducións, polo que se pode predicir unha lixeira mellora económica para este segmento en 2012.

As posibilidades de pesca dos grandes migradores no Atlántico fixáronse na reunión plenaria anual da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT) en Istambul. A frota de palangre de superficie captura grandes migradores, como peixe espada, túnidos e quenllas. Estas especies terán unhas posibilidades de pesca en 2012 menores ás de 2011 para o *stock* Atlántico Norte de peixe espada e lixeiramente maiores para o *stock* Atlántico Sur (cadro 17). En consecuencia, aínda que os valores dos incrementos de cota non compensan as reducións, pódese predicir estabilidade na actividade para este segmento en 2012 debido ao incremento dos prezos de peixe espada.

Cadro núm. 16

Cotas de pesca españolas para a frota de grande altura

Especie	Zona	Toneladas		
		2010	2011	2012
Bacallau	I, IIb	10.155	11.397	11.870
	I, II (augas de Noruega)	2.702	1.904	2.198
Fletán negro	IIa, IV, VI	3	2	2
	NAFO 3LMNO	4.396	4.722	4.486
Arenque	I, II (augas internacionais)	109	73	61
Raia	NAFO 3LNO	5.833	5.833	4.132

Fonte: *Diario Oficial da Unión Europea.*

Cadro núm. 17

Cotas de pesca españolas para a frota espadeira

Especie	Zona	Toneladas		
		2010	2011	2012
Peixe espada	Océano Atlántico, ao norte do paralelo 5° N	6.869	7.184	6.949
	Océano Atlántico, ao sur do paralelo 5° N	6.299	4.967	5.025
Atún vermello	Océano Atlántico, ao leste do meridiano 45° O e Mar Mediterráneo	2.526	2.411	2.411

Fonte: *Diario Oficial da Unión Europea.*

Frota de altura

Dos 130 buques españois que desenvolveron a súa actividade en 2011 nos caladoiros da Unión Europea, 93 teñen a súa base en portos galegos. Esta frota, coñecida como a de Gran Sol, ou frota dos 300 (o nome deriva da lista de 300 barcos autorizados a faenar en augas comunitarias no Tratado de Adhesión de España a CEE), captura principalmente rapante, rapante de catro manchas, pescada e cigala, que se comercializan en fresco, polo que as mareas teñen unha duración media de 15 días. Esta frota resulta especialmente interesante desde un punto de vista económico, posto que é a única frota española que opera con dereitos de pesca individuais e transferibles.

No cadro 18 pódese observar a evolución recente das cotas dispoñibles por parte de España dentro das augas de xurisdición comunitaria, por especies e zonas. Desta

Cadro núm. 18

Cotas de pesca españolas por especie en augas da Unión Europea

Especie	Zona	Toneladas		
		2010	2011	2012
Abadexo	Vb,VI, XII, XIV	6	6	6
	VII	26	25	**25**
	VIIIabde	257	252	**252**
Merlán	VIII	1.296	1.270	1.270
Pescada	Vb, VI, VII, XII, XIV	9.109	9.109	9.109
	VIIIabde	6.341	6.341	**6.341**
Linguado	VIIIab	11	10	
	VIIIcde, IX, X, CPACO 34.1.1	412	403	403
Peixe sapo	Vb, VI, XII, XIV	214	210	199
	VII	1.186	1.186	**1.126**
	VIIIabde	1.387	1.318	**1.252**
Rapante de catro manchas	VIIIabde	5.490		
Cigala	Vb, VI	33	28	29
	VII	1.346	1.306	**1.306**
	VIIIabde	234	234	**234**
Xarda	IIa, Vb, VI, VII, VIIIabce, XII, XIV	20	20	18
	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	20	24.372	24.438
Xurelo	Vb, VI, VII, VIIIabde, XII, XIV	16.699	16.562	16.498
Granadeiro de rocha	Vb, VI, VII	54	48	41
	VIII, IX, X, XII, XIV	3.734	3.286	2.857
Maruca	VI, VII, VIII, IX, X, XII, XIV	2.156	2.150	2.156
Maruca azul	VI, VII	57	57	62
Brosme	V, VI, VII	14	14	14

Fonte: *Diario Oficial da Unión Europea.*

información cabe salientar a estabilidade nas cotas dispoñibles no período 2010-2012 nos *stocks* de maior importancia para a frota galega, en particular o *stock* norte da pescada. Esta estabilidade é en boa parte debida a que este segmento opera no plan plurianual de xestión do *stock* norte da pescada que trata de situar a pesqueira nun nivel de máximo rendemento sostible para 2015.

Frota do caladoiro nacional

Grazas á existencia de boas clases anuais de xuvenís no *stock* sur da pescada, como consecuencia do Plan de Recuperación, a cota de pesca desta especie creceu nun 15% para 2012. Ademais, a cota para o peixe sapo medrou fortemente. Dela benefícianse en gran medida os 83 arrastreiros galegos no caladoiro nacional, a maioría con base no porto de Ribeira. Os valores dos incrementos de cotas de especies de alto valor como a pescada e o peixe sapo aseguran unha boa actividade para esta frota en 2012 (cadro 19).

O segmento de cerco costeiro será un dos máis afectados. Este segmento está constituído por 153 unidades operativas con porto base en Galicia que capturan especies peláxicas como sardiña, anchoa, xarda e xurelo. As posibilidades de pesca reducíronse un 26% para o xurelo (cadro 20).

A continuación destacamos a conxuntura e acontecementos máis relevantes para a xestión e regulación do sector pesqueiro galego durante 2011 agrupados nos eixes de xestión dos recursos, xestión da frota galega, política estrutural e investimentos, e goberno.

A presentación da proposta da Comisión Europa en 2011 para a reforma da PPC, debido á súa importancia e carácter transversal a todos os ámbitos das políticas de conservación, mercados e estruturas, é desenvolvida ao final deste epígrafe.

Cadro núm. 19

Cotas de pesca españolas no Caladoiro Ibérico para especies de interese da frota de arrastre

Especie	Zona	Toneladas		
		2010	2011	2012
Abadexo	VIIIc	212	208	208
	IX, X, CPACO 34.1.1	278	273	273
Pescada	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	5.952	6.844	7.870
Linguado	VIIIcde, IX, X, CPACO 34.1.1	412	403	403
Peixe sapo	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	1.247	1.310	2.750
Solla	VIII, IX, X, CPACO 34.1.1	67	66	66
Cigala	VIIIc	97	87	79
	IX, X, CPACO 34.1.1	84	76	68

Fonte: *Diario Oficial da Unión Europea.*

Cadro núm. 20

Cotas de pesca españolas no Caladoiro Nacional para especies de interese da frota de cerco

Especie	Zona	Toneladas		
		2010	2011	2012
Xarda	IIa(2), Vb(1), VI, VII, VIIIabce, XII, XIV	20	20	18
	VIIIc, IX, X, CPACO 34.1.1	27.919	24.372	24.438
Xurelo	VIIIc, IX	31.029	30.175	22.409

Fonte: *Diario Oficial da Unión Europea.*

Xestión dos recursos:

1) Satisfacción na frota galega coas cotas a frota pesqueira para 2012 aprobadas no Consello da Unión Europea de ministros de Pesca en decembro de 2011. Viu aumentado para ano 2012 os TACs de 20 das 40 especies nas que España e Galicia teñen cota en augas europeas. Non se logrou subir todos os TACs. Incrementáronse as cotas totais nun 15% respecto da proposta inicial da Unión Europea. En relación co ano anterior –cando só medraron as cotas de 4 especies– os TACs para España ascenderon nun 8,7% en total. Mantivéronse as cantidades en 9 especies, fronte ás 6 da pasada negociación, e descenderon as cotas de 11 especies, 19 menos das que foron recortadas en decembro de 2010.

2) En relación coa xestión de recursos en augas interiores, a Consellería do Medio Rural e do Mar estableceu unha veda para a nécora. Así o recolle a Orde do 23 de decembro de 2011 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para 2012. O calendario aprobado establece que a actividade de extracción deste crustáceo estará prohibida ata o 30 de xuño de 2012. Esta medida persegue favorecer a reprodución e reducir o esforzo pesqueiro que soportan as poboacións desta especie en Galicia. Esta iniciativa, acordada co sector, implica que non se poderá atopar nécora fresca galega no mercado ata o 30 de xuño. Pode atoparse fresca, se é foránea, ou galega conxelada.

Xestión da frota galega:

1) Axudas para a redución da frota pesqueira galega. A Consellería do Mar destinou 8 millóns de euros á paralización definitiva dos buques pesqueiros en 2012, dando cumprimento a unha política de axuste de capacidade pesqueira que establece a Unión Europea. Ademais destas axudas á paralización convencional, a Consellería do Mar publicou en abril de 2012 as axudas á paralización definitiva dos buques de baixura incluídos no Plan de Xestión Integral da pesca de baixura do caladoiro Cantábrico Noroeste para 2012. Esta foi unha convocatoria específica, xa que ata ese ano a frota de baixura non tivo oportunidade de acceder ás axudas pola retirada da actividade pesqueira.

2) Axudas para os menores de 40 anos interesados en adquirir por vez primeira unha embarcación de pesca. Deben estar dados de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, acreditar un mínimo de cinco anos na profesión de pescador ou formación profesional equivalente, adquirir un buque de eslora total inferior a 24 metros e de entre 5 e 10 anos de idade, non ser propietarios de ningunha outra embarcación de pesca e ter menos de 40 anos na data de adquisición da embarcación. O importe máximo da axuda é de 50.000 euros e nunca poderá superar o 15% do custo da propiedade do buque.

Política comercial, estrutural e investimentos:

1) O selo de calidade «PescadeRías» rematou 2011 con máis de 11 toneladas de produto certificado. Destaca o aumento significativo da certificación de produtos procedentes da pesca artesanal, pasando de máis de 2.800 toneladas en 2009 a máis de 11.400 en 2011, multiplicándose por catro a cifra de toneladas certificadas. En canto aos establecementos adheridos a este selo, na actualidade hai certificados 22 lonxas e centros de primeira venda, 11 depuradoras, 14 distribuidores por xunto e 4 empresas transformadoras. Na campaña de Nadal as depuradoras de molusco puxeron no mercado máis de 26 toneladas de moluscos certificados con «PescadeRías». Ademais, destaca o convenio asinado en 2011 coa Confederación Galega de Hostalería, que permitiu incorporar ao selo 36 restaurantes galegos entre os que están todos os Paradores galegos e a maioría dos establecementos con estrela Michelín de Galicia.

2) A acción do eixe 4 do Fondo Europeo da Pesca vincúlase á promoción da pesca artesanal e ao apoio ás comunidades pesqueiras rurais. Este eixe abre oportunidades moi claras para facer da pesca artesanal galega un sector rendible. As súas actuacións aplícanse por medio dos Grupos de Acción Costeira (GAC). A Consellería do Medio Rural e do Mar aprobou un total de 133 proxectos en 2011 dos Grupos de Acción Costeira, por un importe total de 9,4 millóns de euros. Entre os proxectos aprobados, os eixes fundamentais sobre os que se asentan as accións promovidas son a promoción económica –a través da creación de emprego e a diversificación–, o fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro –a través da comercialización– e a mellora do contorno natural e da calidade ambiental.

As axudas destinadas en 2011 a promover a diversificación de actividades podían ser para reconversión parcial, de xeito que os pescadores poden seguir pescando a tempo parcial, sempre que coa axuda se contribúa a reducir o seu esforzo pesqueiro. Neste caso, o proxecto para o que se solicita a axuda deberá supoñer, polo menos, o 35% da actividade do solicitante e o importe máximo da axuda será de 21.000 euros. Tamén existen subvencións por reconversión profesional total para apoiar os pescadores que se dedican a tempo completo a un sector distinto ao da pesca. Neste caso o importe máximo da axuda será de 52.000 euros.

Medidas de rendemento enerxético entre o sector, con 5 millóns de euros na convocatoria de 2011. Estas axudas destínanse a investimentos que reduzan o consumo

de combustible, que garantan o aproveitamento da enerxía residual e a aqueles que optimicen a xeración de enerxía en relación coa demanda do buque. A axuda será de ata o 40% se o buque ten 12 ou máis metros de eslora e de ata o 60% se o buque é menor de 12 metros de eslora.

Goberno:

1) Loita contra a pesca ilegal pola Axencia Europea de Control Pesqueiro (ACCF) con sede en Vigo. Co cambio en 2011 na xerencia da ACCF, o programa de traballo da Axencia para os vindeiros anos pasará, fundamentalmente, por 2 eixes estratéxicos: a coordinación operativa, a través da consolidación e extensión do concepto do plan de despegue conxunto, e o fortalecemento das capacidades, coa asistencia aos Estados para desenvolver sistemas para compartir e recoller datos.

2) Así, desenvolveranse actuacións concretas que pasan pola aplicación das provisións do regulamento para combater a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (a ACCP organizará progresivamente a coordinación entre Estados das actividades nacionais de control e participará nas auditorías a terceiros países); estenderanse os actuais plans de despregamento conxunto a áreas rexionais de control de especies múltiples; examinaranse as áreas rexionais de control que cobren todas as pesqueiras relevantes e as actividades da Política Pesqueira Común para activar un despregamento máis rendible; buscarase a dispoñibilidade de datos uniformes sobre pesca e actividades de inspección e vixilancia a escala europea, e mellorarase a interoperabilidade dos sistemas nacionais.

A proposta comunitaria para a reforma da Política Pesqueira Comunitaria

Debido á importancia da reforma da Política Pesqueira Comunitaria de 2012 para todos os sectores e actividades do complexo económico da pesca en Galicia, péchase este apartado cunha referencia á proposta comunitaria para a mesma. As características e obxectivos desta proposta son:

- *Regras simplificadas e xestión descentralizada*

Os lexisladores da Unión Europea definirán o encadramento xeral, os principios básicos, os obxectivos globais, os indicadores e os calendarios. Os Estados membros decidirán sobre as medidas de execución efectiva e cooperación a nivel rexional.

- *Réxime de concesións de pesca transferibles*

Será introducido un réxime de concesións de pesca transferibles para os buques de máis de 12 metros, de cumprimento obrigatorio. As concesións serán distribuídas

polos Estados membros e deberán conferir aos seus titulares un dereito a unha parte das posibilidades de pesca nacionais para cada ano. Os operadores poderán dar en aluguer ou transferir as súas concesións. Esta medida ofrecerá á industria da pesca unha perspectiva de longo prazo, maior flexibilidade e maior responsabilidade, reducindo simultaneamente o exceso de capacidade.

■ *Medidas de apoio á frota artesanal*

A PPC reformada prolonga ata 2022 o dereito dos Estados membros a restrinxir a pesca na zona ata as 12 millas marítimas da costa para apoiar a frota artesanal.

■ *Prohibición dos descartes*

De acordo coas estimacións, a práctica de botar fóra de borda peixes cuxa captura non é pretendida corresponde ao 23% das capturas totais (sendo substancialmente superior nalgunhas pesqueiras). Os pescadores serán obrigados a desembarcar todas as especies comerciais que capturen. Esta práctica proporcionará datos máis fiables sobre as unidades de poboación de peixes, implicará unha mellor xestión e aumentará a eficiencia dos recursos.

■ *Asegurar a produtividade dos stocks pesqueiros* para maximizar os rendementos a longo prazo. Esta medida permitiría acadar o FMRS nos próximos anos.

■ *Novas normas de comercialización e trazabilidade máis claras*

■ *Mellor encadramento da acuicultura*

Os Estados membros elaborarán plans estratéxicos nacionais para eliminar os obstáculos administrativos e adoptar normas económicas, sociais e ambientais para o sector da piscicultura. Crearase un novo Consello Consultivo da Acuicultura para asesorar sobre cuestións relacionadas co sector.

■ *Asistencia financeira da Unión Europea aos obxectivos de sostibilidade*

As novas normas de comercialización en materia de envasado, calidade e trazabilidade traduciranse en informacións máis claras para o consumidor e contribuirán a que este apoie a pesca sostible. Algunhas indicacións de etiquetaxe serán obrigatorias, como, por exemplo, a distinción entre produtos de pesca e de acuicultura.

■ *Responsabilidade a nivel internacional*

Nas organizacións internacionais e rexionais, a Unión Europea intensificará o seu papel de mediador a prol da sostibilidade e conservación das unidades de poboación de peixes e da biodiversidade mariña. Nos acordos de pesca bilaterais con países terceiros, a Unión Europea promoverá a sostibilidade, o bo goberno e os principios da democracia e dos dereitos humanos.

■ *Proposta da CE para o novo Fondo Europeo dos Asuntos Marítimos e da Pesca ou FEMP*

Este novo fondo, con cerca de 5,2 mil millóns de euros (o actual fondo está dotado de 4,3 mil millóns) financiará as medidas estruturais para o sector pesqueiro europeo durante o período 2013-2020. Estes fondos cofinanciarán numerosas actuacións na pesca e acuicultura europea cos seguintes obxectivos:

a) Promover unha pesca e unha acuicultura sostibles e competitivas;

b) Impulsar o desenvolvemento e a aplicación da Política Marítima Integrada da UE de forma complementaria á política de cohesión e á Política Pesqueira Común;

c) fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras;

d) favorecer a aplicación da PPC.

A estrutura da proposta de novo fondo cambia substancialmente en relación co actual fondo. Os 5 eixes do FEP transfórmanse en 3 capítulos ou piares da política estrutural pesqueira no novo FEMP. Estes 3 piares son: desenvolvemento sostible da pesca, desenvolvemento sostible da acuicultura e asistencia técnica para a aplicación deste fondo. Esta estrutura anticipa unha forte orientación deste fondo cara ao desenvolvemento sostible na pesca e á promoción da acuicultura na Unión Europea. Este fondo tamén integra medidas para a aplicación da Política Marítima Integrada da Unión e a recollida de datos científicos da pesca europea.

Finalmente, no *Informe 2010* faciámonos eco da proposta de Galicia ante a reforma da PPC. Pasado un ano, vemos agora que a proposta Comunitaria atende varios puntos da proposta galega. Por exemplo, a posición galega é que as modalidades de pesca industrial e artesanal deberían rexerse por regulamentacións diferentes, xa que supoñen condicións económicas e sociais distintas. Non obstante, outros puntos de interese para Galicia non se incorporan na proposta da CE, como a demanda galega de substitución do sistema de topes máximos de capturas (TAC) e cotas por un sistema de control baseado no esforzo pesqueiro.

A reforma da PPC en 2012, xunto co novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca é, ao noso xuízo, un dos asuntos máis estratéxicos para o sector pesqueiro galego na actualidade. As regras de xogo que se decidan antes de rematar 2012, e que entrarán en vigor en 2013, condicionarán a evolución do sector pesqueiro galego como mínimo nos próximos dez anos, en particular a súa capacidade para situarse de maneira definitiva nunha senda de explotación sostible biolóxica e económica.

III.2. Marisqueo

Introdución. As modificacións na Lei de esca

A nova Administración pesqueira da Xunta de Galicia, derivada das eleccións de 2009, que deron a maioría ao PP, elaborou unha modificación da Lei de pesca de 2008, que foi publicada o 15 de decembro de 2009. Esta reforma lexislativa non ten efectos a curto prazo na actividade marisqueira, pero convén destacar algúns dos cambios máis significativos que poderían incidir nos resultados de vindeiras campañas, con independencia de que se fagan no seu momento as referencias que precisen.

O art. 5 queda modificado da seguinte forma: «As autorizacións e as concesións outorgaránselles con carácter preferente aos produtores de base ou ás organizacións de produtores de base, en calquera das súas formas asociativas, que veñan sendo titulares delas e que acrediten experiencia na súa explotación». En principio debemos pensar que esta redacción resulta positiva para favorecer e fomentar o asociacionismo dentro do sector, pero a falta dunha definición ou regulamento máis esclarecedor, o máis probable é que supoña un novo apoio ás confrarías, innecesario, por canto xa tiñan a preferencia na lexislación anterior e non sempre e en todos os casos a usaron para xestionar adecuadamente os recursos. Por outra parte, a nova Lei deixou sen contido os artigos do 80 ao 88 da Lei de 2008, nos que se definían os membros das confrarías, as funcións, as formas de asociación, etc., quedando ese tema reducido á recuperación de anteriores normativas nas que se establecía o seu carácter público e de asesoramento á Administración.

O art. 12 define as reservas mariñas como «aquelas zonas de especial interese para a preservación e a rexeneración dos recursos mariños e dos ecosistemas mariños que os sustentan, sempre que presenten condicións diferenciadas para o crecemento e a permanencia dos recursos pesqueiros pola súa condición de áreas de reprodución, desova, cría ou engorda de especies de interese pesqueiro ou marisqueiro». De novo encontramos unha interesante definición que poderá servir para a mellora da xestión dos recursos. O problema é que, consultados representantes do sector, parece que esta idea non foi de momento acompañada dos recursos financeiros imprescindibles para ese obxectivo e, dadas as circunstancias actuais de recorte de orzamentos, é moi posible que se limite a figurar sen máis no papel.

A Lei de 2008 definía, no art. 95, o Consello Galego da Pesca como un órgano colexiado, consultivo e asesor da Administración en materia de pesca, e a modificación de 2009, nun novo art. 95bis, crea outro Comité Científico Galego da Pesca, co mesmo

obxectivo, pero orientado ao ámbito científico, o que semella unha certa duplicidade, dado que no regulamento do anterior sempre podería subdividirse. O futuro pode ser moi semellante e, desde logo, relacionado co das reservas mariñas, por canto a falta de financiamento implica unha elevada probabilidade de que acabe deixando en papel mollado todas estas boas intencións.

Por último, e como aspecto tamén relevante, a Lei define no art. 112 o concepto de *turismo mariñeiro*, como «as actividades desenvolvidas polos colectivos de profesionais do mar, mediante contraprestación económica, orientadas á valorización e á difusión do seu traballo no medio mariño, así como dos costumes, das tradicións, do patrimonio e da cultura mariñeira». En todo caso, estas actividades serán complementarias das actividades propias dos colectivos de profesionais do mar». Neste *Informe* comentamos os efectos positivos da diversificación e extensión da práctica do marisqueo orientada ao turismo, para modificar e xerar un maior valor social desta profesión, ao que sen dúbida axudará a definición nesta Lei, prestándolle a necesaria cobertura normativa.

A campaña marisqueira 2010. Normativa

O Plan Xeral de Explotación Marisqueira para 2010 foi regulado na Orde do 22 de decembro de 2009 pola que se aprobou este Plan (DOG núm. 254, do 31 de decembro de 2009).

As normas desta campaña están recollidas en 9 artigos, outras 9 disposicións adicionais, unha derrogatoria (referida á recuperación do polbo, dado que a súa xestión xa aparece regulada no art. 9) e outras tres finais. Tamén este ano o detalle das normas aparece recollido nun cadro, onde figuran os seus aspectos básicos, zonas de traballo, días máximos de extracción, épocas probables para a actividade e puntos de control.

Sen mostrar moitas novidades con respecto a outros anos, as principais normativas son:

- *Autorizacións marisqueiras* (artigo 1). Regula a xestión das zonas marítimo-terrestres, reafirmando a competencia das xefaturas territoriais dos departamentos da Consellería do Mar, para autorizar a apertura e peche das actividades de extracción de marisco.
- *Plans específicos en zonas de libre marisqueo* (artigo 2). Define as normas para zonas de libre marisqueo, establecendo análoga competencia das xefaturas territoriais.
- *Zonas de libre marisqueo* (artigo 3). Autoriza as extraccións de moluscos nas zonas libres de marisqueo non suxeitas a plans específicos. Establece un calendario xeral de extracción entre o 4 de xaneiro e o 31 de marzo, e desde o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2010. Igualmente, marca certas restricións nas rías de Foz, Ferrol, Arousa e Vigo, referidas ás cantidades máximas por persoa ou tripulante.

- *Percebe* (artigo 4). Reúne 31 plans (5 en Lugo, 19 na Coruña e 7 en Pontevedra) para regular a captura do percebe.
- *Outros crustáceos* (artigo 5). Determina os períodos autorizados para a súa captura.
- *Equinodermos* (artigo 6). Mantén os mesmos 19 plans de recollida de ourizos, onde figuran 8 plans de agrupacións de confrarías.
- *Navalla, longueirón, peneira e algas* (artigo 7). Recolle en conxunto a normativa para a extracción destas especies en 25 confrarías (2 en Lugo, 13 na Coruña –das que 4 son plans conxuntos– e 10 en Pontevedra).
- *Bous* (artigo 8). Marca os períodos de traballo para a utilización das artes denominadas bou de man e bou de vara, para aquelas embarcacións que teñan ese permiso, nas mesmas datas que as zonas de libre marisqueo.
- *Polbo* (artigo 9). Unha vez recuperados os caladoiros desta especie nas augas competencia da comunidade de Galicia, poden capturarse polbos con artes menores, sempre que o peso mínimo por peza non baixe dun quilogramo. Do mesmo xeito, tamén se regula a captura con nasas baixo un horario diúrno.

Resultados da campaña

Para algúns patróns maiores de confrarías, os resultados das campañas marisqueiras de 2009 e 2010 son un efecto da crise e do paro subseguinte, que incrementa o furtivismo e despraza as capturas efectivas dos puntos de venda e lonxas oficiais, para buscaren outras canles máis directas de ingresos que escapen ao control do sector e máis da Administración. Pola contra, outros representantes do sector dirixen as culpas das reducidas capturas nestes dous últimos anos a fallos de xestión e á propia política da Consellería do Mar.

Desde logo, a realidade dos números (cadros 21 e 24) expresa que a campaña 2010 tivo un descenso notable na produción total con respecto a anos anteriores (un 5,9% sobre 2009 e un 24,8% sobre 2008), o que semella indicar que 2008 supuxo o pico máximo de toda a serie desde 1989 e desde ese momento pode estar tendo lugar unha inflexión cara a abaixo por causas diversas, que perfectamente incluirían os dous comentarios citados anteriormente e outras razóns de máis difícil investigación. Con todo, o descenso nas capturas non se traduce paralelamente nos ingresos por mor dos incrementos dos prezos, sobre todo, nas especies principais, pero aínda así, o importe total das vendas en lonxa apenas aumenta un 1,4% con respecto a 2009, pero se mantén nun 10,9% por debaixo do valor de 2008.

Como outros anos, debemos citar o efecto do comportamento biolóxico do berberecho, a especie con maior cifra de capturas (cadro 25), que neste caso repite unha resposta negativa á súa extracción, reducindo as capturas ás cantidades de principios

da década de 2000 e condicionando así as tendencias da produción total a medio prazo que se observaban desde 2002. En todo caso, algúns factores físicos, como foron os temporais que azoutaron as costas de Galicia a principios de xaneiro e a mediados de novembro, tiveron para a maioría dos representantes do sector consultados un notable efecto negativo sobre os bancos marisqueiros de difícil estimación, por canto moveron substratos, levantaron crías recén sementadas e, sobre todo, provocaron riadas e colmatacións de refugallos forestais arrastrados polos ríos, que puideron afectar principalmente aos bancos de berberecho e de ameixa fina, pero tamén ás especies de fondo, como a babosa e a rubia, menos visibles no curto prazo.

Igual que fixéramos no *Informe 2010*, para axudarnos a entender os cambios na tendencia produtiva cumprirá diferenciar en primeiro lugar os factores de carácter físico e contrastable (o caso dos temporais citados), que teñen un impacto adverso sobre o crecemento biolóxico normal do recurso ou sobre os resultados da actividade e que debería ser analizado con rigor polos técnicos da Consellería para achegar ao sector e tamén aos científicos de todas as disciplinas unha información importante para as súas investigacións. E, en segundo lugar, os factores que fan referencia a causas económicas ou sociais (prezos, crise, furtivismo), moito menos controlables pero que sempre constitúen unha hipótese aceptable con cautelas. A propia Consellería do Mar xa apuntaba en 2009 a necesidade de acentuar a vixilancia por parte da Inspección Pesqueira, aceptando explicitamente un reponte do furtivismo na ría de Arousa.

Como síntese parcial, é evidente que 2010 mantén a tendencia decrecente das capturas de bivalvos iniciada en 2009, que tronza en certa medida o efecto das melloras na xestión dos recursos por parte das organizacións de mariscadores, con efectos positivos desde 2002 ata 2008. Aínda que os factores físicos explican unha porcentaxe do descenso, a agregación de comportamentos sociais ilegais, acompañantes da crise económica, poden explicar parte da tendencia sen que teñamos unha visión máis esclarecedora do conxunto do fenómeno.

As estratexias sobre as especies recurso non principais

Podería este ano citarse tamén a contrastación da hipótese avanzada no *Informe 2008*, que facía referencia a un efecto relacionado para o conxunto da estratexia dos mariscadores con embarcación, capturando en paralelo a ameixa babosa e algunhas das especies secundarias de maior prezo. Tal como vemos no cadro 22, tanto a navalla como a vieira ou a volandeira, incrementan as capturas, igual que o fai a ameixa babosa. Pero aquí acaba o paralelismo, dado que a última apenas incrementa as vendas nun 0,8%, con res-

Cadro núm. 21

Produción total pesqueira de Galicia en primeira venda
Ano 2010

Grupo biolóxico	Quilogramos	Euros
Cefalópodos	11.962.418	30.799.412
Crustáceos	1.305.954	24.533.945
Bivalvos e gasterópodos	8.527.446	69.362.329
Peixes	164.685.710	330.998.160
Total	**186.481.528**	**445.693.846**

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (*http://www.pescadegalicia.com*).

Gráfico 1.

Distribución da produción total pesqueira de Galicia en primeira venda (en quilogramos). Ano 2010



pecto a 2009, mentres que as outras tres especies citadas aumentan en porcentaxes que van desde o 6,6%, no caso da volandeira, ao 19,4%, na navalla, e ao 20,7%, na vieira. Estes datos dan a entender que o traballo sobre estas especies secundarias chega a ser para moitos mariscadores tan interesante como mínimo como as especies principais, dado que o prezo da navalla, por exemplo, alcanzou os 9,24 €/kg, fronte aos 7,62 €/kg da ameixa rubia.

Pola súa vez, a ameixa xaponesa pode estar a sufrir as consecuencias dun crecemento demasiado rápido das súas capturas causado pola elevada demanda dos primeiros anos, pero que descende agora de forma notable e continuada nas campañas 2009 e 2010 (cadro 23). O constante descenso do prezo desde 2008 (8,0 €/kg, 6,9 €/kg, 6,4 €/kg) fai pensar nunha máis que probable coincidencia do comportamento do mercado (perda do valor social dunha especie presentada nos primeiros anos da década como a substituta barata da ameixa fina), con factores puramente biolóxicos que explicarían as dificultades de adaptación dunha especie alóctona con fortes presións humanas sobre a súa poboación.

Cadro núm. 22

Evolución das especies secundarias con máis capturas

	Navalla *(E. ensis)*		Vieira *(P. maximus)*		Voadora *(Chlamys opercularis)*	
	Toneladas	Euros/kg	Toneladas	Euros/kg	Toneladas	Euros/kg
2002	97,1	13,4	86,1	6,5	43,1	2,8
2003	83,3	15,9	62,4	5,8	47,5	4,4
2004	126,7	14,6	183,5	4,8	107,4	3,5
2005	142,2	13,8	179,1	5,2	97,1	3,6
2006	198,2	13,1	104,1	4,9	299,8	2,4
2007	213,8	13,5	226,3	3,7	407,2	1,7
2008	194,4	12,6	142,7	3,7	420,4	1,6
2009	200,9	10,2	126,6	3,8	370,9	1,5
2010	239,9	9,2	152,8	3,7	395,5	1,8

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 23

Evolución das especies acompañantes con máis prezo

	Ameixa xaponesa *(R. philippinarum)*		Longueirón *(S. marginatus)*		Reloxo *(Dosinia exoleta)*	
	Toneladas	Euros/kg	Toneladas	Euros/kg	Toneladas	Euros/kg
2002	522,0	10,9	14,9	10,5	1.692,0	1,6
2003	633,0	8,6	17,6	16,1	1.576,0	1,7
2004	740,0	8,2	25,1	12,1	1.592,0	1,7
2005	848,0	7,5	26,5	11,6	1.452,0	1,8
2006	1.133,0	8,0	30,2	12,5	453,4	1,6
2007	1.941,0	7,5	53,7	11,3	66,8	2,6
2008	2.262,0	8,0	70,2	11,2	66,6	2,1
2009	1.952,0	6,9	72,0	9,3	2,8	2,6
2010	1.885,0	6,4	91,5	7,6	0,3	2,4

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (*http://www.pescadegalicia.com*).

Cadro núm. 24

Evolución da produción marisqueira en Galicia por especies-recurso

	Especie-recurso principal	Especie-recurso secundaria	Especie-recurso acompañante	Total
Toneladas				
1989	4.086,6	234,9	318,6	4.640,0
1990	2.869,9	259,1	337,5	3.466,5
1991	5.616,5	327,5	348,9	6.292,9
1992	4.637,3	343,9	667,7	5.648,9
1993	6.049,6	266,0	473,0	6.788,6
1994	5.739,9	383,1	1.121,2	7.244,2
1995	6.821,1	109,2	1.418,4	8.348,7
1996	5.883,8	235,0	1.269,1	7.387,9
1997	6.208,2	265,3	1.880,5	8.354,0
1998	6.428,6	204,8	2.373,6	9.007,0
1999	6.901,6	274,7	2.341,0	9.517,3
2000	6.045,4	266,8	2.154,3	8.466,6
2001	3.903,1	237,1	2.335,1	6.475,3
2002	6.166,0	239,4	2.491,6	8.897,0
2003	5.585,0	202,4	2.492,4	8.279,8
2004	6.484,0	430,0	2.682,0	9.596,0
2005	5.579,0	424,0	2.645,0	8.648,0

[Continúa] ▶

Cadro núm. 24 (continuación)

Evolución da produción marisqueira en Galicia por especies-recurso

	Especie-recurso principal	Especie-recurso secundaria	Especie-recurso acompañante	Total
Toneladas				
2006	5.407,7	614,3	1.887,8	7.909,8
2007	7.030,9	863,1	2.401,6	10.295,6
2008	7.721,0	773,5	2.845,3	11.341,0
2009	6.102,0	713,9	2.247,3	9.063,2
2010	5.554,0	803,1	2.170,8	8.527,4
Miles de euros				
1989	12.207,4	734,4	233,8	13.175,6
1990	11.261,2	819,7	284,4	12.365,3
1991	18.862,8	1.154,1	353,5	20.370,4
1992	17.107,7	1.429,2	615,9	19.152,8
1993	18.046,1	1.134,0	670,3	19.850,4
1994	23.537,6	1.547,6	1.420,6	26.505,8
1995	24.547,5	581,3	1.888,0	27.016,8
1996	27.780,8	1.311,2	2.206,0	31.298,0
1997	29.755,2	1.914,4	2.935,8	34.605,4
1998	34.894,4	1.911,4	5.034,7	41.840,5
1999	39.302,2	1.974,6	6.004,6	47.281,4
2000	39.452,0	2.140,8	6.384,0	47.976,8
2001	38.774,8	1.939,9	6.538,6	47.253,3
2002	44.008,2	2.322,2	9.580,5	55.910,9
2003	47.849,1	2.188,4	9.098,1	59.135,6
2004	53.251,0	3.448,0	9.804,0	66.503,0
2005	49.511,0	3.401,0	10.021,0	62.933,0
2006	50.072,5	4.199,8	11.073,7	65.346,0
2007	53.334,7	4.923,0	16.391,1	74.648,8
2008	53.847,4	4.162,7	19.796,1	77.806,3
2009	50.097,3	3.559,4	14.762,1	68.418,8
2010	52.112,5	3.937,1	13.312,5	69.362,1

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (*http://www.pescadegalicia.com*).

No mesmo cadro 23 confirmamos a case total desaparición do reloxo, causada, como apuntamos no *Informe 2010*, pola sobreexplotación que sufriu entre 2000 e 2005, e por unha forte demanda para a industria que xa foi substituída por outras especies ou alternativas.

Análise diferenciada das especies recurso principais

Os datos do cadro 25 mostran con claridade a redución das capturas deste grupo de especies, agás a ameixa babosa, que mantén un mínimo incremento do 0,8% con respecto a 2009 e continúa a senda de crecemento reiniciada en 2007. O berberecho, como xa foi comentado, é a especie que máis descende en termos absolutos desde 2009 (379 Tm), aínda que é a ameixa rubia e que máis baixa en termos relativos (un 18,8%).

Consultados varios técnicos da Consellería, semella moi probable, para explicar as baixas capturas de berberecho nesta campaña, que se agregasen os factores biolóxicos, causantes en xeral do seu comportamento en picos (a anos de boas extraccións seguen sempre anos de descenso), cos factores físicos, xa citados na análise global da campa-

Cadro núm. 25

Evolución da produción das especies-recurso principais de marisco en Galicia

	Berberecho *(C. edule)*	Ameixa fina *(V. decussata)*	Ameixa babosa *(V. pullastra)*	Ameixa rubia *(V. rhomboideus)*
Toneladas				
1989	2.326	231	671	855
1990	1.007	378	597	888
1991	3.263	513	889	952
1992	2.075	706	1.004	853
1993	3.589	585	1.263	612
1994	2.072	682	2.103	875
1995	3.393	520	2.194	700
1996	2.591	721	1.992	563
1997	2.957	794	2.114	326
1998	2.456	947	2.708	315
1999	3.089	890	2.553	359
2000	2.947	830	1.795	465
2001	1.172	734	1.476	515
2002	3.844	681	1.239	393
2003	3.420	732	1.163	270
2004	4.220	739	1.250	275
2005	3.565	553	1.097	364
2006	3.414	561	821	612
2007	4.709	662	945	715
2008	5.024	781	1.113	803
2009	3.255	826	1.178	842
2010	2.876	807	1.187	684

[Continúa]

Cadro núm. 25 (continuación)

Evolución da produción das especies-recurso principais de marisco en Galicia

	Berberecho *(C. edule)*	Ameixa fina *(V. decussata)*	Ameixa babosa *(V. pullastra)*	Ameixa rubia *(V. rhomboideus)*
Miles de euros				
1989	2.466,4	2.837,3	4.332,6	2.556,1
1990	856,8	3.973,9	3.933,9	2.496,5
1991	5.296,7	5.451,1	5.272,7	2.842,2
1992	2.331,2	6.289,1	5.836,8	2.650,5
1993	3.615,1	5.878,8	6.589,3	1.962,9
1994	2.951,2	6.918,6	11.149,6	2.489,2
1995	4.635,2	6.100,2	11.617,2	2.150,7
1996	4.181,9	8.473,8	12.722,2	2.307,8
1997	5.266,5	9.085,2	13.564,4	1.754,4
1998	5.291,3	11.288,5	16.677,4	1.625,3
1999	6.322,7	12.313,4	18.851,3	1.762,8
2000	7.777,2	12.892,2	16.311,0	2.396,6
2001	4.421,7	14.209,1	16.477,4	3.601,2
2002	11.142,9	13.253,5	15.915,5	3.598,5
2003	12.717,8	16.959,3	15.609,0	2.562,9
2004	15.638,0	19.092,4	16.078,1	2.442,6
2005	14.744,1	16.410,4	15.255,0	3.101,0
2006	17.214,2	15.704,0	12.532,7	4.621,6
2007	17.627,4	16.146,8	14.212,0	5.348,4
2008	17.865,4	16.928,6	13.216,5	5.836,9
2009	14.017,6	15.899,7	14.603,8	5.576,2
2010	14.452,1	16.662,0	15.789,9	5.208,6
Euros/kg				
1989	1,06	12,31	6,46	2,99
1990	0,85	10,51	6,59	2,81
1991	1,62	10,63	5,93	2,99
1992	1,12	8,91	5,82	3,11
1993	1,01	10,04	5,22	3,21
1994	1,42	10,15	5,30	2,85
1995	1,37	11,74	5,30	3,07
1996	1,61	11,76	6,39	4,10
1997	1,78	11,44	6,42	5,39
1998	2,15	11,92	6,16	5,16

[Continúa] ▶

Cadro núm. 25 (continuación)

Evolución da produción das especies-recurso principais de marisco en Galicia

	Berberecho *(C. edule)*	Ameixa fina *(V. decussata)*	Ameixa babosa *(V. pullastra)*	Ameixa rubia *(V. rhomboideus)*
Euros/kg				
1999	2,05	13,84	7,38	4,91
2000	2,64	15,54	9,09	5,15
2001	3,77	19,35	11,16	6,99
2002	1,82	19,34	14,30	8,31
2003	3,72	23,18	13,42	9,51
2004	3,71	25,84	12,86	8,89
2005	4,14	29,67	13,90	8,52
2006	5,04	28,01	15,26	7,55
2007	3,74	24,38	15,04	7,48
2008	3,56	21,67	11,87	7,27
2009	4,31	19,24	12,39	6,63
2010	5,03	20,65	13,30	7,62

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (*http://www.pescadegalicia.com*).

Gráfico 2.

Evolución da produción das especies-recurso principais en Galicia
(índice base 1989 = 100)



ña, que teñen máis impacto sobre esta especie moi intermareal e co nicho ecolóxico no fondo das rías. As riadas e os arrastres de materia orgánica desde os ríos, debidos aos temporais, destrúen máis facilmente as crías e a base do substrato do berberecho, xusto nas praias da embocadura, elevando a súa mortalidade en taxas moi por riba das outras especies.

Co dato desta campaña, o intervalo de flutuación máis probable para as capturas do berberecho mantense nas 3.000-3.500 toneladas (un 46% de frecuencia sobre a serie total), reducíndose a media ás 3.057 toneladas. En calquera caso, é de destacar que o intervalo das 3.000-3.500 toneladas segue a ser a produción esperada con maior probabilidade en toda a serie desde 1989, a pesar dos problemas de temporais que suceden todos os anos e mesmo nalgún ano con especial virulencia. De acordo coa análise proposta no *Informe 2010*, na que creamos unha miniserie desde 2002, ano en que observamos unha notable recuperación das capturas e un crecemento ata 2008, a media desta miniserie baixa a 3.814 toneladas e o intervalo modal de flutuación correspondente pasa a 3.000-4.000 toneladas, achegándose outra vez ao intervalo xeral antes citado.

A ameixa fina marca igualmente unha caída nas capturas, moi cativa, de menos do 2,3% con respecto a 2009, pero aínda en cifras elevadas, que manteñen o intervalo modal de flutuación nas 600-800 toneladas, cun 58% de frecuencia total e cun 77% para o período 2002 a 2010.

Cadro núm. 26

Evolución das capturas e ingresos de ameixa xaponesa *(R. philippinarum)* en Galicia

Ano	Toneladas	Ingresos (miles de euros)	Prezo (euros/kg)
1996	213	913,9	4,29
1997	285	1.352,7	4,74
1998	647	3.106,7	4,80
1999	692	3.945,6	5,70
2000	722	4.378,3	6,07
2001	420	3.784,4	9,02
2002	523	5.722,5	7,25
2003	633	5.434,7	8,60
2004	740	6.034,3	8,15
2005	848	6.363,6	7,50
2006	1.133	9.052,6	7,99
2007	1.941	14.637,1	7,54
2008	2.262	18.009,8	7,96
2009	1.951	13.459,7	6,90
2010	1.885	11.991,2	6,36

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (*http://www.pescadegalicia.com*).

Neste caso, á relevancia das melloras na xestión deste recurso podemos agregar os efectos que xa no curto prazo estarían provocando os proxectos de turismo mariñeiro elaborados polos Grupos de Acción Costeira (GAC), en case todo o litoral de Galicia desde 2008. Varias confrarías asumiron aquel proxecto (no contexto das Rías Baixas: Vilaboa, Cangas, Pontevedra, O Grove ou Cambados, entre outras), levando a cabo un plan de visitas guiadas aos bancos marisqueiros intermareais, non só a turistas, senón tamén a escolares, o que está mostrando un cambio progresivo na avaliación social desta actividade e en paralelo, un cambio semellante no valor que os propios mariñeiros e mariscadores prestan ao seu traballo.

Este cambio tamén repercute nas actitudes profesionais, e como expresa a revista *Farnet Magazine*, voceiro oficioso da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea, «a innovación lograda polo enfoque do Eixe 4 (refírese á última directiva da Política Pesqueira Común para o Fondo Europeo de Pesca), debe verse como unha consecuencia das formas diversas nas que o enfoque local liderado polas comunidades pode contribuír ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca» (núm. 5, p. 12).

Na modalidade de marisqueo con embarcación (tamén cadro 25) destaca a continuidade na tendencia crecente dos últimos anos nas capturas de ameixa babosa, que despois do pico baixo de 2006 semella mostrar os efectos dunha boa xestión,

Cadro núm. 27

Produción marisqueira en primeira venda en Galicia. Bivalvos e gasterópodos
Ano 2010

Especie	Lonxas	Cantidade (kg)	Importe (euros)	Euros/kg
Ameixa babosa (*V. Pullastra*)	46	1.187.112	15.789.866	13,3
Ameixa fina (*R. decussata*)	49	807.060	16.661.958	20,7
Ameixa rubia (*V. rhomboideus*)	30	683.805	5.208.581	7,6
Berberecho (*C. Edule*)	2.875.551	14.452.106	5,0	4,3
Especies-recurso principais	**5.553.529**	**52.112.511**	**50.097.332**	
Cadelucha (*Donax trunculus*)	13	14.955	443.765	29,7
Navalla (*E. ensis*)	30	239.875	2.216.298	9,2
Vieira (*P. maximus*)	13	152.810	562.902	3,7
Voadora (*Chlamys opercularis*)	16	395.490	714.353	1,8
Especies-recurso secundarias		**803.130**	**3.937.317**	
Ameixa bicuda (*V. aureus*)	24	18.215	71.555	3,9
Ameixa xaponesa (*R. philippinarum*)	41	1.884.974	11.991.178	6,4
Carneiro (*Venus verrucosa*)	28	84.381	383.732	4,6
Cornecha (*Spisula solida*)	17	6.638	41.769	6,3
Longueirón (*S. marginatus*)	30	91.592	692.650	7,6

[Continúa]

Cadro núm. 27 (continuación)

Produción marisqueira en primeira venda en Galicia. Bivalvos e gasterópodos
Ano 2010

Especie	Lonxas	Cantidade (kg)	Importe (euros)	Euros/kg
Longueirón vello (*S. marginatus*)	14	611	3.638	6,0
Ostra (*O. edulis*)	34	71.707	117.785	1,6
Rabioso (*Glycymeris glycymeris)*	7	12.650	10.120	0,8
Reloxo (*Dosinia exoleta*)	35	31	73	2,4
Especies-recurso acompañantes		**2.170.797**	**13.312.501**	
Total bivalvos e gasterópodos		**8.527.456**	**69.362.329**	

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (*http://www.pescadegalicia.com*).

mantendo o intervalo modal de flutuación entre 1.000-1.200 toneladas (un 78% de frecuencia). Pola súa parte, a media da miniserie desde 2002 sobe a 1.110 toneladas. En menor medida, pero con efectos tamén medibles, o proxecto de turismo mariñeiro estaría influíndo nas actitudes dos mariscadores respecto da xestión do recurso, dado que os turistas e, sobre todo, os escolares reciben información sobre as estratexias desta tipoloxía de marisqueo e observan, falan e preguntan aos mariñeiros sobre as características do seu traballo, que deben defender e explicar.

De todas formas, os proxectos dos GAC contemplan cursos de formación para os pescadores, coa finalidade de lles proporcionar uns coñecementos elementais sobre o turismo e os seus efectos nas actividades de pesca e marisqueo. Desde esa perspectiva, nestes anos está a facerse un esforzo por parte das confrarías en trasladar aos traballadores unha conciencia sobre os valores ambientais a conservar no mar, sobre a importancia das boas prácticas na pesca e, desde logo, sobre o efecto económico global que un cambio no valor social da súa profesión chegaría a ter en positivo a medio prazo. Os resultados non se verán con claridade ata dentro duns anos, pero as bases están creadas e a demanda de turismo mariñeiro continúa en crecemento, mostrando un interese social que acabará condicionando os cambios citados antes ou despois.

Non sucedeu o mesmo nas capturas da ameixa rubia, que en 2010 tronzaron o seu crecemento continuado desde 2003, indicando ou ben un esgotamento das expectativas xeradas pola xestión dos seus principais bancos de produción (nas bocas das rías de Pontevedra e Arousa, basicamente) ou ben fallos ou efectos puntuais na estratexia de capturas que provocaron o forte descenso deste ano (case un 19% con respecto a 2009). O retroceso é importante, porque nos sitúa de novo nos valores de extracción do inicio da recuperación, entre 2006 e 2007, e o problema non se resolverá mentres non teñamos máis información sobre o comportamento desta especie fronte ao impacto da explotación humana, o que de momento non semella interesar moito na política de investigación da Consellería.

No resumo final cómpre destacar uns resultados económicos a prezos correntes moi semellantes en cifras totais aos da campaña 2009 (apenas crecen un 1,4%), o

que é debido ao incremento xeral dos prezos das especies recurso principais, que no caso, por exemplo, do berberecho, permite compensar e mesmo superar o efecto do descenso da cantidade extraída (un 11,6% menos en toneladas, pero un 3,1% máis en ingresos). Esta situación repítese nas demais especies principais, agás no caso da ameixa rubia, onde observamos que a suba do 14,9% no seu prezo non compensa o 18,8% de descenso nas toneladas extraídas.

En conxunto, as especies principais incrementan os ingresos nun 4%, as secundarias mostran outro crecemento superior ao 10,6%, mentres que as especies recurso acompañantes baixan un 9,8%, neste caso provocado, como xa comentamos, pola conxunción do descenso nas capturas de ameixa xaponesa (un 3,4%), e do seu prezo (un 7,8%).

Tampouco son os deste ano uns datos positivos para o sector, por canto xa enlazan dúas campañas seguidas de descensos nas capturas, unido a outro descenso importante dos ingresos en 2009 respecto ao ano anterior (-12%) e un mínimo incremento en 2010 respecto a 2009 (1,4%), o que significa un descenso dos ingresos do 10,8% desde 2008. Se deflactamos eses datos económicos cos IPCs medios de 2009 e 2010 (-0,6 e 1,9%, respectivamente), o resultado xeral das dúas campañas implica unha notable mingua na capacidade de compra do colectivo de mariscadores con respecto ao resto dos bens que precisan.

IV. Industria

IV.1. A industria galega

O comportamento da industria galega en 2010 e 2011

A industria galega continuou en 2010 e 2011 sumida na crise que se iniciou en 2008. A caída da actividade observada nestes últimos catro anos na industria manufactureira está sendo de moita intensidade e aínda, no momento de redactar este *Informe,* a mediados de 2012, non se albiscan síntomas de recuperación. As taxas de variación do VEB anual neste período de crise sempre se mantiveron nunha traxectoria negativa, na que sobresaíu o descenso do 13,7% en 2009. Ante a espectacular caída dese ano, cabería agardar unha recuperación nos exercicios seguintes, circunstancia que non se deu, de xeito que o VEB en 2010 se mantivo en niveis similares aos de 2009, mentres que en 2011 caeu un 2%. As ramas enerxéticas mostraron unha evolución diferente, aínda que no período de crise o balance xeral tampouco foi positivo. Agás en 2010, cando a produción experimentou un incremento do 3,5%, nos anos restantes observouse unha contracción da actividade que, en 2011, o IGE cuantificou nun 3,1%. A caída na xeración de enerxía térmica fronte á eólica e hidroeléctrica caracterizou a produción en 2009 e 2010, mentres en 2011 se produciu un incremento na produción deste último tipo, se ben o funcionamento das industrias térmicas quedou moi lonxe do observado nos anos anteriores ao inicio da crise.

A caída na produción industrial supuxo un espectacular descenso da ocupación. Desde o primeiro trimestre de 2008 ata o cuarto de 2011 perdéronse, segundo a EPA, un total de 44.700 postos de traballo, dos que 30.400 foron homes e 14.300 mulleres. Non obstante, é significativo o feito de que en 2011, a pesar da caída apuntada do 2% no VEB, o emprego industrial medrou, con respecto a 2010, un 2,3%, cifra que en termos absolutos supón un total de 3.900 ocupados máis. Trátase dunha evolución positiva, un tanto sorprendente, no contexto dun descenso da produción industrial (véxase a nota referente aos datos de emprego no capítulo de mercado de traballo).

Os datos de VEB anteriores, que en parte se reflicten no cadro 1, proceden do avance da Contabilidade Trimestral de Galicia, base 2005. Recentemente publicouse este mesmo avance, pero con base 2008. O resultado é, loxicamente, moi similar. Con esta nova base estimouse que o VEB da industria manufactureira caeu un 0,5% en 2010 e un 1,7% en 2011. Pola súa banda, as estatísticas da *Contabilidad Regional de España* elaboradas polo INE mostran, con base 2008, unha caída da industria manufactureira en 2010 do 1,3% e, con todo, reflicten, en contraste co IGE, unha recuperación dun 1,8% en 2011.

Cadro núm. 1

Macromagnitudes básicas do sector industrial en Galicia

	Prezos correntes			Índices de volume	
	Miles de euros		TVA (%)	TVA (%)	
	2010	2011		2010	2011
VEB Enerxía	2.008.226	2.157.865	7,5	3,5	-3,1
VEB Industria	6.980.410	7.005.685	0,4	-0,5	-2,0
PIBpm	57.392.578	58.581.830	2,1	0,1	0,5
% Industria/PIB	12,2	12,0			
% Enerxía e industria/PIB	15,7	15,6			

Fonte: IGE. *Contabilidade Trimestral de Galicia.* Avance.

A estimación do IGE (base 2008) de que o VEB da industria manufactureira descendera un 1,7% en 2011 reflicte unha evolución trimestral moi irregular. O ano comezou cunha recuperación da actividade, situación que foi diluíndose conforme avanzaron os trimestres. Así, no segundo, apreciouse un leve descenso que se agudizou nos meses de verán, para finalizar o ano cunha caída interanual dun 2,3%. O pesimismo no que volve estar inmersa tanto a economía galega como a española a inicios de 2012 incidiu na actividade da industria transformadora galega que, lonxe da súa recuperación, experimentou, no primeiro trimestre de 2012, unha caída no seu VEB do 7,1%. Grazas a un certo pulo na produción de enerxía, o descenso no conxunto da industria, neste trimestre, non foi tan elevada, un 4,8%. De feito, o uso no grao da utilización produtiva das plantas industriais, que ao longo de 2011 oscilara entre o 73,3% no terceiro trimestre e o 77% no segundo, caeu ata o 66% no primeiro trimestre de 2012. Esta última porcentaxe foi a máis baixa das rexistradas no século actual. Lémbrese que nos anos de bonanza económica era habitual superar amplamente o 80%. O baixo grao de utilización da capacidade produtiva das plantas industriais suxire que os empresarios carecen de incentivos para a realización de novos investimentos coa finalidade de mellorar o actual equipamento produtivo. Por outra banda, nos últimos anos, a demanda española segue limitando sensiblemente a produción industrial galega e non se albiscan signos de que se recupere a curto prazo. Neste contexto, apréciase que o clima de confianza empresarial é moi pesimista. Segundo o indicador elaborado polo IGE, nos primeiros meses de 2011 parecía que se recuperaba o optimismo, pero conforme avanzou o ano o *Índice Galego de Confianza Empresarial* foi cada vez máis negativo, de tal xeito que xa no segundo semestre se volveu a valores próximos aos de 2009, ano, como xa indicamos, no que se observou a evolución máis negativa do sector industrial galego no período de crise.

A traxectoria que seguiu nos últimos anos a industria manufactureira galega foi relativamente similar á española. Segundo o INE, a elevada desaceleración da actividade en 2009 foi común aos dous territorios, aínda que o VEB en 2010 e 2011 medrou a unha taxa superior en España que en Galicia. De feito, en 2010, fronte a unha caída

dun 1,3% en Galicia, en España o VEB creceu un 0,5%. A leve aceleración que experimentou a produción industrial galega en 2011 foi tamén inferior á de España. En todo caso, os indicadores parecen suxerir que a saída da crise seguramente será simultánea nas dúas economías.

O *Índice de Produción Industrial* (IPI) galego, operación estatística que con carácter mensual publica o INE, reflectiu un valor medio en 2010 de 90,3 e en 2011 de 83,9. Xa que o ano de referencia (o valor do índice 100) é 2005, observamos como a produción industrial galega neses dous exercicios foi inferior á xerada no ano base. Ante esta caída na actividade cabe supoñer que a primeira estimación do IGE sobre a variación do VEB da industria no seu conxunto que suxería un descenso, seguramente se aproxime máis ao dato definitivo que o publicado polo propio INE, un aumento do 0,3%. A evolución do índice xeral en 2011 (sobre o valor medio descendeu, con respecto a 2010, un 7,1%) ao longo dos doce meses amosa que a menor produción non se debeu a circunstancias conxunturais acaecidas nalgún período do ano xa que, en maior ou menor grao, o valor do índice, mes a mes, foi, en 2011, sempre inferior á de 2010, se ben os maiores descensos se produciron en xuño e outubro. Da descomposición do IPI por grandes grupos, segundo o destino económico dos bens, apréciase que os peores resultados se rexistran na fabricación de artigos de consumo duradeiro. O seu valor en 2011 de tan só 60,1% reflicte que nese ano se produciu algo máis da metade que en 2005. A desaceleración da demanda española en bens duradeiros cuxo consumo é moi sensible as variacións da renda dispoñible das familias explica en gran parte este gran descenso. Por outra banda, no outro grupo de bens de consumo,

Cadro núm. 2

Índice de Produción Industrial en Galicia. Base 2005. CNAE-2009

		Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Media	TVA (%)*
Xeral	2010	90,6	92,4	100,1	90,6	88,9	96,0	99,6	78,0	86,8	83,4	94,3	82,7	90,3	
	2011	88,5	88,7	97,7	83,8	85,7	84,1	84,3	68,9	78,2	83,2	88,2	75,7	83,9	-7,1
Consumo duradeiro	2010	64,8	71,3	91,5	74,0	67,8	85,0	70,0	33,0	65,1	66,9	72,6	58,6	68,4	
	2011	49,7	56,6	64,7	61,2	71,7	63,8	64,3	40,7	60,0	61,7	68,4	58,1	60,1	-12,1
Consumo non duradeiro	2010	89,5	97,3	101,4	91,8	93,3	100,6	116,4	102,2	92,2	82,4	100,5	82,0	95,8	
	2011	87,0	94,5	97,7	83,2	95,8	101,3	98,2	91,8	79,8	85,3	96,4	82,8	91,2	-4,9
Bens de equipo	2010	78,2	88,9	95,0	89,0	93,6	105,9	94,1	54,1	91,6	91,3	99,0	74,5	87,9	
	2011	81,0	88,0	94,5	84,3	79,7	83,7	85,9	48,6	75,0	86,3	84,4	60,4	79,3	-9,8
Bens intermedios	2010	73,3	80,2	89,0	85,3	87,4	92,6	89,7	68,1	84,9	83,8	87,8	69,9	82,7	
	2011	73,8	82,1	91,7	82,5	85,6	87,5	83,0	65,0	80,5	82,1	84,1	68,8	80,6	-2,6
Enerxía	2010	134,6	111,2	121,6	100,8	83,5	85,8	104,6	96,9	81,0	77,3	94,0	114,4	100,5	
	2011	125,3	96,7	114,3	88,7	82,6	62,0	70,8	74,2	79,0	81,6	91,6	96,8	88,6	-11,8

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

os perecedoiros, de menor elasticidade renda, a caída do índice non foi tan forte e, de feito, dos cinco grandes sectores (cadro 2) é o que mantivo a produción máis similar á xerada en 2005. Como comprobaremos máis adiante, o conxunto de actividades incluídas neste grupo, nas que destaca a alimentación, son ás que en menor grao incidiu a crise. Ademais, en 2011 apréciase un elevada desaceleración na fabricación de bens de capital. Aínda que a industria galega non está especializada na produción deste tipo de produto, o escaso pulo dos empresarios galegos e españois para renovar ou ampliar os seus equipos xerou unha sensible caída na produción industrial, se ben as vendas ao estranxeiro aumentaron. Menor desaceleración foi a que experimentou o segmento de bens intermedios, malia que o valor medio do índice en 2011, 80,6, reflicte que nos exercicios precedentes experimentou unha forte desaceleración. Finalmente, a actividade enerxética tamén minguou a súa produción neste período. Este sector, ademais dos problemas de falta de demanda, está sometido aos avatares das políticas enerxéticas das administracións públicas. Os resultados mensuais de 2011 mostran unha gran volatilidade na produción de enerxía en Galicia. O resultado anual foi unha caída no seu IPI do 11,8%.

A disparidade da evolución por grandes sectores tamén se recolle noutras estatísticas como as que proporciona a *Encuesta de Coyuntura Industrial* que, con carácter mensual, elabora na actualidade o *Ministerio de Industria, Energía y Turismo*. Esta enquisa indaga tanto sobre percepcións dos empresarios como sobre datos obxectivos das empresas. Os valores máis negativos ao longo dos doce meses de 2011 correspóndense coa percepción sobre a situación da carteira de pedimentos. Curiosamente, o maior pesimismo atópase no grupo de empresarios que fabrican bens intermedios fronte a un certo optimismo (que empeorou sensiblemente no último trimestre do ano) dos produtores de bens de consumo. Esta evolución contrasta coa percepción de que o factor que en maior medida limita a actividade é a carencia de demanda española, elemento que a inicios de 2012 era sinalado como determinante polo 52% dos fabricantes de bens de consumo fronte ao 31% de empresarios que producían bens intermedios. Estes últimos, xunto cos fabricantes de bens de capital, apreciaban que tamén os mercados internacionais estaban limitando a súa produción, o que parece suxerir que o incremento do valor exportado, moi elevado en 2011 como describiremos máis adiante, podería, a xuízo dos empresarios galegos do sector, ser aínda maior. Esta limitación do mercado internacional non parece ser observada polo segmento de bens de consumo, seguramente por ser unha actividade máis centrada no mercado español.

En canto á produción, a perspectiva sobre o seu comportamento, manifestado mes a mes sobre o trimestre anterior, reflicte de novo un resultado distinto no segmento de bens de consumo fronte aos intermedios e de capital. Nos primeiros, seguramente motivado polo comportamento da fabricación de bens de consumo perecedoiros, os empresarios manifestaron que a produción se axustaba ao agardado, a pesar de que non eran optimistas sobre a tendencia da mesma nos vindeiros meses. Pola contra, os outros dous grupos sostiñan que a actividade era inferior á que cabería esperar en cada época do ano e non se albiscaban perspectivas de recuperación. A situación descrita levou a un incremento dos *stocks* en todos os grupos, salvo en bens de investimento,

actividade que produce, en maior medida que as outras, sobre pedidos. Un factor común a todos os sectores é o pesimismo dos empresarios sobre a recuperación do emprego industrial, o que, en parte, contradí os resultados da EPA de 2011.

Se a carencia de demanda é o factor limitativo máis determinante para que, segundo a *Encuesta de Coyuntura Industrial*, o sector industrial galego saia da crise, os problemas financeiros son o principal obstáculo que reflicte o indicador de confianza empresarial elaborado polo IGE. Os problemas de tesourería e as dificultades para acceder ao crédito son realmente un serio obstáculo na recuperación do sector industrial. De ser un problema relativamente pouco relevante ata 2007, desde 2008 converteuse nunha cuestión determinante da situación negativa pola que atravesa esta actividade. Ao contrario dos problemas financeiros que se agudizaron como factor negativo co paso do tempo, unha variable que ata 2007 xeraba unha limitación significativa na produción industrial galega, e agora xa non, era a escaseza de man de obra cualificada. Esta carencia pouco a pouco foi deixando de notarse é xa no cuarto trimestre de 2011 só incidía negativamente no 4,6% das empresas industriais galegas, cando no mesmo trimestre de 2007 a porcentaxe alcanzaba o 44,3%. Esta estatística describe con crueza unha situación como a actual dunha industria que, ante a caída na súa produción, expulsou todo tipo de traballadores e non ten os problemas de hai uns anos para obter nova man de obra especializada que, polo que parece, hoxe non precisa.

Unha menor actividade industrial non supuxo un freo ao crecemento dos prezos. O *Índice de Precios Industriales* (IPRI) medrou en 2011, en taxa de variación sobre a media mensual, un 6,9% debido, sobre todo, ao incremento dos prezos dos produtos

Cadro núm. 3

Índice de Prezos Industriais en Galicia. Base 2005. CNAE-2009

		Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Media	TVA (%)*
Xeral	2010	115,0	114,9	115,9	117,0	117,0	117,5	117,3	117,1	117,5	118,3	118,9	119,9	117,2	
	2011	123,6	124,1	125,2	125,7	124,9	125,1	125,8	125,2	125,8	125,7	125,9	125,8	125,2	6,9
Consumo duradeiro	2010	114,8	114,7	114,5	115,1	114,7	115,2	115,2	115,1	115,2	115,4	115,2	115,1	115,0	
	2011	115,1	114,7	114,9	114,9	114,8	114,9	115,2	115,4	115,5	115,4	115,4	115,8	115,2	0,1
Consumo non duradeiro	2010	114,2	114,2	115,2	114,4	113,2	114,3	114,4	114,6	115,7	116,8	115,9	116,5	115,0	
	2011	117,9	117,5	117,9	118,6	118,5	118,1	117,9	118,9	118,8	118,2	118,5	118,7	118,3	2,9
Bens de equipo	2010	109,9	109,5	109,5	109,7	109,9	109,8	109,8	109,8	109,8	109,9	110,4	110,5	109,9	
	2011	111,4	111,4	111,8	111,4	111,3	111,3	111,3	111,3	111,2	111,2	111,2	111,2	111,3	1,3
Bens intermedios	2010	109,9	110,5	110,3	112,4	113,4	114,1	114,0	114,7	114,8	114,3	115,7	116,2	113,4	
	2011	118,2	119,4	119,7	120,3	120,1	120,2	120,5	120,6	120,6	120,9	120,1	119,1	120,0	5,8
Enerxía	2010	125,9	125,2	128,6	131,3	131,5	131,4	130,4	128,6	128,7	131,3	132,7	135,8	130,1	
	2011	146,4	147,6	151,5	152,1	149,3	150,2	153,0	149,4	151,9	151,9	153,6	153,9	150,9	16,0

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

enerxéticos (16%). Á marxe desta actividade, na que a evolución dos seus prezos está moi condicionada polos mercados internacionais, as maiores tensións inflacionistas rexistráronse no grupo de bens intermedios, un 5,8%. O valor do seu índice en 2011 foi de 120, sendo, como se observa no cadro 3, o sector con maior crecemento dos prezos desde 2005. Este incremento tan elevado contrasta co valor do IPI de 80,6 e coa dificultade que os empresarios manifestaban para participar con éxito nos mercados internacionais. Esta evolución está drenando a súa capacidade competitiva. No punto oposto sitúase o grupo de bens dirixidos ao consumo duradeiro, no que, tras a sensible perda na súa produción en 2011, os prezos se mantiveron estabilizados con respecto a 2010. Nestas actividades, e en bens de equipo, os prezos aumentaron menos desde 2005 (un 15,2% e un 11,3% respectivamente). Ao longo destes últimos anos caeu a produción de bens de capital, mentres os prezos mantiveron unha certa estabilidade. Situación diferente foi a do sector da fabricación de bens destinados ao consumo non duradeiro no que, seguramente debido ao incremento dos custos das materias primas e bens intermedios, as tensións inflacionistas foron máis fortes que as rexistradas noutros sectores. O crecemento en 2011 foi do 5,8%.

A caída desde 2008 ata 2010 de 44.700 empregados na industria galega segundo a *Contabilidad Regional de España* (base 2008) ou de 40.400 ocupados, entre 2008 e 2011, segundo a EPA e, tendo en conta que a maior parte destes novos parados tiñan un contrato temporal, parece suxerir a hipótese de que, se ben os custos laborais totais tiveron que descender neste período ante unha menor ocupación, o custo laboral por traballador e mes aumentou. De feito, quen, en maior grao, mantivo o seu posto de traballo foi o ocupado con contrato indefinido e, en consecuencia, cun maior custo laboral que un empregado temporal. Por outra banda, a relativa estabilización da produción industrial observada entre 2010 e 2011 fixo que as perdas de ocupados non fosen tan fortes como en anos anteriores: a EPA cifra en 3.900 a caída no emprego en 2011. Os resultados da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral*, realizada polo INE, reflicte unha evolución trimestral do custo laboral por traballador e mes na industria galega, en 2011 con respecto a 2010, moi irregular, xa que as taxas de variación nos catro trimestres foron respectivamente: 2,4%, 5,8%, 0,4;% e -2%. En media anual o crecemento aproxímase ao 1,5%, porcentaxe inferior á taxa de variación do IPC e tamén algo menor á subida experimentada polo custo laboral industrial en España (1,7%). Non obstante, esta taxa foi superior ao aumento do custo, un 0,7%, que experimentou a economía galega no seu conxunto. Estas porcentaxes son similares ás alcanzadas polos custos salariais que, como é obvio, son o compoñente máis importante destes custos. En suma, os resultados anteriores suxiren unha moderación dos custos laborais por traballador industrial, se ben para as empresas industriais galegas, á marxe das variacións na produtividade, esta estabilización non vén sendo efectiva nin para activar a produción nin o emprego.

Do IPI elaborado polo INE, o IGE publica unha desagregación a dous díxitos da CNAE-2009, operación que permite coñecer sucintamente o comportamento das ramas industriais galegas en 2011. Aproveitamos así unha variable de conxuntura para coñecer máis polo miúdo a evolución da industria neste último ano, xa que a información

Cadro núm. 4

Índice de Produción Industrial de Galicia. Base 2005
Por seccións e divisións da CNAE-2009

	2010*	2011*	TVA (%)**
B Industrias extractivas	79,4	61,8	-22,2
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	-	-	-
08 Outras industrias extractivas	92,8	72,2	-22,2
C Industria manufactureira	87,9	82,2	-6,4
10 Industria da alimentación	103,8	108,0	4,0
11 Fabricación de bebidas	106,0	108,1	2,0
13 Industria téxtil	31,3	26,8	-14,4
14 Confección de roupa de vestir	85,5	62,0	-27,4
15 Industria do coiro e do calzado			
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	63,9	62,6	-2,1
17 Industria do papel	149,1	163,9	9,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	76,5	75,5	-1,2
19 Coquerías e refinación de petróleo	91,8	73,2	-20,3
20 Industria química	85,7	81,8	-4,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos			
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	90,4	82,7	-8,5
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	62,2	55,4	-10,9
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	87,7	91,1	3,9
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	90,2	77,7	-13,9
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos			
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	86,4	78,0	-9,7
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	132,0	111,9	-15,2
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	73,5	78,6	7,1
30 Fabricación doutro material de transporte	86,8	73,0	-15,9
31 Fabricación de mobles	58,8	55,1	-6,3
32 Outras industrias manufactureiras	106,6	100,7	-5,5
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento			
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	106,7	97,6	-8,5
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	106,7	97,6	-8,5
Índice xeral	**90,3**	**83,9**	**-7,1**

* Media dos valores mensuais.
** Taxa de variación anual (sobre a media).
Fonte: IGE.

máis completa que proporcionan outras estatísticas só alcanza, como máximo, a 2010. A continuación analízase con máis detalle o comportamento do sector industrial, non no ano obxectivo deste *Informe*, 2011, senón no exercicio anterior, para o cal se dispón da última información.

No cadro 4[1] obsérvase que o descenso no valor do IPI en 2011 con respecto a 2010 dun -7,1% se debeu a unha caída na produción en case todas as ramas industriais. Da desagregación en 26 sectores, só en 5 se observou unha variación positiva da actividade. Algunhas destas ramas que experimentaron un crecemento en 2011 teñen un peso significativo no contexto da industria galega. Referímonos ás industrias de alimentación e fabricación de bebidas, que tiveron un incremento do 4% e do 2% respectivamente, o que parece confirmar que estas actividades destinadas ao consumo de bens perecedoiros están resistindo con certo éxito o embate da crise. De feito, estas son das poucas nas que o valor do índice en 2011 superou o alcanzado en 2005. Tamén se apreciou un reponte na fabricación de vehículos de motor, outro dos sectores determinantes na industria galega. Aínda con esta reactivación, o volume de produción queda lonxe do alcanzado nos anos anteriores á crise, se ben, a teor do anunciado nos últimos meses, cabe agardar una progresiva recuperación conforme se vaia iniciando a fabricación dos novos modelos previstos pola multinacional francesa para a factoría de Vigo. Outro sector cun certo peso relativo no que se recuperou a actividade foi a metalurxia, recuperación que en parte foi debida ao incremento das transaccións co estranxeiro. Finalmente, constatamos como a maior aceleración se produciu na industria do papel, actividade cuxo valor do índice suxire que se está producindo un 63,9% máis que en 2005, malia que o seu peso no sector industrial galego é baixo.

Se en 5 ramas a variación do IPI foi positiva, en 21 rexistrouse unha caída do mesmo. O caso máis notable observouse nos sectores téxtil e na confección de pezas de vestir. O valor medio en 2011 do IPI, nas dúas ramas, resulta sorprendente. Un IPI de 26,8 na industria téxtil suxire que está actividade, historicamente xa cun peso relativo pequeno no contexto industrial galego, case desapareceu. Máis elevado é o valor do índice da confección de pezas de vestir, 62, pero a caída dun 27,4% en 2011 parece indicar que os empresarios galegos do sector, na súa estratexia de produción, optan por externalizala cara a outros territorios. De igual xeito, o IPI doutra das industrias tradicionais de Galicia, o sector da madeira, parece seguir unha traxectoria similar á do téxtil-confección. O seu IPI só foi de 62,6, o que evidencia unha diferenza substantiva co volume de produción alcanzado en 2005. As caídas na demanda motivadas, en boa medida, pola evolución da construción, reflíctense aínda con máis forza no sector do moble, cuxo valor do IPI foi 55,1. Con este dato parecen afastarse as expectativas do sector da madeira galego consistente en completar todo o ciclo da produción, co desenvolvemento dun potente sector do moble. De feito, a mala conxuntura en 2011 dun subsector clave en Galicia, a industria do taboleiro, que enlaza coa evolución ne-

[1] Non resultaba estatisticamente significativo o valor do IPI nas ramas que no cadro 4 carecen de datos.

gativa dos exercicios precedentes, tampouco presaxia unha pronta recuperación dos procesos nos que Galicia está especializada.

Dos outros sectores máis determinantes na industria galega e nos que tamén caeu fortemente a produción en 2011 destaca a rama de fabricación doutro material de transporte, na que se inclúe o sector naval e na que o IPI rexistrou un descenso do 15,9%. Nunha porcentaxe similar á anterior tamén caeu a actividade de fabricación de maquinaria, en sintonía coa evolución do segmento da fabricación de bens de equipo que observábamos anteriormente. Neste caso estamos ante o retroceso dunha actividade xeradora de efectos multiplicadores na economía, aínda que o valor do seu IPI, 111,9, segue sendo superior ao de 2005. Finalmente, cómpre subliñar a falta de pulo en sectores tales como a fabricación de produtos metálicos, o caucho e o plástico e a industria química. En todos eles, o IPI de 2011 quedou por debaixo do valor de 100 de 2005.

Do conxunto de operacións estatísticas dispoñibles, dúas fontes resultan fundamentais para coñecer a situación e evolución da industria española e galega: a *Encuesta Industrial Anual de Empresas* e a *Encuesta Industrial Anual de Productos*, as dúas realizadas polo INE. Sobre a primeira, os resultados xerais de 2010 foron publicados o pasado mes de febreiro de 2012, mentres que a información sobre 2011, na segunda, coñecerase o vindeiro 27 de xuño de 2012. Deseguido, centrarémonos nos resultados destas estatísticas estruturais referidos a 2010. Lembremos que, tras o que case podería considerarse un derrubamento da actividade industrial manufactureira galega en 2009, cunha caída na produción superior ao 10% (-14,7% segundo a estimación do INE –base 2008– e dun –13,7% do IGE– base 2005), os resultados de 2010 reflectían un novo descenso, aínda que en porcentaxes moi inferiores ás de 2009 (-1,3% segundo o INE e -0,5% segundo o IGE), ano como acabamos de comprobar cunha produción moi débil.

Como cabería agardar a teor da evolución do VEB sinalada, os resultados contables de 2010 que reflicte a *Encuesta Industrial Anual de Empresas* suxiren que continúa a traxectoria negativa, malia que os descensos nas diferentes variables non alcanzaron os niveis de 2009. En termos monetarios os ingresos de explotación da industria galega caeron nun 2,2% (19,9% no ano anterior), porcentaxe non moi distinta ao descenso do VEB. A evolución sectorial foi moi desigual e os sectores con taxas negativas coinciden cos citados no cadro 4. Fronte a esta caída nos ingresos e á estabilización dos gastos de explotación, observouse un novo e notable descenso dos beneficios de explotación, un 32,1%, despois da caída rexistrada en 2009, un 34,8%. Esta mingua dos beneficios non impediu que en todos os sectores os ingresos superasen os gastos coa excepción de produtos minerais metálicos diversos, actividade que neste período, como en 2009, tivo perdas nunha contía de certa entidade.

Na estrutura dos gastos de explotación, os seus compoñentes máis relevantes son os gastos de persoal e as compras e traballos realizados por outras empresas (cadro 5). Este último concepto é o resultado de agregar a adquisición de materias primas, de aprovisionamento e mercancías xunto co traballo realizado por outras empresas. A contía desta partida en 2010 foi moi similar á de 2009, mentres que o gasto de persoal baixou un 2% (un 9,6% en 2009), caída que non parece moi elevada a teor

da perda de ocupados que se reflicte na EPA, 22.500, cifra aínda máis alta que a rexistrada en 2009 (21.800 ocupados). En todo caso, constátase nestes estados contables unha certa estabilización da actividade, se ben cun sensible recorte de beneficios. Neste contexto, os resultados alcanzados pola industria galega en 2010 son peores aos do conxunto da industria española. Fronte aos datos negativos antes comentados, segundo esta enquisa en España os ingresos de explotación aumentaron, en termos monetarios, un 4,9% e aínda en maior contía o fixeron os gastos debido, sobre todo, ao incremento das compras e dos traballos realizados por outras empresas que contrarrestaron a caída do 1,4% dos gastos de persoal. Con esta traxectoria produciuse un descenso nos beneficios que, en todo caso, foi inferior ao observado na industria galega. Esta evolución entre os dous territorios, un tanto asimétrica, fixo que o peso relativo da industria galega na española caese na totalidade das variables estudadas. Cómpre salientar que a porcentaxe dos ingresos e gastos é, en 2010, a mesma, o 6,3%, e que o peso relativo dos beneficios galegos diminuíu en 1,4 puntos con respecto a 2009, pero, aínda así, a taxa, o 6,7%, está por riba das dúas variables anteriores. O menor peso dos gastos de persoal, un 5,7%, con respecto ás restantes variables, debeuse seguramente tanto aos salarios máis baixos como á cualificación dos traballadores industriais nos dous territorios.

No cadro 5 obsérvase que persiste a concentración da actividade industrial galega en catro sectores, os cales xeraban o 71,7% dos ingresos de explotación totais en 2009 e, ante a evolución observada, esta porcentaxe aumentou ao 74,2% en 2010. O incremento debeuse a que neste exercicio en tres dos catro sectores de maior tamaño se incrementou a contía dos ingresos.

Persistiu no seu liderado o sector fabricante de material de transporte, que en 2010 absorbeu o 24,3% da facturación total grazas a un lixeiro reponte dos ingresos tras os resultados negativos de 2009. Como é obvio, os sectores automoción e naval son os dous protagonistas dunha facturación total que excedía en 2010 os 8.000 millóns de euros. En canto á automoción, en 2010 fabricáronse un 4,7% máis de vehículos que en 2009. Tras os malos resultados de 2008 e 2009, grazas á fabricación de furgonetas este sector volveu crecer. Non obstante, a sistemática caída na produción de turismos foi a causa de que o aumento na produción total fose moderado. Á espera da incorporación de novos modelos, as unidades de turismo fabricadas caeron bruscamente nos últimos anos. Os resultados de 2011 tiveron un cariz similar aos de 2008 e 2009. Os turismos producidos foron case a metade dos de 2008 e o número de furgonetas permaneceu estabilizado nas cifras de 2010, polo que en conxunto a produción caeu un 10,4%. En suma, no referente ao sector do automóbil galego, o ano 2010 significou unha recuperación moi puntual dunha actividade que, pola súa dimensión, incide notablemente nos resultados globais da industria. Esta situación non continuou en 2011 e pola información dispoñible tampouco parece que o vaia facer en 2012. Pola súa banda, o sector naval atópase nunha encrucillada de difícil saída tras a continua caída da súa carteira de pedimentos. As últimas noticias (mediados de 2011) sobre a firma dun contrato coa mexicana Pemex para a construción de remolcadores na ría de Vigo pode marcar o inicio da recuperación. O ano 2010 foi malo para o sector e

a situación empeorou en 2011. Na *crónica sectorial* deste capítulo coméntanse polo miúdo os problemas que afectan á viabilidade dun dos motores tradicionais da industria galega. En suma, os resultados contables que recolle a *Encuesta Industrial Anual de Empresas* referidos ao sector material de transporte reflicten que 2010 foi un ano no que a contía total de ingresos e gastos foi similar á alcanzada en 2009. O feito de que en termos relativos os ingresos medrasen e o gasto diminuíse xerou un aumento dos beneficios empresariais.

A industria alimentaria mantivo o segundo lugar do *ranking* galego en canto aos ingresos de explotación xerados, posto que xa alcanzara en 2009. O incremento relativo dos ingresos foi, non obstante, inferior ao dos gastos debido, entre outras causas, ao maior prezo das materias primas, e provocou unha redución dos beneficios. Por outra banda, no terceiro lugar mantívose, como en 2009, outro dos sectores determinantes do comportamento da industria galega: industrias extractivas, enerxía, auga e residuos. Trátase dun conglomerado de actividades no que conviven subsectores cunha organización empresarial moi diferente. A xeración de enerxía, moi condicionada por factores

Cadro núm. 5

Evolución recente das magnitudes económicas na industria galega (miles de euros). Ano 2010

	Ingresos de explotación	Gastos de explotación	Beneficios de explotación	Gastos de persoal	Compras e traballos realizados por outras empresas
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	5.881.555	5.391.169	490.386	411.123	3.708.648
Alimentación, bebidas e tabaco	6.927.671	6.728.048	199.623	682.009	4.864.269
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	1.643.089	1.564.448	78.641	315.803	1.046.719
Madeira e cortiza, papel e artes gráficas	1.968.534	1.915.830	52.704	362.255	1.107.948
Industria química e farmacéutica	946.298	897.818	48.480	86.081	627.807
Caucho e materias plásticas	787.547	766.603	20.944	125.935	425.236
Produtos minerais non metálicos diversos	1.141.481	1.166.789	-25.308	271.083	594.523
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	4.006.341	3.844.612	161.729	685.969	2.352.728
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	801.739	764.017	37.722	153.630	431.586
Maquinaria e equipo mecánico	515.502	481.960	33.542	136.749	273.005
Material de transporte	8.191.693	7.786.282	405.411	788.249	5.985.160
Industrias manufactureiras diversas	869.748	862.249	7.499	342.900	373.070
Total industria galega en 2010	**33.681.198**	**32.169.825**	**1.511.373**	**4.361.787**	**21.790.699**
% 2010/2009	-2,2	-0,1	-32,1	-2,0	-0,2
% 2009/2008	-19,9	-18,6	-34,8	-9,6	-22,7
Total industria española en 2010	**537.034.091**	**514.566.632**	**22.467.459**	**76.027.461**	**332.776.706**
% 2010/2009	4,9	6,1	-15,8	-1,4	8,5
% 2009/2008	-20,6	-20,1	-29,3	-9,8	-25,4
% Galicia/España 2010	**6,3**	**6,3**	**6,7**	**5,7**	**6,5**

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Empresas* e elaboración propia.

alleos á propia evolución dos mercados, mostrou, como xa se observou anteriormente, unha evolución distinta segundo o tipo de produción. En termos globais apréciase en 2010 unha caída significativa, aínda que menor que en 2009, na facturación (7%) e, pola contra, un incremento dos gastos. De aí o descenso nos beneficios dun 56,7%.

O cuarto posto segue a ocupalo o sector fabricante de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo. Se este sector experimentou a maior desaceleración en 2009, xa na elaboración do *Informe 2010* se facía a observación de que, cos resultados dispoñibles daquela, os resultados dese ano serían mellores. Efectivamente, no cadro 5 percíbese que foi o sector máis dinámico da industria galega nese exercicio grazas á recuperación da facturación e a un aumento dos gastos inferior ao dos ingresos e, consecuentemente, a un incremento dos beneficios. Cabe subliñar que, segundo o valor do IPI, os estados contables en 2011 non parece que volvan ser tan positivos, posto que, se ben a rama de metalurxia mantén un certo pulo, se reflicte un descenso na fabricación de produtos metálicos.

O peso relativo dos restantes sectores é tan inferior aos anteriormente sinalados que a quinta actividade no *ranking* industrial galego por ingresos de explotación en 2010, madeira, papel e artes gráficas, factura a cuarta parte do sector do transporte e a metade do de metalurxia e produtos metálicos. Os resultados contables suxiren que a actividade de madeira, papel e artes gráficas tivo unha dinámica un pouco mellor á seguida en 2009, exercicio no que a desaceleración foi notable. O outro sector cun peso similar ao da madeira en Galicia é o téxtil-confección. Os datos de 2010 reflicten unha caída do 7,2% nos ingresos, porcentaxe inferior á caída dos gastos, polo que, na situación de forte desaceleración xa comentada anteriormente, os beneficios empresariais se incrementaron neste ano. Por último, das restantes actividades cabe destacar a sensible perda de ingresos da industria química e do sector fabricante de bens de equipo.

En suma, os resultados contables de 2010 reflicten unha situación de relativo estancamento nos valores alcanzados en 2009, ano no que se produciu unha sensible desaceleración. Os sectores que amosaron un maior dinamismo foron os que teñen un maior peso na industria galega, e as actividades de menor dimensión, que en 2009 parecían ser menos vulnerables á crise, como a industria química e farmacéutica, foron os sectores nos que en maior grao se desacelerou a súa actividade en 2010. A teor do valor alcanzado por outros indicadores comentados, a situación de relativa estabilización, con tendencia ao decrecemento na parte baixa do ciclo, da industria galega, manterase en 2011. Nos últimos resultados publicados non se albisca unha rápida recuperación e, ademais, o IPI correspondente ao primeiro trimestre de 2012 (caída do índice nun 9,9% da media no que vai de ano) así o reflicte.

Xuntamente coa *Encuesta Industrial de Empresas* o INE elabora a *Encuesta Industrial de Productos,* de cuxas características técnicas xa se deu unha referencia detallada nos *Informes* anteriores. Trátase dunha enquisa que proporciona información sobre o prezo medio de venda neta de 4.000 produtos e que abranguen un amplo espectro do que se fabrica na industria española. O INE só publica para as comunidades autónomas un resumo en 16 agrupacións que non coinciden na súa totalidade coa segmentación da enquisa de empresas.

O valor total das vendas industriais galegas en 2010 que figuran na *Encuesta Industrial de Productos* foi de 26.619 millóns de euros, un 4% máis que a cifra de 2009. De novo esta operación estatística confirma a estabilización da industria neste período, sobre todo tendo en conta que este incremento foi en termos monetarios e que o IPRI en 2010 creceu un 3,1%. As variacións nos 16 grupos son moi asimétricas e as taxas de caída ou de crecemento do valor da venda dos produtos coincide, en liñas xerais, coa evolución sectorial xa comentada ao analizaren outras variables. Así, téxtil-confección, madeira, produtos minerais, produtos informáticos, electrónicos e ópticos e maquinaria experimentaron un descenso, mentres alimentación, material de transporte, produción e primeira transformación de metais, papel e artes gráficas, entre outros, tiveron unha variación positiva. O máis notable foi o incremento dun 36,5% no valor de venda do sector de produción e primeira transformación de metais, cifra moi superior aos datos que se ofrecen na *Encuesta Industrial de Empresas* para outras variables, e que reflicte un dinamismo nesta industria pesada, provedora de bens intermedios a outros sectores.

A desigual evolución das agrupacións en 2010 xerou unha maior concentración das vendas dos produtos industriais galegos en tres segmentos. Así, o 58,6% do valor total correspondía a alimentación, a material de transporte e a refino de petróleo, industrias

Cadro núm. 6

Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. Ano 2010

	CNAE 2009	Miles de euros	%	% Galicia/ España	Coeficiente de especialización
Alimentación, bebidas e tabaco	10-11-12	5.245.146	19,7	7,0	94,5
Téxtil e confección	13-14	1.149.978	4,3	14,7	198,2
Coiro e calzado	15	77.145	0,3	3,1	42,0
Madeira e cortiza	16	747.771	2,8	17,3	234,2
Papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	17-18	623.072	2,3	4,0	53,5
Coquerías, refinamento, químicas e produtos farmacéuticos	19-20-21	3.124.620	11,7	5,1	68,5
Manufacturas de caucho e plástico	22	604.468	2,3	4,3	58,5
Produtos minerais non metálicos	23	813.085	3,1	5,4	72,6
Produción, primeira transformación e fundición de metais	24	2.000.906	7,5	7,8	106,1
Produtos metálicos	25	1.254.816	4,7	5,2	69,7
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	26-27	575.586	2,2	3,8	50,7
Maquinaria e equipo	28	549.569	2,1	4,2	57,1
Material de transporte	29-30	7.232.432	27,2	14,5	195,5
Mobles e outras industrias manufactureiras	31-32	281.044	1,1	3,9	52,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	33	735.565	2,8	7,8	104,9
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	35	1.604.283	6,0	8,5	115,1
Total	-	**26.619.486**	**100,0**	**7,4**	

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos* e elaboración propia.

químicas e farmacéuticas. Esta estatística confirma que material de transporte segue sendo o líder destacado e en 2010 mantivo un peso similar ao de 2009. A evolución do sector de automoción, xa comentada anteriormente, explica esta posición. En segundo lugar figura o conxunto de produtos que xorden da industria agroalimentaria, tamén cun peso similar ao de 2009 e, en terceiro lugar, dese conglomerado de actividades é o refinamento de petróleo o que achega a maior contía á súa agrupación, cuxo peso medrou con respecto a 2009, froito, sobre todo, das oscilacións dos prezos no mercado internacional deste tipo de produtos. Ademais destas tres agrupacións, só se manteñen por riba do 5% do total a produción, primeira transformación e fundición de metais e a produción de enerxía eléctrica. O peso relativo das restantes agrupacións, entre as que destacan téxtil e confección e produtos metálicos, é moi baixo, ao igual que o do sector da madeira que, segundo esta estatística, tan só absorbe o 2,8% do total.

Se comparamos o cadro 6 co cadro 5 do *Informe 2010* apreciamos que a asimetría nas taxas de variación entre as distintas agrupacións en 2010 apenas modificou a estrutura xeral do peso do valor de venda dos produtos industriais galegos que se reflectía en 2009. Non xurdiron actividades emerxentes, malia que, loxicamente, gañaron peso as dúas agrupacións cuxo valor de venda medrou máis en 2010: produción, primeira transformación e fundición de metais e cocarías, refinamento, químicas e produtos farmacéuticos, 1,8 e 1,6 puntos, respectivamente.

A estrutura que figura no cadro 6 sobre a distribución das agrupacións en Galicia, tampouco diverxe en exceso da estrutura da industria española. Como en Galicia, só tres agrupacións superan o peso do 10% e, entre elas absorben o 51,9% do total, coa diferenza importante de que o sector líder galego, material de transporte, é o terceiro en España. De feito, o peso relativo é de 14,1 puntos máis alto en Galicia que no conxunto do Estado. En contraste, o peso da agrupación refinamento, químicas e produtos farmacéuticos é superior (5,4 puntos) en España. A porcentaxe dos produtos alimentarios é moi similar nos dous casos. Comparando as dúas economías resulta que o crecemento en 2010 do 6,7% en España foi superior ao da industria galega, sendo o refino de petróleo e a primeira transformación e fundición de metais as actividades que, segundo esta estatística, amosaron o maior dinamismo no conxunto do Estado.

No cadro 6, nas dúas últimas columnas da dereita, figuran o peso relativo que Galicia ten en cada agrupación con respecto a España e o valor dun sinxelo coeficiente de especialización da economía galega: nas agrupacións nas que o coeficiente supera o valor de 100, a industria galega está máis especializada. Como cabería agardar, os resultados obtidos en 2010 son moi semellantes aos de anos anteriores. Galicia mantén unha clara especialización en tres actividades: madeira e cortiza, téxtil-confección e material de transporte. A maior especialización mantívose no sector da madeira, no que a industria galega absorbeu o 17,3% do total de España, de xeito que o valor do seu coeficiente de especialización foi 234,2, máis de 9 puntos de diferenza con respecto a 2009. Material de transporte e téxtil-confección tiveron valores próximos a 200 e neste último sector a pesar da sensible caída da produción nos anos de crise.

Non se aprecia unha especialización naquelas actividades moi espalladas polo territorio español, malia que en Galicia teñan un peso relativo alto. É o caso do sector de

alimentación, da produción e primeira transformación de metais ou da produción de enerxía eléctrica. Nestas agrupacións, o peso en Galicia segue sendo moi similar ao do conxunto de España. Pola contra, das 16 agrupacións nas que o INE presenta os datos desagregados da *Encuesta Industrial de Productos*, Galicia non está especializada en 9. O menor valor do coeficiente de especialización alcánzase en coiro e calzado, debido á práctica inexistencia da industria de calzado, o que contrasta cuns valores de exportación elevados deste produto, explicable pola comercialización en Galicia de bens producidos noutras comunidades autónomas ou no estranxeiro. Non hai tampouco especialización en mobles, na industria do papel (a pesar do pulo experimentado neste ano), en produtos informáticos, en maquinaria nin en caucho e plásticos. Un maior pulo deste grupo de actividades en Galicia situaríaas cun peso similar ao que teñen na industria española, o que permitiría desenvolver sectores de interese por moi diversos motivos, posto que se completarían ciclos económicos cunha parte da cadea produtiva xa presente en Galicia, se producirían máis bens de tecnoloxía media-alta e alta ou se potenciarían actividades que nos colocarían con certas vantaxes competitivas nos mercados internacionais.

Neste período de crise adquiren importancia fontes estatísticas que normalmente non se citan cando o diagnóstico da industria se fai nun momento de estabilidade económica ou nunha etapa de bonanza. Este é o caso, por exemplo, do número de empresas industriais galegas que se someteron a concurso de acredores. En 2007 foron tan só 15 sociedades, pero en 2011 esta cifra elevouse a 96, repartidas de forma case simétrica entre aquelas que fabrican bens intermedios (32), de investimento (33) ou de consumo (30). A empresa restante corresponde ao sector da enerxía. A mellor

Cadro núm. 7

Evolución da demografía empresarial galega: subscricións de capital
(capital en miles de euros)

	2009		2010		2011	
	Número de sociedades	Capital subscrito	Número de sociedades	Capital subscrito	Número de sociedades	Capital subscrito
Sociedades mercantís creadas	3.836	170.203	4.040	140.190	4.085	477.678
Sociedades anónimas	22	20.409	44	11.790	32	304.132
Resto	3.814	149.794	3.996	128.400	4.053	173.546
Sociedades mercantís que ampliaron capital	1.837	1.174.507	1.735	699.213	1.871	3.909.560
Sociedades anónimas	144	438.187	132	211.681	128	2.840.956
Resto	1.693	736.320	1.603	487.532	1.743	1.068.604
Sociedades mercantís disoltas	1.134		1.342		1.466	

Datos de 2009 e 2010 definitivos e 2011 provisionais.
Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles* e elaboración propia.

conxuntura no segmento de bens de consumo perecedoiro fixo que só fosen 4 as sociedades concursadas pertencentes a esta actividade, fronte a 28 fabricantes de bens de consumo duradeiro. Observamos, como cabería supoñer ante a evolución da actividade, que desde 2007 o número de debedores concursados se acelerou en todos os sectores pero, en especial, na industria e na construción. Se ben desde 2008 o número de sociedades con estes problemas no sector da construción galego foi superior ao da industria, a evolución desta variable foi similar nas dúas ramas da economía. Por outra banda, ante a persistencia da crise o número de sociedades concursadas en 2012 seguramente superará o de 2011. Os resultados do primeiro trimestre indican que son xa 34 as empresas industriais galegas sometidas á Lei Concursal.

Unha operación do INE que permite completar a visualización da evolución da actividade económica galega é a *Estadística de Sociedades Mercantiles*. Grazas a esta estatística dispónse de información sobre o número de sociedades mercantís creadas, as que ampliaron capital e as que se disolveron. Non obstante, non se distingue o sector industrial das restantes actividades económicas, polo que o número de sociedades que figuran no cadro 7 corresponde á totalidade da economía galega. Da observación destas cifras tírase que os resultados de 2011, comparados cos de 2010, non son tan negativos como xa observamos noutras variables. Así, a creación de novas sociedades mercantís mantívose na liña seguida en 2010, ao igual que o número de sociedades que ampliaron o seu capital. A diferenza, a favor de 2011, está na contía do capital subscrito, que no conxunto das novas sociedades case se multiplicou por 4 con respecto a 2010 e nas que ampliaron capital esta cifra case se multiplicou por 6. Nun contexto tan especialmente negativo no que nos atopamos e ante a forte desaceleración de variables claves como poden ser o investimento empresarial, a traxectoria da demografía empresarial galega invita a un certo optimismo, se ben é certo que o número de sociedades nas que se subscribiu novo capital en Galicia en 2011 queda lonxe das que o facían nos anos de bonanza. Por outra banda, no cadro 7 tamén se observa como a crise elevou o número de sociedades mercantís que se disolveron. A cifra de 1.466 de 2011 é practicamente o dobre da alcanzada en 2006 (756) e supera nun 8,2% á de 2010, e pola súa vez, a taxa de crecemento dese ano, con respecto a 2009, xa fora do 18,3%.

A percepción da situación do mercado de traballo nas diferentes ramas industriais ante a perda de ocupados que orixinou a crise non só permite completar a visión xeral do sector industrial obxecto deste apartado, senón tamén, incide na delicada situación que está a pasar a sociedade galega no seu conxunto ante a notable perda de postos de traballo. No *Informe 2010* indicabamos que, segundo a EPA, o sector industrial perdeu 21.800 empregos en 2009 e 22.450 en 2010. Estas cifras, como xa se comentou, trocáronse en 2011, exercicio no que a ocupación medrou en 3.900 persoas, nun contexto no que a produción industrial non se acelerou. Non obstante, os incrementos da EPA contrastan coa traxectoria que seguiu o número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social en 2011. Esta estatística reflicte unha caída do 4,3% na totalidade das ramas industrias e no cadro 8 apréciase que este descenso foi xeral en todos os sectores agás en alimentación, actividade na que se mantivo a cifra

practicamente estabilizada. A conclusión xeral é, por tanto, que na práctica totalidade das ramas industriais galegas diminuíu o número de afiliados á Seguridade Social. Por sectores, e a considerable distancia de calquera outro, sobresae a taxa de variación negativa de produción, primeira transformación e fundición de metais, cuxa caída do 12,6% contrasta co incremento do IPI (cadro 4) dun 3,9%. Esta evolución ilustra as dificultades da industria para crear emprego. Notables tamén foron as caídas na afiliación de dous dos tres sectores nos que se concentra o emprego na industria galega: material de transporte e produtos metálicos. Hai que considerar que case a metade dos traballadores industriais galegos pertencen a estas dúas ramas xunto coa de alimentación. Pois ben, o sector con máis facturación na industria galega, material de transporte, perdeu en 2011, con respecto a 2010, un total de 1.544 afiliados, o maior descenso en valor absoluto, e, pola súa banda, en produtos metálicos as afiliacións descenderon un 5,1%, porcentaxe moi inferior á caída do IPI, un 13,9%.

Cadro núm. 8

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social nas diferentes ramas industriais (medias anuais)

CNAE 2009	Ramas	2009	2010	2011	2011 (%)	Taxa de variación 2011/2010 (%)
5-6-7	Minería enerxética	111	102	118	0,1	15,7
8-9	Minería non enerxética	3.242	3.003	2.876	1,9	-4,2
36-37-38-39	Auga e residuos	5.437	5.937	5.913	4,0	-0,4
10-11-12	Alimentación, bebidas e tabaco	29.952	29.985	30.039	20,4	0,2
13-14	Téxtil e confección	14.387	13.370	12.736	8,6	-4,7
15	Coiro e calzado	394	349	342	0,2	-2,0
16	Madeira e cortiza	10.727	10.024	9.481	6,4	-5,4
17-18	Papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	5.147	4.911	4.661	3,2	-5,1
19-20-21	Coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos	4.498	4.385	4.322	2,9	-1,4
22	Manufacturas de caucho e plástico	3.900	3.555	3.328	2,3	-6,4
23	Produtos minerais non metálicos	11.738	10.646	9.780	6,6	-8,1
24	Produción, primeira transformación e fundición de metais	6.139	5.716	4.995	3,4	-12,6
25	Produtos metálicos	18.133	17.174	16.301	11,1	-5,1
26-27	Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	2.192	2.172	2.093	1,4	-3,6
28	Maquinaria e equipo	5.257	4.728	4.650	3,2	-1,6
29-30	Material de transporte	24.984	23.571	22.027	14,9	-6,6
31-32	Mobles e outras industrias manufactureiras	6.338	5.964	5.613	3,8	-5,9
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo	5.967	5.918	5.868	4,0	-0,8
35	Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	2.708	2.580	2.372	1,6	-8,1
	Industria	**161.251**	**154.090**	**147.515**	**100,0**	**-4,3**

Fonte: IGE.

Cadro núm. 9

Evolución recente da actividade laboral no sector industrial galego. Ano 2010

	Ocupados		Horas traballadas		Horas traballadas por ocupado
	Núm.	%	Miles	%	
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	10.111	6,9	17.689	7,0	1.749,5
Alimentación, bebidas e tabaco	27.152	18,6	47.475	18,8	1.748,5
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	15.038	10,3	26.869	10,6	1.786,7
Madeira e cortiza, papel e artes gráficas	13.562	9,3	23.796	9,4	1.754,6
Industria química e farmacéutica	2.247	1,5	3.958	1,6	1.761,5
Caucho e materias plásticas	4.482	3,1	7.994	3,2	1.783,6
Produtos minerais non metálicos diversos	9.390	6,4	16.204	6,4	1.725,7
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	21.903	15,0	37.870	15,0	1.729,0
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	4.151	2,8	7.194	2,8	1.733,1
Maquinaria e equipo mecánico	4.049	2,8	7.070	2,8	1.746,1
Material de transporte	21.110	14,5	33.738	13,4	1.598,2
Industrias manufactureiras diversas	12.808	8,8	22.823	9,0	1.781,9
Total industria galega	**146.003**	**100,0**	**252.680**	**100,0**	**1.730,6**
Industria española	**2.133.618**		**3.659.684**		**1.715,2**
% Galicia/España	**6,8**		**6,9**		

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Empresas* e elaboración propia.

A rama de alimentación, bebidas e tabaco é a única na que medrou as afiliacións en 2011, aínda que o incremento foi tan só do 0,2% Esta actividade consolídase como a que absorbe o maior emprego industrial en Galicia. Pola contra, cabe subliñar o declive de dúas ramas que, nos anos anteriores á crise, empregaban un número importante de traballadores. Referímonos ao sector téxtil-confección, actividade que na súa vertente de confección de pezas de vestir pasou de contar con 15.778 afiliados en 2005 a 10.858 en 2011 (unha caída do 31,2%) e á industria da madeira, que de 13.485 afiliados pasou a 9.481 (un descenso do 29,7%).

Ademais da evolución do emprego expresada na EPA, nas afiliacións á Seguridade Social ou na *Contabilidad Regional de España*, na *Encuesta Industrial de Empresas* tamén se indaga sobre a ocupación e o número de horas traballadas. O último ano do que se dispón de información é 2010. Neste período contabilizábanse un total de 146.003 ocupados (171.600 na EPA, 154.090 de afiliacións e 149.300 de contabilidade rexional), cun total de algo menos de 253 millóns de horas traballadas. Como é lóxico, a distribución sectorial que figura no cadro 9 aproxímase á das outras estatísticas. En canto ás horas traballadas por ocupados, apréciase unha certa homoxeneidade en case todos os sectores agás en material de transporte. A diferenza desta actividade coas restantes é moi significativa, posto que cada ocupado traballa ao ano, por termo medio, 127,5 horas menos que un traballador do sector de produtos minerais non

metálicos diversos, seguinte actividade cun número de horas traballadas por ocupado menor, e 188,5 horas menos que un traballador do sector téxtil-confección, actividade co maior número de horas. Por outra banda, os resultados da enquisa tamén permiten coñecer o custo do persoal por cada hora traballada. A media da industria galega é de 17,3 euros, producíndose os maiores custos en material de transporte, nas industrias extractivas e enerxéticas e na industria química e farmacéutica. As diferenzas, motivadas por factores moi diversos (distintas cualificacións, maior ou menor poder sindical, tamaño de oferta e da demanda) son notables. Así, o custo medio dunha hora traballada na industria téxtil-confección, 11,8 euros, é menos da metade que o do sector de transporte. Estes custos por hora traballada son inferiores no conxunto da industria galega (17,3 euros) que na española (20,8 euros) e, como xa se indicou anteriormente, son varios os factores que explican un salario inferior.

Comercio exterior

Grazas ao comportamento dos fluxos comerciais de Galicia co estranxeiro a evolución da economía galega no seu conxunto non foi máis negativa. O valor das mercancías exportadas en 2011 alcanzou, en termos monetarios, os 17.532 millóns de euros, a cifra máis elevada da historia, xa que, como se aprecia no gráfico 1, superou a alcanzada nos anos anteriores á crise e, en concreto, a de 2007. Nese ano o valor do exportado fora de 16.669 millóns de euros, unha marca que neste período de desaceleración económica parecía imposible superar. O crecemento en 2011 das exportacións foi dun 17,6%. Pola contra, en consonancia coa atonía da produción e da demanda interna galega, o valor do importado non mostrou o mesmo dinamismo que as exportacións, a pesar de que en termos monetarios experimentou un aumento do 2,4%. O valor alcanzado, 14.030 millóns de euros, queda lonxe das importacións realizadas por Galicia no período 2006-2008.

Gráfico 1.

Evolución do comercio exterior galego
(en millóns de euros)



O espectacular incremento das exportacións e a estabilización das importacións propiciou unha segunda marca. O saldo da balanza comercial non só mantivo a súa traxectoria de superávit iniciada en 2007, senón que a cifra alcanzada, 3.502 millóns de euros, acadou o máximo histórico. Grazas a este saldo, a taxa de cobertura do

comercio superou con folgura o valor de 100 (125) e o índice de vantaxe comparativa revelada foi claramente positivo.

A evolución do comercio galego co estranxeiro presenta similitudes, pero tamén disimilitudes, co que se observa no conxunto de España. As exportacións neste último territorio creceron en 2011 a un ritmo moi similar ao galego, neste caso un 14,8%, aínda que esta elevada cifra supoña unha desaceleración con respecto a 2010, ano no que o incremento fora do 16,8% (fronte ao 6,8% de Galicia). Parece evidente que tanto en Galicia como en España a demanda de mercancías procedente do estranxeiro é un balón de osíxeno para unhas economías moi debilitadas. Pola contra, a traxectoria das importacións non foi similar. Desde 2009, este fluxo do comercio tamén experimentou unha expansión en España, maior en 2010 (a taxa de variación foi do 16,5%) que en 2011 (o crecemento redúcese ao 8,7%). Estas dúas cifras son superiores ás alcanzadas por Galicia, un 4,1% e un 2,1%, respectivamente. Distinto é tamén o signo do saldo comercial, moi negativo nos últimos anos en España, aínda que, coa crise, o déficit de 2011, 46.338 millóns de euros, é menos da metade do alcanzando en 2007 (100.015 millóns de euros). A persistencia deste déficit é un problema estrutural e, como tal, de difícil solución.

Gráfico 2.

Evolución do saldo da balanza comercial galega
(en millóns de euros)



Os bens industriais son determinantes na estrutura do comercio externo galego. Sendo relevantes os produtos provenientes do sector primario, tan só representaban en 2011 o 9,1% do total exportado e o 13,1% das importacións galegas. A diferenza doutros exercicios, en 2011 rexistrouse un incremento notable no valor do exportado nos capítulos e grupos arancelarios máis importantes do comercio galego, feito que contrasta cos pobres resultados da produción industrial ou da xeración de VEB. No grupo de sectores cun maior peso no comercio sobresae o incremento dun 65,3% de minerais e combustibles minerais, grupo ata agora con pouco peso relativo na estrutura exportadora galega, pero que en 2011 case superou o Grupo I, conglomerado que abrangue os principais bens do primario, dos que en Galicia destaca o sector pesqueiro. Este incremento, que se debeu ás transaccións efectuadas desde a refinería da Coruña dirixidas cara a Portugal, supón un cambio substantivo no comercio deste grupo ata hoxe un forte peso no lado importador pero non no exportador. Ademais, neste fluxo constátase o dinamismo no comercio dos dous grupos que absorben o maior peso: material de transporte (que adquire, sobre todo grazas a unha puntual venda de barcos, un maior pulo tras a atonía dos anos precedentes) e materias téxtiles e confección (que consolida o segundo lugar grazas á puxanza do grupo Indi-

Gráfico 3.

Evolución do índice de vantaxe comparativa revelada do comercio externo galego



Gráfico 4.

Evolución do índice de comercio intraindustrial exterior galego

Índice de Grubel e Lloyd



tex e á comercialización que desde Galicia se fai dos seus produtos). Tamén é significativa a recuperación do comercio en caldeiras, maquinaria e equipo eléctrico e o novo impulso, tras o notable incremento de 2010, das vendas de metais e das súas manufacturas.

Polo lado das importacións, a traxectoria seguida en 2011 nos diferentes capítulos e grupos arancelarios non foi tan homoxénea como nas exportacións, posto que non se rexistrou un crecemento xeneralizado nos mesmos. A evolución dos prezos internacionais do cru fixo que fose máis nidio o liderado do grupo minerais e combustibles minerais que, tras un incremento no seu valor dun 16,3%, xa representaba o 28% do total importado por Galicia, deixando moi lonxe os restantes grupos arancelarios. Este dinamismo que se produce nos dous fluxos do comercio contrasta coas caídas nas importacións de material de transporte, cun descenso dun 25,6%, ou de materias téxtiles e confección, sector no que minguou levemente, con respecto a 2010, o valor do importado. Nos dous casos, esta evolución diferente das exportacións e importacións non se axusta ao que vén sendo habitual, xa que, ante as características do seu comercio e da súa estrutura produtiva, ambos os dous fluxos adoitaban ir acompasados. Así, en material de transporte, e en concreto en automoción, entran bens intermedios e saen produtos terminados, mentres en confección os produtos que entran se comercializan xa directamente ou tras un perfeccionamento das pezas. Estas dúas asimetrías seguramente expliquen o descenso do índice de comercio intraindustrial, que, como se observa no gráfico 4, alcanzou en 2011 o valor máis baixo dos último anos. Este índice, calculado por capítulos arancelarios, reflicte que nese ano o 61% do valor dos intercambios correspondían aos mesmos capítulos. En 2005 a porcentaxe ascendía ao 70%.

Cadro núm. 10

Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios (98 capítulos). Ano 2011

			Importacións			Exportacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
			Millóns de euros	%	TVI (%) 2011-2010	Millóns de euros	%	TVI (%) 2011-2010		
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	1.463,3	10,4	10,1	1.477,2	8,4	12,2	100,9	0,5
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	378,0	2,7	31,3	121,5	0,7	-0,4	32,1	-51,3
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	38,9	0,3	-45,6	31,7	0,2	20,0	81,4	-10,2
16/24	IV	Produtos de alimentación	502,0	3,6	10,3	595,8	3,4	4,6	118,7	8,5
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	3.932,7	28,0	16,3	1.471,0	8,4	65,3	37,4	-45,6
28/38	VI	Produtos químicos	815,2	5,8	-6,5	460,3	2,6	24,7	56,5	-27,8
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	267,6	1,9	-5,9	130,3	0,7	6,4	48,7	-34,5
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	84,3	0,6	20,2	146,6	0,8	20,4	173,8	27,0
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	152,2	1,1	-16,9	375,6	2,1	17,8	246,8	42,3
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	188,8	1,3	-7,6	334,7	1,9	-4,1	177,3	27,9
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.650,4	11,8	-1,8	2.975,7	17,0	7,4	180,3	28,6
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	59,2	0,4	14,1	279,9	1,6	4,6	472,6	65,1
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	72,1	0,5	-1,2	289,8	1,7	11,7	401,9	60,2
71	XIV	Xoiería	10,9	0,1	-8,8	10,8	0,1	16,3	99,3	-0,3
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.384,2	9,9	13,4	1.103,1	6,3	25,7	79,7	-11,3
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.054,4	7,5	37,9	1.127,9	6,4	37,9	107,0	3,4
86/89	XVII	Material de transporte	1.733,7	12,4	-25,6	5.867,6	33,5	8,4	338,4	54,4
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e reloxería	40,2	0,3	-31,0	16,2	0,1	-3,7	40,3	-42,5
93	XIX	Armas	12,4	0,1	178,3	0,5	0,0	-53,8	4,2	-92,0
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	175,3	1,2	-2,9	131,6	0,8	19,6	75,0	-14,3
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	1,4	0,0	22,1	0,5	0,0	7.554,1	34,5	-48,7
98-99		Non clasificados	12,8	0,1	-93,0	584,2	3,3	257,1	4.575,1	95,7
Total			**14.029,8**	**100,0**	**2,4**	**17.532,3**	**100,0**	**17,6**	**125,0**	**11,1**

Datos provisionais.

Fonte: DataComex. *Ministerio de Economía y Competitividad.*

Ademais do xa sinalado, no fluxo importador cabe salientar a nova caída no grupo que abrangue a madeira e as súas manufacturas. O seu valor, 152,2 millóns de euros, é menos da metade que o alcanzado en 2008 e o seu peso relativo na estrutura do comercio galego foi de tan só o 1,1%. Pola contra, resultou positiva para a economía galega a suba dun 37,9% do valor do importado no grupo de caldeiras, maquinaria e material eléctrico, o que reflicte un gasto dos empresarios importante (1.054,4 millóns de euros), nun período pouco propicio para estes investimentos.

No cadro 11 apréciase que en Galicia en cada grupo arancelario predomina, a maioría das veces, un capítulo. Os seleccionados en dito cadro representan arredor do

Cadro núm. 11

Estrutura do comercio exterior de Galicia por principais produtos obxecto de intercambio. Ano 2011

			Importacións		Exportacións		Taxa de cobertura (%)
Capítulos	Grupos	Produtos	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
3	I	Peixes, moluscos e crustáceos	1.335,7	10,8	1.103,9	7,2	82,6
10	II	Cereais	291,0	2,4	37,7	0,2	13,0
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	38,9	0,3	31,7	0,2	81,4
16	IV	Preparacións de carne, peixe e moluscos	339,9	2,8	465,7	3,0	137,0
27	V	Combustibles minerais	3.746,9	30,4	1.385,3	9,0	37,0
30	VI	Produtos farmaceúticos	379,4	3,1	47,5	0,3	12,5
39	VII	Plástico e as súas manufacturas	199,0	1,6	103,0	0,7	51,8
42	VIII	Manufacturas do coiro	72,4	0,6	114,1	0,7	157,5
44	IX	Madeira e as súas manufacturas	149,9	1,2	373,0	2,4	248,8
47, 48	X	Pastas papeleiras, papel	185,4	1,5	331,2	2,2	178,7
61,62	XI	Confección de xénero e de punto	1.286,8	10,4	2.684,4	17,5	208,6
64	XII	Calzado	47,1	0,4	269,7	1,8	572,5
68	XIII	Produtos da pedra	27,6	0,2	264,8	1,7	958,9
71	XIV	Xoiería	10,9	0,1	10,8	0,1	99,3
72 ,73, 76	XV	Fundición aceiro, aluminio e as súas manufacturas	1.251,8	10,1	1.020,8	6,6	81,5
84, 85	XVI	Caldeiras, maquinaria	1.054,4	8,5	1.127,9	7,3	107,0
87, 89	XVII	Material de transporte	1.731,8	14,0	5.866,3	38,2	338,7
90	XVIII	Instrumentos de precisión e óptica	38,6	0,3	11,6	0,1	30,0
93	XIX	Armas	12,4	0,1	0,5	0,0	4,2
94	XX	Mobiliario e iluminación	143,5	1,2	101,4	0,7	70,7
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	1,4	0,0	0,5	0,0	34,5
Total principais produtos			**12.344,8**	**100,0**	**15.351,5**	**100,0**	**124,4**
% sobre o Total			**88,0**		**87,6**		
Total			**14.029,8**		**17.532,3**		**125,0**

Datos provisionais.

Fonte: DataComex. *Ministerio de Economía y Competitividad.*

88% do total, tanto do valor do exportado como do importado. Certamente, unha característica do comercio externo galego segue a ser a concentración das súas transacción en poucos capítulos. Os índices utilizados tradicionalmente indicaban unha maior concentración das exportacións que das importacións. Non obstante, nos últimos anos observamos unha maior diversificación das exportacións. No gráfico 5 apréciase unha converxencia nos dous índices, de tal xeito que o valor do das exportacións descendeu nos últimos anos máis bruscamente que o aumento que se apreciou no valor do das importacións.

A Unión Europea, e máis en concreto o conxunto de países socios antes de 2004, foi e segue sendo o destino principal das exportacións galegas. A dependencia deste territorio é moi determinante, de maneira que a posible apertura de novos mercados, polo de agora, non se reflicte nas estatísticas xerais. En 2011 con respecto a 2010 produciuse un descenso de 3 puntos no peso da UE-15 no total, debido ao pulo que adquiriu o resto de Europa grazas ás exportacións puntuais realizadas cara a Noruega. Por outra banda, perdeu peso relativo o comercio con América debido á estabilización das exportacións e, ademais, as vendas aos mercados asiáticos seguen sendo moi testemuñais con respecto ao valor total, xa que só representan o 4,6%, que en termos absolutos supón 807,7 millóns de euros, seis veces menos do que se exporta, por exemplo, a Francia.

Gráfico 5.

Evolución do índice de concentración do comercio externo galego. Índice de Hirschmann



A distribución das importacións por grandes territorios está máis diversificada que as importacións, debido, sobre todo, á procedencia do cru. Tanto en 2010 como en 2011 caeu o peso relativo da UE-15, ata o extremo de que xa está por debaixo do 50%. Nesta nova distribución do mapa de compras gañou peso o resto de Europa debido ao incremento das transacción de cru con Rusia e América grazas á compra de petróleo mexicano. Debido á guerra de Libia, perdeu peso África e, pouco a pouco, vaise incrementando o comercio con Asia, a pesar da caída das transacción no mercado chinés.

A localización dos territorios nos que Galicia compra ou vende mercancías non é moi distinta coa distribución que se observa no conxunto de España. A principal diferenza xorde no peso dos mercados asiáticos, onde o peso relativo das transacción de España é sensiblemente superior ao de Galicia.

Francia e Portugal seguen a ser a referencia das exportacións galegas ao dirixirse cara a eses países case a metade do valor das mesmas. En 2011 rexistrouse un estanca-

Cadro núm. 12

Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Exportacións					Importacións				
	2007	2008	2009	2010	2011	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia										
UE-15	11.871,0	11.450,0	10.216,9	10.644,5	11.994,7	9.034,9	8.017,4	7.459,0	7.057,7	6.719,5
PA 2004	402,0	438,8	449,0	560,4	564,9	327,6	255,6	258,9	206,0	217,2
PA 2007	95,0	101,2	110,2	109,0	152,3	94,1	140,4	143,7	100,3	128,3
Resto de Europa	1.105,8	805,4	760,0	881,7	1.645,5	1.365,4	866,6	976,2	929,6	1.287,7
África	741,9	938,4	694,1	836,9	1.032,4	1.608,1	2.279,2	1.515,5	2.069,8	1.671,5
América	1.714,5	1.286,9	1.109,3	1.184,1	1.198,4	2.209,2	2.250,8	1.369,5	2.141,2	2.477,2
Asia	610,5	630,0	545,5	590,7	807,7	1.456,4	1.641,9	1.419,2	1.177,0	1.488,8
Oceanía	68,6	18,2	15,2	33,0	62,9	54,8	44,4	22,2	18,2	39,5
Sen determinar	59,9	70,9	57,0	71,5	73,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Total	**16.669,2**	**15.739,7**	**13.957,3**	**14.911,9**	**17.532,3**	**16.150,6**	**15.496,2**	**13.164,2**	**13.699,7**	**14.029,8**
España										
UE-15	122.887,6	122.234,5	103.529,0	117.976,8	130.778,5	161.906,2	147.690,7	111.102,8	120.493,0	127.167,4
PA 2004	6.757,5	7.170,7	5.917,2	7.004,9	8.405,8	8.293,9	8.292,6	7.318,7	9.348,9	9.098,0
PA 2007	1.216,1	1.353,4	1.058,0	1.309,4	2.471,8	836,9	1.037,7	1.150,7	1.409,7	1.331,0
Resto de Europa	11.872,9	12.413,2	10.240,6	12.801,1	16.303,7	18.584,6	17.827,4	12.850,1	14.875,4	17.949,4
África	8.050,7	10.157,6	9.311,6	10.437,1	11.638,5	21.008,0	26.527,4	16.604,4	21.556,5	23.313,3
América	17.821,9	17.761,6	14.298,7	17.843,6	21.324,7	24.774,0	28.131,3	19.824,6	25.163,2	29.143,4
Asia	11.329,1	12.188,4	11.233,8	13.955,5	16.876,0	48.447,4	52.723,2	36.572,2	46.226,3	51.637,1
Oceanía	1.234,6	1.206,7	950,1	1.246,4	1.735,4	1.187,0	1.157,5	692,7	966,7	1.183,5
Sen determinar	3.852,8	4.741,9	3.350,6	4.205,4	4.951,0	0,3	0,0	0,0	16,1	0,1
Total	**185.023,2**	**189.227,9**	**159.889,6**	**186.780,1**	**214.485,5**	**285.038,3**	**283.387,8**	**206.116,2**	**240.055,9**	**260.823,2**
%Galicia/España										
UE-15	9,7	9,4	9,9	9,0	9,2	5,6	5,4	6,7	5,9	5,3
PA 2004	5,9	6,1	7,6	8,0	6,7	4,0	3,1	3,5	2,2	2,4
PA 2007	7,8	7,5	10,4	8,3	6,2	11,2	13,5	12,5	7,1	9,6
Resto de Europa	9,3	6,5	7,4	6,9	10,1	7,3	4,9	7,6	6,2	7,2
África	9,2	9,2	7,5	8,0	8,9	7,7	8,6	9,1	9,6	7,2
América	9,6	7,2	7,8	6,6	5,6	8,9	8,0	6,9	8,5	8,5
Asia	5,4	5,2	4,9	4,2	4,8	3,0	3,1	3,9	2,5	2,9
Oceanía	5,6	1,5	1,6	2,7	3,6	4,6	3,8	3,2	1,9	3,3
Sen determinar	1,6	1,5	1,7	1,7	1,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Total	**9,0**	**8,3**	**8,7**	**8,0**	**8,2**	**5,7**	**5,5**	**6,4**	**5,7**	**5,4**

PA 2004: países que ingresaron na UE en maio de 2004.
PA 2007: países que ingresaron na UE en xaneiro de 2007.
Datos 2007 a 2010 definitivos e 2011 provisionais.
Fonte: DataComex. *Ministerio de Economía y Competitividad.*

Cadro núm. 13

Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia. Dez principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2010		2011		
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	TVA (%)
Importacións					
Francia	2.542,0	18,6	2.004,1	14,3	-21,2
Portugal	1.571,1	11,5	1.778,4	12,7	13,2
México	757,6	5,5	932,3	6,6	23,1
Alemaña	655,5	4,8	688,5	4,9	5,0
Reino Unido	676,1	4,9	590,1	4,2	-12,7
Rusia			553,2	3,9	66,9
China	562,6	4,1	531,3	3,8	-5,6
Italia	544,3	4,0	500,7	3,6	-8,0
Estados Unidos	396,0	2,9	450,1	3,2	13,7
Marrocos	421,7	3,1	345,9	2,5	-18,0
Libia	685,7	5,0			-66,2
Resto de países	4.887,1	35,7	5.655,3	40,3	15,7
Total	**13.699,7**	**100,0**	**14.029,8**	**100,0**	**2,4**
Exportacións					
Francia	4.846,3	32,5	4.885,3	27,9	0,8
Portugal	2.263,6	15,2	2.984,2	17,0	31,8
Italia	1.139,8	7,6	1.204,4	6,9	5,7
Noruega			904,9	5,2	345,3
Alemaña	536,3	3,6	703,8	4,0	31,2
Reino Unido	493,6	3,3	607,2	3,5	23,0
Países Baixos	473,5	3,2	400,5	2,3	-15,4
Alxeria			394,0	2,2	123,2
Marrocos	397,9	2,7	380,8	2,2	-4,3
Estados Unidos	376,9	2,5	369,6	2,1	-1,9
Turquía	337,9	2,3			7,0
Bélxica	292,4	2,0			-3,4
Resto de países	3.753,8	25,2	4.697,5	26,8	25,1
Total	**14.911,9**	**100,0**	**17.532,3**	**100,0**	**17,6**

Datos 2010 definitivos e 2011 provisionais.

Fonte: DataComex. *Ministerio de Economía y Competitividad.*

Cadro núm. 14

Distribución do comercio exterior por provincias

	Importacións				Exportacións			
	2010		2011		2010		2011	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
A Coruña	6.979,3	50,9	7.637,4	54,4	6.021,9	40,4	7.405,5	42,2
Lugo	545,9	4,0	837,9	6,0	491,8	3,3	872,7	5,0
Ourense	404,6	3,0	447,4	3,2	550,5	3,7	640,8	3,7
Pontevedra	5.769,9	42,1	5.107,1	36,4	7.847,7	52,6	8.613,3	49,1
Galicia	**13.699,7**	**100,0**	**14.029,8**	**100,0**	**14.911,9**	**100,0**	**17.532,3**	**100,0**

Datos 2010 definitivos e datos 2011 provisionais.

Fonte: DataComex. *Ministerio de Economía y Competitividad.*

mento das vendas ao mercado francés, a causa da situación do sector da automoción galego xa comentada anteriormente, aínda que tamén incidiron neste resultado as estratexias de distribución da multinacional automobilística gala. Por outra banda, observamos un notable incremento do comercio con Portugal, subida que se debeu, sobre todo, á venda de cru. En canto aos restantes países, constatamos a entrada nos dez primeiros lugares do *ranking* de Noruega, debido á venda de barcos, ocupando o cuarto posto; e de Alxeria, que alcanzou o oitavo lugar, cun incremento do 123,2% do valor exportado, grazas ao elevado aumento do comercio en dous capítulos, fundición ferro e aceiro e vehículos automóbiles.

En canto ás importacións, tamén os dous principais provedores galegos continúan sendo Francia e Portugal, malia que o peso relativo de Francia caeu 4,3 puntos con respecto a 2010, debido a que as importacións cara a ese país descenderon un 21,2% ao diminuíren as transaccións da automoción un 33,6% (de compras por valor de 1.752 millóns de euros en 2010, pasouse a 1.164 millóns en 2011). Pola contra, o comercio con Portugal medrou un 13,2% grazas ao pulo que se rexistrou en sectores tan diversos como os produtos da pesca, o leite, a madeira, as pezas de vestir, sexan ou non de punto, a fundición, ferro e o aceiro e os vehículos automóbiles. Dos restantes países, apréciase que México mantén o terceiro posto no *ranking* importador, mentres que, con respecto a 2010, aparece como novidade nos dez primeiros lugares Rusia (sexto), debido ás compras de cru, a costa de Libia que xa non figura nos postos principais.

Polo que se refire á distribución por provincias, no cadro 14 apréciase unha maior importancia relativa da Coruña, en detrimento de Pontevedra que, aínda así, seguía en 2011 liderando as exportacións. Neste último fluxo, nun contexto xeral de incremento do valor con respecto a 2010 nas catro provincias, sobresaen os resultados de Lugo que, se ben modestos (só representaban o 5% do total), case duplicaban as cifras de 2010. Esta situación debeuse, sobre todo, ás vendas do sector fabricante de produtos para a xeración de enerxía eólica, actividade que posúe un elevado comercio

intraindustrial. No que respecta ás importacións, o seu valor aumentou en todas as provincias agás en Pontevedra ao minguar, neste caso, as compras de compoñentes de automoción. Tamén destaca o pulo de Lugo debido a un volume de transaccións no sector eólico similar ao que se rexistraba nas exportacións. Finalmente, en 2011, salvo na Coruña, as balanzas comerciais das tres provincias restantes presentaron superávit.

Crónica sectorial

Enerxía

A información que ocupa o interese mediático do sector é a relativa á nova nacionalización da empresa YPF, actualmente integrada no grupo Repsol, e a rede de distribución eléctrica que mantiña Red Eléctrica Española (REE) en Bolivia. Nun e noutro caso, as empresas matriz españolas cifran agora o seu interese na valoración e eventual arbitraxe destas operacións expropiatorias para evitar no posible os prexuízos que delas se derivan. En Galicia, as preocupacións son outras, o problema reside aquí nos prexuízos en cadea provocados pola cancelación das adxudicacións do concurso eólico decididas no remate de 2008 e o bloqueo sobre o novo concurso adxudicado pola Administración autonómica en 2010. O obxecto destes dous concursos era, como é sabido, a distribución de licenzas para promover parques de produción de enerxía eólica cunha potencia conxunta de 2.325 Mw.

A viraxe da conxuntura económica e da política económica en vigor entrou finalmente no escenario de axuste severo e prazos perentorios en que se encontra a partir das eleccións xerais de novembro de 2011. A nova Administración tivo que enfrontarse ao desequilibrio das contas públicas con recortes severos no gasto. A primeira vítima ían ser as enerxías renovables. O 28 de xaneiro de 2012, o Goberno aprobaba un *Real Decreto Ley (RDL) 1/2012* que suspendía os procedementos de preasignación de incentivos económicos para novas instalacións en réxime especial. As primas en favor das enerxías renovables gravitan sobre as tarifas eléctricas, sometidas xa a revisións á alza a consecuencia do denominado déficit tarifario. O RDL 1/2012 suprimía as primas ás enerxías renovables –instalacións eólicas, termosolares– ao tempo que suspendía o procedemento de preasignación de retribución preestablecido. As medidas previstas afectan a todas as instalacións que non fosen inscritas na data de 28 de xaneiro de 2012. O RDL abre dúbidas sobre o ámbito temporal da suspensión de primas decretada e pode chocar, ademais, co cadro de compromisos adoptado por España ante as autoridades comunitarias sobre o fomento de enerxías renovables, que está lonxe de se ter cumprimentado.

A *Comisión Nacional de la Energía* (CNE), entidade encargada de xestionar as primas ás enerxías renovables, facía público no mes de marzo de 2012 un informe no que formula medidas para garantir a sostibilidade económica do sistema eléctrico. A situación de desequilibrio financeiro descrito é inquietante. O déficit entre os ingresos e

os custos do sistema eléctrico alcanzou cifras inadmisibles. A débeda acumulada polo sistema ascende xa a 21.812 millóns de euros a 6 de marzo de 2012 (23.312 millóns de euros incluíndo o déficit previsto para o 2012). O endebedamento do sector eléctrico comporta cargas crecentes que deben ser recuperadas a través de peaxes de acceso aos consumidores, tanto presentes como futuros a fin de aliviar o endebedamento que as empresas eléctricas se ven obrigadas a contraer para financiar temporalmente o déficit en que incorren. A Comisión propón medidas reguladoras con impacto inmediato a curto prazo para mitigar o déficit e custo de financiamento da débeda contraída, xunto cunha revisión das condicións de acceso á subministración por parte dos consumidores. Estas son, pois, pésimas perspectivas para o sector e para os consumidores. O déficit tarifario e o cadro de promoción das enerxías renovables van ser temas polémicos en bastante tempo, dada a súa importancia intrínseca, os intereses contrapostos que concitan e o descontento que as medidas paliativas poden suscitar.

O RDL1/2012 pode ser interpretado como un desafío ao desenvolvemento do sector das renovables por parte da patronal eléctrica, UNESA. A suspensión dos procedementos de preasignación de primas en prexuízo das empresas que tiñan iniciado os trámites de homologación, pode agudizar o conflito de intereses latentes no sector entre grupos interesados na promoción de enerxías alternativas e as contrarias, estas especialmente entre os propietarios de instalacións de ciclo combinado sometidos a un réxime de baixa actividade.

Todo parece indicar, en todo caso, que foi unha oportunidade perdida para Galicia o abandono do concurso de adxudicación culminado en decembro de 2008. Contiña un programa de investimento de gran magnitude e especial importancia na conxuntura de crise económica que atravesamos. Na actualidade, Gas Natural, a matriz actual de Fenosa e principal empresa beneficiada no concurso de 2010, indicaba que a moratoria provocada polo RDL 1/2012 suporá a conxelación do seu proxecto de investimento eólico en Galicia e a necesidade de sometelo a revisión; en definitiva, un abandono temporal en espera dunha nova regulamentación do cadro de axudas.

Á marxe da polémica das novas enerxías e do problema aberto pola conxelación do réxime de primas, a cuestión máis preocupante agora é a da estabilización do sector nacido arredor das subministracións eólicas que teñen na EGA, Asociación Eólica de Galicia (1997), o núcleo principal de coordinación corporativa. Galicia conta actualmente con varias factorías de fabricación e subministración de equipos aeroxeradores –góndolas, pas, torres, multiplicadoras– nacidas ao abeiro de perspectivas de negocio hoxe cuestionadas. LM Composites (As Pontes), Gamesa (As Somozas), Gamesa Eólica (Baamonde e Sigüeiro), Vestas Nacelles Spain (Viveiro), Montajes del Atlántico (Mugardos), Danigal (As Pontes), Ganomagoga (Ponteareas), Emesa (Coirós), Ecotecnia Galicia (As Somozas), Siemsa Galicia (Coruña) ou Energea (Mazaricos) son exemplo dun sector industrial nacido ao amparo de perspectivas prometedoras. O seu futuro podería seguir a vía de iniciativas igualmente prometedoras e agora en disolución como é o caso das empresas creadas para a fabricación de biocombustibles.

Máis alá da subministración de elementos para novos parques e repontenciación dos antigos, a exportación é unha vía de expansión para as empresas que contan

con departamentos de investigación e capacidade tecnolóxica suficiente. España ocupa un bo lugar na tecnoloxía eólica, como tamén na de captación de enerxía solar. A implantación de fontes de enerxía renovable é un negocio en expansión en todo o mundo que pode mesmo dispararse a impulso das melloras técnicas no deseño dos muíños e tamén na elevación dos prezos do cru de petróleo e do debate sobre a enerxía nuclear.

En febreiro de 2012 facíase público o programa de subministración de 120 torres eólicas divididas en 366 seccións de 30 metros cada unha destinadas a Brasil. A empresa consignataria, Bergé Marítima, era a compañía navieira británica responsable do traslado do material que fora fabricado por Ganomagoga (Ponteareas, Grupo Gonvarri) e Coreses (Zamora, Grupo Alstom). O mercado brasileiro é un destino obvio, de enorme potencialidade, como puxeron de manifesto os responsables comerciais do Grupo Gonvarri, de matriz vasca con sede galega en Pontevedra, Gonvarri Galicia (2004), desde a cal coordina outras empresas do grupo como Gestamp Vigo e Gestamp Portugal, fornecedoras ambas as dúas do grupo PSA.

Outro conxunto de contratempos para o sector enerxético galego é a preocupante marxinalidade da planta regasificadora de Reganosa na rede española de subministración de gas. Unha consulta ao mapa actual (2011) da CNE[2] fai patente o carácter periférico da instalación da ría de Ferrol, tanto en capacidade de subministración (413 miles de m^3/hora) en comparación con Xixón (800) e Bilbao (1.000) como, sobre todo, no esquema de conexión. O Musel (Xixón) alimenta un longo ramal que discorre ata as inmediacións de Badaxoz con conexión á rede portuguesa (gasodutos de 28 polgadas) e a que une Bilbao co ramal Ebro-Mediterráneo e con Madrid a través de Miranda de Ebro. Non obstante, Reganosa foi incapaz de avanzar no seu propósito de conexión coa Meseta central e co ramal Musel-Badaxoz a través de Ponferrada, nin tampouco de mellorar a conexión que mantén con Portugal mediante un gasoduto de 20 polgadas que a une a Braga, a pesar de contar Portugal cunha única planta regasificadora, situada en Sines (900 miles de m^3/hora), ao sur de Lisboa. Choca tamén o feito de que o gasoduto portugués teña unha sección de 28 polgadas ata Braga e se reduza a 20 a continuación.

A programación en vigor ata 2020 na rede española de gas mantén a referida situación de marxinalidade por motivos talvez xustificados pero dificilmente comprensibles. A regasificadora instalada en Mugardos foi capaz, con todo, de afrontar con certo éxito a incómoda situación estratéxica en que se encontra mediante a intensificación do fornecemento de gas con camións cisterna e do reabastecemento de buques en revisión ou reparación nas instalacións do porto de Ferrol.

A deficiencia da rede de gas abastecida por Reganosa non reside unicamente na marcada desconexión coa rede española antes aludida senón tamén no escaso desenvolvemento da rede de abastecemento ao mercado galego. Esta circunstancia obriga

[2] *Comisión Nacional de Energía: (http://www.cne.es/cne/doc/consumidores/mapa_redgas_14022011.pdf).*

á regasificadora da ría de Ferrol a derivar un volume considerable de subministracións mediante camión cisterna. A mediados de 2011, a factoría de Alcoa de San Cibrao inauguraba unha planta satélite a pé da factoría para alimentar esta con gas natural en substitución do fuel que viña utilizando nos procesos térmicos precisos para o tratamento da alumina. A carencia dun ramal de conexión coa regasificadora de Mugardos obriga á factoría da Mariña a alimentar a planta mediante unha frota de camións. A información que manexamos cifra en 920 camións o fluxo anual de tráfico requirido. Unha batería de depósitos de gas natural licuado serve de *stock* de reserva. A substitución do fuel polo gas redundará nun importante aforro en emisións de CO_2, aínda que non podemos esquecer o severo impacto ambiental derivado do tráfico viario xerado.

A produción de Reganosa experimentou un retroceso do 8% no ano 2011 en liña coa caída da demanda que afectou á totalidade das instalacións de regasificación no resto de España. O avance do informe anual 2011 sobre o sistema de gas español elaborado por Enagás sinala un significativo descenso dos aprovisionamentos de GNL a través de buques cisterna debido á entrada en funcionamento do novo gasoduto internacional instalado en Almería en marzo de 2011. O novo portal prexudica a funcionalidade da desgasificadora de Mugardos. A importancia das instalacións de Almería é patente: capacidade de 8 bcm/año (8.000 millóns de m^3/ano), lonxitude de 210 quilómetros (entre Beni Saf-Alxeria e Almería), diámetro 24 polgadas (610 milímetros), profundidade máxima do gasoduto baixo o nivel do mar: 2.160 metros. O ramal conta cunha estación de compresión en Alxeria e un terminal de recepción en Almería; o investimento comprometido no proxecto alcanza os 900 millóns de euros. A nova porta de abastecemento da rede de gas española ten como accionistas a empresa pública alxerina Sonatrach (36%), Cepsa (20%), Iberdrola (20%), Endesa (12%) e Gaz de France Suez (12%).

Despois do abandono de Reganosa por parte das caixas galegas e do Banco Pastor debido á crise do sistema financeiro, o que frustrou a intención primitiva de sacar o proxecto á Bolsa, a sociedade mantén unha nova configuración empresarial que permite asegurar o control galego da firma. O capital distribúese entre Sonatrach (10%), Gas Natural Fenosa, a través da súa filial Gasifica, S.A. (21%), e o grupo australiano First State Regasificadora S.L.U. (15%), que teñen en conxunto o 46% da sociedade; por outra parte están os socios galegos: grupo Tojeiro (36,5%), a través de Gadisa e Forestal del Atlántico, e a Xunta de Galicia (17,5%), que ostentan o 54%.

A apertura da terminal de Almería non parece ter afectado de momento á actividade de Reganosa, que parece mesmo terse incrementado. A intensificación das expedicións de gas en camións cisterna para atender as plantas satélite en áreas onde non chega a rede do gasoduto é de momento o procedemento utilizado para soster a demanda xunto coa demanda dos barcos que se provén en Ferrol. A presenza nos estaleiros Navantia de buques gaseiros en reparación (23 durante o ano 2011) contribuíu a soster esta modalidade de demanda de innegable interese.

Na enerxía solar a referencia en Galicia é T-Solar, a empresa de matriz galega con sede no Parque Tecnolóxico de Galicia en Ourense que lidera en Europa a fabricación de paneis solares fotovoltaicos para xeración eléctrica. A empresa, constituída a finais de

2006, supuxo no seu momento unha aposta forte nun segmento industrial emerxente como demostra o montante do investimento comprometido: 1.200 millóns de euros, boa parte dos mesmos aplicados ao desenvolvemento de hortos solares en diversos países. A sociedade é filial agora de Isolux Infrastructure, firma que aglutina os activos industriais da empresa construtora Isolux Corsán. T-Solar tenta consolidar o seu proxecto como produtor independente de enerxía eléctrica. Deste xeito, a súa carteira de activos inclúe na actualidade 43 plantas de xeración: en España (34), Italia (8) e India (1), cunha potencia instalada de 173 Mw e cunha capacidade de xeración estimada de 250 Gwh/ano. A empresa mantén plans de expansión en América do Sur. A cifra de negocios estimada podería ter alcanzado os 125 millóns de euros en 2011, cun cadro de persoal de 225 empregados en total. As dificultades de consolidación dun proxecto tan ambicioso, nun sector inmaduro e de evolución incerta, está condicionado en gran medida pola normativa de apoio ás novas enerxías nos países en que se implanta. Isolux Infrastructure e T-Solar afrontan a conxuntura cunha estratexia de internacionalización decidida, tanto en instalacións de xeración como en acordos de coparticipación financeira. En canto ao primeiro, cómpre destacar o proxecto de instalación de dúas centrais solares no sur de Perú: 44 Mw financiados mediante préstamos en réxime de *project finance*. O obxectivo deste proxecto é alcanzar un nivel de produción de 80 GWh/ano. A conexión á rede nacional efectuarase, segundo previsións, no segundo semestre de 2012. O financiamento da operación corre a cargo dunha axencia norteamericana para a promoción de proxectos sostibles en terceiros países (131 millóns de dólares) e dúas empresas europeas, francesa e holandesa, con 14 millóns de dólares. T-Solar participa con recursos propios, á parte de encargarse da fabricación e instalación dos hortos solares.

Gráfico 6.

Taxa de variación anual (en %) **da demanda de electricidade**



No campo da diversificación financeira, T-Solar conseguiu interesar a un grupo asegurador alemán, Munich Re, para a adquisición do 49% dos activos operativos en explotación de T-Solar mediante unha alianza materializada a través de sociedades especializadas. O valor actual dos activos de T-Solar en operación supera os 1.000 millóns de euros. A alianza mencionada e as perspectivas de demanda abertas permitiranlle alcanzar á empresa unha capacidade de xeración instalada proxectada de 500 Mw no ano 2014. Cabe cualificar de ambicioso tal obxectivo para unha empresa como esta de recente creación. A potencia instalada que proxecta T-Solar en 2014 equivale á da planta nuclear de Garoña (466 Mw) ou á da central de carbón de Meirama (563 Mw).

Cadro núm. 15

Balance de enerxía eléctrica en Galicia e España a 31 de decembro de 2010

	Galicia				España				% Galicia/España	
	Potencia Mw	%	Produción en Gwh	%	Potencia Mw	%	Produción en Gwh	%	Potencia en Mw	Produción en Gwh
Réxime ordinario										
Hidráulica	3.031	26,9	9.002	30,9	17.562	16,8	38.653	13,6	17,3	23,3
Nuclear					7.777	7,4	61.990	21,8		
Carbón	2.031	18,0	5.811	20,0	11.890	11,4	25.478	9,0	17,1	22,8
Fuel/Gas	470	4,2			5.723	5,5	9.553	3,4	8,2	
Ciclo combinado	1.238	11,0	2.191	7,5	27.023	25,8	68.595	24,1	4,6	3,2
Réxime ordinario 2010	6.770	60,1	17.004	58,4	69.975	66,8	204.269	71,9	9,7	8,3
Réxime ordinario 2009	6.770				67.562					
% variación 2010/2009	0,00				3,57					
Consumos xeración			-488				-7.572			
Consumos bombeo			-152				-4.458			
Produción (b.c.)			16.364				192.239			8,5
Réxime especial										
Hidráulica	492	4,4	1.778	6,1	1.991	1,9	6.811	2,4	24,7	26,1
Eólica	3.290	29,2	8.467	29,1	20.203	19,3	43.692	15,4	16,3	19,4
Outras renovables	111	1,0	537	1,8	5.492	5,2	12.319	4,3	2,0	4,4
Non renovables	604	5,4	1.951	6,7	7.032	6,7	29.045	10,2	8,6	6,7
Réxime especial 2010	4.497	39,9	1 2.733	43,8	34.718	33,2	91.867	32,3	13,0	13,9
Réxime especial 2009	4.448				32.272					
% variación 2010/2009	1,10				7,58					
Potencia instalada <> Produción xerada	11.267	100,0	29.097	100,0	104.693	100,0	284.106	100,0	10,8	10,2
Intercambios entre comunidades autónomas			-5.817							
Intercambios internacionais			-2.550				-8.333			30,6
Intercambios co exterior			-8.367				-8.333			100,4
Demanda (b.c.) 2010			20.730				275.773			7,5
Demanda (b.c.) 2009			20.006				267.711			
% variación 2010/2009			3,62				3,01			
Exportacións/Produción xerada (%)			28,80				2,90			

Mw: Megavatios instalados.
Gwh (b.c.): Xigavatios hora xerados medidos en bornes da central.
Fonte: *El Sistema Eléctrico Español. Informe 2009. Red Eléctrica Española* e elaboración propia.

Pasamos a examinar agora a situación do sistema eléctrico galego segundo os últimos datos subministrados por REE, no seu informe anual *El Sistema Eléctrico Español 2010*. Con carácter previo, é procedente revisar a conxuntura da demanda no contexto da crise económica que atravesamos.

Desde o punto de vista enerxético, o exercicio 2010 pode cualificarse como de recuperación parcial tras a forte contracción experimentada pola demanda en 2009. A mellora experimentada en 2010 tivo, en todo caso, carácter transitorio e foi seguida dunha nova contracción, de carácter máis moderado, en 2011.

Hai que salientar a forte extraversión do sistema eléctrico galego, xa que en 2010 a razón de exportacións de enerxía eléctrica sobre produción xerada foi do 29%.

O destacado papel como subministrador de enerxía eléctrica ao resto de España que ostenta Galicia é compartido con outras comunidades autónomas, algunhas das cales manifestan aínda unha maior capacidade exportadora debido á exigua magnitude da súa demanda interna en relación coa súa potencia xeratriz. Non debemos esquecer que Galicia conta con potentes sumidoiros de enerxía eléctrica no sector metalúrxico, como Alcoa ou Ferroatlántica, os demandantes máis destacados.

Faise evidente a segmentación do mercado eléctrico español en tres tramos ben definidos: a) Subministradores destacados, encabezados por Estremadura, que cede o 77% da súa produción e no que Galicia ten unha cota do 29%. b) Comunidades con demanda equilibrada e pouco peso relativo sobre produción e demanda. c) Grandes consumidores, encabezados por Madrid. Estremadura cede 77 Kwh por cada 100 producidos e Madrid absorbe 1.786 Kwh por cada 100 producidos.

O exame da capacidade e do comportamento do sistema eléctrico galego é unha parte só dos fluxos enerxéticos en que Galicia se insire. Elementos tan importantes como os fluxos de cru petrolífero na refinería de Repsol Coruña ou os de gas natural en Reganosa deben ser integrados nun cadro unitario a fin de alcanzar unha perspectiva global do desempeño enerxético de Galicia. A información é subministrada polo Inega

Cadro núm. 16

Xeración, demanda e exportación de enerxía eléctrica por CC.AA. Ano 2010

Gwh, 2010	Xeración neta (%) (G)	Demanda (%) (D)	D/G	Extraversión (G-D)/G
Estremadura	7,03	1,68	0,23	0,77
Castela-A Mancha	8,63	4,56	0,51	0,49
Castela e León	9,60	5,29	0,54	0,46
Aragón	6,63	3,68	0,54	0,46
A Rioxa	0,99	0,64	0,63	0,37
Navarra	2,80	1,88	0,65	0,35
Galicia	**10,24**	**7,52**	**0,71**	**0,29**
Murcia	3,44	2,92	0,82	0,18
España	**100,00**	**100,00**	**0,97**	**0,03**
Asturias	3,77	3,88	1,00	0,00
Baleares	2,06	2,12	1,00	0,00
Canarias	3,13	3,23	1,00	0,00
Ceuta	0,08	0,08	1,00	0,00
Melilla	0,07	0,08	1,00	0,00
Andalucía	13,09	13,80	1,02	-0,02
Cataluña	15,72	18,21	1,12	-0,12
C. Valenciana	8,06	10,00	1,20	-0,20
País Vasco	3,47	7,52	2,11	-1,11
Cantabria	0,62	1,73	2,70	-1,70
Madrid	0,58	11,20	18,86	-17,86

Fonte: *El Sistema Eléctrico Español. Informe 2010. Red Eléctrica Española* e elaboración propia.

Gráfico 7.

Fluxos enerxéticos en Galicia. Ano 2010

ENERXÍA PRIMARIA				PERDAS		DISPOÑIBLE		CONSUMO	
IMPORTACIÓN			η[1]			**Importación electricidade**	**158**	GALICIA	
Petróleo	Cru de petróleo	4.615	87%	Perdas importación **2.044**	Electricidade importada **158**	Electr. con prod. petrolíferos	109	Electricidade[5]	1.810
	Produtos petrolíferos	2.225				Electr. con carbón	476	Comb. uso térmico	2.050
Carbón		1.324	36%			Electr. con gas natural	262	Calor coxeración	302
Gas Natural[2]		1.575	80%			Electr. grande hidráulica	829	Biocombustibles	105
Biocombustibles		22	100%			Electr. minihidráulica	94	Prod. petrolíferos	2.644
Total		**9.761**	**79%**			Electr. eólica	714	**Total**	**6.911**
						Electr. con biomasa	16		
						Electr. con biogás	1		
						Electr. con RSU	25		
						Electr. con outros residuos	21	EXPORTACIÓN	
GALEGA						Electr. solar	1	Electricidade	896
Carbón		0	0%			**Electricidade xerada**	**2.548**	Gas natural	510
Auga[3]	Grande hidráulica	841	79%			**Total electricidade**	**2.706**	Biocombustibles	42
	Minihidráulica	94				**Biocombustibles**	**147**	Prod. petrolíferos	1.980
Biomasa[4]		724	90%	Perdas galega **158**		**Gas natural**	**510**	**Total**	**3.428**
Biogás		6	17%			Gasóleos	3.012		
Biocombustibles		125	100%			Gasolinas	1.000		
RSU		81	31%			Fuel óleos	239		
Outros residuos		19	94%			GLP	111		
Vento[3]		729	98%			Coque	211		
Sol		3	100%			Querosenos	51		
Total		**2.622**	**94%**			**Produtos petrolíferos**	**4.624**		
SUMA TOTAL		**12.383**		**PERDAS 2202**		Prod. petrolíferos uso térmico	883		
						Carbón uso térmico	0		
						Gas natural uso térmico	406		
						Biomasa uso térmico	536		
						Residuos uso térmico	223		
						Solar térmica uso térmico	2		
						Comb. uso térmico	**2.050**		
						Calor cox. con prod. petrolíferos	82		
						Calor cox. con gas natural	79		
						Calor cox. con biomasa	103		
						Calor cox. con residuos	38		
						Total calor coxeración	**302**		
						TOTAL	**10.339**		

Na 1ª transformación do cru de petróleo xéranse unhas enerxías residuais que se converten en electricidade e calor na 2ª transformación. A produción eléctrica de Galicia no 2010 situouse nos 29.107 Gwh en barras das centrais, equivalentes a 29.107/11,62 = 2.504 Ktep.

[1] η é o rendemento global da transformación da enerxía primaria en electricidade, calor de coxeración e produtos petrolíferos.

[2] Para o gas natural tómase como referencia o poder calorífico superior (PCS).

[3] A enerxía primaria da auga e do vento considérase como a electricidade xerada sen descontar os autoconsumos da central.

[4] Biomasa e residuos da biomasa.

[5] Trátase do consumo bruto de electricidade, entendendo como tal a produción de electricidade, incluída a autoprodución, máis as importacións e menos as exportacións.

Fonte: *http://www.inega.es/enerxiagalicia/*

na serie de balances enerxéticos anuais que vén publicando.[3] Do referido a 2010, extraemos a información do gráfico 7 e para a súa interpretación convén ter en conta que Ktep (miles de toneladas equivalente de petróleo) equivale a 11,62 Gwh.[4]

A conclusión que cabe extraer do diagrama de fluxos proporcionado polo Inega é que a oferta enerxética galega total en 2010 ascendeu a 10.339 Ktep (120.139 Gwh): 2.706 Ktep (26,2%) de procedencia eléctrica, 657 Ktep (6,3%) de gas e biocombustibles, 4.624 Ktep (44,7%) de produtos de refinería, 2.050 Ktep de fueis, gas e outros combustibles para calefacción (19,8%) e, finalmente, 302 Ktep que proceden da coxeración (3%). O mercado interior galego tería absorbido 6.911 Ktep (80.306 Gwh) por todos os conceptos e tería exportado 3.428 Ktep (39.833 Gwh). É dicir, en termos sintéticos, tería cedido ao exterior 50 unidades de enerxía por cada 100 consumidas, sen considerar, como é natural, a cesión enerxética indirecta que se produce vía exportación de produtos procedentes da industria metalúrxica: aluminio e ferroaliaxes. Esta é unha *ratio* digna de consideración a efectos de programación do futuro enerxético de Galicia. A opulencia enerxética que mostran estas cifras ocultan os custos implícitos que comportan: ocupación de bacías hidrográficas, destrución do medio natural, emisións de CO_2. Son, todos eles, impactos que cómpre ponderar e controlar mediante instrumentos fiscais ou doutra natureza, tanto por imperativos ambientais como por esixencias comunitarias. É bo non perder de vista esta cuestión cada vez que se exhiben desequilibrios de balanzas fiscais.

O grupo Gas Natural Fenosa (GNF) é o máis próximo á problemática enerxética galega, xunto con Reganosa, aínda que a súa matriz sexa agora catalá. Destacamos dúas informacións referentes á firma e relacionadas directa ou indirectamente coa economía enerxética galega. A primeira é a súa decisión pública de conxelar *sine die* o investimento proxectado para as instalacións de enerxía eólica derivadas da frustrada convocatoria da Xunta de Galicia de 2010. Tras aprobarse a moratoria na recepción de proxectos susceptibles de subvención por parte da Administración central, a compañía tomou a decisión de conxelar o posible desenvolvemento da concesión. Non cabe insistir máis no impacto desta decisión: das 37 adxudicatarias da convocatoria, Fenosa Wind (85% GNF, 15% Copasa) foi a máis privilexiada con 339 Mw adxudicados dun total de 2.325, case o 16% da potencia total en pugna. A toma de posición do grupo catalán confirma a perda de virtualidade definitiva do concurso. Outra información é o fracaso do grupo catalán no concurso aberto polo Estado portugués para privatizar a súa participación en EDP, a gran compañía eléctrica lusa na cal mantiña un 21,35% de participación. Desde estas páxinas temos sinalado no seu momento a oportunidade aberta á antiga Unión Fenosa de alcanzar un acordo equilibrado coa compañía portuguesa en circunstancias en que unha e outra desenvolvían estratexias independentes de expansión corporativa. A alternativa, que talvez non foi explorada, tería permitido constituír un grupo enerxético na fachada atlántica capaz de equilibrar

[3] Inega: *http://www.inega.es/enerxiagalicia/*

[4] 1 tep = 11.620 kWh = 11,62 MWh
1 Ktep = 11.620 MWh = 11,62 Gwh

o mapa eléctrico peninsular; unha oportunidade perdida en localización estratéxica e incongruente coas relacións enerxéticas de interdependencia entre Galicia e Portugal. GNF fora convidada expresamente a concorrer ao proceso de privatización de EDP por parte do Estado portugués. EDP (14.170 millóns de euros de facturación, 8.000 millóns de capitalización en Bolsa e 1.080 de beneficios en 2010) controla en España o 96% de HC Energía, con base en Asturias, e de Naturgas, con base no País Vasco. É tamén un dos líderes globais en novas enerxías a través de EDP Renovables. GNF e EDP tiñan incluso un socio común en Sonatrach. A operación de privatización saldouse finalmente en favor do grupo chinés Three Gorges mediante a adquisición do 21,35% da compañía portuguesa por importe de 2.693 millóns de euros. A entrada de capital chinés mostra o interese do xigante asiático por tomar posicións no tecido industrial europeo, ao tempo que confirma a potencia financeira do novo líder global. EDP dependerá agora do capital chinés, cunha notable compoñente de accións españolas: Iberdrola (6,79%) e a antiga Caja de Ahorros de Asturias (5,01%). As participacións de capital portugués, malia que numerosas, teñen carácter disperso e pouca capacidade decisoria. O accionista luso de maior importancia é José de Mello (4,82%).

Como contrapunto menor aos anteriores movementos de signo adverso practicados por GNF destacan as declaracións do seu presidente Salvador Gavarró sobre a intención da compañía de instalar en Galicia o centro corporativo do grupo para o control e desenvolvemento das enerxías renovables de todo o mundo, incluída a hidráulica e o servizo de I+D+i para a tecnoloxía mareomotriz. O horizonte avanzado para a materialización deste centro é o ano 2016.

Rochas e cemento

A estratexia desta actividade para intentar superar a atonía do mercado pasa pola intensificación da presenza nos mercados exteriores. Fontes do sector cifraban nun 15% o incremento interanual das vendas ao exterior nos tres primeiros trimestres de 2011. A estratexia dista de compensar a contracción experimentada pola demanda e o imperativo de axuste dos marxes de comercialización esixido polo incremento da competencia observado nos mercado de destino. En todo caso, os datos procedentes dos rexistros aduaneiros apuntan a unha evolución satisfactoria das operacións no exterior durante o exercicio 2011. En termos interanuais a mellora cífrase nun 15,6% o incremento no valor exportado de extracción de pedra ornamental e nun 15,5% o aumento no corte, tallado e acabado. Os clientes máis destacados da pedra e lousa galega, Francia, Alemaña e Reino Unido, incrementaron o seu nivel de demanda.

A información dispoñible das exportacións galegas de granito e lousa durante 2011 cifra en 747.000 toneladas e 279 millóns de euros, aproximadamente, a actividade exportadora do sector. Francia, con 82.000 toneladas e 163,7 millóns de euros, é o principal cliente de Galicia.

O denominado *Cluster del Granito* naceu no mes de marzo de 2010 por agrupación de diversas asociacións do sector (Asociación de Canteiras de Galicia (ACG), Asociación Galega de Graniteiros (AGG), Asociación de Maquinaria para la Piedra (GALI-

Gráfico 8.

Distribución en porcentaxe das exportacións galegas de granito e lousa. Ano 2011



MAC), Asociación de Marmolistas). Conta cun Centro Tecnolóxico do Granito. O mesmo pode dicirse do Cluster da Pizarra de Galicia (Asociación Gallega de Pizarristas, Asociación Nacional de Colocadores de Pizarra, Fundación Centro Tecnológico de la Pizarra).

As estatísticas do Porto de Vigo, principal vía de exportación de pedra ornamental galega, dan un movemento portuario –importacións máis exportacións– de granito en bruto de 271.600 de toneladas, con caída do 4,9% respecto ao ano anterior, e de 67.300 de toneladas de lousa, cun descenso do 26,8% respecto a 2010. A información pon de manifesto a dureza do impacto da crise sobre a demanda. Non é fácil coñecer o impacto sobre o tráfico por vía terrestre.

Fóra do granito, da lousa e dos materiais de construción, o cemento conta cunha importante sede en Galicia, a de Corporación del Noroeste, adquirida por Cimentos de Portugal (Cimpor) en 1992. Como sinal dos tempos, a presenza de capital brasileiro na economía portuguesa faise cada vez máis evidente. No caso de Cementos Cosmos-Oural, base industrial do grupo Corporación de Noroeste, a entrada do grupo na órbita do capital brasileiro produciuse a comezos de 2010 mediante a adquisición da maior parte do capital de Cimpor por dous grupos brasileiros competidores. A distribución actual do capital é a seguinte: Camargo Corrêa (32,9%) e Votorantim (21,1%), o resto é portugués: Manuel Fino (10,7%), Caixa Geral de Depósitos (9,58%) e Fundo de Pensões do BCP (10%). O prezo da transacción roldou os 6,5 euros/acción.

A dinámica da competencia entre os socios brasileiros abría un novo capítulo coa OPA lanzada sobre a totalidade do capital de Cimpor por parte de InterCement, filial de Camargo Corrêa no mes de abril de 2012. O prezo de oferta foi de 5,5 euros/acción,

inferior como se observa ao de entrada na compañía portuguesa hai apenas dous anos. O vigor expansivo dos países emerxentes aproveita a debilidade da economía europea, agudizada nos países intervidos como é o caso de Portugal, para sentar as súas bases de crecemento en Europa.

O resultado final da OPA non está claro aínda, tanto no que se refire a un eventual acordo entre os dous accionistas brasileiros para repartir entre eles os activos da firma portuguesa como sobre a posible reacción de grupos investidores portugueses contrarios á operación. Algúns analistas opinan que o fraccionamento de Cimpor podería ser unha vía para evitar a oposición das autoridades de defensa da competencia, principalmente do Brasil, caso de ter éxito a OPA. A dimensión de Camargo é obxecto de observación por parte das autoridades brasileiras. Polo que respecta á reacción do capital portugués, a primeira OPA foi a do grupo Semapa, dono da segunda maior cementeira de Portugal, a Secil. A portuguesa fixo pública unha proposta de sindicación das participacións portuguesas nun *holding* común para opoñerse á OPA de Camargo Corrêa. O Semapa tiña aspirado xa á compra de Cimpor no ano 2000, en colaboración con outro grande do sector, Holcim.

Cimpor ten presenza en 12 países incluído España, onde opera a través de Corporación del Noroeste con 26 fábricas de cemento, unha capacidade de produción de 36 millóns de toneladas/ano e máis de 8.000 traballadores. Pola súa banda, InterCement conta con 16 fábricas, 7 delas en Brasil e 9 en Arxentina, e emprega preto de 5.000 traballadores. O grupo brasileiro está a punto de abrir novas plantas en Brasil e Paraguai e proxecta outra máis en Angola.

Química

Zeltia, o grupo de investigación en biotecnoloxía e farmacoloxía con sede galega, continúa sumida nun complicado proceso no que tenta conxugar o progreso das investigacións en curso coa extensión dos seus produtos de referencia a novos mercados mediante a obtención das preceptivas homologacións por parte das correspondentes autoridades sanitarias.

Cadro núm. 17

Evolución bolsista e valoración do grupo Zeltia

	2008	2009	2010	2011	2012*
Capitalización (miles euros)	744.386	855.489	614.397	382.192	319.975
Núm. accións (miles)	222.205	222.205	222.205	222.205	222.205
Último prezo (euros)	3,35	3,85	2,765	1,72	1,44
Prezo máximo (euros)	6,48	5,67	4,56	3,22	2,09
Prezo mínimo (euros)	3,12	2,33	2,375	1,35	1,345

* Datos a 13 de abril de 2012.

Fonte: Bolsa de Madrid.

O xuízo valorativo sobre a compañía, o bolsista, segue séndolle adverso ano tras ano. Durante os últimos tres exercicios, 2009, 2010 e 2011, a capitalización da compañía medida sobre o prezo de peche do ano experimentou unha contracción de 362 millóns de euros, case o 50% do valor de peche de 2008.

Non obstante, a información subministrada polo propio grupo apunta datos alentadores tanto de índole económica como de maduración dos proxectos de investigación en curso. Respecto aos primeiros destaca o progreso experimentado polo beneficio bruto de explotación (EBITDA 2011: 13,2 millóns de euros contra unha cifra negativa de 3,9 no ano anterior), que lle permitiu alcanzar un beneficio neto atribuído de 4 millóns de euros, fronte unhas perdas de 7 millóns no ano anterior. Tamén destaca a mellora das vendas interanuais do grupo ata alcanzar os 180 millóns de euros e, dentro destes, o progreso dos ingresos procedentes de Yondelis (80,6 millóns en 2011), o produto estrela da firma. A compañía mantén o esforzo en investimento en I+D: 56,7 millóns, en liña co ano anterior.

Máis alá do cambio de signo en beneficios e capacidade de autofinanciamento experimentado en 2011, o acontecemento que parece marcar un punto de inflexión nos esforzos de consolidación da firma do Porriño nos principais mercados foi a sinatura dun convenio de Pharma Mar con Janssen Products LP –filial do todopoderoso grupo norteamericano Johnson&Johnson– para acometer a Fase III do desenvolvemento de Yondelis nos Estados Unidos e proceder á súa presentación á Axencia de Alimentos e Medicinas (FDA). A noticia, que se facía pública o 29 de decembro de 2011, corrixía unha información previa, difundida no mes de maio, acerca da ruptura das relacións con Johnson&Johnson para incorporar o fármaco antitumoral ao mercado sanitario norteamericano. O acordo con Janssen establece un programa de pagos da firma americana a favor de Pharma Mar (110 millóns de dólares no período 2012-2015), pero, máis alá dos seus efectos financeiros, a importancia da noticia reside na mensaxe emitida aos mercados sobre as virtudes do fármaco e o interese crecente das investigacións de Pharma Mar.

O futuro de Zeltia está ligado ao da súa empresa biotecnolóxica Pharma Mar, especializada na investigación de antitumorais de orixe mariña. Non parece significativa de momento a contribución das outras empresas da área I+D como NeuroPharma (tratamentos do Alzheimer e outras enfermidades que afectan ao sistema nervioso central) e Genómica (diagnóstico molecular). As empresas da compañía dedicadas á produción e comercialización de produtos de química doméstica son Zelnova (artigos de limpeza e hixiene para o fogar e a hostalería) e Xylazel (pinturas e vernices); as dúas manteñen unha contribución moi significativa na cifra de vendas da compañía: 54 millóns de euros en 2011.

O outro grupo porriñés da estirpe dos Fernández, CZV (CZ Veterinaria), foi noticia en 2009 pola adquisición da planta que AstraZeneca posuía no recinto tradicional do grupo Zeltia onde a propia CZV opera. Desta maneira nacía unha filial de CZV, individualizada coa denominación de Biofabri S.L. destinada á produción de fármacos para uso humano. Asemade, CZV procedía a inaugurar unhas modernas instalacións para a produción de vacinas con destino á acuicultura. Na actualidade, o grupo CZ, composto por

CZ Veterinaria e Biofabri, emprega 220 profesionais cualificados. Biofabri mantén dúas liñas de negocio diferentes, unha biotecnolóxica onde desenvolve unha nova vacina contra a tuberculose e a división farmacéutica, de orientación xenérica. A liña biotecnolóxica concentra todo o interese informativo polo seu empeño en situar unha vacina innovadora contra a tuberculose no mercado en estreita colaboración co departamento de microbioloxía da Universidad de Zaragoza. Biofabri conta na actualidade con 10.000 doses de vacina en espera da autorización das autoridades sanitarias a fin de proceder aos ensaios clínicos. A mencionada vacina podería mellorar a capacidade de tratamento da única dispoñible nestes momentos, a tradicional BCG, con antigüidade de case cen anos. O proxecto de investigación mereceu a cualificación de Excelente por parte do programa Innocash da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) do anterior Ministerio de Ciencia e Innovación. O proxecto comeza agora un arduo proceso de homologación que comprende tres fases, con fortes taxas de rexeite entre fase a fase. A primeira, que é a que agora se inicia, está presupostada nun millón de euros e vai ser financiada por Biofabri. Respecto ás seguintes, moito máis onerosas, confíase no concurso de capital de desenvolvemento de incerta procedencia, sen descartar mesmo o concurso da Fundación Bill e Melinda Gates que estiveron interesados na investigación nunha recente visita a España.

Outra empresa de referencia no inquieto polígono químico do Porriño, é o grupo helvético Lonza.[5] A finais de 2006 facíase pública a noticia da adquisición por parte deste grupo da factoría que a empresa norteamericana Genentech mantiña no polígono. Genentech é unha filial estadounidense do grupo farmacéutico helvético Roche. O prezo da transacción ascendeu a 117,5 millóns de euros. O centro de produción biofarmacéutico de Porriño obxecto da transacción está homologado pola FDA dos Estados Unidos e é un dos poucos homologados en España para desenvolver principios activos contra o cancro. O cadro de persoal ascendía daquela a 310 empregados de alta cualificación. Noticias recentes, de agosto de 2011, destacan o feito de que Lonza Porriño se converteu xa na maior planta española de anticanceríxenos despois de ter investido en instalacións 90 millóns de euros. O investimento destinouse a acondicionar as mesmas para a produción multiproduto, con capacidade para fabricar máis dun composto farmacéutico. Desta maneira, Lonza Biologics Porriño conseguiu ampliar o seu catálogo farmacolóxico e converterse nunha das plantas de referencia do grupo Lonza. Os requirimentos de enerxía eléctrica, auga e gas natural da planta porriñesa son unha clara manifestación das elevadas esixencias dos procesos que acolle.

[5] Lonza Group é unha compañía suíza de produtos químicos e biotecnoloxía con sede en Basilea. Lonza foi fundada en 1897 co obxecto inicial de producir enerxía eléctrica destinada principalmente á produción de carburo cálcico, como as factorías de Ferroatlántica –antes S.E.C.M.– na ría de Corcubión. En 1909 comezou coa síntese de fertilizantes para pasar despois á produción de vitaminas e aditivos. En 1974, despois dunha fusión transitoria con Alusuisse, pasou a especializarse en biotecnoloxía. O salto maior produciuse en outubro de 2011, en que Lonza adquiriu a norteamericana Arch Chemicals por 1.400 millóns de dólares que a converteu na maior compañía global de biocidas, compostos capaces de controlar os efectos de calquera axente patóxeno por medios químicos.

Lonza comparte recinto con CZV e a súa filial Biofabri e constitúen unha prometedora concentración de química farmacolóxica orientada ao futuro.

Metalurxia e metal

Dúas son as referencias da actividade metalúrxica en Galicia: Alcoa, de propiedade norteamericana, na produción de aluminio nas plantas de San Cibrao e A Coruña, e Ferroatlántica (Brens, Cee), integrada no grupo de Villar Mir, en ferroaliaxes.

As cifras e liñas estratéxicas de Alcoa superan amplamente calquera perspectiva simple e reducionista. Para a gran multinacional norteamericana, a Unión Europea non deixa de ser unha rexión económica, importante, desde logo, no seu mapamundi, e no tocante aos criterios de xestión e axuste de recursos e mercados a política seguida obedece a criterios dependentes da evolución conxuntural da economía. O exame do 2011 Annual Report na súa páxina corporativa do grupo Alcoa confirma un certo progreso na cifra de vendas (24.951 millóns de dólares en 2011 contra 21.013 no ano anterior), compatible cun recorte moderado no valor das accións (12,96 $/acción contra 13,26 no ano anterior). O emprego total da multinacional alcanzou os 61.000 empregados (59.000 en 2010).

A capacidade de produción de refinado de aluminio (*Refining Capacity*) supera lixeiramente os 18 millóns de toneladas, das cales 1,5 proceden de Alúmina Aluminio en San Cibrao, unha proporción notable por máis que a auténtica base de subministración da multinacional sexa Australia de onde proceden case a metade das subministracións: 8,98 millóns de toneladas. En canto ao aluminio de primeira fusión (*Smelting Capacity*), a produción sitúase en 4,5 millóns de toneladas, das cales un 9% procede de España: 408.000 toneladas (San Cibrao, 228; A Coruña, 87; Avilés, 93). O grupo mantén tamén plantas de laminado en Alacante e Amorebieta. San Cibrao produce alumina, hidrato de alumina e aluminio primario en forma de placas, tochos e lingotes; A Coruña produce aluminio primario, placas e tochos.

Nos primeiros días de 2012, Alcoa facía públicos recortes na produción en Italia (Portovesme) e España (A Coruña e Avilés). A intención declarada é reducir a capacidade de produción de aluminio de primeira fusión nun 12% –unhas 540.000 toneladas– ao obxecto de soster a cotización do metal nos mercados. Alcoa xustifica a decisión pola caída experimentada nos prezos do aluminio que cifra nun 27% desde o máximo alcanzado no exercicio 2011.

A compañía non só recortará produción en Italia e España, senón tamén en Estados Unidos. O peche da planta italiana (Portovesme, 150.000 toneladas/ano), igual que as americanas, será definitivo. Os recortes proxectados na produción de Avilés (87.000 toneladas/ano) e A Coruña (93.000 toneladas/ano) terán, porén, carácter parcial e transitorio. A compañía comunica ter alcanzado acordos cos sindicatos sobre os termos do axuste anunciado.

Os recortes aplicados por Alcoa constitúen un motivo de reflexión para unha actividade como esta de forte incidencia en Galicia, tanto de signo positivo (remuneracións,

impostos, tráfico portuario) como negativo (esixencias enerxéticas desmedidas e severo impacto ambiental). Dúas características da operación merecen ser destacadas: a rápida e inapelable resposta aplicada á conxuntura de mercado e o automatismo e claridade da resposta. Alcoa decidiu cerrar en forma definitiva ou transitoria e parcial as diversas factorías implicadas aplicando un único criterio: o custo enerxético do Kwh contratado, factor determinante no cálculo de rendibilidade.

O 2011 Annual Report de Alcoa concede unha atención minuciosa á cuestión enerxética. Concretamente, no referente ao 2011, o informe repasa as condicións da subministración enerxética en España sinalando que as tarifas en vigor para o período 2009-2012 están sometidas a investigación por parte das autoridades comunitarias e que, caso de seren declaradas improcedentes, a decisión sería recorrida por Alcoa por xulgar as tarifas axustadas á lei.

O problema pola incidencia do custo da subministración enerxética no futuro das instalacións de Alcoa está aberto e a súa solución dista de ser fácil. Declaracións recentes do presidente de Alcoa España (La Voz de Galicia, 14 de xuño de 2012) non deixan marxe á dúbida: «Ter enerxía barata a prezo competitivo é absolutamente imprescindible para o funcionamento das plantas, de non ser así non podemos seguir operando en España, non hai máis». As circunstancias do contorno son especialmente preocupantes. Por unha parte, o 31 de decembro deste mesmo ano expira a cobertura da tarifa enerxética en vigor para esta modalidade de consumo. Por outra, a Administración, acosada polo volume e evolución do déficit tarifario que xa alcanza os 24.000 millóns, está a punto de aprobar unha reforma do mercado enerxético capaz de desinchar esta ameazante burbulla económica e de dotar de competitividade o sistema. Unha problemática de enorme envergadura onde a tarifa dos grandes consumidores é unha variable máis.

O factor da subministración enerxética aos grandes consumidores industriais debe ser obxecto de reflexión especial para a Administración autonómica, tanto para optimizar a posición excedentaria de Galicia en subministración eléctrica como para ponderar adecuadamente o impacto ambiental soportado mediante os instrumentos fiscais de que dispón. En tal sentido, o feito de ter sido sometido a consideración a cuestión do abastecemento de gas da planta de San Cibrao supón un avance no tratamento global dos recursos enerxéticos galegos como factor de fomento e de equilibrio fiscal. No verán de 2011 inaugurábase a planta de recepción de gas para abastecer a factoría de San Cibrao. A nova instalación é froito dun convenio de colaboración asinado pola Consellería de Economía e Industria con Alcoa e ten como obxectivo o abastecemento das necesidades termoenerxéticas da factoría en substitución de 300.000 toneladas/ano de fuel. O obxectivo final é culminar as obras de abastecemento de gas por gasoduto mediante o ramal das Mariñas que se pretende rematar no ano 2013 e evitar o tráfico de camións cisterna. O gasoduto proxectado conectará Ribadeo (que dispón de subministración a través do ramal Ferrol-Xixón) con Viveiro, cunha lonxitude de 65 km. A eficiencia medioambiental e a seguridade de subministración son imperativos inescusables para un complexo da magnitude do de San Cibrao tanto por produción (1,5 millóns de toneladas/ano de alumina e 230.000 toneladas/ano de aluminio) como polo emprego (1.300 traballadores directos). Da estabilidade de Alcoa-Lugo depende

tamén o futuro de Alcoa-A Coruña (1961) con 450 empregos directos e capacidade de 87.000 toneladas de aluminio primario/ano en diferentes formatos.

Ferroatlántica ten o seu centro de gravidade en Galicia, na ría de Corcubión. O perfil corporativo da división electrometalúrxica do grupo Villar Mir destaca por ser o primeiro produtor de ferroaliaxes da Unión Europea, líder mundial na produción de silicio metal e primeiro produtor español independente de enerxía hidroeléctrica. A práctica totalidade da capacidade enerxética que ten está situada en Galicia. O grupo Villar Mir é moi complexo, tanto en áreas de actividade como en distribución xeográfica. Non é fácil documentar o perfil do grupo, salvo o caso da empresa de construción OHL (Obrascón, Huarte y Lain) que cotiza en Bolsa. O último informe económico dispoñible da totalidade do grupo é o relativo ao exercicio 2009. Del extraemos a información referente ao sector electrometalúrxico: Ferroatlántica. A produción de enerxía eléctrica en 2009 alcanzou os 672,9 Gwh. A de ferroaliaxes e silicio non superou as 575.115 toneladas, moi lonxe das 1.030.871 toneladas alcanzadas en 2008. A severa caída interanual experimentada xustificábase polo recorte aplicado para facer fronte ao excesivo crecemento dos inventarios debido á contracción experimentada pola demanda. As vendas de Ferroatlántica situáronse en 2009 en 694,1 millóns de euros, con redución do 43,6% con respecto ao ano 2008; o EBITDA cerraba o exercicio en 129,5 millóns de euros, un 50% inferior ao nivel de ingresos brutos considerados normais. O resultado consolidado neto non superou os 67,7 millóns de euros fronte aos 246,3 millóns do ano 2008. A contracción do mercado de aceiro provocado pola crise en curso era, e segue sendo, a causa da situación.

Citic Censa, nova denominación da factoría de caldeirería pesada do Porriño, adquirida, a comezos de 2011, pola multinacional chinesa Citic Group por 50 millóns de euros, está empeñada, un ano despois da adquisición, nun vasto proceso de renovación de instalacións presupostado en 20 millóns de euros. O proxecto consiste na construción dunha nova nave de 7.000 m^2 con 25 metros de altura servida por guindastre-ponte capaz de soportar 250 toneladas. Serán tamén obxecto de remodelación 15.000 m^2 de nave e fachadas. O grupo investidor confirma con estas actuacións a súa intención de converter o centro en factoría de referencia para o servizo do continente americano e africano. A empresa seleccionada para acometer as obras foi o grupo Dizmar, do Porriño. Esta empresa opera en Portugal, Francia e outros países cunha cifra facturación de 18 millóns de euros e un cadro de persoal de 80 traballadores. Citic Group, China International Trust and Investment Company, é un grupo con intereses diversificados ligados a unha matriz bancaria: China Citic Bank. O banco mantén unha participación do BBVA do 15% con tendencia ascendente tanto en cifra de negocios como en rendibilidade.

No sector do metal, concretamente no fornecemento de redondos para armaduras de formigón, a Metalúrgica Galaica, Megasa, é a empresa de referencia en Galicia. A metalúrxica naronesa soporta a singular dureza dos efectos contractivos derivados do colapso da construción, como a totalidade da industria fornecedora do sector. A finais do ano 2010 Megasa facía pública a intención de reactivar o ERE temporal declarado perante a atonía da demanda e a acumulación de *stocks* que esta provocaba.

Gráfico 9.

Actividade ponderada do sector naval por comunidades autónomas (% CGT). Ano 2011



Gráfico 10.

Carteira de pedimentos do sector naval por comunidades autónomas (% CGT). Ano 2011



Finalmente, a empresa conseguiu superar o exercicio 2011 sen ter que recorrer ao ERE, anunciado ao tempo que conseguía reducir á metade os seus *stocks*, segundo información da propia compañía. O alivio da situación procedeu nesta ocasión da comercialización dos *stocks* en Marrocos e outros países do norte de África, o que se recolle no apartado de comercio exterior neste mesmo capítulo. A factoría mostrou tamén unha notable actividade na recollida de chatarra a través do porto de Ferrol durante 2011 e nos primeiros meses de 2012, sinal dunha satisfactoria capacidade de adaptación ás circunstancias.

Construción naval

O boletín informativo trimestral[6] da *Gerencia del Sector Naval* (GSN) do mes de xaneiro de 2012 ofrece información sintética do comportamento do sector naval en 2011, tanto en actividade ponderada como en carteira de pedimentos a finais de exercicio.[7]

A hexemonía compartida de Galicia e País Vasco decantouse a favor desta última comunidade a final do ano no que a pedimentos dispoñibles se refire.

En España, 2011 caracterizouse por unha forte contracción con respecto a 2010, exercicio no que xa se recollía outro descenso similar con respecto ao ano anterior. De acordo co boletín da GSN antes citado, os novos contratos de construción naval de procedencia nacional caeron un 80% en 2011 en termos de CGT e os procedentes

[6] *Gerencia del Sector Naval: http://www.gernaval.org/*

[7] Lembramos que GT, *Gross Tonnage*, é un indicador dependente do volume útil do buque e que CGT, *Gross Register Tonnage*, é outro indicador relacionado co anterior mediante a fórmula: [CGT =A*GT^B] A e B son parámetros dependentes das características do buque.

Cadro núm. 18

Actividade produtiva do sector naval. Ano 2011

	Postas de quilla			Botaduras			Entregas			Índice de actividade[1]	
Estaleiros	Núm.	GT*	CGT**	Núm.	GT*	CGT**	Núm.	GT*	CGT**	GT*	CGT**
Privados											
A. Armón	2	988	4.297	8	4.085	17.435	8	4.337	18.076	3.374	14.311
A. Armón Vigo	0	0	0	0	0	0	1	988	3.308	247	827
A. Gondán	1	3.693	7.491	1	894	3.109	1	4.500	8.467	2.495	5.544
A. Huelva	0	0	0	0	0	0	1	10.240	13.488	2.560	3.372
A. J. Valiña	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
M. Cíes	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
A. Murueta	3	9.480	20.325	3	10.896	15.848	3	10.896	15.848	10.542	16.967
A. Zamacona Pasaia	0	0	0	3	3.514	10.705	4	5.050	15.053	3.020	9.116
Auxnaval	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
A. Ría de Avilés	0	0	0	1	320	1.644	0	0	0	160	822
F. Cardama	1	329	1.673	3	899	4.728	2	649	3.317	694	3.612
A. Zamacona	1	4.288	8.218	1	5.100	9.151	2	10.200	18.302	6.172	11.206
Balenciaga	4	4.670	14.555	5	4.700	15.826	4	2.720	10.496	4.198	14.176
C. N. Freire	1	6000	10121	1	600	2.428	4	17.268	30.645	6.117	11.406
F. Vulcano	0	0	0	0	0	0	1	7450	11574	1863	2.894
F. N. Marín	0	0	0	0	0	0	1	4.100	7.993	1025	1.998
H. J. Barreras	0	0	0	1	29.757	30.011	3	79.905	81.630	34.855	35.413
Metalships & Docks	1	11.000	14.737	1	11.000	14.737	1	17.200	28.667	12.550	18.220
Naval Gijón	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
U. N. Valencia	5	2215	10.055	3	1.355	6.105	5	4.205	14.420	2283	9.171
Factorías Juliana	0	0	0	0	0	0	1	8228	7091	2.057	1.773
C.N.N. Sestao	1	33.000	29.123	0	0	0	1	33.300	29.287	16.575	14.603
A. Sevilla	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total privados	**20**	**75.663**	**102.595**	**31**	**73.120**	**131.727**	**43**	**221.236**	**317.662**	**110.785**	**175.428**
Públicos											
Navantia: P. R.-S. F.	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total públicos	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**
TOTAL SECTOR	**20**	**75.663**	**120.595**	**31**	**73.120**	**131.727**	**43**	**221.236**	**317.662**	**110.785**	**175.428**

[1] Índice ponderado de actividade = (Postas de quilla+2*Botaduras+Entregas)/4.

* *Gross Tonnage*: función do volumen útil do buque.

** *Gross Register Tonnage:* unidade relacionada coa anterior mediante unha fórmula do tipo, [CGT =A*CG^B]. con parámetros A e B adaptados ás características do buque.

Fonte: *Ministerio de Industria, Gerencia del Sector Naval. Boletín informativo trimestral, IV 2011.*

do exterior un 86%. En canto á carteira de pedimentos, a contracción experimentada foi do 88% e 50% respectivamente, sempre en termos CGT.

Completamos o exame do panorama xeral coa ilustración da situación específica dos diferentes estaleiros en 2011.

Un exame máis específico do comportamento dos estaleiros galegos (Armon Vigo, Valiña, Cardama, C. N. Freire, F. Vulcano, F. N. Marín, H. J. Barreras, Metalships&Docks) pon de manifesto o complexo escenario en que desenvolveu a súa actividade. O índice ponderado do conxunto dos estaleiros privados galegos, medido en termos de CGT, concentraba o 42% da actividade total dos estaleiros españois: 74.370 fronte a 175.428 para o conxunto de España. Un exame máis preciso do índice mostra, porén, que esta fortaleza é enganosa como se comproba ao analizar a súa composición. A contribución ao índice galego de postas de quilla (Q/4), botaduras (2*B/4) e entregas (E/4) son respectivamente 9%, 35% e 56%; contra 17%, 38% e 45% para o conxunto de España. A boa actividade en Galicia en entregas oculta a penuria das postas en quilla; o resultado traduciuse nun derrubamento histórico do índice no exercicio 2012. A paisaxe naval da ría de Vigo mostra xa un cadro preocupante, excepto o caso de C. N. Freire.

Ao colapso comercial provocado pola contracción da demanda, sumouse a situación de interinidade provocada polo recurso da Comisión Europea á fórmula habitual de contratación coñecida como *Tax Lease* e á crise corporativa dos principais estaleiros da ría, en concreto Barreras e Vulcano.

Os estaleiros da ría víronse afectados pola eliminación do sistema de exención fiscal coñecido como *Tax Lease*[8] a partir do mes de xullo de 2011. A rolda de negociacións emprendida coas autoridades comunitarias non deu resultados inmediatos nin abriu de momento perspectivas de solución alternativa. A gravidade da situación superponse ao escenario de extrema fraxilidade corporativa que atravesa o sector. Barreras, o maior estaleiro privado de España, entrou nun interminable concurso de acredores superposto a un traumático cambio de accionistas. Despois dun peche positivo en 2010, Barreras entraba en crise no último trimestre de 2011, aparentemente pola súa incapacidade para liquidar as débedas contraídas coas súas empresas auxiliares e acredores por valor superior aos 70 millóns de euros. Sen marxe de liquidez nin capacidade de capitalización inmediata, o estaleiro viuse abocado a declarar concurso de acredores, ao tempo que entraba nun proceso de confrontación aberto entre os accionistas da compañía. Neste contexto, o estaleiro viuse obrigado a desistir da construción de dous ferries para a armadora Armas cun importe estimado de 200 millóns de euros que lle terían permitido garantir a continuidade e facer fronte aos

[8] A *Tax Lease* consiste nun procedemento de bonificación fiscal a favor do comprador final do buque. Instruméntase mediante unha operación triangular para a adquisición do barco en réxime de arrendamento financeiro (*Leasing*). O procedemento implica a un «*armador*», que encarga a construción da nave, unha «*entidade financeira*», que lla compra en construción en réxime de *leasing*, e unha «*Agrupación de Interese Económico* (AIE)», formada por sociedades mercantís, que lla compran á entidade que financia baixo a fórmula de *leasing* e que dispoñen de bases impoñibles aptas para desgravaren as cotas do *leasing*. Finalmente, a AIE véndelle a nave ao armador a un prezo favorable para este.

compromisos de pagamento. A orixe de fondo da situación estriba probablemente na competencia entre os estaleiros da ría para adxudicarse contratos de subministración de buques cada vez máis sofisticados e complexos, único segmento de oferta capaz de resistir a competencia dos estaleiros especializados en buques de menor esixencia tecnolóxica e custo máis axustado como os imperantes nos estaleiros asiáticos. O efecto da migración de pedimentos de buques de tecnoloxía media cara a áreas comerciais máis competitivas en custo agrávase coa fragmentación da oferta galega nunha multiplicidade de estaleiros eficientes en termos tecnolóxicos mais extremadamente fráxiles en termos corporativos e financeiros. Nos primeiros meses de 2012 facíase público o plan de viabilidade da factoría Barreras e o novo equipo directivo. En congruencia coa gravidade da situación que atravesa a empresa, elaborouse un estrito plan de viabilidade, baseado na negociación de importantes quitas sobre débedas pendentes, fortes recortes do cadro de persoal, reducións salariais e unha proposta de ampliación de capital.

Vulcano, o segundo grande estaleiro da ría de Vigo, pode servir de exemplo da capacidade de supervivencia de empresas demasiado-grandes-para-caer. A débeda concursal de Factorías Vulcano ascendía a 195 millóns de euros, dos cales 123 tiñan a cualificación de débeda ordinaria, a maioría, 61,6 millóns, en mans de Pymar (*Pequeños y Medianos Astilleros, Sociedad de Reconversión*) e do Banco Popular, 27,8 millóns. O resto da débeda distribuíase entre a de carácter subordinado (61,2 millóns, procedentes na súa maioría da liquidación de Factorías Juliana de Xixón) e a cualificada de privilexiada, ICO principalmente, (10,6 millóns). O plan de viabilidade elaborado propuña quitas do 80% sobre a débeda ordinaria e subordinada, arredor dos 148 millóns, a fin de situar a carga definitiva en pouco máis de 47 millóns. Despois dunhas negociacións arduas, o plan foi aceptado na súa integridade grazas á presión da Consellería de Economía e Industria sobre Pymar onde ten presenza maioritaria o Ministerio de Industria. A mediados de febreiro de 2012 era asinado o acordo do concurso de suspensión e o consecuente plan de viabilidade que permitía poñer fin a unha situación concursal que se arrastraba desde finais de 2010. Calquera outra alternativa sería máis destrutiva e daniña tanto en termos patrimoniais, en prexuízo das empresas acredoras, como sociais. Informacións procedentes da prensa diaria atribúen a Vulcano o 20% da oferta naval da ría con Barreras como responsable do 30% e o 50% restante a distribuír entre Metalships, Freire, Armón e Cardama.

Cabe confiar agora, talvez nunha nova entrada en actividade de Barreras e Vulcano no primeiro semestre de 2012 que podería servir de prólogo a unha nova xeira produtiva, caso de que se resolva o asunto do financiamento *Tax Lease*, nestes momentos en mans comunitarias. Segue en cuestión a promoción dunha solución con perspectiva de futuro para o conxunto do sector naval de propiedade privada da ría de Vigo que, quizais, poida requirir un proceso de concentración de capitais e instalacións e a especialización da ría nos segmentos expansivos da demanda máis esixente. A alta cualificación e experiencia do sector é o seu maior activo; o seu precario nivel de capitalización, excesiva dependencia da tutela oficial e escaso sentido cooperativo os principais obstáculos.

Dista de ficaren claros os escenarios de reactivación da industria naval viguesa. As perspectivas de potenciación da demanda parecen orientarse cara aos posibles encargos procedentes de países emerxentes interesados na renovación e ampliación dalgún segmento específico da construción naval ou da apertura de novos campos de actividade. Respecto ao primeiro, México e Brasil parecen destacar como países obxectivo; e respecto ás novas áreas de demanda, os parques eólicos *off-shore* e as embarcacións de asistencia da industria petroleira son evocados con frecuencia.

A posibilidade de operar no mercado mexicano recibiu un notable impulso con ocasión da primeira viaxe do presidente do Goberno español a América do Sur e cos contactos mantidos cos presidentes de México e Colombia. A viaxe tivo lugar en abril de 2012 e a ela sumouse o presidente da Xunta de Galicia. Grazas ás conversas co presidente de México xurdiu a noticia da intención da sociedade petroleira estatal Pemex de formular ofertas de subministración ou colaboración coa industria naval galega. Os primeiros froitos desta xestión concretáronse na petición de orzamento de Pemex a Navantia Ferrol para a construción de dous quimiqueiros. A noticia, que se facía pública a mediados do mes de xuño de 2012, contribuíu a rebaixar a tensión social que se vive na zona pola falta de perspectivas de carga de traballo despois da inminente botadura do segundo megabuque destinado á armada australiana, o Adelaide, e posterior acondicionamento, previo á súa expedición definitiva. Falta por coñecer aínda a cualificación do orzamento de Navantia por parte de Pemex nun concurso onde non van faltar contendentes. Entre eles podería estar algún estaleiro privado da ría de Vigo como Vulcano que conta con experiencia neste segmento da construción naval. A ponderación da capacidade técnica e financeira, a experiencia e a presión política van ser determinantes na decisión final da petroleira mexicana, á parte da eventual participación de estaleiros foráneos competitivos, especialmente os coreanos.

Navantia non deixaba de acumular fracasos no último quinquenio nos diversos concursos internacionais abertos para a dotación de buques de guerra e material similar. A finais de decembro de 2011 facíase público o fracaso no concurso para a construción dun buque loxístico con destino á Armada norueguesa; un episodio especialmente amargo dado a longo historial de colaboración cun cliente tan cualificado para o cal Navantia Ferrol construíu cinco fragatas tipo F-100. O estaleiro público tenta afrontar a situación con recortes do cadro de persoal que contribúen a incrementar a inquietude social e a situación de depresión económica da comarca, tan dependente da súa actividade. Como é habitual en situacións de baixa actividade, as expectativas de carga de traballo se dirixen á Administración para reclamar, neste caso, a construción dun dique flotante presupostado en 140 millóns, que aseguraría a ocupación durante máis de dous anos, ou a sexta fragata tipo F-100. Son aspiracións que probablemente non poden prosperar tanto por razóns orzamentarias como de equidade distributiva con outros estaleiros do grupo público. Un acontecemento alentador en medio da situación de baixa ocupación foi a sinatura dun convenio de colaboración entre a fábrica de turbinas de Fene e Mitsubishi Heavy Industries para comercializar turbinas de ata 15 Mw con tecnoloxía da firma nipoa. O convenio tenta renovar e

ampliar a oferta de turbinas de Navantia na gama de pequena e media potencia; a licenza, asinada a principios de 2012, durará unha década.

Brasil é obxecto tamén de atención especial por parte do empresariado naval vigués. A Sinaval, institución que representa os estaleiros brasileiros, ten destacado mesmo unha comisión exploratoria directa para avaliar as posibilidades de cooperación en subministración, transferencia de tecnoloxía e manutención, tanto no segmento de buques especializados como de plataformas de exploración petrolífera. A conxuntura é óptima dadas as posibilidades abertas en abastecemento de petroleiros, plataformas e buques de servizo e apoio que necesita Brasil. É de esperar que o empresariado vigués saiba aproveitar as circunstancias abertas en países como México ou Brasil e establecer plataformas de cooperación estables de transferencia tecnolóxica sen descartar a deslocalización parcial de procesos ou a subministración de man de obra especializada.

A máis longo prazo, todos os analistas apuntan ao desenvolvemento de parques eólicos mariños e buques de apoio. Os avances na tecnoloxía eólica, as consideracións medioambientais e o esgotamento progresivo dos depósitos de petróleo economicamente viables secundan a hipótese. A conxunción da construción naval coa industria eólica é un escenario industrial verosímil aínda en perspectiva temporal.

A medio prazo, comeza a abrirse paso a idea de que talvez a solución da construción naval pública europea deba orientarse cara á fusión de estaleiros nun gran proxecto plurinacional de carácter europeo, a imitación da EADS (*European Aeronautic Defence and Space Company*). EADS foi constituída o 10 de xullo de 2000 por acordo das compañías Aérospatiale-Matra (Francia), Dornier GmbH e DaimlerChrysler Aerospace AG (Alemaña) e Construcciones Aeronáuticas S.A. (CASA) de España.

Automoción, metalmecánica

A información sectorial dispoñible no último trimestre de 2011 referente á situación da industria española do automóbil está presidida polo pesimismo con perspectivas de empeoramento en 2012. A contracción da demanda en Europa, onde a industria automobilística española concentra o 85% das súas vendas, e a caída da demanda no mercado español, cifrada nun 20% respecto ao ano anterior, constitúen o pano de fondo da situación. A importancia do sector na economía española (58.000 traballadores nas fábricas de coches, 265.000 nas de compoñentes) e os efectos do sector sobre a recadación tributaria danlle especial relevancia ao comportamento e vicisitudes do mesmo. Os expedientes de regulación de emprego en curso ou anunciados afectan á totalidade das factorías españolas. Concretamente, PSA (Peugeot e Citroën) asinaba un ERE sen despedimentos para a súa factoría de Villaverde en Madrid que afectará á totalidade do cadro de persoal durante 47 días a distribuír entre 2011 e 2012, ao tempo que anunciaba un novo modelo para 2013. Respecto á factoría de Vigo, PSA mantiña un ERE preventivo de 40 días aplicable para o período 2011-2012 que foi finalmente activado en 2011. As previsións de produción de PSA para o ano 2012 cifrábanse en torno aos 323.000 vehículos. Esta cantidade supón un 9% menos,

unhas 32.000 unidades, da produción en 2011, cifrada en 355.000 vehículos. Como consecuencia anúncianse novas medidas de axuste: paros transitorios en liñas de montaxe e flexibilidade laboral. Dos 40 días solicitados no ERE para o bienio 2011-2012, a factoría levaba consumidos a principios de marzo de 2012 algo máis da metade, polo que non é descartable a reactivación do procedemento neste mesmo ano. A situación repercute directamente na rede de empresas auxiliares que deberán adaptar e redefinir os seus respectivos ERE. A finais de 2011, media ducia de fabricantes de compoñentes procederon a negociar novos ERE para 2012; entre eles, Gestamp Vigo, Denso, Alymosa, Faurecia Sistemas de Escape ou Copo.

A factoría viguesa do grupo PSA está en pleno proceso de lanzamento dos vehículos deseñados para países emerxentes M3 e M4, que entrarán en liña no primeiro semestre de 2012, compartindo espazo coas furgonetas Berlingo-Partner renovadas e o monovolume C4 Picasso.

O Departamento Estratexia de Ceaga (*Cluster* de Empresas de Automoción de Galicia) facía públicas no primeiro trimestre de 2012 as cifras da industria do automóbil en Galicia. O cluster, o máis sólido e innovador dos actualmente existentes en Galicia, foi fundado en Vigo no ano 1997 e agrupa na actualidade a 91 membros, incluída a factoría viguesa do grupo PSA, e dá emprego a 19.300 traballadores.

O sector da automoción asociado no Ceaga cerrou 2011 cunha facturación conxunta de 7.000 millóns de euros e un volume de investimento de 525 millóns de euros fronte aos 218 millóns do ano anterior. No esforzo de investimento destacan empresas

Gráfico 11.

Evolución das exportacións no sector da automoción



como Denso, o Grupo Copo, Viza, Plastic Omnium e o mesmo CTAG, sen esquecer a próxima apertura da empresa Snop Estampación, localizada en Porto do Molle (Nigrán). En 2011, o sector exportou por valor de 4.483 millóns de euros, cun lixeiro incremento sobre o ano anterior, pero lonxe das cifras de 2007 e mesmo de 2008. A ocupación segue tendo un peso importante no conxunto da industria galega: 19.000 asalariados sobre un total de 175.000 en cifras de 2011. Máis importante aínda é a alta capacidade innovadora e exportadora do sector que lle asegura unha fortaleza suplementaria mesmo en conxunturas recesivas como a actual. Extraemos do Departamento Estratexia do Ceaga os cadros máis significativos da evolución do sector en exportacións, emprego e facturación en 2011.

Tanto o emprego como a facturación experimentan o efecto da crise económica que sofre a economía española e a europea por máis que deba ser resaltada a capacidade de resistencia deste singular segmento da industria manufactureira.

Resulta pertinente chamar a atención sobre a importancia da factoría viguesa de PSA tanto no contexto sectorial de España como na estrutura do grupo multinacional francés. En relación co primeiro, a Ceaga proporciona un gráfico significativo da preeminencia da planta viguesa no contexto da industria española. A factoría de Vigo bateu en capacidade os seus competidores neste ano.

A situación actual do grupo PSA e o papel da factoría viguesa na estratexia do grupo francés merece comentario especial. Nunha comparecencia perante a comisión de Asuntos Económicos da Asemblea Nacional Francesa, que tivo lugar a finais de 2011, o presidente da compañía, Philippe Varin, declaraba que a sociedade prevía cerrar con perdas no segmento do automóbil do grupo no segundo semestre do ano e que estas poderían superar os resultados positivos do primeiro semestre. Tamén informou á Comisión da decisión da compañía de

Gráfico 12.

Evolución da facturación das empresas do sector da automoción



Gráfico 13.

Reparto da produción nacional do sector da automoción por plantas produtivas. Ano 2011



recortar gastos por importe de 1.000 millóns de euros en 2012, a metade en compras e a outra metade no que denominou «adaptación de efectivos».

O grupo PSA é de gran dimensión, con negocios que gravitan en todo caso en torno á automoción: financiamento e comercialización de automóbiles (Banque PSA Finance), transporte e loxística (Gefco) e deseño e produción de compoñentes (Faurecia). O resultado operativo do grupo caeu ata 1.300 millóns de euros, arrastrado polas perdas na fabricación de vehículos a pesar de que os ingresos experimentaron unha evolución positiva tanto no grupo (59.900 millóns de euros en 2011) como no segmento do automóbil (42.700 millóns de euros). Podemos observar tamén o afundimento da marxe de beneficios no sector do automóbil (92 millóns de euros de perdas, -0,2% de marxe sobre facturación) con repercusión sobre a rendibilidade total. A débeda do grupo disparouse no ano desde 1.200 millóns de euros ata os 3.300 cos que pechaba 2011; dato especialmente revelador.

Gefco, do grupo PSA, tivo resultados satisfactorios, pero aínda así o grupo anunciou a intención de poñer á venda a sociedade para gañar liquidez e, no mesmo sentido, comunicouse o proxecto de atrasar calquera investimento que non mereza a cualificación de prioritario, incluída a factoría que tiña proxectado instalar na India dentro do seu programa de expansión a mercados fóra de Europa.

As previsións oficiais de PSA para 2012 anticipan unha contracción do 5% nos mercados europeos e do 10% en Francia, con crecementos da orde do 7% en China, 6% en Latinoamérica e 5% en Rusia. A estratexia revelada ten como obxectivo proseguir a política de globalización co obxecto de alcanzar a cota do 50% das vendas fóra de Europa en 2015. En 2011, esta porcentaxe era do 42% e, en 2010, do 39%.

Un asunto de permanente actualidade na pugna pola innovación tecnolóxica, a adaptación aos mercados e o crecemento competitivo é o das alianzas entre os grandes grupos que se reparten mercados e tendencias. Tres anos transcorreron apenas desde a suspensión de pagamentos de General Motors para que o grupo norteamericano volva ter un papel relevante no xogo de estratexias e alianzas. A principios de marzo de 2012 facíase público o anuncio dunha alianza entre GM e PSA. A estratexia cooperativa franco-americana responde á penetración de Fiat en Estados Unidos a través de Chrysler, ao tempo que trata de neutralizar a imparable expansión de Volkswagen-Audi en mercados como o chinés. O xigante de Detroit aproveita ademais a debilidade do seu rival Toyota (*El País*, Negocios, 4 de marzo de 2012). GM exhibe a súa fortaleza ao alcanzar unha facturación de 150.300 millóns de dólares en 2011 (11% superior á de 2010) e uns beneficios de 7.600 millóns de dólares, fronte a 4.700 millóns no ano anterior. A operación GM-PSA instrumentarase mediante unha toma de participación do 7% do grupo norteamericano no grupo francés. A alianza foi xustificada co argumento do aforro en custos mediante as sinerxías suscitadas e a colaboración tecnolóxica. O pano de fondo da operación é máis complexo e ten máis que ver co exceso de capacidade de ambos os grupos e coa debilidade do mercado europeo onde a industria americana do automóbil (GM-Opel, Ford, e Fiat-Chrysler) experimenta serios problemas de rendibilidade ante o exceso de oferta. O peche de plantas segue sendo un asunto pendente para a maioría dos grupos do automóbil. Na actualidade o grupo

GM, primeiro fabricante mundial de automóbiles en Europa, onde mantén 10 factorías, 2 delas na Península Ibérica: Zaragoza e Azambuja, cerca de Lisboa. PSA Citroën Peugeot mantén 11 plantas con 3 na Península: Vigo, Madrid e Mangualde, no norte de Portugal. Precisamente, esta factoría da PSA anunciou a supresión da terceira quenda de traballo que fora activado en 2010, coa consecuencia do despedimento de 350 traballadores e a redución do cadro de persoal ata 900. O drástico axuste aplicouse en abril de 2012. A noticia é relevante polo carácter complementario que as instalacións de Mangualde teñen respecto ás de Vigo.

En perspectiva galega, a situación preséntase menos dramática grazas á política de contención de custos laborais, ao satisfactorio contorno de empresas de compoñentes agrupadas no Ceaga e á capacidade loxística do porto vigués. Resulta significativo a este respecto que a calidade da implantación viguesa teña sido esgrimida como argumento diante da Asemblea Nacional francesa na comparecencia ante a mesma do presidente da compañía Philipe Varin. Na súa intervención ante a Comisión de Economía antes aludida, o presidente comparou o custo horario en Vigo co imperante en Francia (e incluso en Portugal) como argumento da esixencia de moderación salarial, flexibilidade laboral e produtividade.

Non obstante, a factoría viguesa mantén unha cadencia produtiva decrecente a súa alta consideración do grupo PSA. En 2007, en plena euforia económica, a factoría entregaba 547.000 vehículos ao mercado; en 2011 a produción non conseguiu superar as 355.000 unidades, con previsión de 323.000 no ano 2012. Temos que retrotraernos ata 1998 (338.700 vehículos producidos) ou 1999 (350.000 unidades) para encontrar cifras comparables. A situación pola que atravesa a industria automobilística, sometida a un incesante proceso de renovación de modelos e recortes en custos, estimulan a cooperación entre corporacións e a reorientación comercial cara a mercados potencialmente expansivos como o chinés e o indio. É nesta perspectiva onde cabe situar o lanzamento dos novos modelos M3 e M4 cuxa construción se iniciou no primeiro trimestre de 2012. A pugna polo segmento do coche eléctrico ou híbrido mantense de momento conxelado nos plans das grandes compañías como tributo a favor da estratexia defensiva do crecemento en mercados expansivos e defensa das cotas de penetración no mercado europeo.

A industria auxiliar do automóbil asociada en Ceaga emite signos contraditorios, se ben, en conxunto a imaxe transmitida é de solidez e crecemento, en congruencia coa madurez alcanzada. É certo que algunhas empresas importantes do *cluster* adoptaron desde finais de 2011 estratexias defensivas ante a previsible caída da demanda procedente de Citroën Vigo. É o caso de Copo Ibérica, Faurecia, Viza ou Denso. O escudo ante a contracción da demanda consiste, en todo caso, en expedientes temporais de regulación de emprego con límite temporal e rotación laboral pactados. Con todo, o máis destacado segue sendo o crecemento experimentado polo *cluster* ata alcanzar as 91 empresas asociadas con máis dun centenar de centros de traballo en Galicia. Algunhas das últimas incorporacións foron Dalphi Metal Seguridad, que pertence actualmente ao grupo norteamericano TRW Automotive, a galega Little Electric Car, Carrocerías Dafer e a tamén galega Aludec (Vigo, 1984), en pleno proceso de expansión e con varias

factorías tanto en Galicia como en Francia. Outras empresas do *cluster* dan sinais certos de actividade e confianza no futuro. No próximo epígrafe, no que se reflicte o apoio da Administración ao sector industrial galego, apreciarase que as principais iniciativas subvencionadas en 2011 correspondían ao sector de compoñentes de automoción.

O grupo norteamericano TRW foi noticia tamén pola decisión adoptada no primeiro trimestre de 2012 de trasladar de Portugal á planta do Caramuxo (Vigo) a produción de *airbags* destinados aos novos modelos de Citroën, produto en que proxecta especializar a factoría. A produción de volantes será encomendada en cambio á factoría que posúe en Vilanova de Cerveira (Portugal). A TRW, que conta con outros establecementos en España, é un exemplo destacado das sinerxías cooperativas na produción industrial a ambos os lados da fronteira eurorrexional galega. O grupo americano conta con dúas factorías en Vigo, incluída Dalphimetal Seguridad, e outra no Porriño, dedicada á fabricación de estruturas de magnesio para volantes dos automóbiles. Á parte, mantén dúas factorías na franxa norte de Portugal, unha na Ponte de Lima e outra en Vilanova da Cerveira. O grupo norteamericano TRW Automotive Holdings Corp. é líder mundial en sistemas de seguridade activos e pasivos para automoción e a súa expansión en España tivo lugar en 2005 cando alcanzou un acordo de adquisición do 64% da española Dalphimetal por 113 millóns de euros, ademais de asumir a débeda da compañía que ascendía a 84 millóns.

CIE Galfor, a antiga Barreiros Ourense, integrada actualmente no grupo mutinacional vasco Cie Automotive, creado en 2002 por fusión dos grupos Egaña e Aforasa, inauguraba na factoría de forxa que posúe en Ourense a cuarta liña de fabricación de eixes de transmisión. A importancia da decisión estriba na confirmación da centralidade da factoría ourensá nun catálogo da firma que inclúe clientes tan esixentes como BMW ou Mercedes. Boa proba da importancia da factoría ourensá de CIE Galfor é que o seu cadro de persoal en 2011 se aproxima aos 400 traballadores e a súa facturación superou no mesmo ano os 100 millóns de euros. Outra noticia relacionada co grupo Cie Automotive é especialmente satisfactoria para o fortalecemento do *cluster* galego do automóbil. Referímonos á alianza cerrada entre o grupo vasco e galego Hispanoldes (1984, Ourense) a fin de constituír unha sociedade conxunta para operar en Marrocos. A importancia da decisión reside, á parte da gran magnitude da corporación vasca (1.673 millóns de euros de facturación en 2011, cunha EBITDA de 234 millóns e resultado neto superior aos 60 millóns) e na capacidade tecnolóxica que ostenta, no feito de que dúas sociedades do Ceaga con centro en Ourense decidan promover unha factoría conxunta en Tanxer, para atender o mercado aberto pola nova factoría de Renault-Nissan (400.000 vehículos/ano). Á parte, Hispamoldes anuncia a próxima inauguración dunha factoría propia na mesma localidade. Hispamoldes non é a única empresa galega do sector que deu o salto ao mercado marroquí, tamén o grupo Viza, de capital integramente galego, abriu factoría en Tanxer, un mercado emerxente ao que veñen atendendo outras empresas do *cluster* galego como GKN Driveline.

Outras empresas do Ceaga embarcadas en procesos de ampliación son Plastic Omnium que aumentou a súa planta en Redondela coa vista posta na subministración de novas pezas aos modelos proxectados por Citroën e a suíza Reiter Safa Noroeste,

instalada na Rúa (Ourense) coa mesma finalidade, neste caso para o abastecemento de moquetas e material illante. A dirección desta empresa xulga óptima a localización elixida no sur de Ourense porque lle permite servir con facilidade tanto á Citroën de Vigo como á de Mangualde, e tamén á Renault de Valladolid e mesmo á Nissan de Ávila.

Cómpre mencionar unha información referente a Urovesa, a empresa compostelá que conseguiu converterse nunha referencia no segmento do vehículo especial todoterreo. A finais de abril de 2012, a empresa comunicaba a entrega da última remesa dunha frota de 100 vehículos tácticos ao exército de Malaisia. A información confirma o irreversible xiro exportador que preside a estratexia das empresas galegas do automóbil como reacción ante a atonía do mercado próximo e tamén como esixencia de crecemento no medio prazo.

O boletín de noticias da Asime (Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia) en abril de 2011[9] insería un interesante *dossier* sobre o segmento empresarial implicado na industria aeronáutica, máis alá das pioneiras Delta Vigo (Vigo, 1947) e Componentes Aeronáuticos (Coasa, Parque Tecnolóxico de Ourense, 1999, filial de Aernnova Aerospace e antiga Gamesa Aeronáutica), Laddes Work (Parque Tecnolóxico de Ourense, 1999) ou Tekplus (Vigo, 2005). Nove empresas máis do metal, pertencentes ao Consorcio Aeronáutico Galego (2007), conseguiron acceder á credencial UNE EN-9100 que as habilita para participar no magno proxecto europeo do Airbus, A-350. As empresas acreditadas son Utingal (Tui), Mecanizados UME (Vigo), Europrecis (Vigo), Cablerías Auto (Porriño), Matrigalsa (Vigo), Hispamoldes (San Cibrao das Viñas), Diseño y Modelado de Superficies-Demsu (Tameiga-Mos), Tune Eureka (Arousa) e Troqueles y Moldes de Galicia (Santiago). O resto das empresas asociadas no Consorcio, ata un total de 61, manifestáronse empeñadas en conseguir a mesma homologación UNE EN-9100. Boa mostra da importancia do proxecto A-350 son as cifras estimadas relativas á participación española no mesmo: 543 millóns comprometidos pola Administración no proxecto para o período 2010-2014, cunha creación de emprego estimada en 4.450 operarios.

A información de Asime posúe relevancia como indicador da capacidade de reacción do tecido industrial galego ante os retos da internacionalización e da innovación tecnolóxica. As empresa pioneiras na industria aeronáutica non só abren un mercado novo e prometedor á industria galega do metal senón que contribúen a afondar a súa dimensión innovadora e integración na estratexia cooperativa da industria europea. O feito de que este segmento industrial estea ben integrado en actividades en pleno desenvolvemento como a industria do automóbil ou a eólica é un factor máis a ponderar.

Transformación da madeira

O informe de resultados 2011 fornecido por Confemadera-Galicia[10] contén información máis precisa e actualizada sobre a situación e evolución da industria madeirei-

[9] *http://www.asime.es/empleo/ourense/OfertaEmpregoC.php*

[10] *http://confemaderagalicia.es/wp-content/uploads/2012/04/Resultados-2011.pdf*

Cadro núm. 19

A exportación por produtos da industria da madeira galega. Ano 2011

Produto	Millóns de euros	%
Pasta	194,3	31,2
Taboleiros de fibra	138,9	22,3
Madeira en bruto	88,1	14,1
Mobles	51,8	8,3
Taboleiros de partículas	50,5	8,1
Obras e pezas de carpintería	21,9	3,5
Madeira serrada ou desbastada	18,5	3,0
Caixóns, caixas, envases...	15,9	2,6
Outros	43,5	7,0
Total	**623,4**	**100,0**

Fonte: Confemadera Galicia. *Informe de resultados 2011.*

ra galega. Destacamos especialmente a referente á actividade comercial do sector e ao seu *status* no conxunto das comunidades autónomas.

Cómpre salientar o feito de que as exportacións descansen en produtos de carácter *commodity* como a pasta papeleira (Ence: 31,2%) e os taboleiros (Finsa, Grupo Tojeiro: 30,4%).

A forte contribución ao fluxo exportador da industria madeireira española é un feito manifesto, malia que os fluxos de importación privilexien as comunidades catalán e valenciana e equiparen Andalucía con Galicia. Para unha correcta interpretación do cadro hai que lembrar que estas cifras exclúen as pastas, que incrementaría de maneira significativa a exportación sectorial galega, e tamén o moble, que potenciaría en gran medida a exportación valenciana.

Á parte das consideracións anteriores, dous trazos máis merecen ser indicados no informe que comentamos (ao cal debe dirixirse todo lector interesado nunha descrición pormenorizada do sector e das actividade involucradas no mesmo): o comportamento das cortas –base de toda a actividade industrial– e a evolución da cifra de facturación do sector de primeira transformación, é dicir da totalidade do mesmo exceptuadas as actividades de carpintería e mobiliario. Respecto ao primeiro, o informe destaca o forte incremento das mesmas en 2011;

Cadro núm. 20

Exportacións e importacións de produtos de madeira polas comunidades autónomas (millóns de euros). Ano 2011

	Exportacións	% variación	Importacións	% variación
Galicia	377,3	18,4	153,9	-16,7
Cataluña	158,3	24,1	258,2	-8,9
C. Valenciana	151,8	8,8	213,1	-7,9
Castela e León	87,6	6,2	53,6	-5,8
A Rioxa	80,9	28,5	27,9	6,9
País Vasco	61,4	31,7	64,3	-18,9
Andalucía	50,7	4,1	133,9	0,2
Castela-A Mancha	37,1	21,8	37,6	0,1
Navarra	20,2	6,5		
Aragón	20,0	1,5	32,4	-13,1

Nota: Os fluxos comerciais consignados exclúen mobles e pasta papeleira que ascenderon a 51,8 e 194,3 millóns respectivamente en Galicia.

Fonte: *Confemadera Galicia. Informe de resultados 2011.*

47.000 foron os propietarios que optaron por efectuar cortas ata alcanzar un volume de 7,7 millóns de m^3. Os propietarios que decidiron proceder a cortas superaron en 7.000 os do ano anterior, confirmando desta maneira o carácter de activo de reserva que lle atribúe á superficie arborada o pequeno propietario rural. O segundo trazo, o da facturación sectorial alcanzada en 2011, é notable en relación co peor exercicio do ciclo contractivo (2009: 1.084 millóns), pero moi afastado aínda das cifras alcanzadas en 2007, 1.645 millóns.

O informe anual do exercicio 2011 de Ence confirma os efectos adversos da debilidade do mercado de celulosa derivada da conxuntura económica actual. Resumimos os principais resultados do grupo no seguinte cadro.

Nestas circunstancias resulta significativa a decisión tomada pola compañía de proceder á liquidación dos activos forestais que mantiña aínda como o resto do seu proxecto en Uruguai. En abril de 2012, o grupo facía público como feito relevante comunicado á CNMV o acordo adoptado pola xunta xeral de accionistas da compañía de proceder a desinvestir parte dos activos forestais posuídos en Uruguai de forma inmediata. O importe estimado da operación cifrábase en 100 millóns de euros sobre un total estimado en 300 millóns que podería igualmente liquidarse nos 3 ou 4 próximos anos. Unha parte substancial dos activos aludidos son plantacións de gran dimensión de 27.000 hectáreas de superficie.

Cadro núm. 21

Resultados do grupo Ence

Miles de euros	2010	2011	% variación
Vendas	**830.758**	**825.451**	**-0,6**
EBITDA	178.260	139.147	-21,9
EBIT	**117.276**	**80.079**	**-31,7**
% sobre vendas	14,0	10,0	
% sobre activos fixos	12,0	8,0	
Resultado despois de impostos	64.711	41.192	-36,3
% sobre fondos propios	8,4	5,7	
Resultados por acción	0,27	0,16	-40,7
Investimento	**81.442**	**101.611**	**24,8**

Fonte: Información corporativa (IV trimestre de 2011).

O emprego total do grupo Ence situouse nos 1.584 traballadores, inferior ao dos anos precedentes. Tamén é pertinente lembrar o papel crucial que desempeña Galicia no abastecemento de madeira de eucalipto á firma. Segundo Ence, a produción de pasta en 2011 alcanzou as 1.243.108 toneladas, cifra récord de produción na historia da compañía e un 7% superior á alcanzada en 2010, atribuída basicamente á actividade da factoría de Navia. Na fábrica de Huelva a produción alcanzou 368.048 toneladas, un 12% superior á rexistrada en 2010. Na factoría de Pontevedra, a produción foi de 416.800 toneladas, cunha redución do 7% fronte ao ano anterior. Na de Navia a produción foi de 458.260 toneladas, cun incremento do 5% respecto a 2010. A calidade, volume e facilidade de abastecemento do eucalipto galego é crucial no esquema de fornecemento do grupo.

Durante o ano 2011 o grupo Ence procesou, segundo fontes da compañía, 3.768.000 m^3 de madeira cun incremento aproximado do 5,4% respecto ao ano anterior; o seu custo foi de 271 millóns de euros. A procedencia da madeira foi a seguinte: 2.274.000 m^3 de España, basicamente de Galicia, 684.000 m^3 de Portugal e 810.000 m^3 doutras procedencias.

A factoría de Pontevedra está sometida, como se sabe, a un proceso de peche definitivo por esgotamento do prazo da concesión de que goza en zona de protección marítimo-terrestre, que expira en 2018.

Finsa abría 2012 co anuncio dun ERE de cinco meses que afecta a 650 empregados en toda Galicia (Ourense, Padrón, Rábade e Santiago). O expediente, de carácter rotatorio e por un prazo máximo de 125 días, conta coa aquiescencia sindical. O ERE prolonga o presentado pola empresa en 2009; naquela ocasión con afectación maior tanto en cadro de persoal como en ámbito de aplicación, que estendeu a toda España. A medida xustifícase pola caída das vendas en espera da mellora no clima económico.

O grupo madeireiro compostelán, dado o carácter que ten de empresa familiar non cotizada, está dispensado de publicar as súas contas e memoria de exercicio. As cifras ofrecidas na páxina corporativa recoñecen unha notable caída de actividade desde 2008 que, aparentemente, ten tocado fondo. Ignoramos os esforzos realizados e eventuais resultados no reforzamento das vendas nos mercados de exportación, que damos por descontados dada a presenza comercial da compañía en Europa, nos Estados Unidos e mesmo nos Emiratos Árabes.

Cadro núm. 22

Evolución da actividade do grupo Finsa

	2011	2010	2009	2008
Vendas (millóns de euros)	812	763	725	1.006
Investimentos (millóns de euros)	20	17	16	56
Número de empregados	3.623	3.761	3.939	4.217

Fonte: Finsa.

O empeoramento da situación do sector e a necesidade de reestruturar os recursos a teor das previsións de demanda nos diferentes mercados someteu a consideración de Finsa a posibilidade de desprenderse da factoría de solos laminados que posúe nos Estados Unidos. Segundo a información avanzada (*La Voz de Galicia*, 24 de xaneiro de 2012), o centro americano, cunha facturación de 30 millóns de euros e un emprego de 50 operarios, podería ser vendido para recadar liquidez e destinala a consolidar o grupo, especialmente a Finsa Gandía (Faus Group, fabricación de solos laminados e parqué) que atravesa unha situación complicada. A empresa valenciana do grupo é unha fonte de preocupacións para a matriz galega desde o mesmo momento da adquisición da mesma en 2006 nunha operación valorada en 195 millóns de euros. En xaneiro de 2012, a dirección de Finsa Gandía abordou un ERE que afectaría a 180 traballadores xunto coa solicitude simultánea dun prazo regulado de catro meses para poder refinanciar a débeda que mantén por importe estimado de 120 millóns. A empresa leva en perdas desde 2010 a pesar dos esforzos de reestruturación e racionalización emprendidos. O grupo Faus reduciu o seu cadro de persoal desde os 1.300 traballadores con que contaba en 2008 a 400 na actualidade. Unha proba da gravidade da situación é a declaración da dirección de Finsa Gandía de que mantén aberta unha política de alianzas ou asociación sen descartar a venda ou liquidación da compañía.

A situación que atravesa o grupo Finsa, como o resto do sector da madeira, precipitou a decisión de cerrar definitivamente a fábrica de taboleiros que o grupo mantiña en Mondoñedo: Aglomerados Ecar. A operación, feita pública a principios de xaneiro de 2012, instrumentarase mediante un ERE de extinción dos 62 empregos que a facto-

ría mantiña. Esta é unha pésima noticia para a vila e a súa comarca, tan necesitada de centros de actividade económica e impulso empresarial. A crise de Muebles Hermida (Vilanova de Lourenzá), empresa de referencia na Mariña lucense, agudiza a deterioración do tecido económico da franxa setentrional lucense. A finais de 2011, a empresa anunciaba o despedimento de 75 traballadores, o 39% do seu cadro de persoal.

Confección

A caracterización da situación que atravesa o téxtil galego é moi simple: puxanza sen límite aparente do grupo Inditex en medio das dificultades que afectan ao resto do sector.

As cifras de Inditex en 2011 foron, no contexto actual, excelentes. Inditex declara un incremento do 12% nas súas ganancias de 2011 ata situarse nos 1.932 millóns de euros, ao tempo que eleva o dividendo distribuído un 12,5% en relación co ano anterior. A facturación do grupo de Arteixo aumenta un 10%, ata alcanzar os 13.793 millóns, atribuídos en boa parte ao puxante mercado chinés. O resultado operativo bruto (EBITDA) da compañía que agrupa a Zara, Pull&Bear, Massimo Dutti, Bershka, Stradivarius, Oysho, Zara Home e Uterqüe, mellorou igualmente nun 10%, ata alcanzar os 3.258 millóns de euros. España concentrou aínda o 25% da facturación do grupo (3.450 millóns) fronte ao 28% de 2010. A rexión asiática concentra xa o 18% das ventas do grupo (15% en 2010), cun incremento do 30% respecto ao ano fiscal de 2010. O grupo que preside Pablo Isla xerou no exercicio 9.374 novos postos de traballo ata alcanzar os 109.512 empregados a finais de 2011.

Inditex proxecta destinar o 30% do investimento previsto en 2012, por importe total de 950 millóns de euros, a actuacións en España. A maior parte concentrarase polo que parece no centro loxístico de Massimo Dutti en Tordera (Barcelona) que se prevé inaugurar no primeiro semestre do ano. Tamén ten en curso unha ampliación de 70.000 m^2 na sede central de Arteixo (A Coruña). Inditex abriu 483 tendas no ano fiscal de 2011 ata totalizar 5.527 tendas en actividade. Algúns dos países onde se efectuaron aperturas entran por vez primeira na rede comercial do grupo, como é o caso de Australia, Taiwán, Azerbaián,

Cadro núm. 23

Adolfo Domínguez: resultados consolidados, evolución das magnitudes (en miles de euros)

	30/11/2010	30/11/2011	% variación
Vendas	111.508	101.277	-10.231
Custo de vendas	-34.156	-31.845	2.311
Marxe bruta	77.352	69.432	-7.920
Outros ingresos	2.700	2.142	-558
Gastos de persoal	-39.494	-39.458	36
Outros gastos de explotación	-34.480	-33.024	1.456
EBITDA	6.078	-908	-6.986
Amortizacións	-10.883	-11.142	-259
Provisións	-635	-768	-133
EBIT	-5.440	-12.818	-7.378
Resultados financeiros	-1.664	-681	983
Beneficio antes de impostos	-7.104	-13.499	-6.395
Imposto de sociedades	1.674	3.543	1.869
Resultados do exercicio	-5.430	-9.956	-4.526
Accionistas minoritarios	215	266	-51
Resultado atribuíble	-5.215	-9.690	-4.475

Fonte: Bolsa de Madrid. Datos proporcionados por Adolfo Domínguez.

Sudáfrica ou Perú. Tras a entrada no mercado australiano, Inditex conta xa con presenza comercial nos cinco continentes.

Durante a campaña de inverno de 2012, Zara lanzará unha tenda *on line* en China. O comercio electrónico da compañía esténdese xa a 18 países europeos, Estados Unidos e Xapón. A xoia da coroa comercial do grupo é de momento a tenda Zara recentemente aberta no 666 da Quinta Avenida de Nova York, cualificada como «auténtica referencia global da marca».

O contrapunto de Inditex é a outra firma galega que cotiza en Bolsa, Adolfo Domínguez. No peche de 30 de novembro de 2011 as perdas interanuais declaradas ascenderon a 9,7 millóns de euros, case o dobre que no exercicio anterior. A empresa atribúe os resultados á caída das vendas no mercado español onde o modisto concentra o 74% das tendas propias e o 49% das franquías. A evolución das magnitudes contables de 2011 respecto ao anterior foron as seguintes.

A empresa tenta capear a situación insistindo na apertura de tendas e franquías, en especial nos mercados exteriores.

Cadro núm. 24

Adolfo Domínguez: evolución dos puntos de venda

	Estado a 28/02/2011	Entre 28/02/2011 e 30/11/2011			Estado a 30/11/2011
		Aperturas	Peches	% variación	
Tendas propias	473	54	25	29	502
España	367	23	18	5	372
Exterior	106	31	7	24	130
Franquías	192	40	21	19	211
España	118	2	16	-14	104
Exterior	74	38	5	33	107
Total	**665**	**94**	**46**	**48**	**713**

Fonte: Bolsa de Madrid. Datos proporcionados por Adolfo Domínguez.

Alimentación

Industria conserveira e conxeladora

A información sectorial proporcionada por Anfaco Cecopesca relativa a España no ano 2011 constitúe unha boa introdución sintética á dimensión deste tradicional segmento da industria alimentaria galega.

- Valor da produción conserveira: 1.405 millóns de euros (84% en Galicia: 1.187 millóns de euros).
- Facturación do sector: 2.400 millóns de euros (incremento interanual do 5%).
- Número de empresas operativas: 147 (65 en Galicia).
- Volume de produción conserveira: 359.449 Tm (86% en Galicia: 309.126 Tm).

- % exportación Conservas/Produción: 42,4% en valor, 38,9% en volume.
- Emprego directo nas conserveiras: 15.375 traballadores (78% en Galicia: 11.950 traballadores, 6,5% do emprego industrial de Galicia), 79% man de obra feminina, 72% de emprego fixo.
- Importancia do sector conserveiro: primeira zona produtora da Unión Europea, segunda do mundo, despois de Tailandia.
- Produtividade horaria (Produción/(Empregado e Hora): 13,58 kg por empregado e hora.

O peso de Galicia no tráfico exterior de produtos pesqueiros é tan notable como o é a índole intraindustrial das transaccións comerciais. A compra e venda internacional de produtos pesqueiros é un trazo estrutural do sector, ao igual que na industria do automóbil.

A base de datos do comercio exterior ofrecida polas Cámaras de Comercio e a Agencia Tributaria referida a preparacións e conservas de peixe, código TARIC 1604, permite examinar o ámbito xeográfico das transaccións comerciais da industria conserveira. A conclusión que se impón é a preeminencia dos países europeos como mercado comprador e de América Central, o Índico, Oceanía e Tailandia como áreas fornecedoras.

Máis alá dos datos estruturais que caracterizan o perfil do sector, o máis significativo de 2011 foi a entrada decidida de capital italiano no grupo Calvo. Bolton Group –unha corporación italiana con varias liñas de actividade– negociou a súa entrada no grupo Calvo. A especialización da empresa de Carballo no bonito é, con toda probabilidade, a razón que orientou a operación, xa que Bolton comercializa esta especie en Italia con varias marcas como Rio Mare, Palmera e Saupiquet.

A oportunidade da operación procedeu da obriga de buscar novos socios á que se veu sometido o grupo Calvo debido á saída, por imperativo financeiro, do capital que mantiñan na compañía diversas caixas de aforro a través de Ponton Inversiones

Cadro núm. 25

Comercio exterior de produtos pesqueiros (en miles de euros). Ano 2011

	Exportacións			Importacións		
	España	Galicia	% Galicia / España	España	Galicia	% Galicia / España
Peixe fresco	366.420	121.577	33,2	822.505	142.527	17,3
Peixe conxelado	722.751	400.370	55,4	605.765	357.493	59,0
Filetes de peixe	247.165	169.384	68,5	602.819	213.445	35,4
Peixe seco, salgado, afumado	75.021	3.307	4,4	214.033	17.386	8,1
Crustáceos	246.001	90.702	36,9	1.110.207	189.512	17,1
Moluscos	481.720	299.807	62,2	1.125.793	413.491	36,7
Conservas e preparados	595.624	458.133	76,9	627.644	339.205	54,0

Fonte: Anfaco Cecopesca e elaboración propia.

Cadro núm. 26

Comercio exterior de Galicia de preparados e conservas de peixe. Ano 2011

% exportacións		% importacións	
Italia	38,5	Ecuador	27,6
Francia	27,2	Mauricio	14,9
Portugal	13,1	O Salvador	12,5
Reino Unido	6,6	Tailandia	11,4
Alemaña	3,1	Guatemala	9,1
Arxelia	1,3	Papúa Nova Guinea	5,7
Bélxica	0,9	Marrocos	4,7
Países Baixos	0,9	China	4,4
Resto	8,3	Resto	9,6
Valor (en millóns euros)	392,3	Valor (en millóns euros)	274,2

Fonte: (*http://aduanas.camaras.org*) e elaboración propia.

(Novagalicia Banco: 50%, Banca Cívica: 25%, CCM Corporación: 25%). A este paquete accionarial do 22,2% veuse sumar outro do 17,8% procedente da familia Calvo ata alcanzar o 40% do capital ofertado que pasou desta maneira a mans italianas. O conxunto da operación tivo un prezo de transacción estimado de 125 millóns de euros que permite dar idea da importancia. A familia Calvo conserva en todo caso a posición de control e xestión do conxunto da compañía segundo se apresurou a comunicar un portavoz da empresa. O grupo Calvo lidera o sector conserveiro galego cun nivel de facturación estimada en 700 millóns e unha base produtiva e comercial diversificada, con forte presenza no Brasil (Gomes da Costa), España (Calvo), Italia (Nostromo) e no Salvador, país onde conta cunha importante planta atuneira.

A operación antes indicada pode levar a un modelo de competencia cooperativa, ao estilo das grandes marcas da automoción, especialmente na área do abastecemento de materia prima, aínda que non existan antecedentes destacados en tal sentido nun sector como este tan caracterizado por marca e tradición familiar. É verdade, con todo, que a maioría societaria do 60% que ostenta a familia dálle a esta unha marxe de autonomía. Como signo do tempo de globalización dos mercados merece ser sinalado o feito de que outro dos grupos contendentes na operación OPV de Calvo foi o coreano Dongwon Group, con presenza igualmente en mercados multinacionais.

En 2011 o grupo Jealsa Rianxeira superaba a facturación dos 700 millóns de euros segundo fontes da compañía. A empresa segue empeñada na diversificación da súa gama de negocios orientada agora cara a investimentos no sector enerxético. Á parte da planta de coxeración e os parques eólicos que posúe en Galicia, o grupo estendeu o negocio eólico a Cantabria (210 Mw), en asociación con Engasa e coa santanderina Biobás. No ano 2010 accedeu ao mercado eléctrico de Chile, tanto na modalidade eólica como hidroeléctrica.

Contrapunto da situación de Calvo –unha substitución de accións, en definitiva, dun grupo galego de proxección internacional– é a situación terminal en que se debate a outrora poderosa Alfageme e a súa marca «Miau». A histórica factoría da ribeira viguesa, fundada en 1873 por Bernardo Alfageme, foi capaz de describir unha gloriosa traxectoria ao longo do século XX con apertura de 3 factorías máis na comarca do Salnés, en Ribadumia, O Grove e Vilagarcía. En 2007 a empresa foi adquirida pola familia do construtor Juan Lago, na antesala do colapso inmobiliario español. Nin os esforzos do investidor nin o apoio circunstancial da Xunta de Galicia parecen ter dado

Cadro núm. 27

Evolución das principais empresas do sector conserveiro galego
(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2010*		Empresa	Situación de plantas en Galicia	Emprego	Recursos propios**	Facturación 2010	% variación 2010/2009
1.000	1	Luís Calvo Sanz	Carballo, Esteiro	3.100	-	492,10	15,8
856	2	Jealsa Rianxeira	Boiro, A Pobra	2.715	17,67	421,00	13,8
640	3	Frinsa del Noroeste	Ribeira	1.475	28,03	315,17	9,3
488	4	Conservas Garavilla (Conservas Isabel)	O Grove	2.500	-	240,00	-2,0
163	5	Hijos de Carlos Albo	Vigo, Celeiro	258	1,80	80,10	0,2
112	6	Ignacio González Montes	Ribeira	250	5,02	55,00	26,3
91	7	Alfonso García López	Poio	95	11,60	45,00	9,1
83	8	Conservas Friscos	Catoira	350	44,79	41,00	3,9
75	9	Angel López Soto	Vigo, Ribeira	190	8,78	37,13	7,1
73	10	Thenaise Provote	Vigo, O Grove	211	6,58	36,00	5,5
69	11	Conservas del Noroeste (Connorsa)	Vilaboa	136	1,73	34,00	2,6
64	12	Pescafina Bacalao (Pescanova)		95	4,65	31,50	6,6
64	13	Conservas Cuca (Grupo Garavilla)	Vilagarcía, Boiro	200	12,69	31,38	0,2
59	14	Conservas Cerqueira	Ribeira, Vigo	122	12,70	29,15	10,1
53	15	Conservas Antonio Alonso	Vigo, Celeiro, Bueu	112	8,64	26,10	2,1

* Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.
** A cifra de recursos propios limítase ás veces ao capital social.
1. En Italia comercializa como Nostromo, conta con fábricas en El Salvador (La Unión) e Brasil (Gomes da Costa) e frota propia.
2. Conta con plantas produtivas en Guatemala, Chile, Sáhara Occidental e Noruega. En Italia comercializa como Mare Aperto.
3. Conta con catro plantas en Galicia e instalacións de xeración eléctrica. Propiedade da familia Carregal ao 100%.
4. De capital vasco, conta con factorías en Mundaka e O Grove (Isabel) e exteriores en Marrocos, Ecuador e Colombia.
5. Ten fábricas en Vigo, Celeiro e Tapias (Asturias), esta última dedicada á elaboración de precociñados.
6. Especializada en formatos para hostalería e gran consumo. Propiedade da familia González Portela ao 100%.
7. Conta con plantas en Chile e na Ila Terceira (Azores).
8. Propiedade da familia Nieto Otero, mantén participacións en Albacora e Conservas Puebla.
9. Mantén unha liña de bacallau e participa en Procsa (precociñados) e Iberconsa (conxelados). Propiedade da familia López Soto.
10. Desenvolve novas instalacións en Perú en *joint venture* coa galega Consernova.
11. Propiedade de Vilaboa de Inversiones (89,84%).
12. Pertence no 100% ao Grupo Pescanova. Mercados de exportación: Portugal, Francia, Italia.
13. Integrada no Grupo Garavilla desde 2011. Antiga denominación: Pita Hermanos.
14. Mantén participacións minoritarias en Aucosa, Mar e Aquarium. Propiedade da familia Cerqueira ao 100%.
15. Desenvolve un proxecto de elaboración de pratos para preparar en forno de microondas.

Fonte: *Alimarket. Informe anual 2011* e elaboración propia.

resultado e, actualmente, a empresa está abocada ao peche. A tenaz resistencia do cadro de persoal remanente, apenas 150 traballadoras, parece carecer de perspectivas. A única saída á situación concursal en que se encontra a empresa pasa agora polas negociacións abertas co Consorcio Español Conservero (Santoña, Cantabria). As dificultades de acordo proveñen da resolución dos avais prestados a operacións bancarias de emerxencia outorgados polo Igape. Os xulgados han de dirimir unha demanda

Cadro núm. 28

Evolución das principais empresas do sector conxelador galego
(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2010*		Empresa	Situación de plantas en Galicia	Emprego	Recursos propios**	Facturación 2010	% variación 2010/2009
1.000	1	Grupo Pescanova	Vigo	4.450	116,68	1.560,00	5,9
127	2	Pescapuerta	Vigo	2.071	44,01	197,40	10,8
87	3	Grupo Pereira	Vigo	1.000	-	135,00	2,3
71	4	Congelados y Frescos del Mar	Vigo	135	19,70	110,00	1,8
68	5	Ibérica de Congelados	Vigo	650	10,95	106,73	14,1
61	6	Mascato	Salvaterra	15	2,74	95,00	-
58	7	Congelados y Derivados		425	1,96	90,00	-3,5
54	8	S.A. Eduardo Vieira	Vigo	1.000	30,82	85,00	-5,6
46	9	Marfrio	Marín	133	8,21	71,78	-6,8
43	10	Congelados Marinos Promar	Vigo	200	0,16	67,00	-2,9
42	11	Fandicosta	Moaña	210	10,52	65,00	9,4
41	12	Isidro de la Cal-Fresco	A Coruña	173	4,41	64,00	-2,1
35	13	Frigoríficos Fandiño	Vigo	95	22,80	54,00	4,9
29	14	Congalsa	A Pobra, Ribeira	333	14,59	44,70	-12,2

* Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.
** A cifra de recursos propios limítase ás veces ao capital social.
1. Pescanova (Manuel Fernández: 23,03%); o resto dos accionistas manteñen participacións da orde do 5% despois do desinvestimento de Caixa Galicia.
2. Pescapuerta (Herdeiros de J. Puerta: 99%), en 2009 adquiriu Congelados y Derivados. A cifra de facturación é a do grupo.
3. Grupo Pereira (Familia Pereira Álvarez: 80%). En 2011 entrou no capital de Frigoríficos Oya. Mantén frota e instalacións en diversos países.
4. Confremar é un grupo madrileño que adquiriu unha planta produtiva en Vigo en 2010 (PSK Mar) que tenta potenciar.
5. Mascato mantén factorías en Salvaterra de Miño, Chiloé (Chile) e Namibia.
6. Iberconsa (López Soto: 25%, Cameselle Gallego: 25%, Ramos Palmero: 25%), conta con instalacións en Vigo e Arxentina. Posúe a filial Hiperxel.
7. Adquirida por Pescapuerta en maio do 2009. O grupo mantén factorías e frota conxeladora en varios países.
8. Eduardo Vieira (Familia Vieira: 90%), opera en Arxentina, Namibia e Senegal, mantén instalacións acuícolas en Perú.
9. Marfrío (Copemar: 49,6%; Pesqueras Echalar: 49,6%), mantén factorías en Portugal (Cerveira) e delegación en Namibia.
10. En 2011 absorbeu Frigorífcos Fandiño; o novo grupo proponse adoptar a denominación Grupo Pofand. Socio maioritario García Chillón (90%).
11. Fandicosta (Tebra: 34,9%; Frigoríficos Fandiño: 32,6%, Conservas y Frigorícos Morrazo: 25%), en 2011 asumiu a concesión das instalacións frigoríficas do porto de Vilagarcía.
12. Isidro de la Cal (J. Bretón Fernández, accionista maioritario) mantén factoría en Cambre e diversas instalación acuícolas.
13. Absorbida por C. M. Promar en 2011.
14. O mercado español absorbe o 70% da súa produción. Propiedade da familia Simarro ao 100%.
Fonte: *Alimarket. Informe anual 2011* e elaboración propia.

previa interposta pola familia Lago. O obxectivo céntrase na recuperación operativa da planta de Ribadumia e, quizais, a de Vilaxoán. Non está claro tampouco o destino da emblemática sede da empresa na beiramar viguesa.

As cifras publicadas por Pescanova referentes a 2011 poden cualificarse de satisfactorias, en congruencia coa habitual estabilidade da demanda alimentaria nas conxunturas críticas: as vendas situáronse en 1.670 millóns (6,8%, interanual), os resultados brutos consolidados (EBITDA) en 183,5 millóns (12,4%) e o beneficio neto consolidado en 48,8 millóns de euros (34,4%). A compañía xerou unha cota do 52% das súas vendas fóra do mercado español, con marcada tendencia ao crecemento. Cómpre subliñar

que a acuicultura contribuíu con 465,8 millóns á facturación da compañía en 2011 (14,4%), en tanto que o negocio tradicional supón 1.198 millóns (3,4%). Boa proba da importancia da acuicultura na estratexia do grupo e do carácter global do mesmo é a distribución dalgúns dos seus fornecementos de referencia: os lagostinos proceden de Guatemala, Honduras, Nicaragua e Ecuador; o salmón de Chile; o rodaballo, de Galicia e Portugal, e a tilapia, do Brasil.

O 23,03% da compañía está nas mans do seu presidente, Manuel Fernández de Sousa-Faro; a cervexeira Damm conta cun 5% e outros cinco investidores máis roldan tamén o 5%. En 2011 a distribución de accións da compañía experimentou cambios de importancia debido ao desinvestimento das caixas galegas. A participación das mesmas, arredor do 25%, foi adquirida polo presidente da compañía como expediente transitorio mediante unha operación de *Equity Swap* instrumentada para facilitar a liquidación diferida e posterior transmisión a terceiros do paquete así adquirido. O 5% das accións foron adquiridas polo grupo cervexeiro Corporación Económica Damm, que participa tamén en Ebro Foods dentro da súa estratexia de diversificación no sector alimentario. Outro paquete do 5% foi vendido a unha sociedade luxemburguesa de participacións: Luxempart.

Pescanova cerrou 2011 cuns fondos propios de 262,2 millóns de euros (242,3 no ano anterior), mentres o seu endebedamento alcanzaba a cifra de 557,3 millóns (374,5 en 2010) e o pasivo corrente se situaba en 113 millóns (82,3 no ano anterior). Tamén experimentaron un crecemento significativo as contas de debedores comerciais a cobrar. A conxuntura actual non é un escenario cómodo a efectos de refinanciamento, tal como a banca española ten ocasión de experimentar. Non obstante, o grupo pesqueiro vigués parece orientar a súa estratexia financeira cara á obtención de liquidez a través de desinvestimentos de inmobilizado programados. A finais do primeiro trimestre de 2012 facíase pública a intención do grupo de proceder á venda de 5 buques pesqueiros e diversos terreos e instalacións por valor de 55 millóns de euros.

Gráfico 14.

Contribución das comunidades autónomas ás entregas de leite á industria en España. Campaña abril 2011-marzo 2012



Industrias lácteas

Cabe cualificar de preocupante o panorama do sector da produción láctea galega na primavera de 2012. A seca severa que presidiu o inverno, agudizada polo encarecemento dos insumos agrarios (pen-

sos, gasóleo...) e unha conxuntura de prezos escasamente remuneradores operando nun mercado fragmentario e dominado pola industria transformadora, conforman o escenario. A produción láctea mantense nos valores habituais en Galicia. Segundo información procedente do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), as 11.545 granxas galegas de vacún existentes en Galicia alcanzaron unha produción de 2.334,6 millóns de toneladas durante a campaña anual abril 2011-marzo 2012 dun total de 6.160,1 millóns de toneladas producidas polo conxunto das comunidades autónomas. É bo lembrar, unha vez máis, que a produción láctea en España é un asunto esencialmente galego, razón que talvez contribúa a explicar o discreto plano informativo en que habitualmente se mantén.

No panorama da industria transformadora gaña interese por riba de calquera outra información o conflitivo proceso de adxudicación da factoría láctea de Clesa (Caldas de Reis). A factoría pasara das mans duns accionistas disidentes da firma andaluza Puleva á italiana Parmalat a principios de 2003, nunha operación sorpresa que foi aproveitada polo grupo italiano para entrar con forza no mercado español. A mediados de 2007 o grupo de Ruiz Mateos, Nueva Rumasa, compráballe aos italianos a planta de Caldas en 188 millóns de euros nun contexto de crise profunda do grupo italiano. A xestión heterodoxa que caracterizou sempre a traxectoria empresarial do grupo Ruiz Mateos non tardou en provocar a quebra do grupo Nueva Rumasa, quedando Clesa nunha situación patrimonial de carácter terminal e incerta saída.

Cadro núm. 29

Evolución das principais empresas do sector lácteo galego
(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2010*		Empresa	Situación de plantas en Galicia	Emprego	Recursos propios**	Facturación 2010	% variación 2010/2009
1.000	1	Leche Pascual España	Outeiro de Rei	2.400	208,51	797,00	4,4
925	2	Corp. Alim. Peñasanta-Capsa (Larsa)	Vilagarcía, Outeiro de Rei	1.316	218,54	737,50	1,9
565	3	Puleva Food (Grupo Lactalis)	Nadela	1.009	240,83	450,00	12,7
376	4	Grupo Clesa	Caldas de Reis	800		300,00	-18,7
282	5	Leche Celta (Lactogal: Portugal)	Pontedeume, Meira	276	48,35	225,00	-13,3
238	6	Leite Río (Lácteos Lence, Leyma)	Lugo, Láncara, A Coruña	114	45,06	190,00	-2,7
118	7	Feiraco	Negreira	197	9,61	94,05	-1,8

* Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.
** A cifra de recursos propios limítase ás veces ao capital social.
1. O grupo acometeu unha ampla reorganización. En 2010 alugou a súa planta de Outeiro de Rei á cooperativa galega Alimentos Lácteos.
2. CLAS: 56,4%, C.L.E. (Francia): 27%; Cajastur: 11%. O grupo desenvolve un plan de especialización na súa gama de produtos.
3. Ebro Food vendeu o seu negocio lácteo á francesa Lactalis que o controla agora ao 100%.
4. A factoría de Caldas inicia 2012 con perspectivas de normalización a mans de Feiraco e dun grupo cooperativo galego.
5. Pertence a Latogal (Porto) por adquisición a Dean Foods en 2006 por importe de 120 M€.
6. Mantén tres plantas na provincia de Lugo e posúe o 75% de Leyma C.L. Participa na envasadora Fonxesta (30,48%).
7. Sociedade cooperativa con 3.800 socios que mantén diversas liñas de negocio.

Fonte: *Alimarket. Informe anual 2011* e elaboración propia.

A autoridade xudicial decretaba unha fianza de 18,5 millóns de euros a comezos do mes de febreiro de 2012 contra Ruiz Mateos e seus seis fillos varóns baixo acusación de estafa e fraude fiscal. Abríase así un concurso de acredores complexo e desalentador para o cadro de persoal de Clesa como un novo episodio da azarosa vida da compañía. A mediados do mes de febreiro de 2012 a solución do conflito laboral e patrimonial en que se sumira Clesa parecía ben encamiñado grazas ao auto ditado no Xulgado do Mercantil que autorizaba a «venda directa» da unidade produtiva –terreo, planta, naves e instalacións– de Caldas e as súas delegacións, así como a marca Clesa á flamante sociedade Agrupación Cooperativa Láctea S.L. (Acolact) integrada por Feiraco e outras 9 cooperativas galegas. O importe fixado foi de 2,45 millóns de euros, máis unha cantidade suplementaria de ata 10,2 millóns adscrita á extinción de dúas hipotecas. O proceso non rematou polo momento. A Tesourería Xeral da Seguridade Social non tardou en impugnar o auto de resolución do concurso por estimar que a sociedade adxudicataria tiña que facer fronte ás débedas contraídas por Clesa ante a Seguridade Social e valoradas en 2 millóns de euros, das cales fora exonerada pola sentenza do Xulgado do Mercantil.

Industria cárnica, produción avícola e pensos

O informe anual de 2011 de Alimarket sitúa a facturación do grupo Coren en 950 millóns de euros. Noticias procedentes do grupo referidas ao exercicio 2011 facían pública a cifra histórica de 1.005 millóns de facturación, a pesar do impacto da crise. Entre as políticas de mellora do grupo cooperativo ourensán destacan as referentes á mellora no desempeño enerxético das granxas e nas condicións de crianza das galiñas.

Respecto ao primeiro, o grupo manifestou a intención de investir 80 millóns na instalación de sistemas híbridos de xeración: eólica, solar, de gas e eléctrica co obxectivo de economizar ata o 50% da factura enerxética. O programa será desenvolvido en 70 granxas do grupo cooperativo por medio da súa filial Coren Energía e das empresas viguesas Rande Solar e Fionavar. O custo da implantación podería ascender a 1,2 millóns de euros por granxa. Coren Energía participa no proxecto cun 51% do emprendemento, mentres Rande Solar e Fionavar asumen o 49% restante. O esquema de actuación supón un muíño eólico por granxa cunha potencia de100 Kw, máis 20 para un parque solar e 30 máis para a subministración eléctrica da rede. Unha batería comandada por unha central automática optimizará os desfases entre produción e consumo e seleccionará en forma automática as fontes de abastecemento. Estímase en cinco anos o período de amortización da instalación. Parte dos equipos proceden de fóra de España.

No tocante á mellora nos sistemas de crianza, preténdese establecer un programa de cría de poñedoras en cumprimento da normativa comunitaria relativa ao benestar animal. Este método combina unha mellora na habitabilidade das gaiolas e o réxime de liberdade para producir ovos campeiros de calidade. O grupo viña desenvolvendo, de feito, tal política nunha estratexia que lle permite contar na actualidade con 250.000 poñedoras en liberdade e producir 250.000 ovos campeiros a diario. O custo

Cadro núm. 30

Evolución das principais empresas do sector cárnico galego (datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2010*		Empresa	Situación de plantas en Galicia	Emprego	Recursos propios**	Facturación 2010	% variación 2010/2009
Produción							
1.000	1	Grupo Coren	Ourense	3.500	18,97	950,00	1,90
42	2	Cooperativa Conejos Gallegos (Cogal)	Rodeiro	140	1,73	40,00	33,30
32	3	Avícola de Galicia	Pontevedra	95	5,00	30,33	-5,50
Elaborados cárnicos							
142	4	Frigolouro (Coren)	O Porriño	600	9,14	135,00	-2,30
35	5	Novafrigsa (Coren)	Lugo	146	4,36	33,00	-2,40
26	6	Matadero Frigorífico Montellos	Betanzos	60	2,34	25,00	25,00
16	7	Industrias Frigoríficas del Deza	Lalín	65	1,63	15,50	-1,40
15	8	Matadero Frigorífico de Lemos	Monforte	22	0,46	14,50	-0,90

* Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.
** A cifra de recursos propios limítase ás veces ao capital social.
1. Controla Frigolouro e Novafrigsa ao 100%. Recursos propios: só capital social.
2. Capacidade de produción de comercializou 10.000 coellos por semana. Recursos propios: só capital social.
3. Adquirida en 2008 polo grupo catalán Vall Companys ao francés Doux.
4. Frigolouro ten en aluguer un secadoiro de xamóns en Cáceres. Recursos propios: só capital social que elevou a 10,25 en 2011.
5. Elabora xamón curado para Frigolouro, comercializa «Terneira Galega».
6. Durante 2010 e 2011 a empresa foi adquirida pola madrileña Suministros Medina que procedeu a recapitalizala e modernizala.
7. Comparte accionistas con Nutrimentos do Campo e Aguas Fontedeza.
8. Dedícase ao sacrificio de vacún e á maquía. A mediados de 2011 presentou un concurso voluntario de acredores.
Fonte: *Alimarket. Informe anual 2011* e elaboración propia.

Cadro núm. 31

Evolución das principais empresas do sector de fabricación de pensos galego
(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2010*		Empresa	Situación de plantas en Galicia	Emprego	Recursos propios**	Facturación 2010	% variación 2010/2009
1.000	1	Grupo Coren	Ourense	3.500	18,97	950,00	1,9
281	2	Nuter Feed	Lugo, San Pedro de Nos, O Porriño	400	50,91	267,00	42,1
99	3	Feiraco	Negreira	197	9,61	94,05	-1,8
63	4	Nutrimentos Deza (Nudesa)	Silleda	82	0,21	60,00	-
20	5	Nutrimientos del Campo	Dozón	50	3,80	18,99	-13,9

* Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.
** A cifra de recursos propios limítase ás veces ao capital social.
1. Controla Frigolouro e Novafrigsa ao 100%. RR. PP.: só capital social.
2. Accionistas: Mercapital, Grupo Pascual; integra Saprogal e Pascual de Aranda. Produce 1 Mtm de pensos. Marca BIONA e outras.
3. Sociedade coooperativa con 3.800 socios que mantén diversas liñas de negocio.
4. Dispón de catro explotacións propias de porcino.
5. Dispón de explotacións propias de porcino. Participa no matadoiro frigorífico Industria Frigoríficas del Deza.
Fonte: *Alimarket. Informe anual 2011* e elaboración propia.

de implantación do sistema podería facelo prohibitivo para os pequenos produtores de ovos de España, segundo opinou a *Asociación de Productores de Huevos de España* (ASEPRHU).

Bebidas e industria vinícola

Neste apartado centrarémonos na Denominación de Orixe Rías Baixas que segue concentrando a súa expansión nos mercados internacionais.

Cadro núm. 32

Evolución das principais empresas do sector de bebidas galego
(datos monetarios en millóns de euros)

Índice 2010*		Empresa	Situación de plantas en Galicia	Emprego	Recursos propios**	Facturación 2010	% variación 2010/2009
Augas de mesa e refrescos							
1.000	2	Bebidas Gaseosas del Noroeste (Begano)	A Coruña	387	146,28	180,31	-2,9
682	1	Grupo Vichy Catalán (Aguas de Mondariz)	Mondariz	740	-	123,00	-0,2
73	3	Fontecelta S.A.	Céltigos	50	4,78	13,09	10,5
45	4	Aguas de Cabreiroá	Verín	40	8,22	8,10	-2,3
35	5	Euroinversiones Aguas de Sousas	Verín	50	3,25	6,30	6,9
28	6	Aguas de Cospeito, Aquabona	Cospeito	14	5,79	5,10	-7,0
Bebidas alcohólicas							
971	7	Hijos de Rivera	A Coruña	570	99,89	175,00	5,6
266	8	Grupo Arnoya	Ourense	100	-	48,00	14,8
89	9	Coop. Vitivinícola Ribeiro S.C.L.	Ribadavia	40	1,70	16,00	-
83	10	Bodegas Martín Códax	Cambados	40	6,67	15,00	4,4
50	11	Bodegas Terras Gauda	O Rosal	24	9,40	9,03	-2,0
39	12	Adegas Condes de Albarei	Cambados	11	5,13	6,96	-17,8

* Índice: tanto por mil da facturación do grupo líder.
** A cifra de recursos propios limítase ás veces ao capital social.
1. Grupo catalán que integra Aguas de Mondariz, Fuente del Val.
2. Begano está integrada no Grupo Coca-Cola, os seus accionistas controlan Gadisven, propietria de Aguas de Cospeito.
3. Fontecelta (Disgobe, Horacio Gómez Araújo: 100%).
4. Aguas de Cabreiroá comercializa a súa produción a través de Hijos de Ribera.
5. Euroinversiones Aguas de Sousas (Manuel Vázquez e Auria de Valores: Grupo Arnoya).
6. Produce Aguas de Cospeito xunto con outras plantas do grupo Gadisven, accionistas de Begano.
7. Hijos de Rivera (Familia Rivera: 100%) está ampliando a súa factoría coruñesa para producir 200 Ml en 2012.
8. Grupo Arnoya (Auria de Valores, 100%) comercializa «Rectoral de Amandi», «Milenium», «Rectoral de Umia» e viños a granel.
9. Coop. Vitivinícola Ribeiro S.C.L produce ribeiros e augardentes a partir das 500 ha de viñedo que posúe.
10. Bodegas Martín Códax (Coop. Viticultores: 100%), mantén con éxito un programa de exportacións a Norteamerica.
11. Bodegas Terras Gauda (accionista maioritario, Fonseca Moretón) controla o 65% da berciana Bodegas Pittacum.
12. Adquiriu a finca Pazo de Baión a mediados de 2008, a empresa está empeñada nun plan de expansión en colaboración coa Xunta.

Fonte: *Alimarket. Informe anual 2011* e elaboración propia.

Cadro núm. 33

Distribución xeográfica da denominación de orixe «Rías Baixas». Ano 2011

Subzona	Viticultores	Superficie (hectáreas)
Val do Salnés	4.708	2.226
O Rosal	546	596
Condado do Tea	1.210	970
Soutomaior	45	19
Ribeira do Ulla	108	158
Total	**6.617**	**3.969**

Fonte: Consello Regulador da denominación de orixe.

O crecente prestixio do viño albariño é un fenómeno singular pola súa crecente solidez e tamén polo efecto de arrastre doutras denominacións e mesmo de creación de marca país. Ao contrario do que é habitual en *clusters* e asociacións empresariais varias, esta D. O. mantén unha política de transparencia informativa exemplar que lle permite potenciar a presenza constante nos medios de comunicación, contribuíndo así ao afianzamento do produto no mercado de consumo. O coeficiente de localización no Val do Salnés aproxímase ao 60%. A modesta superficie media dos viñedos en explotación é unha característica que contribúe a encarecer os custos de produción e abastecemento das plantas de procesado.

Cadro núm. 34

Evolución da produción da denominación de orixe «Rías Baixas»

	Vendima, uva (toneladas)	Vendima, viño (hectolitros)	Vendas (hectolitros)	Exportación (hectolitros)
1990	4.850	31.525	-	674
1991	5.400	35.100	32.525	707
1992	4.322	28.094	27.100	758
1993	3.935	25.580	31.154	502
1994	5.417	35.211	28.413	1.654
1995	9.893	65.000	36.168	1.886
1996	9.776	64.411	58.935	3.663
1997	8.193	54.599	57.375	5.843
1998	3.469	23.433	70.115	6.137
1999	12.474	84.078	40.606	4.101
2000	8.500	58.073	69.775	6.995
2001	16.814	112.113	68.121	7.337
2002	13.253	88.690	85.702	8.270
2003	16.463	107.889	84.064	9.372
2004	22.769	148.175	109.625	11.948
2005	21.903	145.906	130.725	15.438
2006	30.610	204.294	154.338	20.494
2007	18.737	127.194	174.100	32.789
2008	19.897	133.161	155.099	30.314
2009	23.624	161.476	149.333	30.576
2010	31.687	216.389	158.591	35.481
2011	41.788	286.998	180.489	41.905

Fonte: Consello Regulador da denominación de orixe e elaboración propia.

O ritmo de progresión do cultivo e as colleitas é máis que destacado: multiplicouse por 9 no período 1990-2011, equivalente a un crecemento do 10% anual acumulativo.

Innovación e outras actividades

A mutación tecnolóxica como factor de diferenciación e competitividade é un imperativo invocado arreo por economistas, responsables políticos e departamentos universitarios. Ao reto permanente de homologación cos países centrais da Unión Europea únese agora a urxencia do crecemento e da exportación como vehículo de superación da crise.

Nun ano, 2011, no que o gasto interno en I+D rexistrou en España un descenso do 4,1% e o gasto empresarial diminuíu un 5,4% (en Galicia a redución no bienio 2009-2010 foi do 9%), as expectativas respecto aos avances en innovación non poden ser moi altas. Non obstante, a finais de 2011 reuníanse os reitores das tres universidades galegas para constituír Redincuba, Rede de Incubadoras de Empresas Tecnolóxicas e Innovadoras, promovida pola incubadora de proxectos da USC, Uninova (1999). Esta iniciativa continúa a colaboración das universidades galegas na promoción do emprendemento e na creación de empresas de base tecnolóxica (EBTs) iniciada co programa Empresa-Concepto (2004-2011), que ten como obxectivo estratéxico, alén do amparo a proxectos nacentes para facilitar o seu acceso ao mercado, o estímulo aos fluxos de transferencia de coñecemento. Cooperan igualmente na experiencia a Tecnópole-Parque Tecnolóxico de Galicia, a Cidade Tecnolóxica de Vigo (Citecvi), a Fundación CEL, o Centro de Empresas e Innovación CEI-Nodus de Lugo e o Centro de Iniciativa Empresarial A Granxa do Consorcio Zona Franca de Vigo. A iniciativa conta con financiamento da *Secretaría General de Industria do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio* (na mesma liña, debe considerarse a iniciativa Bioemprende, promovida por ICC Galicia, tamén coas universidades e co Sergas.

O estímulo dos fluxos de transferencia de coñecemento desde a I+D pública (universidades) á esfera do mercado reclama desde hai tempo instrumentos de financiamento *ad hoc* que cubran a indispensable fase da proba de concepto. Nese camiño, a finais de 2011 a Fundación Barrié crea un Fondo de Ciencia, dotado inicialmente con 5 millóns de euros, para financiar o proceso de valorización de resultados de I+D xerados polos axentes do sistema público de I+D galego.

Por parte da Xunta de Galicia, as liñas de apoio aos diversos instrumentos de promoción da produtividade empresarial coméntanse no seguinte apartado deste *Informe*.

A área en que se inscriben as iniciativas de transferencia tecnolóxica promovidas pola Universidade e pola Administración e as estratexias de cooperación público-privado nos procesos de I+D e innovación apuntan ao segmento emerxente das empresas fornecedoras de servizos empresariais avanzados, as de biotecnoloxía, biomedicina e tecnoloxía alimentaria, as TIC, as empresas de animación ou as de produción de *software* especializado como actividades máis destacadas. Proba desta situación é a existencia de institutos como Gradiant (Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de

Galicia), localizado no Campus Universitario de Vigo, a implantación no Campus Vida (USC) de CETAQUA, Centro Tecnolóxico promovido por Aguas de Barcelona (Agbar), a Universidade Politècnica de Catalunya (UPC), o CSIC e a propia USC, e dirixido ao desenvolvemento de tecnoloxías relacionadas co ciclo integral da auga, ou a creación da Unidade Mixta de Investigación entre a USC e Laboratorios ESTEVE en materia de desenvolvemento de fármacos.

Froito tamén da incipiente vitalidade dos procesos de transferencia seguen a aparecer empresas que desenvolven as capacidades de I+D universitarias, como é o caso de Bit Oceans (Vigo, 2008: securización documental e de sinaturas), de Plexus Tecnologías (Santiago: aplicacións informáticas para a empresa e institucións), ou de Moonbite Games (Santiago 2011: unha compañía dedicada ao deseño, produción e autopublicación *on line,* de innovadores videoxogos multiplataforma).

Outra experiencia altamente satisfactoria é Galchimia (O Pino, 2001), empresa nacida como *spin-off* da USC. Galchimia iniciou o proceso para cotizar no Mercado Alternativo Bursátil (MAB) e figura entre os 20 casos de éxito de innovación empresarial en Galicia segundo a publicación «i20. Innovación empresarial en Galicia», recentemente editada pola Consellería de Economía e Industria, o Ministerio de Ciencia e Innovación e Industria e a Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología.[11] Entre os clientes do flamante empredemento cóntanse algúns tan reputados como os laboratorios Almirall e Esteve ou a filial de Zeltia, Noscira. Galchimia está integrada na iniciativa de promoción biotecnolóxica transfronteiriza Bioemprende, plataforma aberta á cooperación.[12]

Un caso singular por proceder da área da enxeñería de procesos é o da monfortina Teydi (Técnicas Eléctricas y Desarrollo Integral: 1999). A empresa procede da fusión de varias sociedades que viñan operando no sector eléctrico, con más de 25 anos de experiencia. Opera en varios campos da enxeñería, como son os do proxecto de estacións de depuración de augas e o deseño de instalacións eléctricas de media e baixa tensión. A empresa ten proxección internacional e alcanzou unha facturación declarada de 31,5 millóns de euros en 2010 (*Expansión*, 21 de xuño de 2011).

O operador de cable R (CVC Capital, 70%) presentou os resultados económicos de 2011 cun crecemento do EBITDA do 5,8%: 110 millóns de euros, pese ao impacto da crise. Os ingresos, que se incrementaron tamén nun 3%, alcanzaron os 237 millóns de euros grazas á incorporación de novos clientes: 275.000 a final de ano. A compañía conta xa con 118.000 liñas de móbiles en Galicia. A operadora galaico-británica declaraba ter destinado 54 millóns de euros do investimento de 2011 ao desenvolvemento da súa rede de fibra óptica que permite fornecer xa a 84 localidades en Galicia.

[11] *http://i20.fundacioncalidade.org/i20/i20-castellano.pdf*

[12] *http://www.bioemprende.eu/images/documentos/dosier_castellano.pdf*

O investimento estranxeiro declarado no «Rexistro de Investimentos» en Galicia

Un elemento de impulso da actividade económica galega e, en particular, do sector industrial pode ser a entrada de capital de procedencia estranxeira. Non obstante, as diferentes modalidades deste tipo de investimento provocan que a súa incidencia poida ser practicamente inocua para unha economía ou, pola contra, ter efectos moi significativos. Así, e como exemplo do primeiro caso, nas estatísticas sobre Investimento Estranxeiro Directo (IED) figuran un tipo de capital denominado *de paso* que se dirixe ás Entidades de Tenencia de Valores Estranxeiros (ETVE), sociedades instrumentais de carácter financeiro e fiscal que, agás raras excepcións, non xeran actividade nin emprego nos países nos que se localizan. As súas operacións rexístranse con dúas anotacións contables, unha de entrada e outra de saída. Á marxe deste tipo de operacións, o efecto na economía do IED que non se dirixe ás ETVE tamén é diferente segundo a súa modalidade. O maior impacto no crecemento adoitan xeralo os investimentos denominados *greenfields,* aqueles nos que o investidor directo se instala no estranxeiro construíndo novas instalacións operacionais. A incidencia tradicionalmente non é tan forte cando o investimento consiste na adquisición de empresas xa existentes no país de orixe, ou sexa, cando se produce un cambio na súa titularidade, aínda que con estas operacións non especulativas as sociedades poden gañar en dimensión ou en eficiencia, malia que os centros de decisión se despracen a lugares, ás veces, moi afastados da realidade económica do territorio nos que operan.

Lembremos que por IED se entende que «unha empresa residente nun país estableza un vínculo duradeiro nunha empresa que reside nun país distinto do que corresponde ao investidor directo. O vínculo duradeiro implica a existencia dunha relación a longo prazo e cun grao significativo de influencia na xestión da empresa. Considérase unha proba de que existe o devandito vínculo cando sexa propietario directa ou indirectamente do 10% ou máis dos dereitos de voto».[13] Deseguido describiremos a contía e características deste IDE[14] recibido por Galicia en 2011.

Con datos provisionais provenientes do *Registro de Inversiones Exteriores* o IED recibido por Galicia en 2011 foi de 276,4 millóns de euros, cifra que, se ben só supón case o 1% da total que entrou no conxunto de España, multiplica por 6 a recibida en 2010. Trátase do cuarto investimento máis elevado desde 1993, ano no que comezou a funcionar o Rexistro. Unicamente se alcanzou un IED superior en 2001 (502,7 millóns de euros), 2002 (484,8 millóns) e 2004 (391,1 millóns), dato que corresponde a uns exercicios nos que a economía española era máis receptiva que agora a recibir

[13] *Definición de referencia de la Inversión Exterior Directa de la OCDE*. Informe do Comité de Investimentos. Versión: C (2008) 76 de 2 de maio de 2008. Revisión do 2 de febreiro de 2012.

[14] O IED bruto que se comenta neste apartado recolle a participación en sociedades españolas non cotizadas; a participación, superior ao 10%, en sociedades españolas cotizadas; a constitución ou ampliación de sucursais e outras formas de investimento (fundacións, cooperativas, sociedades de interese económico) no que o capital investido supere os 3.005.060,25 euros.

IED, xa que as vantaxes de localización se foron perdendo e, nos últimos anos, este fluxo tendeu a desprazarse cara a países emerxentes. Para a análise da entrada de IED en Galicia hai que ter en conta que ao non ser moi elevada a contía do investimento que habitualmente se recibe, unha ou varias operacións puntuais fan incrementar de maneira espectacular a taxa de variación interanual desta variable segundo o exercicio. En 2011 aumentou un 483,5%, pero se esta cifra se compara con outras como as subscricións de capital en sociedades mercantís efectuadas en Galicia en 2011, case 4.400 millóns de euros, comprobamos que o seu peso relativo non é alto.

A existencia das sedes centrais das principais sociedades en Madrid ou en Cataluña matiza os resultados de IED que figuran nos cadros 35 e 36 a favor destes territorios, onde se inscribe un investimento que, ás veces, se vai realizar en calquera outro lugar do territorio español. De feito, no cadro 35 obsérvase como en 2011, en

Cadro núm. 35

Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2009		2010		2011		
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	% variación 2011/2010
Andalucía	323,31	1,92	1.225,38	5,10	469,50	1,65	-61,68
Aragón	544,79	3,24	47,48	0,20	37,94	0,13	-20,09
Cantabria	12,10	0,07	3,67	0,02	16,79	0,06	357,84
Castela e León	74,80	0,44	12,93	0,05	182,71	0,64	1.313,34
Castela-A Mancha	178,26	1,06	55,37	0,23	500,60	1,76	804,15
Cataluña	2.020,26	12,01	4.589,66	19,12	3.501,34	12,32	-23,71
Madrid	10.349,05	61,53	9.304,37	38,75	16.625,63	58,51	78,69
C. Valenciana	553,85	3,29	156,30	0,65	462,00	1,63	195,58
Estremadura	28,64	0,17	30,40	0,13	26,29	0,09	-13,51
Galicia	**167,47**	**1,00**	**47,37**	**0,20**	**276,44**	**0,97**	**483,53**
Baleares	417,82	2,48	166,61	0,69	372,74	1,31	123,72
Canarias	78,94	0,47	862,55	3,59	1.028,92	3,62	19,29
A Rioxa	3,60	0,02	36,41	0,15	2,00	0,01	-94,51
Navarra	27,82	0,17	109,84	0,46	49,30	0,17	-55,12
País Vasco	762,43	4,53	261,87	1,09	664,15	2,34	153,62
Asturias	6,34	0,04	29,32	0,12	18,16	0,06	-38,05
Murcia	11,68	0,07	23,96	0,10	164,38	0,58	586,12
Ceuta e Melilla	0,73	0,00	0,00	0,00	0,04	0,00	1.245,66
Non clasificable	1.257,32	7,48	7.044,80	29,34	4.016,18	14,13	-42,99
Total	**16.819,18**	**100,00**	**24.008,30**	**100,00**	**28.415,10**	**100,00**	**18,36**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

Madrid se concentrou o 58,5% do investimento bruto total, en Cataluña o 12,3% e nas restantes comunidades non superou en ningunha (agás Canarias pola incidencia das ETVE) o 2,5%. Galicia, cun 1%, ocupou nesta estatística o noveno lugar entre as 17 comunidades autónomas e só gañou dous postos con respecto a 2010, ano no que o IED foi de unicamente 47,4 millóns de euros. Así, aínda coa crise, en España observouse un reponte do IED en 2010 e 2011, cifras positivas se, ademais, se considera que as operacións das EVTE en 2011 son inferiores ás doutros anos, a pesar de manter estas sociedades as súas vantaxes que motivaron a legalidade da súa implantación na década dos noventa. No cadro 36, no que se comparan os investimentos con e sen ETVE, apréciase a concentración deste tipo de sociedades en poucas comunidades. Sen ETVE o peso relativo do IDE recibido por Galicia ascendeu en 2011 ao 1,2%. Por outra banda, ao non publicaren os datos do investimento neto por comunidades autónomas descoñécese a contía do capital estranxeiro retirado de Galicia en 2011. En España, esta cifra ascendeu a 3.638,50 millóns de euros.

Cadro núm. 36

Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España. Ano 2011

	Sen ETVE		Con ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	469,35	2,09	469,50	1,65
Aragón	37,94	0,17	37,94	0,13
Cantabria	16,79	0,07	16,79	0,06
Castela e León	182,71	0,81	182,71	0,64
Castela-A Mancha	500,60	2,23	500,60	1,76
Cataluña	3.021,96	13,44	3.501,34	12,32
Madrid	12.520,14	55,69	16.625,63	58,51
C. Valenciana	350,69	1,56	462,00	1,63
Estremadura	26,29	0,12	26,29	0,09
Galicia	**276,44**	**1,23**	**276,44**	**0,97**
Baleares	361,34	1,61	372,74	1,31
Canarias	76,29	0,34	1.028,92	3,62
A Rioxa	2,00	0,01	2,00	0,01
Navarra	49,30	0,22	49,30	0,17
País Vasco	522,57	2,32	664,15	2,34
Asturias	18,16	0,08	18,16	0,06
Murcia	71,64	0,32	164,38	0,58
Ceuta e Melilla	0,04	0,00	0,04	0,00
Non clasificable	3.975,78	17,69	4.016,18	14,13
Total	**22.480,03**	**100,00**	**28.415,10**	**100,00**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

Cadro núm. 37

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto

	2010					2011				
	Galicia		España		% Galicia/ España	Galicia		España		% Galicia/ España
Sectores	Miles de euros	%	Miles de euros	%		Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería selvicultura e pesca	96,0	0,2	470.372,9	2,0	0,0	184,5	0,1	177.560,9	0,6	0,1
Industrias extractivas	8,0	0,0	113.437,1	0,5	0,0	0,0	0,0	280.454,6	1,0	0,0
Industria manufactureira	8.773,4	18,5	12.240.389,6	51,0	0,1	195.175,4	70,6	6.140.569,6	21,6	3,2
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	5,3	0,0	1.412.588,8	5,9	0,0	8.435,1	3,1	1.351.054,6	4,8	0,6
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0,1	0,0	1.447,0	0,0	0,0	-	-	45.064,1	0,2	0,0
Construción	2.633,0	5,6	726.933,2	3,0	0,4	5.235,1	1,9	920.172,8	3,2	0,6
Comercio polo xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.224,1	4,7	1.828.898,0	7,6	0,1	30.328,4	11,0	1.275.690,0	4,5	2,4
Transporte e almacenamento	217,0	0,5	2.027.115,4	8,4	0,0	25,0	0,0	4.498.415,3	15,8	0,0
Hostalería	863,9	1,8	138.738,1	0,6	0,6	945,4	0,3	319.080,6	1,1	0,3
Información e comunicacións	3.771,6	8,0	569.845,9	2,4	0,7	3.053,4	1,1	5.448.489,4	19,2	0,1
Actividaes financeiras e de seguros	25.999,5	54,9	1.412.927,3	5,9	1,8	31.225,6	11,3	5.326.390,0	18,7	0,6
Actividades inmobiliarias	2.130,1	4,5	1.528.868,4	6,4	0,1	1.822,1	0,7	1.496.640,7	5,3	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	604,8	1,3	1.000.146,4	4,2	0,1	7,7	0,0	554.321,6	2,0	0,0
Actividades administrativas e servizos auxliares	47,0	0,1	395.051,4	1,6	0,0	-	-	263.894,9	0,9	0,0
Administración pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	-	12,0	0,0	0,0	-	-	3,1	0,0	0,0
Educación	-	-	16.740,0	0,1	0,0	-	-	314,9	0,0	0,0
Actividades sanitarias e de servizos sociais	-	-	29.710,7	0,1	0,0	-	-	23.037,9	0,1	0,0
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	-	-	36.861,8	0,2	0,0	-	-	281.899,7	1,0	0,0
Outros servizos	-	-	58.211,1	0,2	0,0	-	-	12.049,9	0,0	0,0
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	6,0	0,0	0,0	-	-	-	-	-
Total	**47.373,7**	**100,0**	**24.008.301,0**	**100,0**	**0,2**	**276.437,7**	**100,0**	**28.415.104,5**	**100,0**	**1,0**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

O feito de que un ou varios investimentos dunha certa dimensión determinen as características do IED recibido en Galicia cada ano volveuse observar nos resultados de 2011. Así, mentres en 2010 os investimentos efectuados en Galicia se concentraron no sector de actividades financeiras e de seguros, no cadro 38 obsérvase que, en 2011, o 70,6% do total investido se dirixiu cara á industria manufactureira e practicamente o resto ao sector de servizos, cuxo fluxo de capital no segmento de comercio alcanzou o 11% do total e no de actividades financeiras e de seguros o 11,3%. A distribución sectorial en España nese mesmo ano presenta unha maior dispersión.

O IED recibido por Galicia en 2011 concretouse, segundo o Rexistro, en 5 operacións de certa envergadura, 3 no sector industrial e 2 nos servizos. Os restantes investimentos tiveron moi pouca entidade. A entrada de capital máis importante efectuouse na industria química, 83 millóns de euros, procedente de Reino Unido.

Cadro núm. 38

Procedencia do investimento estranxeiro bruto en Galicia e España

	Galicia		España		
Área de procedencia	Miles de euros	%	Miles de euros	%	% Galicia/ España
2010					
UE-15	35.591	75,1	18.509.505	77,1	0,19
Ampliación da Unión Europea	349	0,7	173.059	0,7	0,20
Outros países europeos	3.405	7,2	381.964	1,6	0,89
Países da OCDE non europeos	3.316	7,0	3.098.601	12,9	0,11
Países africanos	0	0,0	6.259	0,0	0,00
Países latinoamericanos (non OCDE)	4.155	8,8	1.360.399	5,7	0,31
Países asiáticos (non OCDE)	559	1,2	38.108	0,2	1,47
Resto dos países	0	0,0	440.373	1,8	0,00
Total	**47.374**	**100,0**	**24.008.268**	**100,0**	**0,20**
2011					
UE-15	214.344	77,5	21.663.027	76,2	0,99
Ampliación da Unión Europea	4	0,0	117.286	0,4	0,00
Outros países europeos	60	0,0	990.289	3,5	0,01
Países da OCDE non europeos	3.580	1,3	1.629.718	5,7	0,22
Países africanos	1.200	0,4	11.644	0,0	10,31
Países latinoamericanos (non OCDE)	3.386	1,2	3.462.755	12,2	0,10
Países asiáticos (non OCDE)	53.864	19,5	387.299	1,4	13,91
Resto dos países	0	0,0	153.085	0,5	0,00
Total	**276.438**	**100,0**	**28.415.104**	**100,0**	**0,97**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

A segunda foi un investimento de 58 millóns de euros da cementeira de orixe lusa instalada en Galicia, sociedade que nese exercicio experimentou unha caída das vendas e, consecuentemente, una diminución dos seus beneficios. A terceira, por unha contía de 50,2 millóns de euros, consistiu na adquisición do 100% do capital da firma de Porriño, Gándara Censa, polo grupo chinés, Citic. Así, a principios de 2011 comezou unha nova etapa nesta factoría, cuxa traxectoria se vén seguindo na *crónica sectorial* deste mesmo capítulo. No momento de redactar estas páxinas a empresa chinesa anunciou a súa intención de facer novos investimentos en 2012. As dúas operacións do sector de servizos son de contía moi similar. Trátase dun investimento de 29,8 mi-

Cadro núm. 39

Orixe última do investimento estranxeiro bruto

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
2010					
Portugal	26.765,0	56,50	México	6.538.549,0	27,23
Reino Unido	8.004,8	16,90	Países Baixos	2.593.197,9	10,80
México	3.267,2	6,90	Reino Unido	2.235.725,4	9,31
Suíza	2.738,5	5,78	Estados Unidos	2.151.929,5	8,96
Venezuela	1.913,0	4,04	Francia	2.062.132,9	8,59
Arxentina	889,7	1,88	Alemaña	1.816.938,4	7,57
Panamá	886,8	1,87	Italia	1.280.960,6	5,34
Italia	814,9	1,72	Brasil	919.251,4	3,83
China	554,5	1,17	Luxemburgo	890.566,3	3,71
Bielorrusia	346,5	0,73	Venezuela	496.931,9	2,07
Rusia	346,5	0,73	España	413.444,2	1,72
Uruguai	240,9	0,51	Uruguai	322.694,5	1,34
Brasil	224,7	0,47	Portugal	299.636,6	1,25
Andorra	217,0	0,46	Suíza	221.490,9	0,92
Noruega	96,0	0,20	Guatemala	215.044,1	0,90
Estados Unidos	45,4	0,10	Australia	182.463,0	0,76
Mónaco	7,5	0,02	Antillas Neerlandesas	135.856,5	0,57
Canadá	7,0	0,01	Canadá	119.401,5	0,50
Líbano	4,0	0,01	Illas Caimán	112.174,6	0,47
Polonia	2,0	0,00	Xapón	108.945,3	0,45
Bélxica	1,9	0,00	Resto do mundo	890.963,7	3,71
Total	**47.373,7**	**100,00**	**Total**	**24.008.298,0**	**100,00**

[Continúa] ▶

Cadro núm. 39 (continuación)

Orixe última do investimento estranxeiro bruto

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
2011					
Portugal	88.415,6	31,98	Reino Unido	6.893.103,3	24,26
Reino Unido	83.196,5	30,10	Francia	5.640.067,0	19,85
China	53.864,5	19,49	Estados Unidos	2.118.929,2	7,46
Luxemburgo	36.304,5	13,13	Colombia	1.929.738,8	6,79
México	3.572,6	1,29	Luxemburgo	1.682.661,8	5,92
Italia	3.000,0	1,09	Países Baixos	1.627.520,8	5,73
Venezuela	2.810,8	1,02	Alemaña	1.272.807,0	4,48
Francia	2.013,3	0,73	Brasil	1.112.371,0	3,91
Suecia	1.303,9	0,47	España	963.404,1	3,39
España	1.203,5	0,44	Suíza	684.020,2	2,41
Arxentina	386,5	0,14	México	603.551,6	2,12
Panamá	184,5	0,07	Suecia	553.604,9	1,95
Países Baixos	103,0	0,04	Emiratos Árabes Unidos	411.140,7	1,45
Suíza	60,0	0,02	Italia	405.364,2	1,43
Estados Unidos	7,3	0,00	Portugal	304.836,4	1,07
Colombia	4,5	0,00	Nova Zelanda	252.752,5	0,89
Finlandia	3,6	0,00	Canadá	196.466,2	0,69
Bélxica	3,1	0,00	Resto do mundo	1.762.764,9	6,20
Total	**276.437,7**	**100,00**	**Total**	**28.415.104,5**	**100,00**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

llóns de euros na actividade de comercio polo xunto de pescado e mariscos con orixe, tanto inmediata como última, en Luxemburgo e outro de 30 millóns de euros procedente de Portugal na actividade *Outra intermediación monetaria,* operación de características moi similares ao investimento efectuado no mesmo sector en 2010, por valor de 26 millóns de euros, e que absorbera máis da metade do IED recibido por Galicia nese ano.

Estes 5 investimentos definen a procedencia territorial do IED recibido por Galicia que reflicte o cadro 38. Grazas a Portugal, Reino Unido e Luxemburgo algo máis das tres cuartas partes do capital procedeu da UE-15, e case un 20% ten a orixe no grupo dos países asiáticos que non pertencen á OCDE, en concreto, de China. O peso dos restantes territorios foi moi baixo. Cómpre subliñar a case nula entrada de IED de América

e de África, evolución contraria ao caso español, no que o investimento procedente de Latinoamérica foi moi significativo. En 2011, o IED máis elevado de orixe americana concretouse nunha operación por valor de 3,6 millóns de euros procedentes de México e dirixida ao sector terciario e de 2,8 millóns de euros de orixe venezolana, cara á edificación de edificios e ás actividades inmobiliarias.

As expectativas de cara á evolución do IED recibido por Galicia nos vindeiros anos son máis optimistas que as que se tiñan en exercicios anteriores. Ultimamente anunciouse a posibilidade de realizar novos investimentos e confiamos en que estes se concreten e axuden a saír da crise actual.

O investimento galego no exterior declarado no «Rexistro de Investimentos»

Mentres o valor do IED recibido por Galicia se multiplicou en 2011 por 6 con respecto a 2010, os investimentos brutos realizados por sociedades ou persoas físicas con sede en Galicia no estranxeiro reducíronse á metade. A diferenza dos anos anteriores, nos que esta última variable se acelerou, neste exercicio o investimento dos empresarios galegos tivo un comportamento similar tanto dentro como fóra de Galicia, xa que nos dous casos se desacelerou. Esta traxectoria contrasta coa evolución positiva das exportacións de mercancías, cuxos bos resultados xa foron descritos en páxinas anteriores. Por tanto, a teor da información dispoñible cabería supoñer que as estratexias parecen centrarse máis nas transaccións comerciais que non impliquen investimentos en novas redes de distribución que na adquisición, ampliación ou nova creación de establecementos noutros países.

En canto aos resultados do IED enviado por Galicia ao estranxeiro, nos últimos anos apreciamos como varios investimentos de certa envergadura realizados puntualmente nun exercicio fan que a súa traxectoria sexa moi volátil. Ademais, os atrasos nas comunicacións das operacións ao Rexistro motivan que a información que este proporciona estea mudando continuamente, e en comunidades autónomas nas que, como no caso de Galicia, as cifras non son moi elevadas, esta demora na incorporación de novas transaccións provoca que a análise, tanto neste apartado como no anterior, teña carácter provisional. En todo caso, cómpre sinalar que, con respecto a información proporcionada no *Informe 2010*, a actualización por parte do rexistro dos investimentos motivou que a cifra do IED realizado por Galicia no exterior, entón de 555,9 millóns de euros, alcanzase no momento de redactar este *Informe* os 814,7 millóns de euros, contía que, a diferenza da anterior, supera amplamente a de 2009. Pola súa parte, os datos provisionais correspondentes a 2011 indican que o IED realizado foi de 402,5 millóns de euros, valor, como é habitual, superior á do IED recibido, 276,4 millóns, se ben neste ano as diferenzas son moito menores que as dos anos precedentes.

A distribución por comunidades autónomas españolas do IED enviado ao estranxeiro, ao igual que sucedía co IED recibido por España, concéntrase, polo efecto sede

Cadro núm. 40

Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2009		2010		2011		
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	% variación 2011/2010
A Rioxa	0,2	0,0	0,0	0,0	0,6	0,0	12.374,0
Andalucía	526,7	2,1	685,2	1,7	538,9	1,8	-21,4
Aragón	468,4	1,9	667,7	1,7	196,1	0,6	-70,6
Asturias	541,0	2,2	223,6	0,6	208,1	0,7	-6,9
Baleares	38,2	0,2	425,7	1,1	27,4	0,1	-93,6
C. Valenciana	1.743,3	7,0	1.693,1	4,3	441,1	1,4	-73,9
Canarias	307,1	1,2	830,1	2,1	950,5	3,1	14,5
Cantabria	4.572,9	18,4	1.462,2	3,7	4.357,9	14,2	198,0
Castela-A Mancha	57,0	0,2	1,4	0,0	61,8	0,2	4.242,2
Castela e León	293,3	1,2	82,5	0,2	25,6	0,1	-68,9
Cataluña	2.549,6	10,3	2.772,4	7,1	2.943,6	9,6	6,2
Estremadura	0,9	0,0	2,2	0,0	0,2	0,0	-92,6
Galicia	**683,7**	**2,7**	**814,7**	**2,1**	**402,5**	**1,3**	**-50,6**
Madrid	10.539,1	42,4	27.321,1	69,7	15.487,4	50,6	-43,3
Murcia	54,5	0,2	16,1	0,0	61,4	0,2	282,2
Navarra	34,2	0,1	4,8	0,0	23,7	0,1	394,4
País Vasco	2.464,3	9,9	2.201,7	5,6	4.884,3	16,0	121,8
Total	**24.874,2**	**100,0**	**39.204,4**	**100,0**	**30.611,2**	**100,0**	**-21,9**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

social, en Madrid, aínda que tradicionalmente teñen un peso elevado Cantabria, Cataluña e País Vasco por estaren nesas comunidades as sedes sociais de entidades con forte presenza no estranxeiro (Banco Santander, Gas Natural, BBVA, Iberdrola, etc.). Galicia ocupou en 2009 o oitavo lugar, cun peso relativo total baixo, aínda que superior ao de IED enviado, un 1,3%.

O investimento bruto sen ETVE fai baixar o peso relativo de Madrid (cadro 41), comunidade na que se concentra este tipo de operacións. En este cadro recóllense tamén os valores do investimento neto, do que destaca o feito de que o conxunto das empresas con sede en Madrid fixeron un desinvestimento similar a todo o investimento efectuado en 2011. Tamén a retirada de capital do estranxeiro foi importante neste período en Cataluña, pero non así no País Vasco e en Cantabria. No caso galego, a contía do desinvestimento foi de 66,3 millóns de euros en sectores de destino moi diversos (pesca, fabricación doutros produtos minerais non metálicos, construción de edificios, servizos financeiros e actividade inmobiliaria).

Cadro núm. 41

Distribución territorial do investimento español bruto e neto no exterior. Ano 2011

	Investimento bruto				Investimento neto			
	Sen ETVE		Con ETVE		Sen ETVE		Con ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	538,86	1,76	538,86	2,13	524,20	3,35	524,20	4,67
Aragón	196,07	0,64	74,29	0,29	194,55	1,24	72,77	0,65
Cantabria	4.357,87	14,24	4.357,87	17,22	4.233,27	27,04	4.233,27	37,72
Castela e León	25,63	0,08	25,63	0,10	22,60	0,14	22,60	0,20
Castela-A Mancha	61,85	0,20	61,85	0,24	61,85	0,39	61,85	0,55
Cataluña	2.943,65	9,62	2.422,45	9,57	1.102,70	7,04	867,81	7,73
Madrid	15.487,44	50,59	11.938,50	47,19	3.175,05	20,28	171,69	1,53
C. Valenciana	441,07	1,44	336,74	1,33	333,64	2,13	229,31	2,04
Estremadura	0,16	0,00	0,16	0,00	0,16	0,00	0,16	0,00
Galicia	**402,52**	**1,31**	**402,52**	**1,59**	**339,19**	**2,17**	**339,19**	**3,02**
Baleares	27,37	0,09	27,37	0,11	-7,05	-0,05	-7,05	-0,06
Canarias	950,51	3,11	1,70	0,01	950,30	6,07	1,48	0,01
A Rioxa	0,60	0,00	0,60	0,00	0,60	0,00	0,60	0,01
Navarra	23,67	0,08	23,67	0,09	-19,92	-0,13	-19,92	-0,18
País Vasco	4.884,34	15,96	4.826,77	19,08	4.480,35	28,61	4.462,37	39,76
Asturias	208,12	0,68	208,12	0,82	208,12	1,33	208,12	1,85
Murcia	61,44	0,20	53,63	0,21	58,18	0,37	53,63	0,48
Total	**30.611,17**	**100,00**	**25.300,73**	**100,00**	**15.657,77**	**100,00**	**11.222,08**	**100,00**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

Co cadro 42, no que se reflicte o sector galego desde o que se envía o IED ao estranxeiro e o sector de destino dese investimento, pode concluírse que o maior volume de operacións procede da industria manufactureira galega e coa intención de dotarse, no estranxeiro, dunha estrutura de distribución. O valor destas operacións superaron lixeiramente os 245 millóns de euros e corresponderon na súa práctica totalidade, no sector de orixe, a confección de pezas de vestir e, no de destino, a estrutura comercial. Estes investimentos centráronse en tres países: Bélxica (191,6 millóns de euros), Estados Unidos de América (36,8 millóns) e Turquía (6,2 millóns). Trátase da expansión da rede de distribución de Inditex, que no caso do país belga se concretou na compra das franquías da súa cadea Massimo Dutti. Xunto a estas operacións, que foron determinantes no investimento en 2011, obsérvase un segundo sector en Galicia, servizos técnicos, desde onde se fixo un investimento en Panamá na actividade subministración de enerxía eléctrica, por un valor de 63,2 millóns de euros. No sector industrial estranxeiro só se investiron 10 millóns de euros, dos que 8,3 millóns se destinaron a fabricación de

Cadro núm. 42

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto galego no exterior. Ano 2011

	Sector de orixe		Sector de destino	
Sectores	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	33.629	8,35	33.629	8,35
Industrias extractivas	0	0,00	0	0,00
Industia manufactureira	247.279	61,43	10.005	2,49
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	994	0,25	64.217	15,95
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0	0,00	0	0,00
Construción	28.064	6,97	28.064	6,97
Comercio polo xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	7.490	1,86	245.727	61,05
Transporte e almacenamento	0	0,00	0	0,00
Hostalería	0	0,00	0	0,00
Información e comunicacións	0	0,00	0	0,00
Actividades financeiras e de seguros	5.915	1,47	17.953	4,46
Actividades inmobiliarias	300	0,07	300	0,07
Actividades profesionais, científicas e técnicas	65.342	16,23	1.746	0,43
Actividades administrativas e servizos auxliares	0	0,00	872	0,22
Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria	0	0,00	0	0,00
Educación	0	0,00	0	0,00
Actividades sanitarias e de servizos sociais	0	0,00	0	0,00
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	7	0,00	7	0,00
Outros servizos	0	0,00	0	0,00
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	0	0,00	0	0,00
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	0	0,00	0	0,00
Persoas físicas (sen sector de actividade)	13.500	3,35	0	0,00
Total	**402.520**	**100,00**	**402.520**	**100,00**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

compoñentes de automoción en Corea do Sur (6,5 millóns) e en Marrocos (1,8 millóns) e 1,7 millóns de euros á actividade de conservas de peixe en Chile.

No sector primario os únicos investimentos, como case todos os anos, corresponderon ás actividades pesqueiras. En 2011 investíronse un total de 33,6 millóns de euros dirixidos, sobre todo, a América Central (Guatemala, Honduras e Nicaragua). Pola súa banda, no sector da construción rexistráronse 28 millóns de euros destinados cara a Chile, Brasil, Estados Unidos e México. Finalmente, o IED dirixido ao sector terciario, excluíndo o comercio, foi de pouca contía e sobresaíron os investimentos en activida-

Cadro núm. 43

Distribución do investimento estranxeiro bruto no exterior por sector de destino

	2010					2011				
	Galicia		España		%	Galicia		España		%
Sectores	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/ España	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/ España
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	42.299	5,19	311.965	0,80	13,56	33.629	8,35	180.542	0,59	18,63
Industrias estractivas	842	0,10	412.742	1,05	0,20	-	-	575.190	1,88	-
Industia manufactureira	57.998	7,12	5.410.336	13,80	1,07	10.005	2,49	4.386.265	14,33	0,23
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	34.994	4,30	2.064.356	5,27	1,70	64.217	15,95	2.388.300	7,80	2,69
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	-	-	39.608	0,10	0,00	-	-	53.500	0,17	0,00
Construción	111.424	13,68	665.214	1,70	16,75	28.064	6,97	2.005.854	6,55	1,40
Comercio polo xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	402.569	49,41	1.957.181	4,99	20,57	245.727	61,05	2.210.153	7,22	11,12
Transporte e almacenamento	-	-	220.930	0,56	0,00	-	-	3.902.168	12,75	0,00
Hostalería	-	-	264.449	0,67	0,00	-	-	47.477	0,16	0,00
Información e comunicacións	213	0,03	8.131.776	20,74	0,00	-	-	216.353	0,71	0,00
Actividades financeiras e de seguros	65.379	8,03	15.395.595	39,27	0,42	17.953	4,46	13.783.045	45,03	0,13
Actividades inmobiliarias	92.523	11,36	440.974	1,12	20,98	300	0,07	159.729	0,52	0,19
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6.362	0,78	3.693.768	9,42	0,17	1.746	0,43	475.317	1,55	0,37
Actividades administrativas e servizos auxliares	70	0,01	102.627	0,26	0,07	872	0,22	168.918	0,55	0,52
Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	-	0	0,00	-	-	-	0	0,00	-
Educación	-	-	4.876	0,01	0,00	-	-	1.248	0,00	0,00
Actividades sanitarias e de servizos sociais	-	-	523	0,00	0,00	-	-	0	0,00	-
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	-	-	81.436	0,21	0,00	7	0,00	54.106	0,18	0,01
Outros servizos	-	-	6.000	0,02	0,00			3.009	0,01	0,00
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	**814.674**	**100,00**	**39.204.357**	**100,00**	**2,08**	**402.520**	**100,00**	**30.611.175**	**100,00**	**1,31**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

des financeiras e de seguros cara a, sobre todo, Malta (13,5 millóns de euros). Este IED foi efectuado por persoas físicas residentes en Galicia.

Mentres en Galicia o IED no estranxeiro se concentrou en 2011 nas adquisicións de estruturas comerciais, en España case a metade do investimento dese mesmo ano tivo como destino o sector das actividades financeiras e de seguros, das que destaca un investimento en Turquía de capital procedente do País Vasco por máis de 4.000 millóns de euros (adquisición polo BBVA do Garanti Bank) e outro en Polonia de fondos orixinarios de Cantabria, neste caso case 4.000 millóns (fusión da filial do Banco de Santander, BZ con Kredyt Bank). De feito, no cadro 45 obsérvase que estes dous países, Turquía e Polonia, son os que encabezan o *ranking* investidor español. A industria manufactureira e o transporte foron as outras dúas actividades cuxo peso relativo en

Cadro núm. 44

Destino do investimento bruto galego e español no exterior

	Galicia		España		
Área de destino	Miles de euros	%	Miles de euros	%	% Galicia/ España
2010					
UE-15	340.863	41,84	21.237.704	54,17	1,60
Ampliación da Unión Europea	67.975	8,34	896.813	2,29	7,58
Outros países europeos	1.700	0,21	4.073.780	10,39	0,04
Países da OCDE non europeos	239.674	29,42	7.094.922	18,10	3,38
Países africanos	74.022	9,09	170.649	0,44	43,38
Países latinoamericanos (non OCDE)	53.585	6,58	3.735.340	9,53	1,43
Países asiáticos (non OCDE)	36.855	4,52	1.923.908	4,91	1,92
Resto dos países	0	0,00	71.243	0,18	0,00
Total	**814.674**	**100,00**	**39.204.357**	**100,00**	**2,08**
2011					
UE-15	199.248	49,50	10.229.841	33,42	1,95
Ampliación da Unión Europea	13.700	3,40	4.358.526	14,24	0,31
Outros países europeos	17.254	4,29	4.707.248	15,38	0,37
Países da OCDE non europeos	53.150	13,20	4.356.929	14,23	1,22
Países africanos	2.707	0,67	171.034	0,56	1,58
Países latinoamericanos (non OCDE)	116.291	28,89	6.136.447	20,05	1,90
Países asiáticos (non OCDE)	170	0,04	485.630	1,59	0,04
Resto dos países	0	0,00	165.519	0,54	0,00
Total	**402.520**	**100,00**	**30.611.175**	**100,00**	**1,31**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

Cadro núm. 45

Destino do investimento bruto galego e español no exterior

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
2010					
Estados Unidos	217.657,4	26,72	Países Baixos	8.897.432,0	22,70
Francia	108.938,8	13,37	Reino Unido	7.069.664,3	18,03
Italia	100.810,0	12,37	Suíza	3.545.009,4	9,04
Marrocos	43.417,7	5,33	México	3.143.259,0	8,02
Alemaña	38.796,9	4,76	Irlanda	2.939.684,2	7,50
Namibia	30.604,1	3,76	Estados Unidos	2.938.693,8	7,50
Malta	29.000,0	3,56	China	1.295.489,5	3,30
Filipinas	28.629,0	3,51	Venezuela	1.162.400,5	2,96
Luxemburgo	26.249,8	3,22	Canadá	943.800,1	2,41
Panamá	23.368,1	2,87	Brasil	872.645,5	2,23
Rumanía	22.190,3	2,72	Portugal	859.274,1	2,19
Países Baixos	21.381,9	2,62	Italia	591.526,2	1,51
Portugal	18.598,8	2,28	Arxentina	577.439,6	1,47
Brasil	13.545,0	1,66	Hungría	432.729,5	1,10
Grecia	10.981,0	1,35	Hong Kong	403.107,8	1,03
Corea do Sur	10.810,0	1,33	Francia	306.537,6	0,78
Xapón	10.690,2	1,31	Perú	286.313,6	0,73
Bulgaria	10.211,4	1,25	Luxemburgo	266.259,3	0,68
Irlanda	9.000,0	1,10	Polonia	260.346,4	0,66
China	8.178,6	1,00	Uruguai	237.724,3	0,61
Chile	4.704,6	0,58	Turquía	232.484,4	0,59
Polonia	4.566,2	0,56	Colombia	222.461,4	0,57
Arxentina	3.829,0	0,47	Noruega	207.714,0	0,53
República Dominicana	3.297,0	0,40	República Dominicana	149.829,0	0,38
Guatemala	3.160,9	0,39	Chile	144.244,1	0,37
Suecia	2.058,6	0,25	Alemaña	119.872,5	0,31
Reino Unido	2.047,1	0,25	Rusia	78.013,6	0,20
Hungría	2.007,4	0,25	Malta	77.752,1	0,20
Austria	2.000,0	0,25	Kuwait	74.950,0	0,19
Croacia	1.700,0	0,21	Grecia	69.380,4	0,18
Perú	1.365,2	0,17	Suecia	67.502,9	0,17
Colombia	516,3	0,06	Arabia Saudita	64.525,0	0,16

[Continúa] ▶

Cadro núm. 45 (continuación)

Destino do investimento bruto galego e español no exterior

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
2010					
México	315,3	0,04	República Checa	63.191,4	0,16
India	46,6	0,01	Marrocos	54.012,6	0,14
Macao	0,3	0,00	Bélxica	45.767,3	0,12
Hong Kong	0,1	0,00	Resto países	503.320,4	1,28
Total	**814.673,5**	**100,00**	**Total**	**39.204.357,3**	**100,00**
2011					
Bélxica	191.555,5	47,59	Turquía	4.466.307,8	14,59
Panamá	63.226,0	15,71	Polonia	4.211.176,5	13,76
Estados Unidos	41.902,1	10,41	Reino Unido	4.084.754,2	13,34
Chile	18.891,3	4,69	Brasil	4.046.968,3	13,22
Malta	13.500,0	3,35	Países Baixos	3.080.464,4	10,06
Nicaragua	11.338,7	2,82	Estados Unidos	1.911.960,7	6,25
República de Serbia	11.042,8	2,74	México	1.386.459,1	4,53
Guatemala	10.537,3	2,62	Alemaña	1.341.224,4	4,38
Corea do Sur	6.447,8	1,60	Canadá	992.548,2	3,24
Portugal	6.397,1	1,59	Arxentina	688.535,7	2,25
Turquía	6.211,0	1,54	Portugal	444.306,8	1,45
México	4.326,2	1,07	Italia	386.141,1	1,26
Honduras	3.779,6	0,94	Colombia	296.030,8	0,97
Perú	3.505,0	0,87	Uruguai	281.754,1	0,92
Brasil	3.284,7	0,82	Francia	275.490,8	0,90
Marrocos	1.834,8	0,46	Bélxica	210.895,5	0,69
Colombia	1.728,8	0,43	Chile	204.803,0	0,67
Suráfrica	871,9	0,22	Venezuela	203.787,4	0,67
Luxemburgo	808,5	0,20	Irlanda	197.806,6	0,65
Xapón	473,5	0,12	Arabia Saudita	154.608,6	0,51
Países Baixos	375,0	0,09	China	131.034,3	0,43
Polonia	200,2	0,05	Bermudas	93.619,1	0,31
India	170,0	0,04	Panamá	91.242,3	0,30
Italia	100,0	0,02	Marrocos	85.518,1	0,28
Reino Unido	12,0	0,00	Resto países	1.343.737,1	4,39
Total	**402.519,5**	**100,00**	**Total**	**30.611.174,8**	**100,00**

Datos provisionais.

Fonte: *Registro de Inversiones Exteriores.*

España superou o 10% do total. Na industria sobresaen os investimentos no sector metalúrxico orixinarios da comunidade de Madrid e dirixidos, principalmente, a Brasil.

A distribución territorial do IED enviado, tanto en Galicia como en España, xa se reflectía nos comentarios anteriores, pero este mapa sintetízase nos cadros 44 e 45. No destino do investimento bruto apréciase unha maior dispersión en España que en Galicia, se ben nos dous territorios son determinantes as operacións singulares xa citadas. Así en España, con respecto a 2010 salienta a perda de peso da UE-15, froito do incremento no fluxo de capital na ampliación da Unión Europea (grazas, sobre todo, a Polonia), outros países europeos (Turquía) e os países latinoamericanos que non son da OCDE (Brasil). En Galicia, a UE-15 pasou, en 2011, a absorber case a metade do investimento total debido ao pulo do investimento de Inditex en Bélxica. Neste exercicio apréciase un notable incremento do investido nos países latinoamericanos que non pertencen á OCDE polo fluxo de capital dirixido a determinados países do centro e do sur de América.

En 2011, todo o IED galego no exterior dirixiuse a 25 países ou territorios. A dispersión foi menor que en 2010, ano no que este fluxo de capital foi a 36 territorios. A diferenza da traxectoria das exportacións de bens, cómpre destacar que en 2011 non houbo ningunha transacción con Francia, mentres que o capital dirixido a Portugal só foi de 6,4 millóns de euros (un 1,6% do total) e se destinou á pesca (4 millóns) e aos servizos financeiros (2,4 millóns). Estas estatísticas suxiren que, mentres as transacción comerciais se centran nos contornos máis próximos a Galicia, o investimento produtivo realízase en lugares máis afastados. Non obstante, neste exercicio case non houbo investimentos en países asiáticos cun elevado potencial de crecemento como China ou India. No primeiro destes países non se rexistrou ningunha operación e na India o IED foi de unicamente 170.000 euros.

IV.2. A política industrial

A incidencia da política rexional comunitaria en 2011

En 2011 incidiron en Galicia o conxunto de programas e medidas da política rexional comunitaria deseñadas para ser executadas no período de programación 2007-2013. Recordemos que durante eses sete anos esta comunidade é considerada rexión do obxectivo Converxencia, polo que recibe financiamento dos fondos estruturais e sectoriais. Así, coa finalidade de promover o crecemento e o emprego, Galicia permaneceu, neste período de programación, no grupo de rexións con menor grao de desenvolvemento debido a que no trienio 2000-2002 o seu PIB por habitante, medido en paridades de poder adquisitivo, non superaba o 75% do PIB medio da Unión Europea de 25 países.

Polo tanto, no período obxecto deste estudo, o quinto ano da actual programación, o que cabe é comentar o grao de execución do conxunto de instrumentos de que dispoñen as administracións públicas para apoiar a economía de Galicia e que é obxecto de cofinanciamento por parte da Unión Europea. Nos *Informes* precedentes xa se deu unha información detallada das características da programación e das actuacións que dela xurdiron. Recordemos que neste período mantiveron, como nas etapas de planificación anteriores, a calidade de fondos estruturais o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), cuxo obxectivo é contribuír a fortalecer a cohesión económica e social, intentando reducir a disparidades rexionais, e o Fondo Social Europeo (FSE), que busca fortalecer a cohesión mellorando o emprego e as oportunidades de traballo. Para logran este fin «apoiará as políticas dos Estados Membros destinadas a alcanzar o pleno emprego e a calidade e a produtividade no traballo, a promover a inclusión social, en particular, o acceso das persoas desfavorecidas ao emprego, e a reducir as disparidades nacionais, rexionais e locais en materia de emprego». Ademais, en Galicia incide o Fondo de Cohesión, instrumento que se dirixe aos Estados Membros cuxa renda por habitante sexa inferior ao 90% do PIB medio da Unión Europea e cuxa programación neste período no caso das rexións do Obxectivo Converxencia se fixo conxuntamente con Fondos Feder. Finalmente, tamén é relevante o papel que desempeñan na economía galega os denominados fondos sectoriais, Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e Fondo Europeo de Pesca (FEP).

As actuacións destes fondos en Galicia, durante os diferentes períodos de programación iniciados en 1989, desempeñaron, á marxe das discusións sobre a idoneidade dalgunhas delas, un papel determinante na modernización que se levou a cabo nesta economía nas últimas décadas. Agora ben, ante a voracidade dunha crise que perdura no tempo e da que, por agora, non se albisca o momento da recuperación, non foi

posible lograr os obxectivos previstos para a primeira década do presente século para a denominada Estratexia de Lisboa, sobre todo os que se tiñan que conseguir co FSE. É máis, na política de cohesión que se está deseñando para o novo período de programación 2014-2020, coa que se pretenden alcanzar as prioridades previstas na Estratexia Europa 2020, as cales se recollían no *Informe 2010*, previsiblemente Galicia xa non estará no conxunto de rexións do Obxectivo Converxencia. Non obstante, as últimas informacións parecen suxerir que no período de transición, e aínda que se supere o 90% do PIB por habitante medio da UE-27, esta comunidade, para todo o novo período, recibirá as dúas terceiras partes dos fondos que percibiu na etapa 2007-2013, o que é, sen dúbida, unha boa noticia.

A última estimación de Eurostat sobre o PIB por habitante galego refírese a 2009. Medido en paridade de poder de compra, equivalía ao 93% da media da UE-27, 10 puntos máis que en 2005. Ao alcanzar esta porcentaxe non só se supera ás outras tres comunidades coas que se estaba compartindo obxectivo no actual período 2007-2013, Estremadura (72%), Andalucía (79%) e Castela-A Mancha (83%), senón tamén a Murcia (86%), Canarias (87%) e Comunidade Valenciana (91%). Entendemos que esta notable aceleración se freou tanto en 2010 como en 2011 pero, a pesar da mala evolución da economía galega nestes últimos anos, a porcentaxe mantívose por riba do 90%. Iso non é óbice para que Galicia, como o resto de España, estea moi lonxe de alcanzar os obxectivos previstos na Estratexia Europa 2020, que en síntese eran: o 75% da poboación entre 20 e 64 anos debería estar ocupada (a taxa de emprego en 2011 da poboación galega de 16 a 64 anos era do 60,3%); o 3% do PIB da Unión Europea debe ser investido en I+D (en Galicia o 0,96% en 2010); debe alcanzarse o obxectivo 20/20/20 en materia de clima e enerxía (reducir un 20% o consumo de enerxía primaria, reducir un 20% as emisións de gas de efecto invernadoiro, aumentar a contribución das enerxías renovables nun 20%); o risco de pobreza debería ameazar a 20 millóns de persoas menos (en 2007 en Galicia afectaba a 400.000 persoas e, segundo a última enquisa de condicións de vida das familias elaborada polo IGE, a finais de 2010 estaba en risco o 14% dos fogares galegos, algo máis de 600.000 persoas); finalmente, a porcentaxe de abandono escolar debería ser inferior ao 10% e polo menos o 40% dos mozos deberían ter estudos superiores completos.

As perspectivas de política de cohesión para o período 2014-2020, no que Galicia estará nunha situación transitoria, crean para esas rexións unha «rede de seguridade» que, como xa indicamos, previsiblemente se concretaría na percepción dunha dotación que polo menos igualaría os dous terzos da recibida no período 2007-2013. Na súa proposta a Comisión indica que o PIB por habitante debe estar entre o 75% e o 90% da media europea, situación que non se dá en Galicia, se ben é probable que a dotación se xeneralice a todas as rexións que están actualmente no Obxectivo Converxencia. De cumprirse as previsións, no novo período parece que se manterán os criterios e a tipoloxía dos fondos actuais. Así, os cincos que perseguirán obxectivos estruturais serán de novo o Feder, o FSE, o Fondo de Cohesión, ademais dos dous sectoriais, Feader e FEMP. Este último (denominado actualmente FEP) cambia de denominación e pasará a ser o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca. Estes fondos terán un conxunto

de normas comúns e mantéñense, igualmente, os tres obxectivos: Converxencia (para as rexións menos desenvolvidas), Emprego e Competitividade Rexional (para as máis desenvolvidas) e Cooperación Territorial Europea. Para as rexións en transición do primeiro ao segundo Obxectivo establécese unha exclusión gradual da Converxencia e unha inclusión gradual no de Emprego e Competitividade Rexional.

Ademais, tamén xunto co obxectivo de Cooperación, a política de cohesión considera a existencia das agrupacións europeas de cooperación territorial, vixentes desde 2006 como apoio ao FSE, o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) que axuda a «a reinserción dos traballadores europeos afectados por despedimentos provocados directamente por transformacións profundas nos intercambios comerciais internacionais» e, máis recentemente, o Programa para o Cambio Social e a Innovación (PSCI), que integra tres programas anteriores e se configura como un novo instrumento da Comisión para loitar contra a pobreza, a exclusión social, o envellecemento da poboación e as altas taxas de desemprego. Hai que engadir, ademais, o enfoque do Fondo de Solidariedade da Unión Europea (FSUE), destinado a facer fronte ás grandes catástrofes naturais.

Ata aquí describimos as características xerais da política rexional comunitaria e as perspectivas que se teñen, no primeiro semestre de 2012, sobre o futuro período de programación, pero en 2011 estivéronse executando os programas e medidas planificadas para o período 2007-2013. Temos que recordar a existencia do criterio n+2 que indica que os fondos estruturais deben gastarse nos dous anos posteriores ao período para o que foron asignados. Iso significa que a execución dos programas estenderase como mínimo a 2015. Ademais, ante o atraso na aprobación e posta en marcha dos diferentes programas operativos (PO) no período actual, que motivou que fose moi baixo o grao de execución de 2007, ao criterio n+2 engadíuselle un sexto ano, polo que tamén se poderá realizar o gasto nos primeiros meses de 2016.

Por outra banda, en 2011 xa non tiña vixencia o conxunto de programas e medidas correspondente ao período de planificación 2000-2006. En *Informes* anteriores fomos mostrando a evolución da execución dos diferentes fondos e todos, en 2009, superaron o 100% excepto o Feoga-Orientación. Desde o remate dos gastos procedeuse á comprobación das certificacións por parte das autoridades comunitarias, o que nalgún caso supuxo unha diminución do grao de execución total que, agás nos fondos dedicados ao sector agrario, se manterán por riba do 100%.

Unha novidade moi importante na incidencia do Feder en Galicia é a modificación do PO Feder Galicia 2007-2013, programa do que fixemos unha ampla referencia nos *Informes* precedentes e que desenvolve as actuacións cofinanciadas con este fondo, no marco do Obxectivo Converxencia, en todas aquelas accións dirixidas exclusivamente cara a esta comunidade autónoma á marxe da Administración que as execute. Este programa articúlase en 7 eixes operativos: 1. Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC). 2. Desenvolvemento e innovación empresarial. 3. Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos. 4. Transporte e enerxía. 5. Desenvolvemento sostible local e urbano. 6. Infraestruturas sociais. 7. Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional

O 27 de marzo de 2012 a Comisión adoptou a decisión seguinte: «O importe máximo da axuda do Feder concedido no marco do PO, calculado con respecto ao gasto público subvencionable, queda establecido en 2.191,5 millóns de euros e, a porcentaxe máxima de cofinanciamento, no 80%». Ademais, o correspondente cofinanciamento nacional pode cubrirse parcialmente con préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) e outros instrumentos de préstamo. Ata entón as taxas de cofinanciamento máximas eran do 80% para os eixes 1, 6 e 7, do 70% para os eixes 2, 3 e 5 e do 65% para o eixe 4 (excepto determinados temas prioritarios nos que se aplicaría como máximo o 70%). Esta aprobación supón un aforro importante de fondos á Administración pública española ante o maior financiamento por parte das autoridades comunitarias. A achega do Feder (2.191,5 millóns de euros) para este PO é a programada inicialmente.

A 31 de decembro de 2010 o estado de execución deste PO era moi baixo. A tardanza na súa posta en práctica e a finalización dos programas correspondentes ao período 2000-2006, xunto cos atrasos na maduración dos investimentos, motivaron que, tras catro anos de vixencia, o grao de execución sobre o gasto que se reflectiu no parágrafo anterior só fose do 11,4%. Aínda que os resultados totais de finais de 2011 non están dispoñibles, si o están os correspondentes ás actuacións competencia da Administración autonómica, que se recollen no cadro 46. Os gastos declarados totais representaban un 41,7% dos programados de 2007 a 2011, malia que as porcentaxes por eixes son moi dispares. No referente ás accións máis propias do que se considera como política industrial, a execución foi de tan só o 17% (32,5 millóns de euros dun total de 191,4), debido, sobre todo, aos atrasos do Igape e ás características dos proxectos que apoia, investimentos que, loxicamente, tardan certo tempo en materializarse. Mellor está sendo a execución do eixe 1, referido á economía do coñecemento,

Cadro núm. 46

Grao de execución do PO Feder Galicia, 2007-2013 a 31 de decembro de 2011. Administración autonómica (en euros)

Eixos	Programación 2007-2011	Gastos declarados	%
1. Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información e TIC)	199.843.204	93.589.201	46,83
2. Desenvolvemento e innovación empresarial	191.365.799	32.460.821	16,96
3. Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos	202.378.479	68.442.153	33,82
4. Transporte e enerxía	345.231.077	211.178.164	61,17
5. Desenvolvemento sostible local e urbano	93.540.230	23.001.262	24,59
6. Infraestruturas sociais	34.721.101	17.425.929	50,19
7. Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional	4.578.120	1.166.928	25,49
Total	**1.071.658.009**	**447.264.456**	**41,74**

Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Fondos. Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.

cuxo porcentaxe do 46,8% supera a media. En todo caso, a pesar de que as restricións do gasto público por parte das autoridades españolas poden condicionar o desenvolvemento deste e doutros PO, é nos últimos anos de vixencia cando o grao de execución adoita ser máis elevado e, recordemos, o gasto pode chegar ata 2016.

O PO FSE Galicia 2007-2013 desenvolve especificamente para Galicia, nos seus 5 eixes, un conxunto de medidas que inciden fundamentalmente no mercado de traballo. Aínda que este programa, como tamén varios dos eixes do Feder, se afaste do que estritamente se entende como política industrial, a importancia destas actuacións no conxunto da economía galega é innegable. A crise, especialmente virulenta no mercado de traballo galego, parece invalidar un conxunto de actuacións de política económica que, de non terse producido, farían que a evolución económica xeral fose moito peor. A execución das actuacións responsabilidade da Administración autonómica do PO do FSE tamén se recollen no cadro 47. Observamos que de 313,7 millóns de euros programados declaráronse uns gastos por valor de 111,7 millóns, unha porcentaxe do 35,6%, inferior ao grao de execución do PO Feder. Fronte ao atraso dos outros sectores obsérvase un grao de execución elevado no eixe 3, de aumento e mellora no capital humano, no cal inciden, entre outros, aspectos tales como a redución e prevención do abandono escolar, o impulso á formación profesional, así como o incremento no número de investigadores en I+D+i, cuestión está última que non parece conseguida.

Aínda que estes dous programas son os máis relevantes, xa que inciden en actuacións dirixidas exclusivamente a Galicia, tanto o Feder como o FSE dispoñen cada un de 3 programas operativos plurirrexionais que desenvolven iniciativas que tamén se aplican noutras comunidades autónomas españolas. Nos *Informes* anteriores apuntabamos as características técnicas destes 6 programas. Deles destacaremos, polo apoio que supón para a industria galega, dous que reciben o seu financiamento do Feder (o terceiro é o de asistencia técnica) denominados: PO de Investigación, Desenvolvemento e Innovación por e para o beneficio das empresas e PO Feder de Economía baseada no Coñecemento. O obxectivo do primeiro é xestionar os 2.000 millóns de euros adicio-

Cadro núm. 47

Grao de execución do PO FSE Galicia, 2007-2013 a 31 de decembro de 2011. Administración autonómica (en euros)

Eixos	Programación 2007-2011	Gastos declarados	%
1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores e empresarios	94.107.485	5.968.333	6,34
2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres	94.107.481	19.981.794	21,23
3. Aumento e mellora do capital humano	109.792.059	85.604.968	77,97
4. Promover a cooperación transnacional e interrexional	9.410.749	129.437	1,38
5. Asistencia técnica	6.273.831		0,00
Total	**313.691.605**	**111.684.533**	**35,60**

Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Fondos. Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.

nais, asignados dentro do Feder a actividades de I+D+i en España, dos que, de maneira indicativa, a Galicia lle corresponderían 405,6 millóns de euros correntes (360 millóns tomando como referencia o valor de 2004), xa que o 70% deste Fondo Tecnolóxico se destina ás rexións do Obxectivo Convergencia. Son varios os organismos encargados de xestionar este fondo dos que destacaremos, na parte das empresas privadas, o CDTI, do que no próximo epígrafe estudaremos como incidiu na economía galega en 2011. Grazas a ese fondo este organismo articulou o programa Feder-Innterconecta de apoio a proxectos de Investigación e Desenvolvemento. Neste contexto, e para facilitar o financiamento de I+D+i ás empresas, creouse unha liña de avais a través do ICO para financiar proxectos do CDTI baixo a denominación de Fondo Jeremie (*Joint European Resources for Micro to Medium Enterprises*).

En canto á aplicación directa do Fondo Tecnolóxico, en Galicia cóntase cunha actuación conxunta do CDTI e da Consellería de Economía e Industria. A finais de 2011 executáronse a metade dos fondos dispoñibles do mesmo co risco de que, ante as actuais restricións orzamentarias, unha parte se poida deixar de gastar, xa que as esixencias (proxectos de certa dimensión nos que han de participar varias empresas que teñen que achegar o 30% do custo do proxecto) e as trabas burocráticas non incitan, neste momento económico, a levalos a cabo. O número de proxectos aprobados ata 2011 rolda os 90, segundo a Administración autonómica, que indica que nos consorcios participan empresas privadas e centros tecnolóxicos galegos. Precisamente, nas actuacións da Xunta de Galicia neste ámbito, a Consellería de Sanidade publicou, en abril de 2012, unha orde pola que se aproba a convocatoria aberta de propostas de solucións innovadoras para dous proxectos de innovación sanitaria: Innova Saúde (14 subproxectos) e Hospital 2050 (9 subproxectos), cofinanciados co Fondo Tecnolóxico e co obxectivo de crear o modelo do futuro da sanidade pública en Galicia. A dotación destes dous programas, 90 millóns de euros, absorbe unha boa parte do orzamento do Fondo Tecnolóxico.

O PO Feder de Economía baseada no Coñecemento é un segundo programa plurirrexional. Nos *Informes* anteriores indicábanse as institucións que con esta actuación atendían as catro comunidades do Obxectivo Convergencia. Destacan os investimentos realizados nas universidades galegas e as actuacións da entidade Red.es.

Sobre os PO que afectan a varias ou á totalidade de comunidades autónomas españolas, tamén se están executando as actuacións programadas polo Fondo de Cohesión, do que se beneficia España. Así, o PO Fondo de Cohesión-Feder desenvolve tres eixes prioritarios: Redes Transeuropeas de Transporte, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Asistencia Técnica e, nas catro comunidades do obxectivo Convergencia, inclúe un eixe de Transporte e outro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, financiados polo Feder. Como novidade normativa cabe indicar que en abril de 2012, por decisión da Comisión, modificouse a lista indicativa de grandes proxectos que en Galicia, no eixe 1 (Transportes), eran a plataforma da liña ferroviaria de alta velocidade, tramo Ourense-Santiago de Compostela (xa finalizado), as novas instalacións portuarias de Punta Langosteira (2ª fase) e a ampliación de terminais de mercancía xeral no porto de Vigo (desenvolvementos en Guixar e Bouzas). Esta últi-

ma actuación non figura na lista modificada en abril de 2012. Nesa decisión mantense a actuación prevista no eixe 3 (Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos) de saneamento de Vigo. Os resultados de execución de 2011 do PO Fondo Cohesión-Feder concrétanse en proxectos que non teñen a consideración de grandes, coa excepción dun montante concedido de 21,1 millóns de euros para as novas instalacións portuarias de Punta Langosteira. Trátase de operacións no porto interior da Coruña (1,4 millóns de euros), no exterior de Ferrol (32,8 millóns) e actuacións nos portos de Marín (15 millóns), Vigo (46 millóns) e Vilagarcía (23,9 millóns). No referente ao saneamento de Vigo concedeuse un montante de 170,3 millóns de euros, aínda que non se efectuou ningún pago do mesmo.

Doutra banda, e como xa indicamos anteriormente, Galicia, ademais do obxectivo de Converxencia, benefíciase do obxectivo de Cooperación Territorial Europea. Con Fondos Feder estas actuacións inciden na cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional e redes. En Galicia, ten un peso relativamente importante a cooperación transfronteiriza coa rexión Norte de Portugal. A forma de intervención é a través do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, 2007-2013, que experimentou a última revisión en abril de 2011. A achega do Feder a Galicia na área de cooperación Norte/Galicia é de 54 millóns de euros cos que, nos 5 eixes, as estratexias que se pretenden lograr en Galicia son: cooperación no ámbito do mar; internacionalización das peme da eurorrexión; promoción da innovación e da competitividade; protección ambiental e desenvolvemento urbano sostible; fomento da cooperación e integración social e institucional. A novidade foi a decisión da Comisión en xullo de 2011 de modificar a porcentaxe máxima de cofinanciamento, que dun 76% pasou ao 75,44%. O mecanismo para seleccionar proxectos neste tipo de programas é a través de convocatorias públicas. En marzo de 2011 aprobáronse, en Badaxoz, os proxectos da segunda convocatoria. A relación completa figura no cadro 48. Nel inclúense os tres proxectos que corresponden ao programa plurirrexional, ou sexa, aquela parte do programa xestionada pola Administración central e que se aplica de igual modo en todas as comunidades fronteirizas españolas con Portugal. Ademais, figuran 6 proxectos que se executarán se se produce unha reprogramación dos fondos. No cadro 48 obsérvase, dentro dunha ampla variedade de actuacións, como a maior parte delas, incide loxicamente nas estratexias sinaladas anteriormente. A achega do Feder para os socios galegos elevouse aos 23,5 millóns de euros. A terceira convocatoria acábase de lanzar e está aínda aberta no momento da redacción deste *Informe* (pecharase o 25 de xuño de 2012).

Se a cooperación transfronteiriza é importante para Galicia, tamén o é a cooperación transnacional, onde nesta comunidade incide o PO. Espazo Atlántico, 2007-2013, do que xa se veu dando referencia nos *Informes* anteriores. Participan 5 países (España, Portugal, Francia, Irlanda e Reino Unido) coa misión de contribuír á súa cohesión territorial. En outubro de 2011 aprobáronse en Dublín os proxectos correspondentes á terceira convocatoria. A taxa de axuda do Feder é do 65%. Un total de 10 proxectos contaron con socios galegos, os cales, cun custo total de 3,9 millóns de euros, se beneficiaron dunha achega do Feder de 2,5 millóns.

Cadro núm. 48

Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal, 2007-2013. Área de cooperación: Galicia-Norte. Proxectos aprobados na 2ª Convocatoria con participación de socios galegos

Proxecto	Socios en Galicia	Custo aprobado (euros)	Feder aprobado (euros)
Jóvenes Emprendedores de la Eurorregión	D. X. Xuventude e Voluntariado Confederación de Empresarios de Galicia Fundación Galicia Europa	727.313,27	545.484,95
Agenda Digital Local de la Eurorregión Galicia-Norte de Portugal	S. X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica D. X. de Administración Local Eixo Atlántico do Noroeste Penínsular	1.145.225,37	858.919,03
Desarrollo del sistema urbano interior de la Eurorregión Galicia-Norte de Portugal	Concello de Sarria Deputación de Ourense Concello do Barco de Valdeorras Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular	1.383.503,69	1.037.627,77
Estructura empresarial conjunta en la eurorregión para el impulso y la captación de la inversión internacional	Igape Confederación de Empresarios de Pontevedra Confederación Empresarial de Ourense	1.090.792,24	818.094,18
Nueva comunidad virtual de PYMES exportadoras: servicios avanzados para la internacionalización	Centro Tecnolox. da Carne e da Calidade Alimentaria de Galicia Confederación de Empresarios de Lugo Anfaco	1.474.849,44	1.106.137,08
Diseño, consolidación y mejora de vehículos de transferencia tecnológica en la Eurorregión	Fundación Fomento da Calidade Industrial e o Desen. Tecn. de Galicia Feuga Universidade de Santiago de Compostela	1.120.906,56	840.679,92
Promoción e inserción en las Pequeñas y Medianas Empresas del sector manufacturero (PYMEs) de tecnología Open Source Software (OSS) para la simulación numérica y CAD/CAE	Aimen Gesga	417.280,00	312.960,00
Euroregion North Portugal Galicia Reinforcing Textile/Fashion Cluster	Cointega	396.000,00	297.000,00
Cooperación en la dinamización del tejido productivo mediante el fomento del cooperativismo	D. X. de Relacións Laborais Cámara de Comercio e Navegación de Vigo	1.264.337,07	948.252,80
Comunidad de espacios rurales para una nueva economía sostenible	D. X. de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais	1.311.000,00	983.250,00
Centro de formación turístico-termal y de Investigación del agua	S. X. para o Turismo Deputación de Ourense Concello de Verín	1.786.923,21	1.340.192,41
Desarrollar y valorizar productos endógenos	Inorde Concello de Barbadás	660.332,76	495.249,57
Plataforma virtual para la transferencia de materiales ecológicos a la industria del automóvil de la Eurorregión	Fundación Fomento da Calidade Industrial e o Desen. Tecn. de Galicia-CIS Madeira CTAG	962.661,56	721.996,17
Núcleo de Apoyo a la Competitividad y Creación de Empresas TIC	D. X. Promoción Emprego Agestic Universidade de Vigo Cámara de Comercio e Navegación de Vigo	1.180.000,00	885.000,00

[Continúa] ▸

Cadro núm. 48 (continuación)

Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal, 2007-2013. Área de cooperación: Galicia-Norte. Proxectos aprobados na 2ª Convocatoria con participación de socios galegos

Proxecto	Socios en Galicia	Custo aprobado (euros)	Feder aprobado (euros)
Experiência piloto de mobilidade eléctrica na Euro_região Norte de Portugal/ Galiza	CTGA	1.878.346,00	1.408.759,50
Criação de um pólo de competitividade em nanotecnologia para capitalização do potencial de I&DT na Euroregião Norte de Portugal-Galiza	Feuga Aimen Universidade de Santiago de Compostela	1.379.204,00	1.034.403,00
*Aplicación de las TIC a la puesta en valor del Patrimonio Cultural e Histórico**	Concello de Santiago Concello de Lugo Asoc. multisect. de empresas de nuevas tecnol. de la formación y Comunicación- INEO	1.883.800,00	1.412.850,00
Calidad del agua potable en los núcleos rurales de las demarcaciones transfronterizas del Miño y el Limia	Confederación hidrográfica do Miño e Sil Consorcio do Noroeste	1.629.518,67	1.222.139,00
Calidad ambiental de las reservas naturales fluviales Internacionales y del medio acuático	Confederación Hidrográfica do Miño e Sil	1.002.783,33	752.087,50
*Impulso de una red intercomunitaria de excelencia ambiental mediante la rehabilitación de ecosistemas fluviales naturales con fines turísticos**	EPOSH Fundación Mondariz Balneario	1.596.513,00	1.197.384,75
*Biodiversidad vegetal amenazada Galicia-Norte de Portugal. Conocer, gestionar e implicar**	D. X. Conservación da Natureza Fundación CEER Universidade de Santiago de Compostela	654.684,57	491.013,43
Observatorio Marino del Margen Ibérico y del Litoral	S. X. de Calidade e Evaluación Ambiental Fundación Cetmar Intecmar Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo-IIM (CSIC)	2.962.693,71	2.222.020,28
Valoración del espacio en torno al patrimonio cultural	Inorde	486.255,17	364.691,38
*Protección activa del patrimonio del mar**	Cetmar-Centro Tecnolóxico do Mar Deputación de Pontevedra	862.000,00	646.500,00
*Transferencia de herramientas para la evaluación, ordenación, gestión y educación ambiental en estuarios**	Aguas de Galicia Fundación Cetmar Centro Oceanográfico de Vigo Mancomunidade de Municipios do Baixo Miño Universidade de Vigo	1.032.460,32	774.345,24
*Princípios, políticas e práticas para a valorização do parque transfronteiriço Gerês-Xurés**	Concellos de Lobios, Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Muíños, Lobeira e Ourense	1.803.371,13	1.352.528,35
Desarrollo Sostenible Urbano	D. X. de Sostibilidade e Paisaxe Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular	1.501.293,95	1.125.970,46
Promoção do uso sustentável de biomassa florestal para fins energéticos no norte de Portugal e sul da Galiza	Concellos de Ponteareas e Tomiño Asociación Forestal de Galicia	754.000,00	565.500,00

[Continúa]

Cadro núm. 48 (continuación)

Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal, 2007-2013. Área de cooperación: Galicia-Norte. Proxectos aprobados na 2ª Convocatoria con participación de socios galegos

Proxecto	Socios en Galicia	Custo aprobado (euros)	Feder aprobado (euros)
Eficiencia, cogeneración y gestión energética en el sector servicios	Inega Fundación CEO para el Desarrollo Empresarial Confederación de Empresarios de Pontevedra Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia	1.062.602,92	796.952,19
Observatorio transfronterizo Galaico-Portugués para el control de la tuberculosis	Fundación Cabaleiro Goás	337.400,00	253.050,00
Eurociudad Chaves-Verín II	D. X. Xuventude e Voluntariado Concello de Verín	806.659,69	604.994,77
Instâncias territoriais de cooperação: comunidade de trabalho Galicia-Norte de Portugal e agrupamento europeu de cooperação territorial Galicia-Norte de Portugal	D. X. Administración Local S. X. de Relacións Exteriores Instituto Galego de Estatística AECT GNP-Galicia	1.163.726,40	872.794,80
Comunidad Territorial de Cooperación	Inorde	333.333,33	250.000,00
Centros de dinamización integral para las mujeres en la Eurorregión Galicia-Norte de Portugal	Fundación Fomento da Calidade Industrial e o Desen. Tecn. de Galicia S. X. de Modernización e Innovación Tecnolóxica S. X. Igualdade	712.300,00	534.225,00
*Nuevas prácticas institucionales, de base transfronteriza, sobre envejecimiento activo**	D. X. de Dependencia e Autonomía Persoal Asociación Provincial de Pensionistas y Jubilados U. D. P. de A Coruña Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría Asociación Amicos Universidade da Coruña	2.339.566,11	1.754.674,58
*Asistencia recíproca interregional en materia de emergencias***	Axencia Galega de Emerxencias	400.000,00	300.000,00
*Red transfronteriza de autoridades locales en energías renovables II***	Deputación de Ourense Deputación de Pontevedra	2.421.110,93	1.815.833,20
*Red Ibérica de Entidades Transfronterizas***	Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular	770.177,83	577.633,37
Total socios galegos		**31.324.825,11**	**23.493.618,83**
TOTAL		**44.694.926,24**	**33.521.194,68**

* Aprobados coa condición de que se produza unha reprogramación financeira.
** Proxectos do programa plurirrexional.
Fonte: Xunta de Galicia.

Finalmente, outro programa de cooperación transnacional que afecta a Galicia é o PO Espazo Sudoeste Europeo, 2007-2013, que engloba as rexións españolas, francesas, portuguesas e Xibraltar. O seu obxectivo é desenvolver proxectos de cooperación transnacionais coas seguintes prioridades: a promoción da innovación e a constitución de redes estables de cooperación en materia tecnolóxica; a protección e conservación do medio ambiente; a mellora da accesibilidade ás redes de información; o desenvolve-

mento urbano sostible. A terceira convocatoria permaneceu aberta desde o 1 de decembro de 2011 ata o 2 de marzo de 2012. Presentáronse un total de 319 candidaturas, das cales polo menos 31 son lideradas por centros ou institucións galegas.

A política da Administración central aplicada en Galicia

O actualmente denominado Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, xunto co Ministerio de Economía e Competitividade, son os dous organismos da Administración central que dispoñen dos principais instrumentos de política industrial. Ademais, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente incide coas súas políticas nos sectores industriais da súa competencia. Ante o elevado número de iniciativas levadas a cabo en 2011, neste apartado centrarémonos no conxunto de programas de corte territorial, no sentido de que actúan en áreas de España (algunha en Galicia) con algún problema estrutural, e na política tecnolóxica. Ademais, no epígrafe anterior xa observamos que esta Administración xestiona os PO plurirrexionais dos fondos estruturais, aos que tamén nos referiremos. Previamente temos que subliñar a importancia do apoio sectorial que o Ministerio de Industria presta aos seguintes sectores en todo o Estado: bens de equipo, químico e farmacéutico, metalúrxico e siderúrxico, fabricación de produtos metálicos, outros produtos minerais non metálicos, material ferroviario, automóbil e industria aeroespacial. Estes son os considerados pola Administración como os sectores estratéxicos da industria española.

Desde a vertente territorial, en 2011 mantivo a súa vixencia a concesión de axudas cara á reindustrialización das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, programa que se inclúe no conxunto de actuacións que o Ministerio de Industria leva a cabo desde 1997 co obxectivo de intentar resolver os problemas en territorios españois que quedaron desfavorecidos aos efectos da xeración e desenvolvemento do seu tecido industrial. En 2006 o Ministerio subscribiu un convenio de colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) que segue vixente neste ano. Así, as actuacións nestas comarcas execútanse conxuntamente polas administracións central e autonómica. En canto a esta última, a súa incidencia enmárcase no denominado Plan Ferrol, do que en 2011 aprobáronse axudas para máis de 300 proxectos, cun investimento de arredor dos 155 millóns de euros, dos que 67 se cubriron con axudas públicas. Xa indicabamos nos *Informes* precedentes que as axudas ás empresas privadas e públicas dese territorio do programa de reindustrialización consistían en préstamos sen interese con cinco anos de carencia e dez de amortización. Ademais, para os concellos, empresas públicas e entidades sen ánimo de lucro podíase conceder unha subvención a fondo perdido de ata o 50% do valor do investimento. Para executar este programa o Ministerio dispuxo dun orzamento total de 56.777.770 euros, correspondendo 1.667.870 euros ás subvencións e 55.109.900 euros aos créditos reembolsables. Coñecida a resolución de aprobación de 2011, observamos que, para esta convocatoria específica, se aprobaron un total de 43 proxectos, dos cales 30 foron solicitados por empresas privadas e 13

por concellos, institucións sen ánimo de lucro e empresas públicas. Estes resultados son inferiores aos de anos precedentes. Destaca o apoio a Soluciones Poligráficas S.L., un préstamo de 7,89 millóns de euros para a execución da segunda fase dun centro de impresión e actividades gráficas a ciclo completo nas Somozas. O segundo préstamo máis elevado, 5,61 millóns de euros, concedeuse a Daxiong Spain, S.L., sociedade de capital chinés que se instala nas Pontes para producir cables de arame e cordóns de aceiro para estruturas de formigón pretensado. En terceiro lugar, un préstamo de 5,3 millóns destínase ao financiamento da refinería da empresa localizada en Xixón, Bioingeniería Ambiental, S.L., que no porto exterior de Ferrol propón crear unha terminal de carga e descarga de semente oleaxinosa, que se ligará á posta en marcha dunha biorrefinería nas Somozas. Ademais destes 3, os préstamos para outros 4 proxectos excederon os 3 millóns de euros. Destacamos, pola súa peculiaridade, Galicia Aviónica, empresa do grupo da firma localizada en Portonovo, Colyaer, que solicitou a licenza para fabricar nas Somozas aeronaves ultralixeiras.

Ademais de intervencións específicas en determinadas zonas xeográficas, unha parte do programa de reindustrialización ten un carácter xeral e incide en toda España. Así, do conxunto de convocatorias, resultou que en 2011 Galicia ocupou o segundo lugar de entre todas as autonomías. Recibiu un total de 73,8 millóns de euros en axudas, dos que 70,4 se destinaron a préstamos e 3,4 millóns a subvencións. Aprobáronse un total de 110 proxectos de 293 solicitudes. Debido a unha maior incidencia das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e tamén da Costa da Morte, a provincia da Coruña foi a que recibiu un maior financiamento. A gran distancia quedaron Lugo (en segundo lugar) e Pontevedra, mentres que a axuda a Ourense foi de tan só 643.000 euros; de novo, como en 2010, unha das cifras máis baixas das rexistradas nas provincias españolas.

Noutra das actuacións dirixidas por parte da Administración central a un territorio determinado, o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, organismo actualmente adscrito ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, incide sobre o desenvolvemento alternativo das actuais ou antigas zonas mineiras. En Galicia iso afecta ás Pontes, Cerceda e aos seus municipios limítrofes (A Capela, As Somozas, Carballo, Carral, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia e, na provincia de Lugo, Muras e Xermade). A diferenza doutras zonas mineiras que poden optar por catro tipos de axudas, en Galicia redúcense a dúas: reestruturación de custos laborais e desenvolvemento alternativo. Nesta última tipoloxía concédese unha subvención a fondo perdido a pequenos proxectos de investimento que se executen nos municipios antes citados. Na convocatoria de 2011 aprobáronse un total de 12 proxectos en Galicia (9 en Cerceda e municipios limítrofes e 3 nas Pontes e nos seus concellos próximos). O investimento de maior contía, 13,8 millóns de euros, localízase en Ordes. O máis relevante deste programa da minería foi a drástica redución do seu orzamento prevista para 2012 e, seguramente en anos sucesivos, o que altera as promesas realizadas anteriormente sobre a contía e continuidade destes programas. Anunciouse, entre outros recortes, unha caída do 76% das subvencións en proxectos empresariais e dun 39% na

construción de infraestruturas. Esta restrición orzamentaria está xerando conflitividade nas actuais e antigas concas mineiras españolas.

Un programa dirixido, por parte do Ministerio de Industria, exclusivamente ás pequenas e medianas empresas é InnoEmpresa (2007-2013). Cofinanciado polo Feder, as administracións autonómicas colaboran xestionando os proxectos do seu territorio, pero os plurirrexionais (cando participan peme de varias comunidades) xestiónaos directamente a Administración central. A mala noticia é que nin en 2011 nin en 2012 houbo convocatoria para estes últimos proxectos, por razóns da restrición no gasto por parte do Ministerio.

En canto á política tecnolóxica, tras o cambio de goberno o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI), Entidade Pública Empresarial pasou de depender do anterior Ministerio de Ciencia e Innovación ao Ministerio de Economía e Competitividade. Trátase do organismo encargado de promover a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico en España e para iso subvenciona os proxectos de I+D+i tanto no ámbito español como internacional. O propio CDTI resume a súa misión en catro aspectos: 1. Avaliación técnico-económica e financiamento de proxectos de I+D+i desenvolvidos por empresas. 2. Xestión e promoción da participación española en programas internacionais de cooperación tecnolóxica. 3. Promoción da transferencia internacional de tecnoloxía empresarial e dos servizos de apoio á innovación tecnolóxica. 4. Apoio á creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica.

A actuación con maior impacto na economía galega é a dirixida a financiar proxectos de I+D+i desenvolvidos polas empresas, cuxas tipoloxías e incentivos foi modificando o CDTI nos últimos anos. En Galicia, en 2011, este organismo financiou 28 operacións de proxectos individuais (cadro 49) dun total de 983 en España. O orzamento mínimo destes proxectos foi, nese ano, de 240.000 euros (200.00 a partir de abril de 2012) e, como en exercicios anteriores, as axudas son parcialmente reembolsables e en comunidades como Galicia, onde ten relevancia o Fondo Tecnolóxico ao que fixemos referencia no apartado anterior, a cobertura financeira pode ascender ao 75%. O tramo reembolsable ten un prazo de dez anos a tipo de interese 0 e a porcentaxe do non reembolsable dependerá das características do proxecto. Con carácter excepcional,

Cadro núm. 49

Tipoloxía de proxectos aprobados polo CDTI a empresas galegas. Ano 2011

	Proxectos	Aportación CDTI (euros)	Presuposto total (euros)
I+D Individuais	28	12.850.803	17.841.276
I+D Cooperación nacional	56	32.558.834	40.228.402
Proxectos Eurostar do Subprograma Interempresas Internacional	1	73.996	184.990
Liña Banca-CDTI	12	5.830.420	9.868.289
Total	**97**	**51.314.052**	**68.122.957**

Fonte: CDTI.

ante a situación económica pola que se atravesa, do 31 de marzo de 2011 ao 31 de marzo de 2012 a cobertura financeira puido ascender ata o 85%, sen efectos sobre o tramo non reembolsable.

Unha segunda modalidade é a de proxectos de cooperación nacional. O CDTI financiou en 2011 un total de 56 operacións referentes a Galicia (cadro 49), dun total de 602 en España. Xa que logo, se comparamos estas estatísticas coas dos proxectos individuais, descubrimos unha maior tendencia nesta comunidade autónoma que no resto de España a efectuar proxectos en cooperación, seguramente debido á menor dimensión das empresas e a que a normativa actual así o propicia. Para a aprobación do financiamento do CDTI a este tipo de proxectos esixíase en 2011 un mínimo de dúas empresas autonómicas. Podían participar ata 19 empresas se o orzamento superaba os 5 millóns de euros. A partir de abril de 2012, cando a contía do investimento é inferior a 3 millóns de euros determínase un máximo de 6 empresas participantes, cifra que sobe a 10 cando se supera esa cantidade. Ningunha empresa poderá participar con máis do 65% e o orzamento mínimo total será de 500.000 euros.

Nos proxectos de cooperación, o CDTI tamén apoia a participación de empresas españolas en consorcios internacionais a través, entre outros, de programas xa tradicionais como o Eureka ou Iberoeka. En 2011 cabe destacar en Galicia a execución dun proxecto de Eureka coa denominación Nemo&Coded con vixencia desde 2009 a 2013 e no que participa a empresa galega Indra Software Labs, S.L., con 7 socios españois e 3 portugueses. En canto á Iniciativa Iberoeka, esta enmárcase no Programa Iberoamericano de Ciencia e Tecnoloxía para o Desenvolvemento e participan 19 países de América Latina, Portugal e España. No referente a Galicia, en 2011 estaba vixente un proxecto liderado por Pescanova, denominado Appomex, no que se investigan novas tecnoloxías nos procesos de valorización da lura xigante e outros recursos no que colaboran empresas españolas (a maioría galegas) e mexicanas.

O CDTI posúe un amplo abanico de programas no ámbito da internacionalización da I+D+i. Destaca a súa participación activa no VII Programa Marco, a principal iniciativa da Unión Europea no fomento da I+D+i, pero no referente a Galicia, en 2011 foi relevante a aprobación dentro do Subprograma Interempresas Internacional, incluído no Programa Nacional de Internacionalización da I+D, dun proxecto da empresa multinacional de orixe norueguesa, Stolt Sea Farm, S.A. sobre o cultivo no exterior de algas.

Ademais de financiar os proxectos de I+D+i dirixidos ás empresas, o CDTI contou en 2011 con novos programas como o Innpronta que consiste no «financiamento de grandes proxectos integrados de investigación industrial, de carácter estratéxico e gran dimensión, que permitan o desenvolvemento de tecnoloxías novas en áreas tecnolóxicas de futuro con proxección económica e comercial a nivel internacional», que, en certa forma, substitúe o Programa Cenit, cuxa vixencia rematou en 2010. En 2011, na primeira convocatoria, non se aprobaron proxectos con participación de empresas galegas. Actuación similar é a do programa Feder-Innterconecta que se financia co Fondo Tecnolóxico, ao que prestaremos atención nun próximo apartado, e que no momento de redactar este traballo aínda está en fase de resolución provisional das solicitudes presentadas ao CDTI. Ademais, se en 2010 se aprobaron dúas peticións da Iniciativa

Neotec, cuxo obxectivo é o apoio á creación e consolidación de novas empresas de base tecnolóxica, en 2011 ningunha empresa galega se acolleu a este tipo de axudas, cuxas características se comentaron nos *Informes* precedentes.

Finalmente, e en canto á súa incidencia en Galicia, sinalemos a liña de financiamento da innovación tecnolóxica (Liña Banca-CDTI) baixo o réxime de axuda de *minimis*[15] que consiste no *«financiamento, a tipo de interese bonificado, da incorporación de capital físico innovador que mellore a competitividade da empresa, sempre que a tecnoloxía incorporada sexa emerxente no sector»*. Os contratos poderán ser de préstamo ou *leasing* e, na súa xestión, colaboran catro entidades financeiras: Banco de Santander, BBVA, La Caixa e Banco Sabadell. En Galicia, en 2011, aprobáronse préstamos para un total de 11 empresas[16] (12 proxectos) e sobre un orzamento total de 9,9 millóns de euros, o compromiso do CDTI ascendeu a 5,8 millóns.

No cadro 50 agrúpanse a totalidade de actuacións do CDTI por comunidades autónomas. No caso de Galicia, a diferenza doutros organismos, os resultados de 2011 superan os de 2010, o cal é unha boa noticia para o sector máis innovador da economía e da industria galega. Aprobáronse un total de 97 operacións que comprometeron 91 empresas, as cales foron en 2011 a referencia en canto á xeración de I+D+i en Galicia. Aínda así, o peso relativo dos resultados galegos no contexto español segue sendo baixo, xa que a porcentaxe sobre o total é do 4,6%. Con estes resultados Galicia volveu, como en 2010, ocupar o sétimo lugar entre as comunidades autónomas españolas, a certa distancia de Cataluña, Madrid e Valencia que son as que lideran o *ranking* español. Certamente, as axudas do CDTI agrupáronse naqueles territorios de maior innovación e onde as grandes empresas concentran os seus departamentos de I+D. Destaca Cataluña, que case absorbeu a cuarta parte do total e, a unha certa distancia, situáronse tanto Madrid como Valencia. Constatamos que neste período de crise as demandas de axudas para I+D+i por parte das empresas non cambiaron significativamente de orixe, aínda que, con respecto a exercicios anteriores, ademais de observar o incremento no peso relativo de Galicia, apréciase, como importante novidade, un descenso en dúas das comunidades cun maior potencial de crecemento e cunha menor taxa de paro en España, Navarra e País Vasco.

No cadro 51 móstrase a relación de empresas (coa súa localización) ás que en 2011 o CDTI aprobou unha subvención para a execución dun proxecto de I+D+i e o título do mesmo. Este conxunto de 79 empresas (no cadro 51 figuran 84, pero 5 están repetidas ao participaren en dous proxectos) conforman o mapa da innovación en Galicia. Estas estatísticas permiten apreciar o elevado desequilibrio territorial, fiel reflexo da localización da actividade industrial en Galicia. O 56% das empresas teñen a súa

[15] Ver o Regulamento (CE) núm. 1998/2006 da Comisión de 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de *minimis*.

[16] As 11 empresas subvencionadas son as seguintes: Baicha S.L.; Carpintería Metálica Aluman S.L.; Coesco Deza S.L.; Galicia Auto Estampación, S.A.U.; Horta Coslada Construcciones Metálicas, S.L. (dous proxectos); Lógica Equipamientos Integrales, S.L.; Refrescos del Atlántico, S.L.; Reyes Hermanos, S.L.; Tallunión, S.L.; Tecnología y Reciclaje de Materiales, S.L.; Troqueles y Moldes de Galicia, S.A.

Cadro núm. 50

Distribución dos proxectos aprobados polo CDTI. Ano 2011

	Proxectos		Achega CDTI		Presuposto total	
	Núm.	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Andalucía	150	7,0	79.510,5	6,6	107.351,3	6,5
Aragón	93	4,4	50.934,4	4,2	71.053,3	4,3
Asturias	50	2,3	24.406,7	2,0	34.808,3	2,1
Baleares	9	0,4	3.148,8	0,3	4.114,3	0,2
Canarias	13	0,6	6.206,0	0,5	8.677,7	0,5
Cantabria	15	0,7	7.060,5	0,6	9.182,3	0,6
Castela e León	135	6,3	76.455,7	6,4	102.489,6	6,2
Castela-A Mancha	62	2,9	31.334,6	2,6	45.408,6	2,7
Cataluña	505	23,7	279.844,6	23,3	385.197,4	23,2
C. Valenciana	266	12,5	126.586,1	10,5	179.396,3	10,8
Estremadura	58	2,7	20.574,9	1,7	26.102,6	1,6
Galicia	97	4,6	51.314,1	4,3	68.122,9	4,1
Madrid	301	14,1	229.805,4	19,1	305.043,5	18,3
Murcia	77	3,6	31.083,4	2,6	43.893,2	2,6
Navarra	90	4,2	62.931,2	5,2	96.340,6	5,8
País Vasco	187	8,8	110.423,6	9,2	158.843,1	9,6
A Rioxa	21	1,0	8.732,2	0,7	16.896,4	1,0
Total	**2.129**	**100,0**	**1.200.352,5**	**100,0**	**1.662.921,4**	**100,0**

Fonte: CDTI.

actividade na provincia de Pontevedra, a maior parte delas na área metropolitana de Vigo. Na provincia da Coruña sobresae o dinamismo de Santiago de Compostela e os seus municipios limítrofes, o que contrasta co baixo número de proxectos aprobados no eixe A Coruña-Arteixo, unicamente 6, ou en Ferrol-Narón, tan só 2 no municipio de Ferrol (Navantia e Infinita Renovables). En toda a provincia de Lugo, o CDTI só apoiou dous proxectos, ambos os dous relacionados co sector primario (Adegas Reitoral de Amandi en Sober e unha piscifactoría en Cervo). Finalmente, as propostas de proxectos innovadores en Ourense reducíronse a 7, 4 na capital provincial e 3 no municipio próximo de San Cibrao das Viñas, onde se sitúa o Parque Tecnolóxico de Galicia. En suma, as peticións de axuda ao CDTI para a realización de proxectos innovadores en 2011 proviñeron, sobre todo, de Vigo e a súa área de influencia, a gran distancia situouse Santiago de Compostela, sendo menor o peso das restantes áreas urbanas. Nas estatísticas do cadro 51 destaca o baixo número de proxectos orixinarios do Golfo ártabro.

Un dos programas máis tradicionais de estímulo á actividade económica en determinados territorios españois é o de incentivos rexionais. A responsabilidade actual deste instrumento tena o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, aínda

Cadro núm. 51

Relación de empresas con proxectos de I+D+i aprobados polo CDTI en Galicia. Ano 2011

Empresa	Actividade	Concello (provincia)	Proxecto
Arteixo Telecom, S.A.	Electrónica e compoñentes	Arteixo (A Coruña)	Aplicacións e produtos sobre tecnoloxía conectividade *anywire* nos sectores do transporte e sociosanitario
Level Telecom, S.L.	Solucións de radiofrecuencia para os sectores conserveiro e téxtil	Ames (A Coruña)	
Carrocera Castrosúa, S.A.	Carrocerías de autobuses	Santiago de Compostela (A Coruña)	
Cablerías Auto, S.L.	Cableados para automoción	Porriño (Pontevedra)	
Bodegas Marques de Vizhoja, S.A.	Adega	Arbo (Pontevedra)	Bebidas espirituosas en envase unidose
Plastic Omnium Componentes Exteriores, S.L.	Compoñentes automoción	Redondela (Pontevedra)	Compoñentes plásticos de mínimo impacto ambiental para a nova xeración de automóbiles eléctricos e híbridos
A. Pazos de Lusco, S.L.	Adega	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	Definición de perfil aromático e caracterización de variedades autóctonas de Castela e León e Galicia e desenvolvemento de fermentos autóctonos optimizados a cada perfil
Sutega Mobiliario, S.L.	Material para ofimática, subministracións, deseño	A Coruña (A Coruña)	Desenvolvemento de mobiliario modular para nenos con aplicación a espazos educativos, lúdicos, culturais e ao fogar.
Galchimia, S.L.	Química e farmacéutica	O Pino (A Coruña)	Desenvolvemento de novas rutas de síntese de principios activos farmacéuticos
Ferroatlántica, S.A.	Ferroaliaxes e enerxía eléctrica	Cee (A Coruña)	Desenvolvemento de novos materiais de aplicación masiva reforzados con nanofibras de carbono: electrodos Söderberg e refractarios de magnesia-carbono
21 Grados, S.L.L.	Instalacións térmicas, enerxías renovables	Rois (A Coruña)	Desenvolvemento dun sistema de condensación de baixa potencia e alto rendemento para caldeiras de gasoil
T y M Ganain S.L.	Auxiliar sector naval	Gondomar (Pontevedra)	Desenvolvemento dun sistema robotizado flexible e adaptativo orientadoá automatización de procesos produtivos de series curtas ou únicas
Nodosafer, S.L.	Fabricación de maquinaria para a industria da pedra natural	Pontevedra (Pontevedra)	
Simaupro Galicia, S.L.	Automatización industrial	Mos (Pontevedra)	
Nanogap Sub Nm Powder, S.A.	Produción de nanopartículas magnéticas e metálicas	Ames (A Coruña)	Deseño, modelización e verificación de procedementos escalables e prototipado dun reactor para a síntese por control cinético de nanomateriais a escala industrial
Stolt Sea Farm, S.A.	Piscifactoría	Carnota (A Coruña)	Efecto da nutrición na capacidade reprodutiva do linguado
Egatel, S.L.	Equipos electrónicos e de telecomunicacións	San Cibrao das Viñas (Ourense)	*Emulsion: emergency and multimedia satellite interface on-the-move*

[Continúa]

Cadro núm. 51 (continuación)

Relación de empresas con proxectos de I+D+i aprobados polo CDTI en Galicia. Ano 2011

Empresa	Actividade	Concello (provincia)	Proxecto
Foresa Industrias Químicas del Noroeste, S.A.	Fabricación de colas	Caldas de Reis (Pontevedra)	Estabilización polimérica de chairas e paquetes de firmes en infraestrutura viaria
Electrotécnica Industrial y Naval, S.L.	Instalacións eléctricas	A Coruña (A Coruña)	Estruturas de control para convertedores electrónicos de potencia aplicados a sectores esixentes como pila A
Bodegas La Val, S.L.	Adega	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	Estudo de clons de albariño e tecnoloxías de vinificación para a obtención de viños de crianza na D. O. Rías Baixas
Biomasa Ecoforestal Villacañas, S.A.	Madeira, produtos de biomasa, transmisión de calor e frío	Vigo (Pontevedra)	Estudos e desenvolvementos industriais sobre transmisión de calor e frío
Talleres Campiños, S.L.	Mecanizados e caldereiría	Vigo (Pontevedra)	
Rosareiro, S.L.	Equipamento ao sector industrial de alimentación e hostalería	Ourense (Ourense)	
Industrias Técnicas de Galicia, S.A.	Fabricación e deseño térmico	Mos (Pontevedra)	
Espina Obras Hidraúlicas, S.A.	Obras civís	Santiago de Compostela (A Coruña)	E-tcm novo sistema de optimización enerxética en plantas de potabilización
Indra Software Labs, S.L.	Servizos tecnolóxicos	A Coruña (A Coruña)	Eureka monitorización, diagnóstico e control de redes de distribución eléctrica
Pescanova, S.A.	Produtos da pesca	Redondela (Pontevedra)	IBK10-665 (APPOMEX). Deseño de novas tecnoloxías para o aproveitamento integral do potón e outros recursos mariños do Mar de Cortés
Hermanos Rodríguez Gómez, S.L.	Reparación de maquinaria	Vigo (Pontevedra)	
Frinova, S.A.	Elaboración de produtos precociñados	Porriño (Pontevedra)	
Ingeniería de Proyectos Marinos, S.A.	Fabricación e reparación de maquinaria procesadora de pescado	Nigrán (Pontevedra)	
Harinas y Sémolas del Noroeste, S.A.	Fabricación de ingredientes alimenticios	Porriño (Pontevedra)	
Frivipesca Chapela, S.A.	Transformación e fabricación de produtos alimenticios conxelados	Redondela (Pontevedra)	
Congalsa, S.L.	Produtos precociñados conxelados	Pobra do Caramiñal (A Coruña)	Integración de aditivos funcionais en produtos a base de peixe

[Continúa]

Cadro núm. 51 (continuación)

Relación de empresas con proxectos de I+D+i aprobados polo CDTI en Galicia. Ano 2011

Empresa	Actividade	Concello (provincia)	Proxecto
Isolux Ingeniería S.A.	Montaxes industriais	Vigo (Pontevedra)	
Sociedad Anónima de Obras y Servicios Copasa	Construción de edificios	Ourense (Ourense)	Integración de tecnoloxías flexibles, compactas e modulables de alto rendemento enerxético para o tratamento de augas residuais (Integragua)
Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.	Depuración e reutilización de augas residuais domésticas	Vigo (Pontevedra)	
Centro Tecnológico de Grupo Copo, S.L.	Compoñentes (asentos) automoción	Mos (Pontevedra)	Investigación e desenvolvemento de novos produtos baseados en poliuretanos con alto valor engadido
Cie Galfor, S.A.	Fabricación de pezas forxadas	San Cibrao das Viñas (Ourense)	Investigación mediante modelización matemática de deformacións termomecánicas de utillaxes de forxa de cegoñais
Infinita Renovables, S.A.	Produción de biodiésel	Ferrol (A Coruña)	Mellora das propiedades en frío do biodiésel Materias primas e optimización do proceso
Avícola de Galicia, S.A.	Aves e alimentación animal	Pontevedra (Pontevedra)	Mellora sanitaria e de produtos cárnicos de ave
Cooperativas Orensanas, S.Coop.Ltda.	Produción cárnica e alimentación animal	Ourense (Ourense)	Mellora sanitaria e de produtos cárnicos de ave
CZ Veterinaria, S.A.	Fabricación de produtos veterinarios	Porriño (Pontevedra)	
Rodman Polyships, S.A.	Construción naval	Moaña (Pontevedra)	Metodoloxías de cálculo e deseño de embarcacións fabricadas por infusión
CZ Veterinaria, S.A.	Fabricación de produtos veterinarios	Porriño (Pontevedra)	Nova vacina clostridial polivalente utilizando antíxenos obtidos con novos procesos de produción
Mecalia-Metalúrgica y Calderería, S.L.	Fabricación de acumuladores	A Guarda (Pontevedra)	
Grg Soluciones Informaticas, S.L.	Servizos informáticos	Vigo (Pontevedra)	
Aitodetec, S.L.	Construción naval	Vigo (Pontevedra)	Novos sistemas enerxéticos baseados en materiais de cambio de fase
Coterena, S.L.	Reparación, instalación e posta en marcha de equipos navais e terrestres	Vigo (Pontevedra)	
Tekplus Aerospace, S.L.	Enxeñería aeronáutica	Vigo (Pontevedra)	Optimización de prototipos de aeronave tripulada de Á Rotatoria Centauro C30 e adaptación ás demandas do mercado
Cabomar Congelados, S.A.	Peixes e produtos do mar conxelados	Marín (Pontevedra)	Pratos preparados naturais e saudables

[Continúa]

Cadro núm. 51 (continuación)

Relación de empresas con proxectos de I+D+i aprobados polo CDTI en Galicia. Ano 2011

Empresa	Actividade	Concello (provincia)	Proxecto
Pescanova, S.A.	Produtos da pesca	Redondela (Pontevedra)	
Ingeniería de Proyectos Marinos, S.A.	Fabricación e reparación de maquinaria procesadora de peixe	Nigrán (Pontevedra)	
Pescafresca, S.A.	Transformación e comercialización de peixe fresco	Vigo (Pontevedra)	Procesado integral de rodaballo para a obtención de novas presentacións
Insuiña, S.L.	Piscifactoría	O Grove (Pontevedra)	
Tecnologia Marina Ximo, S.L.	Fabricación de equipos electrónicos e tecnolóxicos mariños	Vigo (Pontevedra)	
Riveira Peixe Fresco, S.L.	Pesca	Ribeira (A Coruña)	Produtos de quinta gama a partir de peixes procedentes da pesqueira de arrastre de baixura
Pesquera Anpajo, S.L.	Pesca	Ribeira (A Coruña)	
Alrogal, S.A.	Piscifactoría	Cervo (Lugo)	Programa de selección xenética apoiado en marcadores moleculares para a mellora do cultivo de rodaballo
Kinetika Innovacións Estruturais, S.L.	Transformación de metais	San Cibrao das Viñas (Ourense)	Proxecto epnea de aproveitamento enerxético de diferenzas de presión mariñas
Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña, S.C.G.	Servizos agrícolas gandeiros	Arteixo (A Coruña)	Proxecto novilandia
Bodegas Rectoral de Amandi, S.A.	Adega	Sober (Lugo)	Recuperacion das variedades Sousón e Caíño Tinto e estudo de clons de mencía na D. O. Ribeira Sacra
Vodafone España, S.A.	Telefonía	Alcobendas (Madrid)	Samain: sistema autónomo e masivo de aprendizaxe intelixente
Salvamento e Contraincendios, S.L.	Formación e prestación de servizos de salvamento e socorrismo	Teo (A Coruña)	Simulador inmersivo para formación profesional especializada en autoprotección, intervención, rescate e evacuación en aeroxeneradores e parques eólicos
Regulación Electrónica Viguesa, S.L.	Automatización e modernización de procesos industriais	Vigo (Pontevedra)	Sistema de análise de calidade para liñas de empaquetado de atún en lata
Talleres Castelo, S.L.	Produción maquinaria para o sector conserveiro	Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	Sistema de cocción de marisco optimizado
Energía de Galicia, S.A.	Enerxías renovables	Santiago de Compostela (A Coruña)	Sistema de cultivo intensivo e diversificado de microalgas
Jealsa Rianxeira, S.A.	Conserveira de peixe	Boiro (A Coruña)	

[Continúa]

Cadro núm. 51 (continuación)

Relación de empresas con proxectos de I+D+i aprobados polo CDTI en Galicia. Ano 2011

Empresa	Actividade	Concello (provincia)	Proxecto
Sociedad Anónima de Obras y Servicios Copasa	Construción de edificios	Ourense (Ourense)	
Espina Obras Hidráulicas, S.A.	Obras civís	Santiago de Compostela (A Coruña)	Sistema de monitorización on line da calidade ambiental das augas
Centro de Investigaciones Submarinas, S.L.	Investigación científica e técnica	Santiago de Compostela (A Coruña)	
Aislamientos Térmicos de Galicia, S.A.	Construción naval	Vigo (Pontevedra)	Substitución de elementos metálicos por termoplásticos en construcións mariñas
Everis Spain, S.L.	Consultoría	A Coruña (A Coruña)	
Arantia 2010, S.L.	Provedor de plataformas IPTV e de servizos interactivos	Santiago de Compostela (A Coruña)	Tecnoloxías activadoras para a operación intelixente de sistemas complexos en tempo real aplicadas ás urxencias hospitalarias
Balidea Consulting & Programing, S.L.	Tecnoloxías da información, especialmente na área sanitaria	Santiago de Compostela (A Coruña)	
Grupo Antolín-PGA, S.A.	Compoñentes automoción	Porriño (Pontevedra)	
Marsan Transformaciones Superficiales, S.L.	Transformacións métalicas, revestimentos superficiais e loxística	Vigo (Pontevedra)	
Mecanizados UME Producción, S.L.	Fabricación de maquinaria e equipos	Vigo (Pontevedra)	
Automatismos y Electromecánica, S.L.	Instalacións eléctricas	Vigo (Pontevedra)	Tecnoloxías de perfilado e deformación metálica con maior flexibilidade para o desenvolvemento e fabricación de compoñentes estruturais de automoción (Perflex)
Antobal, S.L.	Desenvolvemento, deseño e fabricación de útiles para conformado de pezas e troqueles para embutición, corte e estampación.	Mos (Pontevedra)	
Elmantec Salvaterra S.L.	Fabricación e instalación de elementos eléctricos	Salvaterra de Miño (Pontevedra)	
Mecamos, S.A.	Maquinaria e ferramenta para a industria	Mos (Pontevedra)	
Financiera Maderera, S.A.	Fabricación de taboleiros e chapas	Santiago de Compostela (A Coruña)	Utilización de novos aditivos químicos en taboleiros de baixa densidade
Navantia, S.A.	Construción naval	Ferrol (A Coruña)	Utilizacion de novos materiais en construción naval militar
Visual Microsystems, S.A.	Software para empresas	Porriño (Pontevedra)	Forwarding. Sistema de aplicacións transitarias baseadas en axentes sobre redes overlay

Fonte: CDTI e elaboración propia.

que a xestión en Galicia é realizada polo Igape. Vixente desde mediados da década dos oitenta, a etapa actual ten prevista a súa finalización o 31 de decembro de 2013, cando remate o período de planificación da política rexional da Unión Europea. Nos sucesivos *Informes* fíxose un seguimento dos cambios normativos e da incidencia que tivo en Galicia esta actuación. As novidades legais en 2011 foron moi escasas. Recordemos que a partir do 1 de xaneiro dese ano entrou en vigor o novo máximo ás axudas das comunidades incluídas no grupo *phasing out* (Asturias, Murcia e tamén Ceuta e Melilla) e que, en 2010, se modificaron os criterios de selección das industrias agroalimentarias, ao que agora hai que engadir a exclusión temporal deste sistema de incentivos dos sectores de taboleiros de fibras e partículas e das actividades que proporcionan materias primas e bens intermedios á construción, debido aos criterios establecidos na política económica xeral. Estas decisións foron tomadas polo Consello Reitor, organismo encargado de programar e promover as actuacións estatais en materia de incentivos rexionais e de velar pola coordinación destes obxectivos cos restantes instrumentos da política de desenvolvemento rexional.

Ata polo menos o 31 de decembro de 2013 todo o territorio galego é zona de promoción económica (ZPE).[17] O incentivo consiste nunha axuda a fondo perdido ao investimento produtivo (creación de novas empresas, ampliación e modernización) e, nestes últimos anos, non poderán exceder a porcentaxe máxima do 30% sobre o investimento aprobado. É susceptible de apoio todo o sector industrial e as empresas de servizos que apoian a produción, coas excepcións que figuran no parágrafo anterior, e os establecementos turísticos. Os proxectos deben ser dunha certa envergadura, polo que se esixe un investimento superior a 600.000 euros, cun autofinanciamento mínimo do 30%. O programa efectúa unha discriminación territorial ao delimitar en Galicia un conxunto de municipios declarados como prioritarios e susceptibles de recibir, nos criterios de valoración dos proxectos, un 20% de financiamento adicional, sen poder por iso superar o máximo legal.

A debilidade do investimento produtivo ante a crise tamén se reflectiu nos resultados alcanzados por este instrumento en 2011, os máis baixos desde o seu inicio. A menor demanda, a calidade dos proxectos e o necesario control sobre o cumprimento dos requisitos esixidos polas solicitudes presentadas supuxo que, neste exercicio, tan só se aprobaran en Galicia 8 expedientes, cun valor do investimento subvencionable de 41,7 millóns de euros e cunha subvención de 4,8 millóns de euros. O número de solicitudes, con todo, foi moi superior, 39, cun investimento proposto que se elevaba aos 662,1 millóns de euros, contía similar, en número de proxectos á de 2010 (41), non así o investimento que, nese ano, alcanzou os 201,2 millóns de euros. Os 662,1 millóns de euros de investimento foi a cifra máis elevada do conxunto das comunidades autónomas españolas que se benefician deste incentivo. Cabe supoñer, xa que logo, que conforme se resolvan a totalidade destes expedientes, os resultados dos próximos exercicios deberían mellorar notablemente os de 2011. Unha cuestión, máis determi-

[17] A última modificación de ZPE foi a que se recolle no Real Decreto 161/2008, de 8 de febreiro sobre a creación e delimitación establecida no Real Decreto 558/1988, de 6 de maio.

nante neste período de menor actividade, é o feito de que neste apartado tratamos proxectos e non a realizacións. A presentación dunha solicitude non presupón, loxicamente, que ese proxecto se leve a cabo e o mesmo sucede co conxunto de proxectos aprobados. É máis, tamén é posible que o proxecto se execute pero noutros termos, o que supón unha modificación das condicións iniciais que require unha rectificación nas subvencións, unha renuncia ás mesmas ou unha anulación por incumprimento.

A dotación orzamentaria en 2011 para incentivos foi finalmente de 172,9 millóns de euros dos que se executaron 126,2 (o 73%) que corresponderon a 174 expedientes, dos cales 20 pertencían a Galicia. Pola contra, nese mesmo ano, aprobáronse en España un total de 74 proxectos, cunha subvención de 52,9 millóns de euros e tamén, como en Galicia, a cifra máis baixa desde a posta en marcha deste incentivo. En canto á subvención, temos que recordar que unha parte é cofinanciada polo Feder a través dos respectivos P.O. rexionais (no caso de Galicia a través do PO Feder Galicia, 2007-2013). No cadro 52 reflíctese a distribución destes proxectos polas comunidades autónomas españolas, nas cales a porcentaxe máxima de axudas, segundo a súa consideración, é diferente. Nas comunidades que comparten o Obxectivo Convergencia con Galicia observamos que alcanzaron, en termos absolutos, un mellor resultado, aínda que tan só foron 6 o número de proxectos aprobados en Castela-A Mancha, pero de maior dimensión media que os de Galicia. No cadro 52 obsérvase que Valencia e Castela-A Mancha son as dúas comunidades nas que, aínda que o número de proxec-

Cadro núm. 52

Proxectos aprobados en España en 2011 acollidos aos beneficios da ZPE

	Núm. de Proxectos		Investimento subvencionable		Subvención		Postos de traballo		Subvención/ Investimento	Subvención/ Postos de traballo
Actividades	**Núm.**	**%**	**Miles de euros**	**%**	**Miles de euros**	**%**	**Núm.**	**%**	**(%)**	**Euros**
Andalucía	21	28,4	150.066,3	31,4	16.383,8	31,0	328	26,8	10,9	49.950,7
Aragón	3	4,1	13.400,5	2,8	895,9	1,7	43	3,5	6,7	20.835,8
Asturias	4	5,4	11.147,8	2,3	1.296,1	2,5	47	3,8	11,6	27.577,3
Canarias	4	5,4	26.762,9	5,6	5.269,4	10,0	161	13,2	19,7	32.729,4
Castela-A Mancha	6	8,1	65.180,3	13,7	7.163,5	13,6	99	8,1	11,0	72.358,7
Castela e León	4	5,4	14.992,9	3,1	1.216,5	2,3	65	5,3	8,1	18.715,9
Estremadura	17	23,0	59.095,9	12,4	9.765,9	18,5	193	15,8	16,5	50.600,3
Galicia	**8**	**10,8**	**41.652,5**	**8,7**	**4.816,6**	**9,1**	**76**	**6,2**	**11,6**	**63.376,2**
Murcia	1	1,4	4.453,6	0,9	445,4	0,8	20	1,6	10,0	22.268,0
C. Valenciana	6	8,1	90.431,5	19,0	5.607,5	10,6	192	15,7	6,2	29.205,5
Total	**74**	**100,0**	**477.184,3**	**100,0**	**52.860,6**	**100,0**	**1.224**	**100,0**	**11,1**	**43.186,8**

Fonte: *Dirección General de Fondos Comunitarios. Ministerio de Economía y Hacienda.*

tos aprobados non foi moi elevado, a contía do investimento subvencionable foi a maior tras Andalucía. No caso da Comunidade Valenciana debeuse á aprobación de 2 expedientes cuxo investimento superou os 20 millóns de euros. Trátase dun novo hotel en Benidorm da compañía Royal Mediterránea, S.A., investimento dirixido obviamente non cara ao sector industrial senón ao sector turístico e, doutra banda, a subvención máis alta (3,1 millóns de euros) correspondeu a Nater Renovable Energy, S.L., empresa que proxecta unha planta de enerxía fotovoltaica na provincia de Castellón, para o que se aprobou un investimento subvencionable de 43,7 millóns de euros. En canto a Castela-A Mancha, sobresae o proxecto de BASF Coatings S.A, filial en España da compañía alemá BASF Coatings AG, fabricante de pinturas e recubrimentos industriais. Esta instalación, na provincia de Guadalaxara, é un exemplo do aproveitamento das economías de aglomeración que supón a proximidade de Madrid. Finalmente, outro proxecto dunha certa envergadura en España localizouse en Canarias (La Lajita Oasis Park, S.L.), en concreto en Forteventura e vinculado ao sector turístico.

As dúas últimas columnas da dereita do cadro 52 recollen dous índices de interese sobre a incidencia deste programa nas diversas comunidades autónomas nos que se aplica. A porcentaxe de subvención sobre investimento aprobado é, en todos os casos, inferior ao máximo permitido, polo que a discriminación territorial que determina eses máximos non se plasma nos resultados alcanzados en 2011. Galicia, cun 11,6%, obtivo unha porcentaxe moi próxima ao valor medio, 11,1%, aínda que esta cifra queda lonxe da de Canarias (19,7%) ou da de Estremadura (16,5%). Doutra banda, estes investimentos xerarían en España un total de 1.224 novos postos de traballos, que en termos de axuda pública suporían 43.187 euros por cada un deles. En Galicia a previsión é a creación de tan só 76 empregos, que necesitarían, en termos da subvención concedida ao investimento produtivo, unha achega da Administración pública de 63.376 euros para cada un deles.

Os 8 únicos proxectos aprobados por incentivos rexionais en 2011 en Galicia están moi diversificados nas catro provincias galegas: a incidencia deste programa nesta economía foi tan escasa que, ante unhas cifras tan parcas, pouco cabe comentar sobre as

Cadro núm. 53

Proxectos aprobados acollidos aos beneficios da ZPE de Galicia. Distribución territorial

	Proxectos		Investimento subvenc.		Subvención		Postos de traballo	
Actividades	Núm.	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Núm.	%
A Coruña	3	37,5	8.291,9	19,9	661,9	13,7	23	30,3
Lugo	1	12,5	602,8	1,4	78,4	1,6	8	10,5
Ourense	2	25,0	2.190,3	5,3	231,6	4,8	5	6,6
Pontevedra	2	25,0	30.567,5	73,4	3.844,7	79,8	40	52,6
Galicia	**8**	**100,0**	**41.652,5**	**100,0**	**4.816,6**	**100,0**	**76**	**100,0**

Fonte: Igape e elaboración propia.

mesmas. No cadro 53, que recolle a distribución territorial, observamos o maior peso, en canto a número de proxectos, da Coruña, mentres que o investimento, a contía da subvención e o emprego se concentran nos 2 proxectos localizados na provincia de Pontevedra.

Os 2 expedientes correspondentes a esta última provincia diríxense cara ao sector de compoñentes de automoción, actividade que mantivo unha traxectoria moi irregular nos últimos anos e, a pesar da estratexia da industria de compoñentes de diversificación dos seus clientes e dos seus mercados, a súa evolución aínda depende das decisións empresariais que adopta a multinacional francesa Citroën. O maior apoio de incentivos en 2011 correspondeu ao proxecto do grupo vasco Gestamp, cuxa finalidade é crear unha nova liña de estampación co obxectivo de atender os novos modelos que conta fabricar Citroën na súa factoría de Vigo. Este grupo, líder en España en deseño, desenvolvemento e fabricación de conxuntos metálicos para o automóbil, pretende unificar en Porriño as dúas plantas que dispón no sur de Galicia. O outro investimento efectuado neste sector realízao a multinacional francesa Snop Estampaciones, S.L. en Nigrán, sociedade cuxa aposta vai máis aló xa que coa ampliación das instalacións agardan incrementar substancialmente o emprego (de 35 pasarían a 140 ocupados) e, loxicamente, elevar a súa facturación.

Non hai dúbida de que en 2011 o programa denominado sinteticamente «incentivos rexionais» optou polo sector de compoñentes de automoción, xa que a dimensión dos 7 proxectos restantes aprobados e, consecuentemente, a contía do apoio foi moi baixa. Na provincia da Coruña destaca a previsión dun investimento, arredor de 4,6

Cadro núm. 54

Proxectos aprobados acollidos ós beneficios da ZPE de Galicia. Distribución sectorial

	Proxectos		Investimento subvenc.		Subvención		Postos de traballo	
Actividades	**Núm.**	**%**	**Miles de euros**	**%**	**Miles de euros**	**%**	**Núm.**	**%**
Produtos non metálicos								
Produtos químicos								
Produtos metálicos e maquinaria	2	25,0	2.507,8	6,0	173,6	3,6	13	17,1
Material de transporte	2	25,0	30.567,5	73,4	3.844,7	79,8	40	52,6
Alimentación, bebidas e tabaco								
Téxtil, coiro e calzado								
Papel e artes gráficas	1	12,5	806,0	1,9	120,9	2,5	4	5,3
Madeira e cortiza	1	12,5	1.384,3	3,3	110,7	2,3	1	1,3
Caucho, plásticos e outras manufacturas	1	12,5	1.801,5	4,3	108,1	2,2	8	10,5
Enerxía e auga								
Outras	1	12,5	4.585,4	11,0	458,5	9,5	10	13,2
Total	**8**	**100,0**	**41.652,5**	**100,0**	**4.816,6**	**100,0**	**76**	**100,0**

Fonte: Igape e elaboración propia.

millóns de euros, da empresa localizada en Oleiros, Hostcastros, S.L, nunha actividade allea ao sector industrial. Trátase dun proxecto consistente na demolición das actuais instalacións e na construción dun hotel de cinco estrelas, se ben ante a evolución da crise parece que non vai chegar a consumarse. Dos outros 2 expedientes aprobados na provincia da Coruña, un localízase no municipio de Ordes e corresponde á empresa Macoga, sociedade fundada en 1960 e dedicada ao deseño e á fabricación de compensadores de dilatación. O outro, en Santa Comba, dedícase á provisión de produtos ao sector primario.

Os 3 expedientes restantes corresponden ás provincias de Lugo e Ourense. O seu tamaño esta moi próximo ao límite mínimo de investimento necesario para poder recibir unha subvención a fondo perdido por parte deste programa. A de Lugo apenas supera os 600.000 euros. Trátase dunha empresa do Corgo dedicada á fabricación, reparación e comercialización de maquinaria agrícola. Das dúas de Ourense, a de maior contía corresponde a unha empresa de Allariz, fundada en 2005 e dedicada á fabricación de mobles a medida e á carpintería. A outra, situada no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, elabora bolsas de papel personalizadas.

En suma, a crise no sector industrial tamén se observa nos resultados de 2011 de incentivos rexionais, os de menor contía desde a entrada en funcionamento deste instrumento tanto en número de proxectos como de investimentos e de subvención concedida. Os resultados publicados no BOE sobre a concesión de incentivos nos cinco primeiros meses de 2012 son xa mellores que os do conxunto de 2011. Neste período aprobáronse 6 proxectos na provincia da Coruña e 4 en Pontevedra. Ningún en Lugo e Ourense. De todos eles destaca o previsto, de 12 millóns de euros, por Denso, Sistemas Térmicos de España, S.A., multinacional xaponesa fabricante de sistemas de refrixeración e climatización para automóbiles, que como nos casos xa comentados se prepara para prover os modelos que ten previsto fabricar Citroën en Vigo.

Finalmente, indicabamos no *Informe 2010* que a finais dese ano se aprobou en España, o Plan Integral de Política Industrial 2020 (PIN2020) e no seu ámbito xurdiu o Plan de Acción 2011-2015, con 124 actuacións concretas. O novo goberno anunciou a revisión das liñas deste Plan intentando aproveitar as que considere máis relevantes, xa que o momento económico actual, moi diferente a cando se elaborou este Plan, non permite o seu cumprimento.

A política industrial da Administración autonómica

Nun período como o actual no que a industria galega non se recuperou da profunda crise na que está inmersa desde 2008 e no que o papel do sector público parece decaer, ante as esixencias de recortes no gasto para evitar os elevados déficits orzamentarios, resulta obrigado a procura de novos obxectivos e o redeseño das habituais actuacións da política industrial en Galicia por parte do principal organismo que a ten que levar a cabo, a Administración autonómica. De feito, coa crise e ante a even-

tualidade de estar abocadas ao peche empresas importantes no tecido produtivo de Galicia, o tratar de impedir o desmantelamento do actual sector industrial condicionou outro tipo de actuacións. Así, no seguinte apartado observaremos como a sociedade xestora de fondos de capital risco, participada maioritariamente polo Igape, destinou máis do 80% dos seus investimentos totais a axudar a empresas que se atopaban nunha situación económica ou financeira que facía perigar a súa supervivencia. O mesmo Igape avalaba e concedía préstamos, nestes últimos exercicios, para operacións de refinanciamento de circulante ou dos pasivos das empresas, política que aínda que parecería pouco apropiada en períodos de auxe non xera moita discusión nesta longa recesión.

A situación aínda se fai máis complexa pola perspectiva dun inevitable descenso dos fondos procedentes da Unión Europea a partir de 2014, o que supón un hándicap ao que Galicia non está de todo afeita tras dúas décadas e media de percepción de fondos estruturais, xa fose como rexión do Obxectivo 1 ou do Obxectivo Converxencia. Afortunadamente, e como xa comentamos, as noticias sobre o futuro dos fondos non son pesimistas.

Dadas estas circunstancias, nas páxinas seguintes analizaremos os resultados alcanzados en 2011 polos instrumentos e programas máis significativos de que dispoñen os diferentes organismos da Administración autonómica con competencias nalgún aspecto do que se entende habitualmente por actuacións en política industrial.

En todo este percorrido debemos ser conscientes de que coa crise e cunha perspectiva financeira máis restritiva en 2011 estamos moi próximos ao final dunha etapa e ao comezo doutra, por agora, en parte descoñecida. Nas tres últimas décadas os organismos responsables, os instrumentos e os programas de actuación sobre a actividade económica galega, e mais en concreto sobre a industrial, fóronse multiplicando, de tal xeito que chegou un momento no que calquera feito na actividade habitual dunha empresa dirixida á fabricación de bens (tecnoloxía, investimento, formación, internacionalización, produción, financiamento, distribución, etc.) era susceptible de recibir algún apoio por parte dalgún organismo das administracións públicas. Ademais, na actual política industrial é habitual atoparnos, e así o vimos comprobando nos sucesivos *Informes*, con instrumentos ou programas similares que, de feito, perseguen os mesmos obxectivos. Ademais de solaparse os programas, tamén o fan as competencias, de tal xeito que perduran instrumentos de corte horizontal (atenden a totalidade de ramas económicas) con outros de corte vertical (programas sectoriais específicos), xeralmente articulados por institucións diferentes. Todo iso restou racionalidade e, xa que logo, eficiencia, á política industrial existente.

En decembro de 2011 tentouse dar un cambio de rumbo coa aprobación no Parlamento de Galicia da Lei 13/2011, de 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia (DOG de 27 de xaneiro de 2012). Este novo marco normativo xa se comentou no *Informe 2010* cando, no momento da súa redacción, a actual Lei se atopaba en fase de anteproxecto. O desenvolvemento desta normativa require que transcorra un tempo, polo que non será ata 2013 cando realmente se coñeza o novo conxunto de programas e medidas da política industrial.

Seguindo un esquema relativamente similar ao marco existente no País Vasco e en Cataluña, os esforzos da Administración pública galega focalizaranse na innovación, na internacionalización e na competitividade. No preámbulo da norma sublíñase que, aínda que os tres anteriores aspectos poden xurdir dun modo espontáneo, sen o esforzo das autoridades públicas e da sociedade no seu conxunto estas iniciativas poden ser escasas, polo que resulta necesario o papel das administracións para evitar que sexan freadas e para fomentar a súa aparición e consolidación. O logro de obxectivos horizontais non debe ser un obstáculo para que se deseñen políticas específicas para os sectores estratéxicos e, neste sentido, dedícaselles un especial protagonismo aos *clusters* empresariais.

A planificación da política industrial de Galicia e dos programas de impulso da actividade industrial realizarase mediante a elaboración de dous instrumentos: o Plan Director da Industria e os programas de impulso da actividade industrial. O primeiro é o documento no que se contemplan as liñas xerais e directrices básicas da política industrial galega e os segundos «son instrumentos de carácter estratéxico nos que, no marco fixado polo Plan Director da Industria de Galicia, se sinala, en función de fins concretos a conseguir, os obxectivos a alcanzar nun determinado prazo e determínanse os mecanismos e medios para a súa consecución, con indicación dos sistemas para avaliar a súa eficacia e eficiencia en tal labor». Actualmente estase na fase de elaboración destes documentos, de cuxo contido, pola súa importancia, tentaremos dar unha ampla referencia no *Informe 2012*.

Os axentes implicados na política industrial de Galicia serán: o Consello da Xunta de Galicia, a consellería competente en materia de industria, o Igape, as entidades locais e o Consello Galego de Industria. Este último organismo é de nova creación e configúrase como «o órgano de participación dos axentes públicos e privados implicados na planificación e execución da política industrial da comunidade autónoma e de asesoramento neste ámbito ao Consello da Xunta de Galicia e á consellería competente en materia de industria». Neste organismo, ademais da Administración, están representados, con tres persoas, as organizacións empresariais; tamén con tres os sindicatos e cunha persoa as entidades locais, os colexios profesionais e as institucións, públicas ou privadas, relacionadas co estudo e análise das políticas industriais.

En canto á execución da política industrial, aos proxectos que xurdan dos programas de actividade industrial cómpre engadir aqueles que a Lei denomina «proxectos industriais estratéxicos», propostas de investimento para a implantación ou ampliación dunha ou varias instalacións industriais que teñan importancia tecnolóxica, que conten como mínimo cun investimento de 50 millóns de euros e cunha creación de emprego superior aos 250 postos de traballos directos. Eses son os proxectos que, de levárense a cabo, terían un impacto elevado na estrutura industrial de Galicia.

A incidencia de XesGalicia na economía galega en 2011

Un instrumento importante e tradicional no contexto da política industrial aplicada en Galicia é o capital risco. Nos últimos anos proliferou a creación de fondos deste

tipo aínda que, nun contexto de crise como o actual, algúns deles ou están inéditos ou a súa actuación, no contexto xeral da economía galega, está sendo só testemuñal. Outros, pola contra, tiveron, como observaremos nas próximas páxinas, certa relevancia. XesGalicia é a sociedade xestora de todas estas entidades de capital risco e ten como misión financiar o desenvolvemento empresarial mediante a participación temporal e minoritaria no capital social das empresas nas que actúa. De maneira complementaria, tamén pode conceder préstamos participativos ou ordinarios a empresas participadas, e ata a aquelas que non o son, polo que igualmente desempeña un papel similar ao dunha entidade financeira. Esta sociedade está participada maioritariamente, nun 70%, polo Igape, de xeito que, na práctica, é un instrumento máis deste organismo na articulación dunha política de desenvolvemento empresarial en Galicia.

En 2011, XesGalicia xestionaba seis fondos de capital risco, ademais dos activos de Sodiga Galicia, SCR, organismo tradicional na estrutura da política económica galega, xa que comezou o seu funcionamento en 1973. Destes seis fondos, en dous non se realizaron investimentos en 2011: as entidades Xes-Posibilita, 10 FCR e Xes-Impulsa Ferrol 10, FCR. Coa primeira, herdeira do anterior Fondo Capacita, trátase de impulsar os proxectos empresariais levados a cabo por persoas con discapacidade. XesGalicia participa a través de dúas entidades de capital risco da súa propia carteira cun 34,85% cada unha, sendo o outro socio Fundosa, división empresarial da Fundación Once. Ata agora non tivo actividade. Co segundo fondo, herdeiro de Ferrol, Iniciativas Empresariais, FCR, preténdese consolidar o tecido empresarial da comarca de Ferrol, investindo en empresas que desde o seu inicio ata a súa transformación presenten «un proxecto atractivo, con perspectivas de rendibilidade e un alto potencial de crecemento». Tampouco tivo actuacións en 2011, mentres que no *Informe 2010* xa anunciamos que a súa incidencia nese ano se circunscribiu á concesión dun préstamo, por valor de medio millón de euros, a unha empresa de Narón relacionada co sector eólico. Xes-Impulsa Ferrol 10, FCR está participada nun 33,3% por XesGalicia a través do Fondo Emprende, do que daremos referencias máis adiante e que, en 2011, lle concedeu un préstamo por valor de 368.000 euros, e tamén por outras catro entidades máis. A carencia de investimentos en 2011 reflicte as dificultades que existen nesta comarca para complementar o sector naval mediante o desenvolvemento de proxectos industriais que diversifiquen a actividade cara a outros sectores.

Un terceiro fondo, Xes-Innova, FCR, anteriormente Fondo Semente, destínase ao financiamento de «proxectos emprendedores, ata a súa transformación nun proxecto empresarial atractivo con perspectiva de rendibilidade, que teñan por obxecto a produción, investigación e desenvolvemento de todo tipo de actividades, preferentemente ideas vinculadas á innovación e ás novas tecnoloxías en eidos como a biotecnoloxía, as telecomunicacións, as enerxías renovables ou medioambiente, así como outras ideas relacionadas co desenvolvemento tecnolóxico». Se en 2010 só se apoiou un único proxecto, en 2011 concedéronse tres préstamos por un valor total de 225.000 euros, cifra similar á investida en 2010 (200.000 euros). As empresas apoiadas son un exemplo de iniciativas de mozos universitarios con proxectos empresariais atractivos, tal e como subliña o obxectivo deste fondo. Trátase de Cludeen, S.L., creada en xuño de 2011 en

Ames, municipio limítrofe ao de Santiago de Compostela, que se dedica ao desenvolvemento de produtos innovadores no campo da xestión remota e aos sistemas de telemetría. Unha segunda sociedade é Pézcalo, S.L., localizada en Carballo e, dedicada ás TIC para a «prestación de servizos no ámbito do comercio electrónico en operacións de compravenda de bens ou servizos, mediante a utilización de sistemas telemáticos». A terceira sociedade á que Xes-Innova concedeu un préstamo é Teimas Desenvolvemento, S.L., creada por universitarios procedentes da Facultade de Informática da Coruña e con domicilio en Santiago de Compostela; entre outras actividades está especializada en desenvolver produtos ofrecidos baixo a modalidade *software* como servizo (*Software as a Service*). Estes tres casos poden servir de exemplo a outros que están crecendo nun contorno empresarial, como o actual, moi complexo ante a dureza da crise.

Un cuarto fondo foi en 2011 máis un proxecto que unha realidade, xa que, entre outras cousas, se activou a finais dese ano. Trátase do Fondo Tecnolóxico I2C. O seu labor é apoiar empresas de base tecnolóxica e a súa actividade desenvólvese ao amparo do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015, en colaboración coa Axencia Galega de Innovación, organismo xunto co Plan I2C que estudaremos no próximo epígrafe. O fondo dotouse inicialmente con 20 millóns de euros, coa perspectiva de que se incremente no futuro ante a previsión de que se incorporen investidores privados. Na súa presentación anunciouse que se primarían os investimentos en iniciativas relacionadas coa biotecnoloxía, a nanotecnoloxía, as tecnoloxías da información e as comunicacións, a sanidade, a educación, a seguridade e as enerxías alternativas. Obviamente, en 2011 non houbo ningún proxecto apoiado e o seu futuro uniuse ao da Axencia Galega de Innovación que comezou a funcionar uns días antes de comezar a redactar este *Informe*.

O impacto en 2011 dos catro fondos anteriores na economía galega só se concretou na concesión de tres préstamos por parte de Xes-Innova por un valor de 225.000 euros. Tampouco nese mesmo exercicio tivo incidencia na economía Sodiga Galicia, SCR, S.A., sociedade cuxos activos son xestionados por XesGalicia. Por segundo ano consecutivo nin investiu entrando de forma minoritaria no capital social de empresas galegas nin concedeu préstamos. Esta circunstancia debeuse a que non houbo proxectos que se axustasen á finalidade desta sociedade, que financia empresas xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e cun elevado potencial de crecemento. O labor de Sodiga, tanto en 2010 como en 2011, consistiu en prorrogar a súa presenza no capital social de empresas galegas ou en refinanciar os préstamos concedidos en exercicios anteriores. Así, a actual situación da empresa galega queda perfectamente reflectida neste instrumento de política industrial. A carteira de Sodiga quedou reducida a 31 de decembro de 2011 a 29 sociedades fronte ás 32 existentes na mesma data de 2010. Procedeuse, xa que logo, ao desinvestimento total de 3 empresas (Bioetanol Galicia, S.A.; Cie Galfor, S.A.; Losán Benelux, B.V.). As perspectivas para 2012 non son máis alentadoras. Atendendo ao criterio de austeridade, ata 2015 non haberá achegas públicas polo que Sodiga contará exclusivamente cos recursos que xere. A previsión, recollida nos orzamentos da Xunta de Galicia 2012, é que neste ano entre no capital social ou, alternativamente, prorrogue a súa participación nunha

empresa, para o que se presupostan 3,9 millóns de euros, e que outorgue ou refinancie préstamos participativos a dúas empresas por un total de 6,5 millóns de euros. No próximo *Informe* teremos a oportunidade de comentar os resultados alcanzados.

Como en 2010, a incidencia de XesGalicia na economía galega explícaa o comportamento de dous fondos: Adiante 2000, FCR e Emprende, FCR. Neles concentráronse as achegas de fondos efectuadas en 2011.

Cadro núm. 55

Fondos Emprende, Adiante e Xes-Innova. Actuacións (en euros). Ano 2011

	Participación no capital social	Préstamo	Total
FONDO EMPRENDE			
Empresas xa particidadas con anterioridade			
I+D Unifondo FCR	300.000		300.000
Tekplus Aerospace, S.L.		200.000	200.000
Xes Impulsa Ferrol 10		368.000	368.000
Empresas nas que comezou a participación en 2011			
Galician Marine Aquaculture, S.L.		1.000.000	1.000.000
Total	**300.000**	**1.568.000**	**1.868.000**
FONDO ADIANTE			
Empresas xa particidadas con anterioridade			
Géneros de Punto Montoto, S.A.		400.000	400.000
Etiem Textil, S.L.		500.000	500.000
Equipamientos Europeos 2005, S.A.		4.500.000	4.500.000
Factoría Naval de Marín, S.A.		717.703	717.703
Empresas nas que comezou a participación en 2011			
Fábrica de Cerámica Sargadelos, S.L.		950.000	950.000
Construcciones Canosa, S.L.		600.000	600.000
Martínez Otero Contract, S.L.U.		1.500.000	1.500.000
Now By María Freyre, S.L.		300.000	300.000
Total		**9.467.703**	**9.467.703**
FONDO XES - INNOVA			
Empresas nas que comezou a participación en 2011			
Cludeen, S.L.		75.000	75.000
Pézcalo, S.L.		50.000	50.000
Teimas Desenvolvemento, S.L.		**100.000**	**100.000**
Total		**225.000**	**225.000**
Investimento total realizado	**300.000**	**11.260.703**	**11.560.703**

Nota: Sodiga Galicia, SCR, Fondo Tecnológico I2C, Xes-Posibilita 10 e Xes-Impulsa Ferrol 10 non realizaron investimentos en 2011.
Fonte: XesGalicia SGECR, S.A.

Fondo Adiante 2000, FCR

Dun total investido en 2011 por XesGalicia de 11,6 millóns de euros no conxunto da economía de Galicia, a actuación a través da xestión deste fondo foi de 9,5 millóns (cadro 55), o que supón o 81,9%. Se consideramos que o obxectivo de Adiante é o de «atender empresas cunha situación que fai perigar a súa supervivencia, podendo ser viables se se adoptan medidas apropiadas», hai que concluír que o labor principal de XesGalicia, sociedade xestora de diversas entidades de capital risco, consistiu en intentar resolver os problemas de varias empresas abocadas ao peche, non só pola situación de crise da demanda que atravesa a industria galega, senón tamén, nalgún caso, pola inadecuada xestión das sociedades.

A carteira do Fondo Adiante, participada nun 100% polo Igape, non deixou de crecer nos últimos anos. A 31 de decembro de 2011 conformábana 37 sociedades, 2 máis que en 2010, debido a que abandonaron este fondo a sociedade que tamén é xestionada por XesGalicia, Sodiga, e igualmente a empresa Investigación y Proyectos de Vehículos Especiales, S.A., sociedade da Pontenova, que para manter a súa viabilidade se fusionou con Equipamientos Europeos 2005, S.A., un dos seus socios máis importantes, nunha operación apoiada por XesGalicia desde este mesmo fondo. Xa que logo, en 2011 incorporáronse a Adiante, 4 novas sociedades, algunhas, como se comproba no cadro 55, moi emblemáticas no tecido empresarial galego. Referímonos, por exemplo, á Fábrica de Cerámica de Sargadelos, que atravesaba dificultades para a súa continuidade debido á caída do gasto dos fogares españois que se está reflectindo, sobre todo, nun menor consumo de produtos como os cerámicos, que non son de primeira necesidade, ou á empresa de mobiliario da Estrada, Martínez Otero Contract, S.L.U.

As outras dúas empresas nas que Adiante iniciou a súa participación en 2011 cun préstamo foron Now By María Freyre, S.L., sociedade fundada pola deseñadora galega María Freire, e Construcciones Canosa, S.L., compañía das Pontes dedicada á construción e ao transporte de mercancías por estrada e que en 2011, como tantas outras do sector de construción, caeu nunha forte crise, que a conduciu a efectuar un ERE temporal de seis meses.

Entre os préstamos concedidos a empresas xa participadas cabe destacar o peche, xa comentado no *Informe 2010,* de Géneros de Punto Montoto, cuxa marca foi adquirida pola firma Téxtiles Rosalía de Castro S.L.U. (Texrocas), aínda que as instalacións de Lalín permanecen inactivas. O maior desembolso, 4,5 millóns de euros, dirixiuse a Equipamentos Europeos 2005, S.A., sociedade que fusionou Investigación y Proyectos de Vehículos Especiales, S.A., e, como indicamos, fixo posible a súa supervivencia.

As outras dúas empresas apoiadas e xa participadas con anterioridade son Etiem Textil, S.L., empresa, actualmente con sede en Arteixo, xurdida a mediados da década anterior e creada por profesionais provenientes de Caramelo aos que posteriormente se incorporou Javier Cañás como accionista maioritario, e Factoría Naval de Marín, S.A., estaleiro que a pesar destas e doutras axudas se mantén con moitas dificultades, nas que agora tamén se atopan outros estaleiros do sur de Galicia.

Fondo Emprende, FCR

Desde a súa creación, en 1999, o Fondo Emprende, FCR (o Igape é partícipe nun 78,84%) mostrouse moi dinámico ata o inicio da crise, momento a partir do cal o Fondo Adiante adquiriu un maior protagonismo. Aínda así, a carteira en 2011, o total de empresas participadas no seu capital ou ás que se lles concedeu un préstamo, seguiu sendo a maior de entre o conxunto de fondos e activos xestionados por XesGalicia. Esta carteira conformábana 45 empresas, unha menos que en 2010. Certamente, os resultados deste fondo, dirixido a novos emprendedores ou a aquelas sociedades que desenvolven actividades ou aplican novas tecnoloxías, foron en 2011 sensiblemente inferiores a 2010, o que non debe estrañar ante a situación xeral da industria neste exercicio. Pasouse de investir 7,7 millóns de euros en 2010 a 1,9 millóns en 2011. No cadro 55 obsérvase que só se incorporou á carteira unha sociedade, mentres que se desinvestiu totalmente en dúas. Estas foron Bioetanol Galicia Nuevas Tecnologías, S.A., sociedade do grupo Abengoa e en liquidación en 2011 e Transporte Aéreo Mar de Vigo, S.A., empresa de transporte de produtos pesqueiros. A sociedade incorporada á carteira, á que se lle concedeu un préstamo de 1 millón de euros, foi Galician Marine Aquaculture, S.L., empresa que tivo os seus inicios en Uninova, sociedade incubadora de empresas de base tecnolóxica e innovadoras promovida pola Universidade de Santiago de Compostela e que en Muros desenvolve o cultivo da orella de mar ou abalón.

No cadro 55 tamén se observa que desde Emprende se investiu en 2011 en 3 sociedades xa participadas con anterioridade, 2 das cales tamén son sociedades de capital risco. Unha delas, Xes-Impulsa Ferrol 10, FCR, ao ser un dos fondos xestionados por XesGalicia xa nos referimos con anterioridade, en 2011 non tivo actividade, mentres na outra, I+D Unifondo, FCR, a participación consistiu nunha maior achega no capital nun fondo xestionado por Uninvest, cuxo obxectivo é financiar a posta en marcha de empresas innovadoras que proceden das universidades e dos centros de investigación de España, promovida polos membros dos seus grupos de investigación. Entendemos que este tipo de actuacións promoven actividades novas que permiten que o sector industrial galego sexa máis competitivo.

Na terceira empresa, o Fondo Emprende comezara a participar en 2010 cun préstamo de 650.000 euros, cantidade á que se deben engadir os 200.000 euros concedidos en 2011. Trátase de Tekplus Aerospace, S.L., dedicada en Vigo á actividade aeronáutica.

A perspectiva de XesGalicia en 2012, reflectida nos orzamentos programados para este ano pola Xunta de Galicia, é que se atenderán, xa sexa mediante participación en capital ou préstamos, 30 proxectos (entre empresas xa participadas anteriormente ou non), cunha carteira total que roldará as 120 sociedades.

A actuación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) en 2011

A Lei de Política Industrial, en vigor, como xa dixemos, desde finais de 2011, indica no artigo 8 que o Igape é «a entidade pública instrumental da Xunta de Galicia que

colabora na execución das funcións públicas relativas á actividade de promoción industrial, singularmente no ámbito internacional». Tras vinte anos de funcionamento, período no que este Instituto contou cunha contía importante de fondos para promover o desenvolvemento económico de Galicia, a nova normativa outórgalle un labor diferente, non tan acentuado no apoio financeiro directo ás empresas, senón máis como unha institución que presta servizos, especializándose en promover a empresa galega nos mercados estranxeiros. De feito, aínda contemplando as competencias que lle atribúe a lexislación específica na enumeración das súas funcións, a normativa cita exclusivamente o papel determinante que debe desempeñar este Instituto nos procesos de internacionalización das empresas (difusión e promoción internacional, prestación de servizos para facilitar as saídas ao estranxeiro ou favorecer as operacións de comercio internacional).

Así, a política de subvencións, o labor máis característico e coñecido do Igape ata agora, parece ir perdendo terreo que vai gañando a prestación de servizos. A partir deste labor de asesoría e apoio institucional cabe agardar que este Instituto recupere a imaxe que para a sociedade galega tiña hai uns anos. A transición da preeminencia dun modelo sobre outro parece, doutra banda, obrigada, ante as restricións orzamentarias impostas en 2011 e moi endurecidas en 2012. Para ese último ano, o Igape prevé dispor arredor duns 136 millóns de euros, 168 menos que en 2011, e 210 menos do programado en 2010. Esta situación obrigará a unha maior cooperación con outras entidades e a buscar unha maior eficiencia nas actuacións promovidas cos fondos utilizados, nunha situación económica moi crítica do sector industrial galego, tanto polas restricións nos créditos como polas caídas na demanda.

Non obstante, e pesar dos cambios que parecen inevitables, os obxectivos que perseguiu o Igape en 2011 e tamén en 2012 mantéñense encadrados nos mesmos eixes estratéxicos que serviron de fío argumental neste apartado nos últimos *Infor-*

Cadro núm. 56

Resumo dos presupostos iniciais do Igape dedicados aos seus eixes de actuación (en millóns de euros). Anos 2010 e 2011

Eixo	Presuposto inicial 2010	Presuposto inicial 2011	% variación 2011/2010
1. Emprendedores	20,1	17,1	-14,9
2. Investimento empresarial	163,7	155,4	-5,1
3. Internacionalización	18,0	19,9	10,6
4. Mellora da competitividade	23,8	9,8	-58,8
5. Cooperación	107,4	90,3	-15,9
6. Proxectos Igape proactivo	1,2	0,4	-66,7
7. Actividades soporte	11,7	11,2	-4,3
Total	**345,9**	**304,1**	**-12,1**

Fonte: Presupostos Xerais da comunidade autónoma de Galicia 2010 e 2011.

mes. Estes eixes son: emprendedores, investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade, cooperación, Igape proactivo e actividades soporte. No cadro 56 preséntase detallada a distribución do orzamento de gasto nestes sete eixes. Con respecto a 2010, apréciase un descenso xeneralizado en todos eles coa excepción de internacionalización, que rexistrou un incremento do 10,6%; como xa se indicaba no *Informe 2010,* a contía de fondos dedicada a este eixe só representaba o 6,5% do total.

En termos cuantitativos, o eixe de investimento empresarial absorbeu algo máis da metade dos orzamentos de que dispuxo o Igape. As liñas de axudas que se seguiron foron as tradicionais contempladas polos PO vixentes en Galicia no período 2007-2013, ou sexa, a subvención a fondo perdido, ademais, do financiamento empresarial ás empresas mediante a subvención, en cooperación coas entidades financeiras colaboradoras, do tipo de interese dos créditos e, tamén, a concesión de créditos directos grazas á cooperación co Banco Europeo de Investimentos, nese ano por unha contía de 100 millóns de euros. Estas actuacións que leva a cabo o Igape son horizontais, coa peculiaridade de que nos últimos anos discriminouse positivamente a realización de investimentos en determinadas áreas xeográficas galegas, tales como as provincias de Lugo e Ourense ou, na provincia da Coruña, as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, ou a Costa da Morte. Con este conxunto de axudas pretendíase, por unha banda, paliar os desequilibrios territoriais internos, cuestión nada fácil de lograr ante as vantaxes de localización das comarcas nas que se concentra a actividade económica e, por outra, como complemento ás axudas prestadas pola Administración central, intentábase incidir nas áreas en crise recorrente xa desde a década dos oitenta, os municipios de Ferrolterra.

Dentro do conxunto de axudas ao investimento empresarial que dispón o Igape, o apoio para que o empresariado galego acceda ao financiamento, nun momento de dificultade das entidades financeiras e no que se endureceron as condicións para a obtención de créditos, xunto co subsidio ao tipo de interese dos préstamos, mantiveron en 2011, no contexto das actuacións do Igape, un peso relativo elevado, o que xa vén ocorrendo desde a creación do Instituto.

Nos *Informes* anteriores comentamos o esforzo realizado polo Igape para deseñar un conxunto de liñas de actuación destinadas a evitar un peche masivo de empresas galegas ante a mingua de beneficios e as dificultades de viabilidade que presentaban os seus balances. Creáronse en 2008 un conxunto de programas propios dun período de aguda crise que se concretou na concesión de préstamos ou pólizas de crédito para financiar o activo circulante, préstamos para o financiamento de pasivos ou para toma de participación nas ampliacións de capital co desembolso inicial do 100%. A solicitude para acollerse a este conxunto de programas finalizou en 2009 e xa indicabamos en *Informes* precedentes que nese ano se converteu na actuación máis demandada do Igape neste apartado, situación que, en canto á publicación de resultados, se prolongou a 2010 debido a que unha boa parte dos expedientes presentados en 2009 foron resoltos nese ano. Así, o número de solicitudes elevouse a 582 (cadro 52 do *Informe 2010*), cunha contía de préstamo subvencionable de 57,4 millóns de euros. Pois ben,

no cadro 57 observamos que entre as actuacións no ámbito do apoio financeiro ás empresas do Igape seguen figurando estes tres programas debido á resolución de 11 solicitudes en 2011, pero, como se comproba, o seu peso é só testemuñal xa que actuacións similares a estas se trasladaron ás liñas de concesión de avais e reavais (programa Re-Solve) que cobren a vixencia das operacións de préstamos en garantía do 25% do risco asumido polas Sociedades de Garantía Recíproca (SGR). No cadro 57 vese como, ante a situación de moitas empresas galegas, o número de solicitudes deste conxunto de programas foi, en 2011, como nos exercicios anteriores, moi elevado.

Cadro núm. 57

Resumo dos resultados acadados en 2011 dos programas do Igape de apoio financeiro ás peme

	Número de solicitudes		Base incentivable		Préstamo subvencionable		Subvención	
	Núm.	%	Euros	%	Euros	%	Euros	%
APOIO AO ACCESO E ADECUACIÓN DO FINANCIAMENTO								
Programas								
Programa de apoio ao circulante	4	36,4	165.000	19,9	165.000	19,9	6.713	15,4
Programa de refinanciamento de pasivos	5	45,5	621.341	75,0	621.341	75,0	34.690	79,6
Programa de ampliación de capital social	2	18,2	41.800	5,0	41.800	5,0	2.160	5,0
Total	**11**	**100,0**	**828.141**	**100,0**	**828.141**	**100,0**	**43.564**	**100,0**
LIÑAS DE FINANCIAMENTO SUBSIDIADO								
Programas								
Convenio Igape-ICO	781	87,6	150.231.454	97,4	100.410.032	98,2	4.331.174	85,2
Convenio Igape-EEFF Ferrol	27	3,0	794.245	0,5	764.707	0,7	128.259	2,5
Liña produción audiovisual (convenio Igape-EEFF-SGRs)	3	0,3	1.057.000	0,7	1.057.000	1,0	86.455	1,7
Bonificación xuros préstamos BEI	2	0,2	493.090	0,3	0	0,0	493.090	9,7
Axuda complementaria Plan Re-Solve sector comercio polo miúdo	79	8,9	1.693.860	1,1	0	0,0	42.647	0,8
Total	**892**	**100,0**	**154.269.649**	**100,0**	**102.231.739**	**100,0**	**5.081.624**	**100,0**
MICROCRÉDITOS								
Programas								
Liña 1 - Microempresas	139	76,0	2.400.231	45,8	2.400.231	45,8	274.347	42,5
Liña 2 - Peme Xove	23	12,6	1.335.889	25,5	1.335.889	25,5	175.001	27,1
Liña 3 - Peme Competitiva	21	11,5	1.499.964	28,6	1.499.964	28,6	196.495	30,4
Total	**183**	**100,0**	**5.236.083**	**100,0**	**5.236.083**	**100,0**	**645.843**	**100,0**
TOTAL	**1.086**		**160.333.873**		**108.295.964**		**5.771.031**	

[Continúa]

Cadro núm. 57 (continuación)

Resumo dos resultados acadados en 2011 dos programas do Igape de apoio financeiro ás peme

	Número de solicitudes		Base incentivable		Préstamo subvencionable		Subvención	
	Núm.	%	Euros	%	Euros	%	Euros	%
Distribución provincial								
A Coruña	438	40,3	67.574.288	42,1	42.868.931	39,6	1.868.887	32,4
Lugo	220	20,3	35.531.471	22,2	26.854.293	24,8	1.973.689	34,2
Ourense	115	10,6	10.792.580	6,7	9.590.236	8,9	679.316	11,8
Pontevedra	306	28,2	43.003.412	26,8	27.710.505	25,6	1.217.130	21,1
Non definida	7	0,6	3.432.121	2,1	1.272.000	1,2	32.009	0,6
Total	**1.086**	**100,0**	**160.333.873**	**100,0**	**108.295.964**	**100,0**	**5.771.031**	**100,0**
Distribución sectorial								
Agricultura	54	5,0	6.335.554	4,0	5.583.051	5,2	263.551	4,6
Comercio	39	3,6	4.669.571	2,9	3.712.057	3,4	228.902	4,0
Construción	35	3,2	4.408.300	2,7	2.846.729	2,6	70.764	1,2
Industria	143	13,2	39.103.675	24,4	25.842.578	23,9	1.130.343	19,6
Medio Ambiente	9	0,8	610.921	0,4	566.761	0,5	27.719	0,5
Outros	5	0,5	282.541	0,2	232.500	0,2	15.278	0,3
Servizos	31	2,9	2.235.311	1,4	1.553.127	1,4	69.414	1,2
Servizos Sociais	1	0,1	10.000	0,0	10.000	0,0	821	0,0
Transporte	5	0,5	380.578	0,2	335.443	0,3	9.037	0,2
Turismo	34	3,1	13.753.199	8,6	7.720.568	7,1	298.656	5,2
Sen definir	730	67,2	88.544.223	55,2	59.893.149	55,3	3.656.547	63,4
Total	**1.086**	**100,0**	**160.333.873**	**100,0**	**108.295.964**	**100,0**	**5.771.031**	**100,0**

Fonte: Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Aínda considerando a relevancia que poidan ter nestes momentos as axudas para superar os resultados negativos dos estados contables das empresas galegas, o programa de maior impacto en 2011 foi, como nos anos anteriores á crise, o subsidio ao tipo de interese dos préstamos para a realización de investimentos produtivos, cuestión fundamental para a recuperación da actividade económica en xeral e da industrial en particular. O número de solicitudes multiplicouse por tres con respecto ás presentadas en 2010 (781 fronte a 264), do mesmo xeito que o investimento incentivable (150 millóns de euros en 2011) e o valor dos préstamos subvencionables (100 millóns de euros). Sen ser unhas cifras notables, estas non se afastan en exceso das alcanzadas nos anos de maior auxe económico, polo que se deben valorar como positivas. O programa vixente en 2011 é continuación do convenio asinado polo Igape co Instituto de Crédito Oficial (ICO) e coas entidades financeiras colaboradoras en 2010, do que

xa se daba referencia no *Informe* anterior. Recordemos que se trataba de desenvolver o conxunto de liñas de actuación do ICO (ICO-Economía sostible; ICO-Investimento, ICO-Internacional e ICO-Emprendedores) e o apoio é o subsidio ao tipo de interese de operacións de préstamos ou *leasing* e, tamén subvencionar o custo da comisión dun aval prestado por unha SGR. Isto último será financiado integramente polo Igape. Con carácter xeral a subvención será de 0,75 puntos.

A relevancia do gasto do Igape nas catro liñas restantes de financiamento subsidiado é moito menor que a alcanzada polo convenio do Igape co ICO e coas entidades financeiras. Como en exercicios anteriores, mantívose o apoio financeiro á hostalería, ao comercio, ao turismo e aos servizos nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. O programa denomínase Re-Invirte Ferrol e, como se observa polos sectores nos que incide, non afecta ao sector industrial. En 2011 aprobáronse 27 solicitudes fronte ás 8 de 2010. O epígrafe «Bonificación xuros préstamos BEI» corresponde á subvención do Igape aos proxectos aprobados no programa de reequilibrio territorial dirixido ás provincias de Lugo e Ourense. Este ano só houbo 2 solicitudes cunha contía da subvención de 493.090 euros. Neste grupo de actuacións o maior número de solicitudes, 79 e a máis alta base incentivable, 1,7 millóns de euros, non así a subvención que foi só de 42.647 euros, correspondeu á axuda complementaria ao Plan Re-Solve no sector do comercio polo miúdo e trátase dunha compensación dos intereses asociados ao financiamento do circulante de autónomos e microempresas pertencente a este colectivo. Xa que logo, este programa complementa o que se presenta no cadro 57.

O terceiro grande apartado nos apoios financeiros do Igape, tal e como se estrutura o cadro 57, son os microcréditos. Trátase dunha actuación tradicional nos últimos anos que mantivo a súa vixencia en 2011. O programa denomínase Re-Imaxina e as súas bases modificadas foron publicadas en xuño de 2011. Subdivídese en tres liñas: Microempresas (subvención ao tipo de interese de préstamos que non superen os 25.000 euros para a realización de investimentos), Peme Xove (subvenciónanse os intereses dos préstamos solicitados por empresas que nacen en Galicia ou que non desenvolvan esa actividade desde hai dous anos; o importe mínimo do préstamo é de 25.000 euros e o máximo é de 120.000 euros) e Peme Competitiva (neste caso subvencionaríanse, de forma similar á liña anterior, empresas que exercen a súa actividade en Galicia desde hai polo menos dous anos). Os resultados de 2011 son inferiores aos de 2010 xa que, fronte ás 540 solicitudes daquel ano, neste só se aprobaron 183. Este conxunto de actuacións deseñouse para complementar e poder atender necesidades que non eran cubertas polos programas tradicionais de apoio ao investimento produtivo que esixían préstamos de maior contía.

Como nos anteriores *Informes*, o cadro 57 complétase coa distribución territorial e sectorial do conxunto das axudas de apoio financeiro do Igape. Cun total de 1.086 solicitudes presentadas, o peso dos programas dirixidos especificamente a un territorio foi case irrelevante, xa que tan só foron 29 os expedientes beneficiados polas liñas de axuda a Ferrolterra ou ás provincias de Lugo e Ourense. A pesar diso, observamos o significativo peso de Lugo nos resultados totais chegando ata a superar á Coruña e Pontevedra na subvención total concedida polo Igape. É un dato un tanto sorprendente

e máis aínda cando nos estamos referindo ao conxunto dos 11 programas. Ademais, o valor do investimento subvencionable de Lugo está moi próximo ao da provincia de Pontevedra. Estas cantidades distan das alcanzadas por outras liñas de axudas. A diferenza de Lugo, o peso de Ourense foi o máis baixo, moi afastado do das outras tres provincias, se ben neste caso a contía das axudas concorda máis co peso económico deste territorio.

No referente á distribución sectorial observamos que na maior parte das solicitudes se descoñece o sector económico da empresa que a presenta. Coa información da que se coñece a súa actividade, obsérvase como a maior parte das solicitudes proceden do sector industrial galego, sendo relevante o peso do primario e, en canto á contía do investimento, do sector de turismo. Debemos facer notar que esta clasificación atende máis a criterios funcionais (as competencias sectoriais dos diferentes departamentos da Administración autonómica) que a clasificacións por ramas de actividade máis ou menos estandarizadas. A estrutura que se presenta no cadro 57 é moi heteroxénea xa que os pesos relativos de cada un destes apartados son moi diferentes. En todo caso, como se indicou, apréciase un predominio do sector industrial que seguramente se perdería a favor dos servizo se se lograsen contabilizar todas as solicitudes aprobadas.

No contexto financeiro antes tratado, a liña programada polo Igape para solucionar problemas de circulante, de esixencias no pasivo ou das ampliacións do capital social foi a posta en práctica dos programas Re-Solve en 2009 e Re-Solve+ en 2010, os cales teñen por finalidade a concesión de garantías aos avais destinados a esas finalidades e, en certo xeito, substituíron os programas deseñados nos inicios da crise de subsidio ao tipo de interese dos créditos ou pólizas de créditos destinadas a eses mesmos fins. O primeiro programa, que xa non estaba en vigor en 2011, dirixiuse a autónomos e a microempresas que atravesaban unha situación de dificultade nas súas contas e co segundo programa apoiouse, un ano despois e cos mesmos obxectivos, a pequena e mediana empresa. Estas últimas axudas consistiron nun reaval do 25% por parte do Igape e, ademais, no caso de ampliación do capital social, apoiouse cun subsidio ao tipo de interese dos préstamos obtidos para este fin. As características técnicas mostráronse nos *Informes* anteriores e estas actuacións preséntanse en concorrencia non competitiva posto que se trata de superar situacións excepcionais e se pretende que as actuacións mostren unha gran dilixencia. O lector poderá observar que se trata de medidas moi excepcionais que non se axustan á ortodoxia da política industrial ao viren impostas pola rigorosidade da crise e que non terán continuidade.

No *Informe* anterior prognosticabamos que ante a desaceleración económica, a liña de axuda sobre avais e préstamos destinados aos fins antes citados sería o programa máis importante do Igape. En termos de expedientes de pequenas e medianas empresas iso foi certo, xa que se prestou apoio a un total de 653 solicitudes para o financiamento do circulante, 67 para o refinanciamento de pasivos e 170 para a ampliación do capital social. Estas cifras suman un total de 890 solicitudes, dato que supera os 781 expedientes que solicitaron o apoio a través do convenio do Igape co ICO e coas entidades financeiras para o subsidio dos préstamos solicitados para realizar

Cadro núm. 58

Avais e préstamos apoiados polo Igape (en euros). Ano 2011

Liña de axuda	Número de solicitudes	Investimento apoiado	Subvención concedida	Préstamo incentivable	Aval concedido
Avais					
Avais, excepto pesca	14			46.531.800	28.373.260
Re-Solve - Apoio ao circulante	653	26.373.420	1.281.543	30.616.420	7.654.105
Re-Solve - Refinanciamento de pasivos	67	2.468.925	27.030	2.665.469	333.184
Re-Solve - Ampliación de capital social	170	9.825.956	783.497	8.295.234	2.073.808
Plan Re-Brote - Avais financiamento operativo adicional	13			5.471.329	2.963.165
Total	**917**	**38.668.301**	**2.092.070**	**93.580.252**	**41.397.522**
Préstamos					
Préstamos Banco Europeo de Investimentos (BEI)	14	19.919.510		19.406.562	
Total xeral	**931**	**58.587.811**	**2.092.070**	**112.986.814**	**41.397.522**

Fonte: Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

investimentos produtivos. Non obstante, a contía dos préstamos incentivados por este último programa excede amplamente a dos garantidos mediante un reaval por parte do Igape.

No cadro 58, ademais dos resultados do programa Re-Solve+, preséntanse os obtidos en 2011 polo Plan Re-Brote, actuación destinada a facilitar financiamento adicional para préstamos a sociedades que non estean en situación de crise e que presenten un proxecto que se considere viable dentro dos límites de risco asumidos polo Igape. Este programa, creado en 2009, funcionou en 2010 e, nese ano, resolvéronse 121 solicitudes. Xa que o prazo de presentación das mesmas finalizou o 31 de decembro de 2010, os resultados de 2011 son os de expedientes presentados en 2010 e reducíronse tan só a 13 solicitudes. Finalmente, no cadro 58 tamén se recollen os préstamos do Igape para financiar investimentos con fondos do Banco Europeo de Investimentos. Trátase de préstamos dirixidos ás peme que realicen un investimento de entre 240.000 e 25 millóns de euros. En 2011 apoiáronse un total de 14 empresas cun volume de préstamos arredor dos 19,4 millóns de euros, o que supón un préstamo medio de 1,4 millóns de euros.

Xunto ás numerosas liñas de apoio ao financiamento das empresas, moitos de cuxos programas deixaron de estar vixentes en 2011, o outro conxunto de programas de incentivo á actividade económica, e máis en concreto á industrial, é o apoio a grandes investimentos empresariais e a proxectos ambientais mediante o mecanismo de subvención a fondo perdido. Con este programa, paralelo ao de incentivos rexionais xa comentado nun epígrafe anterior e que tamén é xestionado polo Igape, aínda que é responsabilidade do Ministerio de Economía e Competitividade, preténdese favorecer a implantación de proxectos que superen os 500.000 euros. Os trazos técnicos desta liña

Cadro núm. 59

Axudas do Igape aos grandes investimentos empresariais e a proxectos ambientais. Resultados xerais e distribución provincial. Ano 2011

	Proxectos		Investimento subvencionable		Subvención		Emprego que se vai crear	
	Núm	%	Euros	%	Euros	%	Núm.	%
Grandes sectores								
Industria	33	82,5	99.930.744	87,4	14.852.793	85,5	279	77,1
Medio ambiente	1	2,5	789.568	0,7	181.601	1,0	9	2,5
Servizos	1	2,5	365.569	0,3	65.802	0,4	8	2,2
Transporte	2	5,0	913.657	0,8	144.299	0,8	15	4,1
Turismo	2	5,0	10.116.897	8,8	1.578.727	9,1	35	9,7
Sen especificar	1	2,5	2.277.265	2,0	546.544	3,1	16	4,4
Total	**40**	**100,0**	**114.393.700**	**100,0**	**17.369.766**	**100,0**	**362**	**100,0**
Distribución provincial								
A Coruña	13	32,5	21.098.959	18,4	3.636.835	20,9	74	20,4
Lugo	4	10,0	22.423.840	19,6	4.383.900	25,2	113	31,2
Ourense	8	20,0	5.746.439	5,0	934.640	5,4	16	4,4
Pontevedra	15	37,5	65.124.462	56,9	8.414.390	48,4	159	43,9
Total	**40**	**100,0**	**114.393.700**	**100,0**	**17.369.766**	**100,0**	**362**	**100,0**
Liña de axuda								
Proxectos de investimento empresarial (novos, ampliación, modernización)	39	97,5	114.031.181	99,7	17.308.138	99,6	352	97,2
Proxectos de investimento empresarial (en centros de servizos avanzados e intensivos en creación de emprego)	1	2,5	362.519	0,3	61.628	0,4	10	2,8
Total	**40**	**100,0**	**114.393.700**	**100,0**	**17.369.766**	**100,0**	**362**	**100,0**

Fonte: Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

de axuda foron indicados con detalle no *Informe 2010*. Trátase dun programa dirixido moi directamente ao sector industrial e a determinados servizos avanzados e de apoio ás empresas. En canto aos servizos, o investimento deberá superar os 200.000 euros e débense crear, polo menos, 10 postos de traballo de carácter indefinido.

Recordemos que a normativa discrimina positivamente determinados territorios: a totalidade das provincias de Lugo e Ourense, as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, e os concellos da Costa da Morte na provincia da Coruña. Nestes casos poderanse incentivar proxectos dunha contía mínima de 200.000 euros. Este programa, cofinanciado polo Feder, a través do PO Feder Galicia 2007-2013, mantén a súa vixencia en 2012 coa peculiaridade de que intenta incidir en maior grao nas provincias de Lugo e Ourense, polo que se modificaron as características do apoio específico ás mesmas garantindo unha porcentaxe mínima de investimento subvencionable en Lugo

a proxectos de determinadas actividades, das que pertencen ao sector industrial a transformación agroalimentaria e o sector químico e da industria farmacéutica. Pola súa banda, en Ourense a lista da industria é máis ampla, posto que se apoia en maior medida á industria de transformación agroalimentaria, ao sector da moda (confección e complementos), á fabricación de motores, xeradores e transformadores eléctricos, á industria da automoción, ás actividades de envase e empaquetado, á eliminación, valorización e reciclaxe de residuos, e á industria aeronáutica e auxiliar. Cabe supoñer que son estes os sectores estratéxicos polos que se aposta en cada provincia.

Os resultados deste programa en 2011, que se reflicten no cadro 59, indican que se apoiaron 40 proxectos, dos cales 33 pertencen ao sector industrial. Este número de expedientes contrasta cos 8 aprobados por incentivos rexionais (7 do sector industrial), se ben se aprecia un descenso sensible con respecto aos resultados de 2010 (52 proxectos), o que reflicte a tendencia a unha progresiva caída do investimento empresarial en proxectos industriais dunha certa envergadura, o que redunda negativamente na evolución da economía de Galicia. Así, o investimento aprobado para o sector industrial por este programa, 100 millóns de euros, representa as dúas terceiras partes do programado en 2010. As axudas aos servizos avanzados reducíronse a un único proxecto. No sector terciario destaca o apoio a dúas iniciativas de instalacións hostaleiras, vinculadas xa que logo ao sector de turismo, cun investimento total superior aos 10 millóns de euros.

Na distribución territorial, a diferenza dos programas financeiros, obsérvase a concentración dos expedientes nas dúas provincias máis occidentais. Non obstante, e debido á envergadura dos 4 proxectos aprobados en Lugo (un deles non se executará), o investimento nesta provincia superará ao da Coruña. Neste programa, no que prima o sector industrial, apréciase o peso da provincia de Pontevedra que case absorbe a metade da subvención total e o 56,9% do investimento, feito que volve destacar a concentración e o maior dinamismo da actividade nesta provincia. Pola contra, o investimento en Ourense (os 8 proxectos aprobados non superan os 6 millóns de euros) son iniciativas de menor dimensión que as previstas nas restantes provincias.

Cadro núm. 60

Resumo do resto de axudas con subvención aprobadas polo Igape. Ano 2011

Programa	Núm. de expedientes	Importe subvencionable (euros)	Subvención (en euros)
Mellora competitiva/Produtividade	374	27.959.765	7.615.633
Innoempresa	745	19.944.274	7.815.314
Emprendedores	15	2.694.374	647.774
Internacionalización	1.132	29.195.601	14.909.462
Outras axudas	25	11.676.168	1.137.187
Total	**2.291**	**91.470.182**	**32.125.370**

Fonte: Igape.

No cadro 60 recóllese un resumo dos resultados de 2011 dos restantes eixes do plan de actividades do Igape. Trátase de actuacións de interese para o desenvolvemento da economía de Galicia tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo. Ante o papel que a nova política industrial lle outorga ao Igape no ámbito da internacionalización, observamos que a especialización neste eixe xa se albisca nos resultados alcanzados en 2011. No conxunto do eixe aprobáronse 1.132 expedientes, o que significa un gasto do Igape que rolda os 15 millóns de euros, case o dobre das subvencións concedidas en 2010. A aposta por incentivar a saída das empresas galegas ao estranxeiro reflectiuse nos orzamentos e nun conxunto de novas liñas que se ampliaron en 2012. Entre outras, destaca a implantación dun programa de avais para facilitar financiamento co fin de realizar a actividade exportadora. En 2011, o principal apoio en termos de subvención á internacionalización por parte do Igape, cunha subvención aprobada de 6,4 millóns de euros a 34 solicitudes, foi o Plan Primex, consistente en conseguir que as empresas galegas, mediante acordos de colaboración entre elas, se introduzan en novos mercados internacionais para lanzar produtos ou servizos e, ademais, como unha segunda vertente deste mesmo Plan, apóianse as accións que leven a cabo os organismos intermedios para que os seus asociados participen neste proxecto. Unha segunda liña, na que se aprobaron 523 solicitudes, dirixiuse á participación en eventos expositivos internacionais fóra de Galicia. Polo volume de solicitudes presentadas parece unha cuestión fundamental para a divulgación no estranxeiro da oferta galega. Unha terceira liña, non menos importante que a anterior en canto á súa contía, é o apoio ao lanzamento de produtos novos ou xa existentes en mercados internacionais mediante plans de mercadotecnia, comunicación, imaxe e marca. Neste programa apoiáronse 234 solicitudes. Este eixe complétase con sete liñas de axudas, ás que hai que engadir outro tipo de actividade como as axudas en destino da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia (Rede Pexga), iniciativa levada a cabo conxuntamente coa Confederación de Empresarios de Galicia. Este proxecto, que naceu en setembro de 2011, conta con 14 oficinas no mundo para ofrecer servizos ao empresariado galego que se internacionaliza.

Dos restantes eixes cabe destacar o apoio aos emprendedores, as axudas para incrementar a competitividade e os resultados do programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (Innoempresa 2007-2013), ao que se presentaron un total de 745 expedientes. Neste último programa apóianse proxectos innovadores, tanto desde a vertente organizativa como da tecnolóxica. Esta actuación corresponde á Administración central, pero os proxectos galegos son xestionados e tramitados polo Igape, non así os plurirrexionais. Destes últimos non houbo unha convocatoria en 2011 por decisión do Goberno central. A subvención concedida por este programa nese exercicio en Galicia ascendeu a 7,8 millóns de euros, da cal a maior parte se dirixiu á implantación de modelos empresariais (233 expedientes) no ámbito organizativo e á implantación e certificación de normas ISO (333 solicitudes) na vertente tecnolóxica.

Nas páxinas anteriores desmiuzamos a complexidade de actuacións que desenvolveu o Igape en 2011. En 2012, ante a notable caída no orzamento deste Instituto e a atonía

na actividade, cabe agardar que a súa incidencia na economía sexa menor. En todo caso, seguindo a nova Lei de Política Industrial obsérvase unha crecente preocupación por parte do Igape de impulsar a internacionalización da empresa galega.

A actuación das consellerías sectoriais

Ao asumir a Consellería de Economía e Industria a maior parte das competencias de política industrial da Administración autonómica propiciouse unha maior coordinación nas actuacións realizadas polos diferentes organismos responsables. Así, o Igape quedou adscrito a esta Consellería. Porén, outras consellerías manteñen ou asumiron competencias que inciden no desenvolvemento da industria de Galicia. En 2011 as Consellerías do Medio Rural e do Mar (fusionadas en xaneiro de 2012 co nome de Consellería do Medio Rural e Mariño) dispuñan de programas que apoian un dos sectores, ao noso xuízo, estratéxicos de Galicia, a industria alimentaria. Os complexos agro-industria e mar-industria, con apoios importantes por parte da Unión Europea, beneficiábanse dos dous fondos sectoriais, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e o Fondo Europeo de Pesca (FEP). Ademais, no ámbito da política tecnolóxica, desde 2011 comezou a funcionar o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento I2C 2011-2015, tras finalizar o seu período de vixencia o Plan de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), 2006-2010. Neste eido, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asumiu competencias que anteriormente tiña a Consellería de Economía e Industria. Finalmente, a actualmente denominada Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xa dun xeito máis indirecto, tamén pode impulsar a actividade industrial.

Desde un punto de vista organizativo, unha das cuestións máis relevantes foi a creación, a inicios de 2012, da Axencia Galega de Innovación.[18] A súa creación xa estaba prevista na disposición transitoria segunda da Lei 16/2010, de 17 de decembro. Neste Decreto indícase no seu preámbulo que «a finalidade da Axencia Galega de Innovación é apoiar e impulsar ou crecemento e a competitividade das empresas galegas, fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, substituíndo, deste modo, a Dirección Xeral de I+D+i, que quedará suprimida no momento da súa creación efectiva»; e no artigo 2 dos seus estatutos di que «ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes». Este novo organismo, axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Economía e Industria, pero con personalidade xurídica propia, conta con dous órganos de goberno, a Presidencia (Conselleiro de Economía e Industria) e o Consello Reitor, órgano colexiado. Este último constituíuse o pasado mes de abril e a Axencia

[18] Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. DOG do 27 de xaneiro de 2012.

comezou a funcionar a finais dese mesmo mes. Desde a súa creación á redacción deste *Informe* tan só pasaron uns días, polo que no *Informe 2012* teremos a oportunidade de comentar o impacto deste novo organismo que substitúe a Dirección Xeral de I+D+i na industria galega. Como un dos primeiros obxectivos anúnciase o impulso do programa Feder-Innterconecta, do que xa demos referencia nas actuacións do CDTI, posto que se trata de aproveitar o Fondo Tecnolóxico que, como xa se subliñou, ten un maior peso nas comunidades autónomas do Obxectivo Convergencia. Indicábase tamén que o atraso inicial no gasto a cargo deste fondo, que se entendía que era determinante para o desenvolvemento das comunidades autónomas menos avanzadas, intentaba corrixirse nos últimos anos do actual período de programación. O CDTI leva a cabo esta actuación en Galicia coa colaboración da Consellería de Economía e Industria, agora a través da Axencia Galega de Calidade, que conta cun orzamento para este fin de 30 millóns de euros (10 millóns, respectivamente, en 2012, 2013 e 2014) e o orzamento mínimo dos proxectos é de 1,5 millóns de euros cunha duración de tres anos. Estes proxectos, que contarán entre os seus participantes, como mínimo, cun centro de investigación, teñen a finalidade de apoiar «o financiamento de grandes proxectos integrados de desenvolvemento experimental, de carácter estratéxico, gran dimensión e que teñan como obxectivo o desenvolvemento de tecnoloxías novas en áreas tecnolóxicas de futuro, con proxección económica e comercial a nivel internacional, supoñendo ao mesmo tempo un avance tecnolóxico e industrial relevante para Galicia. Con carácter excepcional, poderanse financiar proxectos de investigación industrial». Tamén indicabamos nun epígrafe anterior que os expedientes dos proxectos solicitados estaban en fase de resolución, polo que o resultado definitivo se comentará no *Informe 2012*. Doutra banda, a Axencia tamén colaborará con XesGalicia no desenvolvemento do Fondo Tecnolóxico I2C.

Unha das principais encomendas que tiña en 2011 a daquela vixente Dirección Xeral de I+D+i era xestionar a finalización do Plan de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) 2006-2010, e desenvolver os obxectivos que para 2011 establecía o novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento I2C 2011-2015. Para ese ano dispúñase dun orzamento de 192 millóns de euros, malia que os recortes orzamentarios nese momento de crise, minguaron sensiblemente a súa efectividade, dando a sensación de que a política de innovación se potencia en momentos de auxe económico, pero non cando a comunidade ten que atender outras necesidades perentorias. O Plan está articulado arredor dos seguintes eixes: 1. Xestión do talento. 2. Consolidación dos grupos de referencia. 3. Sistema integral de apoio á investigación. 4. Valorización do coñecemento. 5. A innovación como motor do crecemento. 6. Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación. 7. Modelos de innovación nas administracións. 8. Programas sectoriais. 9. Proxectos singulares. 10. Difusión e Divulgación. Na súa xestión, e dado a concorrencia existente entre diversos organismos, en maio de 2011 publicouse unha nova distribución de funcións e, desde entón, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria encárgase plenamente da promoción científica e tecnolóxica universitaria. Este ámbito é básico nunha economía como a galega xa que, segundo as últimas estatísticas do

INE, o esforzo en investigación o realiza, en gran medida, o persoal que imparte ensino superior. O gasto total de I+D en 2010 en Galicia foi de 531,6 millóns euros, dos que a este último colectivo lle corresponderon 207,3, fronte aos 239,6 millóns das empresas e das institucións sen ánimo de lucro, e aos 84,7 millóns da Administración pública. Esta última Consellería anunciou que, tras o freo de 2011, está a xestionar algo máis de 49,2 millóns de euros no marco dun modelo de investigación universitaria. Ademais, este mesmo organismo ocupouse da xestión de 593 proxectos aínda activos do Incite, transferidos desde a Consellería de Economía e Industria, cun orzamento de 10 millóns de euros. Os recortes orzamentarios motivaron que en 2011 non se realizase a convocatoria do programa sectorial de axudas para empresas, universidades, outros organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos cuxos resultados, en 2010, se reflectiron no cadro 56 do informe dese ano. A carencia dun apoio que viña sendo importante como unha resposta ás necesidades de I+D+i desenvolvidas fundamentalmente polas empresas xunto co resto dos axentes do sistema só se suple, en parte, co programa Innterconecta citado anteriormente.

En relación coa política tecnolóxica, no período no que se está redactando este *Informe* anunciouse a aprobación en Galicia do proxecto de Lei de Investigación e Innovación, normativa que actualizará a vixente durante os últimos vinte anos e consolidará a Axencia Galega de Innovación e o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento I2C. Este proxecto contempla a creación dun novo organismo, o Observatorio Galego da Innovación. Segundo se manifestou, esta Lei compromete ás universidades, ás empresas e á Administración no obxectivo de que o gasto teña un resultado concreto que beneficie a sociedade galega.

Se nos centramos agora nas actuacións da Consellería de Economía e Industria, ao abeiro do Plan I2C en 2011 e do PO Feder Galicia 2007-2013, a Dirección Xeral de I+D+i xestionou a concesión de subvencións ás empresas para o fomento da innovación empresarial, e para iso dispuxo de 3 programas.

O primeiro consistiu en prestar apoio ao financiamento de proxectos, individuais ou en colaboración, de innovación tecnolóxica (Proxectos CIT), moi en liña coas actuacións que ten o CDTI para o conxunto do Estado. Estas subvencións destínanse a tres tipos de innovación: a xestión, a loxística e a tecnolóxica de proceso ou produto. Neste programa valórase a dinámica de colaboración que se poida establecer con centros tecnolóxicos, universidades ou centros públicos de investigación e innovación. Os proxectos poden ter un carácter plurianual, cun máximo de tres anualidades. A dotación orzamentaria foi de 7,05 millóns de euros (0,25 millóns para a primeira anualidade, 3 para a segunda e 3,8 para a terceira). Da convocatoria de 2011 aprobáronse un total de 116 proxectos cuxo custo subvencionable oscilou entre os 368.100 euros do proxecto de Castelo Soluciones Estruturales Innovación, sobre panel prefabricado lixeiro para sistemas de habitabilidade modulares e mellora do seu proceso produtivo, e os 51.000 euros da cooperativa leiteira de Negreira, Feiraco Lácteos S.L., que desenvolve un proxecto sobre optimización da loxística interna e o rastrexo mediante procedementos baseados en TIC. A subvención total concedida alcanzou os 4,9 millóns de euros, contía sensiblemente inferior á programada e, da listaxe dispoñible, xunto coa

proporcionada no cadro 51, pódese analizar con detalle a I+D+i que proxecta efectuar o tecido empresarial galego.

Un segundo programa, vixente desde hai varios anos, é o apoio ás plataformas tecnolóxicas, para as que se dispuña dun orzamento en 2011 de 558.600 euros. Esta subvención, a fondo perdido cun cofinanciamento do Feder, concédese para «a realización de actuacións encamiñadas á procura do desenvolvemento de proxectos de cooperación, no marco da axenda estratéxica de investigación definida pola plataforma, que supoñan a participación en programas estatais e internacionais de I+D+i das empresas e entidades adheridas a ela». Aprobouse a subvención a 14 plataformas. O custo subvencionable proposto máis elevado foi o de Ptgal-Plataforma Tecnolóxica Galega Agroalimentaria, presentado pola Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo por un total 121.985 euros, e o menor correspondeu a Desenvolvemento de Proxectos na Plataforma Tecnolóxica Galega de Biotecnoloxía (Biotega), presentado polo Cluster Tecnolóxico Empresarial Ciencias da Vida, por un valor de 25.000 euros. A contía total da subvención concedida ás 14 plataformas foi de 523.585 euros, cifra próxima á presupostada.

Unha terceira liña de apoio consistiu na concesión de subvencións para a preparación de propostas de proxectos que se vaian presentar a convocatorias estatais e internacionais. A contía presupostada en 2011 para este propósito foi de 150.000 euros, que se gastou na súa totalidade en 47 proxectos cuxo custo subvencionable foi de 228.657,61 euros.

Ademais, tamén desde a Dirección Xeral de I+D+i se mantiveron, en 2011, as axudas a fondo perdido, cofinanciadas nun 80% con Fondos Feder, ao investimento en proxectos innovadores, entendidos estes como a «creación dun novo centro produtivo; a ampliación dun establecemento da empresa solicitante coa finalidade de permitir o desenvolvemento de novos produtos e procesos; a diversificación da produción dun establecemento para atender mercados de produtos novos e adicionais; e a transformación fundamental de carácter innovador no proceso global de produción dun establecemento existente». Ademais, inclúese nesta liña de axudas a dotación nas empresas e unidades de I+D e a transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de licenzas. A contía orzada para atender este programa case alcanzou os 2,8 millóns de euros, destinada a equipamentos para os centros de I+D das empresas, pero sobre todo á adquisición de maquinaria, coa dificultade neste último caso de discernir cando esa compra supón unha «mellora tecnolóxica significativa e innovadora nos procesos ou na actividade da empresa». Por esta razón, entendemos que a dirección desta liña de axudas, na que a contía mínima dos investimentos innovadores debe ser de 200.000 euros, non se afasta moito dos obxectivos dos programas xa comentados noutros apartados de incentivos rexionais ou do Igape nos seus apoios ao investimento de grandes proxectos empresariais. No caso de unidades de I+D, a contía mínima reduciuse a 30.000 euros. Sobre a cantidade total presupostada, os resultados desta liña de axudas en 2011 concretáronse no apoio a 15 unidades de I+D de empresas galegas e a 20 proxectos de innovación que cubriron a totalidade do orzamento. Só dous investimentos programados pola industria de compoñentes de automoción, Viza e Maier

Cadro núm. 61

Distribución das axudas concedidas ás empresas pola Consellería de Economía e Industria para o fomento da innovación empresarial (en miles de euros). Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Fóra de Galicia	Total
Axudas en 2011, 2012 e 2013						
Investimento total	9.637,2	1.726,9	2.669,1	18.708,7	702,1	33.444,0
%	28,8	5,2	8,0	55,9	2,1	100,0
Investimento subvencionable	3.474,1	638,0	755,3	6.278,9	247,6	11.394,1
%	30,5	5,6	6,6	55,1	2,2	100,0
Subvención concedida	2.522,7	369,9	500,8	4.011,9	158,7	7.564,1
%	33,4	4,9	6,6	53,0	2,1	100,0

Fonte: Axencia Galega de Innovación. Consellería de Economía e Industria. Xunta de Galicia.

Ferroplast S.L., superaron os 500.000 euros. Esta estatística, xa que logo, confirma o indicado ao expoñer o apoio prestado por incentivos rexionais á empresa galega, é dicir, a concentración, en 2011, dos novos investimentos no sector de compoñentes de automoción localizado en Galicia.

No cadro 61 preséntase a distribución territorial deste conxunto de axudas segundo a información facilitada pola Axencia Galega de Innovación. Como sucede coa maior parte das estatísticas de apoio á industria, destaca o peso de Pontevedra que absorbeu máis da metade do investimento e da subvención concedida, en contraste co baixo peso de Lugo, cun investimento inferior aos 2 millóns de euros. En canto á distribución sectorial, presentada no cadro 62, obsérvase que arredor do 40% do investimento e da subvención corresponde a servizos non especificados, seguramente vinculados, a maior parte deles, ás empresas. A elevada porcentaxe de apoio ao terciario xustifícase polo elevado peso relativo das subvencións aos proxectos CIT sobre os 3 restantes programas. No sector industrial destaca, xunto coa automoción, a industria agroalimentaria.

No contexto da nova Lei de Política Industrial subliñabamos a importancia que se lle outorga aos *clusters* empresariais, alicerces sobre os que pivotan os obxectivos transversais de innovación, internacionalización e competitividade. Nesta normativa recoñécense por vez primeira e defínense as súas funcións. Pois ben, en Galicia están catalogados 23 *clusters* e non todos reúnen os requisitos para poder selo. Co obxectivo de mellorar a competitividade do tecido empresarial galego, a Consellería de Economía e Industria subvencionou en 2011 a creación e consolidación dos *clusters*. Os resultados reflicten un apoio a 16 *clusters*, cunha subvención algo superior a un millón de euros. Adicionalmente, na liña de formación subvencionou con 647.610,13 euros a 17 e axudou á constitución de 4: Asociación de Industrias Elaboradoras Gallegas en Agricultura Ecológica, Asociación Empresarial Innovadora de Asociaciones Proveedoras de la Construcción, Asociación Gallega de Envasadores de Agua Mineral Natural e Asociación Promotora do Cluster da Saúde de Galicia.

Cadro núm. 62

Distribución sectorial das axudas de apoio ao fomento á innovación empresarial concedidas ás empresas privadas pola Consellería de Economía e Industria en 2011 para desenvolver no período 2011-2013

	Investimento total		Investimento subvencionable		Subvención	
Sectores	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	367	1,1	184	1,6	146	1,9
Industrias de produtos alimenticios e bebidas	2.388	7,1	679	6,0	447	5,9
Industria téxtil e de confección	700	2,1	218	1,9	183	2,4
Fabricación de material de transporte	1.356	4,1	407	3,6	321	4,2
Industrias manufactureiras non especificadas	4.070	12,2	1.563	13,7	1.006	13,3
Captación, depuración e distribución de auga	972	2,9	487	4,3	176	2,3
Correos e telecomunicacións	1.581	4,7	551	4,8	433	5,7
Transporte	126	0,4	19	0,2	18	0,2
Construción	4.098	12,3	1.147	10,1	514	6,8
Comercio	249	0,7	62	0,5	56	0,7
Educación	180	0,5	47	0,4	39	0,5
Actividades sanitarias	1.458	4,4	547	4,8	312	4,1
Actividades vinculadas co medio ambiente	391	1,2	150	1,3	107	1,4
Outros servizos non especificados	13.469	40,3	4.486	39,4	3.185	42,1
Sen determinar	2.041	6,1	848	7,4	622	8,2
Total	**33.444**	**100,0**	**11.394**	**100,0**	**7.564**	**100,0**

Fonte: Axencia Galega de Innovación. Consellería de Economía e Industria. Xunta de Galicia.

Indicabamos anteriormente que desde a actual Consellería do Medio Rural e do Mar (en 2011 eran dúas consellerías) se intenta dinamizar os complexos agro-industria e mar-industria. Sobre o primeiro, unha actuación tradicional na economía galega foi a axuda a fondo perdido aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais. Os resultados de 2010 recollíanse no cadro 59 do *Informe 2010*. Alí se observa que a subvención total realizada era de 29,6 millóns de euros, repartida entre as industrias cárnicas (6,5 millóns), lácteas (6 millóns), vitivinícolas (5,2 millóns), hortofrutícolas (2,3 millóns), panaderías (5,4 millóns), forestal (2,2 millóns) e outras industrias (1,9 millóns). Esta axuda cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e tamén polo entón Ministerio de Medio

Ambiente, e Medio Rural e Mariño, supuña unha discriminación positiva ao sector agroindustrial galego fronte aos incentivos dirixidos a outros sectores. En 2011 non houbo convocatoria ou, mellor dito, a mesma foi decidida o 23 de decembro dese ano pero xa con cargo ao exercicio orzamentario de 2012. Por esta razón neste *Informe* non figura un cadro similar, xa que este sector se quedou sen este apoio neste exercicio. Retomarase en 2012.

Estas actuacións desenvolvían unha parte dos eixes: 1 (medida 123, axudas para o aumento do valor engadido dos produtos agrícolas e forestais) e 3 (medida 312, axudas para os investimentos en microempresas que contribúan ao desenvolvemento rural) do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia, 2007-2013, documento de programación do conxunto de medidas a través das cales o Feader incide en Galicia neste período. No cadro 63, recóllese o gasto efectuado por este fondo sectorial e consecuentemente o grao de execución do PDR. Transcorridos cinco anos, esta execución non alcanza o 50% do programado (43,03%), malia que o gasto se poderá realizar ata 2015 polo que aínda quedan varios exercicios para poder alcanzar un mellor resultado. O maior atraso rexistrouse no enfoque Leader. Este cuarto eixe é herdeiro de actuacións de períodos de programación anteriores. O ente público xestor en Galicia é a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e articúlase a través de Grupos de Desenvolvemento Rural que, cunha visión multisectorial, intentan dinamizar áreas eminentemente rurais.

O complexo mar-industria recibe financiamento por parte do Fondo Europeo da Pesca (FEP). O PO que desenvolve, en 5 eixes, este fondo sectorial incide en toda España. No cadro 64 preséntase o grao de execución do programado para executar en Galicia a 31 de decembro de 2011. A porcentaxe da suma da programación total pública e privada, un 24,1%, é inferior ao gasto do Feader no PDR.

En canto ás axudas aos investimentos ás industrias de transformación de produtos do mar, en 2011 apoiáronse 90 proxectos cunha subvención total a fondo perdido de

Cadro núm. 63

Grao de execución do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) de 2007 a 2011 (en euros). Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia, 2007-2013

Eixos	Gastos Feader 2011	Gasto Feader 2007-2011	% PDR gastado en 2011	% PDR gastado entre 2007 e 2011
Eixe 1: Reforzar a base produtiva agroalimentaria e forestal	56.448.181	183.380.955	13,81	44,86
Eixe 2: Mellora do medio ambiente e do contorno rural	34.557.169	142.243.536	11,86	48,82
Eixe 3: Mellora da calidade de vida e da economía nas zonas rurais	16.737.742	41.485.981	17,19	42,61
Eixe 4: Enfoque Leader	7.235.678	13.272.723	8,80	16,14
Asistencia técnica	1.132.504	2.213.870	21,27	41,58
Total	**116.111.274**	**382.597.065**	**13,06**	**43,03**

Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Fondos. Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.

Cadro núm. 64

Grao de execución do Fondo Europeo de Pesca en Galicia de 2007 a 2013 (en euros)
A 31 de decembro de 2011

Eixos	Programación pública	Gastos declarados	Total programación: pública + privada*	Total execución: pública + privada*	%
Eixo 1: Medidas de adaptación da flota pesqueira comunitaria	190.122.615	76.458.892	271.544.009	77.819.858	28,7
Eixo 2: Acuicultura, pesca interior, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura	292.725.502	64.157.890	549.757.225	115.911.719	21,1
Eixo 3: Medidas de interese público	173.572.448	55.240.657	173.572.448	55.240.657	31,8
Eixo 4: Desenvolvemento sostible das zonas de pesca	40.000.000	90.000	40.000.000	90.000	0,2
Eixo 5: Asistencia técnica	6.175.521	1.830.294	6.175.521	1.830.294	29,6
Total	**702.596.085**	**197.777.733**	**1.041.049.202**	**250.892.528**	**24,1**

* O financiamento privado inclúe a achega dos beneficiarios

Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Fondos. Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.

14 millóns de euros, cifra superior á que dispoñen a maior parte das actuacións de corte horizontal estudadas neste apartado, e que reflicte un dinamismo na actividade industrial de transformación de produtos do mar que non se aprecia noutros sectores. Esta subvención superou o medio millón de euros en 5 proxectos: Cabomar Congelados, S.A. (empresa de Marín especializada en produtos conxelados e cuxo investimento se dirixe cara aos equipos e sistemas de proceso), Relento, S.L. (ampliación da cetaria de Corrubedo aproveitando as instalacións existentes e tendo en conta a localización do proxecto), Industrias Cerdeimar, S.L. (modernización das instalacións existentes), Alfonso García López, S.A. (Conservas Pescamar cuxo investimento consiste en mellorar os equipos de proceso, *hardware* e trazabilidade) e, por último, Frigoríficos Arcos, S.L. (nova empresa no Carballiño que se dedica ao procesado de polbo).

V. Construción

Introdución

No ano 2011 o sector construtor español continuou sumido na crise que o domina desde 2008. A promoción residencial alcanzou novos mínimos de actividade e o recorte do gasto público reduciu fortemente a demanda de obra pública. No ámbito galego o mercado da vivenda seguiu a tendencia estatal, mentres que a caída da obra

Cadro núm. 1

Indicadores do sector da construción en España. Taxas de variación interanual (en %)

				2011			
	2009	2010	2011	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	-8,0	-7,8	-3,8	-4,9	-3,2	-3,2	-3,7
% da construción na FBCF	71,2	67,6	64,6	65,3	65,4	64,2	63,4
% da vivenda na FBCF	34,4	32,8	31,7	32,0	31,9	31,3	31,5
Ocupados	-23,0	-12,6	-15,6	-10,2	-15,9	-17,8	-18,8
Paro estimado	58,0	-24,3	-12,3	-26,5	-18,6	-1,2	3,1
Afiliados á Seguridade Social	-18,1	-13,5	-12,3	-9,4	-11,8	-13,2	-15,2
Paro rexistrado	77,9	5,6	-1,0	-4,3	-2,5	-0,1	3,3
Consumo de cemento	-32,3	-15,4	-17,0	-2,1	-16,6	-21,0	-26,8
Índice de custos do sector	4,9	5,9	5,9	4,5	3,6	3,8	2,5

Fontes: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.* Inem. EPA. INE. OFICEMEN. Ministerio de Fomento, ECIC.

Cadro núm. 2

Indicadores do sector da construción en Galicia. Taxas de variación interanual (en %)

				2011			
	2009	2010	2011	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	-4,1	-7,3	-3,1	-4,5	-2,2	-2,3	-3,1
Ocupados	-13,7	-9,0	-13,2	-12,4	-9,7	-16,0	-14,9
Paro estimado	54,6	-0,1	-11,8	-21,5	-21,0	2,5	0,0
Afiliados á Seguridade Social	-9,4	-9,7	-11,6	-9,1	-11,0	-12,4	-14,1
Paro rexistrado	61,3	12,2	10,3	4,8	8,4	12,4	16,2

Fontes: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.* Inem. EPA. INE. OFICEMEN. IGE.

Cadro núm. 3

O mercado de traballo na construción (medias anuais). Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Ocupados						
Miles	38,4	14,1	11,5	27,4	91,4	1.393,0
Taxa de variación 2011/2010 (%)	-20,0	-1,4	-7,4	-10,6	-11,8	-15,6
Paro estimado						
Miles	7,9	1,3	1,7	6,0	16,8	445,0
Taxa de variación 2011/2010 (%)	1,9	-23,5	-1,5	-24,9	-11,8	-12,3
Paro rexistrado						
Miles	16,5	4,0	4,2	14,7	39,4	747,5
Taxa de variación 2011/2010 (%)	10,5	10,8	9,4	10,4	10,3	-1,0
Afiliados á Seguridade Social						
Miles	42,1	12,2	11,0	30,9	96,2	1.354,8
Taxa de variación 2011/2010 (%)	-12,3	-9,7	-10,8	-11,8	-11,6	-12,3

Fontes: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*. Inem. EPA. INE.

pública non foi tan pronunciada como no resto de España. Con todo, o balance de 2011 é extremadamente negativo para a actividade construtora tamén en Galicia. Esta conclusión ponse de manifesto en particular na continua diminución da ocupación ao longo do ano. As expectativas para 2012 son pesimistas debido á depresión económica global, que, por unha banda, desincentiva a compra de vivenda e, por outra, restrinxe a capacidade de contratación do sector público.

Ao longo de 2011 o valor engadido bruto da construción española caeu a unha taxa media do 3,8%. Aínda que neste ano o descenso interanual da produción se reduce á metade do experimentado en 2010, o forte declive do sector que fora a locomotora do crecemento español maniféstase nos dezaseis trimestres de continua baixada da produción que se completan en decembro de 2011 (cadro 1 e gráfico 1). A perda de peso da construción ponse de relevo na caída ata o 10,5% na súa contribución ao PIB español, despois de descender de forma importante a súa contribución á formación bruta de capital fixo, tanto no

Gráfico 1.

VEB pb da construción e PIB pm (euros constantes)
Taxas de variación interanuais (en %)



Gráfico 2.

Participación directa da construción no PIB (prezos correntes) (en %)



apartado de vivenda, que alcanza o mínimo dos últimos doce anos, como no de infraestruturas públicas (véxase gráfico 2). Esta perda de relevancia no conxunto da economía española apréciase, así mesmo, na perda de peso do emprego da construción, que, como se expresa no gráfico 5, en 2011 se reduce ata o 7,7% do total español.

O mercado de traballo pon de relevo esta pronunciada crise. En 2011 a ocupación media do sector foi de algo menos de 1,4 millóns de persoas, 258.000 menos que o ano anterior, o que representa un descenso do 15,6% na ocupación. Se ben o paro estimado descende un 12,3%, este dato débese á redución de 320.000 activos no sector que, desanimados polas malas expectativas, abandonan a busca de emprego na construción. As afiliacións á Seguridade Social reflicten un comportamento non tan negativo como o expresado pola EPA. En 2011 a afiliación media en alta laboral á Seguridade Social foi de

Gráfico 3.

Indicador do clima de construción en España



1,35 millóns de persoas, o que supuxo unha caída do 12,3% respecto ao ano anterior. Por outra parte, o paro rexistrado nas oficinas de emprego mostrou por vez primeira desde 2006 unha tendencia negativa, situándose nunha media de 747.000 persoas, cun descenso do 1% respecto a 2010. Aínda que a situación poida aparentar unha mellora do mercado laboral, esta é atribuíble ao desánimo e á falta de confianza en obter un emprego por parte dos parados. Deste xeito, o mercado de traballo continuou empeorando en 2011, se ben a «taxa de deterioración» se moderou con respecto a 2010. Como mostra do estado de opinión empresarial, o indicador de clima da construción[1] recollido no gráfico 3 reflicte o empeoramento do mesmo nos últimos meses de 2011, alcanzando un mínimo histórico (-65) en xaneiro de 2012, malia que en febreiro, marzo e abril o indicador remonta lixeiramente pero con estados de opinión nos que predominan as opinións negativas.

No ámbito galego as distintas estimacións da actividade do sector indican un comportamento recesivo. O Instituto Galego de Estatística (IGE) propón unha caída media do valor engadido do 3,1% en 2011, que reduce en 7 décimas a estimada para o conxunto de España. En Galicia a deterioración do mercado de traballo da construción é semellante á da media española. A EPA estima que a ocupación media no sector galego foi de 91.350 persoas, o que representa unha caída do 13,2% e empeora a do ano anterior. O número de activos redúcese un 13%, situándose arredor dos

Cadro núm. 4

A vivenda en España. Principais indicadores de oferta

				Taxa de variación interanual (%)		
	2009	2010	2011	2009	2010	2011
Visados de dirección de obra (vivenda nova e ampliación e reforma)	146.640	127.543	109.866	-51,0	-13,0	-13,9
Licenzas municipais de obra (número de vivendas de nova planta)*	130.546	91.645	57.059	-51,4	-29,8	-7,2
Certificados de fin de obra (número de vivendas)	387.075	257.443	167.914	-37,1	-33,5	-34,8
Vivendas libres visadas polos colexios de arquitectos	76.344	55.648	46.514	-63,3	-27,1	-16,4
VPO visadas polos colexios de arquitectos	34.518	28.307	23.345	-22,8	-18,0	-17,5
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	79.054	60.526	35.001	-13,6	-23,4	-42,2
VPO obra nova. Vivendas rematadas	67.904	58.311	58.308	-2,4	-14,1	-0,0

VPO: Vivenda de protección oficial.
* Para o ano 2011, os 9 primeiros meses.
Fontes: Ministerio de Fomento. *Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España.*

[1] O indicador de clima é a media dos saldos de opinións empresariais referidos á tendencia do emprego e á carteira de pedidos do sector, recollidos na *Encuesta de Coyuntura Industrial* elaborada polo Ministerio de Industria. Por exemplo, un valor de -10 do saldo significa que a porcentaxe de opinións negativas supera en 10 puntos a de opinións positivas.

Gráfico 4.

Mercado de traballo na construción en Galicia
Taxas de variación interanual (en %)



Gráfico 5.

Participación directa da construción no emprego (en %)



Gráfico 6.

Número de vivendas iniciadas e rematadas en Galicia



108.000. A mellora do 11,8% no número de parados estimados cabe, pois, atribuíla exclusivamente ao desánimo no mercado laboral que reflicte o descenso da poboación activa. En 2011 producíronse pouco máis de 96.000 afiliacións á Seguridade Social en toda Galicia, o que significa unha caída do 11,6%, semellante á media española. Non obstante, o comportamento do paro rexistrado en Galicia é diferente ao do resto do Estado posto que, cunha media de 39.400 persoas, o número de inscritos nas oficinas de emprego galegas aumentou un 10,3% en 2011. Por último, a pesar da crise, o sector aínda representa o 8,4% do emprego total e o 12,1% do PIB galego de 2011 (cadros 2 e 3 e gráficos 1, 2, 4 e 5).

Vivenda

A actividade española de promoción residencial proseguiu a súa esmagadora deterioración en 2011. Durante este ano a oferta de vivendas continuou rachando mínimos históricos tanto en España coma en Galicia. Asemade, a demanda, despois do ilusorio reponte de 2010, retomou con maior forza a tendencia recesiva de anos anteriores. Este marco fortemente contractivo, unido á existencia dun importante volume de vivendas en *stock*, impulsou novos recortes dos prezos. Con todo, a baixada do custo non parece ser aínda suficiente para compensar o empeoramento do emprego, a falta

de liquidez e as malas expectativas económicas que lastran a saída a flote do mercado da vivenda.

En 2011 os colexios de arquitectos técnicos visaron en España o inicio de menos de 78.300 vivendas de nova planta, cifra que representa un descenso interanual do 14,6% e a menor cantidade de vivendas iniciadas nos últimos corenta anos. En Galicia as vivendas novas iniciadas foron 3.836, cunha caída do 6,8% que significa acadar un mínimo nos rexistros estatísticos que se inician en 1970. Así, a oferta do sector padece unha parálise case total en España e Galicia. Se observamos as catro provincias galegas, só Ourense aumenta claramente o número de vivendas iniciadas, se ben a referencia é a baixa cifra de comezos de obra de 2010 (cadros 4, 5, 6 e 7 e gráficos 6 e 7.)

O sector da edificación residencial caracterízase por un prolongado proceso de produción, que impide que a actividade responda de xeito rápido aos cambios na conxuntura do mercado. Malia que a iniciación de vivendas comezou a frearse no ano 2008, a finalización de vivendas continuou reflectindo os inicios de obra dos anos anteriores. En 2010 as certificacións de final de obra diminuíron de forma apreciable e en 2011 a caída foi moi importante. Neste ano rematáronse case 168.000 vivendas en toda España, o que supón un descenso interanual próximo ao 35%. En Galicia a caída foi aínda máis forte, e os arquitectos técnicos asinaron algo menos de 8.900 certificacións de fin de obra. Esta cantidade implica un descenso interanual próximo ao 56%. A pesar desta forte redución, as compras de vivenda nova ao longo do ano aínda eran insuficientes para absorber as novas vivendas (cadro 11), de xeito que o *stock* de

Cadro núm. 5

A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta

				Taxa de variación interanual (%)		
	2009	2010	2011	2009	2010	2011
Visados de dirección de obra (vivenda nova e ampliación e reforma)	7.771	5.513	5.196	-62,8	-29,1	-5,8
Licenzas municipais de obra (número de vivendas de nova planta)*	7.372	4.811	2.691	-68,2	-34,7	-20,4
Certificados de fin de obra (número de vivendas)	25.865	20.130	8.876	-17,3	-22,2	-55,9
Vivendas libres visadas polos colexios de arquitectos	5.431	3.860	3.403	-68,1	-28,9	-11,8
VPO visadas polos colexios de arquitectos	437	701	323	-77,4	60,4	-53,9
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	1.146	2.965	942	-47,2	158,7	-68,2
VPO obra nova. Vivendas rematadas	1.778	2.261	1.717	-35,2	27,2	-24,1

VPO: Vivenda de protección oficial.

* Para o ano 2011, os 9 primeiros meses.

Fontes: Ministerio de Fomento. *Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España.*

Cadro núm. 6

Indicadores de oferta. Vivendas iniciadas e rematadas

	2007	2008	2009	2010	2011
Vivendas iniciadas (obra nova)					
A Coruña	19.366	9.339	2.591	2.188	1.862
Lugo	9.284	2.420	1.544	677	564
Ourense	2.874	2.180	637	242	359
Pontevedra	11.516	5.293	1.496	1.011	1.051
Galicia	**43.040**	**19.232**	**6.268**	**4.118**	**3.836**
España	**651.427**	**264.795**	**110.849**	**91.662**	**78.286**
Vivendas rematadas					
A Coruña	14.283	14.602	11.680	8.517	4.151
Lugo	3.391	5.079	4.087	3.865	1.447
Ourense	3.072	2.278	2.055	1.975	744
Pontevedra	11.191	9.304	8.043	5.773	2.534
Galicia	**31.937**	**31.263**	**25.865**	**20.130**	**8.876**
España	**641.419**	**615.072**	**387.075**	**257.443**	**167.914**

Fonte: Ministerio de Fomento.

Gráfico 7.

Vivendas iniciadas, obra nova



Cadro núm. 7

Vivendas de Protección Oficial iniciadas e rematadas

	2009	2010	2011
VPO iniciadas			
A Coruña	531	1.712	469
Lugo	144	293	259
Ourense	50	183	121
Pontevedra	421	777	93
Galicia	**1.146**	**2.965**	**942**
España	**79.054**	**60.526**	**35.001**
VPO rematadas			
A Coruña	871	793	836
Lugo	501	84	96
Ourense	76	291	111
Pontevedra	330	1.093	674
Galicia	**1.778**	**2.261**	**1.717**
España	**67.904**	**58.311**	**58.308**

Fonte: Ministerio de Fomento.

vivenda continuou a medrar en 2011, pero de maneira moi atenuada (cadros 5 e 6 e gráficos 6 e 7).

Os proxectos visados polos colexios de arquitectos son un indicador adiantado de tendencia de actividade cuxos datos en 2011 sinalan que o descenso da promoción residencial aínda se prolongará no futuro próximo. Os colexios españois visaron un total de 68.859 vivendas durante 2011. Esta cifra supón un retroceso interanual do 16,8%, repartido de forma equitativa entre a vivenda libre e a de promoción oficial. En Galicia o total de visados ascendeu a 3.726, dos cales máis de 3.400 corresponden a vivenda libre e só 323 a vivenda protexida. A caída é xeral nas catro provincias coa excepción de Ourense, cuxos 446 visados significan un crecemento interanual do 66%. No cadro 8 e nos gráficos 8 e 9 apréciase a tendencia fortemente decrecente experimentada por este indicador nos últimos anos e o baixo nivel en que se sitúa en 2011, o que supón que 2012 volverá ser un ano negativo para a produción e o emprego no subsector da edificación residencial.

Lastrada polos graves problemas financeiros das administracións públicas, a iniciación de vivendas de protección (VP) experimentou un forte descenso en 2011. Segundo se expón no cadro 7, mentres que o número de VP finalizadas se mantivo en 58.000, o número de VP iniciadas en España en 2011 foi de 35.000, o que significa un retroceso do 42% respecto ao ano anterior. En Galicia, despois de que en 2010 a VP desempeña-

Cadro núm. 8

Vivendas visadas polos arquitectos

	Número de vivendas				Taxa de variación interanual (%)			
	2008	2009	2010	2011	2008	2009	2010	2011
A Coruña	7.706	2.828	2.283	1.843	-49,5	-63,3	-19,3	-19,3
Lugo	2.470	868	465	341	-68,1	-64,9	-46,4	-26,7
Ourense	2.091	532	268	446	-10,1	-74,6	-49,6	66,4
Pontevedra	6.708	1.640	1.545	1.096	-31,1	-75,6	-5,8	-29,1
Total	**18.975**	**5.868**	**4.561**	**3.726**	**-45,9**	**-69,1**	**-22,3**	**-18,3**

Fonte: *Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España.*

se un papel relevante, en 2011 experimentou unha forte caída con só 942 iniciacións de obra (descenso interanual do 68%) e 1.717 vivendas rematadas (-24%). Desta forma, o pasado ano as VP comezadas en Galicia só representan o 2,7% do total español, reducindo á metade a proporción do ano anterior. Non obstante, a comunidade galega mantén un maior protagonismo no apartado da rehabilitación protexida. En efecto, as 7.611 rehabilitacións aprobadas provisionalmente nos plans estatais representan o 9,8% do total español (77.275) e as 5.848 aprobacións definitivas supoñen o 7,3% do total estatal (80.585).

Se, como vimos, en 2011 a oferta de vivenda se sitúa en mínimos, o outro lado do mercado, a demanda, non dá mostras de maior dinamismo. En 2010 a demanda de vivenda viviu unha ficticia recuperación estimulada pola existencia de incentivos fiscais ao adiantamento das compras antes do 31 de decembro. Unha vez desaparecidos estes estímulos, en 2011 a demanda recuperou a tendencia fortemente recesiva dos anos anteriores a 2010.

No cadro 10 preséntanse dous indicadores da demanda efectiva de vivenda: as transaccións legalizadas nas notarías e as anotacións nos rexistros da propiedade.[2] Estas dúas series recollen a práctica totalidade das compravendas realizadas ao longo do ano. Se ben existe certo desaxuste temporal entre as transaccións notariais e os rexistros da propiedade, ambas as dúas series son unha fonte completa e moi fiable para avaliar o pulso do mercado inmobiliario. En 2011 as notarías españolas rexistraron un total de 347.305 operacións de compravenda, o que representa un forte descenso do 29,3%. A vivenda usada mostra un maior protagonismo que a nova, absorbendo o 63,5% das operacións (cadro 11). A maior recesión corresponde ao segmento da vivenda a estrear cun descenso do 36,5%, mentres que a de segunda man cae un 24,4%. Se se cotexan os datos do cadro 11 cos do cadro 6, obsérvase que en 2011 as vivendas rematadas en España (167.914) superan en algo máis de 41.000 as compras de primeira man, polo que neste ano o *stock* de vivenda continuou a medrar, malia que en menor medida que en anos precedentes. As cifras dos rexistradores da propie-

Cadro núm. 9

Vivendas visadas polos colexios de arquitectos. Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Vivenda libre	1.627	334	425	1.017	3.403
VPO	216	7	21	79	323
Total	**1.843**	**341**	**446**	**1.096**	**3.726**

Fonte: *Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España.*

[2] O *Consejo General del Notariado* estima o número de transaccións levadas a cabo nas notarías e estes cálculos son publicados polo Ministerio de Fomento. O *Colegio de Registradores de España* compila as transaccións inscritas nos rexistros da propiedade na estadística registral Inmobiliaria e estas cifras tamén se recollen nas series de compravenda de vivendas publicadas polo INE desde o ano 2007.

Gráfico 8.

Vivendas visadas polos colexios de arquitectos



Gráfico 9.

Demanda de vivenda en Galicia. Número de transaccións nas notarías



dade, recollidas no cadro 10, estiman unha caída menor da demanda (-17%), pero, á marxe destas diferenzas –debidas á gran concentración de compravendas no último trimestre de 2010, algunhas das cales en rexistros aparecen atribuídas a 2011–, as dúas fontes subliñan unha profunda fenda na demanda de vivenda en 2011.

Nos cadros 10 e 11 e no gráfico 9 preséntanse os estimadores de demanda de vivenda para Galicia. Segundo as actas notariais, en Galicia producíronse 16.011 transaccións de vivenda no ano 2011. Esta cifra supón unha importante caída do 38,4% en termos interanuais. A maior caída prodúcese no segmento da vivenda nova, que con 7.903 compras cae un 44,8%, mentres que a vivenda de segunda man experimenta tamén un forte retroceso pero de menor contía con 8.108 transaccións, que significan un 30,4% menos que en 2010. O mercado de vivenda nova perde peso fronte ao de segunda man e en 2011 ambos os dous segmentos repártense o mercado ao 50%. A caída da demanda efectiva é xeral nas catro provincias, oscilando entre o -41% da Coruña e o -35% de Pontevedra. En 2011 en Galicia finalizáronse 8.876 vivendas (cadro 6) e compráronse 8.108 vivendas de estrea (cadro 11). Se ben as compras aínda non alcanzan á oferta, a diferenza en Galicia é pequena e, desde logo, moito menor en termos relativos que no resto de España. Esta aproximación da oferta e da demanda, aínda nun contexto recesivo, constitúe unha boa noticia no sentido de que o *stock* de vivendas deixou de medrar no mercado inmobiliario galego, que é unha condición necesaria para a reactivación da actividade. Os datos dos rexistros da propiedade, ao igual que no resto de España, amortecen só lixeiramente a tendencia negativa das series notariais, formulando un descenso da demanda do 26,5%. A discrepancia débese ás mesmas causas antes mencionadas e, en todo caso, non altera a conclusión de que a demanda de vivenda galega se encontra sumida nunha profunda recesión.

Cadro núm. 10

Indicadores de demanda de vivenda

	Número de transaccións			Taxa de variación anual (%)	
	2009	2010	2011	2010	2011
Galicia					
Notarios	**23.883**	**25.980**	16.011	8,8	-38,4
A Coruña	10.852	11.809	6.975	8,8	-40,9
Lugo	3.425	3.838	2.419	12,1	-37,0
Ourense	2.423	2.870	1.786	18,4	-37,8
Pontevedra	7.183	7.463	4.831	3,9	-35,3
Rexistradores	**21.531**	**22.657**	**16.648**	**5,2**	**-26,5**
A Coruña	9.466	10.356	7.294	9,4	-29,6
Lugo	3.013	3.140	2.356	4,2	-25,0
Ourense	2.397	2.747	2.006	14,6	-27,0
Pontevedra	6.655	6.414	4.992	-3,6	-22,2
España					
Notarios	463.719	491.287	347.305	5,9	-29,3
Rexistradores	423.114	445.885	370.204	5,4	-17,0

Fontes: Ministerio de Fomento. *Estadística Registral Inmobiliaria.*

Cadro núm. 11

Transaccións de vivenda en notarías. Ano 2011

	Número de transaccións		Taxa de variación anual (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	3.463	3.512	-46,8	-33,8
Lugo	1.328	1.091	-44,6	-24,2
Ourense	867	919	-46,6	-26,3
Pontevedra	2.245	2.586	-41,0	-29,4
Galicia	**7.903**	**8.108**	**-44,8**	**-30,4**
España	**126.840**	**220.465**	**-36,5**	**-24,4**

Fonte: Ministerio de Fomento.

Cadro núm. 12

Valor medio das transmisións inmobiliarias de vivenda libre

	Euros			Taxa de variación anual (%)	
	2009	2010	2011	2010	2011
A Coruña	143.273	142.823	136.316	-0,3	-4,6
Lugo	115.780	118.765	110.997	2,6	-6,5
Ourense	114.330	125.895	108.997	10,1	-13,4
Pontevedra	155.189	155.737	148.759	0,4	-4,5
Galicia	**140.179**	**141.007**	**133.386**	**0,6**	**-5,4**
España	**181.044**	**180.540**	**164.241**	**-0,3**	**-9,0**

Fonte: Ministerio de Fomento.

Cadro núm. 13

Hipotecas en terreos edificables urbanos. Vivendas construídas

	Número de hipotecas			Taxa de variación anual (%)	
	2009	2010	2011	2010	2011
A Coruña	14.280	13.765	8.861	-3,6	-35,6
Lugo	4.193	4.277	3.017	2,0	-29,5
Ourense	2.229	2.831	1.598	27,0	-43,6
Pontevedra	12.631	11.523	8.306	-8,8	-27,9
Galicia	**33.333**	**32.396**	**21.782**	**-2,8**	**-32,8**
España	**653.173**	**605.172**	**409.337**	**-7,3**	**-32,4**

Fonte: INE.

As novas hipotecas subscritas constitúen outro indicador de demanda de vivenda que se mostra no cadro 13. En 2011 constituíronse algo máis de 409.000 hipotecas en toda España, o que representa un descenso do 32,4%, na liña do apuntado polas transmisións notariais. En Galicia, con 21.782 hipotecas, o descenso é do 32,8%. A caída é xeral nas catro provincias, producíndose en Ourense a máis forte (-43,6%) e en Pontevedra a «menos negativa» (-27,9%). O importe medio hipotecado foi de 111.950 euros en España e de 102.373 euros en Galicia; estas cifras supoñen moderados descensos do 2,5% para Galicia e do 4,2% para España. A provincia coa hipoteca media máis alta é a de Pontevedra (111.441 euros), mentres que Lugo con 86.885 euros exhibe a máis baixa, a pesar de ser a única provincia que aumenta o seu importe medio.

Na primeira metade de 2011 o euríbor experimentou un aumento que o levou desde o 1,55% en xaneiro ata o 2,183% en xullo. A partir dese mes, este índice estabilízase, cunha lixeira tendencia á baixa, pechando o ano no 2,004%. Xa en 2012 encadea sucesivos descensos que o fixan no 1,368% en abril, por debaixo dos niveis de comezos de 2011. Non obstante, o tipo medio hipotecario en abril de 2012 sitúase 0,7 puntos por riba do de xaneiro de 2011. É dicir, ao longo dos últimos dezaseis meses o diferencial do tipo hipotecario respecto ao euríbor aumentou en 0,88 puntos, encarecendo a hipoteca media española nuns 529 euros anuais. De seguir aumentando o diferencial, aínda que se manteña a tendencia á baixa no euribor, non facilitará as condicións de financiamento e non mellorará a accesibilidade á vivenda, sendo un elemento negativo máis que engadir á depauperada dinámica do mercado da vivenda.

Complementando a información de notarías e rexistros da propiedade, os indicadores financeiros relacionados coa demanda mostran a negativa tendencia desta. O total do crédito hipotecario como porcentaxe do PIB descendeu ata o 94,4% no cuarto trimestre de 2011, o que representa unha caída interanual de 8,4 puntos porcentuais, mentres que o crédito aos fogares para a adquisición de vivendas representa o 62,2% do PIB

(64,5% nas mesmas datas de 2010). Aínda que o crédito familiar para a adquisición se mantivo nos primeiros meses de 2011, a partir de maio esta variable encadea dez meses consecutivos de acelerado descenso, e en febreiro de 2012 a caída sitúase no 2% interanual. O declive da demanda detéctase, así mesmo, na negativa evolución do número de préstamos hipotecarios formalizados polas entidades de crédito para a adquisición de vivenda, que en 2011 foi de 244.743, un 45% menos que no ano anterior. Por outra parte a porcentaxe de créditos para a adquisición de dubidoso cobramento, empeorou ao longo do ano e en decembro de 2011 situábase no 2,8%, fronte ao 2,4% dun ano antes. Así, pois, o mercado da vivenda mostra unhas tendencias moi negativas, cunha extrema paralización da demanda e malas expectativas para os próximos exercicios. Neste contexto, os prezos nos mercados aceleraron a tendencia á baixa como único recurso para dar saída ás vivendas en venda.

Cadro núm. 14

Importe medio das hipotecas

	Euros			Taxa de variación anual (%)	
	2009	2010	2011	2010	2011
A Coruña	106.723	106.428	100.228	-0,3	-5,8
Lugo	92.541	84.066	86.885	-9,2	3,4
Ourense	98.870	96.501	96.377	-2,4	-0,1
Pontevedra	114.594	113.021	111.441	-1,4	-1,4
Galicia	**107.397**	**104.953**	**102.373**	**-2,3**	**-2,5**
España	**117.688**	**116.860**	**111.950**	**-0,7**	**-4,2**

Fonte: INE.

Gráfico 10.

Prezo medio da vivenda libre nas comunidades autónomas de máis de 2 millóns de habitantes. Ano 2011



Gráfico 11.

Prezo medio da vivenda libre. Ano 2011



Gráfico 12.

Prezo medio da vivenda nas sete cidades galegas (€/m²)



Cadro núm. 15

Prezo medio da vivenda libre

	Euros/m²		Taxa de variación anual (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
2010	**1.456,6**	**1.843,0**	**0,4**	**-3,9**
2011	**1.394,3**	**1.740,2**	**-4,3**	**-5,6**
I trimestre	1.405,0	1.777,6	-3,8	-4,7
II trimestre	1.402,1	1.752,1	-3,7	-5,2
III trimestre	1.396,9	1.729,3	-3,0	-5,6
IV trimestre	1.373,2	1.701,8	-6,6	-6,8
2012				
I trimestre	1.302,3	1.649,3	-7,3	-7,2

Fonte: Ministerio de Fomento.

Cadro núm. 16

Prezo medio da vivenda libre

Detalle por provincias

	Euros/m²			Taxa de variación anual (%)	
	2010	2011	2012*	2011/2010	2012*/2011
A Coruña	1.446,8	1.402,0	1.322,4	-3,1	-7,3
Lugo	1.053,9	1.062,0	988,6	0,8	-5,3
Ourense	1.167,2	1.118,9	1.064,5	-4,1	-7,0
Pontevedra	1.595,7	1.482,2	1.361,1	-7,1	-10,6

* Primeiro trimestre.

Fonte: Ministerio de Fomento.

As estimacións realizadas pola empresa ATASA, publicadas polo Ministerio de Fomento, propoñen un prezo medio para a vivenda libre española de 1.740 €/m² en 2011. Esta cifra significa un descenso do 5,6% con respecto á media de 2010. O prezo medio da vivenda libre galega foi de 1.394 €/m² no mesmo ano, cun descenso interanual do 4,3%. No cadro 15 móstrase que as caídas de prezos se foron acelerando tanto en Galicia como en España, e finalizaron o ano con descensos próximos ao 7%. Esta tendencia increméntase no primeiro trimestre de 2012, con taxas interanuais de diminución de prezos no ámbito do 7,3% en España e Galicia. No caso español a vivenda nova e a usada mostran prezos similares, mentres que en Galicia a vivenda nova é máis cara (1.520 €/m²) que a usada (1.236 €/m²). Con todo, en Galicia a estimación do prezo da vivenda nova por parte de ATASA resulta pouco fiable pola escaseza de operacións con este tipo de vivendas. No cadro 16 expóñense os prezos medios separados por provincias. En 2011 a vivenda pontevedresa foi a máis defla-

cionista, cun descenso do 7,1% no seu prezo, mentres que a de Lugo mantiña o seu custo, que, ademais, é o menor das catro provincias. No primeiro trimestre de 2012 as caídas de prezos son fortes e xeneralizadas, lideradas pola vivenda pontevedresa cun descenso do 10,6% interanual. No gráfico 12 exhíbense os prezos da vivenda nova libre nas maiores cidades galegas. Dado que as estimacións de ATASA son pouco fiables nas cidades polo escaso número de taxacións nas que se basean, para elaborar este gráfico empréganse os datos da *Sociedad de Tasación*. Coa excepción de Pontevedra, nas restantes cidades galegas o prezo descendeu en 2011, sendo a vivenda nova viguesa a máis deflacionista, cun descenso do 5% no seu custo.

Cadro núm. 17

Índice de Prezos da Vivenda. Taxas de variación interanual (%)

			2011			
	2010	2011	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
Galicia						
Xeral	-2,0	-5,1	-3,0	-5,5	-4,0	-7,9
Vivenda nova	-2,4	-3,9	-2,6	-4,7	-2,6	-5,7
Vivenda usada	-1,1	-7,3	-3,4	-6,7	-6,6	-12,3
España						
Xeral	-2,0	-7,4	-4,1	-6,8	-7,4	-11,2
Vivenda nova	-2,7	-5,2	-1,9	-5,2	-5,0	-8,5
Vivenda usada	-1,2	-9,4	-6,3	-8,3	-9,6	-13,7

Fonte: INE.

Nos cadros 12, 14 e 16 formúlanse outras estimacións do custo da vivenda, baseadas en distintas fontes. O valor medio das transmisións de vivenda libre declarado nas operacións de compravenda nas notarías foi de 164.241 euros en España e de 133.386 euros en Galicia. Estas cantidades representan un descenso do 9% para España e do 5,4% para Galicia en 2011. Estas cifras non son directamente equiparables ás anteriores, xa que se ven influídas pola superficie media das vivendas e por outros factores. Para intentar homoxeneizar estes valores o INE elabora o índice de prezos da vivenda, exposto no cadro 17. Segundo este indicador, o prezo medio global descendeu un 7,4% en España e un 5,1% en Galicia, que son caídas superiores ás estimadas por ATASA. Tanto en Galicia como en España a vivenda máis deflacionista resulta ser a vivenda usada. Ademais, este índice propón unha aceleración progresiva nos descensos de prezos ao longo dos sucesivos trimestres de 2011. A *Encuesta Registral Inmobiliaria* calcula que o importe do crédito inmobiliario por m^2 comprado se reduciu un 8,3% en España e un 7,5% en Galicia. Estas caídas poden ser atribuíbles non só a menores prezos, senón tamén, posiblemente, a unha diminución na porcentaxe financiada do prezo final da vivenda pero, sen dúbida, resultan significativas da tendencia dominante no mercado.

No ano 2010 os estímulos fiscais que promovían a anticipación das compras xeraron unha especie de «tregua» na caída dos prezos. Unha vez finalizados estes estímulos, o mercado retomou a súa tendencia baixista. Nestes momentos as caídas de prezos aparecen como a única forma de aumentar a accesibilidade á vivenda e estimular o apoucado mercado inmobiliario español sufocado polo desemprego, o racionamento do crédito e polas expectativas deflacionistas. Non obstante, segundo os nosos cálculos, o descenso de prezos de 2011 é aínda insuficiente para mellorar de forma sensible a accesibilidade á vivenda.

No cadro 18 calcúlanse diferentes índices de accesibilidade á vivenda.[3] A relación Prezo/Renda indica que en 2011 unha familia galega necesitaba o salario de sete anos de traballo para pagar un vivenda media, proporción que reduce en catro meses a media de 2010. A accesibilidade nacional mellora máis debido á maior caída dos prezos e o custo real dunha vivenda media redúcese en máis dun ano de traballo. Os cocientes entre o prezo e a renda aínda mostran que a vivenda está sobrevalorada, xa que antes de que comezase o grande auxe inmobiliario o custo dunha vivenda representaba algo menos de cinco veces o salario familiar.

No cadro 18 estímase tamén a accesibilidade financeira á vivenda. Neste cadro calcúlase a proporción de renda absorbida polas cotas hipotecarias derivadas da compra dunha vivenda de 100 m^2, financiando o 80% do seu custo mediante un crédito ao tipo medio hipotecario de cada ano. Segundo estes cálculos, en 2011 unha familia galega percibindo só un salario debía destinar o 33,3% da súa renda ao pagamento da hipoteca; en España esta proporción subía ata o 36,7%. Tendo en conta que, por termo medio, unha familia percibe máis dun salario, faise o mesmo cálculo respecto ao salario ponderado. Así estimada, a proporción de ingresos familiares que absorbe o crédito sitúase no 23,8% para Galicia e no 28,2% para o conxunto de España. Comparando estes resultados cos de 2010 obsérvase que a accesibilidade financeira empeora tanto en Galicia coma en España, cuxas caídas de prezos foron insuficientes para compensar o aumento dos tipos de interese. Como xa comentamos, aínda que o euríbor caeu na segunda metade de 2011, o aumento do diferencial imposto pola banca ao tipo hipotecario empeorou as condicións de financiamento, sen ter en conta, por outra parte, o racionamento cuantitativo do crédito por parte das institucións

Cadro núm. 18

Accesibilidade á vivenda (referida á compra dunha vivenda de 100 m^2)

	Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda		Proporción da renda familiar que hai que pagar por un crédito de 25 anos (%)			
			Un salario		Salario ponderado	
Ano	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2007	8,76	10,22	50,95	59,43	31,85	39,62
2008	8,64	9,77	53,31	60,35	33,32	40,23
2009	7,48	8,60	36,04	41,49	22,53	27,66
2010	7,30	8,19	32,68	36,67	21,78	26,19
2011	6,96	7,65	33,35	36,68	23,82	28,21

Fonte: Ministerio de Fomento, *Índice de Costes Laborales (INE)* e elaboración propia.

[3] No cadro 18 calcúlase a proporción de renda que unha familia debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m^2 construídos. Valórase o importe das cotas dun crédito de 25 anos, financiando o 80% do importe da vivenda ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Fomento e os ingresos familiares obtivéronse da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* elaborada polo INE.

financeiras. Así, pois, nun contexto no que o custo financeiro ten un percorrido á baixa moi limitado e, a falta de posibles medidas fiscais de estímulo, a única variable libre para recuperar a capacidade adquisitiva de vivenda é, de novo, o prezo, cuxo axuste á baixa deberá continuar nos próximos anos.

Demanda pública de obras

O importe das obras licitadas en 2011 polas administracións públicas españolas foi de 13.700 millóns de euros, cifra que representa pouco máis da metade da licitación do ano anterior e un descenso en termos reais do 49,7%. A caída é máis intensa no apartado de edificación (-62,2% en termos reais), sendo a licitación local a que máis baixa, cun -70%, seguida da autonómica (-62,7%), mentres que a licitación do goberno central experimenta un impulso do 14%. A licitación por habitante en 2011 foi de 302 euros, o que supón unha caída de 281 euros respecto a 2010, ano no que a licitación per cápita se reducira nunha contía semellante respecto a 2009 (cadros 19 e 21 e o gráfico 15.)

Segundo as estimacións de SEOPAN, a licitación levada a cabo en Galicia en 2011 foi de 1.555 millóns de euros, o que representa un descenso interanual do 19,4%. Aínda que se trata dunha caída importante, a demanda de obra pública en Galicia aumenta o seu peso no conxunto de España, representando o 11,4% do total español en 2011. A obra civil, cunha licitación de 1.352 millóns de euros descende só un 5,2% real, mentres que a edificación, con obras licitadas por importe de 202,9 millóns de euros, baixa un 60,8%. A menor caída da demanda pública en Galicia débese ao comportamento expansivo da licitación da Administración central, que, con 1.088 millóns de

Cadro núm. 19

Licitación oficial en Galicia

	Miles de euros			Taxa de variación anual Galicia (%)*		Taxa de variación anual España (%)*	
	2009	2010	2011	2010/2009	2011/2010	2010/2009	2011/2010
Edificación	470.992	501.143	202.933	4,22	-60,80	-23,45	-62,23
Obra civil	2.228.713	1.361.927	1.352.871	-39,95	-5,24	-41,47	-41,36
Administración central	1.508.824	695.244	1.088.070	-54,83	51,05	-56,82	14,08
Administración autonómica	536.955	574.215	264.519	4,83	-55,54	-25,95	-62,73
Administración local	653.926	593.610	203.215	-11,01	-66,96	-24,76	-69,65
Total	**2.699.705**	**1.863.069**	**1.555.804**	**-32,35**	**-19,40**	**-35,19**	**-49,70**
Galicia / España (%)	**6,81**	**7,11**	**11,39**				

* Euros constantes.

Fonte: SEOPAN.

Cadro núm. 20

Licitación (en miles de euros). Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	70.219	35.186	13.611	83.916
Obra civil	131.834	102.755	776.750	201.672
Administración central	29.408	37.506	744.997	138.617
Administración autonómica	89.737	53.680	31.879	86.906
Administración local	82.909	46.756	13.485	60.065
Total	**202.053**	**137.942**	**790.361**	**285.588**
% sobre o total de Galicia	12,99	8,87	50,80	18,36
Taxa de variación 2011/2010 (euros constantes) (%)	-69,64	-38,28	403,65	-66,13

Nota: En 2011 a licitación asignada a varias provincias ascende a 139,8 millóns de euros.
Fonte: SEOPAN.

euros, crece un 51% real respecto a 2010. Por outra parte, as administracións local e autonómica mostran tendencias fortemente recesivas, con descensos reais do 67% e 55,5%, respectivamente.

En 2011 a licitación por habitante foi de 561 euros en Galicia, superando en 259 euros a media española, o que situou a Galicia como a terceira comunidade de maior coeficiente, despois de Castela e León e País Vasco (cadro 21 e gráfico 14). A pesar desta relativa boa posición, a tendencia dos últimos anos é fortemente decrecente, segundo reflicten os gráficos 13 e 15. Aínda co maior investimento relativo do que gozou Galicia nos últimos anos, parece moi difícil que abonde para que as obras de enlace ferroviario de alta velocidade coa Meseta se completen no prazo previsto de 2015.

As expectativas sobre o gasto público non son positivas para o ano 2012 debido á grave crise financeira que afecta ás administracións. Os presupostos da Xunta de Galicia para 2012 manteñen, en termos xerais, a contía das minguadas partidas no

Cadro núm. 21

Licitación por habitante e km^2. Ano 2011

	Euros/Habitante	Euros/km^2
Andalucía	224,9	20.770,2
Aragón	370,6	10.081,0
Asturias	294,4	29.948,7
Baleares	157,5	32.382,7
Canarias	150,5	41.917,4
Cantabria	252,4	27.336,2
Castela e León	725,8	19.493,3
Castela-A Mancha	179,9	4.490,0
Cataluña	216,3	48.837,3
C. Valenciana	180,4	37.815,1
Estremadura	172,4	4.518,0
Galicia	561,1	52.857,4
Madrid	213,3	162.263,3
Murcia	179,7	22.099,8
Navarra	558,2	32.454,8
Pais Vasco	677,5	199.852,5
A Rioxa	254,3	15.605,0
Ceuta e Melilla	687,2	3.136.220,1
España	**302,2**	**27.059,6**

Fonte: SEOPAN. INE.

Gráfico 13.

Licitación oficial. Valores deflactados (Base: 2000 = 100)



Gráfico 14.

Licitación nas comunidades autónomas (euros por habitante). Ano 2011



Gráfico 15.

Evolución da licitación (euros correntes por habitante)



apartado de investimentos. En canto á demanda de obras da Administración central, o Ministerio de Fomento, principal executor das grandes obras civís, reduce a 355 millóns de euros as súas previsións de gasto en Galicia en 2012. Esta cifra representa un descenso do 36% nominal respecto á cifra executada no exercicio 2011. A *Dirección General de Carreteras*, cun gasto presupostado de 273 millóns de euros, realiza o maior gasto en Galicia do Ministerio en 2012, cun aumento do 18% nominal respecto a 2011. Pero, por outro lado, a *Dirección General de Ferrocarriles* reducirá o seu investimento en Galicia a 79,3 millóns, que significan un forte descenso respecto aos 330 millóns de euros executados en 2011. Deste xeito, o gasto central, cuxo aumento en 2011 impediu unha maior caída da demanda de obra pública en Galicia, reducirase de maneira apreciable, o cal probablemente empeorará a situación do sector construtor galego en 2012.

VI. Servizos

Introdución

Segundo os datos proporcionados polo avance da contabilidade rexional que fai públicos o IGE, o VEB (Valor Engadido Bruto) dos servizos ascendeu durante o ano 2011 a 33.487,55 millóns de euros, o 58,5% do PIB de Galicia a prezos de mercado. Este é o sector máis importante no tecido económico galego tanto polo importe do seu VEB como pola cifra de postos de traballo equivalentes a tempo completo que mantén 709.372, o que supón o 67,5% do total ao peche do exercicio. Estas cifras convérteno nun sector fundamental para a recuperación do crecemento e do emprego.

Despois do estímulo adicional que para algunhas ramas do sector supuxo en 2010 a celebración do ano xubilar, arrancaba o ano 2011 cunhas previsións de crecemento máis optimistas. O cadro macroeconómico dos orzamentos da Xunta de Galicia

Gráfico 1.

VEB dos servizos e demanda interna en Galicia (TVI en %)
Índices de volume encadeado con datos corrixidos de estacionalidade e calendario



facíase eco deste novo escenario que colocaba a demanda interna como o principal protagonista do inicio da recuperación. Hai que lembrar que daquela a previsión da Consellería de Facenda cifraba o crecemento do PIB nun 1%, en función da recuperación da demanda de consumo dos fogares (1,1%) e da formación bruta de capital que, cun descenso de só o -1,5%, compensaría os recortes aplicados no consumo das administracións públicas -1% debido á política de contención fiscal.

Lamentablemente, tal e como se aprecia no gráfico 1, a marcha da economía non confirmou estas previsións. Ao peche do ano 2011, a taxa real de crecemento estimada polo IGE para o PIB galego confirma o seu estancamento, situándose no cuarto trimestre de 2011, e despois das últimas correccións, no 0%. Pese á achega positiva do sector exterior, a caída dos gastos de consumo das administracións públicas, en particular no segundo semestre (-3,1%), e o comportamento anémico da demanda de consumo dos fogares, que encadea xa 15 trimestres consecutivos en negativo, explican este cativo crecemento do produto rexional con relación a 2010.

A pesar das medidas adoptadas, os últimos datos feitos públicos polo IGE relativos á contabilidade galega no primeiro trimestre de 2012 fan aínda máis evidente a contracción da actividade económica en Galicia, cuxo PIB baixou un -0,5% con relación ao mesmo período de 2011. No citado gráfico tamén se poden apreciar os efectos depresivos que está tendo a política de contención fiscal que arrastra o consumo das administracións públicas a unha caída nos últimos doce meses de 3,8 puntos porcentuais. Os efectos desta contracción da demanda interna déixanse notar na evolución do VEB do sector servizos, tal e como se reflicte no cadro 1.

Cadro núm. 1

VEB dos servizos en Galicia (TVI en %)
Índices de volume encadeado con datos corrixidos de estacionalidade e calendario

	2010	2011	I trim. 2011	II trim. 2011	III trim. 2011	IV trim. 2011	I trim. 2012
PIBpm	0,1	0,3	0,6	0,3	0,2	0,0	-0,5
Total VEB Servizos	1,5	1,1	1,3	0,4	1,5	1,1	1,0
VEB. Comercio, transporte e hostalería	1,5	1,2	2,5	-0,6	1,7	1,2	0,7
VEB. Información e comunicacións	1,0	0,9	2,7	0,4	2,9	-2,1	0,4
VEB. Actividades financeiras e de seguros	6,8	0,8	-1,8	-1,2	2,3	4,1	4,3
VEB. Actividades inmobiliarias	1,4	1,1	1,0	1,2	1,2	0,9	0,7
VEB. Actividades profesionais	0,8	1,7	3,0	3,0	0,9	0,1	-0,8
VEB. Administración pública, sanidade e educación	1,4	1,2	1,2	1,1	1,5	1,2	1,5
VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-3,2	-0,9	-2,4	-1,4	0,1	0,0	-0,7
Impostos netos sobre os produtos	1,2	2,8	3,6	4,0	2,1	1,7	1,0

Fonte: IGE. Avance das Contas económicas trimestrais.

A traxectoria recollida no citado cadro pon de manifesto como, malia atoparse a economía galega tecnicamente en recesión, o conxunto do sector terciario rexistrou un aumento do 1,1% no conxunto do ano 2011. Esta evolución conseguiu manterse no primeiro trimestre de 2012, aínda que recortada nunha décima (1%). Agora ben, nun sector tan amplo e heteroxéneo coma os servizos, o comportamento das diferentes ramas non foi uniforme ao longo de 2011.

O VEB aumentou neste ano máis que a media sectorial naquelas ramas máis vinculadas ao consumo das familias, como son comercio, transporte e hostalería, en comparación con aquelas outras cuxa produción está máis orientada ás empresas. Sen dúbida, a deterioración continuada do clima industrial e o afundimento da construción explican como, tamén en 2011, os servizos ás empresas son os que rexistran os menores crecementos.

Os indicadores e os datos dispoñibles confirman a evolución, tal e como se observa no gráfico 2 e no cadro 2. Nos últimos tres anos o grupo de actividades terciarias que contabiliza os maiores descensos no índice da cifra de negocios que publica o IGE son os servizos ás empresas, seguido polo grupo outros servizos.

Na rama dos transportes, despois dos bos resultados acadados no exercicio 2010, a matriculación de turismos rexistrou no pasado ano un descenso do 35,2%. Tamén pechan o exercicio con valores negativos a matriculación de camións (-24,7%) e a de autobuses (-26,5%). Pola contra, aumenta en algo máis de 85.700 o número de

Gráfico 2.

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade corrixido de efecto calendario en Galicia (TVA en %)



Cadro núm. 2

Indicadores de demanda en Galicia

	2010	2011	% variación 2011/2010
Matriculación de vehículos	52.386	33.955	-35,2%
Matriculación de camións	5.366	3.996	-25,5%
Matriculación de autobuses	236	172	-27,1%
Movemento de pasaxeiros nos aeroportos	4.367.653	4.453.383	2,0%
Número de buques	4.412	4.205	-4,7%
TRB dos buques	65.844.039	67.621.601	2,7%
Total graneis nos portos (toneladas)	22.941.732	23.386.241	1,9%
Mercadoría xeral nos portos (toneladas)	6.259.414	6.601.963	5,5%
Viaxeiros aloxados en hoteis	3.798.995	3.339.750	-12,1%
Estadías en hoteis	8.174.138	7.139.306	-12,7%
Viaxeiros de turismo rural	193.122	142.793	-26,1%
Estadías de turismo rural	388.873	294.050	-24,4%

Fonte: *DGT, AENA, Puertos del Estado,* Ministerio de Fomento e INE.

viaxeiros que operan nos tres aeroportos de Galicia (2%), así como tamén o volume de graneis tanto líquidos como sólidos (1,9%) e a mercadoría xeral (5,5%) que utilizaron algún dos cinco portos de interese xeral existentes en Galicia.

O mesmo se pode dicir da rama de hostalería e turismo, na que tanto os viaxeiros que se aloxaron en hoteis como os que elixiron algún establecemento de turismo rural descenden un 12,1% e un 26,1%, respectivamente, en relación co ano 2010, coa circunstancia coñecida de que ese foi ano Xacobeo.

Dentro desta evolución negativa da actividade terciaria en Galicia, quizais o máis salientable neste período é o mellor rexistro relativo que acadou a taxa de variación interanual do VEB en 2011 en comparación co conxunto da economía española. Un perfil temporal que, cando se inclúe o avance das contas rexionais do primeiro trimestre de 2012, confirma a perda de pulso na actividade produtiva nos últimos tres trimestres, ao igualarse a taxa de crecemento da actividade terciaria en Galicia coa española (1,1%).

Os efectos máis desfavorables desta caída na actividade sectorial tiveron un reflexo directo no comportamento do mercado de traballo nos servizos en 2011. Os resultados da EPA referidos xa ao primeiro trimestre de 2012 así o confirman. Tomando como referencia este último dato, a cifra de ocupados no sector terciario en Galicia é de 719.600, dos que 321.100 son varóns e os 398.400 restantes mulleres. En conxunto, o índice de terciarización do mercado laboral galego (68,5%) continúa un ano máis 6 puntos porcentuais por debaixo do valor que acada este indicador en España (74,6%), un dato que fala do potencial de crecemento das actividades terciarias cando se logre poñer fin a esta crise e retomar unha nova fase de crecemento e creación de emprego.

Gráfico 3.

Ocupados nos servizos (TVI en %)



En termos anuais, a poboación ocupada nos servizos experimentou un descenso de 4.200 ocupados en Galicia, o que supón unha taxa de variación interanual do -0,58%. O perfil temporal da ocupación, que se recolle no gráfico 3, é un reflexo do desigual comportamento que tivo a actividade neste sector durante os últimos 5 trimestres.

Non obstante, cómpre subliñar como nos dous últimos trimestres da serie analizada o comportamento da ocupación terciaria en Galicia é lixeiramente mellor que no conxunto español, situación que non se producía desde finais de 2009. Esta evolución non é homoxénea nas diferentes situacións profesionais, nin nas distintas ramas en que a CNAE 2009 (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) desagrega a actividade terciaria.

Así, no cadro 3 móstrase a traxectoria seguida polos afiliados a fin de mes, con datos referidos ao mes de marzo de 2012. A comparación co mesmo mes de 2011 indica que son os afiliados ao réxime xeral os que sofren o castigo máis duro en termos de perda de emprego. En conxunto, as cinco ramas consideradas rexistran un descenso nas afiliacións de 11.077 (-2,2%), mentres no mesmo período os autónomos medran un 0,2%.

Por ramas de actividade, as cinco agrupacións do réxime xeral contempladas no cadro citado rexistran caídas no número de afiliacións, se ben son servizos ás empresas (-3,1%) e comercio (-2,6%) as que rexistran as maiores baixas relativas. En cambio, no colectivo de autónomos son outros servizos (-0,9%), que agrupa entre outras hostalería ou transporte, servizos varios (-0,7%) ou comercio (-0,3%) as que presentan descensos na afiliación.

O comportamento dos prezos nos servizos foi un dos datos positivos do pasado exercicio 2011, que se mantén nos primeiros meses de 2012. As presións inflacionistas que se produciron durante 2010, alimentadas pola subida de prezos nos mercados de primeiras materias e de cru e, como se sinalaba no *Informe 2010*, tamén polo efecto do Xacobeo, rematan no mes de abril. Como se aprecia no gráfico 4, neste inicio do segundo trimestre prodúcese un punto de inflexión, e a variación nos prezos dos servizos (sen aluguer de vivenda) comeza a baixar, ata situarse a finais do primeiro trimestre de 2012 nunha taxa anual do 1,1%.

A debilidade da demanda interna, as baixadas do tipo de interese por parte do Banco Central Europeo e unha menor presión dos mercados de materias primas son, entre outros, os factores que explican este cambio de tendencia. Outro aspecto positivo a subliñar no comportamento da inflación é a substancial redución do diferencial de

Cadro núm. 3

Evolución dos afiliados á Seguridade Social nos servizos a fin de mes
Segundo réximes e ramas da CNAE 2009

	Marzo 2011	Marzo 2012	Variación 2012/2011	
			Absoluta	%
Réxime xeral				
Servizos públicos ou concertados	157.193	154.405	-2.788	-1,8
Comercio	125.704	122.396	-3.308	-2,6
Outros servizos	85.345	84.162	-1.183	-1,4
Servizos ás empresas	100.994	97.869	-3.125	-3,1
Servizos varios	35.750	35.077	-673	-1,9
Total servizos	504.986	493.909	-11.077	-2,2
Réxime de autónomos				
Servizos públicos ou concertados	8.107	8.572	465	5,7
Comercio	52.628	52.462	-166	-0,3
Outros servizos	36.804	36.467	-337	-0,9
Servizos ás empresas	22.100	22.551	451	2,0
Servizos varios	14.573	14.475	-98	-0,7
Total servizos	134.212	134.527	315	0,2

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social* (afiliacións referidas ao último día do mes).

prezos dos servizos (sen aluguer de vivenda) existente entre Galicia e o conxunto de España. Este diferencial, ao longo dos anos 2009 e 2010, chegou a acadar valores entre os 30 e 40 puntos básicos, para reducirse de maneira significativa en 2011 ata situarse en valores non superiores aos 10 puntos básicos.

Finalmente, a actividade reguladora practicada polas autoridades autonómicas en 2011 continuou marcada polo desenvolvemento dos compromisos liberalizadores contidos na Directiva 2006/123 de servizos, trasposta polo Estado español na Lei 25/2009. Despois da nova Lei de Comercio Interior de Galicia, aprobada en decembro de 2010, cuxas principais novidades xa foron comentadas no *Informe 2010*, en 2011 tocoulle a quenda ao sector turístico, coa aprobación da nova Lei 7/2011 de Turismo de 7 de outubro que derroga a que estaba vixente desde 2008. Esta nova disposición pretende dar resposta ás demandas do sector, incluídas no Plan de Acción do Turismo en Galicia, e despexar incertezas dos axentes e operadores preocupados pola caída do mercado dos residentes en España que rexistra un descenso de 432.728 (14,1%) na cifra de viaxeiros que pasaron a noite nalgún establecemento hoteleiro de Galicia en 2011. De feito, os resultados do primeiro trimestre de 2012 supoñen un alivio,

Gráfico 4.

Índices de prezos dos servizos sen aluguer de vivenda (TVI en %)



Gráfico 5.

Diferencial de inflación España-Galicia (en puntos porcentuais)



ao moderar de xeito significativo este mal resultado, pois tan só rexistran un descenso do -0,2% con relación ao mesmo período do ano anterior.

Fiel aos principios de liberdade de empresa, establecemento e prestación de servizos, esta lei incorpora algunhas novidades que teñen como obxectivo establecer un novo marco regulador da actividade turística en Galicia. Entre estas, cabe salientar a creación dun novo Consello do Turismo de Galicia como órgano de natureza consultiva. Tamén senta as bases da futura Rede Galega de Oficinas de Turismo, destinada a prestar os servizos de información aos viaxeiros que visiten a comunidade. Así mesmo, define os dereitos e obrigacións dos usuarios turísticos, a tipoloxía de empresas turísticas, establecementos e axencias intermediarias, xunto cos cometidos de inspección e control das autoridades turísticas rexionais. Finalmente, establece novas categorías na organización dos recursos turísticos, co obxectivo de delimitar as competencias entre as administracións local e autonómica, encomendando a súa estruturación a un futuro Plan de Organización Turística de Galicia. Sen dúbida, esta lei supón unha magnífica oportunidade para eliminar duplicidades neste terreo e aproveitar todas as sinerxías que implicaría unha imaxe atractiva e de calidade asociada a Galicia, como envoltorio dos diferentes e variados recursos turísticos locais.

No ámbito do transporte aéreo paga a pena salientar a posta en servizo da nova terminal do aeroporto de Santiago no mes de outubro, cuxa capacidade triplica a actual. Tamén cómpre dar conta do fracaso do Comité de Rutas de Galicia, creado como instrumento entre a Xunta, AENA (*Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea*) e os concellos de Vigo, Santiago e A Coruña

coa finalidade de coordinar as rutas desde os tres aeroportos que operan en Galicia. Esta medida foi saudada desde as páxinas deste *Informe* como unha iniciativa que viña rematar cunha política localista condenada a destinar cada vez máis recursos para facer atractiva cada terminal ante os novos operadores. Esta política, segundo declarou o titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, «é un instrumento que se demostrou ineficaz», ao tempo que el mesmo explicaba a supresión no orzamento do seu departamento para 2012 das axudas aos aeroportos de Alvedro e Peinador, así como tamén á nova terminal de Santiago dentro de dous anos.

Por último, respecto ao transporte ferroviario, o feito máis salientable foi a posta en servizo en decembro de 2011 da primeira liña do AVE en Galicia co traxecto A Coruña-Ourense de 149 km. Este novo trazado, que permite a circulación dos trens Avant a 250 km/h de velocidade, recorta a duración da viaxe entre as dúas cidades en 67 minutos.

Turismo

O turismo mundial rexistrou en 2011 un crecemento do 4,4% nas chegadas internacionais, que acadaron a cifra dos 980 millóns de persoas. Este bo comportamento, nun contexto de persistente incerteza económica global, contribuíu á reactivación iniciada no ano anterior, despois dos malos rexistros de 2009, un dos anos máis difíciles do turismo internacional en varias décadas. A diferenza de anos precedentes, nos que as economías emerxentes amosaran mellores resultados, en 2011 as economías avanzadas rexistraron un crecemento superior, 5% fronte ao 3,8%. Contribuíu sen dúbida a este cambio de tendencia a distinta evolución dos destinos europeos en comparación cos do norte de África e os de Oriente Medio, debido á situación política destes últimos. Deste xeito, e tal e como se recolle no Barómetro do Turismo Mundial elaborado pola Organización Mundial para o Turismo (OMT), Europa, cunha porcentaxe do 6%, foi a rexión do mundo que rexistrou un maior crecemento das chegadas internacionais, acaparando 28 dos 41 millóns adicionais rexistrados a nivel mundial no ano 2011. Pola contra, os países do norte de África e os de Oriente Medio experimentaron reducións do 12% e do 7,9% respectivamente. Estas dúas foron as únicas áreas que a nivel mundial rexistraron caídas nas chegadas de turistas internacionais. En todas as demais os rexistros foron positivos, acadando os maiores crecementos as sub-rexións de Sudamérica (10,4%) e o Sueste asiático (9,2%). Os países do Mediterráneo, cun crecemento do 8,1%, foron os que obtiveron os mellores resultados dentro de Europa. Estes destinos acolleron unha boa parte dos fluxos turísticos que deixaron os países do norte de África e Oriente Medio, ao tempo que se beneficiaron do incremento da demanda procedente de Alemaña, Escandinavia e Rusia.[1]

[1] Organización Mundial de Turismo: UNWTO *World Tourism Barometer*. Vol. 10. Núm. 1. Xaneiro de 2012.

En Europa as chegadas internacionais situáronse no ano 2011 nos 502,8 millóns, superando, polo tanto e como pode verse no gráfico 6, a cifra de 2008, máximo anterior. No período 1995-2011 as chegadas na rexión rexistraron un crecemento medio anual do 3,2%, inferior ao do total mundial que foi do 3,9%. Os destinos europeos son os máis visitados do mundo, acollendo a rexión o 51,3% das chegadas mundiais. Non obstante, este peso foise reducindo co transcurso dos anos, posto que na segunda metade dos noventa era de preto do 60%.

Gráfico 6.

Chegadas de turistas internacionais (en millóns)



NOTA: A serie temporal non coincide exactamente coa publicada na anterior edición do *Informe*, porque a OMT, no Barómetro de xaneiro de 2012 (vol. 10, núm. 1), modificou as cifras de chegadas de turistas internacionais en relación coas publicadas no Barómetro de xaneiro do ano 2011 (vol. 9, núm. 1).

Os datos dispoñibles ata o momento permítenlle afirmar á OMT que os ingresos por turismo internacional a nivel mundial van seguir unha evolución moi semellante á amosada polas chegadas de turistas. Dentro dos dez países que máis ingresan, Hong Kong, cun 24,7%, foi o que rexistrou un maior crecemento no ano 2011, seguido de Estados Unidos e España, con porcentaxes do 11,9% e do 9,2% respectivamente. O Reino Unido tamén incrementou bastante os seus ingresos por turismo internacional, un 7,3%. No lado oposto, Australia foi o único país que, dentro deste grupo, experimentou unha redución nos ingresos e ademais importante (-10,4%). As economías emerxentes foron as que máis incrementaron o gasto en turismo internacional. Así, en China o crecemento foi do 38%, en Brasil do 31,6%, do 31,6% na India e do 20,6% en Rusia.

Despois de dous anos de crecemento desde a caída rexistrada en 2009, todo parece indicar que esta tendencia continuará, aínda que a un ritmo máis moderado, en 2012. As previsións da OMT sitúan, como se recolle no gráfico 7, o crecemento entre o 3% e o 4%, moi próximo á taxa de crecemento medio anual prevista pola propia institución para a década 2010-2020 (3,8%). De cumprirse estas previsións acadaríase a finais do ano a histórica marca 2.000 millóns de chegadas de turistas internacionais. Por rexións, estas previsións estiman un crecemento superior en Asia-Pacífico e África, con porcentaxes de entre o 4% e o 6%. No primeiro dos casos apoiado na forte demanda intrarrexional e na recuperación da demanda nipoa, mentres que para que se acade o segundo será clave a reactivación do turismo con destino ao norte do continente. En América e Europa o crecemento esperado oscila entre o 2% e o 4%. O resultado final

Gráfico 7.

% de cambio nas chegadas de turistas internacionais



* A liña azul representa a taxa media anual de variación (3,8%) prevista pola OMT para o período 2010-2020.
** O dato de 2012/11 é unha estimación da OMT.

dependerá, nos dous casos, da evolución económica. Por último, para Oriente Medio espérase un crecemento de entre o 0% e o 5%, que lle permitiría recuperar parte das perdas de 2011. Non obstante, para acadar ese obxectivo é preciso que a situación política se estabilice, polo que a recuperación total do turismo na rexión podería ser máis lenta e difícil do esperado.

En liña coa complexidade das condicións nas principais economías, nun contexto como o actual, as previsións son difíciles de facer e máis aínda de materializarse. Movémonos nun contexto de dificultades para a recuperación económica e de importantes desafíos financeiros e fiscais que engaden incertezas ao mercado turístico. Particularmente en Europa os déficits fiscais implican a adopción de medidas de austeridade por parte dos gobernos que reducen os orzamentos familiares e socavan a confianza dos consumidores. Se, ademais, se engaden o persistente e elevado desemprego e as tensións xeopolíticas que aumentan a volatilidade dos prezos do petróleo, pódense entender claramente as dificultades, ou ameazas, para o turismo emisor. No lado positivo, os resultados dos últimos anos reflicten a forte capacidade de recuperación da demanda turística e a súa contribución ás exportacións e ao emprego das economías de todo o mundo. Asemade, este ano celébranse importantes eventos deportivos, como os Xogos Olímpicos de Londres, a Eurocopa de fútbol en Polonia e Ucraína ou a Copa África

de Nacións de fútbol, organizada por Gabón e Guinea Ecuatorial, que seguramente contribuirán a incrementar o número de chegadas de turistas internacionais.

España acadou en 2011 un notable incremento da actividade turística. Segundo estimacións de Exceltur, o PIB turístico teríase incrementado un 2,6% nese ano en termos reais.[2] Este crecemento é case catro veces maior que o rexistrado polo conxunto da economía española, que o INE sitúa no 0,7%.[3] O turismo aparece así como o sector cunha maior achega ao crecemento do PIB e xerador de emprego en España. O sector encadea con este dous anos consecutivos de crecemento real por riba do rexistrado pola economía española, o que, de todos os xeitos, non basta para recuperar a intensa perda de actividade experimentada nos exercicios de 2008 e 2009.

Os datos anteriores pódense contrastar cos de chegadas de turistas. Así, segundo os datos da enquisa de *Movimientos Turísticos en Fronteras* (Frontur), elaborada polo Instituto de Estudios Turísticos (IET), durante o ano 2011 chegaron a España 56,7 millóns de turistas, o que significa un incremento do 7,6% con relación a 2010. Este importante crecemento súmase ao rexistrado no ano precedente, pero non compensa aínda as reducións do 8,7% e do 2,5% que se produciran, respectivamente, en 2009 e 2008. O número de turistas queda aínda por debaixo dos 58,7 millóns de turistas internacionais que recibira España en 2007.[4] O crecemento da demanda turística internacional estivo patente en todos os meses do ano, aínda que foi máis evidente a partir do primeiro trimestre. Se exceptuamos eses tres primeiros meses, nos que a taxa de variación interanual oscilou entre o 2,9% e o 4,4%, en todos os demais o crecemento superou o 7%, acadando os máximos rexistros nos meses de abril, agosto e setembro, nos que o crecemento interanual estivo por riba do 8%.

Como queda recollido no gráfico 8, despois da desaceleración rexistrada en 2006 e 2007, nos dous seguintes anos, como consecuencia da crise económica internacional, producíronse reducións no número de turistas internacionais que chegaron a España. Esta redución foi especialmente intensa en 2009, cando España recibiu 6 millóns de turistas menos que en 2007, no que se acadara a máxima cota histórica. O ano 2010 marcou un cambio de tendencia ao producirse un incremento, malia que modesto, no número de turistas internacionais en relación co ano precedente. Os resultados de 2011 parece que consolidan un novo escenario alcista nas chegadas internacionais. Xa se comentou antes que Europa foi a rexión do mundo cun mellor comportamento turístico en 2011; pois ben, dentro de Europa, os destinos do Mediterráneo, entre os que se inclúe España, foron os que tiveron un mellor comportamento.

Os excelentes resultados rexistrados non permiten recuperar aínda, como xa se indicou, na súa totalidade os volumes de demanda perdidos nos últimos anos, pero o turismo volve amosar a súa capacidade para exercer como motor da recuperación, nun

[2] Exceltur: *Perspectivas Turísticas. Valoración empresarial del año 2011 y perspectivas para 2012*. Núm. 39, xaneiro de 2012.

[3] *Instituto Nacional de Estadística* (INE): *Contabilidad Nacional Trimestral de España. Base 2008*.

[4] Instituto de Estudios Turísticos (IET): *Movimientos Turísticos en Fronteras (Frontur)*, 2012. www.iet.tourspain.es. *Cuarto trimestre de 2011*.

momento especialmente relevante pola encrucillada pola que atravesa a economía española.

Os resultados do sector e o crecemento do PIB turístico víronse favorecidos polo bo comportamento da demanda estranxeira, mentres que se produciu unha contracción da demanda interna. A demanda turística internacional beneficiouse dun contexto económico propicio ata despois do verán e, sobre todo, de que os turistas tivesen optado por España ante a inestabilidade en Oriente Medio e en Exipto e Tunes. Ao longo de 2011 a desviación de fluxos de turistas por parte dos principais operadores turísticos internacionais, cara a destinos do Mediterráneo máis seguros, beneficiou con especial intensidade os destinos do litoral español e Turquía. Esta maior afluencia de turistas estranxeiros propiciou un incremento no número de estadías nos principais establecementos da oferta regrada, que se notou cunha maior intensidade nos hoteis de maior categoría ao seren os máis demandados por estes turistas. Vinculado ao anterior, o perfil do turista estranxeiro que visitou España en 2011 pode asociarse dun xeito maioritario ao dun cliente que contrata un servizo *de paquete* para viaxar a destinos de sol e praia, rachando deste xeito coas caídas rexistradas nos últimos anos nesta modalidade de organización da viaxe. Os turistas procedentes de Rusia e dos países nórdicos orixinaron os maiores incrementos no nivel de estadías hoteleiras no ano 2011. Adicionalmente, os mercados emisores máis vinculados cos países do Mediterráneo oriental afectados pola inestabilidade, como é o caso de Francia con Tunes e, en menor medida, Italia con Exipto, amosaron tamén unha evolución positiva. Aumentaron, de igual xeito, as chegadas de turistas procedentes de Alemaña e Reino Unido, os dous principais mercados emisores, asociado no caso dos británicos cun perfil de turista de menor gasto diario medio no destino.

Ao contrario do sinalado para a demanda turística internacional, a gran maioría de indicadores da demanda interna, que supón arredor do 50% do consumo turístico realizado en España, apunta a reducións próximas ao 2%. O consumo turístico nacional estivo moi condicionado pola perda de poder adquisitivo das familias. A diminución da renda dispoñible, o incremento do desemprego e os baixos niveis de confianza dos fogares reduciron a demanda de produtos e servizos turísticos dos españois, que tenderon a concentrar as súas actividades de ocio nos períodos de vacacións tradicionais (verán e Semana Santa, especialmente), optando por desprazamentos a destinos de proximidade e aloxados en establecementos cun menor gasto asociado (téñense incrementado as noites en estadía en apartamentos e cámpings).

O notable e atípico incremento da demanda turística estranxeira e o retroceso da demanda interna propiciou que os resultados dos destinos españois fosen diverxentes. Deste xeito, Baleares e Canarias, e en menor medida algúns destinos da costa de Cataluña e Andalucía, obtiveron excelentes resultados. Pola contra, os destinos do interior e da España Verde, nos que a demanda nacional supón máis do 50% das estadías hoteleiras, pecharon 2011 con resultados negativos, moi condicionados pola contracción do consumo turístico das familias españolas. Dentro do turismo urbano tamén houbo diferenzas. Mentres que as grandes capitais españolas, ben situadas no exterior (Barcelona, Madrid, Valencia, Sevilla e Málaga), viron como as noites en

Gráfico 8.

Taxas de variación interanual (en %) **das chegadas de turistas internacionais a España**



estadía de estranxeiros medraron por riba do 10%, as cidades do interior peninsular experimentaron unha deterioración da súa actividade turística, pola redución do gasto turístico dos españois e polo retardo do turismo de negocios. Nesta liña, os hoteis urbanos que máis sufriron en 2011 foron os galegos, debido á comparación cun ano excepcional como foi 2010 pola celebración do Xacobeo.

Esta distinta evolución pode comprobarse analizando as entradas de turistas internacionais por destinos principais en 2011. O incremento sinalado do 7,6% para o conxunto de España obtívose a partir de comportamentos moi dispares nas distintas comunidades autónomas. Como se recolle no cadro 4, unicamente seis rexións rexistraron reducións interanuais, que oscilaron entre o -0,5% de Galicia e o -12,2% da Rioxa. Nas restantes comunidades os resultados melloraron en comparación co ano 2010. En termos relativos, os maiores crecementos corresponderon, por esta orde, a Canarias, Cantabria, Asturias e Baleares, con porcentaxes que oscilaron entre o 18,3% e o 10%. En termos absolutos, tres rexións acapararon o 77% dos máis de 4 millóns de turistas adicionais que chegaron a España en 2011. A Canarias chegaron 1,6 millóns de turistas máis que en 2010, preto dun millón máis ás Illas Baleares e máis de medio millón de turistas internacionais adicionais a Cataluña. Os destinos de vacacións de «sol e praia» foron os que tiveron mellores resultados na actividade turística en 2011, beneficiándose case en exclusiva do tirón da demanda estranxeira.

Este comportamento da demanda turística internacional, coa preferencia polas Illas e polos destinos de litoral de Cataluña e Andalucía, afondaron aínda máis na concentración espacial deste tipo de turismo. Ao igual que en anos precedentes, seis comunidades

autónomas concentraron máis do 91% das entradas de turistas internacionais, pero a porcentaxe pasou do 91,2% en 2010 ao 91,5% en 2011. Estas seis comunidades líderes do turismo español concentraron máis do 96% dos turistas adicionais que chegaron a España no ano 2011. Dentro deste grupo, tan só Madrid rexistrou unha redución, malia que pequena (-0,6%), nas chegadas de turistas internacionais. Nas outras cinco comunidades os resultados foron positivos e oscilaron entre o 4,5% de Cataluña e o 18,3% de Canarias.

Os destinos do interior e da España Verde (exceptuando a Costa Verde en Asturias e a Costa Guipuscoana no País Vasco), menos orientados polo xeral ao turismo internacional, beneficiáronse en menor medida do aumento das chegadas no ano 2011. En concreto en Galicia, e en comparación con 2010, arredor de 3.579 turistas internacionais menos tiveron como destino principal esta comunidade. Isto supón, como se pode ver no cadro 4, unha redución do 0,5%, cativa pero que se suma ás rexistradas nos dous exercicios anteriores. A pesar desta evolución negativa, a redución do 4,6% rexistrada por Murcia fai que Galicia continúe ocupando o noveno posto na clasificación de comunidades autónomas en canto ao número de chegadas internacionais segundo destino principal.

Cadro núm. 4

Turistas non-residentes segundo comunidade autónoma de destino principal. Ano 2011

	Turistas	% 2011/2010
Cataluña	13.767.684	4,5
Canarias	10.187.690	18,3
Baleares	10.099.465	10,0
Andalucía	7.884.875	6,0
C. Valenciana	5.383.340	7,2
Madrid	4.606.471	-0,6
Castela e León	1.081.162	8,9
País Vasco	970.181	7,1
Galicia	**685.022**	**-0,5**
Murcia	645.439	-4,6
Aragón	311.833	-6,3
Cantabria	305.163	11,2
Asturias	199.135	11,3
Navarra	187.257	6,9
Estremadura	180.585	-3,8
Castela-A Mancha	153.088	0,9
A Rioxa	45.907	-12,2
Total	**56.694.298**	**7,6**

Fonte: Instituto de Estudios Turísticos, *Movimientos Turísticos en Fronteras (Frontur)*.

A inestabilidade política de países como Tunes e Exipto fixo que ao longo de 2011 os grandes operadores turísticos desviasen fluxos de turistas cara a destinos do Mediterráneo máis seguros. Este feito beneficiou especialmente a Turquía, pero tamén aos destinos españois. A evolución particular de cada un dos distintos mercados turísticos estivo marcada pola específica composición da súa demanda turística, en canto á procedencia dos seus turistas e do seu comportamento no ano 2011. Non todos os destinos se beneficiaron por igual, sendo, como se apuntou, os destinos do litoral español e os orientados cara ao mercado internacional os que obtiveron os mellores resultados.

Hai que ter en conta que Reino Unido, Alemaña, Francia, Italia e Países Baixos representaron o 66,5% da demanda turística internacional española en 2011. A distinta evolución económica destes mercados, xunto co peso que dentro das opcións de viaxe para os turistas destes países tiñan os destinos do norte de África e Oriente Medio, condicionou os resultados obtidos polos distintos destinos españois. Deste xeito, unha parte dos turistas franceses que viaxaban tradicionalmente a Tunes, viñeron en 2011

a España, incrementándose os turistas galos nun 4,6%. De igual xeito, unha porcentaxe dos italianos, que en condicións normais terían ido a Exipto, acabaron recalando en destinos españois, incrementándose o número de turistas italianos un 7,9%. Os tradicionais e máis importantes mercados emisores españois, Reino Unido e Alemaña, tamén pecharon o ano con cifras positivas, do 9,4% e 2,5% respectivamente. Os turistas procedentes dos Países Baixos rexistraron un crecemento do 21,9%, representando na actualidade preto do 5% da demanda turística internacional en España. Merece ser sinalada tamén a favorable evolución rexistrada por dous mercados emisores, o ruso e o conformado polos Países Nórdicos. Os turistas procedentes de Rusia incrementáronse nun 41,8%, entre outros motivos, pola axilización na tramitación dos visados. Pola súa vez, os turistas chegados de Noruega, Suecia e Finlandia aumentaron un 9,9%, un 15,3% e un 11,4%, respectivamente, favorecidos por un contexto económico positivo. No lado oposto, nun contexto de crise e restricións económicas, os turistas chegados de Portugal reducíronse un 5,7%, o que tivo un impacto negativo importante na evolución da demanda turística internacional galega.

A evolución económica dos mercados emisores, xunto coa distinta elasticidade-renda das diferentes tipoloxías de turismo incidiu no comportamento dispar de cada unha destas ao longo do ano 2011. Así, pola súa maior elasticidade-renda produciuse unha redución do 6,8% das viaxes por traballo e negocios. Pola contra, rexistrouse un incremento do 9,8% das viaxes por motivos de ocio e vacacións, neste caso, sobre todo, pola reorientación das correntes turísticas internacionais cara a España. As viaxes que tiñan como obxectivo a visita a familiares e amigos experimentaron unha redución do 7,3%, que se suma á xa rexistrada en 2010.

En liña coa evolución das distintas tipoloxías de turismo, na análise do tipo de aloxamento utilizado polos turistas internacionais en 2011 destaca o estancamento da vivenda gratuíta (propia ou de familiares) e o importante crecemento da vivenda alugada (15,9%) e dos hoteis e similares (9,5%). Non todos os hoteis rexistraron, porén, os mesmos resultados, pois mentres que os hoteis da costa, localizados naqueles destinos máis especializados no produto de sol e praia e dependentes da demanda estranxeira, pecharon 2011 con balances positivos e incrementos notables nas vendas, os hoteis de interior, os do norte de España e os urbanos (salvo os localizados en Barcelona, Valencia, Málaga, Sevilla e Madrid) obtiveron peores resultados. Neste contexto os hoteis localizados en Cantabria, Aragón e Castela-A Mancha, experimentaron descensos do RevPAR (ingresos por habitación dispoñible) por riba do 5%. Pero, sen lugar a dúbidas, os hoteis que máis sufriron en 2011 foron os galegos, cunha redución do RevPAR do 14,1%.[5]

Como consecuencia do incremento do número de viaxeiros medraron tamén en 2011 os ingresos por turismo estranxeiro nun 8,6%, tal e como reflicten os datos da Balanza de Pagamentos do Banco de España.[6] O maior número de turistas, xunto co incremento do 4,6% do gasto diario medio, levaron a un ascenso do 7,9% no gasto

[5] *Instituto Nacional de Estadística* (INE): *Indicadores de rentabilidad del sector hotelero.* 2012.

[6] Banco de España: *Balanza de Pagos y Posición de Reserva Internacional.*

total xerado polo turismo internacional. Non obstante, a redución do 4,2% na estadía media, tal e como se pode comprobar nas series publicadas pola *Encuesta de Gasto Turístico* (*Egatur*), fixo que o gasto medio por persoa se incrementase tan só nun 0,3%. Os turistas que chegaron por motivo de ocio e vacacións foron os que contribuíron a ese incremento no gasto total, posto que os gastos xerados polos que chegaron por motivo de traballo e negocios se reduciron nun 7,8%. Por nacionalidades, foron os turistas procedentes dos Países Baixos, de Francia e do resto do mundo os que máis incrementaron os seus gastos en España no ano 2011, con crecementos por riba do 10%. Pola contra, o gasto xerado por alemáns, italianos e británicos medrou entre o 2,2% e o 2,4%.[7]

A demanda turística nacional comportouse de xeito distinto ao exposto para a demanda internacional. A diminución da renda dispoñible, o aumento do desemprego e os baixos niveis de confianza das familias fixeron que o consumo turístico dos españois se reducise en 2011. Neste contexto, os españois concentraron as súas viaxes nos períodos de vacacións tradicionais, elixiron tipoloxías de aloxamento con menor gasto asociado e optaron por desprazamentos a destinos de proximidade, reducindo o gasto en viaxes ao estranxeiro. Un dato que reflicte dito comportamento son os pagos por turismo, que se reduciron un 2% en comparación co ano 2010 para o conxunto de España, segundo datos da Balanza de Pagamentos.

Para analizar a demanda turística interna, é dicir, o turismo dos residentes dentro do propio país e que supón arredor do 50% do consumo turístico realizado en España, temos a serie mensual da enquisa de *Movementos Turísticos de los Españoles* (Familitur), elaborada polo *Instituto de Estudios Turísticos*.[8] Estes datos amosan un crecemento anual das viaxes dos españois nun 1,8% en 2011. Para ter unha imaxe máis completa do turismo interno imos recorrer á *Encuesta de Ocupación Hotelera* elaborada polo INE. Os datos desta enquisa amosan reducións, tanto no número de viaxeiros residentes aloxados nos establecementos hoteleiros como no número de estadías realizadas.[9]

O bo comportamento da demanda turística internacional levou, a pesar da apuntada redución da demanda doméstica, a un incremento no grao de ocupación das prazas hoteleiras do 4,9% durante o ano 2011. En termos xerais, e sen entrar de momento nunha análise máis pormenorizada, pódese dicir que o comportamento da demanda interna foi negativo. Así, o número de viaxeiros residentes aloxados en establecementos hoteleiros reduciuse en 2011 un 1,4%, fronte ao incremento do 10,6% rexistrado no número de viaxeiros internacionais. Asemade, o número de estadías de residentes reduciuse un 2,2%, cando as noites en estadía de turistas internacionais se incrementaron un 12,7%. Pódese concluír, polo tanto, que foi a demanda turística internacional a que tirou do turismo interior en España neste ano.

[7] IET: *Encuesta de Gasto Turístico (Egatur)*, 2012.

[8] IET: *Movimientos Turísticos de los Españoles (Familitur)*, 2012.

[9] INE, *Encuesta de Ocupación Hotelera*, 2012.

A análise dos resultados da actividade turística en Galicia está condicionada pola súa comparación co ano 2010, que foi excepcional pola celebración do Ano Santo. As conclusións deben facerse, polo tanto, considerando este feito e, incluso, para observar dinámicas máis precisas, deberían compararse os resultados cos de 2009 (último ano non Xacobeo). Non obstante, e aínda tendo isto presente, o primeiro que destaca a teor da información publicada na *Encuesta de Ocupación Hotelera* do INE, é unha redución no nivel de estadías do 12,7% con respecto a 2010. Galicia é, sen dúbida, a comunidade que rexistrou a maior redución, seguida por Cantabria, Aragón e Castela-A Mancha, con caídas de entre o 3,3% e o 4,4%. Murcia e Castela e León tamén rexistraron retrocesos, aínda que pequenos. En todas as demais rexións as noites en estadía medraron en relación co ano 2010, dando un resultado interanual positivo do 7,4% para o conxunto de España.

Galicia perdeu peso como destino para os turistas residentes, acaparando un 5,3% do total das estadías, porcentaxe inferior á do ano 2010, no que se situara no 6%, e tamén á de 2009, no que concentrara o 5,7% das estadías. Esta evolución fixo que a comunidade perdese unha posición dentro dos destinos nacionais, sendo adiantada polas Illas Baleares. Aínda así, segue a ser unha das principais receptoras do turismo interno, situándose entre as sete primeiras. Andalucía ocupa o primeiro lugar e concentra o 20,6% das noites en estadía realizadas polos nacionais. A Comunidade Valenciana, co 13,7% das estadías, arrebatoulle en 2010 o segundo posto a Cataluña que acolleu o 13,6%. Por riba de Galicia sitúanse tamén Canarias, Madrid e, como se comentou antes, Baleares. Estas sete comunidades autónomas representan o 76,3% das estadías efectuadas polo turismo doméstico, porcentaxe similar á do ano precedente, o que nos indica que se mantivo a distribución espacial deste tipo de turismo. Se lles engadimos Castela e León, xa sumarían, como pode verse no gráfico 9, preto do 82% das estadías realizadas polos turistas nacionais.

Gráfico 9.

Distribución do turismo interno en España. Ano 2011



No caso de Galicia, e tal e como se recolle no gráfico 10, as noites en estadía reducíronse en todos os meses do ano en comparación con 2010. O resultado global foi a perda de máis dun millón de estadías en termos absolutos. As maiores reducións tiveron lugar nos meses de outubro, marzo e maio, con porcentaxes do 18,7%, 18% e 17,5% respectivamente, mentres que nos períodos de vacacións por excelencia (Nadal, Semana Santa e verán) a caída foi menos intensa. En concreto, as menores reducións tiveron lugar nos meses de xullo, xaneiro e agosto e oscilaron entre o 4,8% e o 9,1%. A comunidade tamén perdeu máis de 300.000 noites en estadía en relación co ano 2009. Unicamente houbo tres me-

ses (abril, xuño e xullo) que rexistraron un maior volume de estadías que 2009. As maiores caídas tiveron lugar no mes de outubro e no primeiro trimestre do ano, mentres que foron máis suaves na tempada de verán.

Como resultado desta evolución, e tal e como reflicten os datos do cadro 5, procedentes da *Encuesta de Ocupación Hotelera* elaborada polo *Instituto Nacional de Estadística*, en 2011 aloxáronse nos establecementos hoteleiros galegos 3.339.750 viaxeiros, que xeraron un total de 7.139.306 noites en estadía. Este dato supón reducións do 12,1% e do 12,7% con respecto ao ano 2010 no número de viaxeiros e de estadías respectivamente. Esta caída importante explícase en boa medida polo condicionante negativo da comparación cun ano Xacobeo no que Galicia acadou máximos históricos de demanda no segmento hoteleiro con case 8,2 millóns de noites en estadía. Ademais, coincide cun contexto de crise económica acentuada nos últimos meses e que afecta en maior medida á demanda nacional que á internacional, coas repercusións que iso implica para Galicia, pola súa dependencia do turismo español. De todos os xeitos, os datos son tamén inferiores aos rexistrados nos anos que precederon ao Xacobeo 2010, e incluso aos rexistrados no Ano Santo de 2004. Pode dicirse que os niveis de demanda turística se veñen reducindo en Galicia desde 2008, como consecuencia da crise económica internacional e que esa caída só se viu interrompida en 2010 pola celebración do Xacobeo.

A evolución rexistrada no grao de ocupación medio anual dos establecementos hoteleiros galegos foi parella á dos viaxeiros e estadías, reducíndose máis de 4 pun-

Gráfico 10.

Noites en estadía nos establecementos hoteleiros galegos



tos porcentuais con respecto a 2010. Esta redución tamén deixou a porcentaxe de ocupación media anual 4 décimas por debaixo da rexistrada en 2009 e lonxe tamén das dos anos precedentes. Os resultados deste indicador diverxen tamén dos do conxunto de España, onde se rexistrou un crecemento de preto de 3 puntos porcentuais no grao de ocupación das prazas, situándose no 53,6%. Isto fixo que se acentuasen aínda máis as diferenzas que xa existían, situándose o grao de ocupación dos establecementos galegos preto de 23 puntos porcentuais por debaixo da media española. En Galicia, ao igual que no conxunto de España, aínda que de xeito máis acentuado, a ocupación varía sensiblemente ao longo do ano, pasando dun valor mínimo do 17,2% no mes de xaneiro, a un máximo do 53,3% en agosto. A estadía media, que case non variara nos últimos cinco anos, reduciuse un pouco en 2011, pasando dos 2,2 aos 2,1 días de media e mantense, polo tanto, máis dun día por debaixo do valor rexistrado para o conxunto dos hoteis españois (3,3 días).

Cadro núm. 5

Viaxeiros e noites en estadía en hoteis de Galicia

	2004	2007	2008	2009	2010	2011 *
Viaxeiros aloxados	3.675.989	3.754.117	3.525.059	3.399.456	3.798.995	3.339.750
Noites en estadía	7.873.960	8.051.675	7.786.471	7.444.455	8.174.138	7.139.306
Grao de ocupación (%)	36,5	35,9	33,9	31,4	35,4	31,0
Estadía media (días)	2,1	2,1	2,2	2,2	2,2	2,1

* Datos provisionais.

Fonte: INE, *Encuesta de Ocupación Hotelera.*

Do total de estadías efectuadas en Galicia en 2011, un 42,3% concentráronse nos meses de xullo, agosto e setembro, mentres que os tres meses cun menor número de estadías (xaneiro, febreiro e decembro) sumaron o 12,5% das noites en estadía. Polo tanto, obsérvase unha elevada concentración temporal, ou estacionalidade, da demanda turística en Galicia. Dita estacionalidade é ademais, superior á existente no conxunto de España, onde os mesmos tres meses cun maior volume de estadías achegaron o 39% do total e os tres meses con menos supuxeron o 13,8%. Os datos indican, ademais, que a estacionalidade turística vénse incrementando nos últimos anos, á marxe de que se produzan incrementos, como en 2010, ou reducións, como no último ano, da demanda turística. Nos últimos anos, como consecuencia da crise económica, os turistas tenderon a concentrar as súas viaxes a Galicia nos períodos clásicos de vacacións (verán, Semana Santa e as pontes máis significativas), algo que vén sendo un trazo característico do comportamento turístico dos españois nas últimas tempadas.

Como queda recollido no cadro 6, a demanda turística aloxada nos establecementos turísticos galegos non se reparte uniformemente entre as catro provincias. As provincias da Coruña e de Pontevedra concentran en conxunto o 75,4% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos e o 80,4% das noites en estadía.

Cadro núm. 6

Viaxeiros e noites en estadía en hoteis de Galicia. Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Viaxeiros aloxados	1.468.023	527.063	294.664	1.049.993
Noites en estadía	2.976.088	857.951	538.779	2.766.488
Grao de ocupación (%)	32,4	25,5	23,6	33,7
Estadía media (días)	2,0	1,6	1,8	2,6

Fonte: INE, *Encuesta de Ocupación Hotelera*. Datos provisionais.

Cadro núm. 7

Viaxeiros, noites en estadía e estadía media en hoteis. % de variación 2011/2010

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Viaxeiros aloxados	-15,8	-11,4	0,2	-10,0	-12,1
Noites en estadía	-16,3	-10,1	-2,2	-11,1	-12,7
Estadía media (días)	-0,7	1,5	-2,4	-1,2	-0,6

Fonte: INE, *Encuesta de Ocupación Hotelera*. Datos provisionais.

Facendo unha análise por provincias, A Coruña é a que rexistra un maior número de viaxeiros e de estadías. Os hoteis desta provincia aloxaron 1.468.023 viaxeiros en 2011 que xeraron 2.976.088 estadías, o que supón un 44% dos viaxeiros totais aloxados nos hoteis galegos e un 41,7% das noites en estadía totais. Os hoteis desta provincia son, xunto cos de Pontevedra, os que rexistraron en 2011 unha maior porcentaxe de ocupación (32,4%). Non obstante, a porcentaxe de ocupación reduciuse no último ano en máis de 5 puntos porcentuais.

Pontevedra é a segunda provincia galega en captación da demanda turística e a que rexistra a maior estadía media e unha maior porcentaxe de ocupación das prazas hoteleiras. Esta maior duración da estadía media dos viaxeiros nos establecementos hoteleiros pontevedreses, en comparación co resto de Galicia, fixo que concentrase o 38,8% das estadías totais co 31,4% dos viaxeiros.

A provincia de Lugo foi a que rexistrou unha menor estadía media dos viaxeiros nos seus establecementos hoteleiros, 1,6 días, o que fixo que esta provincia tivese un menor peso no conxunto das estadías totais (12%) que no número de viaxeiros aloxados (15,8%). Finalmente, a provincia de Ourense, con 294.664 viaxeiros e 538.779 noites en estadía, é a que concentra unha menor porcentaxe da demanda turística aloxada nos establecementos hoteleiros galegos. Os establecementos desta provincia foron tamén os que presentaron unha menor porcentaxe de ocupación no ano 2011.

Á vista do cadro 7 pode comprobarse que agás Ourense, na que practicamente non variou, no resto das provincias rexistráronse reducións no número de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros. Nunha evolución que contrasta coa do ano anterior,

as provincias da Coruña e de Lugo, con porcentaxes do 15,8% e do 11,4% respectivamente, foron as que experimentaron as maiores reducións. En Pontevedra, a redución foi do 10%, mentres que Ourense rexistrou un modesto crecemento do 0,2%. No caso das estadías hoteleiras, todas as provincias tiveron resultados negativos. Como consecuencia da comparación cun Ano Xacobeo, con maior impacto na provincia da Coruña, a caída das estadías foi moito máis pronunciada nesta provincia, cunha redución do 16,3%. En Pontevedra e Lugo as caídas tamén estiveron por riba do 10% (11,1% e 10,1%), sendo máis modesta en Ourense, cunha redución do 2,2%. O resultado foi a redución sinalada do 12,7% das estadías para o conxunto da comunidade.

Exceptuando Lugo, na que se produciu un incremento do 1,5%, as demais provincias rexistraron reducións na estadía media. O efecto para o conxunto de Galicia foi unha redución da estadía media do 0,6%. Ao igual que xa sucedera no ano anterior, Ourense foi a provincia que rexistrou unha maior redución (-2,4%), que trouxo como resultado unha caída no número de estadías do 2,2% nos hoteis da provincia, a pesar do incremento no número de viaxeiros aloxados. A redución da estadía nos hoteis da provincia de Pontevedra (-1,2%) deu como resultado unha caída superior das noites en estadía á rexistrada na evolución dos viaxeiros. Un comportamento oposto foi o observado na provincia de Lugo, na que o incremento da estadía propiciou que as estadías nos establecementos hoteleiros caesen menos que os viaxeiros. No caso da provincia da Coruña, a redución da estadía media nun 0,7% foi modesta, o que propiciou que o número de noites en estadía baixase dun xeito similar ao do número de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros. Con todo, debemos matizar estes datos, dicindo que en termos absolutos a variación da estadía media foi moi modesta, pasando, para o conxunto de Galicia, dos 2,15 aos 2,14 días.

En comparación co ano 2010, a provincia da Coruña foi na que máis se notou o retroceso despois do Ano Santo, cunha redución de preto de 6 puntos porcentuais no grao de ocupación das prazas hoteleiras. Pola contra, na provincia de Ourense, que tamén se beneficiara menos do «efecto Xacobeo», o impacto negativo foi menor, cunha redución de menos dun punto porcentual no grao de ocupación. Os establecementos da provincia de Pontevedra presentaron unha redución de máis de 4 puntos na ocupación das súas prazas e os da provincia de Lugo de máis de 3 puntos porcentuais. O resultado global para o conxunto de Galicia foi unha redución superior aos 4 puntos porcentuais no grao de ocupación das prazas hoteleiras, pasando a porcentaxe media do 35,3% en 2010 ao 31% en 2011.

O comportamento negativo da demanda turística en Galicia en 2011, tendo en conta os criterios que se veñen de analizar (viaxeiros, noites en estadía, grao de ocupación e estadía media), reflectiuse na evolución da rendibilidade do sector hoteleiro. A tarifa media diaria aplicada nos hoteis e pensións de Galicia no ano 2011 situouse en 54,3 euros, o que significa unha redución de preto do 2% en relación a 2010.[10] No conxunto de España a facturación media foi de 69,4 euros, un 1% máis que en 2010. Madrid, Cataluña e Canarias, con cifras que oscilaron entre os 80,7 e os 72 euros de

[10] INE: *Indicadores de rentabilidad del sector hotelero*, Op. Cit.

media, foron as comunidades que aplicaron as tarifas máis elevadas de toda España. Pola contra, Galicia situouse no 2011 como a comunidade coas tarifas hoteleiras máis baixas. Só tres comunidades autónomas, Canarias, Cataluña e Baleares, conseguiron incrementar o nivel de prezos en 2011. Galicia sitúase, cunha redución do 2%, no grupo maioritario de comunidades que rexistraron caídas dos prezos hoteleiros. Os descensos máis acusados rexistráronse en Aragón, Castela-A Mancha e Murcia.

A caída da demanda turística, xunto co descenso paralelo do nivel de ocupación do sector, que tivo lugar ademais nun contexto de caída dos prezos, orixinou un descenso do ingreso por habitación dispoñible (RevPAR), que é o principal indicador de rendibilidade empresarial do sector. Os ingresos por habitación dispoñible rexistraron variacións interanuais negativas todos os meses. O resultado foi unha redución media do 14% para o conxunto do ano, que contrasta cos resultados obtidos polos hoteis españois, que rexistraron incrementos do 5,5% (facendo a media das variacións mensuais). A cifra de ingreso medio situouse en Galicia nos 18,4 euros, a segunda máis baixa de todo o territorio español, superando unicamente os niveis rexistrados en Castela-A Mancha, 17,6 euros. Canarias presentou os niveis de rendibilidade máis elevados de España, cun RevPAR de 55,4 euros de media, seguida de Madrid e Cataluña. Canarias e Cataluña, foron, ademais, as comunidades onde se rexistrou o maior crecemento da rendibilidade empresarial. Neste sentido destaca o incremento experimentado en Canarias, que superou nun 14% os ingresos medios por habitación dispoñible de 2010. No caso de Cataluña o incremento situouse no 6,5%.

En canto á procedencia da demanda turística, no último ano e tal e como se recolle no gráfico 11, os estranxeiros representaron un 21,5% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos, incrementando en 2 puntos porcentuais o seu peso en comparación co ano precedente. Despois duns anos de redución da importancia relativa dos viaxeiros españois aloxados nos establecementos galegos, en comparación co número de estranxeiros, no ano 2007 rompérase esta tendencia volvendo aumentar o seu peso. No ano 2009 como consecuencia da crise económica internacional, que fixo que se incrementase a preferencia polas viaxes curtas en detrimento das de longa distancia, esa tendencia reforzouse e os viaxeiros españois incrementaron a súa importancia relativa. Non obstante, nos últimos dous anos os estranxeiros aumentaron o seu peso dentro do conxunto da demanda turística. A pesar deste cambio de tendencia, o mercado turístico galego segue a estar, como se ve, fortemente condicionado pola evolución da demanda turística interna. A marcha dos factores, sobre todo os económicos, que condicionan esta demanda turística, van determinar tamén o comportamento do sector en Galicia. Nas provincias da Coruña e de Lugo é nas que teñen maior peso os viaxeiros estranxeiros, con porcentaxes do 26,7% e do 21,8% respectivamente. Nas outras dúas provincias o peso dos viaxeiros foráneos está por debaixo da media para o conxunto de Galicia. En Pontevedra os estranxeiros acadaron o 17,8% do total e na provincia de Ourense as estadías estiveron eminentemente protagonizadas polos residentes en España, sen acadar o número de estranxeiros o 9% do total. En calquera caso, debido ao mellor comportamento da demanda turística internacional no ano 2011, agás en Ourense onde como se apuntou o turismo internacional ten menor

Gráfico 11.

Distribución dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos. Ano 2011



Gráfico 12.

Procedencia dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos. Ano 2011



presenza, nas demais provincias incrementouse o peso dos viaxeiros internacionais.

A conxuntura negativa do sector hoteleiro galego estivo propiciada en boa medida pola forte caída da demanda turística procedente do resto de España, mentres que as demandas internacional e galega tiveron un comportamento menos malo. A celebración do Xacobeo fixera que en 2010 un importante número de persoas visitase Galicia procedente doutras rexións españolas. En 2011, nun contexto de crise económica e sen o evento actuando como factor de atracción, notouse unha caída importante da demanda turística. Os viaxeiros procedentes das principais rexións emisoras experimentaron baixadas que variaron entre o 13,7% de Cataluña e Andalucía e o 18,2% de Madrid. O turismo internacional resistiu mellor en 2011, reducíndose os viaxeiros estranxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos nun 2,2%. Pola súa banda, os viaxeiros galegos diminuíron un 8,2%, unha caída importante pero inferior á experimentada polo conxunto dos viaxeiros. Esta evolución fixo que os galegos incrementasen, en preto de 3 puntos porcentuais, o seu peso dentro do total de viaxeiros españois aloxados en establecementos hoteleiros da propia comunidade. Na provincia de Ourense é na que os galegos teñen un peso superior, acadando a porcentaxe do 58,8% e un punto porcentual máis que no ano precedente. Pola contra, A Coruña é a provincia na que os viaxeiros galegos supoñen, co 33,8%, a menor porcentaxe.

Excluíndo Galicia, a Comunidade de Madrid é a que tivo un maior peso no conxunto dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos durante o ano 2011, cunha porcentaxe do 16% dos viaxeiros totais. Séguenlle en orde de importancia as comunidades de Castela e León (6,9%), Cataluña (6,7%) e Asturias (5,6%), que superou a Andalucía (5,2%). Neste último ano incrementouse a concentración espacial da demanda turística galega en canto a

súa procedencia. Galicia, xunto coas cinco comunidades mencionadas concentraron máis do 83% dos viaxeiros (preto de 2 puntos porcentuais máis que en 2010), achegando o resto de mercados españois, polo tanto, menos do 17%, tal e como recolle o gráfico 12.

A achega das catro principais comunidades autónomas emisoras non foi idéntica nas catro provincias galegas. A Comunidade de Madrid, por exemplo, achegou o 19% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros da provincia da Coruña, mentres que esa contribución foi do 13,3% na provincia de Ourense. De Castela e León eran preto do 10% dos viaxeiros da provincia de Pontevedra, cando nas outras tres provincias a porcentaxe foi de pouco máis do 6%. Cataluña achegou máis do 9% dos viaxeiros que se aloxaron nos hoteis da Coruña e os procedentes de Asturias superaron o 7% dos aloxados en Lugo. Non obstante, estas dúas comunidades tan só achegaron o 4,6% e o 3,9% respectivamente dos españois aloxados na provincia de Ourense.

Á hora de analizar o pulso da actividade turística na comunidade autónoma, a evolución do gasto é un dos mellores indicadores para facelo. Nos *Informes* anteriores empregouse información procedente da operación estatística «Gasto dos non residentes en Galicia», elaborada polo Instituto Galego de Estatística. Esta serie trimestral só está dispoñible desde 2007 ata o segundo trimestre de 2010, momento no que deixou de elaborarse. En 2011 non se pode continuar, polo tanto, coa análise realizada en anos anteriores. No seu lugar recorreremos aos datos facilitados pola estatística *Egatur*, que ofrece información do gasto turístico dos non residentes a partir dunha enquisa realizada nos principais pasos fronteirizos de estrada, aeroportos e portos marítimos á saída dos visitantes de España.

Analizando estes datos compróbase que o gasto total dos turistas que tiñan como destino principal Galicia acadou en 2011 os 677 millóns de euros, o que supón un incremento do 4,8% en relación co ano anterior. O gasto medio por turista incrementouse nun 5,4%, situándose nos 989 euros. A redución da estadía media fixo que o gasto diario medio se incrementase un 8,9% en 2011, acadando os 99 euros, o valor máis alto desde 2005. Tanto o gasto medio por turista como o gasto diario medio incrementáronse tamén en comparación con 2009. De todos os xeitos, nos dous casos segue aínda por debaixo dos valores medios correspondentes aos do conxunto de España.

Cadro núm. 8

Gasto dos turistas internacionais. Ano 2011

	Galicia			España	
	Euros	% variación 2011/2010	% variación 2011/2009	Euros	% variación 2011/2009
Gasto medio por persoa	989	5,4	11,0	934	0,2
Gasto diario medio por persoa	99	8,9	1,6	102	4,6

Fonte: *Instituto de Estudios Turísticos, Encuesta de Gasto Turístico (Egatur).*

Gráfico 13.

Gasto total dos turistas internacionais con destino principal Galicia.
% de variación anual



Gráfico 14.

Gasto medio por persoa dos turistas internacionais con destino principal Galicia.
% de variación anual



O crecemento rexistrado no último ano non foi suficiente para compensar as caídas de anos anteriores. Como se pode ver no gráfico 13, exceptuando o ano 2011, desde 2006 o gasto total do turismo internacional experimentou variacións interanuais negativas, que variaron entre o 2,9% e o 8,8%. Como consecuencia, e a pesar do comportamento de 2011, as cifras están aínda lonxe das acadadas en anos precedentes.

Esta evolución é consecuencia do descenso no número de turistas con destino principal Galicia nos últimos anos. Se analizamos o gasto medio por turista e o gasto diario medio, a evolución é máis positiva. Como queda reflectido no gráfico 14, a partir de 2006 o gasto medio por turista incrementouse cada ano e en porcentaxes por riba sempre do 5%, acadando o máximo crecemento en 2009 cun 11,7%.

A evolución do gasto diario medio por turista foi máis irregular. Ademais do incremento xa apuntado de 2011, medrou nos anos 2006, 2008 e 2009, con porcentaxes do 5,8%, do 5,9% e do 1,4% respectivamente. Pola contra, nos anos 2007 e 2010 o gasto medio diario reduciuse nun 4,7% e nun 6,7% respectivamente. Este comportamento estivo condicionado pola evolución da estadía media, con incrementos por riba do 12% nestes dous últimos anos.

Galicia é, co 13,2%, a terceira comunidade en canto ao número de excursionistas internacionais, superada unicamente por Cataluña e País Vasco. O gasto total asociado aos excursionistas internacionais ascendeu dun xeito notable en 2011, un 30,1%, acadando os 220,1 millóns de euros. O gasto medio por excursionista foi de 38,8 euros, un 7,5% superior ao acadado no ano anterior. Dito gasto está, con todo, moi lonxe dos valores obtidos noutras rexións como Cataluña ou Madrid, onde se sitúa nos 111,6

Gráfico 15.

Gasto diario medio dos turistas internacionais con destino principal Galicia.
% de variación anual



e 616,8 euros respectivamente. Exceptuando o primeiro ano, no período 2006-2011, tanto o gasto total como o gasto medio por excursionista rexistraron variacións positivas. Os crecementos foron ademais importantes, posto que no caso do gasto total non baixaron do 12,9% e no caso do gasto medio sempre foron superiores ao 7,5% (gráfico 16). Un reto importante para o turismo galego será, polo tanto, tratar de conseguir que unha parte destes excursionistas pernocten na rexión, converténdose, polo tanto, en turistas.

Para o estudo do turismo en Galicia, se tomamos como punto de partida 1999 podemos levar a cabo unha análise comparativa nun período de trece anos, que inclúe tres anos santos. Observando a oferta turística e centrándonos en concreto na oferta hoteleira, compróbase como o número de establecementos medrou a unha taxa próxima ao 1% medio anual, o que dá como resultado un incremento do 10,3% no número de establecementos desde 1999, pasando dos 1.388 aos 1.531, como queda recollido no cadro 9. O número de prazas dispoñibles pasou das 43.921 no primeiro dos anos ás 62.485 no ano 2011, o que supón un crecemento total do 42,3% e un crecemento medio anual acumulativo do 3%. De todos os xeitos, no ano 2011 o número de establecementos reduciuse nun 1,3% e o número de prazas fíxoo nun 0,4%. Ao igual que sucedera nos anos 2008 e 2009, o número de empregados no subsector tamén se reduciu un 0,6% en 2011. Non obstante, este dato, entre 1999 e 2011, medrou a unha taxa media anual do 3,5%, dando como resultado un incremento superior ao 50% entre os dous anos comparados, pasando os ocupados dos 4.881 aos 7.360.

Gráfico 16.

Gasto dos excursionistas con destino principal Galicia. % de variación anual



Cadro núm. 9

Evolución do subsector hoteleiro en Galicia

	Establecementos	Prazas	Ocupación	Empregados	Noites en estadía
1999	1.388	43.921	39,1	4.881	6.682.860
2000	1.449	45.407	33,3	5.122	5.848.583
2001	1.452	47.235	32,5	5.277	5.851.578
2002	1.409	49.212	33,3	5.608	6.263.578
2003	1.503	53.396	31,7	6.163	6.480.303
2004	1.503	56.416	36,5	6.812	7.873.960
2005	1.491	57.156	34,7	7.149	7.594.782
2006	1.450	57.134	35,7	7.408	7.758.043
2007	1.454	58.828	35,9	7.614	8.051.675
2008	1.497	60.646	33,9	7.539	7.786.471
2009	1.533	62.394	31,4	7.201	7.444.455
2010	1.550	62.738	35,4	7.403	8.174.138
2011 *	1.531	62.485	31,0	7.360	7.139.306
% variación 2000/1999	4,4	3,4		4,9	-12,5
% variación 2005/2004	-0,7	1,3		4,9	-3,5
% variación 2011/2010	-1,3	-0,4		-0,6	-12,7
% variación 2011/2009	-0,1	0,1		2,2	-4,1

* Datos provisionais.

Fonte: INE. *Encuesta de Ocupación Hotelera.*

Desde o lado da demanda, o primeiro que se observa é unha redución de máis dun millón no número de noites en estadía en 2011. Isto é algo que, dentro do período analizado, tamén se produciu en anteriores anos pos-Xacobeos. Así, no ano 2000, o descenso foi, como se recolle no cadro 9, do 12,5% e do 3,5% en 2005. De todos os xeitos, e aínda descontando o efecto negativo da comparación co Xacobeo, obsérvase que as estadías de 2011 foron tamén un 4,1% inferiores ás de 2009. De feito, en paralelo á crise económica internacional, as estadías viñéronse reducindo de xeito continuado desde 2008, coa excepción de 2010, ano no que a demanda turística tivo un bo comportamento en Galicia como consecuencia da celebración do Xacobeo. Como pode verse no gráfico 17, hai que retrotraerse ata 2003 para observar un volume de estadías inferior ao rexistrado en 2011. A redución da demanda en maior contía que a experimentada pola oferta fixo que o grao de ocupación das prazas hoteleiras diminuíse en máis de 4 puntos porcentuais, acadando os valores máis baixos dentro do período analizado e situando Galicia como unha das comunidades con menor grao de ocupación.

Despois de varios anos consecutivos de crecemento no tamaño medio da planta hoteleira galega, a partir de 2007 o número medio de prazas por hotel permaneceu

Gráfico 17.

Noites en estadía en establecementos hoteleiros en Galicia



estancado arredor das 40. Como queda recollido no cadro 10, no ano 2011 e para o conxunto de Galicia, o número medio de prazas por establecemento acadou as 40,8, o que supón un incremento do 0,8% en comparación con 2010. O número medio de traballadores por establecemento medrara tamén ata 2007. Nos dous seguintes anos produciuse unha redución. No ano 2010 permaneceu estancado e en 2011 incrementouse un 2,3%, ata os 4,8 traballadores de media por hotel.

A tipoloxía de turismo vixente en Galicia condiciona o tamaño medio da planta hoteleira que, a pesar do crecemento rexistrado nos anos anteriores á crise e no último ano, segue a estar por debaixo do tamaño medio dos hoteis no conxunto de España. O número medio de prazas por establecemento para o conxunto dos hoteis españois incrementouse preto do 1% ata acadar as 95, polo tanto, máis do dobre que o rexistrado en Galicia. Ao igual que aconteceu en Galicia, no total de España tamén se produciu no último ano un incremento do 1,1% no número de empregados por establecemento. O conxunto dos hoteis españois empregan de media cada un 13 traballadores, tamén unha cifra moi superior á rexistrada nos hoteis galegos.

O tamaño medio da planta hoteleira galega incrementouse un 0,7% na provincia de Lugo no último ano, pero esta provincia, con 31,1 prazas por establecemento, é a que rexistra un menor tamaño medio da planta hoteleira. Na provincia da Coruña, cun 3,3%, foi onde máis medrou o tamaño medio dos hoteis, ata acadar as 40,6 prazas de media, situándose no segundo posto detrás de Pontevedra. Nesta provincia produciuse unha redución do 1,5%, pero aínda así é a que conta co maior tamaño medio da

Cadro núm. 10

Dimensión media do sector hoteleiro en Galicia. Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Núm. medio de prazas estimadas por establecemento	40,6	31,1	32,6	51,4	40,8
% variación 2011/2010	3,3	0,7	-1,1	-1,5	0,8
Empregados estimados por establecemento	4,3	3,5	3,8	6,9	4,8
% variación 2011/2010	-0,8	5,3	0,8	-0,3	2,3

Fonte: INE. *Encuesta de Ocupación Hotelera.* Datos provisionais.

planta hoteleira, 51,4. Na provincia de Ourense tivo lugar unha redución do 1,1% no número medio de prazas por hotel.

En consonancia co maior tamaño medio dos seus hoteis, Pontevedra é a provincia cun maior número de empregados por establecemento (6,9), que practicamente non variou. Os establecementos da Coruña son os segundos de Galicia en canto ao número medio de empregados, con 4,3 traballadores de media. Esta provincia rexistrou un retroceso do 0,8% no número medio de empregados por establecemento en 2011. Lugo, que é a provincia galega cun menor tamaño medio de planta hoteleira, foi a que rexistrou un maior crecemento neste ano (5,3%), ata situar a cifra nos 3,5 traballadores. Por último, Ourense rexistrou un crecemento do 0,8% no número de traballadores, pero está por debaixo da media galega en canto aos empregados por establecemento.

O número de establecementos abertos e o número de prazas hoteleiras reducíronse no ano 2011 un 0,8% e un 0,3% respectivamente. O número de traballadores tamén baixou no último ano un 0,7%. Á vista do cadro 11 pode comprobarse como en 2011 houbo abertos de media en Galicia 1.531 establecementos que ofertaron 62.484 prazas e deron emprego a 7.360 traballadores. As provincias da Coruña e de Pontevedra representan conxuntamente preto do 70% da oferta hoteleira galega en canto a establecementos abertos. Ademais, estas dúas provincias, debido ao maior tamaño medio dos seus establecementos, ofertan o 75,4% das prazas totais e dan traballo a preto do 77% dos traballadores empregados no sector hoteleiro galego.

Como se sinalou con anterioridade, no ano 2011 foron os turistas estranxeiros os principais responsables do crecemento da demanda e do PIB turísticos. A maior chegada de turistas estranxeiros propiciou o incremento do número de noites en estadía nos principais establecementos da oferta regrada, pero sobre todo nos hoteis de gama alta. O perfil de viaxeiro estranxeiro que visitou España en 2011 asóciase maioritariamente cun cliente que viaxa a destinos de sol e praia. Deste xeito, malia que 2011 foi un ano de notable crecemento da actividade turística, non todos os destinos se beneficiaron por igual deste dinamismo. Os resultados das empresas turísticas foron dispares e mentres se produciu un importante crecemento das vendas nos hoteis da costa e especialmente nos destinos de Baleares, Canarias e nos do litoral mediterráneo, os resultados foron negativos entre os hoteis e a oferta de ocio dos destinos do interior e os da Cornixa Cantábrica, máis dependentes da demanda interna. Pode dicirse que o balance de 2011 foi moi desigual para os destinos turísticos españois, cunha mellora

Cadro núm. 11

Oferta hoteleira en Galicia. Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Establecementos abertos estimados	614	295	191	432	1.531
Número de prazas estimadas	24.910	9.152	6.217	22.206	62.484
Persoal empregado	2.654	1.024	722	2.961	7.360

Fonte: INE. *Encuesta de Ocupación Hotelera.* Datos provisionais.

Gráfico 18.

Noites en estadía nos establecementos de turismo rural
% de variación 2011/2010



importante naqueles nos que a demanda estranxeira é maioritaria, mentres que os destinos vinculados ao mercado doméstico presentaron retrocesos. O informe de *Perspectivas Turísticas* de Exceltur incide nesta dirección, indicando que os destinos de interior e da España Verde, nos que a demanda nacional supón máis do 50% das estadías, pecharon o ano 2011 cun balance negativo dos seus resultados empresariais, condicionados pola contracción do consumo turístico das familias.[11]

Dentro desta dinámica, impulsadas polos viaxeiros estranxeiros, as estadías nos establecementos de turismo rural incrementáronse en España un 0,9% no ano 2011. A pesar do reducido peso dos viaxeiros estranxeiros nos establecementos de turismo rural, o forte incremento (19,5%) nas estadías efectuadas por estes compensou a redución do 2,8% nas efectuadas polos residentes en España.[12] Con todo, a evolución non foi homoxénea nas distintas rexións e estivo marcada pola composición da demanda, obtendo mellores resultados aquelas cunha maior presenza de turistas estranxeiros. Nove comunidades rexistraron incrementos no número de noites en estadía, que foron especialmente importantes nos casos de Canarias e Baleares, con porcentaxes do 20,4% e do 18,8% respectivamente. Nas outras seis comunidades con resultados positivos, as porcentaxes oscilaron entre o 2,2% de Andalucía e o 11,1% de Madrid. Dentro das oito rexións con resultados negativos, os peores rexistrounos Galicia cunha redución das estadías do 24,4%. Despois de dous anos consecutivos con crecementos, que chegaron ao 5,3% en 2010, notou o retroceso nun ano pos-Xacobeo. A comparativa resulta, non obstante, tamén perdedora se se fai cun ano non Xacobeo como 2009. Outras áreas que tamén rexistraron retrocesos importantes no número de estadías en establecementos de turismo rural foron Murcia e Castela-A Mancha, con porcentaxes respectivas do 13,4% e do 7,9%.

Máis do 80% das estadías realizadas nos establecementos de turismo rural españois foron efectuadas por residentes en España. Isto pon de evidencia que a demanda de turismo rural en España está fortemente condicionada pola demanda interna. O con-

[11] Exceltur: *Perspectivas Turísticas. Valoración empresarial del año 2011 y perspectivas para 2012.* Op. Cit.

[12] INE: *Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural*, 2012.

sumo turístico dos españois estivo moi influído pola perda de poder adquisitivo das familias, relacionado coa diminución da renda dispoñible e co incremento do desemprego. Neste contexto, os españois optaron por desprazamentos curtos e por tipoloxías de aloxamento cun menor gasto asociado, como apartamentos ou cámpings. Este feito notouse nas estadías rexistradas nos establecementos de turismo rural, que a nivel global se salvaron unicamente polo bo comportamento da demanda turística estranxeira.

No ano 2008 produciuse, por vez primeira desde o nacemento desta tipoloxía de turismo, unha redución no número de estadías, que levou aparellado un descenso do 7,3% no grao de ocupación. No ano 2009 recuperáronse e rexistraron un leve crecemento do 0,5%. De novo en 2010 volveron caer e o grao de ocupación das prazas reduciuse tamén case un 7%. Xa no ano 2011 incrementáronse as estadías un 0,9%, pero o grao de ocupación reduciuse en 0,6 puntos porcentuais. Xunto co comportamento da demanda, detrás desta redución da ocupación está o crecemento da oferta. A posta en marcha de novos establecementos de turismo rural e, polo tanto, a creación de novas prazas a uns ritmos que non puideron ser asimilados pola demanda é un dos principais problemas que sufriu o turismo rural nos últimos anos. O forte crecemento da oferta e a incapacidade para reter os clientes nos establecementos por pouco máis de dous días traduciuse nunhas baixas porcentaxes de ocupación dos establecementos e nunha redución da rendibilidade dos mesmos. Este problema de descoordinación entre o crecemento da oferta e da demanda estivo presente na maioría das comunidades autónomas, pero acadou en Galicia dimensións moi importantes.

Para o conxunto de España, no ano 2011 o número de prazas de aloxamento de turismo rural incrementouse un 5,2%. Navarra, Castela-A Mancha e País Vasco foron as comunidades que máis aumentaron a oferta de prazas de turismo rural, con porcentaxes do 22,1%, 14,3% e 11,7% respectivamente. Pola contra, en Canarias e Galicia, con porcentaxes do -2,8% no primeiro caso e do -0,6% no segundo, reduciuse o número de prazas de turismo rural. A evolución conxunta da oferta e da demanda deste tipo de turismo tivo o seu reflexo no grao de ocupación das prazas, que experimentou, para o conxunto de España, unha redución do 4% en relación co ano 2010. Tan só catro comunidades presentaron crecementos nos graos de ocupación das súas prazas de turismo rural. Baleares, con 5,1 puntos porcentuais adicionais, foi a que rexistrou un maior incremento na ocupación, seguida de Canarias con 4,6 puntos porcentuais máis. Estremadura e A Rioxa tamén viron aumentada a ocupación dos seus establecementos, pero de xeito moi suave. En todas as demais rexións a ocupación baixou. Onde máis se notou o descenso foi en Galicia, cunha redución de 3,8 puntos porcentuais, seguíndolle Navarra con 3,5 puntos e Castela-A Mancha e País Vasco con baixadas de 2,3 e 2,1 puntos respectivamente. A porcentaxe media de ocupación nos establecementos de turismo rural en España situouse no 15,1%, moi afastada da rexistrada en comunidades autónomas como Baleares (45,2%) ou Canarias (23,8%). En Galicia, cunha porcentaxe do 12%, a ocupación foi incluso inferior á do conxunto de España.

O número de noites en estadía nos establecementos de turismo rural galegos reduciuse de xeito invariable en todos os meses do ano. Non obstante, nos meses coincidentes cos períodos maioritarios de vacacións por parte dos españois, os principais

Cadro núm. 12

Prazas, viaxeiros e noites en estadía nos establecementos de turismo rural en Galicia

	Prazas estimadas		Viaxeiros		Noites en estadía	
	Número	% variación	Número	% variación	Número	% variación
2002	3.910	25,8	121.212	30,5	286.172	26,4
2003	4.631	18,4	127.451	5,1	281.202	-1,7
2004	4.972	7,4	163.128	28,0	344.524	22,5
2005	5.332	7,2	149.212	-8,5	338.187	-1,8
2006	5.673	6,4	155.910	4,5	352.254	4,2
2007	5.744	1,3	170.003	9,0	376.166	6,8
2008	5.960	3,8	162.881	-4,2	362.850	-3,5
2009	6.514	9,3	176.941	8,6	369.211	1,8
2010	6.632	1,8	193.122	9,1	388.873	5,3
2011	6.594	-0,6	142.793	-26,1	294.050	-24,4

Fonte: INE. *Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural.*

clientes, os retrocesos foron menos importantes. Así, a menor redución produciuse no mes de agosto, cun descenso inferior ao 9%, e nos meses de abril e xullo as caídas situáronse por debaixo do 25%. Pola contra, nos meses de febreiro, maio e outubro as reducións interanuais superaron o 35% e acadaron a súa máxima cota no mes de maio, cunha caída superior ao 42%.

A estadía media nos establecementos de turismo rural galegos, a pesar de que se incrementou un 2,3%, segue sendo baixa en comparación coa media española. Os 2,1 días de media que os viaxeiros permanecen nos establecementos da comunidade representan, xunto con Madrid, a menor duración da estadía en España, lonxe dos 2,8 días nos que se sitúa a media para o conxunto do Estado e xa non digamos dos 6,1 e 4,8 días de Canarias e de Baleares respectivamente. Será preciso, polo tanto, seguir insistindo naquelas iniciativas tendentes a complementar o aloxamento con outro tipo de actividades para acadar unha maior duración da estadía e, deste xeito, potenciar os impactos positivos desta tipoloxía de turismo.

As provincias da Coruña e de Pontevedra, co 53,5% dos viaxeiros totais, rexistraron conxuntamente o 59,2% das estadías realizadas nos establecementos de turismo rural galegos en 2011. Nos establecementos da provincia da Coruña rexistráronse 82.463 estadías e na de Pontevedra 91.621. A provincia de Lugo foi a primeira de Galicia en canto ao número de viaxeiros, pero a menor duración da estadía fai que con 72.362 estadías se sitúe no terceiro lugar por detrás da Coruña e de Pontevedra. Por último, como pode verse no gráfico 19, a provincia de Ourense é a que concentra unha parte máis pequena da demanda de turismo rural: co 18,1% dos viaxeiros totais acadou as 47.743 estadías, que representan o 16,2% das efectuadas nos establecementos de turismo rural galegos. Pola súa vez, Pontevedra, con 2,1 días, é a provincia que presentou unha maior estadía media dos viaxeiros nos seus establecementos. Na Coruña situouse

Gráfico 19.

Noites en estadía nos establecementos de turismo rural galegos. Ano 2011



nos 1,9 días e rexistrou os menores valores en Ourense e Lugo, con 1,8 e 1,7 días respectivamente.

O 87% das estadías realizadas nos establecementos de turismo rural galegos corresponden a residentes españois, aínda que esta porcentaxe se foi reducindo nos últimos anos. As provincias da Coruña e de Lugo, con porcentaxes arredor do 15%, é onde as estadías realizadas polos estranxeiros teñen máis peso, mentres que no lado oposto, a de Ourense, cunha porcentaxe inferior ao 9%, é na que estas son menos importantes.

Dentro dos españois, e como queda recollido no gráfico 20, no ano 2011, a maioría das estadías foron efectuadas polos propios galegos (43,2%). Esta porcentaxe, que xa se reducira en 2010, é preto de 5 puntos porcentuais inferior á do ano precedente. Dos chegados de fóra de Galicia, a porcentaxe máis alta das estadías correspondeulle a Madrid cun 21,6%. O peso desta comunidade non variou nos últi-

Gráfico 20.

Distribución das noites en estadía realizadas nos establecementos de turismo rural galegos. Ano 2011



mos dous anos. Cataluña, Valencia e Andalucía son, despois de Madrid, as principais demandantes de prazas de turismo rural en Galicia, con porcentaxes do 8,8%, 5,9% e 5% respectivamente, das estadías realizadas nos establecementos de turismo rural galegos. Ás restantes rexións xa lles corresponden porcentaxes máis pequenas deste tipo de estadías.

Unha análise moi sinxela dalgúns indicadores da oferta de turismo rural en Galicia e a súa comparación co conxunto da oferta de turismo rural en España amosa que o 4,8% das prazas de turismo rural existentes en España están en Galicia, que posúe o 3,6% dos establecementos. Ambas as dúas porcentaxes reflicten un maior tamaño medio dos establecementos de turismo rural en Galicia. Como pode comprobarse á vista do cadro 13, o número medio de prazas por establecemento supera as 12 en Galicia, mentres que no conxunto de España apenas supera as 9. Non existen diferenzas significativas entre as catro provincias e o tamaño medio dos establecementos de turismo rural está en todas elas entre as 12 e as 13 prazas.

Os 535 establecementos de turismo rural galegos empregan en total 895 traballadores. Cada un deles ocupa por termo medio menos de 2 traballadores (1,7), cifra que se reduciu lixeiramente en comparación co ano 2010, pero que está un pouco por riba da rexistrada para o conxunto de España (1,5). Dentro de Galicia, practicamente non existen diferenzas entre provincias, se ben o número medio de traballadores por establecemento é lixeiramente inferior na provincia da Coruña.

Cadro núm. 13

Algúns indicadores da oferta de turismo rural. Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Núm. de establecementos	153	132	79	171	535	15.037
Prazas	1.891	1.677	965	2.062	6.594	137.727
Empregados	250	225	134	285	895	22.040
Prazas/Establecemento	12,3	12,7	12,2	12,0	12,3	9,2
Empregados/Establecemento	1,6	1,7	1,7	1,7	1,7	1,5

Fonte: INE. *Encuesta de Ocupación en Alojamientos de Turismo Rural.*

O panel de expertos da OMT augura que a actividade turística seguirá medrando no ano 2012, aínda que o crecemento será máis moderado que en 2011. As maiores expectativas de crecemento céntranse en Asia e Pacífico, sobre todo debido á demanda intrarrexional e aos fluxos procedentes do Xapón, mentres que para Europa, despois dun ano de forte crecemento, as expectativas son máis moderadas, nun contexto de incerteza económica. Espérase, polo tanto, que o turismo internacional continúe medrando en 2012, malia que a un ritmo máis lento. A OMT prevé un aumento nas chegadas internacionais de entre un 3% e un 4%, que permitirían acadar a marca histórica 2 mil millóns a finais do ano. Para Europa estima un crecemento de entre o 2% e o 4%. As proxeccións a longo prazo da OMT tamén prognostican unha taxa media de

crecemento anual para a década 2010-2020 do 3,8%, polo tanto un crecemento moderado e condicionado pola situación actual na que se atopan as principais economías avanzadas. O estancamento da recuperación económica e os problemas financeiros e fiscais engaden cada vez máis incertezas no mercado turístico. A posta en marcha de medidas de austeridade para reducir os déficits públicos, sobre todo en Europa, condicionan tamén de xeito importante os orzamentos familiares, ao tempo que socavan a confianza dos consumidores coas implicacións que isto ten para o turismo emisor. Ademais, as elevadas taxas de paro seguen sendo outro importante condicionante negativo. No lado positivo habería que sinalar a resistencia da demanda turística, que continúa medrando e creando ingresos e empregos en todo o mundo a pesar da crise, e a celebración de importantes eventos deportivos no ano 2012 que contribuirán a incrementar o número de visitantes e favorecerán a imaxe turística.

No caso de España, a evolución da demanda turística internacional vai depender da recuperación económica na zona euro e tamén da situación política nos destinos do norte de África, que condicionou dun xeito importante as chegadas de moitos destinos españois en 2011. A demanda interna estará afectada pola deteriorada situación económica xeral e polas medidas de axuste que se están a poñer en marcha para reducir o déficit público. É previsible que aqueles destinos máis vinculados á demanda estranxeira sigan medrando en 2012, aínda que a taxas menores, mentres que os resultados serán máis complexos e peores nos destinos máis vinculados á demanda interna. A destrución de emprego, a redución da renda dispoñible, xunto coas medidas fiscais postas en marcha polos distintos gobernos europeos, frearán o consumo turístico dos fogares europeos en 2012. De todos os xeitos, Exceltur, no informe de *Perspectivas Turísticas*, prevé un comportamento favorable do mercado ruso, ao tempo que os turistas alemáns, franceses, británicos e holandeses seguirán mantendo España como un dos seus destinos preferidos para gozar das súas vacacións, pero con menor capacidade de gasto turístico. A demanda turística interior estará condicionada pola deterioración do mercado de traballo e polas medidas de austeridade postas en marcha, que prexudican a capacidade adquisitiva e, polo tanto, o consumo turístico dos fogares españois.

Para anticipar a evolución do sector no futuro próximo haberá que ter en conta o comportamento da economía. Nesta dirección, as previsións para o ano 2012 do Fondo Monetario Internacional (FMI) mostran un crecemento da economía mundial do 3,5%. As proxeccións indican tamén unha taxa de crecemento interanual do 1,4% para as economías avanzadas, pero non son tan optimistas para os países da zona euro, onde se prevé un retroceso do 0,3%, nin para España onde se espera unha caída do PIB do 1,8% (FMI, 2012).[13]

O que se acaba de apuntar xa se pode corroborar cos primeiros datos dispoñibles. Se atendemos á información subministrada por Frontur, a taxa de variación interanual

[13] Fondo Monetario Internacional (FMI) (2012): *Perspectivas de la economía mundial: Reanudación del crecimiento, peligros persistentes. Resumen Ejecutivo*. 16 de abril de 2012.

acumulada das chegadas de turistas situouse no 2,7%, para os dous primeiros meses de 2012. Pola súa banda, os datos da *Encuesta de Ocupación Hotelera* do INE amosan un incremento interanual do 3,5% das estadías en xaneiro e un retroceso do 0,7% en febreiro. As estadías correspondentes aos non residentes incrementáronse un 6,1% en xaneiro e un 1,3% en febreiro; pola contra, as dos residentes reducíronse un 0,2% e un 3,1%, respectivamente, nos dous meses. Estes datos avanzan un comportamento máis negativo da demanda turística doméstica en comparación coa internacional, no período para o que dispoñemos de información neste momento.

O mercado turístico galego, máis dependente da demanda turística interior, seguramente se verá condicionado pola redución do consumo turístico dos residentes. Se ben é certo que numericamente os dous primeiros meses teñan pouca relevancia no conxunto do ano, posto que o volume de demanda apenas supón arredor do 8% de viaxeiros e estadías dos establecementos hoteleiros galegos, os datos dispoñibles xa reflicten unha redución da demanda turística. No mes de xaneiro produciuse un descenso do 0,6% no número de viaxeiros e do 4,3% no número de estadías en relación co ano precedente, mentres que en febreiro, malia que houbo un incremento do 4% no número de viaxeiros, a redución da estadía media levou a unha baixada do 2,2% no número de noites en estadía.

Ao actual contexto de recesión económica hai que engadirlle outros condicionantes macroeconómicos como a depreciación do euro fronte ao dólar e os elevados prezos do petróleo que supoñen un encarecemento dos transportes que condicionan as viaxes. A isto hai que unir as dificultades de acceso ao crédito que limitan a capacidade de gasto dos consumidores. Estes condicionantes, xunto co avance dos datos para os dous primeiros meses do ano, non permiten ser moi optimistas cos resultados que se poidan acadar en 2012. O balance final vai depender de como evolucionen estes factores e da intensidade e duración da recesión na que na actualidade está inmersa a economía española, que condicionan a recuperación da demanda turística dos residentes e determinarán o gasto turístico que finalmente se realice no ano 2012.

Os transportes

Matriculación de automóbiles

A matriculación de turismos en Galicia no ano 2011 tan só alcanzou a cifra de 33.955 unidades, 18.431 menos que en 2010, descendendo nun 35,2%. O comportamento da matriculación en España tamén foi negativo pero non tanto como en Galicia que, xunto con Estremadura, deixan os peores resultados de 2011. No conxunto do Estado non se alcanzou a cifra do millón de unidades matriculadas, e xa van tres anos consecutivos. As case 810.000 unidades representan un retroceso do 19,2% segundo datos da Dirección Xeral de Tráfico.

En canto á matriculación de vehículos de carga, onde ademais de vehículos industriais tamén se inclúen os de transporte de viaxeiros, en Galicia esta cifra non chegou a 5.000 unidades, un 21,8% menos que un ano antes. En España esta caída non foi tan acusada (-6,4%), pero reduciuse en case 9.900 unidades con respecto a 2010. Desde 2007, perdéronse en valores absolutos case 50.000 unidades matriculadas en Galicia, e en España esta perda cífrase en 826.000.

Segundo a información subministrada pola Asociación Nacional de Vendedores de Vehículos a Motor, Reparación y Recambios (Ganvam), contabilízanse en máis de 30 as empresas do sector que deixaron de operar e en 300 os postos de traballo perdidos en Galicia en 2011. A nivel nacional estas cifras supuxeron o peche de 500 pequenas e medianas empresas e a perda de 5.000 empregos do sector automobilístico.

En España 48 de cada 100 coches vendidos en 2011 foron adquiridos por particulares. En 2007 o segmento de particulares era do 60%. Esta caída foi maior do previsto debido á crise de confianza e á restrición crediticia. As empresas alugadoras matricularon 141.147 unidades, cun crecemento do 4,3%, e a canle de empresas (coches de empresa que as compañías poñen a disposición dos seus empregados), con 279.081 vehículos, representou un 6,3% máis respecto a 2010. Os únicos segmentos que rexistraron subidas foron o de vehículos de luxo (83,1%), xunto co de monovolumes grandes (11,3%) e todoterreos pequenos (22,2%).

En canto á desagregación provincial en Galicia, as catro provincias mostran descensos importantes con respecto ao ano anterior. A Coruña é a que maiores vendas de automóbiles rexistra con algo máis de 15.000 unidades, un 34% menos con respecto a un ano antes, seguida de Pontevedra, con 10.615 unidades e un retroceso dun 36,4%. Mentres, Lugo e Ourense rexistran 4.000 unidades matriculadas cada unha e diminucións do 34,3% e 37,6% respectivamente. A cota de mercado por provincias é de 44,8% para Coruña, 31,3% para Pontevedra, 12,1% para Lugo e 11,8% para Ourense.

Se analizamos a evolución trimestral da matriculación de automóbiles, atopamos que non houbo en ningún trimestre de 2011 signos de recuperación do sector, malia que algúns concesionarios ofrecían ata 4.000 euros de desconto pola compra de automóbiles novos. Os datos do primeiro trimestre de 2012 son desalentadores e todo indica que a matriculación neste ano alcanzará niveis de 1993. No primeiro trimestre

Cadro núm. 14

Matriculación de vehículos en Galicia

	Turismos	TVI (%)	Vehículos de carga	TVI (%)
2007	82.066	3,3	14.239	4,2
2008	58.729	-28,4	8.956	-37,1
2009	59.457	1,2	6.322	-29,4
2010	52.386	-11,9	6.044	-4,4
2011	33.955	-35,2	4.729	-21,8

Fonte: *Dirección General de Tráfico.*

Gráfico 21.

Matriculación de turismos e vehículos de carga

Taxas de variación interanuais (en %)



do ano en España as matriculacións de turismos descenden un 1,9% e en Galicia un 14,4%. Destes malos datos despréndese que se o parque automobilístico non se renova, a situación vai en detrimento da calidade do aire, posto que os coches máis antigos son os que máis emisións de CO_2 desprenden e provocan o 80% da contaminación actual nos grandes núcleos urbanos. Estímase que, por cada 100 vehículos vellos que se renovan, se aforran máis de 3 toneladas de emisións contaminantes de carácter local.

Por todo o comentado anteriormente, dedúcese que a recadación polo Imposto de Matriculación descendeu en España, quedando en 483,9 millóns de euros fronte aos 641,5 millóns ingresados no ano 2010, un 24,6% menos. Como xa o reflectían os datos de 2010, esta baixada apuntaba á diminución do número de coches matriculados e a que a demanda de automóbiles se despraza cara a vehículos de menor tamaño e menores emisións de CO_2, xa que aqueles que emiten menos de 120 gramos por quilómetro están exentos do pagamento deste imposto ou pagan un imposto menor. En 2011 a recadación media por vehículo foi de 660 euros fronte aos 733 euros medios recadados en 2010 (un 10% menos), segundo fontes da Axencia Tributaria. En 2011 Galicia deixou de ingresar por este imposto uns 11 millóns de euros (unha perda do 36,1%). A cantidade recadada en valores absolutos foi de 19,7 millóns de euros.

Segundo datos da Axencia Tributaria, as emisións medias de dióxido de carbono (CO_2) dos coches matriculados en 2011 en Galicia situáronse en 132 gramos por quilómetro percorrido, dato que está por debaixo da media nacional (135 gr/km). As maiores emisións rexístranse nas cidades autónomas de Melilla e Ceuta (170 e 151 gr/km respectivamente), e entre as comunidades autónomas destacan Canarias (140 gr/km) e Cataluña (139 gr/km).

Segundo os datos recollidos na memoria do Clúster de Empresas da Automoción de Galicia (Ceaga), no exercicio 2011 a industria galega da automoción representou o 12% do PIB galego e o 26% das súas exportacións con 17.532 millóns de euros. A facturación do sector en Galicia cífrase en 7.000 millóns de euros en 2011 e deu traballo, de forma directa, a 19.300 persoas, o que supón o 11% do emprego galego.

O mercado de venda de coches híbridos e eléctricos segue sendo residual en Galicia, cunha cota de mercado ínfima. De xaneiro a novembro de 2011 en España só se matricularon 314 coches eléctricos e 9.427 híbridos.

En xullo de 2008 o barril de Brent alcanzaba un máximo histórico de 133,90 dólares/barril (147,25 dólares/barril o 11 de xullo dese ano). A partir desa data, o prezo dos carburantes comeza a descender ata alcanzar un mínimo en decembro de 2008, o que provoca un forte recorte dos beneficios nas petroleiras máis importantes no primeiro semestre de 2009 (a estadounidense Exxon Mobil gaña un 62% menos e as ganancias da anglo-holandesa Shell caen un 60%). Nos primeiros meses de 2011 os prezos dos carburantes e combustibles comezan a súa escalada alcista e en agosto dese ano o barril de Brent custa, en media mensual, 123,16 dólares. Esta subida débese á inestabilidade política e social nos países árabes. A situación de violencia en Libia, que conta coas maiores reservas de cru de África, e as revoltas nos países do norte de África e Oriente Próximo provocaron un efecto en cadea que desestabilizou o mercado do cru. O incremento do prezo dos carburantes foi dun 18% en 2011.

Gráfico 22.

IPC carburantes e combustibles.

Taxas de variación interanuais (en %)



No que vai de 2012 a subida dos prezos dos carburantes e combustibles en España alcanza cotas moi elevadas e, así, en marzo acadaba un prezo medio de 128,14 dólares/barril. A gasolina súper obtivo un máximo histórico en febreiro (1,392 €/litro) e o gasóleo alcanzou o seu máximo no mes de xaneiro con 1,36 €/litro. A pesar do incremento dos prezos en España, os carburantes continúan de media máis baratos que na UE-27 e na zona euro (UE-17). Debido á depreciación dun 5% do euro con respecto ao dólar, moeda de referencia no mercado do petróleo, o Brent, expresado en euros, encóntrase en niveis similares aos de xullo de 2008, cando se alcanzou o máximo histórico ao que fixemos referencia en parágrafos anteriores.

Determinación do prezo dos combustibles

A materia prima de onde se extraen os combustibles é o petróleo. O prezo do cru determínano diferentes factores conxunturais como poden ser as tensións políticas existentes nos países produtores que afectan á oferta de cru, os custos loxísticos e de transporte, a demanda crecente dos países consumidores, as catástrofes naturais e as reservas existentes.

A medida de referencia para Europa é o barril de Brent que cotiza en dólares no mercado por xunto. O cru trátase nas refinerías para a extracción dos diferentes produtos derivados. Dun barril extráese un 18,5% de gasolina e algo máis do 38% de gasóleos, o resto son asfaltos, querosenos, graxas, lubricantes, etc. Os mercados de referencia para España para a compra de combustibles son o do Mediterráneo e o do Norte de Europa. A cotización dos combustibles en dólares por tonelada non ten que coincidir necesariamente coa do petróleo en dólares por barril. En España existen tres impostos que gravan os combustibles: O Imposto Especial sobre os Hidrocarburos, o Imposto pola Venda polo Miúdo e o IVE. A estes hai que sumarlles os gastos de comercialización: transporte, almacenamento, gastos financeiros ou cambio de divisa do dólar ao euro.

Polo tanto, o que pagamos nunha estación de servizo polo carburante está dividido case a partes iguais entre o custo real do produto e as cargas engadidas da súa xestión e comercialización, ademais dos impostos, que son aproximadamente o 50% do prezo.

Os factores externos coa convulsa situación do mundo árabe, a crecente demanda de países como China e India, etc., afectan dun xeito moi especial ao prezo da gasolina e do gasóleo que consumimos os países occidentais non produtores pero dependentes do cru.

Tráfico aéreo

O ano 2011 foi positivo no conxunto dos 47 aeroportos españois xestionados por *Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea* (AENA). O total de pasaxeiros en tránsito ascendeu a 204 millóns, cun incremento do 6% con respecto a 2010. Se analizamos os datos de anos anteriores, en 2007 alcánzase un máximo histórico con 208 millóns de pasaxeiros en tránsito pero, a pesar de que nos dous exercicios posteriores teñen lugar diminucións, en 2011 prodúcese de novo un aumento debido ao bo comportamento do turismo internacional, que creceu un 10,4% con respecto a un ano antes. Apuntabamos no último *Informe* que as crises políticas en países típicos de destino

turístico tan importantes e destacados como Tunes e Exipto serían positivas para o sector turístico español. Os primeiros postos no *ranking* de movemento de pasaxeiros son para Madrid-Barajas, con case 50 millóns (-0,4%), superior ao de Barcelona con 34,4 millóns, pero cun crecemento importante do 17,8%. A continuación sitúanse Palma de Mallorca, Málaga-Costa del Sol, Gran Canaria, Alacante e Tenerife Sur. As operacións no conxunto dos aeroportos ascenderon a 2.139.614 en 2011, crecendo un tímido 0,9% en relación con 2010. Os voos comerciais incrementáronse un 2,6%, (1.871.704), dos que 973.231 corresponden a voos internacionais, aumentando un 7,7% e diminuíndo nun 2,5% os de carácter nacional con respecto ao ano anterior.

Das 47 infraestruturas aeroportuarias españolas, 37 perderon diñeiro e só 10 (Alacante, Bilbao, Fuerteventura, Ibiza, Lanzarote, Gran Canaria, Palma de Mallorca, Tene-

Cadro núm. 15

Evolución do movemento de pasaxeiros, das operacións realizadas e das mercadorías movidas nos aeroportos galegos

A) Movemento de pasaxeiros				
	2010		2011 *	
	Pasaxeiros	TVA (en %)	Pasaxeiros	TVA (en %)
Alvedro (A Coruña)	1.101.208	3,0	1.012.800	-8,0
Lavacolla (Santiago)	2.172.869	11,8	2.464.431	13,4
Peinador (Vigo)	1.093.576	-0,9	976.152	-10,7
Total	**4.367.653**	**6,1**	**4.453.383**	**2,0**
Total nacional	**192.792.606**	**2,8**	**204.373.288**	**6,0**
B) Operacións				
	2010		2011 *	
	Número	TVA (en %)	Número	TVA (en %)
Alvedro (A Coruña)	17.378	7,0	16.282	-6,3
Lavacolla (Santiago)	21.252	5,4	22.317	5,0
Peinador (Vigo)	14.941	-4,8	14.130	-5,4
Total	**53.571**	**2,8**	**52.729**	**-1,6**
Total nacional	**2.119.665**	**-2,3**	**2.139.614**	**0,9**
C) Movemento de mercadorías				
	2010		2011 *	
	Toneladas	TVA (en %)	Toneladas	TVA (en %)
Alvedro (A Coruña)	244.819	2,1	251.966	2,9
Lavacolla (Santiago)	1.964.349	-1,2	1.787.504	-9,0
Peinador (Vigo)	901.192	13,1	1.113.664	23,6
Total	**3.110.360**	**2,8**	**3.153.134**	**1,4**
Total nacional	**652.513.774**	**15,5**	**671.722.190**	**2,9**

* Datos provisionais.

Fonte: *Dirección de Operaciones y Sistemas de Red*, AENA.

rife Sur, Sevilla e Valencia) presentaron números positivos, debido en gran parte ao tirón do turismo estranxeiro.

Na rede de aeroportos AENA o tráfico de mercadorías creceu un 2,9% con respecto a 2010. En toneladas contabiliza a cifra de 671,7 millóns, fronte ás 652,5 rexistradas o ano anterior. Os aeroportos de Madrid, Barcelona, Zaragoza, Vitoria, Gran Canaria, Palma de Mallorca, Tenerife Norte e Valencia encabezan o *ranking* en canto á entrada e saída de mercadorías.

En canto aos tres aeroportos galegos hai que dicir que os bos resultados do aeroporto de Santiago de Compostela compensan os descensos nos tráficos das outras dúas terminais galegas, segundo os datos ofrecidos por AENA. Entre as tres terminais transitaron máis de 4,4 millóns de viaxeiros, como podemos observar no cadro adxunto, crecendo globalmente en taxa interanual un 2% con respecto a 2010. Igual que no conxunto de aeroportos nacionais, as cifras de 2007 no tráfico dos aeroportos galegos representan máximos históricos. Lavacolla incrementa a súa participación no tráfico de pasaxeiros en Galicia, sendo esta do 55%, con case 2 millóns e medio, e un crecemento interanual do 13,4%, aumentando as súas cifras os voos domésticos regulares. Pola contra, os voos internacionais perden peso debido á cancelación de voos da compañía de baixo custo Ryanair, que operaba desde este aeroporto a destinos moi demandados.

O aeroporto de Alvedro na Coruña, con máis dun millón de pasaxeiros, perde 88.408 (un 8%) con respecto ao ano anterior pero, por vez primeira, supera o vigués

Gráfico 23.

Tráfico aéreo de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia

Taxas de variación interanual (en %)



neste aspecto. A quebra de Spanair, a finais de xaneiro de 2011 provocou gran parte desa perda, xa que 1 de cada 3 usuarios do aeroporto procedía da compañía catalá. O número de viaxeiros en liñas internacionais regulares creceu en case 15.000 usuarios.

Por cuarto ano consecutivo o aeroporto de Peinador en Vigo mostra unha tendencia negativa, reducíndose o tráfico de viaxeiros un 10,7%. O comportamento máis negativo protagonizárono os voos nacionais cunha perda de 117.000 usuarios, o que representa unha taxa de variación negativa do 13,8%. En cambio, a nota positiva correspondeulles aos voos internacionais que suman 20.207 viaxeiros máis con respecto a 2010 (21,1%). Desde o ano 2004 non se rexistraba unha cifra tan baixa de usuarios na terminal viguesa.

O número total de operacións efectuadas nos aeroportos galegos diminuíu un 1,6%, de 53.571 do ano anterior pasouse a 52.729 en 2011. Aínda que a terminal de Santiago mostra un crecemento do 5%, con 1.056 operacións máis, este dato non compensa a perda de Alvedro e Peinador que presentan taxas de variación negativas do 6,3% e do 5,4% respectivamente.

O comportamento no tráfico de mercadorías no conxunto dos tres aeroportos galegos é positivo cun crecemento global do 1,4%, sendo a terminal viguesa a que máis crece (23,6%) con máis dun millón de toneladas movidas. Alvedro presenta un crecemento do 2,9% e Lavacolla (a diferenza da súa evolución nos outros indicadores comentados) perde 177.000 toneladas con respecto a 2010 (-9%). Pese a este dato, neste aeroporto móvese o 57% do total de mercadorías transportadas desde as terminais galegas.

Gráfico 24.

Distribución porcentual dos tráficos totais nos aeroportos galegos. Ano 2011



Galicia con 2.795.422 habitantes (a 1 de xaneiro de 2011) posúe tres aeroportos en 150 km en liña recta. Isto fai que sexa difícil alcanzar o albor de rendibilidade para todas as instalacións, mentres que Portugal, con 11.400.000 habitantes, tamén posúe tres aeroportos. Por todos os datos comentados, as terminais da Coruña e de Vigo, que viron diminuír os seus tráficos nestes últimos tempos, serán declarados como «aeroportos básicos», o que significa que se reducirán os investimentos estatais, a súa estrutura e o volume de persoal como medida de aforro, o que levará consigo o uso das instalacións para aviación xeral ou voos privados e algunha conexión puntual de carácter comercial. A perda conxunta dos tres aeroportos en 2011 ascende a 23 millóns de euros, o aeroporto de Vigo perde 10,61 millóns, o da Coruña, 6,84 millóns e o de Santiago, 5,53 imputable á nova terminal.

As terminais galegas están ao 58,1% da súa capacidade de ocupación. En marzo de 2012 Alvedro presentaba unha ocupación do 79,1%, mentres que Lavacolla, coa

inauguración da súa nova terminal de pasaxeiros en outubro de 2011, se situaba no 61,2% e Peinador no 46,4%.

En 2011 o aeroporto Sá Carneiro en Porto moveu 6 millóns de viaxeiros. Unha das claves do éxito é a variada oferta de voos regulares internacionais, posto que conta con máis de 60 destinos a Europa, África e América. As terminais galegas, segundo datos ofrecidos por AENA, ofertan 12 liñas regulares internacionais, sendo Lavacolla con oito (Dublín, Frankfurt, Xenebra, Londres, Milán, París, Venecia e Zürich) a terminal con máis destinos. A partir do 31 de outubro de 2012 haberá dúas conexións semanais con Basilea, operadas pola compañía británica EasyJet. Desde Alvedro vóase a Lisboa e a Londres e desde Vigo a Londres e a París. Outro dato a ter en conta é que a terminal lusa oferta voos de custo moito máis competitivos.

O tráfico no conxunto das tres terminais galegas diminuíu no primeiro cuadrimestre de 2012 en 215.129 pasaxeiros con respecto ao mesmo período de 2011. Lavacolla perdeu nestes catro meses 50.918; Peinador, 66.882; e Alvedro, 97.329. Non se espera, pois, que o ano 2012 sexa bo para os aeroportos galegos.

Tráfico portuario

Durante dous anos consecutivos os 28 portos de interese xeral españois coordinados polo ente público *Puertos del Estado*, pertencente ao Ministerio de Fomento, presentan datos positivos e optimistas neste contexto económico de crise xeneralizada. A taxa de crecemento interanual en 2011 nos seus tráficos é do 5,97%, con case 456 millóns de toneladas de mercadorías movidas, 25.000 máis respecto a 2010. O maior incremento dáse no comportamento da mercadoría xeral que creceu un 12%, de 190 millóns de toneladas en 2010 pasouse a 213 millóns en 2011, 23 millóns máis. Destaca a mercadoría en contedor, con 157 millóns de toneladas e un crecemento do 13,8% con relación a 2010. A mercadoría movida en contedores representa o 47% do total do tráfico nos portos de interese xeral españois. Os máis destacados neste tráfico son: Valencia, Baía de Alxeciras, Barcelona, As Palmas e, a bastante distancia, Bilbao. Só estes cinco portos concentran o 88% destes tránsitos. O contedor, ademais de achegar un maior valor ás instalacións portuarias, é o principal medio de transporte de mercadoría xeral e representa o 74% do total. Os portos españois configúranse como lanzadeiras loxísticas, xa que a mercadoría en tránsito adoita ter como destino terceiros países ou zonas afastadas do *hínterland* ou zona de influencia. Os portos españois moveron en 2011 un total de 13,88 millóns de TEU,[14] o que supón un crecemento do 11% en relación a 2010. Os TEU en tránsito medraron un 16,7% e a importación-exportación en contedor alcanzou os 4,59 millóns de TEU, un 7% máis que un ano antes.

Do total de tráficos portuarios, a metade corresponden a graneis, o 33% a líquidos e o 17% restante a sólidos. Os graneis estáncanse, alcanzando cifras similares a un

[14] TEU é un acrónimo da expresión inglesa *Twenty-feet Equivalent Unit*. TEU é a unidade de contedores equivalentes a 20 pés.

Gráfico 25.

Taxa de variación anual do tránsito portuario en Galicia e en España (en %)



ano antes, 229 millóns de toneladas (0,8%). Os graneis líquidos, con 150 millóns de toneladas e un tímido crecemento do 1,2%, case duplican os sólidos, que acadan 79 millóns de toneladas, crecendo un 0,8%. O tráfico *ro-ro*[15] ascendeu a 41,32 millóns de toneladas (3,7%).

O primeiro posto do *ranking* de movemento de graneis nos portos nacionais séguео ostentando o porto da Baía de Alxeciras con algo máis de 82,8 millóns de toneladas transitadas (un 17,9% no seu crecemento), seguido polo de Valencia, con case 65,7 millóns (2,7%) e, a distancia, sitúanse Barcelona, con case 44 millóns (0,6%), Bilbao, con 32 millóns (-7,7%), e Tarragona, con 31,9 millóns (-2,5%). O crecemento máis relevante en 2010 protagonizárono os portos de Málaga (130,4%), Huelva (20,6%), Almería (19,2%) e Cartaxena (18,2%).

En 2011 o comportamento conxunto dos cinco portos galegos de interese xeral (Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Marín-Pontevedra, Vigo e Vilagarcía) foi positivo, crecendo en conxunto un 2,4%. Os portos de Ferrol-San Cibrao e Vilagarcía crecen nun 12,7% e 11,4% respectivamente, mentres que os da Coruña, Marín-Pontevedra e Vigo tiveron caídas do 4,6%, 6,6% e 0,5% respectivamente.

O total de mercadorías movidas nas radas galegas en 2011 superou os 30 millóns de toneladas (+2,4%). O 70% corresponde a graneis movidos maioritariamente nos porto da Coruña e Ferrol-San Cibrao, cos graneis sólidos como pulo nestes portos, con taxas de crecemento do 16,8% e 8,8% respectivamente. Os sólidos representan o 59% dos graneis desembarcados en Galicia. En canto aos graneis líquidos, descenden nun

[15] *Ro-ro* é un acrónimo do termo inglés *Roll on/Roll off*.

Gráfico 26.

Evolución do tránsito portuario nos portos galegos (en %)



8,4%. A mercadoría xeral rolda os 6,6 millóns de toneladas (+5,5%), crecendo os portos de Ferrol-San Cibrao (9,3%), A Coruña (11,7%), Vigo (1%) e Vilagarcía (107,6%). A mercadoría convencional aumenta un 6,8% con respecto ao ano anterior. Como apuntabamos en *Informes* anteriores, a mercadoría xeral é a que representa maior valor engadido para o porto e menos contaminación e residuos.

Na análise desagregada por entidades portuarias temos que dicir que Ferrol-San Cibrao recuperou a súa hexemonía, colocándose como o primeiro porto galego por volume de toneladas movidas. En 2010 cedera ese posto ao porto da Coruña. Como se aprecia no gráfico 27, entre Ferrol-San Cibrao e A Coruña repártense unha cota de mercado do 39% e 38% respectivamente. Cada unha das instalacións galegas ten a súa especialización por tráficos.

O porto de Ferrol-San Cibrao volveu á senda de crecemento, con 12 millóns de toneladas movidas en 2011, medrando un 12,7% con respecto a 2010. Este bo dato vén da man dos graneis sólidos con 8,7 millóns de toneladas e un 16,8% máis con respecto a 2010, sobresaíndo os máis de 8 millóns de toneladas de carbón que recolleu a rada. O porto de Ferrol-San Cibrao move o 63% dos graneis sólidos. Con respecto a este tráfico, descoñécese como lle afectará a aprobación do decreto do carbón, especialmente prexudicial para a central de Endesa nas Pontes e que será determinante para o porto. A mercadoría xeral tamén creceu a taxa do 9,3%, sendo a mercadoría convencional (papel, pezas para aeroxeradores, etc.) a que achegou máis valor ao porto, 681.000 toneladas, 9,4% máis en comparación con 2010. O movemento de contedores foi positivo con respecto ao ano anterior como se pode ver no cadro 16. A autoridade portuaria prevé comezar a actividade na nova terminal de contedores en

Cadro núm. 16

Evolución do tráfico portuario (en toneladas)

	Ferrol-San Cibrao		A Coruña		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Total Galicia	
	2011	TVI (%)	2011	TVI (%)	2011	TVI (%)	2011	TVI (%)	2011	TVI (%)	2011	TVI (%)
Graneis líquidos	2.677.921	2,3	6.645.094	-12,4	-	-	79.092	-16,6	200.103	6,1	9.602.210	-8,4
Graneis sólidos	8.685.748	16,8	3.472.050	8,8	853.558	-11,1	433.320	-5,6	339.355	-17,1	13.784.031	10,7
Total graneis	**11.363.669**	**13,0**	**10.117.144**	**-6,1**	**853.558**	**-11,1**	**512.412**	**-7,5**	**539.458**	**-9,8**	**23.386.241**	**1,9**
Contedores	5.597	4,6	63.434	-31,6	331.514	-18,2	2.313.917	4,6	106.335	2.766,2	2.820.797	3,7
Convencional	681.737	9,4	1.164.095	15,7	627.352	9,6	1.142.578	-5,6	165.404	30,0	3.781.166	6,8
Total mercadoría xeral	**687.334**	**9,3**	**1.227.529**	**11,7**	**958.866**	**-1,9**	**3.456.495**	**1,0**	**271.739**	**107,6**	**6.601.963**	**5,5**
Avituallamento	15.702	-44,5	314.159	-9,2	34.382	-9,2	275.897	-3,5	9.088	16,6	649.676	-8,0
Pesca fresca	448	46,4	41.698	-3,4	2.033	-16,7	84.264	-4,6	-	-	127.995	-4,4
Total outro tráfico	**16.150**	**-43,5**	**355.857**	**-8,6**	**36.415**	**-9,6**	**360.161**	**-3,7**	**9.088**	**16,6**	**777.671**	**-7,4**
Total tráfico portuario	**12.067.153**	**12,7**	**11.700.530**	**-4,6**	**1.848.839**	**-6,56**	**4.329.068**	**-0,5**	**820.285**	**11,4**	**30.765.875**	**2,4**
Contedores (TEUS)	542	23,2	5.581	-0,7	37.669	-22,6	212.120	-0,5	12.228	1.976,1	267.598	0,1
Buques (número)	1.072	-7,3	1.228	-3,2	634	5,5	1.905	-4,1	229	3,6	4.205	-4,7

Fonte: *Puertos del Estado*, Ministerio de Fomento e elaboración propia.

augas profundas do porto exterior de Caneliñas antes de finais de 2012. Esta terminal a explotara Ferrol Container Terminal, propiedade da compañía lusa Terminal de Contenedores de Leixões. O porto xerou 18,2 millóns de euros en cifra de negocio, e os investimentos na segunda fase da rada exterior roldaron os 6,2 millóns.

O porto da Coruña reduciu os seus tráficos nun 4,6% con respecto a 2010. O motor do porto son os graneis líquidos con 6.645.094 toneladas, un 69,2% do total movido en Galicia. O resto compárteo con Ferrol-San Cibrao e unhas cantidades residuais en Vilagarcía e Vigo. Perde neste tráfico un 12,4% con respecto ao exercicio anterior, aínda que gaña un 8,8% no movemento de graneis sólidos (carbón, millo, etc.), con 3,5 millóns de toneladas. Este dato non compensa a perda do desembarco de petróleo cru con destino á refinería de Repsol. Produciuse unha diminución no desembarco de pesca fresca nun 3,4% con respecto a 2010, pasando de 43.141 a 41.698 toneladas. A nota positiva preséntaa a mercadoría convencional (materiais de construción como palanquilla, madeira, alambrón e varilla) cun crecemento do 15,7% con respecto a 2010. Diminúe notoriamente o tráfico de contedores, un 31,6%, sendo o segundo ano consecutivo en que a terminal de contedores perde peso no porto. Nestes dous anos baixaron en termos absolutos 61 millóns de toneladas movidas en contedores en relación con 2009, ano no que o porto alcanza un máximo histórico con 124.657 toneladas.

En canto ao porto de Marín-Pontevedra, as taxas de crecemento interanual recollidas no cadro 16 mostran datos negativos en todos os epígrafes, menos no tránsito de mercadoría convencional. A rada marinense moveu en 2011 máis de 1,8 millóns de toneladas de mercadoría, 110.540 toneladas menos que en 2010. O descenso máis acusado produciuse no tránsito de contedores, tanto en toneladas coma en TEU.

Como dato optimista podemos dicir que o porto de Marín-Pontevedra se consolida como primeira escala de entrada a Europa para tres grandes liñas regulares de contedores procedentes de América. A navieira chilena CCNI descarga mercadoría procedente de países como Chile, Ecuador, Perú e Cartaxena de Indias e estes mesmos barcos levan mercadoría de exportación aos portos suramericanos. A compañía internacional froitas Del Monte opera neste porto desde principios de 2012. A navieira Mediterranean Shipping Company (MSC) opera desde hai uns meses e importa froita tropical desde Ecuador para a súa posterior distribución ao resto de Europa. A cuarta compañía que opera no porto e que se dedica ao tráfico con Alxeciras e as Illas Canarias é Nisa Marítima. Estes datos fan presaxiar que o ano 2012 será máis positivo para a autoridade portuaria de Marín, xa que de xaneiro a marzo o crecemento do porto foi do 9,6%, pasando de case 408.000 a 447.000 toneladas transitadas nas súas instalacións. O tránsito de contedores *export-import* en TEU mostra un incremento do 124%. Este porto participa nun proxecto piloto da Unión Europea, denominado Life 3 R Fish, para a reciclaxe de residuos pesqueiros como redes, derivados do plásticos como as caixas de poliespán, pilas, artefactos lumínicos, etc. recollidos no medio marítimo-pesqueiro e que teñen grande incidencia ambiental. O porto xestionou 700 toneladas destes residuos.

O total de tráfico no porto de Vigo en 2011 foi de 4.329.068 toneladas, 22.000 menos que un ano antes. As perdas económicas do porto en 2011 cífranse en 500.000

euros, debido á baixada das taxas portuarias pola entrada en vigor da nova Lei de Portos para a mellora da competitividade e favorecemento das empresas situadas en terreos do porto. A mercadoría xeral, a de maior valor industrial, creceu un 1%. O transporte de automóbiles, con 665.511 toneladas e un 2,6% de crecemento interanual, colocan o porto de Vigo no primeiro posto desta modalidade de tráfico con respecto ao resto de portos españois. Predominan os embarques (81,8%), sendo os destinos máis importantes Francia, Bélxica, Alxeria, Turquía, Alemaña e Sudáfrica. Dentro da mercadoría xeral tamén encontramos cifras importantes para o granito en bruto (41%), principalmente de importación. Outras mercadorías destacadas son: pesca conxelada, automóbiles e as súas pezas, lousa, maquinaria e pezas especiais, metais e as súas manufacturas, madeira, materiais de construción e conservas. A pesca conxelada desembarcada no porto supera á pesca fresca, a capacidade frigorífica instalada no porto supera os 650.000 m^3. A pesca conxelada transpórtase por dous medios: en buques pesqueiros conxeladores, que desembarcaron 72.382 toneladas, e en buques mercantes, frigoríficos ou portacolectores que desembarcaron 621.177 toneladas. En 2011 a suma da pesca conxelada, salgada e fresca desembarcadas no porto vigués foi de 780.472 toneladas, un -1,1% menos que en 2010. Estas cifras sitúan o porto de Vigo como o primeiro porto do mundo en tráfico de peixe para consumo humano. A mercadoría xeral é a que ten máis presenza no porto, representando o 79,8% do total, fronte aos graneis que só representan un 11,8%. Por outro lado, os graneis líquidos por instalación especial ascenderon a 79.092 toneladas (-16,6%), correspondendo 53.208 (-13,9%) a produtos petrolíferos e 25.884 a produtos químicos e aceites (-21,6%). Os graneis sólidos alcanzaron as 433.320 toneladas (-5,6%), das que 416.193 corresponden a cemento (-7,6%) descargadas a granel por instalación especial, e o resto, 17.127, sal e produtos químicos (94,4%).

O porto de Vilagarcía pechou o ano 2011 cun crecemento importante nos seus tráficos con respecto a un ano antes, o 11,2%. A mercadoría xeral é a responsable da dinamización do tráfico no porto, con 271.739 toneladas movidas, duplica en cantidade a transportada desde as súas instalacións en 2010 (130.912 toneladas), mostrando un crecemento porcentual con respecto a 2010 do 107,6%. Destaca o tráfico de contedores, ao recuperar o porto desde principios de 2011 a operativa da navieira Boluda como se adiantaba no *Informe* anterior. Nun ano pasou de transitar 3.705 toneladas de mercadorías en contedor a 106.335 toneladas, un crecemento interanual do 2.766%. En canto á mercadoría convencional, esta creceu un 30% con respecto a 2010, sobresaíndo o aluminio e, a continuación, madeira técnica, pasta de papel, madeira e pesca conxelada. Os graneis líquidos (metanol, fuel e parafina) mostran un comportamento positivo, alcanzando as 200.103 toneladas (6,1%). O capítulo negativo é o de graneis sólidos, tanto pola crise da construción, que afecta ao transporte de cemento, como pola diminución do desembarco de cereais. Os datos recollidos no que vai de 2012 son alentadores, xa que nestes primeiros meses se descargou xa un 60% máis de cereal que nas mesmas datas de 2011.

Os datos de desembarcos de pesca fresca en 2011 nos portos galegos de interese xeral son inferiores aos de anos anteriores, perdendo volume en toneladas e cota de mer-

Gráfico 27.

Distribución porcentual dos tráficos totais por autoridade portuaria en Galicia. Ano 2011



cado, pero, aínda así, o porto de Vigo con 84.264 toneladas (-4,6%) e o de Coruña con 41.698 toneladas (-3,4%) representan o 54% da pesca fresca desembarcada nos 28 portos de interese xeral xestionados por *Puertos del Estado*. A cifra global en España ascende a case 238.000 toneladas, un 1,3% máis que en 2010. No porto de Vigo descárgase o 35% do total nacional, seguido polo porto da Coruña co 18%. A continuación veñen os portos de Pasaxe (23.329 toneladas) en Asturias, Baía de Cádiz (18.692 toneladas) e Avilés (14.163 toneladas).

Durante o ano 2011 desembarcaron nos portos autonómicos xestionados por Portos de Galicia, ente público dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar, o 46% do peixe fresco de Galicia, sendo os catro de interese xeral nos que hai este tipo de desembarcos (Vigo, A Coruña, Ferrol-San Cibrao e Marín-Pontevedra) os que moveron o 54% restante. En cifras netas vendéronse nas lonxas dos portos de xestión autonómica un total de 108.392 toneladas de pesca fresca, un 0,9% máis que o pasado ano. O valor de primeira venda da pesca fresca alcanzou os 270,5 millóns de euros, un 4,95% máis que en 2010. O porto que maior actividade desenvolve é o de Burela, con 34.000 toneladas desembarcadas (un 30% máis que en 2010); ségueo Celeiro, con 22.400 toneladas (8,2%), e, en terceiro lugar sitúase Ribeira, con 22.000 toneladas.

A autopista do mar

Mentres a autoestrada do mar que unirá os portos de Alxeciras-Vigo-Saint Nazaire-Le Havre non ten data certa para que comece a operar (as expectativas máis optimistas póñena en funcionamento en xullo de 2012), xa está operativa a que une o porto de Xixón con Nantes (Francia). Ademais recentemente a Unión Europea dotou cunha subvención de 7 millóns de euros o corredor intermodal denominado IBUK que unirá o porto de Bilbao con Tilbury (Reino Unido) preto de Londres. O primeiro proxecto nacido sobre o papel foi o de Vigo e catro anos despois aínda non é unha realidade. Inicialmente, os tráficos estaban ben definidos: desde Vigo transportaríase aquelas mercadorías provenientes do norte de Portugal e Castela e León e o porto asturiano xestionaría as mercadorías da cornixa cantábrica. Despois de todos os atrasos acumulados en Vigo, a Comunidade Castela e León tivo que crear grupos de traballo co porto de Xixón, con posibles perdas futuras de oportunidades para a terminal viguesa unha vez que se poña en marcha. Aínda queda pendente de resolución se Francia aprobará o

intercambio de accións entre Acciona, adxudicataria inicial da concesión, e a Compañía Marítima Hispano-Francesa (CMHF), nova concesionaria. Como as cousas se complican, o Ministerio de Fomento está a negociar a entrada do grupo PSA Peugeot-Citroën, a través da súa filial loxística Gefco, porque, mentres as empresas que dispoñen da mercadoría para transportar non se sumen ao proxecto, o seu futuro seguirá sendo incerto.

Tráfico de cruceiros

O ano 2011 pechouse cun rexistro positivo en número de cruceiros atracados nos portos españois, en total 3.901, 280 máis que en 2010, e case 8 millóns de pasaxeiros desembarcados, con crecementos do 7,7% e 11,8% respectivamente. O 33% dos pasaxeiros totais desembarcaron no porto de Barcelona, que creceu interanualmente un 12,7%. Séguenos os portos insulares de Baleares (20,2%), Santa Cruz de Tenerife (10,4%) e As Palmas (9,5%), que volve arrebatarlle o cuarto posto a Málaga (9,5%). Os crecementos máis importantes a nivel nacional correspóndenlles ao porto de Motril (285,4%), Bilbao (78,2%) e Valencia (49,5%). Os que máis tráfico perden son Tarragona e Melilla. Non obstante, o crecemento máis espectacular prodúcese nun porto galego, os desembarcos en Ferrol-San Cibrao crecen un 1.372,3%, pasando de 640 a 9.423 pasaxeiros. O segundo crecemento máis significativo é o do porto da Coruña, no que atracaron 79 naves, 17 máis que en 2010, e 128.563 pasaxeiros en cruceiro, case 58.000 máis que un ano antes, cun crecemento en taxa interanual do 81,9%.

O porto de Vigo segue ostentando a supremacía en atraque de cruceiros en Galicia. En 2011 atracaron 118 naves con 253.637 pasaxeiros a bordo, un 8,6% máis que en 2010. A cidade viguesa representa un 64,3% do tráfico total de pasaxeiros en cruceiros nos portos galegos, pero o porto da Coruña fixo unha aposta decidida por captar tráfico internacional e está a gañar terreo nos últimos anos.

Nos portos galegos atracaron 213 naves (10,4% con respecto a 2010) con 394.749 pasaxeiros en cruceiro a bordo, 85.397 máis que en 2010, o que representa un crecemento do 27,6% como se pode ver no cadro 17.

Cadro núm. 17

Movemento de cruceiros en Galicia

	Número de cruceiros				Número de pasaxeiros en cruceiros			
	2010	2011	TVI (%)	% sobre o total	2010	2011	TVI (%)	% sobre o total
A Coruña	62	79	27,4	37,1	70.695	128.563	81,9	32,6
Ferrol-San Cibrao	3	4	33,3	1,9	640	9.423	1.372,3	2,4
Vigo	114	118	3,5	55,4	233.644	253.637	8,6	64,3
Vilagarcía	14	12	-14,3	5,6	4.373	3.126	-28,5	0,8
Galicia	**193**	**213**	**10,4**	**100,0**	**309.352**	**394.749**	**27,6**	**100,0**

Fonte: *Puertos del Estado,* Ministerio de Fomento e elaboración propia.

Gráfico 28.

Evolución do número de pasaxeiros en cruceiros nos portos galegos



Os datos recollidos por *Puertos del Estado* no primeiro trimestre de 2012 son moi alentadores, posto que os dous portos galegos de referencia neste tráfico incrementaron as súas cifras dun xeito notable con respecto ao mesmo período do ano anterior. Na Coruña, de 5 naves atracadas de xaneiro a marzo de 2011 pásase a 11 en 2012 e de 9.739 pasaxeiros en cruceiro a 35.322, con crecementos do 120% e 262,7% respectivamente. Pola súa banda, Vigo de 8 pasou a 10 buques atracados e de 19.027 a 32.217 pasaxeiros, con incrementos do 25% e 69,3% respectivamente. Despois de analizar estas cifras de principios de 2012 prevese que sexa un bo ano para os portos galegos nesta tipoloxía de tráficos.

O comercio

O exercicio 2011 tamén foi un mal ano para a distribución comercial en Galicia. Este resultado é consistente coa debilidade da demanda de consumo dos fogares e cos recortes no gasto público aplicados dentro da política de consolidación fiscal. Ao longo do ano a traxectoria seguida pola actividade comercial amosa un perfil paralelo á evolución do sector terciario en conxunto. O gasto de consumo adicional dos viaxeiros que visitaron Galicia no ano xubilar 2010 axudou a manter as taxas de variación interanual do índice da cifra de negocios do comercio polo miúdo, con signo positivo ata o mes de xaneiro de 2011, cando volve situarse en valores negativos. Este signo

acompañará a traxectoria da rama no resto do ano, coa única excepción do mes de abril polo efecto da Semana Santa.

O sector da distribución de bens engloba tres grandes subsectores: venda de automóbiles e carburantes, comercio por xunto e comercio polo miúdo. Tal e como se aprecia no gráfico 29, a caída no índice da cifra de negocios non se produciu coa mesma intensidade en todas as ramas desta actividade.

A venda e reparación de vehículos de motor, unha actividade que se desenvolve en establecementos tamén coñecidos como concesionarios de automóbiles, son os negocios que máis duramente están sufrindo os efectos da crise pola caída das vendas de turismos, motocicletas e vehículos industriais. A prolongación no tempo desta atonía nas matriculacións é a responsable, segundo a patronal do sector Faconauto (Federación de Asociaciones de Concesionarios de la Automoción), da desaparición de máis de 1.000 negocios e do despedimento duns 35.000 empregados en toda España.

Tamén en Galicia esta rama é a máis duramente castigada polos efectos da crise. Tal e como se observa no cadro 18, que reflicte a evolución do número de locais e do persoal ocupado, no período 2008-2010 (2010 é o último ano publicado) os locais redúcense nuns 3.300, e neste caso é o comercio polo miúdo o que sofre o maior número de peches. En cambio, na perda de postos de traballo cifrados pola *Encuesta*

Gráfico 29.

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade corrixido de efecto calendario

Taxa de variación interanual (en %)



Cadro núm. 18

Evolución das diferentes ramas do sector distribución comercial en Galicia

	Número de locais			Persoal ocupado		
	2008	2010	% variación	2008	2010	% variación
Venda e reparación de vehículos a motor e motocicletas	5.877	5.577	-5,1	23.655	20.959	-11,4
Comercio por xunto e intermediarios do comercio	15.713	15.348	-2,3	60.315	57.783	-4,2
Comercio polo miúdo	40.679	38.040	-6,5	110.581	107.500	-2,8
Total	**62.269**	**58.965**	**-5,3**	**194.551**	**186.242**	**-4,3**

Fonte: INE, *Encuesta Anual de Comercio.*

Anual de Comercio do INE en 8.300, os concesionarios de automóbil son os que experimentan a maior perda relativa (-11,4%), unha cifra que case triplica a perda media do sector (-4,3%).

A contracción nos gastos de consumo dos fogares non é o único factor que explica o comportamento desta rama no ano 2011. Na última década, o comercio polo miúdo está a experimentar importantes cambios estruturais. Algúns deles son froito da resposta que a distribución comercial ofrece aos consumidores no novo escenario marcado polos efectos da crise: aumento espectacular do desemprego ata niveis descoñecidos desde o século pasado, perda de poder adquisitivo e empobrecemento. Mentres, outros, como a expansión do comercio *on line* a novos produtos como a moda, son tamén o resultado das políticas de innovación que as empresas desenvolven para manter o seu liderado.

No segmento da venda de produtos de gran consumo (PGC), arredor do 50% de todo o comercio polo miúdo, concéntranse a gran maioría destes cambios estruturais, como os cambios de formato nas preferencias dos consumidores, o aumento da cota de mercado das marcas brancas ou as centrais de compra. A compañía Nielsen salienta, no seu *Estudio sobre la relevancia del consumo privado en la economía y el crecimiento de la marca de distribución en la cesta de la compra* referido ao exercicio 2011, como os mercados de produtos básicos para o fogar resisten a crise mellor que outros mercados. Esta circunstancia é debida a que, pola súa natureza, están integrados por produtos de alimentación e droguería-perfumería; bens de primeira necesidade, básicos polo tanto para os consumidores. Nese *Informe* estímase que o tamaño deste mercado no conxunto de España ascende a 69.400 millóns de euros, cun crecemento anual do 1,4% en 2011. Este dato confirma unha certa recuperación con respecto aos dous anos anteriores nos que a variación foi de -0,7% en 2009 e 0,4% en 2010, aínda que continúa moi afastado dos valores rexistrados en 2007 (5,5%) ou en 2008 (4,5%).

Neste segmento, a marca do distribuidor continuou gañando cota de mercado. Segundo os paneis da empresa Nielsen, en setembro de 2011 alcanza xa o 34,4% do valor total das compras en produtos de gran consumo, 5 puntos máis que o 29,4% que tiña en 2008, ao comezo da crise. Por formatos, as cadeas especializadas no sector

desconto son as que tiñan unha participación maior nas marcas de distribuidor, cun 59,6% en 2009, perdendo algo de peso con respecto a anos anteriores. Supermercados e hipermercados contaban cunhas cotas de marcas de distribuidor do 35,8% e 26,9% respectivamente. Os supermercados experimentaron un crecemento de 2,7 puntos porcentuais na súa participación nas marcas do distribuidor con respecto a 2008, mentres que a dos hipermercados non creceu practicamente nun ano.

Por sectores, tal e como se aprecia no gráfico 30, o crecemento prodúcese en todos os sectores: en 2010 a participación en valor das marcas do distribuidor foi do 35,1% en alimentación. No caso de droguería e perfumería, obsérvase unha maior cota en droguería e limpeza (46,9%) que en perfumería e hixiene (19,9%).

No segmento do comercio de roupa e téxtil, cada fogar español gastou unha media de 1.130 euros en 2011 en roupa, complementos e artigos téxtiles para o fogar, o que supón un descenso do 5% con respecto ao ano anterior (1.190 euros) e do 40% nos cinco últimos anos (1.881 euros en 2006), segundo o informe *El comercio textil en cifras 2011* da patronal Acotex (Asociación Empresarial del Comercio Textil y Complementos). Con estes datos, as tendas de roupa volveron reducir en 2011 a súa facturación por quinto ano consecutivo, cun retroceso do 1%, ata 17.189 millóns de euros. Esta facturación sitúase preto dun 25% por debaixo dos 22.460 millóns de euros rexistrados hai cinco anos.

Con motivo da presentación destes resultados, o presidente de Acotex cualificou de «preocupante» a evolución das vendas nos primeiros meses de 2012, dado que a caída se acentuou ata o -6,4%. «A situación macroeconómica, o descenso do consumo e

Gráfico 30.

Participación en valor da marca do distribuidor (en %)



os niveis de paro fan difícil que a xente vaia de compras», polo que esta asociación estima que o retroceso no conxunto do exercicio oscilará entre o -2% e o -5%. A patronal tamén espera o peche de tendas, en liña cos datos do ano pasado, destruíndo emprego.

Ademais fixo fincapé na maior sensibilidade do consumidor ao prezo, que se reflicte no aumento da facturación nos períodos de rebaixas, que agora chegan ao 35%, fronte ao 25% de hai uns anos, e no avance da cota de mercado dos *outlets*, que pasaron dunha cota do 0,9% en 2001 ao 14% en 2011.

Segundo o informe da patronal de comercio téxtil, os cidadáns de Baleares foron os que máis investiron en roupa en 2011, con 487 euros de gasto medio por habitante, seguidos dos navarros (483,7 euros) e dos vascos (483,5 euros). No lado oposto sitúanse comunidades como Estremadura (310,3 euros) e Galicia (363,6 euros). En termos globais, e segundo as estimacións de Acotex, os comerciantes facturaron o pasado ano 16.921,4 millóns de euros, o que significa unha caída do 23% en relación cos 22.083 millóns de euros logrados en 2007.

No cadro 19 pódese apreciar o distinto comportamento que están tendo os grupos de gasto no período 2008-2010. Tan só 3 entre os 12 grandes grupos, nos que a *Encuesta de Presupuestos Familiares* desagrega o gasto dos fogares, experimentan un aumento desde o inicio da crise. Esta variación pode ser, naturalmente, froito dos cambios tanto nas cantidades como nas variacións rexistradas nos seus prezos. En Galicia, os grupos de bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos (6%); vivenda, auga e electricidade (13,6%) e, fundamentalmente, ensino (48,7%) son os que crecen, sobre

Cadro núm. 19

Evolución do gasto en consumo final dos fogares 2008-2010 (en %)

Grandes grupos de gasto	España	Galicia
Alimentos e bebidas non alcohólicas	-7,9	-12,0
Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	1,6	6,0
Artigos de vestir e calzado	-14,4	-11,2
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	2,6	13,6
Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación da vivenda	-12,6	-5,3
Saúde	-7,9	-9,5
Transportes	-15,7	-21,3
Comunicacións	-4,6	-1,6
Ocio, espectáculos e cultura	-10,2	-8,4
Ensino	4,7	48,7
Hoteis, cafés e restaurantes	-11,5	-13,8
Outros bens e servizos	-7,3	-7,4
Gasto total	**-6,8**	**-5,7**

Fonte: INE, *Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006.*

todo polas subas de prezos ou impostos acordados neste período. Nos restantes grupos prodúcense baixadas de gasto que se traducen nun recorte global no consumo final dos fogares. Este descenso foi do 6,8% en España e do 5,7% en Galicia.

Entre os factores que explican tal comportamento, o primeiro a ter en conta é a retardación do crecemento da poboación. Así, Galicia que no período 2005-2008 rexistraba un crecemento de 21.971 habitantes (0,8%), agora sofre unha rebaixa de case a metade, pasando a crecer desde o comezo da crise en 2008 ata o 2011 un 0,4%, equivalente a uns 11.253 habitantes. O mesmo ocorre no conxunto español, onde a taxa bruta de crecemento nos dous períodos é respectivamente do 4,65% e do 2,25%.

O *Índice de Confianza dos Consumidores* en Galicia tamén ocupa un lugar destacado para explicar a evolución do consumo. En palabras do presidente da Asociación de Comerciantes de A Coruña, «falta confianza e así non se compra». Como se aprecia no gráfico 31, desde que o IGE elabora este novo indicador o resultado é negativo, manténdose arredor do -25, agás a caída que rexistra no último trimestre de 2011, cando cae máis de 15 puntos porcentuais. Tamén é interesante subliñar que este pesimismo dos consumidores, como se observa no citado gráfico 31, está máis preto das expectativas que teñen en relación coa situación da economía galega que coa súa situación financeira persoal, malia que os tres indicadores están en valores negativos e rexistran as mesmas flutuacións no tempo.

Gráfico 31.

Indicador de Confianza do Consumidor (ICC) e as súas compoñentes de Galicia



O pasado ano non foi bo para o mercado de traballo galego. A cifra de desempregados aumentou en 39.100, segundo os resultados do primeiro trimestre de 2012 da EPA ata situarse en 265.600, cunha taxa que supera lixeiramente o 20,1%. Semellante deterioración do mercado de traballo, unida a unha maior precariedade, cando non a unha redución nominal do salario, son factores que tamén explican esta contracción do consumo nos fogares galegos.

Un indicador que confirma esta evolución é o que nos ofrece a *Enquisa Conxuntural a Fogares*, cando reflicte as dificultades dos fogares para chegar a fin de mes. Segundo se aprecia no cadro 20, no primeiro trimestre de 2012 o 47,6% dos fogares chegaban con dificultade ou moita dificultade a fin de mes; un rexistro significativamente mellor que o acadado ao rematar 2011, cando esta proporción chegaba ata o 70,86%.

A marca do distribuidor, tamén coñecida como marca branca, continúa gañando cota de mercado nos PGC polo atractivo que supón os menores prezos cos que se presenta nos expositores das tendas. No citado *Informe* de Nielsen recoñécese tamén un aumento da fidelidade dos fogares a este tipo de artigos. Así, mentres en 2008 eran só o 21% dos fogares os que realizaban máis do 50% do seu gasto en produtos marcas do distribuidor, esta proporción aumentou ata o 30% en 2010.

A incidencia destes cambios na estrutura do comercio polo miúdo, unida á debilidade da demanda de consumo dos fogares, continúa reducindo o número de actividades comerciais polo miúdo. O *Informe 2010* xa salientaba esta redución que afectaba en concreto ao comercio tradicional con datos referidos ao ano 2009. Pois ben, os últimos datos feitos públicos polo *Anuario Económico de España 2011*, de La Caixa, só que agora referidos a 2010, confirman que continúa esta redución e incluso se acelera no último ano para o que se dispón de información.

O número de actividades comerciais polo miúdo existentes en 2010 en Galicia era de 55.541, cunha superficie de vendas de 6.141.205 m^2. Estas cifras tradúcense nunha

Cadro núm. 20

Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes

	Con facilidade ou moita facilidade	Con dificultade	Con moita dificultade	Total
I trim. 2010	41,46	45,28	13,27	100,00
II trim. 2010	41,57	45,13	13,31	100,00
III trim. 2010	44,87	46,01	9,12	100,00
IV trim. 2010	47,26	43,27	9,47	100,00
I trim. 2011	49,07	40,65	10,28	100,00
II trim. 2011	48,77	41,59	9,64	100,00
III trim. 2011	49,99	43,09	6,92	100,00
IV trim. 2011	29,14	60,34	10,52	100,00
I trim. 2012	52,40	41,10	6,50	100,00

Fonte: IGE, *Enquisa Conxuntural a Fogares.*

Cadro núm. 21

Actividades comerciais polo miúdo

	2010	Variación 2010/2009	% variación 2010/2009	% variación 2009/2008
A Coruña	24.327	-2.501	-9,3	-6,2
Lugo	7.299	-607	-7,7	-4,5
Ourense	6.315	-590	-8,5	-4,6
Pontevedra	17.600	-1.775	-9,2	-6,7
Galicia	**55.541**	**-5.473**	**-9,0**	**-5,9**
España	**844.543**	**-80.573**	**-8,7**	**-6,3**

Fonte: La Caixa, *Anuario Económico de España 2011*.

densidade comercial de 19,9 actividades por cada 1.000 habitantes, unha *ratio* que supera nun 10% a densidade media de España (17,9).

Un dos efectos non desexados deste axuste na oferta comercial é o peche de locais comerciais coa conseguinte degradación das rúas máis comerciais no centro das cidades galegas. Galicia contaba en 2010 con máis de 38.000 locais dedicados ao comercio polo miúdo, segundo se recolle no cadro 18. A comparación entre os resultados da *Encuesta Anual de Comercio* que realiza o INE referida a 2008 e os máis recentes de 2010 permite apreciar unha redución de 2.639 locais en Galicia neste período, o que supón unha taxa bruta desde o comezo da crise do -6,5%, lixeiramente por riba da que rexistra no mesmo período o conxunto de España (-5,2%).

Desde os seus inicios as vendas *on line* para algúns produtos (por exemplo, electrónica, libros ou música) significaron unha transformación cun enorme potencial para incrementar a transparencia en prezos e a competencia. O mesmo ocorreu co negocio das axencias de viaxes ou coas vendas de billetes no transporte aéreo. Todas estas ramas ocupaban xa antes da crise os primeiros postos nas preferencias dos consumidores polos servizos *on line*, como se observa no cadro 22. Os cambios que se aprecian no citado cadro das preferencias reforzan o seu liderado, mais tamén rexistran a presenza de novos sectores como as pezas de vestir (3,2%), a publicidade ou as actividades cinematográficas e vídeos (1,9%).

Cadro núm. 22

Ramas de actividade máis demandadas no comercio electrónico (en %)

Ramas de actividade	III trimestre 2008	III trimestre 2011
Axencias de viaxe e operadores turísticos	14,5	16,8
Transporte aéreo	12,2	13,4
Transporte terrestre viaxeiros	6,7	5,8
Marketing directo	6,6	6,5
Xogos de azar e apostas	5,6	4,1
Educación	5,1	-
Espectáculos artísticos e deportivos	4,9	3,4
Electrodomésticos	3,9	2,2
Servizos legais e contabilidade	3,5	-
Hoteis, apartamentos e cámpings	2,4	-
Pezas de vestir	-	3,2
Publicidade	-	2,9
Actividades cinematográficas e vídeos	-	1,9

Fonte: *Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones.*

O comercio electrónico da moda era practicamente inexistente ata setembro de 2010, cando o grupo Inditex pon en servizo esta nova canle de venda en España, Alemaña, Francia, Italia, Portugal e Reino Unido. Na actualidade, e despois da incorporación de Polonia no mes de abril de 2012, este formato de venda está presente en 17 países europeos, ademais dos Estados Unidos e Xapón.

A maior penetración do comercio electrónico tamén supón unha nova canle que compite coas tradicionais. Os últimos datos dispoñibles, referidos ao terceiro trimestre de 2011 do *Informe sobre el comercio electrónico en España a través de entidades de medios de pago* que elabora a Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones (CMT), destacan como nese trimestre o comercio electrónico no conxunto de España acadou un volume de negocio de 2.421,8 millóns de euros, un 27,4% máis que no mesmo período de 2010, cun total de 32,6 millóns de operacións. En cifras acumuladas ata ese terceiro trimestre as vendas *on line* chegaron en 2011 a case 6.800 millóns de euros, cun crecemento sobre o mesmo período no ano 2008, cando estoupou a crise, do 172,7%.

En Galicia no ano 2008 tan só o 11,6% das persoas realizaba compras pola internet, 1,7 puntos porcentuais por debaixo da media española (13,3%). Como se observa no gráfico 32, en 2011 esta proporción aumentou en máis de 6 puntos porcentuais ata o 17,7%, aproximándose aos valores medios do conxunto de España.

A evolución do emprego neste escenario confirma a contracción da actividade antes comentada. No cadro 18 xa se presentaba un primeiro balance do mercado de traballo no período 2008-2010, en función dos datos subministrados pola *Encuesta Anual de Comercio*. En cifras globais e nestes dous anos, a caída do persoal

Gráfico 32.

Persoas que compraron pola internet nos últimos 3 meses (en %)



ocupado foi de 8.309 empregados, o que significa unha taxa bruta de descenso do 4,3%.

A evolución do índice de persoal ocupado que mensualmente ofrece o INE tamén confirma esta traxectoria. A comparación entre o conxunto do sector servizos, representado polo índice xeral, e o correspondente ao sector comercial permite apreciar como este está rexistrando unha maior resistencia aos efectos da crise. Non obstante, agás o período de tres meses na primavera de 2011, o resto dos meses representados se sitúan en valores claramente negativos. Esta excepción pode atribuírse á inauguración do maior centro comercial de España na cidade da Coruña, que anunciou a creación de ata 4.500 postos de traballo directos, xa que coincide no tempo coa apertura ao público das súas instalacións.

Gráfico 33.

Índice de persoal ocupado por sectores de actividade

Taxa de variación interanual (en %)



Unha visión máis actual do mercado de traballo é a que se representa no cadro 23, esta vez con datos dos afiliados á Seguridade Social o último día de cada mes e por provincias. Segundo se aprecia no citado cadro, no bienio 2009-2011 as actividades incluídas na distribución comercial teñen un mellor resultado en termos de afiliados (-1,47%) que o conxunto dos sectores produtivos de Galicia (-4,79%), aínda que peores que o sector terciario (-1,20%). E, por provincias, o comercio das dúas provincias

Cadro núm. 23

Evolución dos afiliados á Seguridade Social en Galicia no sector do comercio

	2009	2011	Abril 2011	Abril 2012	% variación 2011/2009	% variación abril 2012/ abril 2011
A Coruña	76.395	76.282	76.590	73.510	-0,15	-4,02
Lugo	21.065	20.775	20.713	20.248	-1,38	-2,24
Ourense	18.900	18.457	18.361	18.098	-2,34	-1,43
Pontevedra	66.374	64.535	64.078	62.457	-2,77	-2,53
Galicia	**182.734**	**180.049**	**179.742**	**174.313**	**-1,47**	**-3,02**
Servizos	666.442	658.450	660.114	643.061	-1,20	-2,58
Total sectores	1.029.625	980.280	985.867	939.806	-4,79	-4,67

Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social.*

do norte da comunidade autónoma, A Coruña (-0,15%) e Lugo (-1,38%), resisten mellor os efectos da crise que as do sur: Pontevedra (-2,77%) e Ourense (-2,34%). Esta situación prodúcese a pesar de que neste período se poñen en servizo na cidade da Coruña dous grandes centros comerciais, un deles o maior de España en superficie bruta alugable, tal e como se daba conta xa no *Informe 2010*.

Con todo, a situación cambia substancialmente se o período que se analiza é o último ano. Cos datos referidos ao mes de abril de 2012 e comparando as cifras de afiliados cos de abril de 2011, obsérvase como a velocidade na perda de afiliados no sector comercial (-3,02%) duplica a do bienio anterior (-1,47%), malia que continúa sendo inferior á que rexistra o conxunto de todos os sectores de actividade (-4,67%). A análise por territorios pon tamén de manifesto cambios importantes, pois a diferenza do que ocorría no bienio 2009-2011, neste último ano o empeoramento do mercado de traballo está liderado pola provincia da Coruña (-4,02%), seguida de Pontevedra (-2,53%), mentres son as dúas provincias do interior as que rexistran perdas menores.

Estes datos veñen confirmar unha aceleración do proceso de deterioración do sector comercial de Galicia, tanto pola duración temporal da crise como polo aumento do desemprego e, no caso da Coruña, pola nova competencia que supoñen os novos espazos comerciais abertos na periferia.

Para facer fronte ao peche de locais, ao que ademais da crise tamén contribúe a apertura de grandes centros comerciais na periferia das cidades, a Dirección Xeral de Comercio trata de ofrecer respostas mediante a creación de bolsas de locais en aluguer, traspaso ou venda, con escaso éxito polo momento. Do mesmo xeito, o Plan Ágora e agora-Re-comercia ofrece axudas para a modernización dos establecementos, o funcionamento dos centros comerciais abertos, a modernización das prazas de abastos ou para unha mellor cobertura das necesidades do medio rural.

Outra das liñas de traballo que as autoridades comerciais de Galicia abordaron neste exercicio é o desenvolvemento da Lei de Comercio aprobada a finais de 2010. Con tal motivo aprobouse o Decreto 183/2011 de 15 de setembro polo que se regula a creación das mesas locais de comercio como «órganos colexiados de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre as administracións locais e os axentes representativos do sector». Esta iniciativa abre unha nova canle de comunicación entre os titulares dos establecementos comerciais e as autoridades locais, responsables do urbanismo, para evitar que o peche continuado de establecementos continúe degradando algunhas rúas tradicionais e afectando á vitalidade dos centros da cidade.

Finalmente, en maio de 2012 o Goberno de España aprobou a liberalización do sector comercial e doutros servizos, eliminando as licenzas de apertura ao comercio polo miúdo en todo o territorio do Estado para locais de ata 300 m^2. O Real Decreto Lei substitúe as licenzas previas de apertura e actividade por unha declaración responsable. Tamén prevé que o Estado e as comunidades autónomas amplíen tanto o catálogo de actividades recollidas pola norma, como a superficie dos establecementos. A medida está encamiñada a dinamizar e impulsar a actividade comercial polo miúdo e a creación de emprego.

VII. Sector financeiro

O contexto exterior do sistema bancario galego en 2011

Un ano máis, en 2011 o comportamento dos mercados financeiros na zona do euro estivo marcado por fortes tensións que, ao longo do ano foron estendéndose cada vez a máis países. Se no 2010 as autoridades europeas, en colaboración co Fondo Monetario Internacional (FMI), tiveron que asistir a nivel financeiro aos gobernos de Grecia e de Irlanda, no mes de abril de 2011 foi o Goberno portugués o que solicitou asistencia. As tensións nos mercados de débeda pública, alimentadas polas dúbidas sobre a sostibilidade fiscal das economías da Eurozona, polas sombrías perspectivas da economía mundial e tamén pola incerteza respecto da participación do sector privado no apoio financeiro prestado aos países máis afectados pola crise de débeda soberana, propagáronse na segunda metade do ano. Inicialmente, as tensións afectaron a Italia e España, pero logo estendéronse a outros países da zona do euro como Bélxica, Austria ou Francia.

Ante unhas perspectivas de crecemento económico relativamente optimistas na primeira metade do ano, combinadas con fortes subidas dos prezos das materias primas, o Consello de Goberno do Banco Central Europeo (BCE) decidiu previr un futuro reponte da inflación elevando os seus tipos de interese oficiais nos meses de abril e xullo, nun total de 50 puntos básicos. Non obstante, a retardación da actividade económica na zona do euro foi patente na segunda metade do 2011, alimentando as expectativas dunha nova situación de recesión en moitos dos seus países membros. En consecuencia, o BCE reverteu as anteriores subidas dos tipos de interese a través de dous recortes dos tipos oficiais, en novembro e decembro, que deixaron o tipo das operacións principais de financiamento de novo no 1,25% co que comezara o ano.

No contexto de fortes tensións financeiras da Eurozona, a transmisión dos sinais destas medidas de política monetaria á economía resultou particularmente difícil. Para facilitar este proceso, o BCE recuperou na segunda metade do 2011 a batería de medidas non convencionais que xa viña utilizando en anos anteriores, como a poxa a tipo de xuro fixo con adxudicación plena ou as operacións de financiamento a prazos máis longos. Estas medidas tiñan por obxecto facilitar o financiamento das entidades de crédito para evitar as repercusións negativas das tensións nos mercados financeiros (en particular, nos mercados monetarios) sobre a oferta de crédito aos

fogares e ás empresas. Para complementar estas accións, o BCE decidiu no mes de decembro levar a cabo dúas operacións de financiamento con vencemento de tres anos. Na primeira, realizada o 21 de decembro de 2011, proporcionáronse 489.200 millóns de euros ás entidades de crédito, mentres que na segunda, levada a cabo o 29 de febreiro de 2012, a cantidade adxudicada foi de 529.500 millóns de euros.

España viuse particularmente afectada pola reaparición das tensións nos mercados europeos de débeda soberana. As primas de risco dos valores de renda fixa emitidos polos sectores residentes, incluída a débeda soberana do goberno español, ampliáronse ata niveis nunca acadados desde a creación da Unión Monetaria Europea (UME). Por outra banda, as condicións de financiamento por xunto para as entidades de crédito españolas deterioráronse significativamente. O impacto sobre o sector privado da economía española destas condicións restritivas fíxose notar, sobre todo, nun forte incremento do custo do crédito. O ritmo de crecemento do crédito, aínda que negativo, viu suavizada a súa caída grazas ás medidas de provisión de liquidez instrumentadas polo BCE, en especial polas poxas de liquidez a tres anos.

Gráfico 1.

Activos totais das entidades de depósito en España como ratio do PIB a prezos correntes (en %)



As consecuencias das medidas non convencionais do BCE para o sector de entidades de depósito español veñen ilustradas polo gráfico 1, onde se pode observar como os activos das entidades de depósito retomaron no ano 2011 a súa tendencia a medrar máis que o PIB a prezos correntes.

Cómpre apreciar que, aínda que a taxa de crecemento do PIB nominal ao longo de 2011 foi tan só do 0,9%, o tamaño agregado do sector de entidades de depósito, medido polo seu volume total de activos, rachou coa tendencia minguante dos dous anos anteriores.

Aínda así, o comportamento do crédito bancario en 2011 distou moito de resultar satisfactorio. Como amosa o gráfico 2, o ritmo de decrecemento do volume total de crédito incrementouse lixeiramente, dentro da tendencia decrecente iniciada en 2008, e foi máis pronunciado no caso do crédito destinado a actividades produtivas.

Un determinante fundamental da contracción do crédito bancario en España é o forte aumento que se produciu na morosidade bancaria a consecuencia da recesión económica experimentada en 2008-2009 e da feble recuperación posterior. Como amosa o gráfico 3, a porcentaxe de créditos dubidosos nas entidades de depósito presenta unha evolución crecente, especialmente pronunciada no caso do crédito destinado a actividades produtivas, acadando un 11,6% de créditos dubidosos a finais de 2011. A parte máis

Gráfico 2.

Distribución do crédito en España por finalidades
(en miles de millóns de euros)



Gráfico 3.

Créditos dubidosos en España por finalidades (en %)



importante desta morosidade corresponde aos créditos a promotores inmobiliarios e empresas do sector da construción. Pode observarse tamén o impacto da crise nas familias españolas nas elevadas taxas de morosidade que presentan os créditos aos fogares non destinados á adquisición ou rehabilitación de vivendas, situadas en niveis arredor do 7%. Pola contra, a mora dos créditos con garantía hipotecaria permaneceu en porcentaxes moi baixas.

Se a caída do crédito bancario non foi maior no contexto das fortes restricións no acceso das entidades de depósito españolas ao financiamento nos mercados por xunto experimentadas en 2010 e mais en 2011, débese a existencia de «colchóns» e fontes de financiamento alternativas. As entidades de depósito españolas complementaron o seu financiamento principalmente coa favorable evolución dos depósitos da súa clientela residente, incentivada por importantes incrementos nas remuneracións ofrecidas polos depósitos. En ocasións puntuais tamén recorreron ao peñoramento dos activos líquidos dispoñibles como garantía das operacións nos mercados por xunto.

Como ilustra o gráfico 4, esta situación acadou os seus límites ao longo do ano 2011. No gráfico pode verse como a partir da metade do ano o volume de depósitos nas entidades bancarias españolas comezou a decrecer rapidamente. En parte, esta diminución iniciouse ao esgotárense as marxes de aforro dos sectores residentes (en particular, dos fogares) como resultado do freo experimentado na incipiente recuperación da actividade económica. Por outra banda, a remuneración elevada polos depósitos foi penalizada polo Real Decreto 771/2011, no que o *Ministerio de Economía y Hacienda* modulaba a achega das entidades bancarias ao Fondo de Garantía de Depósitos (FGD) en función da súa política de prezos.

Por último, a evolución do sector bancario español en 2011 viuse profundamente marcada polo aceleramento do proceso de reestruturación do subsector das caixas de aforro, iniciado en 2009 coa creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB). O *Real Decreto Ley 2/2011* para o reforzamento do sistema financeiro impuxo prazos máis breves para que as entidades presentasen as súas estratexias e cumprisen cos novos requisitos de capitalización. Finalizado este último prazo o 30 de setembro, o FROB tivo que achegar os fondos necesarios para a recapitalización de Unim Banc, Catalunya Banc e NCG Banco, entidades que non conseguiran capitalizarse no mercado. Con anterioridade, no mes de xullo o Banco de España tivera que intervir o Banco CAM, e posteriormente, no mes de novembro, tivo que facer o mesmo co Banco de Valencia, entidade esta última non procedente da reestruturación anterior dunha caixa de aforros.

Gráfico 4.

Evolución trimestral dos depósitos totais nas entidades de depósito en España (en miles de millóns de euros)



A evolución do sector bancario galego en 2011

A evolución do sector de entidades de depósito en Galicia no ano 2011, aínda que enmarcada nas súas liñas xerais no contexto nacional de redución da actividade, contracción do tamaño dos balances e restricións ao crédito, veu determinada en esencia polo drástico impacto que tivo en Galicia o proceso de reestruturación e recapitalización do sistema bancario.

Este proceso implicou de cheo en 2011 as tres entidades con capital maioritariamente galego que mantiñan unha posición dominante no negocio bancario galego, Caixa Galicia, Caixanova e Banco Pastor. O ano comezou coa fusión entre as dúas caixas de aforro para crear unha nova entidade denominada Novacaixagalicia (en decembro de 2010). Seguindo as directrices marcadas pola reforma da *Ley de Cajas de Ahorro* aprobada en xullo de 2010, a nova entidade traspasou o seu negocio financeiro a unha entidade con carácter de banco denominada NCG Banco en setembro de 2011. A finais dese mesmo mes, á vista da imposibilidade de NCG Banco para recapitalizarse polos seus propios medios, o Banco de España entrou a formar parte do capital, pasando a controlar o 93% a través do FROB.

Pola súa banda, o Banco Pastor foi absorbido polo Banco Popular no mes de outubro, despois de ter amosado problemas no mes de xullo para superar as probas de estrés

Gráfico 5.

Cotas do mercado galego de oficinas bancarias por orixe xeográfica das entidades. Ano 2011



Gráfico 6.

Distribución porcentual da rede de oficinas de Galicia entre grupos bancarios (datos do 31 de decembro de 2010)



impostas pola autoridade bancaria europea. Deste xeito, ao remate do ano 2011 o mercado bancario galego atopábase máis concentrado que nunca na súa historia, co 90% do negocio en mans de tan só cinco grupos bancarios: os catro grandes grupos españois (Santander, BBVA, Popular e La Caixa), máis o grupo de NCG Banco.

O gráfico 5 amosa a distribución pola orixe territorial das diferentes entidades de depósito que dispoñen de oficinas bancarias en Galicia. Nel pode observarse o impacto da absorción do Banco Pastor polo grupo do Banco Popular, que reduce a preponderancia das oficinas pertencentes a entidades de capital maioritariamente galego a favor daquelas procedentes do resto de España.

O gráfico 6 ilustra nidiamente o carácter da recomposición interna do mercado bancario en Galicia tras a fusión das dúas caixas de aforro galegas para formar NCG Banco e a absorción do Banco Pastor polo grupo do Banco Popular. Ambos os dous grupos (NCG Banco e Banco Popular) convertéronse nos máis grandes nun mercado galego extremadamente concentrado, onde os cinco grupos principais dispoñen do 89% da rede total de oficinas.

Destaca en particular o carácter sistémico que presenta NCG Banco, unha entidade que canaliza un volume de negocio bancario en Galicia similar ao operado polos outros catro grandes grupos no seu conxunto. A posición dominante desta entidade subliña a importancia que a resolución do seu proceso de recapitalización terá sobre o funcionamento futuro do sistema bancario en Galicia. A importancia desta entidade é aínda maior se temos en conta a dimensión territorial. En provincias como Ourense, a rede de oficinas de NCG Banco acada porcentaxes do 58% da rede total, e en moitos concellos de carácter rural as oficinas pertencentes a este grupo constitúen a única canle local de acceso aos servizos bancarios.

Cadro núm. 1

Datos básicos sobre o tamaño do sector bancario
(datos do 31 de decembro de cada ano)

	Galicia			España		
	2005	2008	2011	2005	2008	2011
Núm. de entidades	45	47	36	269	286	280
Núm. de oficinas	2.407	2.512	2.136	41.599	45.662	39.843
Depósitos (miles de millóns de euros)	35,6	51,1	53,2	839,2	1.218,5	1.175,5

Fonte: Banco de España, *Boletín Estadístico* e elaboración propia.

A información recollida no cadro 1 permite observar con máis detalle o cambio de tendencia xerado pola crise financeira no sector bancario, tanto en España como en Galicia, despois do ano 2008. Tras década e media de forte expansión, a actividade bancaria virou a unha fase de contracción, cun menor número de entidades operando no mercado, unha drástica redución no tamaño da rede de oficinas e a conxelación do ritmo de crecemento dos depósitos da clientela.

Gráfico 7.

Créditos e depósitos das entidades de depósito en Galicia en relación co PIB (datos do 31 de decembro de cada ano)



O cadro 1 sinala tamén algunhas das peculiaridades da resposta do mercado bancario galego perante a crise. Por unha banda, a reestruturación da rede de oficinas nos últimos tres anos presenta unha magnitude similar á do resto do Estado, arredor dun 15%. En boa medida esta redimensión púxose en práctica como produto dos procesos de fusión das caixas de aforro e de absorción dos bancos de mediano tamaño, en definitiva das entidades con maiores problemas para acadar os indicadores de capitalización requiridos polas autoridades supervisoras.

Como consecuencia deste proceso, estase a configurar un sistema bancario español máis concentrado, desprovisto da tradicional segmentación entre bancos e caixas de aforro e cunha rede de distribución polo miúdo de tamaño máis axustado a unhas condicións nas que as entidades bancarias necesitan reducir o seu grao de *apalancamiento* a través da redución do tamaño dos seus balances derivada de restrinxir as operacións de crédito. Estas características reprodúcense de xeito moi similar no caso

Gráfico 8.

Créditos, depósitos e oficinas en Galicia das entidades de depósito en relación co total español (en %)



Gráfico 9.

Distribución dos depósitos bancarios por tipos (datos do 31 de decembro de 2010)



galego, coa peculiaridade de que as entidades operantes en Galicia conseguiron manter o volume de depósitos da clientela captados aínda cun número de oficinas bancarias substancialmente máis pequeno, o que é indicativo da baixa produtividade da rede de distribución preexistente.

O gráfico 7 amosa como a forte restrición experimentada polo crédito bancario en Galicia, medida en comparación coa evolución da actividade económica, acelerouse máis durante o ano 2011, mentres que os depósitos da clientela se reducen máis lentamente e se manteñen en niveis similares aos de 2009.

O gráfico 8 resume a evolución do sistema bancario galego en 2011. Nel pódese observar como finalmente o sistema bancario comezou neste ano a acusar o impacto da crise financeira e económica, retornando á tendencia de perda de importancia relativa a longo prazo no conxunto nacional.

No gráfico destaca a forte caída no número de oficinas bancarias experimentada en 2011 e amosa como a reestruturación da rede de distribución polo miúdo tivo lugar con retardo en Galicia con respecto ao resto do Estado (onde tivo lugar sobre todo nos anos 2009 e 2010). Pero, como mostra a información recollida no cadro 2, este proceso dista moito de estar completado en Galicia, onde a produtividade aparente por oficina é aínda substancialmente menor que no conxunto de España.

Finalmente, pódese destacar como a persistencia de niveis elevados de incerteza nos mercados financeiros mantivo a preferencia pola liquidez dos clientes bancarios en niveis historicamente elevados, como ilustra o gráfico 9, que mostra a distribución entre os diferentes tipos de depósitos bancarios.

Cadro núm. 2

Evolución dos créditos e depósitos por oficina bancaria
(datos en miles de euros do 31 de decembro de cada ano)

	Créditos por oficina			Depósitos por oficina		
	2009	2010	2011	2009	2010	2011
Galicia	29.763,1	29.914,8	29.992,7	22.493,5	23.534,2	24.917,4
España	41.686,8	43.287,7	45.131,0	27.671,2	28.523,7	29.502,6

Fonte: Banco de España, *Boletín Estadístico* e elaboración propia.

O comportamento dos grupos bancarios galegos no ano 2011

Ao comezo do ano 2011 os grupos bancarios con capital maioritariamente galego reducíranse a tan só dous: Novacaixagalicia, a nova entidade creada pola fusión de Caixa Galicia e Caixanova, e o Banco Pastor (tamén existe, con tamaño moito máis reducido, unha cooperativa de crédito con capital maioritariamente galego, a Caixa Rural Galega). As necesidades de recapitalización das entidades bancarias esixidas pola crise financeira e polo proceso de reestruturación do subsector de caixas de aforro español modificaron de maneira radical esta situación ao longo de 2011, de xeito que a finais de ano un dos grupos, o do Banco Pastor, se atopaba en proceso de ser absorbido por outro maior (o Banco Popular), mentres que no outro, NCG Banco, o FROB era o propietario maioritario.

As operacións que involucraron as entidades bancarias con capital maioritariamente galego en 2011 constitúen fitos importantes no conxunto da drástica transformación que está a experimentar o sistema bancario español como consecuencia da crise iniciada a finais de 2008. No caso de NCG Banco, trátase do segundo grupo en tamaño no que se levou a cabo a entrada do FROB como accionista (situación alterada no mes de maio de 2012 coa intervención de Bankia). Pola súa banda, no caso do Banco Pastor, a súa absorción por parte do grupo Banco Popular supuxo a desaparición como entidade independente

Gráfico 10.

Tamaño dos grupos bancarios galegos (valor do activo total en millóns de euros) (datos do 31 de decembro de 2011)



Gráfico 11.

Participación dos ingresos por xuros e comisións no total de ingresos (datos a 31 de decembro de 2011)



do último dos bancos que tradicionalmente ocupaban o segmento de tamaño medio nese subsector.

O gráfico 10 amosa o tamaño relativo do activo total consolidado dos dous grupos.

Por último, os grupos bancarios galegos desenvolveron a súa actividade no ano 2011 nun contexto fortemente desfavorable para o negocio bancario tradicional. A combinación de tipos de xuro situados en niveis historicamente baixos xunto cos atrancos para obter financiamento nos mercados por xunto obrigou as entidades bancarias operantes en España a traballar con marxes de intereses practicamente inexistentes ou mesmo negativas nalgún caso. Esta situación viuse combinada, no caso dos grupos bancarios galegos, pola menor capacidade para captar ingresos en forma de cobros por comisións ditada pola contracción dos seus balances. Tal e como ilustra o gráfico 11, os ingresos das entidades galegas no exercicio 2011 estiveron dominados polos xuros.

Os intermediarios financeiros non bancarios

Os investidores institucionais

As entidades financeiras volveron enfrontarse a unha conxuntura económica desfavorable que condicionou os seus resultados. De novo, a maior parte dos intermediarios financeiros non bancarios sufriron contraccións importantes nos niveis de facturación e, polo tanto, nos seus resultados. Tampouco axudou o mal comportamento dos mercados de renda fixa e variable, xa que a subida das primas de risco reduciron o valor da débeda pública e privada, e a caída das cotizacións bolsistas prexudicaron os intermediarios que xestionan carteiras. En particular, os fondos de pensións e de investimento presentaron en media rendementos negativos. Non obstante, mentres que os primeiros practicamente repetiron o volume de patrimonio xestionado, os segundos sufriron o transvasamento cara a outros produtos, iso si, a taxas máis reducidas. Ademais, a inestabilidade da contorna financeira fomentou o comportamento conservador dos investidores, que preferiron optar por produtos garantidos. Precisamente, este factor influíu no sector asegurador, que foi o único investidor institucional que incrementou o seu nivel de ingresos grazas á captación de aforro a través de seguros de vida.

Pola súa banda, as entidades orientadas ao financiamento da actividade empresarial reduciron o volume de recursos investidos, aínda que o peor comportamento o rexistraron as entidades de *leasing* e as sociedades de capital risco. Ademais, as pequenas e medianas empresas continuaron con dificultades para obter financiamento e tampouco contaron co apoio das sociedades de garantía recíproca, que volveron reducir os avais formalizados en case un 30%. As entidades de *renting* financiaron un maior número de vehículos novos pero, igual que en 2010, reduciron de igual xeito o tamaño da frota financiada e o volume de facturación. Xa que logo, a única actividade que experimentou un comportamento favorable foi o *factoring*, que soubo aproveitar a contorna de elevada morosidade para captar un maior número de clientes interesados en financiar e cubrir o seu capital circulante.

As expectativas para 2012 non son especialmente boas, dado que cunha economía en contracción é de esperar unha mala evolución de todos os intermediarios que financian investimentos. Mellores previsións espéranse para o sector orientado á captación de aforro, malia que cómpre precisar que en 2010 os prognósticos fallaron considerablemente, co cal é moi probable que, ante a conxuntura pola que atravesa a economía, de novo se volvan distanciar da realidade.

O sector asegurador e os plans e fondos de pensións

O sector asegurador

O sector asegurador volveu crecer en 2011, recuperando a senda expansiva característica da última década. Así, o pasado exercicio conseguiu un volume de primas de 60.592 millóns de euros, o que representa un aumento do 4,1%, segundo as estimacións realizadas pola asociación ICEA. Nesta ocasión, o bo comportamento do ramo de vida foi o responsable do crecemento, xa que cunha facturación de 28.851 millóns de euros superou nun 9,4% o rexistro do ano anterior. A maior concienciación dos cidadáns co aforro a longo prazo, impulsada pola reforma da Lei das Pensións, permitiu vender máis produtos de vida. Non ocorreu o mesmo co ramo de non vida, xa que apenas atopou elementos favorables para a maior parte dos ramos, de maneira que experimentou un lixeiro descenso (-0,26%) respecto a 2010. A pesar da contorna adversa na que se desenvolveu a actividade financeira, o sector asegurador seguiu mostrando signos de robustez posto que a marxe de solvencia volveu multiplicar por 2,6 veces a contía mínima legal. Esta contía repartiuse de forma diferente entre os ramos; así, en vida a marxe situouse en

Cadro núm. 3

Evolución do sector asegurador español

	Total primas (millóns de euros)	% variación
2003	41.752	-13,9
2004	45.217	8,3
2005	48.782	7,9
2006	52.607	7,8
2007	54.920	4,4
2008	59.203	7,8
2009	59.783	1,0
2010	58.188	-2,7
2011 *	60.592	4,1

* Datos estimados.

Fonte: ICEA.

1,89, fronte ao 3,53 dos seguros que integran non vida. Os resultados en 2011 tamén contribuíron a fortalecer a solvencia do sector, xa que a conta técnica do negocio directo e aceptado alcanzou o 9,95% do volume facturado.

Os seguros xerais seguiron na mesma tónica, volvendo marcar un rexistro moi próximo ao de 2010, pero esta vez cun exiguo retroceso no volume de primas (-0,28%). O ramo de automóbiles reduciu a súa facturación en máis dun 2%, debido a que nestes momentos de crise o prezo está actuando como principal criterio á hora de elixir o seguro. Tampouco axudaron á evolución do ramo o resto de seguros, que decreceron practicamente un 3%. Fronte a estes, os seguros multirrisco de saúde foron os que axudaron a manter o nivel de facturación, xa que creceron arredor do 3%. É precisamente en non vida onde as aseguradoras constataron que a crise económica provocou un aumento dos intentos de fraude. Destacan en particular os ramos de automóbil, diversos e responsabilidade civil, onde os asegurados simularon roubos ou incendios para percibir indemnizacións por parte das aseguradoras. Os cálculos do sector realizados por ICEA elevan a un 10,5% o incremento do número de sinistros fraudulentos. A detección de sinistros falsos permitiu obter aforros por importe de 365 millóns de euros. Por outra banda, a distribución a través de axentes segue sendo moi importante. De feito, os datos proporcionados por ICEA mostran que en decembro de 2011 había preto de 80.000 códigos abertos de axentes, dos cales o 45% emitiron primas por valor superior aos 30.000 euros, sendo máis de 9.000 os que facturaron por riba dos 300.000 euros. Ademais, os datos máis recentes proporcionados por esta mesma institución e referidos a 2010 mostran como a distribución a través de axentes e corredores sortea mellor a crise, ao decrecer a metade do que o fai o negocio de bancaseguros (-6,43%), en detrimento os dous da distribución directa, que é a única que logrou crecer (0,61%) e, en consecuencia, gañar cota de mercado.

Respecto dos seguros de vida, como xa indicamos anteriormente, estes produtos foron os responsables do crecemento do sector asegurador en 2011. En particular, a confianza depositada por máis de 9,82 millóns de clientes en seguros de vida destinados ao aforro permitiron aumentar a captación de fondos nun 4,9%. Este feito é particularmente relevante tendo en conta que o aforro xestionado en plans de pensións e fondos de investimento se reduciu de forma notoria. En canto ao tipo de produto, en particular sobresae a evolución dos plans individuais de aforro sistemático (PIAS), cun 24,5% de crecemento, e os plans de previsión asegurados (PPA), cun 41,2%. Hai que recordar que estes produtos xa representan un 35% dos seguros de aforro, sendo contratados principalmente por persoas de idades comprendidas entre os 35 e os 54 anos e destinados sobre todo á xubilación. Neste sentido, a maior

Cadro núm. 4

Evolución dos ramos do seguro en España (en millóns de euros)

	2010	2011 *	% variación
Vida	26.377	28.869	9,45
Non-vida	31.812	31.724	-0,28
Automóbiles	11.534	11.270	-2,29
Multirriscos	6.297	6.508	3,35
Saúde	6.396	6.588	3,00
Resto de non-vida	7.583	7.356	-2,99
Total ramos	58.188	60.592	4,13

* Datos estimados.

Fonte: ICEA.

preocupación dos españois coa suficiencia do sistema público de pensións e a recente reforma puideron ser os principais factores que influíron na evolución do sector en 2011.

En canto á distribución territorial do gasto, cos últimos datos relativos a 2010 Galicia incrementou as primas captadas en máis dun 12%, sendo a autonomía con maior crecemento. Non obstante, segue ocupando a quinta posición no *ranking*, pero distanciándose doutras autonomías como País Vasco e Castela e León.

Cadro núm. 5

Volume de negocio dos ramos do seguro por comunidades autónomas. Ano 2010

	Volume das primas (en millóns de euros)	% sobre o total nacional	% variación 2010/2009
Madrid	10.217	21,78	-0,21
Cataluña	9.942	21,19	0,33
Andalucía	5.966	12,72	-3,89
C. Valenciana	4.061	8,66	-0,29
Galicia	**2.501**	**5,33**	**12,30**
País Vasco	2.268	4,83	-0,09
Castela e León	2.224	4,74	-5,96
Aragón	1.655	3,53	0,19
Castela-A Mancha	1.582	3,37	4,62
Canarias	1.234	2,63	-0,17
Murcia	1.038	2,21	-1,92
Baleares	911	1,94	-0,91
Navarra	822	1,75	4,25
Asturias	787	1,68	0,44
Estremadura	736	1,57	-5,58
Cantabria	471	1,00	2,27
A Rioxa	417	0,89	-12,70
Ceuta e Melilla	81	0,17	-8,86

Fonte: ICEA.

Os plans de pensións

O valor do patrimonio dos fondos de pensións continuou reducíndose en 2011, ata situarse en 82.992 millóns de euros, un 2,1% menos que en 2010. De novo, as achegas netas, é dicir, a diferenza entre achegas e prestacións, foron positivas, superando os 1.000 millóns de euros. Os fondos do sistema de emprego, os garantidos e os de renda variable foron os que atraeron en maior medida os partícipes, que para o total de modalidades xa superan os 10 millóns. A redución do valor patrimonial explícase, unha vez máis, pola obtención dunha rendibilidade negativa en termos globais do 0,76%. A mala evolución dos mercados financeiros reflíctese nos resultados da carteira global de fondos, que arroxa unha rendibilidade negativa, ata tomando como referen-

cia os últimos cinco anos (-0,29%). Porén, estes resultados non son froito do período de crise que atravesamos, xa que o traballo realizado por Fernández et al. (2012),[1] relativo á rendibilidade obtida por estes produtos no período 2001-2011, mostra como a rendibilidade, tanto do IBEX como do bono a cinco anos, só foi superada por cinco fondos dun total de 532. A xuízo dos autores, esta circunstancia débese ás elevadas comisións, á composición das carteiras e ás técnicas de xestión activa. Por este motivo, segundo estes autores, dados os resultados obtidos estes produtos non deberían ter un trato fiscal favorable. En canto ás previsións para 2012, o informe *Las instituciones de inversión colectiva y los fondos de pensiones*, publicado por Inverco, recolle unhas estimacións para 2012 que supoñen un aumento patrimonial dun 4% como consecuencia do incremento das achegas netas e da revalorización prevista dos activos.

A diferenza do ocorrido no ano anterior, en 2011 todas as modalidades experimentaron unha redución no seu valor patrimonial, aínda que foron os fondos asociados e individuais os que sufriron maiores caídas. As achegas totais superaron os 4.900 millóns de euros, mentres que as prestacións se reduciron ata 3.951, co cal o saldo neto superou lixeiramente os 1.000 millóns de euros. A grave crise económica fíxose sentir nas razóns que deron lugar ás prestacións. Neste sentido, as prestacións para supostos excepcionais, onde a situación de desemprego por longa duración é a causa principal,

Gráfico 12.

Evolución do patrimonio dos fondos de pensións en España (en millóns de euros) (datos do 31 de decembro de cada ano)



[1] Fernández, P., J. Aguirreamalloa e L. Corres (2012): *Rentabilidad de los Fondos de Inversión en España, 2001-2011*, (*http://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract_id=2005842*).

eleváronse a 450 millóns de euros, multiplicando por máis de 10 as cantidades que se solicitaban antes da crise. Non obstante, os plans de pensións seguen sendo un produto atractivo para os aforradores españois, posto que a información proporcionada por Inverco indica que preto do 50% da poboación o ten contratado. Esta cantidade, que vai en aumento, aínda está lonxe doutros países europeos, onde máis do 80% confían o seu aforro a estes instrumentos. De feito, o informe da OCDE *Pensions at a Glance 2011* revela que a taxa de substitución media da pensión pública ascende ao 42,2%, cantidade que pode chegar ao 64,4% ao teren en conta os sistemas privados de carácter voluntario, fronte ao 81% que representa en España. O peso medio dos fondos de pensións sobre o PIB supera o 67%, mentres que en España ascende ao 8,1%. Por outra banda, o perfil dos partícipes vén definido por unha media de idade de 47 anos e sendo o 58% homes.

A estrutura da carteira mantívose estable en 2011, destacando tan só un lixeiro incremento da renda fixa, mentres que a renda variable tamén permaneceu na carteira, pero experimentou correccións no seu valor que fixeron que se reduza o seu peso ata o 17,3%, fronte ao 18% de 2010. A mala evolución dos mercados financeiros impediu pechar o exercicio con números positivos e os fondos de pensións en global arroxaron perdas do 0,76%. Só aqueles que apostaron por renda fixa lograron obter un resultado positivo. En particular, os fondos de renda fixa a longo prazo foron os que máis

Cadro núm. 6

Evolución do patrimonio dos fondos de pensións por tipo de plan en España (en millóns de euros)

	Individual	Emprego	Asociado
2010	52.551	31.271	926
2011	51.141	31.170	835
% variación	-2,68	-0,32	-9,83

Fonte: Inverco.

Cadro núm. 7

Clasificación española dos plans de pensións (datos do 31 de decembro de 2011)

	Nome	Cota de mercado (en %)	Núm. de plans	Patrimonio (millóns de euros)
1	BBVA	18,88	348	15.700
2	SegurCaixa Holding	16,02	310	13.324
3	Santander	9,92	331	8.247
4	Aviva	6,24	254	5.185
5	Mapfre	5,78	182	4.810
6	Ibercaja	5,50	43	4.571
7	Grupo Caser	5,50	379	4.570
8	Caja Madrid	4,97	107	4.132
9	Banco Popular	4,84	100	4.026
10	Fonditel	4,20	50	3.490
20	Banco Pastor	0,66	19	548

Fonte: Inverco.

gañaron (1,39%), mentres que os de renda variable, en liña co ocorrido nos mercados bolsistas, se deixaron máis do 10%.

En 2011 o aspecto máis destacable é o aumento de cota de mercado de Mapfre, que xa se sitúa como a quinta xestora máis importante do país. Esta posición é o resultado de integrar os activos dun número moi importante de entidades, entre as que se atopan sete entidades financeiras. Por outra banda, as entidades que xestionan o negocio das extinguidas Caixa Galicia e Caixanova ocupan o posto cuarto e sétimo respectivamente. Este ano Inverco ofrece a información detallada, de maneira que podemos saber que o patrimonio xestionado, que nestes momentos pertence a clientes de Novagalicia Banco, ascendeu a 2.385 millóns, o que representa o 2,86% da cota de mercado española. Se a esta cifra lle unimos a actividade do Pastor, que se mantén no posto número 20, a cifra supera o 3,5%.

Os fondos de investimento e as sociedades de capital risco

Os fondos de investimento

A evolución dos fondos de investimento volveu romper as previsións e continuou perdendo patrimonio en 2011, que xa se sitúa por debaixo dos 128.000 millóns de euros e constitúe o peor rexistro da última década. A caída no valor patrimonial debeuse de novo ao desinvestimento, aínda que a taxa de redución do patrimonio baixou á metade respecto da experimentada en 2010. A mala evolución xeneralizada dos mercados de renda variable e a inestabilidade nos mercados de débeda pública provocou

Gráfico 13.

Evolución do patrimonio dos fondos de investimento en España (en millóns de euros) (datos do 31 de decembro de cada ano)



unha situación pouco favorable para o investimento mobiliario. Neste contexto, a redución do patrimonio afectou a todas as modalidades, excepto aos fondos garantidos que invisten en renda fixa, que creceron en máis dun 33% ao seren utilizados como investimento refuxio. Con todo, os transvasamentos non foron suficientes para conter a saída de recursos e 2011 saldouse cunha diminución de máis de 8.500 millóns de euros. Por outra banda, a caída na taxa de aforro desde o 13,9% ata o 11,5% do PIB prexudicou a captación de fondos de todos os instrumentos de aforro. A pesar da complexa situación que atravesa a economía española no primeiro trimestre de 2012, as previsións de Inverco seguen sendo positivas e espérase un crecemento dun 5,1% para os fondos de investimento mobiliarios e do 4,6% para o total do investimento colectivo.

A principios de 2012 publicouse o traballo realizado por Fernández et al. (2011), xa citado, no que se analiza a rendibilidade dos fondos de investimento nos últimos dez anos. Do seu estudo despréndese que, en media, a rendibilidade obtida foi inferior á rendibilidade que obtería un investidor que optase por comprar bonos do Estado a calquera prazo. Ademais, en media os investidores tiveron unha rendibilidade real negativa xa que non se superou a inflación. Dun total de 1.154 fondos, só 40 tiveron unha rendibilidade superior á dos bonos do Estado a dez anos. Neste sentido, os autores sosteñen que cando un investidor entrega o seu diñeiro a unha xestora de fondos para que llo xestione, o fai coa expectativa de obter unha rendibilidade superior á que el mesmo podería obter xestionando os seus recursos. Con todo, a análise dos resultados indica que só uns poucos fondos e xestoras xustificaron as comisións que cobran aos seus partícipes, polo que non se sostén a discriminación fiscal a favor dos mesmos. Neste sentido, os autores do devandito traballo consideran inxusto que un investidor que xestiona directamente o seu diñeiro a través das mesmas operacións que realiza o xestor do seu fondo de investimento, pague máis impostos.

Como explicamos con anterioridade, os fondos garantidos foron os únicos que gañaron patrimonio en 2011, en concreto máis dun 33%. A aversión ao risco dos aforradores e o clima volátil influíu claramente na oferta das xestoras que se concentrou neste tipo de fondos. De feito, case 6 de cada 10 fondos novos pertencen a esa categoría. En total, as xestoras incorporaron 69 novos fondos de capital asegurado, dos que 54 proporcionaban rendibilidades

Gráfico 14.

Evolución dos fondos de investimento en España por modalidades. Taxa de variación anual (en %). Ano 2011



Cadro núm. 8

Rendibilidade dos fondos de investimento (en %)
(datos do 31 de decembro de 2011)

Tipo de fondo	1 ano
Monetarios	1,88
FIM renda fixa curto prazo	1,35
FIM renda fixa longo prazo	0,91
FIM renda fixa mixta	-1,14
FIM renda variable mixta	-5,92
FIM renda variable nacional	-10,40
FIM renda fixa internacional	0,22
FIM renda fixa mixta internacional	-1,80
FIM renda variable mixta internacional	-5,93
FIM renda variable euro	-12,80
FIM renda variable internacional Europa	-12,40
FIM renda variable internacional Estados Unidos	0,49
FIM renda variable internacional Xapón	-15,90
FIM renda variable internacional emerxentes	-20,00
FIM renda variable internacional resto	-10,70
FIM globais	-5,58
Garantidos renda fixa	3,32
Garantidos renda variable	0,09
Total fondos	**-0,52**

Fonte: Inverco.

Cadro núm. 9

Clasificación de entidades xestoras de fondos de investimento
(datos do 31 de decembro de 2011)

Núm.	Entidade xestora	Núm. fondos	Patrimonio (millóns de euros)
1	Santander Asset Management	239	20.304.145
2	BBVA Asset Management	188	19.151.227
3	Invercaixa Gestión	138	14.913.455
4	Bankia Fondos	139	6.187.903
5	Popular Gestión	74	5.935.605
6	Ahorro Corp. Gestión	159	4.776.691
7	Ibercaja Gestión	98	4.431.404
8	Bansabadell Inversion	80	4.276.912
9	Bankinter Gª Activos	91	3.593.341
10	Bestinver Gestión	9	3.237.846
25	Gespastor	21	942

Fonte: Inverco.

fixas entre un 2% e un 4%. Tamén saíron ao mercado novas opcións de investimento non garantidas, algunhas delas cunha filosofía de manter ao vencemento as cédulas hipotecarias nas que se materializan, e buscando un perfil conservador. Na renda fixa tamén apareceron novidades, en concreto, 18 fondos orientados á débeda da zona euro, mentres que os fondos máis arriscados optaron por un investimento global e flexible, variables valiosas nun contexto incerto.

En 2011, para un total de 18 categorías de fondos, 11 presentaron un resultado negativo. Por esa razón o rendemento medio da totalidade dos fondos foi lixeiramente negativo (-0,52). Nestes resultados influíu de forma considerable o comportamento dos mercados financeiros. Por unha banda, os tipos de interese de intervención e o euribor continuaron baixo mínimos, mentres que a crise de débeda volveu manter disparadas as primas de risco de países como Italia, Portugal, Grecia, Irlanda e España. Este último factor afectou negativamente ás valoracións da débeda mantida na carteira e emitida con anterioridade, pero permitiu o deseño de produtos atractivos para os novos fondos constituídos. De novo, a renda variable volveu obter os peores resultados, pero neste caso foron os investidores que buscaron fondos internacionais os que saíron peor parados. Así, a renda variable internacional investida en países emerxentes rexistrou perdas do 20%, seguidas pola renda variable de Xapón. Con todo, dentro de cada categoría existen grandes diferenzas xa que o *ranking* dos dez mellores fondos españois en 2011 mostra rendibilidades comprendidas entre o 15% e o 40%, con carteiras que apostan por renda variable norteamericana ou por valores tecnolóxicos.

En relación ás xestoras de fondos de investimento mobiliarios cómpre sinalar que a actividade que viñan desenvolvendo as caixas, agora integradas en Novagalicia Banco, se inclúe dentro de Aforro Corporación. Precisamente, esta xestora perdeu dous postos no *ranking* debido ao proceso de integración do sector financeiro. En concreto, o nacemento de Bankia, que integrou o negocio de sete caixas, permitiulle subir ata o cuarto posto, desde o sexto que ocupaba Caja Madrid. Así mesmo, tamén mellorou a súa posición a xestora Popular Xestión, que desde 2011 integra a actividade do Banco Pastor.

As sociedades de capital risco

A información proporcionada por Webcapitalriesgo e a Asociación Española de Entidades de Capital Riesgo (ASCRI) recolle que a captación de novos fondos polas compañías de Capital Risco en España durante o ano 2011 foi de 2.386,5 millóns de euros, cantidade que se reduce nun 25% respecto á do ano anterior. Os fondos de pensións e os fondos de fondos foron investidores que achegaron a metade dos novos recursos, así como os bancos estranxeiros, que achegaron outro 24%. Fronte a estes, a banca española, inmersa nun intenso proceso de reestruturación, practicamente quedou á marxe. A caída de novos fondos afectou á cantidade investida que, a pesar de superar os 3.200 millóns de euros, quedou en algo máis dun 8% por debaixo da rexistrada en 2010. Non obstante realizáronse investimentos de menor contía, o cal permitiu que en 2011 se superasen as operacións realizadas. Unha vez máis, as operacións *apalancadas* captaron a maior parte dos recursos, en concreto o 67,5% nun total de 32 operacións. A estas seguíronlle os investimentos realizados en empresas en fase de expansión que representaron o 26% dos fondos investidos, pero reduciron o monto investido. Finalmente, as empresas en fase de desenvolvemento inicial captaron investimentos por valor de 111 millóns de euros nun total de 336 operacións. O sector «Outros Servizos» foi o preferido polos investidores, recibindo o 27% dos recursos, seguido de «Medicina» (15%) e de «Produtos e servizos industriais» (13,4%). Tamén se reduciu nun cuarto o investimento en empresas con base tecnolóxica. O 34% do investimento foi realizado na comunidade de Madrid, mentres que as empresas catalás concentraron o 21,5%. Por vez primeira no informe presentado por Webcapitalriesgo incluíuse información relativa aos *business angels*, destacando que a información daqueles que operan de forma organizada ascendeu a 8 millóns de euros, en operacións cuxo investimento medio non superou os 250.000 euros. Ademais, a carteira de investimento ao peche de 2011 superaba os 20 millóns de euros, tendo participación en máis de 115 empresas.

A actividade de capital risco en Galicia sufriu un importante retroceso en 2011. O Igape e BIC Galicia organizaron o foro investidor que permitiu chegar a un acordo de investimento en 7 proxectos, seleccionados de entre máis de 70. A achega de fondos neste caso proveu das redes galegas de *business angels*. En concreto, as empresas beneficiarias dun investimento que en total superou o millón de euros foron Aqualgae, Argonáutica Grupo Náutico, Asired Servizos Telemáticos, Confirmisign, Hentopharma, Ikimap e Teimas Desenvolvemento. Pola súa banda, as redes de investidores participantes estiveron integradas por Uniban, promovida pola Universidade

Cadro núm. 10

As cifras de capital risco en España

	Investimento (millóns de euros)	Núm. de operacións	Contía media (millóns de euros)**
2003	1.337	488	3,26
2004	1.967	474	4,70
2005	4.200	482	8,30
2006	2.715	612	4,40
2007	4.329	840	5,15
2008	3.026	912	3,32
2009	1.593	939	1,70
2010	3.522	904	3,90
2011*	3.233	967	3,34

* Datos estimados

** Un investimento pode realizarse a través dunha ou de máis operacións xa que a operación é o número de intervencións que un xestor fai nunha empresa. De aí que a contía media dos investimentos difira da resultante da división dos datos do cadro.

Fonte: Ascri e a Webcapitalriesgo.

Cadro núm. 11

Distribución territorial do investimento en capital risco
Ano 2011

	% de investimento
Madrid	34,4
Cataluña	21,4
Andalucía	13,6
Murcia	11,8
Asturias	6,0
Navarra	4,7
Castela e León	2,2
País Vasco	1,9
Galicia	**1,1**
C. Valenciana	1,0
Estremadura	0,8
Aragón	0,5
Castela-A Mancha	0,3
Cantabria	0,2
Baleares	0,1
A Rioxa	0,0

Fonte: Ascri e a Webcapitalriesgo.

de Santiago; a de innovación InnoBan; Bang (*Business Angels Network Galicia*) e Redinvest, do Círculo de Empresarios de Galicia Club Financeiro Vigo. Ademais, a dispoñibilidade de recursos para o financiamento de iniciativas de base tecnolóxica incrementouse en 2011 coa creación dun novo fondo (i2C) por parte da Consellería de Economía e Industria que, xestionado por Xesgalicia, conta cunha dotación de 20 millóns de euros. En concreto, este fondo realizou a súa primeira operación coa empresa galega de nanotecnoloxía Nanogap. A través do mesmo, a empresa obterá financiamento por máis dun millón de euros, o cal permitirá abordar a súa expansión no mercado asiático e triplicar o persoal coa creación de 20 novos postos de traballo nos próximos cinco anos.

O investimento por comunidades autónomas mostra como Madrid e Cataluña concentraron máis do 55% dos fondos e as operacións, seguidas de Andalucía (13,6%) e Murcia (11,8%). Neste sentido,

non foi un ano particularmente bo para a comunidade galega, xa que perdeu cinco posicións no *ranking*, ao ser en 2010 o terceiro territorio en captación de investimentos. O papel das entidades de capital risco galegas en 2011, segundo a información de Webcapitalriesgo, concrétase nun investimento de 13,8 millóns de euros nun total de 26 operacións realizadas por Xesgalicia, Gescaixa, Netaccede, Vigo Activo e Unirisco. Con todo, cómpre ter en conta o investimento realizado por outras entidades de fóra da rexión para chegar á cifra total investida. En concreto, a distribución territorial do investimento mostra como Galicia participou nun 1,1%, cantidade que ascende a 35,56 millóns de euros. Esta cantidade é a menor rexistrada desde 2007 e reflicte tanto a menor actividade investidora das sociedades galegas como a ausencia de operacións relevantes protagonizadas por investidores estranxeiros.

As sociedades de garantía recíproca e os establecementos financeiros de crédito

As sociedades de garantía recíproca (SGR)

As sociedades de garantía recíproca cumpren un papel fundamental no proceso de financiamento das pemes, xa que conceden avais que facilitan o acceso ao crédito. A súa función cobra máis importancia no contexto actual, onde a captación de recursos alleos continúa sendo un problema para as empresas europeas e, en particular, para as españolas. Así se fai constar no sexto informe sobre os resultados da *Encuesta sobre el Acceso a la Financiación de las Pemes en la Zona Euro*. Este estudo, realizado para o período comprendido entre outubro de 2011 e marzo de 2012, mostra como unha maior porcentaxe de empresas denunciaron o empeoramento das condicións para a obtención de financiamento, o aumento no rexeitamento de solicitudes de préstamos e o incremento do custo financeiro. Esta situación indica que as entidades non aplicaron as poxas realizadas pola institución monetaria europea para conceder crédito ao sector privado, preferindo destinalo a incrementar a liquidez e ao financiamento do sector público.

O momento de especial dificultade financeira tamén afectou á actividade realizada polas sociedades de garantía recíproca, posto que en 2011 se formalizaron avais por

Cadro núm. 12

As sociedades de garantía recíproca en España (en millóns de euros)

Avais	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Formalizados	1.494	1.808	2.258	2.441	2.238	2.515	1.765	1.283
Formalizados acumulado	10.488	12.297	14.556	16.993	19.230	21.753	23.518	24.801
Risco vivo	3.307	3.945	4.826	5.638	5.938	6.524	6.533	6.200
% variación	16,90	19,29	22,33	16,82	5,30	9,86	0,15	-5,10

Fonte: Cesgar.

valor de 1.283 millóns de euros, un 27% menos que o ano anterior. Nesta situación influíu a caída xeneralizada do crédito, observándose ata o rexeitamento de operacións avaladas polas SGR. Esta situación provocou unha redución no risco vivo nun 5%, de xeito que a finais de 2011 se apoiaban operacións por valor de 6.200 millóns de euros. Este apoio beneficia a un total de 110.000 empresas que xeran máis de 826.000 postos de traballo. Ademais, o financiamento que se apoia mediante este instrumento foi fundamentalmente a medio e longo prazo, posto que máis do 92% supera os tres anos de vencemento e se concede a empresas de menos de 50 traballadores.

En 2012 puxéronse en marcha diversas iniciativas públicas que poden axudar a mellorar a obtención de financiamento co concurso das sociedades de garantía recíproca. En particular aprobouse unha liña de financiamento para impulsar a saída ao exterior das empresas españolas. En total preténdese mobilizar 100 millóns de euros. O risco das operacións é asumido polo ICO nun 50%, un 25% polas SGR e o resto polas entidades financeiras participantes. Estes créditos solicítanse no ICEX ou en calquera entidade financeira adherida e posteriormente son remitidos ás sociedades de garantía recíproca para que avalíen a súa viabilidade. A esta facilidade de crédito únese, a partir de abril de 2012, unha nova liña ICO por importe de 1.000 millóns de euros destinada a pemes e autónomos. O destino do financiamento poderá ser tanto o investimento en activo fixo como en circulante, ascendendo a contía máxima a 1 millón de euros e, de novo, co concurso dunha sociedade de garantía recíproca. O custo do aval concedido roldará entre o 0,9% e o 1,2% do saldo vivo avalado, mentres que o prazo pode prolongarse ata quince anos.

Cadro núm. 13

Actividade das sociedades de garantía recíproca galegas
(en euros)

	Avais formalizados	Risco vivo
2010		
Afigal	77.900.232	280.003.869
Sogarpo	41.386.272	15.189.651
Total Galicia	**119.286.504**	**295.193.520**
2011		
Afigal	77.317.177	291.861.053
Sogarpo	31.716.960	148.153.188
Total Galicia	**109.034.137**	**440.014.240**

Fonte: Cesgar.

A actividade das sociedades de garantía recíproca galegas tamén experimentou unha redución no volume de avais formalizados (-8,5%) respecto a 2010, malia que é preciso destacar que a evolución foi moito máis favorable que a nivel nacional. A distribución sectorial mostra como unha parte moi importante dos avais (31,7%) foron destinados a financiar o sector servizos, ao que seguen comercio, cun 26,8%, e construción e industria, con algo máis dun 18% cada un. En canto ás entidades prestamistas, máis do 60% do volume de crédito avalado foi realizado por caixas de aforro. Os préstamos destinados a financiar o investimento produtivo acapararon máis do 44% dos recursos mobilizados, en operacións a máis de oito anos. Por último, hai que comentar que a maior parte das operacións requiriron a achega de garantías complementarias, tanto reais como persoais.

As entidades de leasing, renting e factoring

As entidades de *leasing*

O financiamento a través de *leasing* deixou atrás a recuperación vivida en 2010 e volveu sumirse na depresión e a decrecer por riba do 30%, de xeito que en 2011 se investiron pouco máis de 5.200 millóns de euros. O *leasing* adoita tomarse como indicador da situación económica, de maneira que, se temos en conta que a cantidade investida en 2011 foi catro veces inferior á de 2007, podemos facernos unha idea da contracción do investimento que está a experimentar a economía española. Os novos investimentos non foron suficientes para conter a amortización de contratos e o investimento vivo reduciuse en máis dun 15%, ata os 26.541 millóns de euros. Deste investimento, practicamente o 76% foi destinado a operacións de *leasing* mobiliario, por un 24% de inmobiliario. A principios de 2012 obsérvase como algunhas empresas automobilísticas como BMW, Toyota ou Audi están utilizando esta fórmula para promocionar os últimos modelos que sacan ao mercado. Con esta medida tratan de estimular a venda nun mercado sumido nunha profunda crise a través do aluguer con opción de compra.

Cadro núm. 14

As cifras do «leasing» en España

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Investimento novo (en millóns de euros)	18.672	21.544	14.208	7.054	7.545	5.233
% variación	14,60	15,38	-34,05	-50,35	6,96	-30,64
Novos contratos	289.000	286.263	177.163	110.406	112.877	93.369
Investimento vivo (en millóns de euros)	39.015	43.548	42.269	36.945	31.349	26.541

Fonte: Asociación Española de *Leasing*.

A caída do investimento novo nesta ocasión débese ao mal comportamento do transporte aéreo e marítimo. Así, se en 2010 representou o 18% do investimento e xerou a totalidade do crecemento, en 2011 o seu peso reduciuse ata o 4%. Este feito provocou que o resto de sectores, a pesar de reducir o volume investido, gañasen cota de mercado. En particular, o transporte terrestre (20%), a maquinaria de produción industrial (17%) e os turismos, acapararon o 50% do investimento que, unido ao *leasing* inmobiliario, case sumaron o 75% do total. O resto de contratos e recursos des-

Gráfico 15.

Destino das operacións de «leasing»
(datos do 31 de decembro de 2011)



Cadro núm. 15

As cifras do «leasing» por comunidades autónomas. Ano 2011

	Investim. novo (en miles de euros)	% sobre o total	TVI (%)
Andalucía	547.945	10,5	-10,5
Aragón	124.916	2,4	1,4
Asturias	64.193	1,2	-32,8
Baleares	117.478	2,2	-60,6
Canarias	168.957	3,2	-25,6
Cantabria	39.152	0,7	4,0
Castela-A Mancha	144.247	2,8	-8,2
Castela e León	203.367	3,9	-19,7
Cataluña	943.334	18,0	-32,6
Estremadura	69.941	1,3	-23,1
Galicia	**237.390**	**4,5**	**3,1**
A Coruña	143.063	2,7	40,3
Lugo	34.320	0,7	-26,8
Ourense	17.477	0,3	-29,8
Pontevedra	42.531	0,8	-24,6
Madrid	1.748.649	33,4	-41,6
Murcia	143.964	2,8	3,9
Navarra	45.266	0,9	-23,3
A Rioxa	30.115	0,6	-43,8
C. Valenciana	382.431	7,3	-24,8
País Vasco	203.129	3,9	-23,2
Ceuta e Melilla	19.765	0,4	506,0
Total	**5.234.238**	**100,0**	**-30,6**

Fonte: Asociación Española de *Leasing*.

tinouse a maquinaria de obras públicas, equipos médicos, ofimática, material de elevación e outros bens.

A importante contracción do investimento en *leasing* traduciuse en caídas xeneralizadas na maior parte das comunidades autónomas que viron reducirse de novo dita magnitude en máis dun 30%. Só algunhas rexións presentaron unha evolución favorable, destacando o caso particular de Galicia que, fronte ao acontecido no resto de España, logrou incrementar as operacións de *leasing* nun 3,1%. Este feito é particularmente importante, se temos en conta que en comunidades como Baleares a caída do investimento superou o 60% e en Madrid o 40%. Non obstante, hai que matizar que este resultado foi consecuencia do investimento realizado na Coruña, xa que o resto das provincias experimentaron fortes retrocesos. En todo caso, a comunidade segue gañando cota de mercado e xa representa máis do 4,5% do total nacional.

As entidades de *renting*

A frota de vehículos financiada a través da actividade de *renting* reduciuse por terceiro ano consecutivo, de maneira que en decembro de 2011 era un 4,2% inferior a 2010, apenas superando as 470.000 unidades. A caída tivo o seu reflexo na facturación, que caeu ata pouco máis de 4.100 millóns de euros. Esta evolución foi o resultado dun número de baixas de vehículos que non puido ser compensada con novas adquisicións. Aínda así, estas últimas creceron algo máis dun 3% e contribuíron a frear a redución de matriculacións, malia que se situaron moi lonxe dunhas previsións establecidas o ano anterior no 20%. En 2011 matriculáronse en España un total de 928.589 vehículos, retrocedendo desde preto dos 2 millóns de 2007 a cifras descoñecidas desde principios dos anos noventa. Dado que a través do *renting* se matricularon 123.333 vehículos, a actividade xa supón máis do 13% das novas adquisicións. Nesta evolución influíu de forma particular o mal momento polo que atravesan as pequenas e medianas empresas, xa que aínda que representan un mercado cun gran potencial, na actualidade teñen unhas limitacións financeiras que impiden a contratación deste produto. Un segmento moi relevante estivo constituído polos vehículos que utilizan enerxías renovables, financiados en gran medida a través do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE). O crecemento rexistrado por este tipo de vehículos foi superior ao 100%, como consecuencia da maior sensibilidade dos clientes, do asesoramento das compañías de *renting* e do programa de axudas que fan máis competitiva esta opción. Con todo, o crecemento neste ámbito pode atopar trabas no futuro, xa que segundo Arval, compañía especialista en *renting* de BNP Paribas, na cuarta edición do Barómetro do Vehículo de Empresa recolle a perda do interese das empresas para adquirir vehículos eléctricos nun 90%. En concreto, só un 2% dos enquisados pensan en incorporar esta tecnoloxía antes de 2014, fronte ao 21% da pasada edición. As previsións para 2012 non permiten albiscar un horizonte de mellora, xa que, segundo a *Asociación Española de Renting* (AER), as novas matriculacións a través deste instrumento se manterán nos niveis de 2011. Porén, a evolución do primeiro trimestre fai presaxiar unha caída en todas as magnitudes, algo coherente cunha economía en recesión.

Cadro núm. 16

Evolución do sector de «renting» en España

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Frota	353.493	398.064	445.686	503.006	556.569	571.565	521.124	491.056	470.223
% variación	14,0	12,6	12,0	12,9	10,7	2,7	-8,8	-5,7	-4,2
Facturación (en millóns de euros)	2.439	2.856	3.294	3.941	4.579	4.771	4.475	4.286	4.115
% variación	15,8	17,1	15,3	19,6	16,2	4,2	-6,2	-4,2	-3,9
Compras de vehículos	125.693	144.777	165.574	185.173	202.910	181.833	96.306	119.660	123.333
% variación	13,2	15,2	14,4	11,8	9,6	-10,4	-47,0	24,3	3,1

Fonte: Asociación Española de *Renting*.

Cadro núm. 17

Distribución territorial da frota de «renting» en España. Ano 2011

	%
Madrid	36,90
Cataluña	26,58
C. Valenciana	7,84
Andalucía	7,80
País Vasco	5,62
Galicia	**3,28**
Aragón	2,20
Castela e León	1,97
Castela-A Mancha	1,62
Murcia	1,37
Canarias	1,18
Asturias	0,85
Navarra	0,81
Baleares	0,72
Cantabria	0,53
Estremadura	0,48
A Rioxa	0,23
Ceuta	0,01
Melilla	0,01

Fonte: Asociación Española de *Renting*.

O comportamento do mercado de *renting* en 2011 non presenta grandes cambios respecto ao tipo de modelos máis adquiridos, que continúan pertencendo ao segmento medio e á categoría de comerciais. Non obstante produciuse un cambio relevante nas marcas máis demandadas, xa que só Renault e Peugeot se manteñen, mentres que Citroën deixou de estar entre as tres preferidas, para ser substituída por Opel. A frota continúa sendo maioritariamente diésel (91,83%), fronte ao 8,17% dos vehículos que utilizan gasolina como combustible. Así mesmo, a duración dos contratos segue aumentando, de modo que máis ou menos xa se sitúa en 45,15 meses, aspecto que tamén está afectando ao número de matriculacións.

A repartición da actividade por comunidades autónomas tampouco experimentou grandes cambios, xa que Madrid e Cataluña seguen acaparando máis do 63% do negocio de *renting*, mentres que Galicia aumenta lixeiramente a cota de mercado (3,28% fronte ao 3,22% de 2010). En 2011 a compañía de *renting* Arval publicou un estudo do aforro que podería supoñer para a Administración a substitución do seu parque móbil en propiedade pola opción de *renting*. Segundo estimacións da entidade, a Administración obtería un aforro de 2,2 millóns, equivalente ao 20% do total que destina a esta partida.

As entidades de *factoring*

A actividade de *factoring*, a diferenza do resto de institucións financeiras, volveu ter motivos para continuar crecendo en 2011, de modo que o investimento vivo creceu de novo por riba do 8%. Desde o inicio da crise financeira de 2007 poucas actividades tiveron unha evolución tan favorable, posto que o volume de recursos xestionado medrou aproximadamente un 50%. En particular, en 2011 o volume de investimento superou os 122.000 millóns de euros e mobilizou unha cantidade de recursos equivalente ao 16,6% do PIB español. O *factoring* permitiu ás empresas un mellor acceso ao financiamento, a obtención de liquidez e a seguridade dos cobros. O escenario de especial dificultade polo que atravesa a economía española potenciou o valor dos servizos proporcionados polas entidades de *factoring*.

O crecemento produciuse en todas as modalidades, aínda que foi o *factoring* internacional, cun 17,36% e 13.042 millóns de facturación, o que conseguiu elevar máis a súa cifra de negocio. A falta de demanda interna impulsou a procura do negocio exterior e, en consecuencia, a contratación do *factoring* internacional para eliminar barreiras idiomáticas e o risco de falta de pagamento. De acordo coa información proporcionada polo ICEX, as exportacións españolas de mercancías incrementáronse en máis dun 15%, o cal permitiu unha redución do déficit comercial en máis dun 11%, cifra que chega ao 64% para o déficit non enerxético. Os sectores máis dinámicos foron bens de equipo (15,2%) e automóbil (10,6%), seguidos de alimentación (14,2%) e produtos químicos (13,7%). Este dinamismo da actividade internacional foi o principal responsable do crecemento do *factoring*.

Cadro núm. 18

Evolución do volume de negocio de «factoring» en España (en millóns de euros)

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Internacional	1.043	1.513	2.164	3.801	4.208	8.147	9.588	11.112	13.042
Nacional	21.920	26.606	32.677	35.611	45.391	49.244	46.031	48.420	51.358
Factoring a provedores	14.523	17.384	23.182	28.065	33.303	48.179	48.603	53.375	57.725
Volume de cesións	**37.486**	**45.503**	**58.023**	**67.477**	**82.902**	**105.570**	**104.223**	**112.907**	**122.125**
% variación	18,2	21,4	27,5	16,3	22,9	27,3	-1,3	8,3	8,1

Fonte: Asociación Española de *Factoring*.

Respecto ao *factoring* nacional, o maior crecemento correspondeu ao *factoring* con recurso (17,94%). Neste sentido, as empresas trataron de utilizar este produto como instrumento de cobertura fronte ao crecente risco de crédito. De feito, en 2011 os datos de morosidade das entidades financeiras mostran un escenario especialmente complexo, xa que máis do 7,6% do crédito concedido resultou ser moroso. Tamén evolucionou de maneira favorable a demanda de *factoring* a provedores cun 8,29% de incremento de facturación. Esta actividade ten por obxecto a xestión de pagos de grandes clientes e practicamente acapara a metade do negocio de *factoring*.

Por sectores, outros servizos liderou o *ranking* de facturación con máis de 28.000 millóns de facturación, seguido da industria manufactureira, cun volume de xestión de 27.721 millóns de euros, un 5,63% máis que en 2009. Ademais, o sector de comercio e reparacións rexistrou o maior crecemento (33,38%) e xa supera os 25.952 millóns de euros. Tamén experimentou unha forte expansión o sector de transporte, almacenamento e comunicacións, que crece máis do 26% e se sitúa como a cuarta actividade máis importante. O resto de actividades presentaron en xeral unha caída no volume facturado, destacando en particular os sectores de industrias extractivas (-32,56%), construción (-9,69%) e agricultura e gandería (-6,68%).

Por comunidades, Madrid (41,59%) e Cataluña (20,54%) continúan concentrando a actividade do sector. Hai que ter en conta que o pago a provedores supón a me-

tade do negocio e ten como clientes grandes empresas. Ademais, non todas as institucións financeiras dispoñen dunha distribución territorial do negocio, polo que se produce unha especial concentración en Madrid. En 2001, Galicia mobilizou un total de 5.006 millóns de euros, contía que representa un 4,09% da cota de mercado nacional e a sitúa como o sexto mercado máis importante, por detrás do País Vasco, e a gran distancia de Castela e León. A maior parte do volume de negocio galego está en mans de Novagalicia Banco, que, á súa vez, é unha das entidades máis activas a nivel nacional.

VIII. Sector público

Introdución

A nosa análise do sector público galego baséase principalmente no sector público autonómico, en correspondencia coa información dispoñible e co debate que de forma permanente se produce respecto do mesmo, tanto no tocante ao seu financiamento como á utilización dos recursos dispoñibles. Recollemos tamén, coas limitacións derivadas da falta de datos, a información máis relevante do sector público local galego e das actuacións da Administración central en Galicia.

O sector público autonómico galego

Ao clasificar o sector público autonómico galego considerando todas as entidades que abrangue o perímetro de consolidación definido polo Sistema Europeo de Contas (SEC-95), debemos diferenciar o subsector das *Administracións públicas*, o subsector das *Empresas públicas* e o subsector das *Fundacións* e *Consorcios*. No cadro 1 recóllense os axentes que configuran cada un destes subsectores, segundo o reflectido nos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011, representando ditos suxeitos o conxunto da actividade estatutaria, administrativa e empresarial levada a cabo polo sector público autonómico galego e, con iso, a súa actividade económico-financeira. Quedan excluídas desta clasificación do sector público autonómico galego as tres universidades públicas, así como o resto de entidades con participación minoritaria da Xunta de Galicia.

No ámbito das *Administracións públicas* intégranse, baixo o epígrafe de Administración xeral, os orzamentos das diferentes consellerías, ás que se deben engadir Presidencia da Xunta, órganos institucionais –Parlamento, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo– e determinadas seccións singularizadas como as «Transferencias a corporacións locais» e a «Débeda pública». Intégranse tamén dentro do subsector de *Administracións públicas* os dez organismos autónomos de tipo administrativo, cun carácter instrumental, entre os que destaca, pola importancia das actividades desenvolvidas e a contía dos recursos que administra, o Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Cadro núm. 1

Sector público autonómico de Galicia. Ano 2011

Administracións públicas	Empresas públicas
Administración xeral	**Organismos autónomos comerciais/industriais**
Órganos institucionais	Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)
Parlamento	Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)
Consello de Contas	**Axencias públicas autonómicas**
Consello da Cultura Galega	Axencia Galega das Industrias Culturais (AGAIC)
Consello Consultivo	**Sociedades públicas**
Seccións orgánicas	*Entes públicos*
Presidencia da Xunta	Consello Económico e Social (CES-Galicia)
Cons. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Cons. Facenda	Centro Informático Xestión Tribut., Econ. Finan. Contable (CIXTEC)
Cons. Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Portos de Galicia
Cons. Economía e Industria	Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos
Cons. Educación e Ordenación Universitaria	Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
Cons. Sanidade	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)
Cons. Cultura e Turismo	Compañía de Radiotelevisión de Galicia e Sociedades (CRTVG)
Cons. Traballo e Benestar	Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño
Cons. Medio Rural	Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal)
Cons. Mar	Axencia Galega de Emerxencias
Transferencias a Corporacións Locais	Consello Galego de Relacións Laborais
Débeda Pública	*Sociedades mercantís*
Gastos diversas consellerías	S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia
Organismos autónomos administrativos	S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia
Servizo Galego de Saúde (Sergas)	Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia
Escola Galega de Administración Pública (EGAP)	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.
Instituto Galego de Estatística (IGE)	Sodiga, S.C.R.
Instituto Galego de Consumo (IGC)	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI)
Augas de Galicia (Augas)	XesGalicia, S.A.
Academia Galega de Seguridade Pública (AGSP)	Xestur-A Coruña
Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC)	Xestur-Lugo
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)	Xestur-Ourense
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (IGSSL)	Xestur-Pontevedra
	Galicia Calidade, S.A.
	Xenética Fontao, S.A.
	S.A. Xestión do Plan Xacobeo
	S. de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia)
	Redes de Telecomunicacións Galegas, S.A. (Retegal)
	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.
	Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama)
	Autoestrada Alto San Domingos-Ourense S.A.
	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.
	Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia

[Continúa] ▶

Cadro núm. 1 (continuación)

Sector público autonómico de Galicia. Ano 2011

Fundacións e consorcios	
Fundacións públicas	**Consorcios**
Fundación Deporte Galego	Consorcio Audiovisual de Galicia
Fundación Semana Verde de Galicia	Consorcio Instituto de Estudos Turísticos de Galicia
Fundación Galicia Europa	Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	
Fundación Centro de Supercomputación de Galicia	
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico	
Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia	
Fundación Instituto Feiral da Coruña	
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	
Fundación Pública Urxencias Sanitarias Galicia 061	
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	
Fundación Illa de San Simón	
Fundación Galega para o Impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller (SGI), deixa de ser organismo autónomo administrativo e intégrase na S.X. de Igualdade en outubro de 2010.
Mediante a Lei 15/2010 acórdase a disolución da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal e das Fundacións para o Desenvolvemento Comarcal, así como da S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia, aínda que se manteñen nos Presupostos de 2011.
Durante o exercicio 2010 extinguíronse a Fundación Galicia Emigración e a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.
Fonte: Xunta de Galicia e Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma 2010 e 2011.

Polo que respecta ao subsector das *Empresas públicas*, nel intégranse os organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro e análogo, as axencias públicas autonómicas e as sociedades públicas. Pola súa vez, dentro destas últimas deben diferenciarse os entes públicos e as sociedades de carácter mercantil. Complétase o ámbito do sector público galego integrado nos orzamentos do ano 2011 con dezanove *Fundacións* e tres *Consorcios*.

En relación co sector público autonómico galego e a súa composición, desde o ano 2010 o Goberno galego ten en marcha un Plan de Reestruturación da Administración Paralela co obxectivo de eliminar organismos e introducir melloras e reformulacións no resto. Aínda que a meirande parte dos organismos obxecto deste plan de reestruturación non se integran no ámbito orzamentario mostrado nos cadros adxuntos, cómpre facer referencia á supresión do Instituto Galego de Promoción da Igualdade do Home

e da Muller, que deixou de ser organismo autónomo administrativo para integrarse na Secretaría Xeral de Igualdade, á disolución da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal, coas correspondentes fundacións para o desenvolvemento comarcal, e á extinción da Fundación Galicia Emigración e da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia. No que atinxe aos consorcios, en 2011 deixan de integrarse no ámbito dos orzamentos da comunidade autónoma o Consorcio de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia e o Consorcio Rede de Abastecemento Auga Cervo-Burela.

Partindo da clasificación antes referida procederemos á análise do sector público galego, centrándonos inicialmente no ámbito das *Administracións públicas*, no que, por coherencia coa información dispoñible, integramos tamén a actividade dos organismos autónomos comerciais –incluíndo a Axencia Pública Autonómica de Industrias Culturais–, revisando posteriormente o sector público empresarial, así como as *Fundacións e Consorcios.* A información utilizada para esta análise procede das liquidacións orzamentarias da Administración xeral da comunidade autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos, correspondentes ao exercicio 2010 e anteriores, así como dos orzamentos do ano 2011 aprobados polo Parlamento de Galicia. Para a in-

Cadro núm. 2

Ingresos: dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega (en miles de euros)
Ano 2010

Capítulos	Admón. xeral	Sergas	Resto org. autón. admin.	Org. autón. comerciais	Total	Transferen. internas	Total consolidado	%
Impostos directos	1.385.326				1.385.326		1.385.326	12,2
Impostos indirectos	1.874.742				1.874.742		1.874.742	16,5
Taxas e outros ingresos	160.576	48.201	38.117	1.419	248.313		248.313	2,2
Transferencias correntes	5.013.579	3.588.891	36.024	29.731	8.668.224	3.517.178	5.151.047	45,4
Ingresos patrimoniais	13.941	277	111	5.260	19.589		19.589	0,2
Total ingresos correntes	**8.448.163**	**3.637.369**	**74.251**	**36.410**	**12.196.193**	**3.517.178**	**8.679.016**	**76,5**
Alleamento								
investimentos reais	461		0	21.044	21.505		21.505	0,2
Transferencias de capital	811.467	81.582	77.529	277.591	1.248.170	430.421	817.748	7,2
Total ingresos de capital	**811.929**	**81.582**	**77.529**	**298.634**	**1.269.675**	**430.421**	**839.253**	**7,4**
Total ingresos non-financeiros	**9.260.091**	**3.718.951**	**151.781**	**335.045**	**13.465.868**	**3.947.599**	**9.518.269**	**83,9**
Variación de activos financeiros	6.140	1.135		18	7.294		7.294	0,1
Variación de pasivos financeiros	1.822.277				1.822.277		1.822.277	16,1
Total ingresos financeiros	**1.828.417**	**1.135**		**18**	**1.829.570**		**1.829.570**	**16,1**
TOTAL INGRESOS	**11.088.509**	**3.720.086**	**151.781**	**335.063**	**15.295.438**	**3.947.599**	**11.347.839**	**100,0**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

formación de ámbito estatal recóllense os datos subministrados principalmente polos actuais *Ministerios de Hacienda y Administraciones Públicas* e *Ministerio de Economía y Competitividad*.

Administracións públicas

Nos cadros 2 e 3 preséntase, de forma diferenciada para os distintos capítulos da clasificación económica, a liquidación do orzamento de ingresos e gastos da Administración autonómica galega e dos organismos autónomos dependentes dela, correspondentes ao exercicio 2010. Neles constátase como a meirande parte da actividade do sector público autonómico galego se canaliza a través da Administración xeral que xestiona o groso dos recursos autonómicos, ao tempo que actúa como fonte de financiamento principal dos organismos autónomos e das sociedades públicas.

No exercicio 2010 a liquidación do orzamento da Administración autonómica acadou un volume de obrigas recoñecidas de 11.130,6 millóns de euros, cantidade sensiblemente inferior á do exercicio anterior –cunha diminución do 5,9%–, fronte a uns dereitos recoñecidos de 11.347,8 millóns de euros, o que supuxo xerar un superávit orzamentario de 217,2 millóns de euros. Do conxunto desa actividade orzamentaria, a Administración xeral xestionou directamente un 63,3%, o Sergas un 33,6% e o resto

Cadro núm. 3

Gastos: obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega (en miles de euros)
Ano 2010

Capítulos	Admón. xeral	Sergas	Resto org. autón. admin.	Org. autón. comerciais	Total	Transferen. internas	Total consolidado	%
Gastos de persoal	2.082.682	1.699.300	23.953	17.308	3.823.242		3.823.242	34,3
Compras de bens e servizos	474.886	869.587	8.773	3.992	1.357.238		1.357.238	12,2
Xuros	121.617	160	41	270	122.088		122.088	1,1
Transferencias correntes	5.747.627	1.095.036	6.951	13.050	6.862.664	3.517.178	3.345.486	30,1
Fondo de continxencia								
Total gastos correntes	**8.426.812**	**3.664.083**	**39.717**	**34.620**	**12.165.232**	**3.517.178**	**8.648.054**	**77,7**
Investimentos reais	740.525	77.637	21.842	42.439	882.443		882.443	7,9
Transferencias de capital	1.068.257	1.497	74.747	234.411	1.378.913	430.421	948.491	8,5
Total gastos de capital	**1.808.782**	**79.134**	**96.589**	**276.850**	**2.261.356**	**430.421**	**1.830.934**	**16,4**
Total gastos non-financeiros	**10.235.594**	**3.743.217**	**136.307**	**311.469**	**14.426.587**	**3.947.599**	**10.478.988**	**94,1**
Variación de activos financeiros	125.030	990		5.664	131.684		131.684	1,2
Variación de pasivos financeiros	515.981			3.958	519.939		519.939	4,7
Total gastos financeiros	**641.011**	**990**		**9.622**	**651.622**		**651.622**	**5,9**
TOTAL GASTOS	**10.876.605**	**3.744.207**	**136.307**	**321.091**	**15.078.209**	**3.947.599**	**11.130.610**	**100,0**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 4

Evolución do gasto autonómico (en euros por habitante)

	1997	1999	2001	2003	2005	2007	2009	2010	2011
Andalucía	1.915	2.148	2.334	2.760	3.162	3.653	4.067	4.030	3.765
Aragón	1.131	1.602	1.887	3.026	3.369	3.964	4.339	4.247	3.935
Asturias	872	933	1.674	2.861	3.197	3.743	4.141	4.242	4.032
Baleares	581	997	1.103	1.969	2.730	2.819	3.255	3.071	3.053
Canarias	1.901	2.117	2.303	2.436	2.807	3.404	3.644	3.833	3.244
Cantabria	875	1.107	1.773	2.991	3.372	3.884	4.234	4.153	4.047
Castela e León	1.039	1.202	1.975	3.003	3.450	3.847	4.129	4.132	3.930
Castela-A Mancha	1.348	1.480	2.074	3.207	3.611	4.183	4.516	4.583	4.077
Cataluña	1.767	1.972	2.166	2.496	3.192	3.783	4.048	4.390	4.380
Estremadura	1.233	1.555	2.120	3.376	3.861	4.637	5.233	5.076	4.684
Galicia	**1.938**	**2.191**	**2.507**	**2.866**	**3.348**	**3.953**	**4.218**	**4.177**	**3.474**
Madrid	698	860	1.312	2.220	2.568	2.973	3.129	2.975	2.896
Murcia	703	805	1.383	2.188	2.499	3.004	3.551	3.466	3.347
A Rioxa	795	1.468	1.681	2.925	3.297	3.983	4.133	4.196	3.925
C. Valenciana	1.524	1.691	1.893	2.099	2.352	2.754	2.895	2.910	2.783
CC.AA. réxime común	**1.433**	**1.644**	**1.981**	**2.588**	**3.021**	**3.517**	**3.810**	**3.837**	**3.618**
Navarra	3.028	3.750	4.282	4.169	5.397	6.495	6.822	6.923	6.531
País Vasco	2.072	2.140	2.495	2.960	3.383	4.112	4.839	4.750	4.844
CC.AA. réxime foral	**2.269**	**2.475**	**2.871**	**3.218**	**3.820**	**4.636**	**5.285**	**5.241**	**5.227**
Ceuta	1.077	1.328	1.963	2.643	2.835	3.103	3.333	3.259	3.082
Melilla	1.283	1.836	1.978	2.344	2.662	2.801	3.225	3.180	2.969
Cidades co estatuto de autonomía	**1.175**	**1.570**	**1.970**	**2.499**	**2.752**	**2.956**	**3.281**	**3.221**	**3.027**
Total	**1.487**	**1.698**	**2.039**	**2.628**	**3.070**	**3.584**	**3.896**	**3.919**	**3.712**

Orzamentos da Administración xeral das comunidades autónomas consolidados cos seus organismos autónomos.
Fonte: *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas* (MHAP). *Dirección General de Cooperación Autonómica.*

de organismos autónomos un 4,1% aproximadamente. Este volume de obrigas representan un gasto recoñecido por habitante da Administración galega no ano 2010 de 3.978 euros, o que significa 250 euros menos de gasto por cada galego respecto ao exercicio anterior.

Buscando establecer unha comparativa co resto do Estado, no cadro 4 recóllese a evolución desde o ano 1997 do gasto autonómico por habitante, segundo o presupostado polas diferentes comunidades e cidades autónomas do Estado español. Galicia presenta unhas magnitudes de gasto autonómico por habitante que, se ben durante

Gráfico 1.

Gasto autonómico en España (en % do PIB)



moitos anos estiveron por riba da media con cifras das máis altas entre as comunidades autónomas de réxime común, nos últimos anos ten corrixido as diferenzas positivas ata presentar no ano 2011 cifras de gasto por habitante inferiores á media. A culminación dos procesos de traspaso de competencias ao resto de comunidades autónomas –en especial en materia de sanidade–, xunto co resultado dos modelos de financiamento introducidos nos anos 2002 e 2009, cuxos resultados analizaremos deseguido, están detrás das causas explicativas desta evolución.

Se relacionamos os recursos administrados polo sector público autonómico galego co Produto Interior Bruto (PIB) podemos valorar de maneira máis apropiada o seu peso relativo dentro da economía galega. No gráfico 1 indícase a evolución, en porcentaxe do PIB, dos orzamentos das comunidades autónomas en España. O gasto autonómico galego representou nos anos 2009 e 2010 máis do 21% do PIB, porcentaxe significativamente superior á media do conxunto do Estado español, situada ao redor do 17%, se ben destaca a forte diminución da previsión do gasto autonómico para o ano 2011, que o sitúa en Galicia no 17,5% do PIB e no conxunto do Estado no 16,5%. As medidas de estabilidade orzamentaria impostas desde a Administración central ás comunidades autónomas coa finalidade de cumprir cos obxectivos orzamentarios explican este comportamento.

Estrutura e dinámica dos ingresos

A cifra de ingresos consolidados da Administración galega –excluídas as empresas públicas–, ascendeu no exercicio 2010 a un total de 11.347,8 millóns de euros, dos que un 52,6% se acadaron mediante transferencias, tanto correntes como de capital, procedentes principalmente da Administración central, un 30,9% por tributos propios ou cedidos e o resto por ingresos patrimoniais e o recurso ao endebedamento. Coa análise das cifras agregadas de ingresos constátase de forma clara a importante repercusión que sobre as contas públicas está a ter a situación económica actual. O total de ingresos autonómicos diminuíu un 5,6%, se ben os recursos por tributos propios e cedidos diminuíron un 14,8% e as transferencias un 12,9%, compensando parcialmente estes menores ingresos co recurso ao endebedamento. Tamén os ingresos patrimoniais, o alleamento de investimentos e a variación de activos diminuíron un 58,3% respecto do exercicio anterior, malia que a importancia das súas magnitudes é menor.

Cadro núm. 5

Evolución dos ingresos autonómicos en Galicia (en miles de euros)

Conceptos	2009	2010	Variación		% variación 2010-2009
			Absoluta	Repartición (%)	
Tributos cedidos e propios	4.118.897	3.508.380	-610.517	90,4	-14,8
Transferencias	6.852.220	5.968.795	-883.425	130,8	-12,9
Endebedamento	936.274	1.822.277	886.003	-131,1	94,6
Outros ingresos	116.093	48.387	-67.706	10,0	-58,3
Total	**12.023.484**	**11.347.839**	**-675.645**	**100,0**	**-5,6**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Para unha mellor análise dos ingresos de Galicia debemos ter en conta que pertence ás comunidades de réxime común e, polo tanto, o seu financiamento provén de dous grandes bloques:

- Financiamento incondicionado, constituído principalmente polas transferencias da Administración xeral do Estado, os ingresos por tributos e por todos aqueles outros recursos non vinculados directamente a unha finalidade determinada. O financiamento incondicionado debe garantir ás comunidades de réxime común os ingresos necesarios para a prestación dos servizos asumidos, cubrindo de maneira adecuada o custo dos mesmos. As comunidades autónomas dispoñen deles con total autonomía.
- Financiamento condicionado, composto polas achegas procedentes sobre todo da Administración central, da Administración europea, da Seguridade Social e doutras administracións ou do sector privado da economía para finalidades específicas e predeterminadas.

Este estudo diferenciado dos ingresos autonómicos procederemos a realizalo no marco do novo Sistema de Financiamento das comunidades autónomas vixente desde o ano 2009, xa liquidado para ese exercicio, dispoñendo así da información necesaria para valorar o seu resultado desde a perspectiva de Galicia, e poder establecer comparacións co modelo anterior.

Valoración e resultados do novo modelo de financiamento

O modelo de financiamento das comunidades autónomas tense configurado en diferentes fases, tentando apostar de forma progresiva pola *corresponsabilidade fiscal*, obxectivo marcado polo Consejo de Política Fiscal y Financiera, que o 15 de xullo de 2009 aprobou a reforma do sistema de financiamento autonómico, que se puxo posteriormente en práctica cunha serie de reformas legais. En concreto, a Lei 22/2009, de 18 de decembro e a Lei Orgánica 3/2009, tamén de 18 de decembro, de modificación da Lei 8/1980, de 22 de setembro, de *Financiación de las Comunidades Autónomas*

(LOFCA), nas que se regula o novo modelo vixente desde o 1 de xaneiro de 2009, e do que agora xa coñecemos os primeiros resultados da súa aplicación.

As notas máis salientables do novo modelo son:

1. Márcase como obxectivo garantirlles a todos os cidadáns, con independencia da comunidade autónoma na que residan, a igualdade, en termos de poboación axustada, no financiamento dos servizos públicos fundamentais –educación, sanidade e servizos sociais–, aos que se dedica o 80% dos recursos, buscando así reducir as diferenzas no financiamento per cápita que se viñan producindo.

- Esta garantía instruméntase mediante o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, que se financiará co 75% dos recursos tributarios das comunidades autónomas e un 5% con recursos que achega o Estado.
- Contémplase tamén un Fondo de Suficiencia Global, co obxecto de garantir o financiamento de todas as competencias transferidas, e que complementará os recursos tributarios que non se integran no financiamento da Garantía de Servizos Públicos Fundamentais. Este fondo busca garantir que se respecte o volume de recursos obtido por cada comunidade autónoma no ano base, que é 2007, último exercicio liquidado, de maneira que non poida haber territorios prexudicados respecto dos recursos obtidos baixo o modelo anterior, garantindo así o principio do *statu quo*.
- Tamén, co obxectivo de avanzar na converxencia no financiamento das necesidades dos cidadáns, buscando ao mesmo tempo incentivar a autonomía e a capacidade fiscal, créanse dous fondos de converxencia dotados con achegas estatais adicionais:

  Fondo de Competitividade, co obxecto de reforzar a equidade e eficiencia no financiamento das necesidades dos cidadáns, reducindo as diferenzas en financiamento per cápita entre comunidades autónomas.

  Fondo de Cooperación, que busca facilitar a converxencia nos niveis de vida dos cidadáns con independencia do lugar de residencia, incrementando os recursos das comunidades autónomas de menor renda per cápita e que rexistren unha dinámica de poboación especialmente negativa que poida comprometer o seu desenvolvemento futuro.

2. Aos efectos do cálculo das necesidades de gasto de cara ao financiamento dos servizos públicos fundamentais, tense en conta a variación de poboación producida desde 1999, ano de referencia do anterior modelo, considerándose a partir de agora os cambios anuais. Ademais, o novo modelo considera outras variables de poboación que poden ser relevantes de cara á prestación de servizos públicos, como son a poboación sanitaria protexida, distribuída por grupos de idade, a poboación menor de 16 anos e a poboación maior de 65 anos. Tamén contempla, aos efectos do cálculo do financiamento, indicadores de superficie, dispersión, insularidade ou densidade demográfica.

3. Así mesmo, o novo modelo avanza no proceso de seguir dotando ás comunidades autónomas dunha maior autonomía financeira, tanto en termos de participación

na recadación tributaria como en termos de competencias normativas, buscando unha maior cota de corresponsabilidade fiscal na xestión dos recursos públicos. En concreto:

- Elévase ao 50% a cesión ás comunidades autónomas no IRPF e no IVE, e ao 58% nos impostos especiais. Estas porcentaxes eran antes do 33%, 35% e 40% respectivamente.
- Increméntanse as competencias normativas das comunidades autónomas nos tributos cedidos parcialmente, como é o caso do IRPF no que se amplían as posibilidades de mudar os mínimos persoais familiares, a escala autonómica do imposto e as deducións na cota.
- Refórzase a participación e colaboración entre as administracións tributarias, previndo incluso, cando os estatutos de autonomía así o permitan, competencias de revisión económico-administrativa dos actos emanados dos propios órganos de xestión sobre tributos cedidos totalmente, sen prexuízo da competencia estatal para manter a unidade de criterio.
- Por último, axústanse determinados aspectos do sistema de entregas a conta coa fin de garantir unha maior coincidencia temporal entre a recadación dos recursos e os ingresos das comunidades autónomas.

Cadro núm. 6

Transferencias do Fondo de Garantía. Ano 2009

CC. AA de réxime común	Peso relativo poboación axustada	Participación Fondo de Garantía 2009	75% dos recursos tributarios 2009	Transferencia do Fondo de Garantía
Andalucía	18,66	11.392,78	8.733,76	2.659,01
Aragón	3,23	1.973,19	2.010,30	-37,11
Asturias	2,57	1.568,90	1.480,47	88,43
Baleares	2,50	1.526,07	1.756,23	-230,15
Canarias	4,97	3.036,86	1.284,24	1.752,61
Cantabria	1,34	819,84	875,56	-55,71
Castela e León	6,28	3.833,74	3.346,76	486,98
Castela-A Mancha	5,02	3.064,33	2.340,32	724,01
Cataluña	16,87	10.299,25	11.754,48	-1.455,23
Estremadura	2,67	1.629,20	1.073,06	556,14
Galicia	**6,78**	**4.137,18**	**3.256,57**	**880,60**
Madrid	13,73	8.381,63	11.562,03	-3.180,40
Murcia	3,23	1.974,92	1.609,56	365,36
A Rioxa	0,74	454,34	432,78	21,56
C. Valenciana	11,42	6.970,98	6.231,55	739,43
Total	**100,00**	**61.063,21**	**57.747,67**	**3.315,53**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

Pódese concluír que o novo sistema de financiamento, ao garantir o volume de recursos correspondentes ás comunidades autónomas co modelo anterior e engadir recursos adicionais achegados polo Estado de cara a reforzar o estado do benestar, parte da base de que todas as comunidades autónomas mellorarán a súa situación, en tanto que recibirán máis recursos.

Na medida en que xa está dispoñible a liquidación definitiva do exercicio 2009 do sistema de financiamento autonómico, podemos valorar o novo modelo desde a perspectiva de Galicia, procedendo deseguido a analizar os seus principais compoñentes, así como o total de recursos que o conforman.

Recollemos no cadro 6 os valores definitivos do Fondo de Garantía de Servizos Públicos, que se instrumenta partindo cada ano do 75% dos recursos tributarios que corresponden a cada comunidade autónoma, en termos normativos e homoxeneizados, e coa achega do Estado que resulte de aplicar á cantidade do ano base 2007 (5.655 millóns de euros), o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado (ITE) entre o ano base e o ano correspondente (para 2009 o 0,5863, o que supón 3.315,53 millóns de euros). A participación das comunidades autónomas neste fondo é o resultado de distribuír o importe do mesmo en función da poboación axustada de cada unha. Finalmente, o resultado do mesmo é o saldo positivo ou negativo da diferenza entre o importe da participación da cada comunidade no fondo e o 75% dos seus recursos tributarios.

Galicia é a segunda comunidade autónoma que máis recibe deste fondo –880,6 millóns de euros–, por detrás de Andalucía. Pola contra, para as comunidades de Madrid, Cataluña, Illes Baleares, Cantabria e Aragón, o 75% dos seus recursos tributarios superan as necesidades financiadas con este fondo, polo que a transferencia é negativa a favor da Administración xeral do Estado.

Polo que respecta ao Fondo de Suficiencia Global, este ten consideración de mecanismo de peche do sistema e, con carácter xeral, é o resultado de actualizar o valor no ano base do Fondo de Suficiencia Global pola variación do ITE aplicable. En 2009 procédese a fixación do mesmo, establecendo as necesidades globais de financiamento garantindo o *statu quo* de 2009 co anterior Sistema de Financiamento regulado pola Lei 21/2001 e, ademais, engádenselle os recursos adicionais que se incorporan. Unha vez fixadas as necesidades globais para cada comunidade autónoma, compáranse estas coa suma da capacidade tributaria e a transferencia positiva ou negativa do Fondo de Garantía e, por diferenza, obtense o Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma.

No cadro 7 recóllese o cálculo das necesidades globais de financiamento e a distribución do Fondo de Suficiencia Global para o ano 2009. A Galicia correspondéronlle 749,46 millóns de euros e sobresae o feito de que Cataluña e Andalucía absorben o 44,7% dos recursos do mesmo. Tan só Illes Baleares ten este fondo negativo, debido a que a súa capacidade tributaria é maior que as súas necesidades globais de financiamento. Debe resaltarse que o Fondo de Suficiencia Global no ano base 2007, dotado con 13.084,65 millóns de euros, é maior que o correspondente ao exercicio 2009, dotado con 7.671,53 millóns de euros, debido á evolución do ITE 2007-2009.

Cadro núm. 7

Necesidades globais de financiamento. Fondo de Suficiencia Global. Ano 2009

	Total *Statu Quo*	Recursos adicionais					Necesidades globais de financiamento 2009	Capacidade tributaria 2009	Transferencia Fondo de Garantía 2009	Fondo de Suficiencia Global 2009*	Fondo de Suficiencia Global 2009 (valor ano base 2007)
		Reparto recursos Estado benestar	Recursos dispersión superior á media	Recuros densidade inferior á media	Recursos normalización lingüística	Total recuros adicionais que se integran no sistema					
CC.AA. réxime común											
Andalucía	14.904,23	778,96				778,96	15.683,19	11.645,02	2.659,01	1.379,16	2.352,31
Aragón	2.855,96	136,78		9,01		145,79	3.001,75	2.680,40	-37,11	358,45	611,37
Asturias	2.273,53	46,40	7,86			54,26	2.327,79	1.973,96	88,43	265,41	452,68
Baleares	1.718,40	173,42			31,30	204,72	1.923,12	2.341,63	-230,15	-188,36	-321,27
Canarias	3.466,48	302,23				302,23	3.768,71	1.712,33	1.752,61	303,77	518,11
Cantabria	1.401,13	54,16	1,05			55,21	1.456,34	1.167,41	-55,71	344,64	587,83
Castela e León	5.411,01	149,54	6,99	17,50		174,03	5.585,04	4.462,34	486,98	635,72	1.084,29
Castela-A Mancha	3.924,82	245,16		13,99		259,15	4.183,97	3.120,43	724,01	339,52	579,09
Cataluña	15.214,74	951,40			97,96	1.049,36	16.264,10	15.672,64	-1.455,23	2.046,69	3.490,85
Estremadura	2.322,23	48,59		7,44		56,03	2.378,26	1.430,74	556,14	391,38	667,54
Galicia	**5.729,11**	**163,00**	**34,09**		**45,96**	**243,05**	**5.972,16**	**4.342,10**	**880,60**	**749,46**	**1.278,29**
Madrid	12.106,81	878,80				878,80	12.985,61	15.416,04	-3.180,40	749,96	1.279,14
Murcia	2.392,72	211,46				211,46	2.604,18	2.146,07	365,36	92,74	158,17
A Rioxa	703,74	42,88		2,07		44,95	748,69	577,04	21,56	150,09	255,99
C. Valenciana	8.288,77	717,24			61,64	778,88	9.067,65	8.308,74	739,43	19,49	33,24
Total	**82.713,68**	**4.900,02**	**49,99**	**50,01**	**236,86**	**5.236,88**	**87.950,56**	**76.996,89**	**3.315,53**	**7.638,12**	**13.027,63**
Cidades con Estatuto de autonomía											
Ceuta	9,42	9,15				9,15	18,57	0,00		18,57	31,67
Melilla	8,32	6,55				6,55	14,87	0,00		140,87	25,36
Total	**17,74**	**15,70**				**15,70**	**33,44**	**0,00**	**0,00**	**159,44**	**57,03**
TOTAL	**82.731,42**	**4.915,72**	**49,99**	**50,01**	**236,86**	**5.252,58**	**87.984,00**	**76.996,89**	**3.315,53**	**7.797,56**	**13.084,66**

* ITE 2007-2009 = 0,5863

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

Os Fondos de Converxencia Autonómica son o Fondo de Cooperación e o Fondo de Competitividade que teñen por obxectivo aproximar as comunidades autónomas, en termos de financiamento por habitante axustado, favorecendo a igualdade e o equilibrio económico territorial.

O Fondo de Cooperación dótase anualmente coas cantidades previstas na *Ley de Presupuestos Generales del Estado*, e son beneficiarias do mesmo as comunidades autónomas de réxime común que cumpran algunha das seguintes condicións:

1. PIB per cápita inferior ao 90% da media; condición que no ano 2009 cumpren Andalucía, Canarias, Castela-A Mancha, Estremadura, Galicia e Murcia.

2. Densidade de poboación inferior ao 50% da densidade media, que se cumpre en Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha e Estremadura.

Cadro núm. 8

Fondos de Converxencia autonómica. Ano 2009

	Fondo de Cooperación	Fondo de Competitividade	Compensación D.A. Terceira Lei 22/2009	Total
CC.AA. réxime común				
Andalucía	308,56			308,56
Aragón	32,65			32,65
Asturias	90,93			90,93
Baleares		138,80	188,36	327,16
Canarias	69,20			69,20
Cantabria	16,20			16,20
Castela e León	210,49			210,49
Castela-A Mancha	76,32			76,32
Cataluña		936,74		936,74
Estremadura	102,50			102,50
Galicia	**242,79**			**242,79**
Madrid		762,33		762,33
Murcia	50,37	100,60		150,97
A Rioxa				0,00
C. Valenciana		634,03		634,03
Total	**1.200,01**	**2.572,50**	**188,36**	**3.960,87**
Cidades con Estatuto de autonomía				
Ceuta	5,85			5,85
Melilla	5,25			5,25
Total	**11,10**	**0,00**	**0,00**	**11,10**
TOTAL	**1.211,11**	**2.572,50**	**188,36**	**3.971,97**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

3. Crecemento de poboación inferior ao 90% da media correspondente ás comunidades de réxime común e densidade de poboación por quilómetro cadrado inferior á cifra resultante de multiplicar por 1,25 a densidade media das comunidades autónomas de réxime común. Neste caso resultan beneficiarias Andalucía, Asturias, Cantabria, Castela e León, Estremadura e Galicia.

Os recursos do ano 2009 foron duns 1.200 millóns de euros que se distribuíron en dous subfondos:

1. Un primeiro subfondo, dotado con 800 millóns de euros, que se reparte entre todas as comunidades beneficiarias en atención á súa poboación relativa en relación ao total da poboación das comunidades autónomas integrantes do fondo, ponderada pola distancia do PIB per cápita de cada comunidade respecto á media. Son beneficiarias Andalucía, Aragón, Canarias, Cantabria, Castela e León, Castela-A Mancha, Estremadura, Murcia e Galicia.

2. Un segundo subfondo, cos 400 millóns restantes, que se reparte entre as comunidades autónomas que teñen un crecemento de poboación inferior ao 50% da media correspondente ás comunidades autónomas de réxime común, en atención á poboación relativa de cada unha delas en relación á poboación total das que cumpren a condición anterior. Son beneficiarias deste subfondo Asturias, Castela e León, Estremadura e Galicia.

A participación das diferentes comunidades autónomas neste Fondo de Cooperación recóllese no cadro 8, no que se observa que os recursos correspondentes a Galicia ascenderon a 242,79 millóns de euros que, xunto cos 308,56 millóns de Andalucía, como primeira comunidade beneficiada, representan o 45,9% do total dos recursos do fondo. En relación ao pagamento do que a cada comunidade autónoma lle corresponde por este Fondo tense aberta unha reclamación, con recurso xudicial incluído, entre a Xunta de Galicia e o Goberno central. A Xunta entendía que ditas cantidades deberían ser aboadas no ano 2011, mentres que o anterior Goberno central se acollía á interpretación de que o pago debería ser no ano 2013, cando as contas do Estado estean auditadas.

O segundo Fondo de Converxencia é o Fondo de Competitividade que no ano 2009 ascendeu a 2.572,5 millóns de euros, que representan o 70% dos fondos adicionais contemplados no novo sistema. En anos futuros esta cantidade actualizarase mediante a variación dos correspondentes ITE.

Este fondo repártese entre aquelas comunidades autónomas cuxos recursos por habitante axustado proporcionados polo novo modelo, previos á aplicación deste fondo, sexan inferiores á media, en atención á súa poboación axustada en relación co total da poboación axustada das comunidades autónomas beneficiarias. En 2009 este fondo distribúese entre Illes Baleares, Cataluña, Comunidade de Madrid e Comunidade Valenciana. O maior importe corresponde a Cataluña con 936,7 millóns de euros e o 36,4% sobre o total do mesmo, seguida de Madrid con 762,33 millóns de euros e o 29,6%.

Xunto cos fondos anteriores, o resto de recursos do sistema son de orixe tributaria, debendo diferenciarse entre os tributos suxeitos a liquidación por parte da Adminis-

Cadro núm. 9.a

Recursos achegados polo sistema de financiamento ás comunidades autónomas. Ano 2009

	Tributos cedidos suxeitos a liquidación			Tributos cedidos non suxeitos a liquidación			
	IRPF (sen capacidade normativa)	IVE	II. EE. xestionados pola AEAT	Imposto determ. medios de transporte	Venda polo miúdo deter. hidrocarburos	Antigos tributos cedidos	Taxas afectas recadación normativa
CC.AA. réxime común							
Andalucía	4.575,03	2.927,38	2.114,41	101,91	141,18	1.587,25	197,86
Aragón	1.225,46	555,40	447,53	18,65	35,42	377,87	20,07
Asturias	941,42	434,16	314,33	17,32	19,64	222,95	24,14
Baleares	864,07	722,28	383,38	21,43	19,81	318,52	12,13
Canarias	1.219,96	0,00	83,33	0,00	0,00	385,38	23,67
Cantabria	499,29	249,14	183,06	9,73	13,01	204,58	8,60
Castela e León	1.909,62	994,60	887,17	36,36	79,55	499,79	55,26
Castela-A Mancha	1.233,32	703,98	661,63	24,63	55,43	412,31	29,12
Cataluña	7.916,81	3.248,18	2.213,10	142,68	139,42	1.931,24	81,21
Estremadura	541,91	346,89	323,15	12,06	25,16	163,83	17,74
Galicia	**1.900,86**	**1.039,50**	**787,17**	**43,58**	**57,35**	**469,06**	**44,57**
Madrid	8.821,58	2.992,71	1.431,56	218,66	89,08	1.759,30	103,14
Murcia	838,98	502,49	439,56	16,98	32,43	304,91	10,74
A Rioxa	267,29	127,82	89,44	5,00	7,44	76,94	3,11
C. Valenciana	3.413,24	1.938,79	1.396,11	71,20	89,27	1.357,74	42,38
Total	**36.168,84**	**16.783,32**	**11.754,93**	**740,19**	**804,19**	**10.071,67**	**673,74**
Cidades con Estatuto de autonomía							
Ceuta							0,01
Melilla							0,01
Total							**0,02**
TOTAL	**36.168,84**	**16.783,32**	**11.754,93**	**740,19**	**804,19**	**10.071,67**	**673,76**

	TOTAL RECURSOS TRIBUTARIOS	Transferencias estatais			TOTAL RECURSOS SISTEMA	TOTAL RECURSOS SISTEMA (% sobre o total)
		Fondo de Garantía	Fondo de Suficiencia Global	Fondos Converxencia Autonómica		
CC.AA. réxime común						
Andalucía	11.645,02	2.659,01	1.379,16	308,56	15.991,75	17,39
Aragón	2.680,40	-37,11	358,45	32,65	3.034,39	3,30
Asturias	1.973,96	88,43	265,41	90,93	2.418,73	2,63
Baleares	2.341,62	-230,15	-188,36	327,16	2.250,27	2,45
Canarias	1.712,34	1.752,61	303,77	69,20	3.837,92	4,17

[Continúa]

Cadro núm. 9.a (continuación)

Recursos achegados polo sistema de financiamento ás comunidades autónomas. Ano 2009

	TOTAL RECURSOS TRIBUTARIOS	Transferencias estatais			TOTAL RECURSOS SISTEMA	TOTAL RECURSOS SISTEMA (% sobre o total)
		Fondo de Garantía	Fondo de Suficiencia Global	Fondos Convergencia Autonómica		
CC.AA. réxime común						
Cantabria	1.167,41	-55,71	344,64	16,20	1.472,54	1,60
Castela e León	4.462,35	486,98	635,72	210,49	5.795,54	6,30
Castela-A Mancha	3.120,42	724,01	339,52	76,32	4.260,27	4,63
Cataluña	15.672,64	-1.455,23	2.046,69	936,74	17.200,84	18,71
Estremadura	1.430,74	556,14	391,38	102,50	2.480,76	2,70
Galicia	**4.342,09**	**880,60**	**749,46**	**242,79**	**6.214,94**	**6,76**
Madrid	15.416,03	-3.180,40	749,96	762,33	13.747,92	14,95
Murcia	2.146,09	365,36	92,74	150,98	2.755,17	3,00
A Rioxa	577,04	21,56	150,09	0,00	748,69	0,81
C. Valenciana	8.308,73	739,43	19,49	634,03	9.701,68	10,55
Total	**76.996,88**	**3.315,53**	**7.638,12**	**3.960,88**	**91.911,41**	**99,95**
Cidades con Estatuto de autonomía						
Ceuta	0,01		18,57	5,85	24,43	0,03
Melilla	0,01		14,87	5,25	20,13	0,02
Total	**0,02**	**0,00**	**33,44**	**11,10**	**44,56**	**0,05**
TOTAL	**76.996,90**	**3.315,53**	**7.671,56**	**3.971,98**	**91.955,97**	**100,00**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

tración xeral do Estado e os tributos cedidos non suxeitos a liquidación. Do total de recursos do sistema en 2009, o 70,4% son tributos suxeitos a liquidación, o 13,4% correspóndese con tributos cedidos non suxeitos a liquidación e o 16,3% restante a transferencias estatais.

Nos cadros 9a e 9b preséntase o total de recursos do sistema co seu peso relativo. Neles obsérvase como para Galicia no ano 2009 o 30,1% dos recursos proceden das transferencias estatais, tan só por detrás de Canarias co 55,4% e Estremadura co 42,3%.

Os resultados das liquidacións e compensacións a practicar resúmense nos cadros 10 e 11, nos que se calcula a diferenza entre o importe total das liquidacións dos recursos do sistema e das participacións nos Fondos de Converxencia e os anticipos a conta e os pagos pola recadación do Imposto sobre o Patrimonio. A situación económica actual, xa moi decantada no ano 2009, deu lugar a que as achegas a conta fosen moi superiores ás cantidades liquidadas finais, xerando para todas as comunidades autónomas un saldo negativo, cun global a favor do Estado de 18.738,55 millóns de euros, dos que 1.600,59 millóns lle corresponden a Galicia.

Este saldo negativo estaba contemplado que se descontase das entregas a conta ou liquidacións que o Estado teña que realizar ás comunidades autónomas en cinco anos a partir do 2012, pero tense acordado xa co Goberno central que dita compensación se realice nun período de dez anos, concedéndolles así máis folgura ás comunidades autónomas. Neste sentido, debe terse en conta que Galicia xa está a devolver 573 millóns de euros da liquidación do exercicio 2008.

Para valorar desde a perspectiva de Galicia o resultado do novo modelo de financiamento, preséntase no cadro 12 a participación porcentual das diferentes comunidades autónomas no total dos recursos do sistema, así como a súa evolución

Cadro núm. 9.b

Peso dos recursos achegados polo sistema de financiamento ás comunidades autónomas. Ano 2009

	Tributos cedidos suxeitos a liquidación			Tributos cedidos non suxeitos a liquidación			
	IRPF (sen Capacidade normativa)	IVE	II.EE. xestionados pola AEAT	Imposto determ. medios de transporte	Venda polo miúdo deter. hidrocarburos	Antigos tributos cedidos	Taxas afectas recadación normativa
CC.AA. réxime común							
Andalucía	28,61	18,31	13,22	0,64	0,88	9,93	1,24
Aragón	40,39	18,30	14,75	0,61	1,17	12,45	0,66
Asturias	38,92	17,95	13,00	0,72	0,81	9,22	1,00
Baleares	38,40	32,10	17,04	0,95	0,88	14,15	0,54
Canarias	31,79	0,00	2,17	0,00	0,00	10,04	0,62
Cantabria	33,91	16,92	12,43	0,66	0,88	13,89	0,58
Castela e León	32,95	17,16	15,31	0,63	1,37	8,62	0,95
Castela-A Mancha	28,95	16,52	15,53	0,58	1,30	9,68	0,68
Cataluña	46,03	18,88	12,87	0,83	0,81	11,23	0,47
Estremadura	21,84	13,98	13,03	0,49	1,01	6,60	0,72
Galicia	**30,59**	**16,73**	**12,67**	**0,70**	**0,92**	**7,55**	**0,72**
Madrid	64,17	21,77	10,41	1,59	0,65	12,80	0,75
Murcia	30,45	18,24	15,95	0,62	1,18	11,07	0,39
A Rioxa	35,70	17,07	11,95	0,67	0,99	10,28	0,42
C. Valenciana	35,18	19,98	14,39	0,73	0,92	13,99	0,44
Total	**39,35**	**18,26**	**12,79**	**0,81**	**0,87**	**10,96**	**0,73**
Cidades con Estatuto de autonomía							
Ceuta	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,04
Melilla	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,05
Total	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**0,04**
TOTAL	**39,33**	**18,25**	**12,78**	**0,80**	**0,87**	**10,95**	**0,73**

[Continúa] ▶

Cadro núm. 9.b (continuación)

Peso dos recursos achegados polo sistema de financiamento ás comunidades autónomas. Ano 2009

	TOTAL RECURSOS TRIBUTARIOS	Transferencias estatais			TOTAL RECURSOS SISTEMA
		Fondo de Garantía	Fondo de Suficiencia Global	Fondos Converxencia Autonómica	
CC.AA. réxime común					
Andalucía	72,82	16,63	8,62	1,93	100,00
Aragón	88,33	-1,22	11,81	1,08	100,00
Asturias	81,61	3,66	10,97	3,76	100,00
Baleares	104,06	-10,23	-8,37	14,54	100,00
Canarias	44,62	45,67	7,91	1,80	100,00
Cantabria	79,28	-3,78	23,40	1,10	100,00
Castela e León	77,00	8,40	10,97	3,63	100,00
Castela-A Mancha	73,24	16,99	7,97	1,79	100,00
Cataluña	91,12	-8,46	11,90	5,45	100,00
Estremadura	57,67	22,42	15,78	4,13	100,00
Galicia	**69,87**	**14,17**	**12,06**	**3,91**	**100,00**
Madrid	112,13	-23,13	5,46	5,55	100,00
Murcia	77,89	13,26	3,37	5,48	100,00
A Rioxa	77,07	2,88	20,05	0,00	100,00
C. Valenciana	85,64	7,62	0,20	6,54	100,00
Total	**83,77**	**3,61**	**8,31**	**4,31**	**100,00**
Cidades con Estatuto de autonomía					
Ceuta	0,04	0,00	76,01	23,95	100,00
Melilla	0,05	0,00	73,87	26,08	100,00
Total	**0,04**	**0,00**	**75,04**	**24,91**	**100,00**
TOTAL	**83,73**	**3,61**	**8,34**	**4,32**	**100,00**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

para o período 1999-2009. A pesar de terse argumentado desde Galicia a favor do novo sistema pola perspectiva de que esta comunidade recuperaría o peso relativo perdido co anterior modelo desde o ano 1999 ao 2008, no que pasou de recibir o 7,72% do total dos recursos ao 7,2%, a realidade é que no primeiro ano de aplicación do novo modelo o peso relativo de Galicia diminuíu ata o 6,76%. Eses 96 puntos básicos que a separan da situación que tiña no ano 1999 terían suposto no ano 2009 un total de 882 millóns de euros máis para Galicia. A contundencia das cifras non requiren de valoracións adicionais sobre o resultado do novo sistema de financiamento para Galicia.

Cadro núm. 10

Liquidación do sistema de financiamento por recursos. Ano 2009

	Rendemento def. tarifa autonómica IRPF 1	IVE 2	Total II.EE. 3	Transferencia Fondo de Garantía 4	Fondo de Suficiencia Global 5	Fondo de Convexencia Autonómica 6	TOTAL Liquidación recursos sistema 7 = 1+...+6	Total anticipos 8	Ingresos por compesación pagos IP 2009 9	LIQUIDACIÓN GLOBAL 10 = 7-8-9
CC.AA. réxime común										
Andalucía	-474,62	-1.116,76	-59,87	618,59	-2.957,52	308,56	-3.681,62	954,40	1,42	-4.637,44
Aragón	-128,23	-225,54	-9,16	107,14	-345,10	32,65	-568,24	153,32	0,09	-721,65
Asturias	-57,51	-197,61	0,81	85,19	-394,52	90,93	-472,71	115,20	0,15	-588,06
Baleares	-96,63	-360,20	-26,65	82,86	224,05	327,16	150,59	328,57	0,40	-178,38
Canarias	-123,72		3,81	164,89	-959,09	69,20	-844,91	256,96	0,49	-1.102,36
Cantabria	-34,31	-103,25	0,38	44,51	-231,06	16,20	-307,53	56,67	0,03	-364,23
Castela e León	-111,93	-388,11	-7,16	208,16	-1.066,23	210,49	-1.154,78	284,27	0,13	-1.439,18
Castela-A Mancha	-61,18	-217,91	-14,65	166,38	-714,52	76,32	-765,56	267,84	0,30	-1.033,69
Cataluña	-893,43	-1.252,92	-62,53	559,21	732,95	936,74	20,02	2.495,63	2,51	-2.478,11
Estremadura	-10,74	-140,37	9,59	88,46	-694,97	102,50	-645,53	118,78	0,07	-764,38
Galicia	**-74,69**	**-450,32**	**9,51**	**224,63**	**-1.198,57**	**242,79**	**-1.246,65**	**353,75**	**0,20**	**-1.600,59**
Madrid	-834,26	-1.174,11	-10,91	455,09	601,42	762,33	-200,44	1.130,03	5,76	-1.336,22
Murcia	-109,95	-167,62	-17,37	107,23	-271,29	150,98	-308,02	273,85	0,11	-581,97
A Rioxa	-37,61	-50,39	0,19	24,67	-104,86		-168,00	34,90	0,07	-202,97
C. Valenciana	-604,90	-696,36	-73,45	378,50	-441,11	634,03	-803,29	903,46	0,46	-1.707,22
Total	**-3.653,71**	**-6.541,47**	**-257,46**	**3.315,51**	**-7.820,42**	**3.960,88**	**-10.996,67**	**7.727,63**	**12,19**	**-18.736,45**
Cidades con Estatuto de autonomía										
Ceuta					3,81	5,85	9,66	10,50		-0,84
Melilla					1,76	5,25	7,01	8,26		-1,25
Total				**0,00**	**5,57**	**11,10**	**16,67**	**18,76**		**-2,09**
TOTAL	**-3.653,71**	**-6.541,47**	**-257,46**	**3.315,51**	**-7.814,85**	**3.971,98**	**-10.980,00**	**7.746,39**	**12,19**	**-18.738,54**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

Cadro núm. 11

Resumo liquidación global. Ano 2009

	Total recursos suxeitos a liquidación	Pagos a conta anticipos satisfeitos	Liquidación negativa global aprazada
CC.AA. réxime común			
Andalucía	13.994,45	18.581,89	-4.637,44
Aragón	2.581,47	3.303,12	-721,65
Asturias	2.129,30	2.717,37	-588,06
Baleares	1.869,55	2.047,93	-178,38
Canarias	3.388,80	4.491,16	-1.102,36
Cantabria	1.234,99	1.599,21	-364,23
Castela e León	5.111,85	6.551,03	-1.439,18
Castela-A Mancha	3.728,15	4.761,84	-1.033,69
Cataluña	14.858,59	17.336,70	-2.478,11
Estremadura	2.257,41	3.021,79	-764,38
Galicia	**5.587,61**	**7.188,20**	**-1.600,59**
Madrid	11.373,84	12.710,06	-1.336,22
Murcia	2.381,25	2.963,23	-581,97
A Rioxa	648,15	851,13	-202,97
C. Valenciana	8.066,84	9.774,06	-1.707,22
Total	**79.212,25**	**97.898,72**	**-18.736,45**
Cidades con Estatuto de autonomía			
Ceuta	24,42	25,26	-0,84
Melilla	20,12	21,36	-1,25
Total	**44,54**	**46,62**	**-2,09**
TOTAL	**79.256,79**	**97.945,34**	**-18.738,54**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

Cadro núm. 12

Recursos do sistema de financiamento autonómico

Participación porcentual e evolución

	% participación recursos sistema 1999	% participación recursos sistema 2008	% participación recursos sistema 2009	Evolución recursos sistema 2009 1999 = 100
CC.AA. de réxime común				
Andalucía	19,31	18,92	17,39	148,55
Aragón	3,46	3,43	3,30	157,44
Asturias	3,00	2,78	2,63	144,80

[Continúa]

Cadro núm. 12 (continuación)

Recursos do sistema de financiamento autonómico
Participación porcentual e evolución

	% participación recursos sistema 1999	% participación recursos sistema 2008	% participación recursos sistema 2009	Evolución recursos sistema 2009 1999 = 100
CC.AA. de réxime común				
Baleares	2,02	2,10	2,45	199,64
Canarias	4,67	4,33	4,17	147,29
Cantabria	1,67	1,66	1,60	158,62
Castela e León	7,18	6,69	6,30	144,68
Castela-A Mancha	4,82	4,99	4,63	158,58
Cataluña	16,65	17,20	18,71	185,24
Estremadura	3,23	2,96	2,70	137,66
Galicia	**7,72**	**7,20**	**6,76**	**144,33**
Madrid	12,62	13,91	14,95	195,39
Murcia	2,78	3,00	3,00	177,78
A Rioxa	0,88	0,88	0,81	151,77
C. Valenciana	9,95	9,93	10,55	174,83
Total	**99,97**	**99,97**	**99,95**	**164,90**
Cidades con Estatuto de autonomía				
Ceuta	0,02	0,01	0,03	276,05
Melilla	0,01	0,01	0,02	256,11
Total	**0,03**	**0,03**	**0,05**	**266,83**
TOTAL	**100,00**	**100,00**	**100,00**	**164,93**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

A explicación da evolución da participación das diferentes comunidades autónomas no total dos recursos do sistema atópase no mellor comportamento dos recursos por tributos cedidos, que medraron durante o período analizado, sen considerar o incremento da porcentaxe cedida, moito máis que as transferencias estatais. Deste xeito, as comunidades máis dependentes destas transferencias, como Galicia, Andalucía, Estremadura e Castela e León, entre outras, perderon peso relativo fronte a Madrid, Cataluña e Valencia, as comunidades que máis incrementaron a súa participación nestes recursos.

Cadro núm. 13

Novo sistema de financiamento e capacidade de autofinanciamento de Galicia (en miles de euros)

	1999	%	2009	%	2010	%	% variación 2010/2009
Tributos propios	19.863	0,4	13.552	0,1	38.698	0,4	185,5
Tributos cedidos	640.493	11,3	3.911.181	36,2	3.288.248	35,5	-15,9
Patrimonio				*0,0*		*0,0*	
Sucesións e doazóns				*0,0*		*0,0*	
Transmisións patrimoniais	*379.789*	*6,2*	*560.374*	*5,2*	*559.612*	*6,0*	*-0,1*
Actos xurídicos				*0,0*		*0,0*	
Taxa sobre o xogo				*0,0*		*0,0*	
IRPF (33%)			*1.570.754*	*14,5*	*1.203.388*	*13,0*	*-23,4*
IRPF (15%)	*290.704*	*5,1*		*0,0*		*0,0*	
IVE (35%)			*1.059.331*	*9,8*	*790.207*	*8,5*	*-25,4*
II. EE. (40%)			*490.483*	*4,5*	*496.635*	*5,4*	*1,3*
Electricidade (100%)			*102.175*	*0,9*	*110.932*	*1,2*	*8,6*
Medios de transporte (100%)			*39.160*	*0,4*	*38.964*	*0,4*	*-0,5*
Venda polo miúdo de hidrocarburos			*88.903*	*0,8*	*88.509*	*1,0*	*-0,4*
Resto das taxas	88.974	1,6	101.619	0,9	93.697	1,0	-7,8
Ingresos patrimoniais	10.157	0,2	21.062	0,2	13.941	0,2	-33,8
Alleamento de investimentos reais	46.566	0,8	37.123	0,3	461	0,0	-98,8
Total de recursos propios	**806.053**	**14,3**	**4.084.536**	**37,8**	**3.435.046**	**37,1**	**-15,9**
Participación nos ingresos do Estado	1.787.925	31,7					
Fondos Sistema Financiamento			3.580.216	33,1	3.263.325	35,2	-8,9
Liquidación de exercicios anteriores e anticipos do exercicio actual. Achega sanidade			759.497	7,0	538.356	5,8	-29,1
Insalud/Inserso *Ley de dependencia*	1.724.822	30,6	136.599	1,3	104.110	1,1	
Outras transferencias correntes finalistas	628.282	11,1	1.313.319	12,2	1.093.004	11,8	-16,8
Outras transferencias de capital finalistas	40.914	0,7	185.933	1,7	144.159	1,6	-22,5
FCI	145.944	2,6	213.866	2,0	175.445	1,9	-18,0
Fondos europeos	367.466	6,5	520.615	4,8	502.133	5,4	-3,6
Outras transferencias	141.129	2,5	10.831	0,1	4.514	0,0	-58,3
Total de transferencias	**4.836.482**	**85,7**	**6.720.876**	**62,2**	**5.825.046**	**62,9**	**-13,3**
Total de ingresos non-financeiros	**5.642.535**	**100,0**	**10.805.412**	**100,0**	**9.260.092**	**100,0**	**-14,3**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Ingresos incondicionados

Os ingresos de carácter incondicionado cos que contan as comunidades autónomas teñen a súa orixe principal nos conceptos achegados polo sistema de financiamento en vigor segundo os exercicios analizados e que se concretan en tres grandes bloques: os de orixe tributaria (tanto tributos propios como cedidos), as transferencias estatais e os ingresos patrimoniais ou os obtidos mediante prezos públicos. Tamén teñen carácter de ingresos incondicionados os ingresos de carácter financeiro que analizamos de forma separada pola súa importancia e implicacións.

Recóllese no cadro 14, diferenciando por conceptos, a contía e evolución dos ingresos incondicionados recoñecidos correspondentes á Administración xeral da comunidade autónoma galega para o período 2000-2010, así como as previsións para o ano 2011. O incremento destes ingresos durante o período analizado debe relacionarse co carácter global do novo sistema de financiamento introducido en 2002, no cal os recursos para financiar a sanidade deixan de ter carácter de condicionado –transferíanse directamente pola Administración central ao Sergas– e pasan a integrarse con carácter de incondicionado nos ingresos da Administración xeral da comunidade autónoma, obténdose mediante tributos ou a participación no anterior Fondo de Suficiencia ou nos fondos do actual sistema de financiamento.

Os ingresos totais recoñecidos con carácter incondicionado no exercicio 2010 acadaron os 7.236,2 millóns de euros, 1.187,9 millóns menos que no exercicio anterior, o que supón unha diminución do 14,1%. Esta cifra representa o 65% do total de ingresos da Administración xeral, o cal tamén significa unha perda de peso relativo duns 6 puntos, pola diminución dos mesmos fronte ao incremento dos ingresos condicionados.

Destacan as importantes caídas nos ingresos de determinados conceptos tributarios, como ocorre coa recadación por IVE, con 269 millóns menos que no ano anterior (un 25,4% menos), e no IRPF, con 367 millóns menos, o que representa unha diminución na recadación do 23,3%. Tan só presentan no exercicio 2010 maiores ingresos que no ano anterior o Imposto sobre Sucesións e Doazóns e o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais.

Xunto cos ingresos tributarios, as achegas dos fondos que integran o sistema de financiamento, ás que se engaden as liquidacións de exercicios anteriores por estes conceptos, acadan a cifra de 3.801 millóns de euros, o que representa o 52,5% do total de ingresos incondicionados, implicando un novo incremento no seu peso relativo respecto do ano anterior.

O resto de ingresos incondicionados de carácter non-financeiro veñen dados polos ingresos patrimoniais e polo alleamento de investimentos reais e acadan a cifra residual de 14 millóns de euros.

Para pechar coa análise dos ingresos incondicionados, indícase no cadro 15 a recadación final das diferentes comunidades autónomas polos novos tributos cedidos no actual modelo de financiamento. Deixando á marxe a comunidade autónoma de Canarias, que non conta con ingresos por IVE, Galicia presenta unhas magnitudes de

Cadro núm. 14

Ingresos autonómicos incondicionados da Administración xeral de Galicia (en miles de euros)

Conceptos	2000	2002	2004	2006	2008	2009	2010*	2010	Diferenza liq./orz. 2010	% variación 2010/2009	2011*
IRPF (tarifa autonómica)	297.214	631.591	863.255	980.476	1.334.654	1.570.754	1.203.388	1.203.388	0	-23,4	1.855.974
Imposto sobre o patrimonio	39.925	46.923	44.797	65.144	81.580	355	400	1.121	721	215,6	0
Imposto sobre sucesións e doazóns	82.385	90.073	105.043	195.401	235.186	167.016	170.000	180.817	10.817	8,3	175.000
Impostos directos	**419.524**	**768.587**	**1.013.095**	**1.241.021**	**1.651.420**	**1.738.125**	**1.373.788**	**1.385.326**	**11.538**	**-20,3**	**2.030.974**
Imposto sobre transmisións patrimoniais	143.971	164.606	219.942	332.911	183.034	141.496	141.827	151.290	9.463	6,9	164.300
Imposto sobre actos xurídicos documentados	80.692	115.794	196.522	284.453	226.562	184.204	175.173	159.506	-15.667	-13,4	170.700
Imposto autonómico sobre o xogo	13.661	4.751	4.620	4.536	4.008	3.437	3.490	3.289	-201	-4,3	3.580
Imposto sobre a contaminación atmosférica	4.724	15.583	17.226	15.304	3.444	2.168	2.961	2.132	-829	-1,7	3.038
Imposto sobre o valor engadido	-	846.231	973.564	1.191.136	1.453.123	1.059.331	790.207	790.207	-0	-25,4	1.445.760
Impostos especiais	-	501.262	562.936	617.919	586.699	631.819	652.882	646.531	-6.351	2,3	868.136
Imposto de venda polo miúdo de hidrocarburos	-	37.099	78.281	89.648	93.018	88.903	91.637	88.509	-3.128	-0,4	91.145
Imposto dano ambiental auga encorada	-	-	-	-	-	7.948	13.500	10.632	-2.868	33,8	13.851
Canon eólico	-	-	-	-	-	-	25.109	22.645	-2.464		23.200
Impostos indirectos	**243.049**	**1.685.326**	**2.053.091**	**2.535.907**	**2.549.889**	**2.119.306**	**1.896.786**	**1.874.742**	**-22.044**	**-11,5**	**2.783.709**
Taxas sobre o xogo	56.696	68.457	70.525	71.986	70.602	67.303	69.985	66.878	-3.107	-0,6	71.805
Resto das taxas	54.767	119.746	84.857	121.036	95.441	101.619	110.422	93.697	-16.725	-7,8	120.028
Total dos tributos propios e cedidos	**774.036**	**2.642.116**	**3.221.568**	**3.969.951**	**4.367.353**	**4.026.352**	**3.450.981**	**3.420.644**	**-30.337**	**-15,0**	**5.006.516**
Participación no sistema de financiamento	1.827.106	2.549.898	2.792.465	3.221.856	3.697.345	3.580.216	3.279.937	3.263.325	-16.612	-8,9	2.186.478
Liquidación dos exercicios anteriores											
Achega sanidade. Comp. I. Patrimonio, etc.	142.902	85.735	27.429	258.985	367.206	759.497	638.320	538.356	-99.964	-29,1	0
Ingresos patrimoniais	9.369	9.696	8.126	27.708	51.668	21.062	12.100	13.491	1.391	-35,9	8.467
Outros ingresos incondicionados	1.569	930	924	20.254	40.739	37.123	4.000	461	-3.539	-98,8	600
TOTAL	**2.754.980**	**5.288.376**	**6.050.511**	**7.498.755**	**8.524.310**	**8.424.249**	**7.385.338**	**7.236.276**	**-149.061**	**-14,1**	**7.202.061**

* Orzamentos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 15

Novos tributos cedidos recadados polas comunidades autónomas
(en millóns de euros). Ano 2009

	IRPF	IVE	Impostos especiais	Total	Euros/ Habitante
Andalucía	4.575,03	2.927,38	2.114,41	9.616,82	1.158,25
Aragón	1.225,46	555,40	447,53	2.228,39	1.656,21
Asturias	941,42	434,16	314,33	1.689,91	1.557,11
Baleares	864,07	722,28	383,38	1.969,73	1.798,14
Canarias	1.219,96	0,00	83,33	1.303,29	619,44
Cantabria	499,29	249,14	183,06	931,49	1.580,85
Castela e León	1.909,62	994,60	887,17	3.791,39	1.478,98
Castela-A Mancha	1.233,32	703,98	661,63	2.598,93	1.248,70
Cataluña	7.916,81	3.248,18	2.213,10	13.378,09	1.789,61
Estremadura	541,91	346,89	323,15	1.211,95	1.099,36
Galicia	**1.900,86**	**1.039,50**	**787,17**	**3.727,53**	**1.333,12**
Madrid	8.821,58	2.992,71	1.431,56	13.245,85	2.073,90
Murcia	838,98	502,49	439,56	1.781,03	1.231,25
A Rioxa	267,29	127,82	89,44	484,55	1.506,21
C. Valenciana	3.413,24	1.938,79	1.396,11	6.748,14	1.324,55
Total	**36.168,84**	**16.783,32**	**11.754,93**	**64.707,09**	**1.477,64**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

recadación en termos de euros por habitante das máis baixas do Estado, superando tan só a Andalucía, Estremadura, Castela-A Mancha, Murcia e Valencia. Cómpre ter en conta que, en relación cos tributos cedidos, todas as comunidades autónomas fixeron uso da súa capacidade normativa xerando novas deducións, principalmente na cota do IRPF e na rebaixa da carga impositiva do Imposto sobre Sucesións e Doazóns –en reforma permanente nas diferentes comunidades autónomas–, o cal resulta cando menos sorprendente tendo en conta a forte diminución dos ingresos tributarios por mor da crise e as continuas demandas de maiores recursos realizadas á Administración central.

Ingresos condicionados

Os recursos financeiros condicionados, situados fóra do modelo de financiamento, e cun carácter finalista, teñen un peso importante nalgunhas comunidades autónomas, entre elas Galicia, e están constituídos principalmente polos fondos para o desenvolvemento rexional, cos que se pretende facer efectivo o principio de solidariedade e a corrección de desequilibrios económicos interterritoriais –Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e fondos comunitarios–, e aqueles a través dos cales se realizan

Cadro núm. 16

Ingresos autonómicos condicionados da Administración xeral de Galicia (en miles de euros)

Conceptos	2000	2002	2004	2006	2008	2009	2010	% variación 2010/ 2009	2011 *
Ingresos de solidariedade	505.864	685.256	911.315	662.267	678.248	734.481	677.578	-7,7	596.873
■ *Fondos da Unión Europea*	*346.752*	*536.747*	*751.365*	*532.802*	*491.157*	*520.615*	*502.133*	*-3,6*	*465.299*
■ *Fondo de Compensación Interterritorial*	*159.112*	*148.509*	*159.950*	*129.465*	*187.091*	*213.866*	*175.445*	*-18,0*	*131.574*
Corporacións locais	556.791	617.859	718.030	882.139	990.934	967.104	786.813	-18,6	0
Outros ingresos condicionados	414.693	630.773	708.437	889.657	1.183.123	1.630.897	2.387.391	46,4	1.657.187
Total de ingresos	**1.477.347**	**1.933.888**	**2.337.782**	**2.434.062**	**2.852.306**	**3.332.482**	**3.851.783**	**15,6**	**2.254.060**

* Orzamentos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

determinados obxectivos de política económica e social do Estado, mediante unha xestión e execución practicada polas comunidades autónomas, para o que reciben fondos a través de convenios de colaboración, subvencións e contratos-programa.

O total de ingresos condicionados liquidados pola Administración xeral no ano 2010 –incluíndo tamén os ingresos financeiros, aínda que os analizaremos de forma separada–, foi de 3.851,7 millóns de euros, medrando un 15,6% respecto do exercicio anterior, que se engade ao incremento do 16,8% xa producido no ano 2009, incrementos derivados principalmente da inclusión do recurso ao endebedamento dentro deste tipo de ingresos, que compensa de maneira folgada a diminución das achegas do FCI, dos fondos por parte da Unión Europea e dos da Administración central para transferir ás corporacións locais.

Polo que respecta ao Fondo de Compensación Interterritorial, este constitúe o principal instrumento de política rexional articulado desde a Administración central. Despois da reforma realizada en paralelo ao sistema de financiamento introducido en 2002, son beneficiarias deste as comunidades autónomas consideradas Rexións Obxectivo 1 pola Unión Europea –aquelas que teñen unha renda por habitante inferior ao 75% da media comunitaria, sendo obxectivo de convergencia–, así como as cidades autónomas. Os criterios de repartición do FCI toman en conta 5 variables coas seguintes ponderacións: poboación relativa (87,5%), superficie (3%), paro (1%), saldo migratorio (1,6%) e dispersión da poboación (6,9%). O resultado da aplicación destas ponderacións corríxese en función da inversa da renda por habitante de cada territorio, de forma que as comunidades cuxa renda per cápita sexa superior á media do grupo perden recursos a prol daquelas de renda por habitante inferior.

Cadro núm. 17

Evolución do Fondo de Compensación Interterritorial. Presupostos iniciais

	2009			2010			% variación 2008-2007
	Miles de euros	%	Euros/ Habitante	Miles de euros	%	Euros/ Habitante	
Andalucía	478.131	35,3	62,0	436.918	35,6	56,0	-8,6
Asturias	56.006	4,1	53,0	43.965	3,6	42,0	-21,5
Canarias	101.083	7,5	52,0	102.556	8,4	52,0	1,5
Cantabria	10.769	0,8	19,0	7.989	0,7	14,0	-25,8
Castela-A Mancha	113.958	8,4	61,0	107.661	8,8	56,0	-5,5
Castela e León	83.903	6,2	34,0	66.387	5,4	27,0	-20,9
Estremadura	95.911	7,1	90,0	82.148	6,7	77,0	-14,3
Galicia	197.221	14,6	73,0	169.607	13,8	62,0	-14,0
Murcia	61.817	4,6	47,0	59.521	4,9	44,0	-3,7
C. Valenciana	134.044	9,9	29,0	130.071	10,6	28,0	-3,0
Ceuta	10.463	0,8	-	9.474	0,8	-	-9,5
Melilla	10.463	0,8	-	9.474	0,8	-	-9,5
Total nacional	**1.353.770**	**100,0**	**53,0**	**1.225.770**	**100,0**	**47,0**	**-9,5**

Fonte: *Ministerio de Administraciones Públicas.*

No cadro 17 preséntanse as previsións orzamentarias por este concepto para os anos 2009 e 2010, cunhas estimacións para Galicia de 197,2 e 169,6 millóns de euros respectivamente, se ben na liquidación destes exercicios os recursos finalmente recoñecidos foron de 213 e 175 millóns de euros respectivamente, ao materializarse a execución de fondos previstos de exercicios anteriores. Por tanto, estas previsións iniciais teñen utilidade para valorar a posición de Galicia en termos relativos. Constátase que segue a manterse como a segunda comunidade autónoma que máis recursos recibe, tanto en termos de porcentaxe sobre o total (14%) como en termos de euros por habitante (62 euros), experimentando unha lixeira diminución na porcentaxe total polo efecto da baixada na poboación e, en menor medida, pola corrección por renda.

Tamén nos ingresos condicionados procedentes do Estado, Galicia, igual que Andalucía, Cataluña e Castela-A Mancha, integra nos seus orzamentos, por mandato do seu Estatuto de Autonomía, os ingresos das entidades locais, consistentes na participación nos ingresos estatais e en subvencións incondicionadas, que logo transfiren a estas segundo os criterios establecidos ao respecto. Na liquidación do exercicio 2010 os dereitos recoñecidos por este concepto ascenderon a 786,8 millóns de euros, o que representa o 8,5% do total de ingresos non-financeiros, cunha caída do 18,6% en relación co exercicio anterior, o que pon de manifesto de forma clara, xa nestas cantidades derivadas inicialmente da aplicación do modelo de financiamento local para o ano 2010, os efectos da crise e da caída da recadación por tributos. Estes ingresos teñen

correspondencia coas obrigas recoñecidas por este concepto e polo mesmo importe en relación cos concellos e deputacións galegas.

Para ampliar a análise dos ingresos condicionados, recollemos de forma desagregada nos cadros 18 e 19 a contía e evolución dos ingresos procedentes da Unión Europea, que ascenderon en 2010 a 502,1 millóns de euros, un 3,5% menos que no exercicio anterior, debido principalmente á execución do Fondo Social Europeo que presenta fortes variacións no recoñecemento de dereitos en función da execución real.

A evolución destes fondos nos últimos anos, así como as previsións para o exercicio 2011, anticipan unha realidade para a que terá que buscar alternativas Galicia: a progresiva diminución dos fondos europeos, co que iso supón respecto da política de investimentos e de viabilidade dos sectores beneficiados polos mesmos.

Cadro núm. 18

Ingresos de solidariedade. Fondos europeos. Presupostos iniciais para Galicia (en miles de euros)

Tipo de fondo	2000	2002	2004	2006	2008	2009	2010	2011
FSE	37.984,0	65.276,0	63.233,0	56.244,8	49.187,2	53.656,5	51.174,0	52.198,0
Feder	134.927,2	169.429,0	167.909,0	183.260,6	166.118,6	160.051,2	144.904,0	197.938,0
IFOP/FEP	64.284,3	77.061,0	89.162,0	105.662,3	82.852,3	67.980,9	68.909,0	61.689,0
Fondo de Cohesión	12.002,2	30.815,0	13.504,0	-	-	-	-	-
Feoga/Feader	131.255,0	168.585,0	198.102,0	230.614,5	173.622,5	179.593,6	181.780,0	152.104,0
Interreg	4.940,3	-	15.241,0	3.130,8	261,2	15.023,1	1.546,0	952,0
Outros		-	90,0	2.090,4	38,3	-	-	418,0
Total	**385.393,0**	**511.166,0**	**547.241,0**	**581.003,4**	**472.080,1**	**476.305,2**	**448.313,0**	**465.299,0**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 19

Ingresos liquidados de solidariedade. Fondos europeos para Galicia (en miles de euros)

Tipo de fondo	2002	2004	2006	2008	2009	2010	2011*
FSE	59.659,6	164.200,2	48.175,8	4.735,7	61.835,3	11.412,9	52.198,0
Feder	180.445,0	162.179,1	151.652,0	136.523,5	120.481,2	118.944,5	197.938,0
IFOP/FEP	57.549,0	85.006,5	87.387,2	43.186,4	40.526,7	50.264,2	61.689,0
Fondo de Cohesión	35.902,5	26.060,5	9.328,5	8.083,8	383,6	9.464,9	-
Feoga/Feader	200.710,5	304.094,5	262.603,3	285.731,4	290.522,8	309.442,5	152.104,0
Interreg	-	9.824,5	21.469,2	10.465,7	6.065,8	2.456,6	952,0
Iniciativa pesca	868,2	-	32,3	-	-	-	-
Outros	1.611,8	847,1	1.622,1	2.430,5	799,7	147,3	418,0
Total	**536.746,6**	**752.212,4**	**582.270,4**	**491.157,0**	**520.615,1**	**502.132,9**	**465.299,0**

* Presupostos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Finalmente, dentro dos ingresos condicionados inclúense os asociados a convenios, subvencións e contratos-programa da Administración xeral do Estado, recollidos no cadro 20 para as diferentes comunidades autónomas nos exercicios 2009 e 2010. En relación con este financiamento condicionado destacan as actuacións no ámbito de familia, servizos sociais, pesca e política agroalimentaria. A pesar de financiar con estes recursos políticas deseñadas principalmente pola Administración central e executadas polas comunidades autónomas, o cal pode considerarse que limita a autonomía fi-

Cadro núm. 20

Financiamento condicionado da Administración xeral do Estado (en millóns de euros)

	2009	2010					% Variación 2010/2009
	Total	Subvencións e C-Programa	Convenios	Total	% sobre o total	Euros / Habitante	
CC.AA. réxime común							
Andalucía	1.729,98	1.028,64	483,00	1.511,64	15,95	180,58	-12,62
Aragón	428,81	199,70	135,78	335,48	3,54	249,04	-21,77
Asturias	508,01	268,60	176,23	444,84	4,69	410,24	-12,44
Baleares	436,79	100,49	253,38	353,86	3,73	319,94	-18,98
Canarias	806,78	328,45	463,79	792,24	8,36	373,96	-1,80
Cantabria	116,37	76,04	50,51	126,55	1,33	213,68	8,75
Castela e León	594,96	373,98	188,14	562,12	5,93	219,62	-5,52
Castela-A Mancha	501,40	246,08	151,81	397,88	4,20	189,62	-20,65
Cataluña	2.145,71	1.017,06	903,34	1.920,40	20,26	255,63	-10,50
Estremadura	339,43	173,04	86,36	259,40	2,74	234,28	-23,58
Galicia	**608,33**	**401,21**	**83,38**	**484,60**	**5,11**	**173,22**	**-20,34**
Madrid	1.211,20	869,83	160,58	1.030,41	10,87	159,54	-14,93
Murcia	223,85	147,00	50,45	197,45	2,08	135,06	-11,79
A Rioxa	70,76	38,92	13,36	52,27	0,55	162,13	-26,13
C. Valenciana	800,08	558,91	99,96	658,86	6,95	128,89	-17,65
Total	**10.522,47**	**5.827,95**	**3.300,05**	**9.128,01**	**96,28**	**207,22**	**-13,25**
Réxime foral							
Navarra	53,76	39,50	9,55	49,05	0,52	77,02	-8,76
País Vasco	80,27	39,85	238,29	278,15	2,93	127,69	246,52
Total	**134,03**	**79,36**	**247,85**	**327,20**	**3,45**	**116,22**	**144,12**
Cdes. Estatuto autonomía				**0,00**			
Ceuta	18,48	5,53	9,00	14,53	0,15	180,32	-21,39
Melilla	13,98	3,42	7,08	10,50	0,11	138,11	-24,91
Total	**32,47**	**8,95**	**16,08**	**25,03**	**0,26**	**159,83**	**-22,91**
TOTAL	**10.688,97**	**5.916,25**	**3.563,98**	**9.480,24**	**100,00**	**201,62**	**-11,31**

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

nanceira e política destas últimas, a súa contía é importante para o desenvolvemento de determinadas actuacións por parte das comunidades autónomas. Galicia ingresou por esta vía de financiamento 484,6 millóns de euros no ano 2010, un pouco por debaixo da media nacional en termos de euros por habitante, e sobresae a forte caída destes recursos respecto do exercicio anterior, cunha diminución de máis do 20%.

Ingresos financeiros

Os ingresos financeiros do orzamento consolidado ascenderon no exercicio 2010 á cantidade de 1.829,5 millóns de euros, o que representa o 16,1% do total, correspondéndose case na súa totalidade co recurso tradicional á débeda que realiza a Administración xeral. O peso destes recursos no conxunto de ingresos duplica o do ano anterior. En relación coa débeda viva acumulada, no ano 2010 amortizáronse 265,9 millóns fronte aos 1.815 millóns de novo endebedamento subscrito, o que supón un incremento neto, considerando o axuste por inflación, de 1.305,7 millóns de euros, acadando o endebedamento acumulado a día 31 de decembro de 2010 a contía de 5.220,6 millóns de euros, un 33,3% máis que ao remate do exercicio anterior. A esta

Cadro núm. 21

Endebedamento, amortizacións e débeda de Galicia (en miles de euros)

Ano de orixe da débeda	Endebedamento vixente o 01/01/2010	Endebedamento 2010	Axustes ligados á inflación	Total	Amortizacións 2010	Débeda vixente o 31/12/2010
1995	1.912			1.912	1.912	0
1996						
1997	154.450			154.450	4.043	150.407
1998	198.798			198.798	4.426	194.373
1999	0			0	0	0
2000	250.000			250.000	250.000	0
2001						
2002						
2003	271.200			271.200	2.800	268.400
2004	234.000			234.000	2.800	231.200
2005	500.000			500.000		500.000
2006	388.165			388.165		388.165
2007	490.862			490.862		490.862
2008	496.431			496.431	240.000	256.431
2009	929.017			929.017		929.017
2010		1.815.000	6.752	1.821.752	10.000	1.811.752
Total	**3.914.835**	**1.815.000**	**6.752**	**5.736.587**	**265.981**	**5.220.606**
% incremento respecto do 31 de decembro de 2009						**33,35**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 22

Endebedamento das comunidades autónomas

	Pasivos financeiros 2006*	Pasivos financeiros 2009*	Pasivos financeiros 2010*	Pasivos financeiros 2011 *	Índice 2011 (2000 = 100)	Euros/ Habitante 2011	% PIB 2011
Réxime común							
Andalucía	7.314	9.831	12.179	14.314	205,2	1.699	9,8
Aragón	1.163	1.890	2.901	3.403	362,0	2.528	10,2
Asturias	729	1.080	1.701	2.155	356,2	1.993	9,1
Baleares	1.635	3.273	4.135	4.432	870,7	3.982	16,3
Canarias	1.563	2.352	3.298	3.718	410,8	1.748	8,8
Cantabria	398	662	992	1.293	521,4	2.180	9,3
Castela e León	1.798	3.227	4.304	5.476	504,2	2.140	9,4
Castela-A Mancha	1.543	4.288	5.819	6.587	1.092,4	3.114	18,0
Cataluña	14.043	25.402	34.229	41.778	410,5	5.541	20,7
Estremadura	784	1.086	1.747	2.021	329,7	1.822	10,9
Galicia	**3.535**	**4.842**	**6.161**	**7.009**	**228,2**	**2.507**	**12,3**
Madrid	10.073	11.987	13.491	15.447	366,2	2.380	7,9
Murcia	686	1.340	2.107	2.806	460,8	1.909	10,1
A Rioxa	184	507	726	900	638,3	2.787	11,2
C. Valenciana	10.936	15.490	18.963	20.762	345,8	4.057	19,9
Total	**56.384**	**87.257**	**112.753**	**132.101**	**359,9**	**2.989**	**13,1**
Réxime foral							
Navarra	647	1.085	1.692	2.446	377,5	3.810	12,9
País Vasco	929	2.618	5.015	5.536	261,3	2.534	8,1
Total	**1.576**	**3.703**	**6.707**	**7.982**	**288,5**	**2.824**	**10,5**
TOTAL	**57.960**	**90.960**	**119.460**	**140.083**	**354,9**	**2.968,46**	**13,1**

Nota: Incluídos organismos autónomos administrativos e similares, entes, empresas públicas e sanidade segundo sectorización da Base 2000 da CNE.
* Millóns de euros a 31 de decembro.

Fonte: Banco de España.

cantidade debe engadirse a débeda correspondente ás sociedades públicas que configuran o sector público autonómico, o que suporía, segundo estimacións do Banco de España, un endebedamento total acumulado de 6.161 millóns de euros. Nos cadros 21 e 22 sinálase a evolución do endebedamento autonómico, tanto en termos absolutos como en porcentaxe do PIB e euros por habitante, situándose Galicia entre as comunidades autónomas máis endebedadas, superada tan só por Cataluña, Comunidade Valenciana, Castela-A Mancha e Baleares, amosando ademais un salto significativo no seu nivel de endebedamento tamén ao longo do ano 2011, no que incrementou os seus pasivos financeiros noutro 13,7% respecto a 2010.

Estrutura e dinámica dos gastos

Os gastos consolidados da Administración autonómica galega xunto cos dos organismos autónomos dela dependentes acadaron a cifra de 11.130,6 millóns de euros en 2010 (cadro 3), o que supón 691,8 millóns de euros menos que no exercicio anterior, un 5,9% menos. Do conxunto de obrigas, un 77,7% teñen carácter de gasto corrente, un 16,4% son gastos de capital e o 5,9% restante son gastos financeiros.

No cadro 23 móstrase a distribución do gasto da Administración xeral segundo a súa clasificación orgánica. Dentro do gasto autonómico continúan destacando as consellerías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria, que xestionan o 33,1% e o 21,2% respectivamente do total de gasto, seguidas en importancia, malia que con moito menor volume, polas de Traballo e Benestar (9,2%), Transferencias ás Corporación Locais (8,3%), Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (5,7%) e Medio Rural (5,5%).

Se agregamos por grandes conceptos o gasto autonómico para os exercicios 2009 e 2010 (como se recolle no cadro 24), o consumo público representa o 46,5% do

Cadro núm. 23

Estrutura do gasto. Distribución orgánica. Administración xeral de Galicia
(en miles de euros)

Seccións	Total	%
01 Parlamento	20.464,4	0,2
02 Consello de Contas	6.155,8	0,1
03 Consello da Cultura Galega	2.831,2	0,0
04 Presidencia da Xunta	249.517,4	2,3
05 Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	228.632,8	2,1
06 Consellería de Facenda	76.011,1	0,7
07 Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	617.521,4	5,7
08 Consellería de Economía e Industria	263.463,7	2,4
09 Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	2.303.260,9	21,2
10 Consellería de Sanidade	3.601.894,2	33,1
11 Consellería de Cultura e Turismo	156.363,3	1,4
12 Consellería de Traballo e Benestar	1.005.195,9	9,2
13 Consellería de Medio Rural	595.335,3	5,5
14 Consellería do Mar	166.883,9	1,5
20 Consello Consultivo de Galicia	2.104,2	0,0
21 Transferencias a corporacións locais	907.391,8	8,3
22 Débeda pública	637.015,3	5,9
23 Gastos de diversas consellerías	36.562,4	0,3
Total	**10.876.605**	**100,0**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 24

Estrutura e crecemento do gasto en Galicia (en miles de euros)

			Variación 2010/2009		
Conceptos	**2009**	**2010**	**Absoluta**	**%**	**Repartición (%)**
Consumo público	5.313.476	5.180.480	-132.996	-2,5	19,2
Transferencias correntes	3.575.621	3.345.486	-230.135	-6,4	33,3
Gastos de capital	2.442.920	1.830.934	-611.986	-25,1	88,5
Carga financeira	356.670	642.026	285.357	80,0	-41,2
Variación de activos financeiros	133.731	131.684	-2.048	-1,5	0,3
Total	**11.822.418**	**11.130.610**	**-691.808**	**-5,9**	**100,0**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

total do gasto consolidado de 2010, as transferencias correntes o 30% e os gastos de capital o 16,4%. Polo que respecta a súa evolución durante os anos referidos, a caída é xeneralizada agás no que a carga financeira se refire, destacando en termos absolutos a diminución dos gastos de capital, con 611,9 millóns de euros menos que no exercicio anterior.

Consumo público

No cadro 25 calcúlase o agregado de consumo público, identificado coa suma dos gastos de persoal e coa compra de bens e servizos, capítulos de gastos facilmente cuantificables, aínda que supoña deixar sen imputar a este o consumo de capital fixo ou os posibles ingresos asociados á adquisición de bens e servizos correntes, de máis difícil identificación. O consumo público representou, como se acaba de dicir, o 46,5% do total do gasto consolidado, experimentando unha diminución do 2,5% respecto ao ano anterior, porcentaxe inferior á diminución do gasto total. Nas funcións de sanidade e educación concéntrase a meirande parte dos gastos en consumo público, ao representar o 82,1% do total do gasto de persoal e o 79,3% dos gastos en compra de bens e servizos do orzamento consolidado da comunidade autónoma, o que supón o 37,9% do gasto non-financeiro desta.

Cadro núm. 25

Consumo público autonómico en Galicia
(en miles de euros). Ano 2010

	Educación	Sanidade	Outros	Total
Gastos de persoal	1.391.642	1.746.804	684.796	3.823.242
Compra de bens e servizos	205.987	871.113	280.137	1.357.238
Total	**1.597.630**	**2.617.917**	**964.934**	**5.180.480**
% sobre o total do gasto autonómico				**46,54**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Transferencias correntes e de capital

As obrigas recoñecidas en concepto de transferencias da comunidade autónoma reflicten aqueles recursos que non son directamente administrados por ela ao achegarse estes a outras administracións ou ao sector privado da economía. Unha

vez consolidados os importes transferidos entre a Administración xeral e os organismos autónomos dependentes dela, de importancia significativa ao actuar aquela como entidade que financia estes, as transferencias correntes e de capital ascenderon en 2010 a 4.293,9 millóns de euros o que representa o 40,9% do gasto non-financeiro consolidado.

No cadro 26 preséntanse as transferencias recoñecidas pola Administración xeral da comunidade autónoma, que representan o 61,2% do total do seu gasto, segundo as entidades receptoras. Deixando á marxe as transferencias destinadas aos organismos autónomos dependentes –a maior parte son recursos transferidos pola Administración xeral ao Sergas–, e as correspondentes ás corporacións locais –que teñen a súa orixe principalmente na participación destas entidades nos ingresos do Estado–, os maiores beneficiarios das transferencias da Administración xeral son as sociedades e entes públicos dependentes da comunidade autónoma, que recibiron 718 millóns de euros, aínda que diminúen un 8,4% respecto ao ano anterior, seguidos das transferencias ás familias e institucións non lucrativas, con 635 millóns de euros, e ás empresas privadas con 329 millóns de euros.

Cadro núm. 26

Gastos en transferencias correntes e de capital (en miles de euros)**. Administración xeral de Galicia**

	2010		
Entidades receptoras	**Correntes**	**De capital**	**Total**
Administración do Estado	7.445	755	8.200
Organismos autónomos	3.516.292	430.421	3.946.713
Sociedades públicas e outros entes	443.234	274.855	718.089
Corporacións locais	1.081.436	88.724	1.170.160
Empresas privadas*	116.238	213.529	329.766
Familias e institucións non-lucrativas	578.492	56.604	635.096
Exterior	4.491	3.369	7.859
Total	**5.747.627**	**1.068.257**	**6.815.884**
% sobre o total do gasto Administración xeral			61,2

* Inclúe os centros educativos concertados.
Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Neste punto cómpre salientar o importante papel que desenvolve a comunidade autónoma no financiamento das corporacións locais. Así, os 786,8 millóns de euros que aquela recibe do Estado para a súa transferencia a estas, increméntanse ata os 1.170,1 millóns de euros con achegas propias, aínda que no seu conxunto se ten producido unha diminución dun 12,3% no montante total das transferencias da comunidade autónoma ás corporacións locais.

Investimentos

As obrigas recoñecidas no capítulo VI do orzamento de gasto consolidado representan o esforzo investidor directo realizado polo sector público autonómico, ao que debe engadirse o volume de transferencias de capital. Os investimentos reais ascenderon no exercicio 2010 a 882,4 millóns de euros, o 7,9% do total de gastos, experimentando unha diminución do 29,6% en relación co exercicio anterior. Esta cifra de investimentos tan só representa o 1,6% do PIB galego, fronte ao 2,2% do ano anterior, porcentaxe que se incrementa ao 3,2% ao engadiren os 948,5 millóns de euros de transferencias de capital e ao 5,8% se consideramos tamén os gastos de capital dos entes, sociedades e fundacións públicas.

Cadro núm. 27

Carga financeira da Administración autonómica galega
(en miles de euros)

	Xuros	Amortizacións	Carga financeira
1995	203.202	119.073	322.275
1996	229.956	117.708	347.664
1997	197.731	122.637	320.368
1998	185.987	130.708	316.696
1999	178.230	137.433	315.662
2000	175.227	199.446	374.673
2001	177.506	215.524	393.029
2002	155.407	210.948	366.355
2003	144.762	413.648	558.410
2004	124.747	222.985	347.732
2005	119.417	390.021	509.439
2006	149.957	457.103	607.060
2007	142.251	457.103	599.354
2008	134.510	347.730	482.240
2009	110.081	245.931	356.012
2010	121.617	515.981	637.598
2011 *	195.700	409.700	605.400

* Presupostos iniciais.
Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Carga financeira

Os gastos por xuros e amortizacións derivados do endebedamento dunha Administración constitúe a súa carga financeira, aínda que para unha valoración axeitada debe terse en conta que parte da amortización da débeda está relacionada cos procesos de refinanciamento, para o que temos que poñela en correspondencia cos ingresos recoñecidos por endebedamento durante o exercicio. No cadro 27 recóllese a evolución da carga financeira da Administración autonómica galega para o período 1995-2011. No que atinxe ao exercicio 2010, o incremento experimentado de máis de 281 millóns de euros débese principalmente ao aumento de máis dun 109% no volume de amortizacións.

Clasificación funcional

Para rematar coa análise da estrutura e evolución do gasto público autonómico galego, recollemos no cadro 28 a súa clasificación funcional por grandes grupos de funcións para a Administración xeral.

Cadro núm. 28

Gasto público autonómico de Galicia. Administración xeral. Grupos de funcións

	2009		2010		Variación 2010/2009	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%
1. Servizos de carácter xeral	**260.888**	**2,3**	**260.288**	**2,4**	**-600**	**-0,2**
Alta dirección da comunidade autónoma	38.178	0,3	37.792	0,3	-385	-1,0
Administración xeral	65.820	0,6	77.463	0,7	11.644	17,7
Xustiza	119.406	1,0	116.563	1,1	-2.844	-2,4
Administración local	9.114	0,1	14.693	0,1	5.579	61,2
Normalización lingüística	17.542	0,2	13.777	0,1	-3.765	-21,5
Administración electoral e partidos	10.829	0,1	0		-10.829	-100,0
2. Protección civil e seguridade cidadá	**25.923**	**0,2**	**23.774**	**0,2**	**-2.148**	**-8,3**

[Continúa]

Cadro núm. 28 (continuación)

Gasto público autonómico de Galicia. Administración xeral. Grupos de funcións

	2009		2010		Variación 2010/2009	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%
3. Protección e promoción social	**1.104.004**	**9,6**	**1.044.780**	**9,6**	**-59.224**	**-5,4**
Acción social e promoción social	723.540	6,3	639.321	5,9	-84.219	-11,6
Promoción do emprego e institucións	369.793	3,2	396.194	3,6	26.401	7,1
Cooperación exterior e ao desenvolvemento	10.672	0,1	9.266	0,1	-1.406	-13,2
4. Produción de bens públicos de carácter social	**6.586.762**	**57,2**	**6.253.355**	**57,5**	**-333.407**	**-5,1**
Sanidade	3.774.347	32,8	3.601.801	33,1	-172.546	-4,6
Educación	2.407.120	20,9	2.294.978	21,1	-112.142	-4,7
Cultura	112.687	1,0	97.965	0,9	-14.722	-13,1
Deportes	34.239	0,3	29.488	0,3	-4.751	-13,9
Vivenda	114.213	1,0	95.781	0,9	-18.432	-16,1
Outros servizos comunitarios e sociais	144.157	1,3	133.342	1,2	-10.815	-7,5
5. Produción de bens públicos de carácter económico	**1.119.818**	**9,7**	**867.737**	**8,0**	**-252.082**	**-22,5**
Infraestruturas	554.707	4,8	399.558	3,7	-155.149	-28,0
Ordenación do territorio	28.277	0,2	39.558	0,4	11.281	39,9
Promoción de solo para actividades industriais	12.048	0,1	143.803	1,3	131.756	1.093,6
Actuacións ambientais	207.362	1,8	114.374	1,1	-92.988	-44,8
Actuacións e valoración do medio rural	179.601	1,6	109.327	1,0	-70.274	-39,1
Investigación, desenvolvemento e innovación	106.375	0,9	56.628	0,5	-49.747	-46,8
Sociedade da información e do coñecemento	26.345	0,2	4.488	0,0	-21.857	-83,0
Información estatística básica	5.103	0,0			-5.103	-100,0
6. Regulación económica de carácter xeral	**95.379**	**0,8**	**90.442**	**0,8**	**-4.937**	**-5,2**
Actuacións económicas xerais	38.020	0,3	35.201	0,3	-2.819	-7,4
Actividades financeiras	57.359	0,5	55.240	0,5	-2.118	-3,7
7. Regulación económica de sectores produtivos	**866.747**	**7,5**	**785.621**	**7,2**	**-81.126**	**-9,4**
Dinamización económica do medio rural	486.502	4,2	434.199	4,0	-52.303	-10,8
Pesca	110.925	1,0	115.958	1,1	5.033	4,5
Industria, enerxía e minería	43.788	0,4	41.637	0,4	-2.151	-4,9
Desenvolvemento empresarial	134.601	1,2	110.723	1,0	-23.878	-17,7
Comercio	25.761	0,2	22.162	0,2	-3.599	-14,0
Turismo	65.170	0,6	60.942	0,6	-4.229	-6,5
8. Transferencias a entidades locais	**1.101.135**	**9,6**	**913.692**	**8,4**	**-187.443**	**-17,0**
9. Débeda pública	**355.633**	**3,1**	**637.015**	**5,9**	**281.382**	**79,1**
Totais	**11.516.289**	**100,0**	**10.876.704**	**100,0**	**-639.586**	**-5,6**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

En liña coas conclusións extraídas anteriormente da clasificación orgánica, destaca o peso dos gastos en produción de bens públicos de carácter social, no que se integran as funcións de educación e sanidade, que representan por si soas o 54,2% do total do gasto, seguido da acción social e promoción social (5,9%), débeda pública (5,9%) e dinamización económica do medio rural (4%). Destacan as importantes diminucións que no ano 2010 tiveron respecto do ano anterior funcións como sociedade e información do coñecemento (-82,9%), investigación, desenvolvemento e innovación (-46,7%) e actuacións ambientais (-44,8%), entre outras.

Conta financeira

Para afondar na avaliación da operativa económico-financeira do sector público autonómico galego, resulta de interese poñer en relación as principais magnitudes de ingresos e gastos, cuantificando os diferentes conceptos que integran a conta financeira e o cálculo dos saldos orzamentarios. Nos cadros 29 a 32 móstranse as cifras relativas á conta financeira dos exercicios 2009 e 2010, á evolución do aforro e déficit orzamentario para o período 2000-2010 e aos estados de liquidación do orzamento da Administración xeral e do orzamento consolidado do exercicio 2010.

Da conta financeira derivada do orzamento consolidado (cadro 29), destaca a case desaparición do aforro bruto, ou aforro por operacións correntes –diferenza positiva entre os ingresos e os gastos correntes–, que tan só acada 30,9 millóns de euros, fronte aos 1.126 millóns do ano 2009 ou os 1.607 millóns de 2008. Esta minoración

Cadro núm. 29

Conta financeira. Presuposto consolidado de Galicia

	Miles de euros		Variación 2010/2009	
	2009	2010	Absoluta	%
Aforro bruto[1]	**1.126.313**	**30.962**	**-1.095.351**	**-97,25**
Recursos dispoñibles non-financeiros[2]	2.070.980	870.215	-1.200.764	-57,98
Gastos de capital[3]	2.442.920	1.830.934	-611.986	-25,05
Capacidade (-)/Necesidade (+) de financiamento[4]	**371.940**	**960.719**	**588.779**	**158,30**
Variación de activos financeiros[5]	117.336	124.390	7.054	6,01
Amortizacións[6]	245.931	519.939	274.008	111,42
Endebedamento bruto[7]	936.274	1.822.277	886.003	94,63
Endebedamento neto[8]	**690.343**	**1.302.338**	**611.995**	**88,65**

Obtención da Capacidade (-)/Necesidade (+) de financiamento:
[1] Ingresos correntes menos gastos correntes. Capítulos 1 a 5 do presuposto de ingresos e gastos.
[2] Ingresos de capital máis aforro bruto. Capítulos 6 e 7 de ingresos máis (1).
[3] Comprende os capítulos 6 e 7 do presuposto de gastos, é dicir, investimentos reais e transferencias de capital.
[4] Gastos de capital menos recursos dispoñibles. Capítulos 6 e 7 de gastos menos (2). É o déficit non-financeiro.
[5] Diferenza neta entre os gastos e ingresos de activos financeiros. Capítulo 8 de gastos e ingresos.
[6] Comprende o capítulo 9 de gastos. Pago anual de anualidades por capital debido.
[7] Ingresos obtidos por endebedamento.
[8] Correspóndese co endebedamento bruto menos as amortizacións.
Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 30

Aforro e déficit presupostario. Presuposto consolidado de Galicia (en miles de euros)

Conceptos	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Aforro bruto	658.326	801.059	784.374	802.177	1.300.633	1.297.836	1.543.125	1.847.152	1.607.868	1.126.313	30.962
Aforro neto	458.880	585.535	573.426	388.529	1.077.648	907.815	1.165.567	1.390.049	1.260.138	880.382	-488.977
Necesidade de financiamento	2.427	57.417	-87.797	-30.724	-185.031	-14.200	-86.799	-245.997	202.140	371.940	960.719
Déficit primario	-172.799	-120.089	-243.204	-175.486	-311.086	-134.197	-223.891	-395.955	67.228	261.201	838.631
Necesidade de endebedamento	19.439	155.550	47.097	57.805	-87.288	87.345	79.548	-93.267	319.515	489.276	1.085.109
Débeda neta	60.101	0	65.000	25.318	69.133	114.510	10.442	84.897	240.208	690.343	1.302.338

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 31

Estado de liquidación do presuposto. Administración xeral de Galicia
(en miles de euros). Ano 2010

Concepto	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Importes
(+) Operacións correntes	8.448.163	8.426.812	21.351
(+) Operacións de capital	811.929	1.808.782	-996.854
1. (+) Operacións non-financeiras	9.260.091	10.235.594	-975.503
2. (+) Operacións con activos financeiros	6.140	125.030	-118.889
I. Resultado presupostario do exercicio (1+2)	**9.266.232**	**10.360.624**	**-1.094.392**
II. Variación neta de pasivos financeiros	**1.822.277**	**515.981**	**1.306.296**
III. Saldo presupostario do exercicio (I+II)			**211.904**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 32

Estado de liquidación do presuposto. Presuposto consolidado de Galicia
(en miles de euros). Ano 2010

Concepto	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Importes
(+) Operacións correntes	8.679.016	8.648.054	30.962
(+) Operacións de capital	839.253	1.830.934	-991.681
1. (+) Operacións non-financeiras	9.518.269	10.478.988	-960.719
2. (+) Operacións con activos financeiros	7.294	131.684	-124.390
I. Resultado presupostario do exercicio (1+2)	**9.525.562**	**10.610.672**	**-1.085.109**
II. Variación neta de pasivos financeiros	**1.822.277**	**519.939**	**1.302.338**
III. Saldo presupostario do exercicio (I+II)			**217.229**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 33

Ingresos/gastos dos organismos autónomos administrativos (en miles de euros). Ano 2010

	Sergas	EGAP	IGE	Augas	Agasp	SGI	IGC	TGDC	Issga	APLU	Total
Ingresos											
Taxas e outros ingresos	48.201	49	1	37.120	10	12	274	27	25	599	86.318
Transferencias correntes	3.588.891	3.369	2.984	4.777	2.378	6.049	5.598	580	5.953	4.336	3.624.915
Ingresos patrimoniais	277	1	1	59	22	6	9	4	3	6	388
Total ingresos correntes	**3.637.369**	**3.419**	**2.985**	**41.956**	**2.410**	**6.067**	**5.881**	**611**	**5.982**	**4.940**	**3.711.620**
Alleamento investimentos reais											
Transferencias de capital	81.582	374	1.183	71.768	159	0	1.800	11	2.067	167	159.112
Total ingresos de capital	**81.582**	**374**	**1.183**	**71.768**	**159**	**0**	**1.800**	**11**	**2.067**	**167**	**159.112**
Total ingresos non-financeiros	**3.718.951**	**3.793**	**4.168**	**113.724**	**2.569**	**6.067**	**7.681**	**622**	**8.049**	**5.107**	**3.870.732**
Variación de activos financeiros	1.135					0	0				1.135
Variación de pasivos financeiros											
Total ingresos financeiros	**1.135**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**1.135**
Total de ingresos	**3.720.086**	**3.793**	**4.168**	**113.724**	**2.569**	**6.067**	**7.681**	**622**	**8.049**	**5.107**	**3.871.867**
Gastos											
Gastos de persoal	1.699.300	1.018	2.576	4.673	691	965	4.822	366	5.185	3.657	1.723.252
Compras de bens e servizos	869.587	2.149	351	2.445	1.572	324	811	161	741	219	878.360
Xuros	160			40			0			1	201
Transferencias correntes	1.095.036	103	95	375	167	5.290	359	561			1.101.987
Fondo de continxencia											
Total gastos correntes	**3.664.083**	**3.270**	**3.021**	**7.533**	**2.430**	**6.579**	**5.993**	**1.088**	**5.926**	**3.878**	**3.703.800**
Investimentos reais	77.637	374	1.198	16.468	159	0	1.336	11	2.067	229	99.479
Transferencias de capital	1.497		0	74.297		0	450				76.245
Total gastos de capital	**79.134**	**374**	**1.198**	**90.766**	**159**	**0**	**1.786**	**11**	**2.067**	**229**	**175.724**
Total gastos non-financeiros	**3.743.217**	**3.644**	**4.219**	**98.299**	**2.589**	**6.579**	**7.778**	**1.099**	**7.993**	**4.106**	**3.879.524**
Variación de activos financeiros	990										990
Variación de pasivos financeiros											
Total gastos financeiros	**990**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**990**
Total de gastos	**3.744.207**	**3.644**	**4.219**	**98.299**	**2.589**	**6.579**	**7.778**	**1.099**	**7.993**	**4.106**	**3.880.514**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 34

Ingresos/gastos dos organismos autónomos comerciais
(en miles de euros). Ano 2010

	IGVS	Fogga	Agadic*	Total
Ingresos				
Taxas e outros ingresos	1.331	29	59	1.419
Transferencias correntes	20.444	5.422	3.865	29.731
Ingresos patrimoniais	5.081	27	152	5.260
Total ingresos correntes	**26.856**	**5.479**	**4.076**	**36.410**
Alleamento investimentos reais	21.042	1		21.044
Transferencias de capital	75.592	194.473	7.526	277.591
Total ingresos de capital	**96.634**	**194.474**	**7.526**	**298.634**
Total ingresos non-financeiros	**123.490**	**199.953**	**11.602**	**335.045**
Variación de activos financeiros	18			18
Variación de pasivos financeiros	0			0
Total ingresos financeiros	**18**	**0**	**0**	**18**
Total de ingresos	**123.508**	**199.953**	**11.602**	**335.063**
Gastos				
Gastos de persoal	10.560	4.750	1.999	17.308
Compras de bens e servizos	2.324	622	1.046	3.992
Xuros	206	0	64	270
Transferencias correntes	11.873	60	1.117	13.050
Fondo de continxencia				
Total gastos correntes	**24.963**	**5.431**	**4.226**	**34.620**
Investimentos reais	35.879	1.905	4.655	42.439
Transferencias de capital	37.839	192.586	3.986	234.411
Total gastos de capital	**73.719**	**194.490**	**8.640**	**276.850**
Total gastos non-financeiros	**98.681**	**199.922**	**12.866**	**311.469**
Variación de activos financeiros	5.664			5.664
Variación de pasivos financeiros	3.958			3.958
Total gastos financeiros	**9.622**	**0**	**0**	**9.622**
Total de gastos	**108.303**	**199.922**	**12.866**	**321.091**

* Agadic é unha Axencia Pública Autonómica.
Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

tan importante no aforro bruto obrigou, cuns ingresos de capital tamén inferiores en 100 millóns de euros respecto ao exercicio anterior, a diminuír os gastos de capital nun 25%, situándose na cifra de 1.830,9 millóns de euros, o que supón 611,9 millóns menos que no ano anterior. A pesar da forte diminución dos gastos de capital, xerouse unha necesidade de financiamento de 960,7 millóns de euros, ao non ter case aforro bruto e acadar os ingresos de capital só uns 839,2 millóns de euros.

A esta necesidade financeira engádense maiores gastos que ingresos por variacións de activos financeiros, por importe de 124,4 millóns de euros, dando lugar a un resultado orzamentario do exercicio negativo de 1.085 millóns de euros, o cal, ao ascender o endebedamento neto a 1.302,3 millóns de euros, se transforma nun saldo final do orzamento liquidado do exercicio 2010 positivo en 217,2 millóns de euros.

Os organismos autónomos

Se ben as cifras agregadas dos orzamentos liquidados dos organismos autónomos dependentes da Administración autonómica foron analizadas parcialmente nos apartados anteriores, ao incluílas dentro do orzamento consolidado daquela, recóllense nos cadros 33 a 35 os seus orzamentos liquidados de ingresos e gastos diferenciando segundo o seu carácter administrativo ou comercial.

Polo que respecta aos organismos autónomos administrativos, destaca, pola contía dos recursos administrados, o Servizo Galego de Saúde, que é o instrumento co que a comunidade autónoma exerce a función sanitaria. O total de obrigas liquidadas polo Sergas no ano 2010 ascendeu a 3.744,2 millóns de euros, un 3,7% menos que

Cadro núm. 35

Ingresos do Sergas. Dereitos recoñecidos (en miles de euros)

Conceptos	2000	2002	2004	2006	2008	2009	2010	2011 *
Taxas e outros ingresos	29.621	37.377	37.877	39.722	46.946	47.896	48.478	48.932
Transferencias correntes	1.937.877	2.222.853	2.521.418	3.195.746	3.643.090	3.793.786	3.588.891	3.350.607
■ Insalud/Instituto Social de la Marina	1.849.882	94.053	57.191	50.618	55.617	88.601	51.943	56.256
■ Comunidade autónoma	33.866	2.078.418	2.368.370	3.019.140	3.471.139	3.626.966	3.450.790	3.220.575
■ Outras	54.129	50.382	95.857	125.989	116.334	78.219	86.158	73.776
Transferencias de capital	4.915	13.855	13.125	5.066	6.407	38.563	81.582	64.954
■ Insalud/Instituto Social de la Marina	356	535	-	3.579	4.538	5.381	5.017	-
■ Comunidade autónoma	4.308	13.310	12.852	1.389	1.198	33.182	76.561	64.954
■ Outras	251	10	273	97	671	-	4	0
Activos financeiros	2.229	1.899	1.881	1.413	1.486	1.335	1.135	650
Total ingresos	**1.974.641**	**2.275.984**	**2.574.302**	**3.241.947**	**3.697.930**	**3.632.912**	**3.720.086**	**3.465.144**

* Presupostos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

no exercicio anterior, que se financiaron na súa meirande parte polas transferencias correntes da Administración xeral da comunidade autónoma. En relación ao resto de organismos autónomos administrativos cabe salientar unicamente Augas de Galicia, que xestionou un total de 98,3 millóns de euros, un 32,4% menos que no ano 2009, dos que 74,2 se corresponden con gastos de capital, malia que hai que ter en conta que a meirande parte destes son transferencias de capital que executa finalmente a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

No que atinxe aos organismos autónomos de carácter comercial destacan, polo importe dos recursos administrados, o Fondo Galego de Garantía Agraria (FGGA), que recoñeceu obrigas por importe de 199,9 millóns de euros, dos que 122,5 son transferencias ao sector agroalimentario como gastos de capital e o Instituto Galego da Vivenda e o Solo (IGVS), que é o órgano a través do cal a comunidade autónoma galega exerce a súa política de vivenda e de oferta do solo industrial, que liquidou gasto por importe de 108,3 millóns de euros, un 27,4% menos que no ano 2009, dos cales 35,8 foron investimentos directos e 37,8 transferencias de capital.

As empresas públicas

Como xa se sinalou en *Informes* anteriores, dentro do sector público autonómico galego, vén cobrando cada vez máis importancia o subsector das empresas públicas dependentes del. Este estaba constituído no ano 2010 por 12 entes públicos, 22 fundacións e 19 sociedades mercantís.

No cadro 36 represéntase a evolución dos orzamentos iniciais destas entidades para o período 1995-2011, destacando o feito de que a súa actividade, medida en termos de recursos administrados, se incrementou nun 422,7% durante ese período, se

Cadro núm. 36

Presupostos iniciais de entes, fundacións e sociedades mercantís de Galicia
(en miles de euros)

	Entes e fundacións públicas	Sociedades mercantís	Total
1995	142.632	151.377	294.009
1996	170.110	135.450	305.561
1997	182.894	128.989	311.883
1998	225.993	364.370	590.362
1999	248.717	505.902	754.619
2000	267.691	429.261	696.952
2001	312.220	380.549	692.769
2002	436.833	381.809	818.642
2003	463.902	419.863	883.765

[Continúa]

Cadro núm. 36 (continuación)

Presupostos iniciais de entes, fundacións e sociedades mercantís de Galicia
(en miles de euros)

	Entes e fundacións públicas	Sociedades mercantís	Total
2004	533.970	419.874	953.844
2005	581.102	554.371	1.135.473
2006	634.489	759.306	1.393.795
2007	691.217	773.361	1.464.578
2008	766.902	925.675	1.692.577
2009	1.187.880	683.213	1.871.093
2010	1.263.501	1.105.367	2.368.868
2011	862.564	674.352	1.536.916
% variación 2011-1995	504,7	345,5	422,7

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

ben debe terse en conta a forte redución que teñen experimentado os seus orzamentos no ano 2011, no que diminuíron un 35% en relación con 2010.

Nos cadros 37 a 39 móstranse os orzamentos de cada un dos entes e sociedades mercantís para o período 2000-2011 e para as fundacións nos anos 2010 e 2011, diferenciando nos últimos dous anos entre os orzamentos de explotación e os de capital. No que aos entes públicos se refire, sobresaen, no ano 2010, o Igape con 427,6 millóns de euros, a EPOSH, con 195 millóns, a Compañía da Radio e Televisión de Galicia, cun orzamento de 168,9 millóns de euros, e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con 84,3 millóns de euros. Pola súa vez, polo que respecta ás fundacións, destacan a Fundación Pública de Urxencias Sanitarias Galicia 065, con 45 millóns de euros, e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con 44,5 millóns de euros. Finalmente, dentro das sociedades públicas cómpre sinalar os recursos administrados polas Xestures, Sogama, con 189 millóns de euros, a Sociedade Pública de Investimentos (SPI), con 148 millóns de euros, Galaria con 89,7 millóns e a Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo con 84,2 millóns de euros.

O financiamento destas entidades públicas provén, principalmente, da Administración xeral da comunidade autónoma que lles transferiu durante o exercicio 2010, en concepto de transferencias correntes e de capital, un total de 718 millóns de euros, que equivalen ao 30,3% do seu orzamento de gastos. Estas entidades teñen un carácter fundamentalmente instrumental para a prestación de servizos públicos competencia da Administración autonómica ou para o financiamento de investimentos mediante o recurso ao endebedamento; neste momento están sometidas a un proceso de reformulación dentro do Plan de Reestruturación da Administración Paralela iniciada polo Goberno galego que mudará, sen dúbida, a súa realidade proximamente.

Cadro núm. 37

Entes. Presupostos iniciais (en miles de euros)

						2010			2011		
	2000	2002	2004	2006	2008	Explotación	Capital	Total	Explotación	Capital	Total
CRTVG	105.303	113.014	126.515	139.263	149.621	27.305	141.659	168.964	79.489	46.256	125.745
Igape	72.079	87.427	97.419	120.233	135.598	117.820	309.818	427.638	40.831	263.321	304.152
Portos de Galicia	28.728	35.974	42.932	51.501	58.715	25.980	43.004	68.984	28.497	18.752	47.249
Obras e servizos hidráulicos	1.244	63.974	71.370	99.720	121.068	4.235	191.022	195.257	3.824	89.124	92.948
Consello Económico e Social	896	994	1.025	1.136	1.349	1.169	1.331	2.500	788	0	788
CIXTEC	10.025	15.061	16.504	19.890	23.701	16.636	16.648	33.284	18.140	6.950	25.090
Instituto Enerxético de Galicia	-	2.687	3.762	4.030	14.994	21.839	23.540	45.379	27.788	14.624	42.412
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	-	15.067	14.104	20.064	40.922	42.170	42.170	84.340	3.127	26.852	29.979
Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia	-	-	-	6.468	4.154	3.518	5.265	8.783	3.297	562	3.859
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	-	-	-	-	4.356	5.636	5.636	11.272	3.249	3.033	6.282
Axencia Galega de Emerxencias	-	-	-	-	-	5.249	5.249	10.498	5.983	5.462	11.445
Consello Galego de Relacións Laborais	-	-	-	-	-	1.448	1.554	3.002	1.363	14	1.377
Total	**220.276**	**336.200**	**375.635**	**464.311**	**552.130**	**273.005**	**786.896**	**1.059.901**	**216.376**	**474.950**	**691.326**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 38

Fundacións. Presupostos iniciais (en miles de euros)

	2010			2011		
	Explotación	Capital	Total	Explotación	Capital	Total
Fundación Deporte Galego	4.570	19	4.589	4.416	142	4.558
Fundación Semana Verde de Galicia	2.693	889	3.582	3.965	1.127	5.092
Fundación Galicia Europa	1.425	61	1.486	1.340	57	1.397
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	1.155	925	2.080	929	1.688	2.617
Fundación Centro de Supercomputación de Galicia	7.902	10.459	18.361	7.347	6.866	14.213
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico	16.341	13.203	29.544	14.501	2.097	16.598
Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia	922	83	1.005	773	0	773
Fundación Instituto Feiral da Coruña	1.652	109	1.761	1.876	97	1.973
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada	560	1	561	483	35	518
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	1.597	3.036	4.633	468	1.007	1.475
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	2.104	413	2.517	1.787	163	1.950
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	2.646	164	2.810	2.426	151	2.577
Fundación Pública Urxencias Sanitarias Galicia 061	44.781	267	45.048	49.035	290	49.325
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	25.692	576	26.268	25.803	794	26.597
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	3.257	1.275	4.532	3.254	117	3.371
Fundación Axencia Humanitaria de Galicia	720	2	722			
Fundación Galicia Emigración	1.235	15	1.250			
Fundacións para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	2.132	1.360	3.492			
Fundación Impulso, Autonomía e Atención á Dependencia	845	293	1.138	907	55	962
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.594	629	3.223	2.075	471	2.546
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	7.306	37.274	44.580	12.777	21.665	34.442
Fundación Illa de San Simón	398	20	418	224	30	254
Total	**132.527**	**71.073**	**203.600**	**134.386**	**36.852**	**171.238**

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

Cadro núm. 39

Sociedades mercantís. Presupostos iniciais (en miles de euros)

						2010			2011		
	2000	2002	2004	2006	2008	Explotación	Capital	Total	Explotación	Capital	Total
Sogama	199.512	187.106	85.853	106.081	110.738	95.230	94.525	189.755	94.723	8.741	103.464
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística	10.518	12.700	15.603	22.591	56.572	47.956	27.369	75.325	5.016	17.412	22.428
Xestur A Coruña	10.331	14.478	29.075	40.976	145.399	73.426	71.940	145.366	18.217	71.883	90.100
Xestur Lugo	3.684	6.568	35.214	85.688	84.902	39.785	45.027	84.812	964	14.495	15.459
Xestur Ourense	25.453	25.370	43.782	66.908	85.480	17.555	17.544	35.099	1.654	7.930	9.584
Xestur Pontevedra	10.602	22.788	36.158	103.231	80.421	30.953	30.953	61.906	3.102	48.719	51.821
Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo	24.966	24.697	34.290	28.372	28.506	41.166	43.131	84.297	6.387	14.293	20.680
Sociedade de Xestión Centro Supercomputación	2.314	6.130	4.100	2.226	1.831	255	412	667	78	0	78
Sociedade de Desenvolvemento Comarcal	4.363	6.447	8.057	7.990	7.627	7.066	6.500	13.566	5.719	462	6.181
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios*	17.171	21.634	28.586	32.214	35.566	43.190	46.592	89.782	38.741	5.660	44.401
Galicia Calidade	1.190	1.606	1.660	1.590	1.998	3.665	3.665	7.330	1.653	500	2.153
Sodiga	3.125	9.378	3.110	3.440	28.090	1.262	22.246	23.508	1.704	18.598	20.302
Xestión Enerxética de Galicia	1.527	-	-	-	0			0			0
Centro Europeo de Empresas e Innovación	1.298	2.048	2.318	2.600	2.661	3.421	3.436	6.857	1.922	50	1.972
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	106.908	33.402	66.633	78.346	102.884	11.646	136.385	148.031	7.582	200.443	208.025
Xenética Fontao, S.A.	721	1.099	1.639	2.680	3.448	4.707	4.769	9.476	3.812	300	4.112
Redes de Telecomunicación Galegas S.A.	4.255	4.532	5.122	5.753	7.654	11.424	11.329	22.753	12.795	250	13.045
XesGalicia S.A.	1.322	1.826	1.604	1.486	4.309	2.207	2.207	4.414	1.797	50	1.847
Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense	-	-	17.070	167.134	81.478	12.036	12.036	24.072	10.775	4.571	15.346
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.	-	-	-	-	54.518	38.050	38.050	76.100	31.157	955	32.112
S.A. de Xestión do Banco de Terras de Galicia	-	-	-	-	1.593	899	1.352	2.251	839	575	1.414
Parque Tecnolóxico de Galicia	-	-	-	-	-	-	-	-	2.078	7.750	9.828
Total	**429.261**	**381.809**	**419.874**	**759.306**	**925.675**	**485.899**	**619.468**	**1.105.367**	**250.715**	**423.637**	**674.352**

* Antes Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia.

O sector público local galego

O sector público local galego está constituído polo conxunto dos 315 concellos nos que se subdivide o territorio de Galicia, catro deputacións en correspondencia coa división provincial, 41 mancomunidades resultado da asociación de municipios (14 na Coruña, 3 en Lugo, 12 en Ourense, e 12 en Pontevedra), e 9 entidades menores (1 en Ourense e 8 en Pontevedra).

Na medida en que a información oficial e actualizada sobre a realidade económico-financeira do sector público local galego é moi escasa, e que as características máis salientables se manteñen de forma inalterada nos últimos anos, nesta edición do *Informe,* unha vez máis, tan só recollemos os trazos máis característicos deste sector en Galicia segundo a información dispoñible sen entrar nunha análise máis polo miúdo.

Como xa temos concluído en *Informes* anteriores, os concellos galegos, ao igual que os do conxunto do Estado, veñen asumindo un protagonismo en relación coas demandas que se fan ao sector público que non ten correspondencia coa súa organización competencial nin financeira. A súa proximidade aos cidadáns e o principio de subsidiariedade dan lugar a que estas entidades veñan desenvolvendo un número cada vez máis elevado de competencias doutras administracións, o que lles supón un esforzo financeiro e de medios que non poden afrontar cos recursos dispoñibles. Esta realidade tradúcese nunha presenza dentro dos seus orzamentos dunha porcentaxe moi importante de gastos impropios derivados do exercicio de competencias doutras administracións que son asumidas pola propia Administración local. Os concellos galegos non son alleos a esta realidade, pola contra, as súas características diferenciais fan que esta problemática teña efectos aínda máis acusados, o que os coloca actualmente nunha situación económico-financeira crítica en termos xerais.

Ademais, os concellos seguen a ser a Administración máis dependente a nivel financeiro, ao elevar o proceso constitucional de forma considerable as súas funcións e importancia na vida pública sen unha correspondencia co desenvolvemento dunha facenda local acorde coas novas funcións. Ademais, a crise económica que estamos a vivir e, en especial, a paralización do sector inmobiliario e a diminución da actividade económica, está a afectar de forma moi significativa á recadación dos concellos polas figuras tributarias que lles son propias.

No cadro 40 recóllense as previsións de gastos de concellos e deputacións para as distintas comunidades autónomas do Estado español no ano 2009, así como os seus gastos consolidados coas comunidades autónomas. O total de gasto presupostado polos concellos galegos para ese ano 2009 ascendeu a 2.299,9 millóns de euros –cantidade case igual á do exercicio anterior–, o que equivale ao 4,15% do PIB, fronte a un gasto municipal no conxunto do Estado español de 56.362,6 millóns de euros, o que se traduce nunha porcentaxe, en termos do PIB, do 5,37%, significativamente superior á do ámbito galego. Con todo, tanto en Galicia como no resto do Estado os recursos administrados polos concellos incrementan o seu peso en termos do PIB ao conterse nese exercicio o crecemento deste último, sen que a nivel municipal aflorasen

Cadro núm. 40

Orzamentos de comunidades autónomas e entidades locais. Gastos (en millóns de euros). Ano 2009

	CC.AA.[1]	Entidades locais		Total sen consolidar	Transferencias internas	Total consolidado	Concellos (Euros/Hab.)
		Concellos	Deputacións[1]				
Andalucía	33.764,0	9.781,3	2.065,9	45.611,3	4.138,8	41.472,5	1.178,1
Aragón	5.837,8	1.841,6	342,5	8.021,9	370,3	7.651,6	1.368,7
Asturias	4.494,2	1.066,8		5.561,0	204,8	5.356,2	983,0
Baleares	3.565,8	1.424,9	537,1	5.527,7	434,2	5.093,5	1.300,8
Canarias	7.667,4	2.025,2	1.592,1	11.284,7	1.003,5	10.281,2	962,5
Cantabria	2.495,0	679,4		3.174,4	82,7	3.091,8	1.153,0
Castela e León	10.584,5	3.023,3	939,7	14.547,5	593,2	13.954,3	1.179,3
Castela-A Mancha	9.399,1	2.372,0	558,6	12.329,6	1.169,0	11.160,6	1.139,6
Cataluña	30.202,8	9.728,1	1.112,4	41.043,3	4.309,2	36.734,1	1.301,3
Estremadura	5.769,4	1.158,9	285,7	7.214,1	384,0	6.830,2	1.051,3
Galicia	**11.792,8**	**2.318,8**	**596,4**	**14.708,0**	**1.442,1**	**13.266,0**	**829,3**
Madrid	19.984,6	9.043,3		29.027,9	634,7	28.393,2	1.415,9
Murcia	5.136,8	1.579,4		6.716,2	237,9	6.478,3	1.091,9
A Rioxa	1.329,6	482,6		1.812,1	61,9	1.750,3	1.500,1
C. Valenciana	14.747,9	5.003,5	983,4	20.734,7	516,7	20.218,1	982,1
CC.AA. de réxime común	**166.771,7**	**51.529,0**	**9.013,8**	**227.314,4**	**15.582,9**	**211.731,5**	**1.176,7**
Navarra	4.301,8	895,1	-	5.196,8	359,5	4.837,3	1.419,4
País Vasco	10.511,2	3.446,6	15.079,6	29.037,3	11.334,1	17.703,3	1.586,7
CC.AA. de réxime foral	**14.812,9**	**4.341,6**	**15.079,6**	**34.234,2**	**11.693,6**	**22.540,5**	**1.549,1**
Ceuta	-	260,7	-	260,7	-	260,7	3.313,8
Melilla	-	231,3	-	231,3	-	231,3	3.149,2
Cidades con estatuto de autonomía	**-**	**492,1**	**-**	**492,1**	**-**	**492,1**	**3.234,3**
Total (sen servizos centrais)	**181.584,6**	**56.362,6**	**24.093,3**	**262.040,6**	**27.276,5**	**234.764,1**	**1.205,7**

[1] Consolidado cos seus OO. AA.

Fonte: *Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos* e elaboración propia.

aínda de forma significativa os efectos da crise económica, polo menos no que aos seus orzamentos se refire.

Esta característica diferencial dos municipios galegos con relación aos seus homólogos do resto do Estado español, de contar cun menor volume de recursos administrados, traducida na expresión asociada ao municipalismo en Galicia de raquitismo orzamentario, é aínda máis acusada canto menor é o tamaño dos municipios, como xa temos fundamentado en *Informes* anteriores.

Cadro núm. 41

Ingresos fiscais dos concellos. Ano 2009

	Total ingresos fiscais (miles euros)	Ingresos fiscais por habitante (euros)	Índice ingresos fiscais
Andalucía	4.116.787	495,82	93,17
Aragón	701.869	521,65	98,03
Asturias	492.198	453,52	85,22
Baleares	756.794	690,87	129,82
Canarias	892.837	424,35	79,74
Cantabria	298.969	507,39	95,35
Castela e León	1.157.726	451,62	84,87
Castela-A Mancha	1.015.637	487,98	91,70
Cataluña	4.730.367	632,76	118,91
C. Valenciana	2.632.534	516,72	97,10
Estremadura	455.101	412,82	77,58
Galicia	**997.343**	**356,69**	**67,03**
Madrid	4.118.173	644,78	121,16
Murcia	748.969	517,77	97,30
Navarra	353.538	560,66	105,36
País Vasco	1.149.960	529,40	99,48
A Rioxa	176.220	547,77	102,93
Total Concellos	**24.795.022**	**532,15**	**100,00**

Fonte: *Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos* e elaboración propia.

Esa situación diferencial entre os concellos galegos e os do resto do Estado ten a súa orixe tanto en factores esóxenos, ao seren discriminados de forma negativa os municipios galegos na repartición da participación nos ingresos do Estado, como endóxenos, ao non exercitar de forma equivalente a súa capacidade tributaria.

En relación aos ingresos dos concellos galegos derivados da súa participación nos recursos do Estado, no sistema actualmente vixente, modificado a partir do ano 2004 e xa analizado en *Informes* anteriores, seguen a primarse os municipios de maior tamaño en detrimento dos máis pequenos, e non se ten en conta de maneira adecuada a dispersión da poboación, o cal resulta prexudicial para os concellos galegos que ingresan menos que no conxunto do Estado, explicando en parte as diferenzas anteriores.

Ademais desta realidade, a menor capacidade de gasto dos municipios galegos explícase tamén polo escaso exercicio da súa capacidade tributaria. Como se recolle no cadro 41 e no gráfico 2, os ingresos por tributos propios en termos de recadación en euros por habitante presentan magnitudes significativamente inferiores ás dos seus homólogos do conxunto do Estado, acadando os concellos galegos tan só o 67% da media nacional destes ingresos tributarios. Este menor ingreso por tributos propios dos municipios en Galicia non se xustifica totalmente polas diferenzas de capacidade

económica dos seus residentes, pola actividade económica desenvolvida no seu territorio ou polos propios servizos municipais prestados. Aínda que nestes factores poida radicar unha parte das diferenzas existentes, en Galicia prodúcese o que podemos denominar como *inhibición fiscal* respecto do exercicio da autonomía e capacidade que a normativa vixente lles outorga aos concellos en materia tributaria.

Esta menor capacidade económico-financeira dos concellos galegos con respecto aos seus homólogos do resto do Estado ten o seu reflexo tamén no recurso ao endebedamento. Como se recolle no cadro 42, os concellos galegos son os menos endebedados do conxunto do Estado, en termos per cápita, ao representar o 38,2% da media nacional a finais do ano 2011, sendo o incremento da débeda viva respecto do exercicio anterior de tan só o 1,35% fronte aos seus homólogos a nivel nacional, que incrementaron os seus pasivos nun 8,93%.

Gráfico 2.

Indice de ingresos fiscais dos concellos por comunidades autónomas (Total nacional = 100)



Estas magnitudes superficialmente descritas, xunto cos efectos da crise económica sobre os ingresos municipais, así como as restricións normativas que desde o Goberno central se están a impoñer ao conxunto das administracións públicas co obxecto de reducir o déficit público, está dando lugar a que nestes momentos moitos concellos galegos se atopen con serias dificultades económicas para afrontar, non xa as actuacións en investimentos, senón os gastos básicos, incluídos os gastos do seu persoal.

Esta situación segue a alimentar o debate, reclamando unha racionalización deste sector en Galicia, e o termo *fusión* é xa empregado de forma xeneralizada nas análises que se fan ao respecto, ademais de nunha experiencia en marcha. Aínda que non é só un problema do nivel municipal, a adaptación das administracións públicas á situación económica que estamos a vivir non pode centrarse só nun recorte xeral no gasto, senón que se debe reformular a estrutura administrativa desenvolvida nos últimos anos, así como as funcións asumidas polo sector público, orientando as dispoñibilidades financeiras cara a aqueles niveis e actuacións que realmente se consideren prioritarios, malia que iso supoña parar actividades ata o de agora desenvolvidas.

Cadro núm. 42

Débeda viva dos concellos por comunidades autónomas (en miles de euros)

	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011		% variación 2011/2008
	Total	Total	Total	Total	Euros/Hab.	
Andalucía	3.864.380	4.569.155	4.527.802	4.493.792	533,4	16,3
Aragón	988.345	1.068.439	1.053.052	1.050.971	780,6	6,3
Asturias	447.047	451.071	464.251	451.578	417,6	1,0
Baleares	503.448	602.906	608.967	611.021	548,9	21,4
Canarias	719.456	838.034	842.471	780.340	366,9	8,5
Cantabria	214.308	230.681	222.887	218.469	368,3	1,9
Castela e León	912.017	1.013.349	1.102.034	1.066.141	416,7	16,9
Castela-A Mancha	634.872	729.613	718.118	788.674	372,8	24,2
Cataluña	4.049.828	4.488.842	5.135.990	5.100.426	676,5	25,9
C. Valenciana	2.532.294	2.943.045	3.011.485	2.969.127	580,2	17,3
Estremadura	259.054	308.323	301.765	272.763	245,9	5,3
Galicia	**637.019**	**670.257**	**641.523**	**645.640**	**231,0**	**1,4**
Madrid	7.822.196	8.128.345	7.726.437	7.594.033	1.170,2	-2,9
Murcia	630.591	792.216	729.659	717.229	487,9	13,7
Navarra	235.765	287.309	313.160	305.960	947,4	29,8
País Vasco	494.975	589.167	640.249	646.243	1.006,5	30,6
A Rioxa	122.015	123.010	123.351	127.063	58,2	4,1
Ceuta	85.802	195.366	200.632	207.131	2.514,5	141,4
Melilla	46.338	91.285	102.181	112.880	1.438,4	143,6
Sen desagregar/Diferenzas	928.250	649.587	385.516	301.164		
Total	**26.128.000**	**28.770.000**	**28.851.530**	**28.460.645**	**603,1**	**8,9**

Fonte: *Ministerio Economía y Hacienda* e elaboración propia.

O sector público estatal en Galicia

Rematamos a análise do sector público facendo referencia ás principais actuacións do sector público estatal en Galicia, para o que recollemos neste *Informe* a información dispoñible relativa aos ingresos tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria, así como os datos dos investimentos públicos para os anos 2006 a 2009, diferenciando entre os axentes das administracións públicas.

Polo que atinxe aos ingresos líquidos da Administración Tributaria en Galicia, recollidos no cadro 43, estes tan só representan o 3,42% do total de ingresos recadados no conxunto do Estado –recordemos que o peso da poboación é do 5,9% aproximadamente–, presentando unha lixeira mellora no peso relativo respecto ao exercicio anterior. Da información recollida no cadro sobresae a recuperación dos ingresos tri-

butarios en 2010, que despois de dous anos de importantes caídas incrementan a súa recadación nun 10,9%. En Galicia esta recuperación aínda é maior, ao aumentar a recadación por ingresos tributarios nun 22,5% en relación co ano anterior.

Cadro núm. 43

Recadación por comunidades autónomas dos principais impostos estatais (en miles de euros)

a) Recadación 2010

	IRPF	Sociedades	Renta non residentes	IVA	Impostos especiais	Tráfico exterior	Outros	Total 2010	% sobre o total
Andalucía	5.289.751	1.043.941	84.389	2.762.778	617.961	80.436	204.890	10.084.146	6,47
Aragón	1.627.676	356.689	22.054	955.109	-7.314	55.283	37.405	3.046.902	1,95
Asturias	1.020.810	290.662	12.080	800.498	161.671	4.211	18.527	2.308.459	1,48
Baleares	1.243.023	270.826	41.481	489.123	11.982	1.440	155.472	2.213.347	1,42
Canarias	1.433.939	214.072	27.958	13.953	42.972	18.273	36.915	1.788.082	1,15
Cantabria	1.444.541	167.850	398.263	512.435	29.865	7.910	22.636	2.583.500	1,66
Castela e León	2.019.846	435.040	8.570	944.902	33.226	11.445	46.185	3.499.214	2,24
Castela-A Mancha	1.346.859	314.943	5.457	713.981	135.348	18.424	45.715	2.580.727	1,66
Cataluña	13.634.396	3.455.410	358.504	11.546.766	965.934	611.010	597.187	31.169.207	19,99
Estremadura	602.143	134.451	1.270	252.109	-3.877	549	13.383	1.000.028	0,64
Galicia	**2.474.395**	**894.619**	**55.338**	**1.733.370**	**35.142**	**81.794**	**56.655**	**5.331.313**	**3,42**
Madrid	24.471.385	6.891.300	1.399.326	23.796.388	16.884.490	167.603	1.368.971	74.979.463	48,09
Murcia	1.002.690	329.325	8.861	278.132	121.478	12.039	30.675	1.783.200	1,14
A Rioxa	286.548	102.669	1.368	222.864	5.223	407	3.660	622.739	0,40
C. Valenciana	4.555.911	1.228.124	76.304	3.708.220	270.196	380.005	134.030	10.352.790	6,64
CC.AA. de réxime común	**62.453.913**	**16.129.921**	**2.501.223**	**48.730.628**	**19.304.297**	**1.450.829**	**2.772.306**	**153.343.117**	**98,36**
Navarra	99.666	26.336	4.137	-28.142	36.075	3.147	4.555	145.774	0,09
País Vasco	1.359.959	-21.096	49.205	376.792	462.918	67.612	50.719	2.346.109	1,50
CC.AA. de réxime foral	**1.459.625**	**5.240**	**53.342**	**348.650**	**498.993**	**70.759**	**55.274**	**2.491.883**	**1,60**
Ceuta	19.138	10.873	2.474	-3.100	1.263	2	8.793	39.443	0,03
Melilla	14.289	7.869	1.699	545	1.646	0	5.847	31.895	0,02
Cidades con estatuto de autonomía	**33.427**	**18.742**	**4.173**	**-2.555**	**2.909**	**2**	**14.640**	**71.338**	**0,05**
Total (sen servizos centrais)	**63.946.965**	**16.153.903**	**2.558.738**	**49.076.723**	**19.806.199**	**1.521.590**	**2.842.220**	**155.906.338**	**100,00**

[Continúa]

Cadro núm. 43 (continuación)

Recadación por comunidades autónomas dos principais impostos estatais
(en miles de euros)

b) Recadacións totais 2007-2010

	2007	2008	2009	2010	% variación 2010/2009
Andalucía	15.127.006	11.677.537	9.193.439	10.084.146	9,69
Aragón	4.351.401	3.802.523	2.696.113	3.046.902	13,01
Asturias	2.804.075	2.651.069	2.018.783	2.308.459	14,35
Baleares	3.023.721	2.608.436	2.069.911	2.213.347	6,93
Canarias	2.409.515	2.024.333	1.696.835	1.788.082	5,38
Cantabria	5.033.042	2.061.140	2.193.047	2.583.500	17,80
Castela e León	4.989.854	4.030.150	3.068.686	3.499.214	14,03
Castela-A Mancha	3.636.479	2.979.974	2.151.767	2.580.727	19,94
Cataluña	42.165.475	36.519.276	28.257.057	31.169.207	10,31
Estremadura	1.246.309	1.085.688	898.788	1.000.028	11,26
Galicia	**6.550.134**	**5.721.873**	**4.353.681**	**5.331.313**	**22,46**
Madrid	82.675.505	76.249.127	67.712.999	74.979.463	10,73
Murcia	2.938.614	2.223.626	1.556.684	1.783.200	14,55
A Rioxa	945.173	705.375	625.135	622.739	-0,38
C. Valenciana	15.992.680	12.452.022	8.944.069	10.352.790	15,75
CC.AA. de réxime común	**193.888.983**	**166.792.149**	**137.436.994**	**153.343.117**	**11,57**
Navarra	77.980	77.197	-11.543	145.774	-1.362,88
País Vasco	3.737.428	3.533.090	3.095.675	2.346.109	-24,21
CC.AA. de réxime foral	**3.815.408**	**3.610.287**	**3.084.132**	**2.491.883**	**-19,20**
Ceuta	72.103	55.935	39.046	39.443	1,02
Melilla	59.503	42.421	32.900	31.895	-3,05
Cidades con estatuto de autonomía	**131.606**	**98.356**	**71.946**	**71.338**	**-0,85**
Total (sen servizos centrais)	**197.835.997**	**170.500.792**	**140.593.072**	**155.906.338**	**10,89**

Fonte: *Ministerio de Economía y Hacienda. Agencia Estatal de Administración Tributaria.*

Por último, analizamos os investimentos públicos dos últimos anos de forma desagregada por niveis de Administración pública (cadros 44 e 45), destacando a capacidade de investimento da comunidade autónoma e o esforzo inversor do Estado, que compensan os menores investimentos dos concellos e conseguen que o investimento por habitante en Galicia sexa superior á media do conxunto do Estado. Destacan os maiores investimentos, tanto en termos per cápita como de porcentaxe asinada, do Estado en Galicia, que dá lugar a un crecemento durante o período 2006-2009 superior ao da media nacional.

Cadro núm. 44

Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas* (en euros por habitante)

	2006					2007				
	CC.LL.					CC.LL.				
	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total
Andalucía	192,9	37,8	309,6	153,2	693,5	263,7	36,4	325,5	167,7	793,3
Aragón	395,1	43,2	361,5	435,5	1.235,3	482,0	48,9	424,4	417,6	1.372,9
Asturias	201,4	-	524,6	362,5	1.088,5	229,7	-	550,3	356,5	1.136,5
Illes Baleares	185,5	78,1	342,9	58,5	665,0	239,8	45,2	297,7	67,2	649,9
Canarias	178,1	185,5	325,0	103,3	791,9	158,5	168,8	413,7	93,7	834,7
Cantabria	278,1	-	612,3	562,4	1.452,8	188,4	-	577,4	442,3	1.208,1
Castela e León	408,9	112,9	533,0	319,1	1.373,9	409,4	113,2	567,0	316,4	1.406,0
Castela-A Mancha	380,7	50,6	412,5	290,6	1.134,4	382,3	34,2	422,3	313,9	1.152,7
Cataluña	339,2	11,5	225,8	72,4	648,9	328,1	12,8	227,2	93,6	661,7
Estremadura	254,1	66,9	614,9	420,8	1.356,7	211,9	51,0	715,4	425,5	1.403,8
Galicia	**185,7**	**61,3**	**435,9**	**262,5**	**945,4**	**199,2**	**51,3**	**480,7**	**306,4**	**1.037,6**
Madrid	443,9	-	209,6	154,2	807,7	289,9	-	233,7	159,8	683,4
Murcia	277,6	-	245,0	175,9	698,5	254,4	-	298,5	159,2	712,1
A Rioxa	586,5	-	659,9	313,5	1.559,9	625,2	-	710,0	374,9	1.710,1
C. Valenciana	254,3	40,5	185,7	107,2	587,7	217,0	41,2	196,3	102,0	556,5
CC.AA. de réxime común	**296,1**	**40,8**	**314,4**	**181,6**	**832,9**	**283,3**	**37,6**	**337,4**	**189,2**	**847,5**
Navarra	632,5	-	413,3	46,7	1.092,5	922,9	-	453,7	68,8	1.445,4
País Vasco	392,6	287,9	161,1	46,7	888,3	406,2	305,9	327,6	46,3	1.086,0
CC.AA. de réxime Foral	**445,4**	**224,6**	**216,6**	**46,7**	**933,3**	**520,1**	**238,4**	**355,4**	**51,3**	**1.165,2**
Ceuta	398,4	-	-	114,9	513,3	263,6	-	-	297,3	560,9
Melilla	360,4	-	-	303,6	664,0	366,2	-	-	337,7	703,9
Cidades con estatuto de autonomía	**380,6**	**-**	**-**	**203,3**	**583,9**	**312,4**	**-**	**-**	**316,5**	**628,9**
Media total	**305,5**	**51,9**	**307,4**	**220,5**	**885,3**	**297,7**	**49,7**	**337,4**	**231,0**	**915,8**

[Continúa]

Cadro núm. 44 (continuación)

Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas* (en euros por habitante)

	2008					2009				
	CC.LL.					CC.LL.				
	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total
Andalucía	295,0	36,9	368,2	174,2	873,8	272,4	42,1	355,5	157,2	827,2
Aragón	449,5	63,4	449,7	522,6	1.485,2	405,8	61,4	373,6	452,6	1.293,4
Asturias	216,7	-	433,9	298,8	949,4	213,4	-	586,0	262,0	1.061,4
Illes Baleares	240,3	45,1	302,8	88,4	676,6	256,3	99,0	254,2	95,9	705,4
Canarias	148,7	167,0	434,6	95,5	845,8	93,4	89,0	389,2	54,6	626,2
Cantabria	294,2	-	593,1	356,6	1.243,9	279,1	-	596,3	404,3	1.279,7
Castela e León	397,7	102,5	630,2	368,2	1.498,6	363,1	106,5	628,9	473,8	1.572,3
Castela-A Mancha	368,0	39,6	441,8	356,4	1.205,8	296,6	51,3	418,4	361,9	1.128,2
Cataluña	345,6	14,6	207,1	137,3	704,7	295,7	11,2	192,1	111,2	610,2
Estremadura	225,8	51,6	861,2	384,0	1.522,6	277,4	77,9	828,8	281,5	1.465,6
Galicia	**183,9**	**53,7**	**496,5**	**321,4**	**1.055,5**	**171,0**	**65,4**	**514,7**	**334,3**	**1.085,4**
Madrid	315,6	-	211,7	150,2	677,5	225,0	-	209,9	180,3	615,2
Murcia	291,9	-	352,0	142,0	785,9	208,4	-	358,3	127,5	694,2
A Rioxa	602,7	-	498,7	395,6	1.496,9	605,2	-	418,7	324,3	1.348,2
C. Valenciana	201,9	41,5	195,9	85,9	525,2	158,4	51,0	170,7	79,8	459,9
CC.AA. de réxime común	**292,9**	**38,0**	**346,9**	**218,5**	**877,9**	**250,4**	**39,3**	**335,1**	**195,2**	**820,0**
Navarra	652,0	-	458,7	41,6	1.152,3	498,7	-	527,4	48,1	1.074,2
País Vasco	427,3	322,3	459,8	39,4	1.248,8	353,0	313,9	446,2	30,1	1.143,2
CC.AA. de réxime Foral	**477,5**	**250,3**	**459,6**	**39,9**	**1.227,2**	**385,7**	**243,3**	**464,5**	**34,2**	**1.127,7**
Ceuta	395,7	-	-	248,9	644,6	397,1	-	-	353,5	750,6
Melilla	502,7	-	-	349,5	852,2	469,0	-	-	404,0	873,0
Cidades con estatuto de autonomía	**447,1**	**-**	**-**	**297,2**	**744,3**	**431,8**	**-**	**-**	**377,9**	**809,7**
Media total	**304,5**	**50,7**	**352,6**	**257,7**	**948,1**	**259,1**	**51,4**	**341,8**	**238,7**	**891,0**

[1] Non inclúe gastos de defensa.

* Cada axente comprende só administración centralizada e organismos autónomos, agás os concellos cuxas cifras territorializadas se refiren á Administración centralizada exclusivamente.

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

Cadro núm. 45

Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas*

a) 2006-2009 (millóns de euros)

	CC.LL.				
	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total
Andalucía	8.344,6	1.243,3	11.064,4	5.307,0	25.959,3
Aragón	2.272,1	285,4	2.111,4	2.400,2	7.069,2
Asturias	929,5	-	2.261,1	1.380,6	4.571,2
Illes Baleares	971,4	281,4	1.253,3	327,7	2.833,9
Canarias	1.181,7	1.247,6	3.207,8	709,3	6.346,4
Cantabria	601,6	-	1.375,3	1.018,7	2.995,5
Castela e León	4.014,7	1.105,9	6.002,3	3.761,3	14.884,2
Castela-A Mancha	2.860,8	353,3	3.405,5	2.663,7	9.283,3
Cataluña	9.540,9	365,5	6.210,1	3.034,8	19.151,2
Estremadura	1.060,7	270,8	3.306,8	1.652,8	6.291,1
Galicia	2.056,4	644,3	5.360,4	3.405,4	11.466,4
Madrid	7.846,9	-	5.349,6	3.991,9	17.188,3
Murcia	1.452,3	-	1.771,4	849,7	4.073,4
A Rioxa	758,9	-	714,6	441,8	1.915,3
C. Valenciana	4.105,2	864,3	3.706,6	1.852,7	10.528,8
CC.AA. de réxime común	**47.997,7**	**6.661,8**	**57.100,5**	**32.797,5**	**144.557,5**
Navarra	1.658,8	-	1.140,8	125,9	2.925,5
País Vasco	3.396,1	2.646,6	3.006,6	349,3	9.398,5
CC.AA. de réxime foral	**5.054,9**	**2.646,6**	**4.147,4**	**475,2**	**12.324,0**
Ceuta	112,3	-	-	78,6	190,8
Melilla	119,9	-	-	98,4	218,3
Cidades con estatuto de autonomía	**232,2**	**-**	**-**	**177,0**	**409,1**
Non rexionalizable				8.723,9	8.723,9
Estranxeiro				383,2	383,2
Total	**53.284,8**	**9.308,3**	**61.247,8**	**42.556,7**	**166.397,7**

b) 2006-2009 (% sobre o total)

	CC.LL.				
	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total
Andalucía	15,7	13,4	18,1	12,5	15,6
Aragón	4,3	3,1	3,4	5,6	4,2

[Continúa] ▶

Cadro núm. 45 (continuación)

Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas*

b) 2006-2009 (% sobre o total)

	CC.LL.				
	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total
Asturias	1,7	-	3,7	3,2	2,7
Illes Baleares	1,8	3,0	2,0	0,8	1,7
Canarias	2,2	13,4	5,2	1,7	3,8
Cantabria	1,1	-	2,2	2,4	1,8
Castela e León	7,5	11,9	9,8	8,8	8,9
Castela-A Mancha	5,4	3,8	5,6	6,3	5,6
Cataluña	7,9	3,9	10,1	7,1	11,5
Estremadura	2,0	2,9	5,4	3,9	3,8
Galicia	3,9	6,9	8,8	8,0	6,9
Madrid	14,7	-	8,7	9,4	10,3
Murcia	2,7	-	2,9	2,0	2,4
A Rioxa	1,4	-	1,2	1,0	1,2
C. Valenciana	7,7	9,3	6,1	4,4	6,3
Navarra	3,1	-	1,9	0,3	1,8
País Vasco	6,4	28,4	4,9	0,8	5,6
Ceuta	0,2	-	-	0,2	0,1
Melilla	0,2	-	-	0,2	0,1
Non rexionalizable				20,0	5,0
Extranxeiro				0,9	0,0
Total	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

c) Índice 2009 (2006=100)

	CC.LL.				
	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total
Andalucía	147,1	115,8	119,6	106,8	124,2
Aragón	108,2	149,7	108,8	109,5	110,3
Asturias	106,8	-	112,6	72,8	98,3
Illes Baleares	151,2	138,7	81,1	179,5	116,1
Canarias	55,3	51,0	126,3	55,7	83,5
Cantabria	104,1	-	101,0	74,6	91,4
Castela e León	90,2	95,9	119,9	150,9	116,3
Castela-A Mancha	83,9	109,1	109,3	134,2	107,1
Cataluña	91,3	101,8	89,2	160,9	98,5
Estremadura	110,8	118,1	136,8	67,9	109,6

[Continúa] ▶

Cadro núm. 45 (continuación)

Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas*

c) Índice 2009 (2006=100)

	CC.LL.				
	Concellos	Deputacións	CC.AA.	Estado[1]	Total
Galicia	93,1	107,8	119,3	128,7	116,0
Madrid	53,9	-	106,5	124,3	81,0
Murcia	79,2	-	154,4	76,5	104,9
A Rioxa	108,4	-	66,6	108,6	90,8
C. Valenciana	66,0	133,4	97,4	78,9	82,9
CC.AA. de réxime común	**88,5**	**100,8**	**111,6**	**112,5**	**103,1**
Navarra	82,6	-	1.337,0	107,9	103,0
País Vasco	91,5	111,0	282,0	65,6	131,0
CC.AA. de réxime foral	**88,7**	**111,0**	**219,7**	**74,9**	**123,8**
Ceuta	103,4	-	-	318,9	151,6
Melilla	142,9	-	-	146,2	144,4
Cidades con estatuto de autonomía	**120,9**			**198,1**	**147,8**
Non rexionalizable				119,0	119,0
Extranxeiro				76,0	76,0
Total	**88,7**	**103,5**	**116,2**	**113,2**	**105,2**

[1] Non inclúe gastos de defensa.

* Cada axente comprende só administración centralizada e organismos autónomos, agás os concellos cuxas cifras territorializadas refírense a administración. centralizada exclusivamente.

Fonte: Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e elaboración propia.

Últimos títulos publicados

Últimos títulos publicados

Colección Monografías

Toharia, Luis *(coord.): El mercado de trabajo europeo en el proceso de convergencia económica y social: Un análisis basado en el Panel de Hogares de la Unión Europea (PHOGUE)*, 2007.

Varios Autores: *Consumo de los hogares y distribución de la renta en España (1973-2003). Una perspectiva regional*, 2007.

Varios Autores: *La financiación regional en España y en cuatro países federales,* 2008.

Loureiro, María L. (coord.): *Valoración medioambiental, cultural y paisajística de los espacios rurales gallegos. Una perspectiva económica,* 2009.

Carmona Badía, Xoán *(coord.): Empresarios de Galicia,* 2009.

de la Fuente, Ángel: *A Mixed Splicing Procedure for Economic Time Series*, (Serie Documentos de Economía, 30), 2009.

de la Fuente, Ángel: *Contrastando, no modelizando, el impacto de los Fondos de Cohesión: Un marco teórico y algunos resultados preliminares para las regiones españolas,* (Serie Documentos de Economía, 31), 2009.

Freixanes, Víctor e Alberto Meixide *(coord.): O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia,* 2010.

Varios Autores: *Desarrollo sostenible en la costa gallega.* Edición electrónica, 2012.

Colección Publicaciones Periódicas

Observatorio Inmobiliario. Número 15, 2012.

Informe de Conxuntura da Economía Galega, Primeiro trimestre, 2012 (Serie Conxuntura Económica).

La internacionalización de la empresa gallega 2011, 2012.

A Economía Galega. Informe 2011 (Serie Informes Anuais), 2012.


novagalicia
banco
fundación
novacaixagalicia